# MISAL ROMANO



ESCUDO DE GALICIA

*Reproducción no mapa de Oxea (s. XVII).*

Sete cruces. Representan as sete provincias do antigo Reino de Galicia rodeando á hostia e ó cáliz, símbolos eucarísticos por excelencia.

# MISAL ROMANO

INSTAURADO POR MANDATO DO CONCILIO VATICANO II
E PROMULGADO COA AUTORIDADE DA SÚA SANTIDADE
O PAPA PAULO VI

EDICIÓN TÍPICA APROBADA
POLOS BISPOS DAS DIÓCESES DE LINGUA GALEGA
E CONFIRMADA POLA CONGREGACIÓN
DO CULTO DIVINO

PROVINCIA ECLESIÁSTICA
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
1997

© Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela,
Bispos de Galicia, 1997.

*Queda reservado o dereito de reproducción total ou parcial do texto á Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela.*

# PROVINCIA ECLESIÁSTICA DE SANTIAGO

## PRESENTACIÓN DO MISAL GALEGO

Cheos de gozo, ofrecemos hoxe, para tódolos cristáns fieis das dióceses da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela e da parte da Diócese de Astorga que pertence á Comunidade Autónoma de Galicia, o novo texto do *Misal Romano* en lingua galega, aprobado polos Bispos das Dióceses galegas e mailo Bispo de Astorga na súa xuntanza celebrada o 13 de setembro de 1984, e confirmado por Decreto da Congregación para o Culto Divino do 6 de agosto de 1985.

Culmina así un longo proceso pastoral no que interviñeron, amais dos Bispos, numerosos cregos, relixiosos e leigos que non escatimaron sacrificios e entrega eclesial. Non lle faltou tampouco o apoio desinteresado de institucións civís e culturais, tanto públicas coma privadas.

Ó abri-lo Concilio Vaticano II a posibilidade do emprego das linguas vernáculas na celebración da Santa Misa (1), elaborábase unha primeira versión galega do *Misal Romano*, que aparecía en 1968 e que aprobou *ad experimentum* o Consello para a execución da Constitución sobre a Sagrada Liturxia. Máis tarde viría a aprobación, tamén *ad experimentum,* dos *Leccionarios* dominicais. Recollían os Bispos, ó cabo, «a confección dos materiais necesarios para a introducción do galego na celebración litúrxica e devocional» como un dos primeiros obxetivos da súa actuación pastoral. Esta proposta ía contida entre as conclusións do Concilio Pastoral de Galicia na súa terceira Reunión Xeral de 1976 (2), conclusións referendadas polos propios Bispos o día 24 de agosto do mesmo ano como «modelos que deberán rexe-la pastoral litúrxica e sacramental nas distintas dióceses que constitúen a Provincia Eclesiástica Compostelana».

Froito do labor da Comisión Interdiocesana para a liturxia en lingua galega apareceron os *Rituais* para a celebración do Sacramento do Bautismo dos nenos e do Sacramento do Matrimonio, e agora un novo *Misal* en lingua galega, enriquecido e actualizado tanto no seu aspecto litúrxico coma no literario e tipográfico.

Introdúcense nesta nova versión importantes elementos que amplían as posibilidades pastorais na celebración da Eucaristía e o seu mellor axeitamento ás circunstancias e necesidades diversas da asamblea litúrxica. Asemade, asúmese o novo Santoral das Dióceses de Galicia ó tempo que se completa o corpo do *Misal* cun apéndice no que se incorporan as novas

1. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* n. 54.
2. Conclusión 11, 6.

Anáforas aprobadas pola Santa Sé para España: as anáforas da Reconciliación, as das misas con nenos e mais as do Sínodo das Dióceses suízas. Tamén se inclúen diversas fórmulas introductorias para os diferentes ritos e partes da Misa, novos prefacios e intercesións das anáforas segundo os tempos litúrxicos, amais de novos formularios para a beixón da auga nas misas dominicais.

Pouco valería todo o esforzo derramado de non comprometérmonos, sobre todo cregos e pastores de almas, a promover co novo *Misal* unha participación mellor, máis viva, de tódolos fieis na celebración do Misterio Eucarístico; unha participación mediante a que «se perfeccionen de cotío por Cristo Mediador na unión con Deus e entre si, para que, ó cabo, Deus sexa todo en todos» (3). Ese ha se-lo noso obxetivo último: que a participación consciente, activa e piadosa na acción sagrada, coma pregaba o Concilio, non se reduza á simple actividade externa senón que cada vez se faga máis espiritual e interna, como así o pedía o último Sínodo Extraordinario dos Bispos. A garantía mellor e imprescindible para conseguilo é a observación efectiva da comunión coa Igrexa e o seu Maxisterio a través do respeto filial das súas normas litúrxicas.

Ó pormo-lo novo *Misal Romano* en lingua galega nas mans dos nosos cregos e fieis e mais nas de toda a comunidade eclesial, confiamos á intercesión de Santa María, Nai da Igrexa, e do noso Patrono Santiago Apóstolo os nosos degaros e propósitos de que sexa usado de forma «que o pobo galego enteiro no só participe, senón que sinta tamén como propia a celebración do Misterio da Liturxia, e que deste xeito se vaia edificando a Igrexa» (4).

Santiago de Compostela, 19 de abril de 1987.

✠ ANTONIO MARÍA
Arcebispo de Santiago

✠ ANXO, Bispo de Ourense
✠ XOSÉ, Bispo de Tui-Vigo
✠ XOSÉ, Bispo de Lugo
UXIO GARCÍA AMOR,
Administrador da Diócese
de Mondoñedo-Ferrol

3. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 48.
4. Carta da Sagrada Congregación para os Sacramentos e Culto Divino ó Concilio Pastoral de Galicia, do 9 de maio do 1976.

# PROVINCIA ECLESIÁSTICA DE SANTIAGO

## DECRETO

A presente versión á lingua galega do *Missale Romanum,* aprobada polos Bispos do territorio galego, foi revisada e confirmada pola Congregación para o Culto Divino, por Decreto do 6 de agosto de 1985 (Prot. n. 545/85)

Daquela, a dita versión deberase considerar como típica para o uso litúrxico nas Dióceses da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela e mais na parte da Diócese de Astorga que pertence á Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 1987, Solemnidade da Resurrección do Señor.

✠ ANTONIO MARÍA ROUCO VARELA
Arcebispo de Santiago de Compostela

CONGREGATIO
PRO CULTU DIVINO

Prot. n. 545/85

## HISPANIAE
## DIOECESIUM LINGUAE CALLAECAE

Instante Excellentissimo Domino Antonio María Rouco Varela, Archiepiscopo Compostellano, nomine Episcoporum dioecesium linguae callaecae, litteris die 10 iunii 1985 datis, vigore facultatum huic Congregationi a Summo Pontifice IOANNE PAULO II tributarum, interpretationem callaecam Missalis Romani, necnom Proprium Missarum ad usum earundem dioecesium, lingua callaeca, latina et hispanica exaratum, prout in adiectis prostant exemplaribus, probamus seu confirmamus.

In textu imprimendo mentio fiat de confirmatione ab Apostolica Sede concessa. Eiusdem insuper textus impressi duo exemplaria ad hanc Congregationem transmittantur.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex aedibus Congregationis pro Cultu Divino, die 6 augusti 1985.

✠ VERGILIUS NOÈ
Archiepiscopus tit. Voncariensis
a Secretis

PETRUS MARINI
Subsecretarius

CONGREGATIO
PRO CULTU DIVINO

Prot. n. 452/86

## HISPANIAE
## DIOECESIUM LINGUAE CALLAECAE

Instante Excellentissimo Domino Antonio María Rouco Varela, Archiepiscopo Compostellano, nomine Episcoporum dioecesium linguae callaecae, litteris die 31 martii 1986 datis, vigore facultatum huic Congregationi a Summo Pontifice IOANNE PAULO II tributarum, interpretationem callaecam Precis Eucharisticae, quae pro dioecesibus Helvetiae iam a Sede Apostolica concessa est die 8 augusti 1974 (Prot. n. 1972/74), occasione Synodi eiusdem Nationis, prout in adnexo exstat exemplari, perlibenter probamus seu confirmamus.

In textu imprimendo mentio fiat de confirmatione ab Apostolica Sede concessa. Eiusdem insuper textus impressi duo exemplaria ad hanc Congregationem transmittantur.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex aedibus Congregationis pro Cultu Divino, die 7 aprilis 1986.

PAULUS AUGUSTINUS Card. MAYER, O.S.B.
Praefectus

✠ VERGILIUS NOÈ
Archiepiscopus tit. Voncariensis
a Secretis

CONGREGATIO
PRO CULTU DIVINO

Prot. n. 371/87

## HISPANIAE
## DIOECESIUM LINGUAE CALLAECAE

Instante Excellentissimo Domino Antonio María Rouco Varela, Archiepiscopo Compostellano, nomine Episcoporum dioecesium linguae callaecae, litteris die 9 martii 1987 datis, vigore facultatum huic Congregationi a Summo Pontifice IOANNE PAULO II tributarum, libenter concedimus ut in Appendicem Missalis Romani lingua callaeca exarati et ab hoc Dicasterio die 6 augusti 1985, Prot. n. 545/85, confirmati, inseri valeant textus, qui sequuntur: Formulae pro salutatione et actu poenitentiali; novae praefationes; intercessiones Precum eucharisticarum secundum tempora et adiuncta; orationes collectae pro Communi beatae Mariae Virginis et nova formularia pro aquae benedictione, deprompti e Missali Romano lingua italica exarati atque anno 1983 editi, prout in adiecto prostant exemplari.

In textu imprimendo mentio fiat de confirmatione ab Apostolica Sede concessa. Eiusdem insuper textus impressi duo exemplaria ad hanc Congregationem transmittantur.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex aedibus Congregationis pro Cultu Divino, die 25 martii 1987.

PAULUS AUGUSTINUS Card. MAYER, O.S.B.
Praefectus

✠ VERGILIUS NOÈ
Archiepiscopus tit. Voncariensis
a Secretis

SACRA CONGREGATIO
PRO CULTU DIVINO

Prot. n. 166/70

## DECRETUM

Celebrationis eucharisticae Ordine statuto, atque approbatis textibus ad Missale Romanum pertinentibus per Constitutionem Apostolicam *Missale Romanum* a Summo Pontifice PAULO VI die 3 aprilis 1969 datam, haec Sacra Congregatio pro Cultu Divino, de mandato eiusdem Summi Pontificis, novam hanc editionem Missalis Romani ad normam decretorum Concilii Vaticani II confectam promulgat et uti typicam declarat.

Ad usum autem novi Missalis Romani quod attinet, permittitur ut editio latina, statim ac in lucem edita fuerit, in usum assumi possit, opportunis adhibitis accommodationibus quae dies celebrationum Sanctorum respiciunt, donec Calendarium instauratum definitive in praxim adducatur; curae autem Conferentiarum Episcopalium committitur editiones lingua vernacula apparare, atque diem statuere, quo eaedem editiones, ab Apostolica Sede rite confirmatae, vigere incipiant.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex aedibus Sacrae Congregationis pro Cultu Divino, die 26 martii anni 1970, Feria V in Cena Domini.

BENNO Card. GUT
Praefectus

A. BUGNINI
a Secretis

Prot. n. 1970/74

## DE EDITIONE TYPICA ALTERA

Cum Missale Romanum denuo imprimendum sit, variationes et additamenta inducta sunt, ut haec nova editio respondeat documentis post eiusdem primam editionem anno 1970 publici iuris factis.

In Institutione generali, cuius numeri marginales non mutantur, descriptio habetur munerum acolythi et lectoris, loco numerorum quae de subdiacono agebant inserta (nn. 142-152).

Alia immutatio alicuius momenti habetur in parte Missalis quae continet Missas rituales et pro variis necessitatibus. Quaedam formularia completa sunt, antiphonas ad introitum et ad communionem indicando. Insuper additi sunt textus Missae ritualis in dedicatione ecclesiae et altaris, necnon Missae pro reconciliatione atque, inter Missas votivas, textus Missarum, quae de B. Maria V. Ecclesiae Matre et de Ss.mo Nomine Mariae desiderabantur.

Quaedam aliae variationes minoris momenti in titulos et in rubricas inductae sunt, quo melius respondeant verbis seu dictionibus, quae in novis libris liturgicis occurrunt.

Hanc editionem alteram Missalis Romani Summus Pontifex PAULUS VI auctoritate sua approbavit, et Sacra Congregatio pro Cultu Divino nunc emittit et typicam esse declarat.

Curae erit Conferentiarum Episcopalium variationes in hac editione altera Missalis Romani contentas in editiones linguis vernaculis apparandis inducere.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex aedibus Sacrae Congregationis pro Cultu Divino, die 27 martii Anni Sancti 1975, feria V in Cena Domini.

IACOBUS ROBERTUS Card. KNOX
Praefectus

✠ A. BUGNINI
Archiepiscopus tit. Diocletianensis
a Secretis

# PRINCÍPIOS
# E
# NORMAS
# PARA USO DO MISAL

# CONSTITUCIÓN APOSTÓLICA «MISSALE ROMANUM»

## COA QUE SE PROMULGA O MISAL ROMANO INSTAURADO POR MANDADO DO CONCILIO ECUMÉNICO VATICANO II

### PAULO BISPO

SERVIDOR DOS SERVIDORES DE DEUS,
PARA PERPETUA LEMBRANZA DESTE FEITO

O Misal Romano, promulgado polo noso Predecesor S. Pío V no ano 1570 de acordo cos decretos do Concilio de Trento (1), é considerado por todos como un dos moitos e admirables froitos prácticos que daquel sacrosanto Concilio agromaron para ben de toda a Igrexa de Cristo. En efecto, durante catro séculos os sacerdotes de rito latino empregárono como norma para a celebración do Sacrificio Eucarístico, e os mensaxeiros do santo Evanxelio levárono casemente por todo o mundo. Ademais diso, cómpre ter en conta que moitísimos santos mantiveron abondosamente a súa piedade e o seu amor a Deus coas lecturas e coas pregarias contidas no Misal, a maior parte das cales xa foran estructuradas no esencial por S. Gregorio Magno.

Mais, desde que deu en coller forza e en medrar entre o pobo cristián o afán pola liturxia, que —segundo o dito do noso Predecesor Pío XII, de venerable lembranza— debe ser considerado como un sinal da indefectible providencia de Deus cara ós homes destes tempos e como un paso salvador do Espírito Santo a través da súa Igrexa (2), daquela todo o mundo se decatou de que cumpría recompoñer, ou completar segundo os casos, as fórmulas do Misal Romano. De feito, xa o devandito Predecesor noso abriu o camiño desta reforma coa restauración da Vixilia pascual e co ordenamento da Semana Santa (3), que foron como o primeiro chanzo para a adaptación do Misal Romano á sensibilidade actual.

1. Const. Apost. *Quo primum*, do 14 de xullo do 1570.
2. Cf. Pío XII, *Allocutio iis, qui primo Conventui ex omni natione de Liturgia pastorali, Assisii habito, interfuerunt,* do 22 de setembro do 1956: A.A.S. 48 (1956) p. 712.
3. Cf. S. Congr. de Ritos, Decreto *Dominicae Resurrectionis,* do 9 de febr. do 1951: A.A.S. 43 (1951) pp. 128 ss.; Decreto xeral *Maxima redemptionis nostrae mysteria*, do 16 de nov. do 1955: A.A.S. 47 (1955) pp. 838 ss.

O recente Concilio Ecuménico Vaticano II colocou os alicerces dunha revisión xeral do Misal Romano coa constitución *Sacrosanctum Concilium:* de xeito que *os textos e mailos ritos expresasen máis claramente as cousas santas que significan* (4); despois mandou *revisa-lo Ordinario da Misa de maneira que se expresase con máis claridade o senso propio de cada unha das partes e a súa mutua conexión e así chegase a ser máis doada a participación piadosa e activa dos fieis* (5); logo determinou que *se abrisen con maior amplitude os tesouros bíblicos para preparar con máis fartura para os fieis a mesa da Palabra de Deus* (6), e rematou ordenando que *se elaborase un novo rito de concelebración e se incluíse no Pontifical e mais no Misal Romano* (7).

Emporiso non se pode pensar que a revisión do Misal Romano sexa unha cousa improvisada, xa que sen dúbida foron os adiantos nas ciencias litúrxicas durante os catro últimos séculos os que lle abriron un firme camiño. Despois, logo da celebración do Concilio de Trento, serviu de moito para a revisión do Misal Romano o estudio dos *antigos códices da Biblioteca Vaticana e doutros de variada procedencia*, segundo consta pola Constitución Apostólica *Quo primum* promulgada polo noso Predecesor S. Pío V. E dende aquela foron descubertas e publicadas formas litúrxicas moi antigas; ademais investigáronse con máis fondura as fórmulas litúrxicas da Igrexa Oriental; desta maneira moitos chegaron a desexar que semellantes riquezas de doctrina e de piedade non permanecesen agachadas na escuridade dunha biblioteca, senón, pola contra, que pasasen a alumar e soste-la espiritualidade dos cristiáns.

Presentamos agora, como nun adianto, polo menos nas súas liñas xerais, o novo ordenamento do Misal Romano. Primeiramente aparece a *Institutio generalis* a xeito de prohemio de todo o libro; nela propóñense as novas normas para a celebración do Sacrificio Eucarístico, ben no referente ó desenrolo dos ritos e á función que desempeña cada un dos participantes, ben no referente ós obxectos e lugares necesarios para o culto divino.

Coidamos que a novidade máis importante desta revisión é a chamada Pregaria eucarística, pois aínda que no rito romano a primeira parte de tal Pregaria, isto é o prefacio, chegou a ter ó longo dos sécu-

4. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* n. 21: A.A.S. 56 (1964) p. 106.
5. Cf. *Ibid.*, n. 50, p. 114.
6. Cf. *Ibid.*, n. 51, p. 114.
7. Cf. *Ibid.*, n. 57, p. 115.

los un formulario variado, non obstante a segunda parte, chamada *Canon Actionis*, conservouse inalteirada desde os séculos IV-V; mentres que, pola contra, as liturxias orientais admitiron certa variedade mesmo nas Anáforas. Así pois, a maiores de que a Pregaria eucarística fose arrequecida cun bo número de prefacios, recollidos da tradición antiga da Igrexa romana, ou compostos de novo —prefacios cos que se poñen máis ó claro os diferentes aspectos do misterio da fe, e nos que se ofrecen motivos máis abondosos de acción de gracias—, mandamos amecer tres novos Cánones á devandita Pregaria. Con todo, levados por razóns pastorais e co obxecto de facer máis doada a concelebración, ordenamos que as palabras do Señor fosen as mesmas en cada un dos Cánones. E así queremos que en cada Pregaria eucarística se digan as palabras seguintes:

Sobre o pan: *Tomade e comede todos del, pois isto é o meu Corpo que se vai entregar por vós.*

E sobre o cáliz: *Tomade e bebede todos del, pois este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e eterna, que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o perdón dos pecados. Facede isto en memoria de min.*

As palabras *Velaquí o misterio da nosa fe* están fóra do contexto das palabras do Señor; son ditas polo sacerdote, e serven para introduci-la resposta dos fieis.

No referente ó Ordinario da Misa, *simplificáronse os ritos, sen perder para nada a sustancia dos mesmos* (8). Omitíronse, xa que logo, aquelas cousas *que co paso do tempo se duplicaron ou se aumentaron sen moita utilidade* (9), maiormente sobre o rito de ofrenda do pan e do viño, e mais sobre o rito da fracción do pan e da Comunión.

A isto veuse engadir que *se restableceron, segundo a primitiva norma dos Santos Pais, algunhas cousas que desapareceran co tempo* (10), entre elas a homilía (11), a oración universal ou dos fieis (12), o rito penitencial ou de reconciliación con Deus e mais cos irmáns a facer no comezo da Misa, ó que se lle devolveu a súa obrigada importancia.

8. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 50: A.A.S. 56 (1964) p. 114.
9. Cf. *Ibid.*, n. 50, p. 114.
10. Cf. *Ibid.*, n. 50, p. 114.
11. Cf. *Ibid.*, n. 52, p. 114.
12. Cf. *Ibid.*, n. 53, p. 114.

A maiores disto, e segundo aquela norma do Concilio Vaticano II que mandaba *que nun determinado período de anos se lle lea ó pobo a parte máis relevante das Sagradas Escrituras* (13), distribuíuse nun ciclo de tres anos a totalidade dos textos a ler os domingos. Nos domingos e días de festa á lectura da Epístola e do Evanxelio precédelle outra, collida do Antigo Testamento, ou, no tempo pascual, dos Feitos dos Apóstolos. Con este engadido queda de manifesto a cerna do proceso continuo da historia da salvación, contida na palabra revelada de Deus. Semellante riqueza das lecturas bíblicas, pola que nos días festivos os fieis reciben a parte máis relevante das Sagradas Escrituras, vese completada con outros textos dos restantes libros sagrados que se len nos días laborables.

Todo isto, dispúxose de tal xeito que fixese solecer cada vez máis nos seguidores de Cristo a fame da palabra de Deus (14) e, contando con ela e coa axuda do Espírito Santo, o pobo da nova alianza chegase axiña á completa unidade da Igrexa. Con todo isto confiamos de corazón en que os sacerdotes e asemade os fieis se dispoñan a celebra-la Cea do Señor con maior santidade e se alimenten abondosamente e a cotío da palabra do Señor coa meditación fonda das Sagradas Escrituras. A consecuencia disto ha ser que, segundo os consellos do Concilio Vaticano II, a palabra de Deus será considerada por todos como unha fonte perenne de vida espiritual, como o principal argumento da doctrina cristiana a ensinar e, por último, como a cerna de calquera preparación teolóxica.

Emporiso, neste novo ordenamento do Misal Romano non só cambian as tres partes devanditas, isto é, a Pregaria eucarística, o Ordinario da Misa e o ciclo de lecturas; tamén foron revisadas e transformadas dabondo outras partes como o Propio do tempo, o Propio e Común dos santos, as Misas rituais e as Misas votivas. Cómpre suliña-la atención especial concedida ás oracións; non só se compuxeron moitas novas para responder ás novas necesidades destes tempos; tamén as máis antigas se modificaron de acordo cos textos máis primitivos. E así temos que hai unha oración diferente para cada un dos días laborables dos principais tempos litúrxicos; isto é: Advento, Nadal, Coresma e Pascua.

En fin, aínda que non se cambiou o texto do Gradual Romano, polo menos no referente ó canto, emporiso, por mor dunha compren-

13. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* n. 51: A.A.S. 56 (1964) p. 114.
14. Cf. Amós 8, 11.

sión máis doada, restableceuse o uso do salmo responsorial, do que adoito falan S. Agostiño e S. León Magno, e adaptáronse as antífonas de entrada e da Comunión, que se dirán nas Misas rezadas segundo conveña.

Xa para rematar, queremos que canto ata agora deixamos dito acerca do novo Misal Romano teña forza de lei. Cando o noso Antecesor S. Pío V promulgou a edición oficial do Misal Romano ofreceuno ó pobo cristián como un instrumento de unidade litúrxica e, ó tempo, como unha lembranza na Igrexa do culto verdadeiro. Dun xeito semellante Nós, por máis que, de acordo co Concilio Vaticano II, introducimos no novo Misal *lexítimas variacións e adaptacións* (15), confiamos igualmente en que os seguidores de Xesús o reciban como unha axuda para testemuñar e confirma-la mutua unidade de todos; de maneira que con tanta variedade de falas unha soa e mesma oración, máis arrecendente que o incenso, suba ata o Pai dos ceos pola mediación do noso Sumo Sacerdote, Xesucristo, na unidade do Espírito Santo.

Todo canto ordenamos nesta nosa Constitución empezará a rexir desde o día 30 do vindeiro mes de novembro do presente ano, que é o domingo primeiro do Advento.

Queremos que canto vimos de establecer e ordenar se manteña firme e eficazmente agora e no futuro, sen que obsten, no que sexa de razón, as Constitucións e Ordenacións Apostólicas publicadas polos nosos Antecesores e outras prescripcións, mesmo as merecentes de especial mención e derogación.

Dado en Roma, en S. Pedro, o día de Xoves Santo, 3 de abril do ano 1969, sexto do noso pontificado.

PAULO PAPA VI

15. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 38-40: A.A.S. 56 (1964) p. 110.

# ORDENAMENTO XERAL DO MISAL ROMANO

## PROHEMIO

**1.** O noso Señor, cando ía celebrar cos seus discípulos a cea da Pascua na que instituíu o sacrificio do seu Corpo e do seu Sangue, mandou preparar unha sala grande e ben disposta (Lc 22, 12). A Igrexa sempre considerou como cousa súa este mandado, cando se tratou de regula-lo referente á celebración da Eucaristía no tocante á disposición das persoas, ós lugares, ós ritos e ós textos. Tamén as normas que hoxe establecemos apoiándonos na vontade do Concilio Ecuménico Vaticano II, e o novo Misal que de agora en diante empregará a Igrexa de rito romano para celebra-la Misa, son unha vez máis a proba desta solicitude da Igrexa, da súa fe e do seu amor inmutable ó sublime misterio eucarístico, ó tempo que testemuñan a súa tradición continua e homoxénea, a pesar de que se introducisen algunhas novidades.

### Testemuño dunha fe sen cambios

**2.** O carácter sacrificial da Misa foi proclamado solemnemente polo Concilio Tridentino [1], de acordo con toda a tradición da Igrexa, e de novo foi confirmado polo Concilio Vaticano II, que sobre a Misa di estas verbas significativas: «O noso Salvador instituíu na derradeira Cea o sacrificio eucarístico do seu Corpo e do seu Sangue, para, deste xeito, perpetuar polos séculos, ata o momento da súa volta, o sacrificio da cruz, e confiar así á súa esposa queridiña, a Igrexa, a memoria da súa morte e resurrección» [2].

As fórmulas da Misa expresan con sobriedade o mesmo que ensina o Concilio. Certamente, a doctrina que sobrancea neste dito do Sacramentario Leoniano: «Sempre que celebrámo-la memoria deste sacrificio faise realidade a obra da nosa redención» [3], está expresada con oportunidade e exactitude nas Pregarias eucarísticas; en efecto, nestas o sacerdote, ó face-la lembranza, dirixíndose a Deus no nome tamén de todo o pobo, dálle gracias e ofrécelle o sacrificio vivo e santo, isto é, a oblación da Igrexa e a Víctima coa inmolación da cal Deus quixo ser aplacado [4]; e reza para que o Corpo e o Sangue de Cristo sexan sacrificio aceptable ós ollos do Pai e salvación para todo o mundo [5].

Así, no novo Misal a norma de oración da Igrexa responde á norma perenne da fe, que nos ensina que, agás o diverso xeito de ofrecemento, hai unha unidade total entre o sacrificio da cruz e a súa renovación sacramental na Misa,

1. Conc. Trid., Sesión XXII, do 17 de set. do 1562: DS 1738-1759.
2. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 47; cf. Const. dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, nn. 3, 28; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, nn. 2, 4, 5.
3. Cf. *Sacram. Veronense*, ed. Mohlberg, n. 93.
4. Cf. Pregaria eucarística III.
5. Cf. Pregaria eucarística IV.

que o noso Señor instituíu na derradeira Cea co mandado ós Apóstolos de a celebrar en lembranza súa; e que, en consecuencia, a Misa é asemade un sacrificio de louvanza, de acción de gracias, de propiciación e de expiación.

**3.** O misterio admirable da presencia real do Señor baixo as especies eucarísticas, confirmado polo Concilio Vaticano II [6] e por outros documentos do maxisterio da Igrexa [7] no mesmo senso e coa mesma autoridade con que o Concilio de Trento determinara fose crido [8], queda suliñado na celebración da Misa, non só coas palabras mesmas da consagración que pola transustanciación fan presente a Cristo, senón tamén polo senso, concretado en feitos, de suma reverencia e adoración que se ofrece na liturxia eucarística. Polo mesmo aléntase o pobo cristián para que, dun xeito especial, adore este admirable Sacramento no Xoves Santo e na solemnidade do Corpus.

**4.** A natureza do ministerio sacerdotal, propio do presbítero, que en representación de Cristo ofrece o sacrificio e preside a asamblea do pobo santo, queda de manifesto na forma mesma do rito, polo lugar especial que ocupa o sacerdote e polo papel que desempeña. Con todo, as razóns máis fondas do oficio sacerdotal exprésanse con máis detalle e extensión no prefacio da Misa crismal do Xoves Santo, día no que se conmemora a institución do sacerdocio. No tal prefacio ponse en claro a entrega da potestade sacerdotal, realizada pola imposición das mans; e descríbese esa mesma potestade en cada unha das súas funcións concretas como unha continuación da potestade de Cristo, Sumo Pontífice do Novo Testamento.

**5.** Pero a luz ofrecida pola natureza do sacerdocio ministerial axúdanos a colocar nun lugar moi destacado o sacerdocio real dos fieis; o sacrificio espiritual destes chega á súa consumación ó se unir co sacrificio de Cristo, único Mediador, polo ministerio dos presbíteros [9]. Por tanto, a celebración da Eucaristía é unha acción da Igrexa universal, e nela cada quen fai todo e só aquelo que lle pertence segundo o posto que desempeña no pobo de Deus. De onde se deduce que cómpre atender especialmente algúns aspectos da celebración ós que por veces se lles prestou menos atención ó longo dos séculos. O pobo é o pobo de Deus adquirido co sangue de Cristo, congregado polo Señor, mantido co súa palabra; un pobo chamado a presentarlle a Deus as oracións de toda a familia humana; un pobo que ofrecendo o sacrificio de Cristo dá gracias nel polo misterio da salvación; un pobo, finalmente, que se fortalece na unidade coa Comunión do Corpo

6. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 7, 47; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, nn. 5, 18.
7. Cf. Pío XII, Carta Encíclica *Humani generis:* A.A.S. 42 (1950) pp. 570-571; Paulo VI, Carta Encíclica *Mysterium Fidei:* A.A.S. 57 (1965) pp. 762-769; Solemne profesión de fe, do 30 de xuño do 1968, nn. 24-26: A.A.S. 60 (1968) pp. 442-443; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, nn. 3 f, 9: A.A.S. 59 (1967) pp. 543, 547.
8. Cf. Conc. Trid., Sesión XIII, do 11 de out. do 1551: DS 1635-1661.
9. Cf. Conc. Vat. II, Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 2.

e do Sangue de Cristo. Este pobo, aínda que é santo por mor da súa procedencia, emporiso medra arreo en santidade gracias á participación consciente, activa e fructuosa no misterio eucarístico (10).

## Unha tradición ininterrumpida

**6.** O Concilio Vaticano II, ó establece-las normas polas que se rexiría a revisión do *Ordo Misae*, tamén mandou, entre outras cousas, que algúns ritos se restablecesen «segundo a primitiva norma dos Santos Pais» (11), botando man das mesmas verbas que empregara S. Pío V na Carta Apostólica *Quo primum*, coa que promulgou no ano 1570 o Misal de Trento. Este simple feito de concordancia verbal pódenos axudar a ve-las razóns polas que ámbolos dous Misais, aínda que medien catro séculos, seguen unha mesma e idéntica tradición. E se nos paramos a examina-la cerna desta tradición, comprenderemos tamén con que feliz acerto o novo Misal perfecciona o anterior.

**7.** Nuns tempos difíciles nos que se puxera en entredito a fe católica sobre o carácter sacrificial da Misa, sobre o ministerio sacerdotal, sobre a presencia real e perpetua de Cristo baixo as especies eucarísticas, S. Pío V intentou por riba de todo conserva-la tradición máis recente, obxecto de inxustos ataques, sen introducir máis que modificacións pequenas no rito sagrado. O certo é que aquel Misal do ano 1570 pouco se diferencia do primeiro Misal, impreso no ano 1474, que, pola súa banda, reproduce fielmente o Misal do tempo de Inocencio III. Os códices da Biblioteca Vaticana permitiron corrixir algunhas expresións, pero naquela investigación de «antigos e probados autores» só se examinaron os comentarios litúrxicos da Idade Media.

**8.** Hoxe, polo contrario, aquela «norma dos Santos Pais» que procuraban os correctores do Misal de S. Pío V, está arrequecida por moitísimos escritos de eruditos. Despois de que o Sacramentario Gregoriano fora editado por primeira vez no ano 1571, viron a luz repetidas veces e con senso crítico os Sacramentarios Romano e Ambrosiano, e tamén apareceron os antigos libros litúrxicos de España e das Galias que ofreceron moitas e fermosas pregarias, ata agora descoñecidas.

Tamén agora, co descubrimento de tantos documentos litúrxicos, coñécense mellor as tradicións dos primeiros séculos, anteriores ó aparecemento dos ritos de Oriente e de Occidente.

A maiores disto, o constante estudio dos Santos Pais alumou a teoloxía do misterio eucarístico coa luz da doctrina dos Pais máis sobranceiros da antigüidade cristiá, como S. Ireneo, S. Ambrosio, S. Cirilo de Xerusalén e S. Xoán Crisóstomo.

10. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 11.
11. Cf. *Ibid.*, n. 50.

**9.** Polo tanto, a «norma dos Santos Pais» non pide só conserva-lo que nos deixaron os nosos maiores máis inmediatos, senón tamén abranguer e profundizar todo o pasado da Igrexa e tódalas formas coas que se proclamou a única fe en medios humanos e culturais tan diferentes entre si, como, por exemplo, os pobos semitas, gregos ou latinos. Esta ollada máis ampla permítenos comprender como o Espíritu Santo lle concede ó pobo de Deus unha fidelidade admirable na conservación do contido inmutable da fe, no medio de tan grande variedade de pregarias e ritos.

## Acomodación ás novas circunstancias

**10.** Así pois, o novo Misal, ó tempo que testemuña a norma de oración da Igrexa Romana e conserva o contido de fe entregado polos últimos Concilios, representa, pola súa banda, un paso importante na tradición litúrxica.

Cando os Pais do Concilio Vaticano II repetiron os asertos dogmáticos do Concilio de Trento, falaban nun contexto histórico moi lonxano, e por iso ofreceron plans e consellos pastorais que hai catro séculos nin sequera se podían imaxinar.

**11.** Xa o Concilio de Trento se decatara da grande utilidade catequética contida na celebración da Misa, pero non puido recoller tódalas consecuencias referentes á vida práctica. Moitos arelaban, xa daquela, que se permitise emprega-la fala do pobo na celebración da Misa. Ante tal petición o Concilio, tendo en conta as circunstancias daqueles tempos, considerou que o seu deber era ratificar unha vez máis a doctrina tradicional da Igrexa, segundo a cal o sacrificio eucarístico é sobre todo unha acción do mesmo Cristo, e polo tanto a súa eficacia non se ve afectada pola forma de participación que teñan os fieis. E así pronunciou estas palabras firmes e moderadas a un tempo: «Aínda que a Misa contén unha grande riqueza para o pobo, ós Pais pareceulles que non conviña que se celebrase na fala do pobo» (12). E declarou condenable a quen coidase «que o rito da Igrexa Romana é reprobable porque nel pronúncianse en voz baixa o Canon e as palabras da consagración; e que a Misa debería celebrarse na fala do pobo» (13).

Emporiso, ó tempo que prohibiu o emprego da fala do pobo na Misa, mandaba ós pastores de almas puxesen no seu canto unha catequese axeitada: «para que non pasen fame as ovellas de Cristo, o santo Sínodo ordena ós pastores e ós responsables dos fieis que adoito, dentro da celebración da Misa, por si mesmos ou por outros, fagan unha exposición de algo do que se le na Misa e aclaren algún misterio deste santísimo sacrificio, maiormente nos domingos e días de festa» (14).

12. Conc. Trid., Sesión XXII, Doctrina sobre o Sacrificio da Misa, c. 8: DS 1749.
13. *Ibid.*, c. 9: DS 1759.
14. *Ibid.*, c. 8: DS 1749.

**12.** O Concilio Vaticano II, congregado xustamente para acomoda-la Igrexa ás necesidades do ministerio apostólico nos tempos de hoxe, esculcou o carácter didáctico e pastoral da sagrada Liturxia segundo o fixera o Concilio de Trento (15). Por máis que non hai católico que negue a eficacia e a lexitimidade dos ritos sagrados celebrados en lingua latina, tamén ousa recoñecer que «adoito o emprego da fala popular pode resultar moi útil para o pobo», e permite empregala (16). O manifesto interese con que foi acollida esta decisión en todas partes, fixo que, baixo a dirección dos bispos e da mesma Sé Apostólica, se chegasen a celebrar na fala do pobo tódolos actos litúrxicos nos que o pobo participa, para dese xeito comprender mellor o misterio celebrado.

**13.** Aínda que o emprego da fala do pobo na sagrada Liturxia é un instrumento, moi importante certamente, para expresar con máis claridade a catequese do misterio contida na celebración, con todo, o Concilio Vaticano II advertiu tamén que se levasen a cabo outras determinacións de Trento que nalgures non se lles dera importancia, como, por exemplo, a homilía nos domingos e festivos (17) e a posibilidade de intercalar algunhas monicións entre os mesmos ritos (18).

Pero o Concilio Vaticano II, que aconsella «unha participación máis lograda na Misa consistente en que os fieis reciban o Corpo do Señor do mesmo sacrificio despois da Comunión do sacerdote» (19), alentou principalmente para levar á práctica outro desexo dos Pais de Trento: que para participar máis plenamente na sagrada Eucaristía «comulguen os fieis presentes non só espiritualmente, senón tamén recibindo o sacramento da Eucaristía» (20).

**14.** O Concilio Vaticano II, levado polas mesmas arelas pastorais, púidolle dar un novo tratamento ó que o Concilio de Trento determinou sobre a Comunión baixo as dúas especies; isto é, cando por esta forma máis manifesta do signo sacramental se lle ofreza ós fieis a oportunidade especial de comprender con máis fondura o misterio no que participan (21).

**15.** Deste xeito a Igrexa, ó tempo que permanece fiel no seu papel de mestra da verdade, custodiando «o antigo»; isto é, o depósito da tradición, tamén cumpre co oficio de telo en conta e amencer prudentemente «o novo» (cf. Mt 13, 52).

Unha parte do novo Misal presenta un conxunto de oracións mais achegadas ás necesidades do noso tempo; referímonos maiormente ás Misas rituais e por algunhas necesidades nas que se xuntan oportunamente a tradición e a novidade. En efecto, conserváronse íntegros bastantes textos tomados da máis anti-

15. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 33.
16. *Ibid.*, n. 36.
17. *Ibid.*, n. 52.
18. *Ibid.*, n. 35, 3.
19. *Ibid.*, n. 55.
20. Conc. Trid., Sesión XXII, Doctrina sobre o Sacrificio da Misa, c. 6: DS 1747.
21. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 55.

ga tradición da Igrexa, segundo se ve no Misal Romano adoito reeditado; outros moitos acomodáronse ás necesidades e esixencias actuais; e outros, como as oracións pola Igrexa, polos laicos, pola santificación do traballo humano, pola comunidade internacional e por certas necesidades propias do noso tempo, compuxéronse integramente tendo en conta o pensamento e as mesmas expresións dos recentes documentos do Concilio.

Valorando a nova situación do mundo presente, pareceu que, ó botar man dos textos da tradición antiga, non se lle facía ningún aldraxe a este venerable tesouro polo feito de modificar algunhas expresións, de acordo coa linguaxe teolóxica actual e coa disciplina vixente hoxe na Igrexa. Así cambiáronse algúns ditos referentes á estima e emprego dos bens deste mundo, e tamén referentes a certas formas externas de penitencia propios doutros tempos da Igrexa.

Deste xeito, as normas litúrxicas do Concilio de Trento en moitos casos víronse completadas e perfeccionadas polas do Concilio Vaticano II, que levou a cabo os intentos de achegar máis os fieis á sagrada Liturxia, intentos realizados durante os catro últimos séculos, e maiormente nos últimos tempos co interese de S. Pío X e os seus sucesores pola liturxia.

## CAPÍTULO I

# IMPORTANCIA E DIGNIDADE DA CELEBRACIÓN EUCARÍSTICA

**1.** A celebración da Misa, como acción de Cristo e do pobo de Deus xerarquicamente ordenado, é o centro de toda a vida cristiá para a Igrexa, tanto universal coma local, e para cada un dos fieis (1). Nela dáse o cumio tanto da acción pola que Deus santifica o mundo en Cristo, coma do culto que os homes presentan ó Pai, adorándoo por mediación de Cristo, Fillo de Deus (2). Ademais, na Misa vanse lembrando ó longo do ano os misterios da redención, de xeito que se fan como presentes (3). Tódalas demais accións sagradas e tódalas obras da vida cristiá están cinguidas a ela, xurden dela e cara a ela van orientadas (4).

**2.** Por iso cómpre moito que a celebración da Misa ou da Cea do Señor se ordene de maneira que tanto os ministros coma os fieis, participando cada quen segundo a súa condición, saquen dela os froitos abondosos (5) nos que Cristo o Señor pensou para nós, cando instituíu o sacrificio eucarístico do seu Corpo e do seu Sangue, e o entregou á súa querida esposa a Igrexa como unha lembranza da súa paixón e da súa resurrección (6).

**3.** Isto hase facer se, tendo en conta a natureza e outras circunstancias de cada asamblea, se dispón toda a celebración de maneira que empuxe a unha participación dos fieis consciente, activa e total, de corpo e alma, chea de fe, esperanza e amor; o pobo cristián, por mor do seu bautismo, ten dereito e obriga á participación que a Igrexa desexa e que pide a natureza mesma da celebración (7).

**4.** Aínda que por veces non se poidan dar nin a presencia dos fieis nin a súa participación activa, que deixan máis en claro a natureza eclesial da celebración (8), emporiso a celebración eucarística conserva sempre a súa eficacia e dignidade, en canto que é acción de Cristo e da Igrexa (9), na que o sacerdote sempre actúa pola salvación do pobo.

1. Cf. Conc. Vat. II., Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 41; Const. dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, n. 11; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, nn. 2, 5, 6; Decr. sobre o traballo pastoral dos Bispos, *Christus Dominus*, n. 30; Decr. sobre o Ecumenismo, *Unitatis redintegratio*, n. 15; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, nn. 3 e, 6: A.A.S. 59 (1967) pp. 542, 544-545.
2. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 10.
3. Cf. *Ibid.*, n. 102.
4. Cf. Conc. Vat. II, Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 5; Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 10.
5. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 14, 19, 26, 28, 30.
6. Cf. *Ibid.*, n. 47.
7. Cf. *Ibid.*, n. 14.
8. Cf. *Ibid.*, n. 41.
9. Cf. Conc. Vat. II, Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 13.

**5.** Dado que a celebración da Eucaristía, o mesmo que toda a Liturxia, se realiza mediante sinais sensibles que manteñen, fortalecen e expresan a fe (10), cómpre poñer moito coidado en escoller e ordena-las formas e elementos propostos pola Igrexa, para que, tendo en conta as circunstancias persoais e ambientais, favorezan máis intensamente unha participación activa e total e respondan mellor á utilidade espiritual dos fieis.

**6.** O presente Ordenamento por unha banda intenta ofrece-las liñas xerais que configuren a celebración da Eucaristía, e pola outra expón as regras que se deben seguir en cada forma de celebración (11). As Conferencias Episcopais, de acordo coa Constitución da sagrada Liturxia, poderán establecer no seu territorio normas que teñan en conta as tradicións e o xenio de cada pobo, rexión ou grupo humano (12).

10. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 59.
11. Para as Misas con grupos particulares: cf. S. Congr. para o Culto Divino, Instr. *Actio pastoralis*, do 15 de maio do 1969: A.A.S. 61 (1969) pp. 806-811; para as Misas con nenos: cf. Directorio de Misas con nenos, do 1 de nov. do 1973: A.A.S. 66 (1974) pp. 30-46; sobre o modo de relaciona-la Misa coa Liturxia das Horas: cf. Ordenamento xeral da Liturxia das Horas, ed. tip. 1971, nn. 93-98.
12. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 37-40.

## CAPÍTULO II

# A ESTRUCTURA DA MISA, OS SEUS ELEMENTOS E PARTES

### I. ESTRUCTURA XERAL DA MISA

**7.** Na Misa ou Cea do Señor xúntase o pobo de Deus baixo a presidencia do sacerdote, que fai as veces de Cristo, para celebra-la lembranza do Señor ou sacrificio eucarístico (13). Por iso a esta xuntanza local da santa Igrexa pódese aplicar moi ben a promesa de Cristo: «Onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu» (Mt 18, 20). Na celebración da Misa, na que se perpetúa o sacrificio da cruz (14), Cristo está realmente presente na mesma xuntanza feita no seu nome, na persoa do ministro, na súa palabra e, xa que logo, sacramentalmente e constantemente baixo as especies eucarísticas (15).

**8.** A Misa consta de dúas partes, a liturxia da palabra e a liturxia eucarística, tan fondamente vencelladas que forman un só acto cultual (16), xa que na Misa prepárase a mesa da palabra de Deus e do Corpo de Cristo, da que reciben instrucción e mantenza os fieis (17). Outros ritos principian e rematan a celebración.

### II. ELEMENTOS DIVERSOS DA MISA

#### A lectura da palabra de Deus e a exposición da mesma

**9.** Cando na Igrexa se len as sagradas Escrituras, o mesmo Deus lle fala ó seu pobo, e Cristo, presente na súa palabra, anuncia a Boa Nova.

Por iso todos deben escoitar con veneración as lecturas da palabra de Deus que ofrecen á Liturxia un elemento de máxima importancia. Aínda que a palabra de Deus, na lectura da sagrada Escritura, vaia dirixida a tódolos homes de cada época e eles a comprendan, a súa eficacia aumenta cunha exposición viva —isto é, a homilía— como parte da acción litúrxica (18).

13. Cf. Conc. Vat. II, Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 5; Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 33.
14. Cf. Conc. Trid., Sesión XXII, c. 1: DS 1740: cf. Paulo VI, Solemne profesión de fe, do 30 de xuño do 1968, n. 24: A.A.S. 60 (1968) p. 442.
15. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 7; Paulo VI, Carta Encíclica *Mysterium Fidei*, do 3 de setembro do 1965: A.A.S. 57 (1965) p. 764; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 9: A.A.S. 59 (1967) p. 547.
16. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 56; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysteriun*, do 25 de maio de 1967, n. 10: A.A.S. 59 (1967) p. 547.
17. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 48, 51; Const. dogm. sobre a Revelación divina, *Dei Verbum*, n. 21; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 4.
18. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 7, 33, 52.

## As oracións e outras partes que pertencen ó sacerdote

**10.** Entre as cousas que lle corresponden ó sacerdote ocupa o primeiro lugar a Pregaria eucarística, que é o cumio de toda a celebración. Veñen despois as oracións: colecta, oración sobre as ofrendas e oración de despois da comunión. O sacerdote, que preside a celebración facendo as veces de Cristo, dirixe a Deus estas oracións no nome de todo o pobo santo e de tódolos presentes (19). Con toda razón, pois, chámaselles «oracións presidenciais».

**11.** Tamén lle corresponde ó sacerdote, que realiza o papel de presidente da asamblea, facer certas monicións e algunhas fórmulas de introducción e conclusión previstas no mesmo rito; a natureza destas monicións e fórmulas non esixe que se reciten xustamente na forma proposta no Misal; nalgúns casos, polo menos, será ben acomodalas ás condicións reais da comunidade (20). Perténcelle tamén ó sacerdote proclama-la palabra de Deus e da-la bendición final.

Ademais disto, estalle permitido introducir ós fieis na Misa do día cunhas palabriñas antes de empeza-la celebración; introducilos na liturxia da palabra, antes das lecturas; na Pregaria eucarística, antes do prefacio; e poñer fin a toda a acción sagrada antes da despedida.

**12.** A natureza das partes «presidenciais» pide que se pronuncien en voz clara e alta, para que todos as escoiten con atención (21). Polo tanto, mentres o sacerdote as pronuncia, que non haxa outros rezos ou cantos, e que estean calados o órgano ou outros instrumentos musicais.

**13.** O sacerdote non só recita oracións como presidente, no nome de toda a comunidade, senón que tamén, por veces, faino no seu propio nome, para cumpri-lo seu ministerio con maior atención e devoción. Estas oracións dinse polo baixiño.

## Outras fórmulas empregadas nas celebracións

**14.** Posto que a celebración da Misa, pola súa mesma natureza, ten un carácter «comunitario» (22), teñen moita importancia os diálogos entre o celebrante e a asamblea, e tamén as aclamacións (23). Non son só sinais externos da celebración común, senón que alentan e realizan a unión entre o sacerdote e mailo pobo.

**15.** As aclamacións e respostas dos fieis ós saúdos e oracións do sacerdote constitúen xustamente aquel grado de participación activa que os fieis reunidos de-

19. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* n. 33.
20. Cf. S. Congr. para o Culto Divino, Carta circ. sobre as Pregarias eucarísticas, do 27 de abril do 1973, n. 14: A.A.S. 65 (1973) p. 346.
21. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 14: A.A.S. 59 (1967) p. 304.
22. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 26, 27; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 3 d: A.A.S. 59 (1967) p. 542.
23. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 30.

ben ofrecer durante calquera forma de Misa, para que de verdade se exprese e arrequente a acción de toda a comunidade (24).

**16.** Outras partes, que son moi boas para manifestar e arrequenta-la participación activa dos fieis e que se lle atribúen a toda a comunidade son maiormente o acto penitencial, a profesión de fe, a oración universal e o Nosopai.

**17.** Finalmente, sobre outras fórmulas:

*a)* algunhas constitúen de seu un rito ou un acto en se mesmo, como o Gloria, o salmo responsorial, o Aleluia e o verso antes do Evanxelio, o Santo, a aclamación da anámnese, o canto de despois da comunión;

*b)* outras acompañan a algún rito, como o canto de entrada, o do ofertorio, o da fracción (Año de Deus) e o da Comunión.

## O xeito de pronuncia-los diferentes textos

**18.** Nos textos que deba pronunciar en voz clara e alta ben o sacerdote ben os ministros ou ben todos, cómpre que o tono de voz responda á natureza do texto, segundo que sexa lectura, oración, monición, aclamación ou canto; tamén se terán en conta as formas de celebración e a solemnidade da asamblea. E, por suposto, téñanse en consideración as características especiais de cada fala e pobo.

Nas rúbricas e nas normas que seguen, as verbas «dicir» ou «pronunciar» débense entender do canto e do recitado, segundo os principios devanditos.

## A importancia do canto

**19.** O Apóstolo alenta ós seguidores de Cristo que se xuntan agardando a chegada do seu Señor para que conxuntamente canten salmos, himnos e cantigas espirituais (cf. Col 3, 16). O canto é un sinal de alegría grande no corazón (cf. Feit 2, 46). Por iso S. Agostiño di moi ben: «Cantar é cousa de quen ama» (25), e xa vén de vello o dito: «Quen ben canta reza dúas veces».

Empréguese, pois, o canto, todo o que se poida nas celebracións, de acordo co xenio de cada pobo e coas posibilidades de cada asamblea; iso non quere dicir que cumpra cantar necesariamente tódolos textos destinados ó canto.

A hora de escolle-las partes a cantar débense preferi-las que son de máis importancia, e maiormente as que debe canta-lo sacerdote ou os seus axudantes con resposta do pobo, ou asemade o sacerdote e mailo pobo (26).

24. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 16 a.: A.A.S. 59 (1967) p. 305.
25. *Sermo* 336, 1: PL 38, 1472.
26. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, nn. 7, 16: A.A.S. 59 (1967) pp. 302, 305; cf. Misal Romano, *Ordo cantus Missae,* ed. tip. 1972, Praenotanda.

E, xa que cada vez se dan máis xuntanzas de fieles de diferentes nacións, cómpre que os mesmos fieis saiban cantar xuntos en latín polo menos algunhas partes do Ordinario da Misa, en especial o símbolo da fe e o Nosopai con melodías do máis doadiño (27).

## Xestos e posturas do corpo

**20.** A mesma postura do corpo que adoptan tódolos participantes é un sinal da unidade e da comunidade da asamblea, xa que expresa e alenta os sentimentos dos participantes (28).

**21.** Para obte-la uniformidade nos xestos e posturas do corpo, os fieis han obedece-las monicións que fagan durante a celebración o diácono, o sacerdote ou algún axudante. Ademais diso, en tódalas Misas, de non se dici-lo contrario, estean en pé: dende o empezo do canto de entrada ou mentres o sacerdote se achega ó altar ata a oración colecta inclusive; durante o canto do Aleluia antes do Evanxelio; durante a proclamación do Evanxelio; mentres se recita a profesión de fe e as preces universais; e dende a oración sobre as ofrendas ata o remate da Misa, agás os momentos sinalados a continuación. Estean sentados: durante as lecturas anteriores ó Evanxelio e durante o salmo responsorial; durante a homilía; no ofertorio mentres se fai a preparación dos dons; e, segundo se vexa, durante o silencio sagrado que segue á Comunión. Estean axionllados durante a consagración, agás que o impida a estreitura do local, o número de asistentes ou outras causas razonables.

Emporiso, é cousa da Conferencia Episcopal adaptar ó xenio de cada pobo os xestos e as posturas corporais descritas no Ordinario da Misa romana (29), coidando, xa é hora, de que respondan á peculiaridade de cada parte da celebración.

**22.** Entre os xestos cóntanse tamén os movementos do sacerdote cando se achega ó altar, e ofrece os seus dons e os dos fieis cando van comulgar. Cómpre realizar estes movementos con decoro, mentres se cantan as cantigas apropiadas segundo as normas establecidas para cada caso.

## O silencio

**23.** O silencio sagrado é unha parte da celebración e debe te-lo seu tempo (30). A súa natureza depende do momento da celebración no que se observe. Así, no

27. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 54; S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 59: A.A.S. 56 (1964) p. 891; Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 47: A.A.S. 59 (1967) p. 314.
28. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 30.
29. Cf. *Ibid.*, n. 39.
30. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 30; S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 17: A.A.S. 59 (1967) p. 305.

acto penitencial e despois da invitación á oración, serve para que cada un se concentre no seu; despois das lecturas e da homilía, serve para meditar brevemente o escoitado, e despois da Comunión, serve para rezar e alabar a Deus no seu corazón.

## III. As diferentes partes da Misa

### A) Os ritos iniciais

**24.** Todo canto precede á liturxia da palabra, isto é, a entrada, o saúdo, o acto penitencial, o Señor, ten piedade, o Gloria e a oración colecta, teñen o carácter de exordio, de preparación e de introducción.

O obxecto destes ritos é que os fieis reunidos se fagan comunidade e se dispoñan a escoitar convenientemente a palabra de Deus e a celebrar dignamente a Eucaristía.

#### *Entrada*

**25.** Reunido o pobo e mentres entra o sacerdote cos seus ministros, princípiase a cantiga de entrada. A finalidade desta cantiga é abri-la celebración, alenta-la unión da asamblea e introduci-los asistentes no misterio do tempo litúrxico ou da festividade, e acompaña-la procesión do sacerdote e mais dos seus ministros.

**26.** Cántana alternando os cantores e o pobo ou o cantor e o pobo, ou todo o pobo ou soamente os cantores. Pódese coller unha antífona co seu salmo do Gradual Romano ou do Gradual simple, ou outra cantiga que cadre ben coa acción sagrada, e coas características do día ou do tempo, tendo en conta que o texto debe ser aprobado pola Conferencia Episcopal.

Se non hai cantiga de entrada, os fieis, ou algún deles ou o lector recitan a antífona proposta no Misal; e senón recítaa o mesmo sacerdote despois do saúdo.

#### *O saúdo ó altar e ó pobo congregado*

**27.** O sacerdote e os ministros saúdan o altar cando chegan ó presbiterio. En sinal de veneración o sacerdote e mailo diácono bican o altar; e o sacerdote, segundo se vexa, incénsao tamén.

**28.** Ó terminaren a cantiga de entrada o sacerdote e toda a asamblea fan o sinal da cruz. Despois o sacerdote exprésalle á comunidade reunida, mediante o saúdo, a presencia do Señor. Con este saúdo e coa resposta do pobo maniféstase o misterio da Igrexa reunida.

### *Acto penitencial*

**29.** Despois de saúda-lo pobo, o sacerdote ou outro ministro apropiado pode introduci-los fieis cunhas palabriñas na Misa do día. A continuación o sacerdote invita ó acto penitencial; toda a comunidade faino recitando a confesión xeral, e o sacerdote remata o rito coa absolución.

### *Señor, ten piedade*

**30.** Despois do acto penitencial empézase o Señor, ten piedade, a non ser que xa se metera no acto penitencial. Xa que é unha cantiga coa que os fieis aclaman o seu Señor e imploran a súa misericordia, é normal que a canten todos, é dicir, o pobo e mailos cantores.

Cada aclamación dirase normalmente dúas veces; pero, tendo en conta o xenio de cada fala, a arte musical e outras circunstancias, pódese repetir máis veces ou intercalarlle algún breve «tropo». Se non se canta, o Señor, ten piedade, recítase.

### *Gloria*

**31.** O Gloria é un himno moi antigo e venerable co que a Igrexa, reunida no Espírito Santo, dá gloria e suplícalle a Deus Pai e ó Año. Cántao a asamblea dos fieis ou o pobo alternando cos cantores, ou só os cantores. Se non se canta, que o reciten todos xuntos ou alternando.

Cántase ou recítase nos domingos, agás no tempo do Advento e da Coresma, nas solemnidades e festas, e noutras celebracións especiais e máis solemnes.

### *A oración colecta*

**32.** A continuación o sacerdote invita ó pobo a orar; e todos co sacerdote fan un pequeno silencio para se decataren de que están na presencia de Deus e presentaren interiormente os seus desexos. Entón o sacerdote recita a oración chamada «colecta». Con ela exprésase o carácter da celebración e mediante as palabras do sacerdote rézaselle a Deus Pai, por Cristo no Espírito Santo.

O pobo únese á oración, mostra o seu asentimento e faina súa coa aclamación: Amén.

Na Misa só se di unha oración, e isto vale tamén para a oración sobre as ofrendas e de despois da Comunión.

A oración colecta remátase cunha conclusión máis longa; isto é:

Se se dirixe ó Pai: Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo por sempre eternamente.

Se se dirixe ó Pai, pero ó final se fai mención do Fillo: Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo por sempre eternamente.

Se se dirixe ó Fillo: Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai na unidade do Espírito Santo por sempre eternamente.

As oracións sobre as ofrendas e de despois da Comunión remátanse cunha conclusión máis curta; isto é:

Se se dirixe ó Pai: Por Cristo, noso Señor.

Se se dirixe ó Pai, pero ó final se fai mención do Fillo: El, que vive e reina por sempre eternamente.

Se se dirixe ó Fillo: Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

## B) A liturxia da palabra

**33.** A parte máis importante da liturxia da palabra constitúena as lecturas tomadas da sagrada Escritura coas cantigas interleccionais; a homilía, a profesión de fe e a oración universal ou oración dos fieis desenrólana e conclúena. Certamente nas lecturas, que logo desenrola a homilía, Deus fálalle ó seu pobo (31), maniféstalle o misterio da redención e salvación e ofrécelle unha mantenza espiritual; e o mesmo Cristo faise presente no medio dos fieis pola súa palabra (32). O pobo fai súa esta palabra divina coas cantigas, e adhírese a ela coa profesión da fe; e, despois de se alimentar con ela, reza coa oración universal polas necesidades de toda a Igrexa e de todo o mundo.

### *As lecturas bíblicas*

**34.** Nas lecturas prepárase ós fieis a mesa da palabra de Deus e ábrenselle-los tesouros bíblicos (33). Posto que, segundo a tradición, o oficio de le-las lecturas non é un papel presidencial senón ministerial, cómpre que normalmente lea o Evanxelio o diácono ou, de non habelo, outro presbítero. Un lector dirá as outras lecturas. Se non hai nin diácono ni outro presbítero, que lea o Evanxelio o celebrante (34).

**35.** Que á lectura evanxélica se lle debe conceder unha máxima veneración xa o ensina a mesma Liturxia ó dignificala cun honor especial entre as demais lecturas, e isto tanto por parte do ministro ordeado para anunciala, que se prepara cunha bendición e oración, como por parte dos fieis, que mediante as aclamacións recoñecen e confesan a Cristo presente que lles fala, e escoitan en pé a lectura; como por parte dos mesmos sinais de veneración que se lle tributan ó libro dos Evanxelios.

31. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 33.
32. Cf. *Ibid.*, n. 7.
33. Cf. *Ibid.*, n. 51.
34. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 50: A.A.S. 56 (1964) p. 889.

### *As cantigas interleccionais*

**36.** Despois da primeira lectura segue o salmo responsorial, ou gradual, que é unha parte integrante da liturxia da palabra. O salmo normalmente cóllese do Leccionario, xa que cada un e o seu texto estan relacionados directamente con cada lectura; a escolleita do salmo depende das lecturas. Emporiso, para que o pobo poida cantar doadamente a resposta salmódica, escolléronse algúns textos de respostas e salmos para cada tempo do ano e para cada categoría de Santos; poderanse empregar no canto do texto que responde á lectura, sempre que o salmo se cante.

O cantor do salmo ou salmista proclama os versos do salmo dende o ambón ou outro lugar axeitado; a asamblea, que no entanto está sentada escoitando, participa ordinariamente coa resposta, a non ser que o salmo se proclame deseguido sen respostas intermedias.

Se se canta, a maiores do salmo asignado no Leccionario, pódese escoller ou o gradual do Gradual Romano, ou o salmo responsorial ou aleluiático do Gradual simple, segundo aparecen nestes libros.

**37.** Despois da segunda lectura ven o Aleluia ou outra cantiga, segundo o pida o tempo litúrxico:

*a)* O Aleluia cántase en tódolos tempos, agás na Coresma. Empézano todos, ou a escola ou un cantor, e, se ven ó caso, repítese. Os versos cóllense do Leccionario ou do Gradual.

*b)* A outra cantiga consiste nun verso antes do Evanxelio ou noutro salmo ou tracto, tal como se atopan no Leccionario ou no Gradual.

**38.** Cando só hai unha lectura antes do Evanxelio:

*a)* Nos tempos nos que se di Aleluia pódese dicir un salmo aleluiático, ou o salmo e o Aleluia co seu verso, ou só o salmo ou o Aleluia.

*b)* Nos tempos que non se di Aleluia, pódese dicir ou o salmo ou o verso de antes do Evanxelio.

**39.** O salmo que ven despois da lectura, se non se canta, recítese; pero o Aleluia e o verso de antes do Evanxelio, se non se cantan, pódense omitir.

**40.** As «secuencias», agás as dos días de Pascua e Pentecostés, pódense dicir ou non.

### *Homilía*

**41.** A homilía é unha parte da liturxia e unha parte moi recomendada (35), posque resulta necesaria para o sostemento da vida cristiá. Cómpre que sexa unha

35. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 52.

explicación ou dalgún aspecto das lecturas da sagrada Escritura ou doutro texto do Ordinario ou do Propio da Misa do día, tendo en conta o misterio que se celebra e as necesidades especiais dos oíntes (36).

**42.** Nos domingos e días de festa haise te-la homilía en tódalas Misas que se celebren con asistencia de fieis e non pode deixarse sen causa grave; nos demáis días recoméndase tela, maiormente no tempo do Advento, Coresma e Pascua, e tamén noutras festas e ocasións en que vai máis xente á igrexa (37).

O mesmo sacerdote celebrante é o que normalmente terá a homilía.

### *Profesión da fe*

**43.** A finalidade do símbolo ou profesión de fe na celebración da Misa é que o pobo dea a súa resposta e o seu asentimento á palabra de Deus escoitada nas lecturas e a través da homilía, e tamén que o pobo traia ó seu recordo a norma da súa fe antes de empezar a celebra-la Eucaristía.

**44.** O símbolo hao dici-lo sacerdote co pobo nos domingos e nas solemnidades; tamén se pode dicir nalgunhas celebracións peculiares máis solemnes.

Se se canta, que o canten todos xuntos ou alternativamente.

### *A oración universal*

**45.** Na oración universal ou oración dos fieis, o pobo, exercendo o seu oficio sacerdotal, pide por tódolos homes. Cómpre que esta oración se teña ordinariamente nas Misas co pobo, de maneira que se fagan peticións pola santa Igrexa, polos que nos gobernan, polos que padecen diferentes necesidades e por tódolos homes e pola liberación de todo o mundo (38).

**46.** As series de intencións de ordinario sexan:

*a)* Polas necesidades da Igrexa.
*b)* Polos que gobernan o mundo e pola liberación de tódolos homes.
*c)* Polos pobos asoballados por calquera dificultade.
*d)* Pola comunidade local.

Emporiso nalgunas celebracións particulares, como na Confirmación, no Casamento, nos Funerais, a orde das intencións pode ter máis en conta a circunstancia concreta.

36. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 54: A.A.S. 56 (1964) p. 890.
37. Cf. *Ibid.*, n. 53: A.A.S. 56 (1964) p. 890.
38. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 53.

**47.** Perténcelle ó sacerdote celebrante moderar esta oración: invita ós fieis a rezar e rematala cunha pregaria. Cómpre que un diácono, un cantor ou outra persoa proclame as intencións (39). E toda a asamblea expresa a súa oración coa resposta común despois de cada intención e coa oración en silencio.

## C) A liturxia eucarística

**48.** Na súa derradeira Cea Cristo instituíu o sacrificio e banquete pascual polo que arreo se fai presente na Igrexa o sacrificio da cruz cando o sacerdote, representando a Cristo o Señor, fai o mesmo que fixera o Señor e que encargou ós seus discípulos que fixesen en lembranza súa (40).

Pois Cristo colleu o pan e mailo cáliz, deu gracias, partiuno e deullo ó seus discípulos dicindo: «Tomade, comede, bebede; isto é o meu Corpo; este é o cáliz do meu Sangue. Facede isto en memoria de min.» Por iso a Igrexa ten ordenada toda a celebración da liturxia eucarística nunhas partes que van respondendo a estas palabras e accións de Cristo. E así:

1) Na preparación dos dons preséntanse no altar o pan e mailo viño con auga, os mesmos elementos que Cristo colleu nas súas mans.

2) Na Pregaria eucarística dánselle gracias a Deus por toda a obra da salvación, e as ofrendas convírtense no Corpo e Sangue de Cristo.

3) Pola fracción dun só pan ponse de manifesto a unidade dos fieis, e pola Comunión os fieis reciben o Corpo e o Sangue do Señor mesmo coma o recibiron os Apóstolos das mans do mesmo Cristo.

### *A preparación dos dons*

**49.** Ó comezo da liturxia eucarística lévanse ó altar os dons que se han convertir no Corpo e mais no Sangue de Cristo.

Primeiramente prepárase o altar, ou mesa do Señor, que é o centro de toda a liturxia eucarística (41), e prepárase colocando nel o corporal, o purificador, o cáliz —que tamén se pode preparar na credencia— e o misal.

Despois tráense as ofrendas; está moi ben que os fieis presenten o pan e mailo viño; o sacerdote ou un diácono recíbeno nun lugar axeitado e colócano enriba do altar acompañando o acto coas fórmulas establecidas. Anque os fieis xa non traian o pan e o viño de seu para ofrecer na liturxia como noutros tempos, emporiso o rito de os presentaren conserva certa forza e significación espiritual.

Tamén se poden recibir para os pobres ou para a igrexa cartos e outros dons que traian os fieis ou que se recollan na mesma igrexa; tendo en conta que se han colocar fóra da mesa eucarística nun lugar axeitado.

39. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 56: A.A.S. 56 (1964) p. 890.
40. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 47; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 3 a, b: A.A.S. 59 (1967) pp. 540-541.
41. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 91: A.A.S. 56 (1964) p. 898; Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 24: A.A.S. 59 (1967) p. 554.

**50.** O canto do ofertorio acompaña á procesión na que se levan os dons, e prolóngase polo menos ata que se colocan os dons enriba do altar. As normas sobre como cantar esta cantiga son as mesmas cás do canto de entrada (n. 26). A antífona do ofertorio, se non se canta, omítese.

**51.** Pódese despois incensa-los dons colocados xa encol do altar e tamén o mesmo altar, para significar así como a oblación da Igrexa e maila súa oración soben coma o incenso deica a presencia de Deus. Despois de incensa-las ofrendas e mailo altar, tamén o sacerdote e o pobo poden ser incensados por un diácono ou outro ministro.

**52.** Deseguida o sacerdote lava as mans, rito polo que se expresa o desexo dunha purificación interior.

**53.** Unha vez feita a colocación das ofrendas e rematados os ritos que a acompañan conclúese a preparación dos dons cunha invitación a rezar xuntamente co sacerdote e coa oración sobre as ofrendas. Deste xeito todo queda a punto para a Pregaria eucarística.

### *A Pregaria eucarística*

**54.** Neste intre principia o centro e o cumio de toda a celebración, a Pregaria eucarística, que é unha pregaria de acción de gracias e de consagración. O sacerdote invita ó pobo para que erga o seu corazón cara ó Señor na oración e na acción de gracias e asóciao a si mesmo na oración que no nome de toda a comunidade dirixe a Deus Pai por medio de Xesucristo. O senso desta oración é que toda a xuntanza dos fieis se una na proclamación das maravillas de Deus e no ofrecemento do sacrificio.

**55.** Os elementos máis importantes de que consta a Pregaria eucarística son os seguintes:

*a)* Acción de gracias —exprésase maiormente no prefacio—; nela o sacerdote no nome de todo o pobo santo glorifica a Deus Pai e dálle gracias por toda ou por un aspecto particular da obra da salvación, segundo a diversidade do día, da festa e do tempo.

*b)* Aclamación; nela toda a asamblea, uníndose ós coros celestes, canta ou recita o Santo. Esta aclamación, que forma parte da mesma Pregaria eucarística, faina o pobo xuntamente co sacerdote.

*c)* Epíclese; nela, a través dunhas invocacións peculiares, a Igrexa implora a forza de Deus para facer sagrados os dons ofrecidos polos homes, isto é, para facelos Corpo e Sangue de Cristo, e para que a víctima sen lixo que se vai recibir na Comunión sexa para salvación dos que participan dela.

*d)* Relato da institución e a consagración; coas palabras e xestos de Cristo realízase o sacrificio que o mesmo Cristo instituíu na súa derradeira Cea, cando ofreceu o seu Corpo e mailo seu Sangue baixo os elementos do pan e do viño, e déullelo ós Apóstolos para que comesen e bebesen, ó tempo que lles deu o mandado de perpetua-lo mesmo misterio.

*e)* Anámnese; nela a Igrexa, cumprindo o mandado que recibiu de Cristo Señor a través dos Apóstolos, fai memoria do mesmo Cristo, lembrando maiormente a súa benaventurada paixón, a súa gloriosa resurrección e a súa ascensión ó ceo.

*f)* Oblación; por ela a Igrexa, reunida aquí e agora, nesta mesma memoria, ofrécelle ó Pai a víctima sen lixo no Espírito Santo. A Igrexa quere que os fieis non só ofrezan a víctima sen lixo, senón que tamén aprendan a se ofrecer a si mesmos, e vaian chegando pouco a pouco, coa axuda de Cristo, a unha unidade total con Deus e entre si, de xeito que, finalmente, Deus sexa todo en todos (42).

*g)* Intercesións; por elas exprésase que a Eucaristía se celebra en comunión con toda a Igrexa tanto celeste como terrestre, e que o ofrecemento se fai por ela e por tódolos seus membros vivos e defuntos, chamados como están a participaren na redención e na salvación adquerida polo Corpo e polo Sangue de Cristo.

*h)* Doxoloxía final; nela exprésase a glorificación de Deus; o pobo confírmaa e conclúea coa súa aclamación.

A Pregaria eucarística esixe que todos a escoiten con reverencia e caladiños, pero que participen nela mediante as aclamacións previstas no mesmo rito.

## *O rito da Comunión*

**56.** Posto que a celebración eucarística é un banquete pascual, cómpre que, de acordo co mandado do Señor, os fieis convenientemente preparados reciban o Corpo e o Sangue de Cristo como unha comida espiritual (43). A isto vai encamiñada a fracción e os outros ritos preparatorios cos que os fieis son introducidos no momento da Comunión:

*a)* Oración dominical; nela pídese o pan de cada día, no que os cristiáns ven tamén un sinal do pan eucarístico, e implórase o perdón dos pecados, de maneira que de verdade o santo sexa para os santos. O sacerdote fai unha invitación á oración e tódolos fieis din a oración canda o sacerdote; despois o sacerdote engade o embolismo e o pobo ponlle fin coa doxoloxía. O embolismo, desenrolando a derradeira petición da mesma oración dominical, pide para toda a comunidade dos fieis a liberación de tódolos poderes do mal. A invitación, a ora-

42. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 48; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 5; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 12: A.A.S. 59 (1967) pp. 548-549.

43. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, nn. 12, 33 a: A.A.S. 59 (1967) pp. 549, 559.

ción mesma, o embolismo e a doxoloxía coa que o pobo pon fin a todo isto, cántanse ou recítanse con voz alta.

*b)* Despois disto, ven o rito da paz; os fieis nel piden a paz e maila unidade para a Igrexa e para toda a familia humana, e exprésanse mutuamente o seu amor antes de participaren dun único pan.

Referente ó rito da paz, as Conferencias Episcopais han determina-lo xeito de o facer segundo o xenio e os costumes de cada pobo.

*c)* O xesto da fracción realizado por Cristo na súa derradeira cea serviu no tempo dos Apóstolos para lle dar nome a toda a acción eucarística. Este rito non ten só unha finalidade práctica; tamén significa que anque somos moitos na Comunión convertímonos nun só corpo gracias ó único pan de vida que é Cristo (1 Cor 10, 17).

*d)* A mistura; o celebrante bota no cáliz un anaquiño da hostia.

*e)* Año de Deus; mentres se realizan a fracción do pan e a mistura, os cantores ou o cantor coa resposta do pobo cantan a invocación Año de Deus; e se non, proclámase con voz firme. Esta invocación pódese repetir tantas veces coma sexa necesario para acompaña-la fracción do pan. Na derradeira vez conclúese coas palabras dáno-la paz.

*f)* Preparación privada do sacerdote; o sacerdote prepárase cunha oración en silencio para recibir con froito o Corpo e o Sangue de Cristo. Os fieis fan o mesmo rezando en silencio.

*g)* Despois o sacerdote mostra ós fieis o pan eucarístico que se vai recibir na Comunión e invítaos ó banquete de Cristo; xuntamente cos fieis fai un acto de humildade botando man das palabras do Evanxelio.

*h)* É moi de desexar que os fieis reciban o Corpo do Señor das hostias consagradas na mesma Misa, e que nos casos previstos participen do cáliz, de xeito que a través dos sinais visibles a Comunión apareza mellor como unha participación do sacrificio que nese intre se celebra (44).

*i)* Mentres o sacerdote e os fieis comulgan, cántase a cantiga da Comunión que ten como finalidade expresar mediante a unión das voces a unión espiritual dos que comulgan, mostra-la ledicia do corazón e facer máis fraterna a procesión dos que van recibi-lo Corpo de Cristo. A cantiga princípiase cando o sacerdote recibe a Comunión e alóngase en canto os fieis reciben o Corpo de Cristo ata que se vexa oportuno. No caso de que haxa un himno para despois da Comunión, cómpre rematar a tempo a cantiga da Comunión.

Pódese empregа-la antífona do Gradual Romano con ou sen salmo, ou a antífona co salmo do Gradual simple, ou outra cantiga axeitada aprobada pola Conferencia Episcopal. Os cantores só, ou os cantores ou o cantor co pobo son quenes cantan estas cantigas.

Se non se ten canto, que tódolos fieis ou algúns deles, ou o lector, ou senón o mesmo sacerdote reciten a antífona proposta no Misal, despois de que o sacerdote comulgue e antes de que distribúa a Comunión ós fieis.

44. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, nn. 31, 32: A.A.S. 59 (1967) pp. 558-559; para a facultade de comulgar dúas veces no mesmo día: cf. S. Congr. da Disciplina dos Sacramentos, Instr. *Immensae caritatis*, do 29 de xan. do 1973, n. 2: A.A.S. 65 (1973) pp. 267-268.

*j)* Desque estea rematada a distribución da Comunión o sacerdote e mailos fieis, se parece oportuno, rezan un pouquiño en silencio. Se se quere, tamén tódolos fieis poden cantar un salmo ou outro canto de louvanza.

*k)* Na oración de despois da Comunión o sacerdote pide para recibi-los froitos do misterio celebrado. O pobo fai súa a oración coa aclamación Amén.

## D) O rito de conclusión

**57.** O rito de conclusión consta de:

*a)* Saúdo e bendición do sacerdote, que nalgúns días e circunstancias arrequécese e amplíase cunha oración sobre o pobo ou outra fórmula máis solemne.

*b)* Despedida, con ela disólvese a asamblea e cada quen volve ós seus bos traballos louvando e bendicindo o Señor.

## CAPÍTULO III

# OS OFICIOS E OS MINISTERIOS NA MISA

**58.** Na asamblea que se xunta para a celebración da Misa cada quen ten o dereito e a obriga de aporta-la súa participación de maneira diferente de acordo coa diversidade de orde e de cargo (45). E así, todos, tanto ministros como fieis, cumprindo cada un co seu papel, fagan todo e só o que lles pertence (46), de xeito que a mesma ordenación da celebración poña de manifesto unha Igrexa constituída nas súas diversas ordes e ministerios.

### I. OS OFICIOS E OS MINISTERIOS DA ORDE SAGRADA

**59.** Toda celebración lexítima da Eucaristía é dirixida polo bispo, ben por si mesmo, ben polos seus colaboradores os presbíteros (47).

Cando o bispo está presente nunha Misa onde hai pobo congregado, cómpre que sexa el quen presida a asamblea, e que asocie consigo os presbíteros na celebración, se é posible, concelebrando con eles.

Isto faise non para lle dar bombo á solemnidade exterior do rito, senón para significar cunha claridade especial o misterio da Igrexa, que é un sacramento de unidade (48).

Pero se o bispo non celebra a Eucaristía, senón que lle cede a outro este ministerio, daquela estaría ben que moderase a liturxia da palabra e que rematase a Misa co rito de despedida.

**60.** Tamén o presbítero, que na asamblea dos fieis, pola potestade sagrada da Orde, ofrece o sacrificio na persoa de Cristo (49) preside por esta mesma razón a asamblea congregada, modera a súa oración, proclámalle a nova da salvación, asocia consigo o pobo para ofrece-lo sacrificio a Deus Pai por Cristo no Espírito Santo, dálle ós seus irmáns o pan da vida eterna e participa do mesmo xuntamente con eles. Cando celebra a Eucaristía debe servir a Deus e ó pobo con dignidade e humildade, de xeito que na maneira de se comportar e de proclama-las palabras divinas lle insinúe ós fieis a presencia viva de Cristo.

**61.** Entre os ministros ocupa o primeiro lugar o diácono, orde que xa desde o comezo da Igrexa se tivo en grande consideración. Na Misa o diácono desem-

45. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 14, 26.
46. Cf. *Ibid.*, n. 28.
47. Cf. Conc. Vat. II, Const. dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, nn. 26, 28; Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 42.
48. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 26.
49. Cf. Conc. Vat. II, Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 2; Const. dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, n. 28.

peña o seu propio ministerio no anuncio do Evanxelio e na predicación, ás veces, da palabra de Deus, na proclamación das peticións da oración universal, na axuda ó sacerdote, na distribución da Eucaristía ós fieis, maiormente baixo a especie do viño, e nas indicacións que por veces fai á asamblea sobre os xestos e as posturas do corpo.

## II. O OFICIO E O PAPEL DO POBO DE DEUS

**62.** Na celebración da Misa os fieis constitúen a nación santa, o pobo adquirido por Deus e o sacerdocio real, para lle dar gracias a Deus e para ofrece-la hostia sen lixo non só polas mans do sacerdote, senón tamén eles mesmos xuntamente con el, e para que aprendan a se ofrecer a si mesmos (50). Procuren, pois, manifestar todo isto mediante un fondo senso relixioso e mediante o amor polos irmáns que participan na mesma celebración.

Eviten, polo tanto, calquera clase de división ou de particularismo decatándose de que teñen no ceo un único Pai, e que, conseguintemente, todos entre si son irmáns.

Fagan un só corpo escoitando a palabra de Deus, participando nas oracións e nos cantos, e sobre todo ofrecendo conxuntamente o sacrificio e participando xuntos na mesa do Señor. Esta unidade queda fermosamente de relevo nos xestos e posturas do corpo que os fieis adoptan por igual.

Que os fieis non receen en servir con alegría o pobo de Deus cando se lles pide que presten algún servicio especial na celebración.

**63.** Os cantores ou coro desempeñan un papel litúrxico especial entre os fieis; a súa misión é executar coidadosamente as partes que lles corresponden segundo a diversa clase de cantos e alentar unha activa participación dos fieis no canto (51). O que se di dos cantores vale tamén, tendo en conta as diferencias, para outros músicos, e maiormente para o organista.

**64.** Cómpre que haxa un cantor ou mestre de coro para dirixir e termar do canto do pobo. Cando non hai coro, o cantor debe modera-los cantos diferentes para que o pobo participe nas partes que lle corresponden (52).

## III. OS MINISTROS ESPECIAIS

**65.** O acólito é instituído para o servicio do altar e para axuda do sacerdote e do diácono. Correspóndelle principalmente prepara-lo altar e os vasos sagrados e distribuír ós fieis a Eucaristía, da que é ministro extraordinario.

50. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 48; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 12: A.A.S. 59 (1967) pp. 548-549.
51. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 19: A.A.S. 59 (1967) p. 306.
52. Cf. *Ibid.*, n. 21: A.A.S. 59 (1967) pp. 306-307.

**66.** O lector é instituído para proclama-las lecturas da sagrada Escritura, agás o Evanxelio. Tamén pode propoñe-las intencións da oración universal e, se non hai salmista, pode tamén recita-lo salmo interleccional.

O lector ten un ministerio propio na celebración eucarística, ministerio que debe desempeñar el mesmo, aínda que haxa outros ministros de orde superior.

Para que os fieis cheguen a concebir no seu corazón un agarimo suave e vivo pola sagrada Escritura mediante a escoita das lecturas divinas (53), cómpre que os lectores delegados para tal cargo sexan de verdade aptos e estean preparados a conciencia.

**67.** O papel do salmista consiste en proclama-lo salmo ou outro canto bíblico interleccional. Para que poida cumprir ben a súa tarefa cómpre que o salmista estea dotado da arte da salmodia e da facultade de emitir e pronunciar correctamente.

**68.** Dos ministros restantes, algúns desempeñan o seu papel no presbiterio e outros fóra do presbiterio.

Entre os primeiros cóntanse os que teñen o encargo de distribuí-la comunión como ministros extraordinarios (54), e tamén os que levan o misal, a cruz, os cirios, o pan, o viño, a auga e o incensario.

E entre os outros:

*a)* O comentarista, que é o que lles fai explicacións e monicións ós fieis para ilos introducindo na celebración e para axudalos a comprendela mellor. Cómpre que as monicións do comentador vaian moi ben preparadas e que destaquen pola súa sobriedade.

Para cumprir co seu papel o comentador sitúase nun lugar axeitado diante dos fieis; a poder ser que non sexa no ambón.

*b)* Nalgures, os que reciben os fieis na porta da igrexa e os van colocando nos seus sitios e organizan as procesións.

*c)* Os que fan as colectas na igrexa.

**69.** Sobre todo nas igrexas e comunidades de maior número, cómpre designar a alguén que se preocupe de preparar coidadosamente as accións sagradas e de facer que os ministros as realicen con decoro, orde e piedade.

**70.** Tódolos ministerios que estean por debaixo dos que son propios do diácono poden ser exercidos por seglares, aínda que non fosen instituídos para os mesmos. Os ministerios que se realizan fóra do presbiterio tamén se lle poden confiar a mulleres, segundo o xuício prudente do rector da igrexa.

A Conferencia Espiscopal pode permitir que unha muller idónea lea as lecturas que hai antes do Evanxelio e presente as intencións da oración dos fies;

53. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 24.
54. Cf. S. Congr. da Disciplina dos Sacramentos, Instr. *Immensae caritatis*, do 29 de xan. do 1973, n. 1: A.A.S. 65 (1973) pp. 265-266.

e pode determinar con precisión o sitio axeitado desde onde a muller anuncie a palabra de Deus diante da asamblea litúrxica (55).

**71.** Se hai varios que poden desempeña-lo mesmo ministerio, non hai ningún inconveniente en que se distribúan entre si as diversas partes do mesmo ministerio; por exemplo, un diácono pode encargarse das partes a proclamar cantando e outro do ministerio do altar; se hai varias lecturas, pódense distribuír entre varios lectores; e así outras cousas.

**72.** Se na Misa co pobo só hai un ministro, el pode exerce-los diferentes ministerios.

**73.** A efectiva preparación de calquera celebración débese facer en boa harmonía entre tódolos que teñen algo que ver nela, ben no que se refere ó rito ou á cuestión pastoral e á musical, baixo a moderación do rector da igrexa e tendo en conta tamén ós fieis naquelo que directamente lles corresponde.

55. Cf. S. Congr. para o Culto Divino, Instr. *Liturgicae instaurationes*, do 5 de set. do 1970, n. 7: A.A.S. 62 (1970) pp. 700-701.

## CAPÍTULO IV

# AS DIFERENTES MANEIRAS DE CELEBRA-LA MISA

**74.** Nunha Igrexa local o primeiro lugar, sen dúbida, correspóndelle, pola súa significación especial, á Misa que preside o bispo rodeado polo seu presbiterio e demais ministros (56), e na que o pobo santo de Deus participa plena e activamente. Aí é onde se dá a principal manifestación da Igrexa.

**75.** Téñase en grande consideración tamén a Misa que se celebra con algunha comunidade, maiormente coa comunidade parroquial, xa que representa á Igrexa universal nun tempo e lugar concretos, sobre todo na celebración comunitaria do domingo (57).

**76.** Entre as Misas celebradas por algunhas comunidades ocupa un lugar peculiar a Misa conventual, que é unha parte do Oficio cotián, é a Misa chamada «de Comunidade». Aínda que estas Misas non teñen ningunha forma especial de celebración, cómpre moito que se celebren con canto, e sobre todo coa plena participación de tódolos membros da comunidade de relixiosos ou de cóengos. Que cada quen nestas Misas desempeñe o seu ministerio segundo a Orde recibida. Está moi ben que tódolos presbíteros que non están obrigados por utilidade pastoral a celebrar individualmente concelebren nestas Misas cantas veces poidan. Aínda máis, tódolos sacerdotes pertencentes a unha comunidade que teñan a obriga de celebrar individualmente por utilidade pastoral dos fieis poden concelebra-lo mesmo día na Misa conventual ou «de Comunidade» (58).

## I. A MISA CON POBO

**77.** Por Misa con pobo enténdese a que se celebra con participación dos fieis. Cómpre que dentro do posible, sobre todo os domingos e festas de precepto, esta Misa se celebre con canto e con número adecuado de ministros (59); emporiso, tamén se pode celebrar sen canto e cun só ministro.

56. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 41.
57. Cf. *Ibid.*, n. 42; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 26: A.A.S. 59 (1967) p. 555; Conc. Vat. II, Const. dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, n. 28; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 5.
58. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 47: A.A.S. 59 (1967) p. 565; S. Congr. para o Culto Divino, Declaración sobre a concelebración, do 7 de ag. do 1972: A.A.S. 64 (1972) pp. 561-563.
59. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 26: A.A.S. 59 (1967) p. 555; Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, nn. 16, 27: A.A.S. 59 (1967) pp. 305, 308.

**78.** Cómpre que de ordinario asistan ó sacerdote un lector, un cantor e polo menos outro ministro; a esta forma chamarémola «típica» no que segue. Con todo, o rito que se describe a continuación prevé a posibilidade dun maior número de ministros.

En calquera forma de celebración pode estar presente o diácono cumprindo co seu ministerio.

## Cousas que hai que preparar

**79.** O altar ha estar cuberto polo menos cun mantel. Sobre o altar ou arredor del colóquense polo menos dous candelabros coas súas velas acesas, ou tamén catro, ou seis, ou, se celebra o bispo da diócese, sete. Asimesmo, sobre o altar ou cerquiña del estea a cruz. Os candelabros e maila cruz pódense traer na procesión de entrada. Sobre o altar pódese poñer —agás que se traia na procesión de entrada— o libro dos Evanxelios, distinto do libro das outras lecturas.

**80.** No presbiterio prepárese:

*a)* A carón da sé do sacerdote, o misal e, segundo conveña, o libriño dos cantos.

*b)* No ambón, o libro das lecturas.

*c)* Na credencia, o cáliz, o corporal, o purificador, a palia, se cómpre, a patena e, se é necesario, os copóns co pan para a Comunión do sacerdote, dos ministros e do pobo; as xarriñas da auga e do viño con viño e con auga, a non ser que todas estas cousas as presenten os fieis no ofertorio; a bandexiña para a Comunión dos fieis e o que sexa necesario para lava-las mans. O cáliz estea cuberto cun velo que pode ser sempre de cor branca.

**81.** Na sacristía, segundo as diversas formas de celebración, prepárense as vestiduras sagradas do sacerdote e dos ministros:

*a)* Para o sacerdote, alba, estola e casula.

*b)* Para o diácono, alba, estola e dalmática; esta pódese suprimir, ou por necesidade ou por se tratar dunha solemnidade inferior.

*c)* Para os demais ministros, albas ou outras vestimentas lexitimamente aprobadas.

Tódolos que vistan alba empreguen tamén o cíngulo e o amito, agás que se provexa doutro xeito.

A) A FORMA TÍPICA

## Os ritos iniciais

**82.** Unha vez reunido o pobo, o sacerdote e os ministros, vestidos coas roupas sagradas, achéganse ó altar con esta orde:

*a)* Un ministro co incensario fumegando, se se emprega o incenso.
*b)* Os ministros que, segundo conveña, levan os cirios, e no medio deles, se é do caso, outro ministro coa cruz.
*c)* Os acólitos e outros ministros.
*d)* O lector que pode leva-lo libro dos Evanxelios.
*e)* O sacerdote que vai celebra-la Misa.

Se se emprega o incenso, o sacerdote bótao no incensario antes de saí-la procesión.

**83.** Mentres se fai a procesión cara ó altar, execútase a cantiga de entrada (cf. nn. 25-26).

**84.** Cando chegan ó altar, o sacerdote e os ministros fan a debida reverencia; isto é, unha inclinación profunda ou, no caso de estar alí o sagrario co Santísimo Sacramento, un axionllamento.

A cruz, se é que foi levada na procesión, colócase ó pé do altar ou noutro lugar oportuno; os candeeiros levados polos ministros colócanse a carón do altar ou sobre da credencia; o libro dos Evanxelios ponse enriba do altar.

**85.** O sacerdote sobe ó altar e venérao cun bico. Despois, se se cre oportuno, incensa o altar dando a volta arredor del.

**86.** Feito isto, o sacerdote diríxese á sé. Rematada a cantiga de entrada, o sacerdote e os fieis, de pé, fan o sinal da cruz. O sacerdote di: No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo. O pobo responde: Amén.

Despois, volvéndose cara ó pobo e coas mans extendidas, saúdao cunha das fórmulas propostas. Amais do saúdo, el mesmo ou outro ministro idóneo cunhas palabriñas pode introduci-los fieis na Misa do día.

**87.** Despois do acto penitencial dinse o Señor, ten piedade e o Gloria, de acordo coas rúbricas (nn. 30-31). O Gloria pódeno entonar o mesmo sacerdote, os cantores ou todos conxuntamente.

**88.** Logo o sacerdote invita ó pobo a rezar, dicindo coas mans xuntas: Oremos. E todos, xunto co sacerdote, rezan unha miguiña en silencio. Entón o sacerdote coas mans extendidas di a oración e, ó acabala, o pobo aclama: Amén.

## A liturxia da palabra

**89.** Terminada a oración, o lector diríxese ó ambón a le-la primeira lectura que todos escoitan e ó final pronuncian a aclamación.

**90.** Cando se acaba a lectura, o salmista ou cantor ou o mesmo lector recita o salmo e o pobo vai dicindo a resposta (cf. n. 36).

**91.** A continuación, se se ten unha segunda lectura antes do Evanxelio, o lector lea no ambón, como queda dito, e todos a escoitan sentados; ó final pronuncian a aclamación.

**92.** Segue o Aleluia ou outra cantiga, segundo o pida o tempo litúrxico (cf. nn. 37-39).

**93.** Mentres se canta o Aleluia ou outra cantiga, o sacerdote bota incenso, se é que se vai empregar. Logo, coas mans xuntas e inclinándose diante do altar, di en secreto: Munda cor meum (Purifica o meu corazón).

**94.** Entón colle o libro dos Evanxelios, se está no altar, e, precedido polos ministros que poden leva-lo incenso e os candeeiros, achégase ó ambón.

**95.** No ambón, o sacerdote abre o libro e di: O Señor sexa convosco e despois: Lectura do santo Evanxelio, signando co pulgar o libro e signándose a si mesmo na frente, na boca e no peito. Despois incensa o libro, se se emprega o incenso. Despois da aclamación do pobo proclama o Evanxelio e cando remata bica o libro dicindo en secreto: Per evangélica dicta deleántur nostra delícta (Que as palabras do Evanxelio borren os nosos pecados). Despois do Evanxelio o pobo fai a aclamación segundo os costumes de cada rexión.

**96.** Se non hai lector, o sacerdote mesmo proclama tódalas lecturas e, se é necesario, tamén as cantigas que veñan despois delas, de pé no ambón. Alí mesmo bota o incenso, se se emprega, e, cangado, di: Munda cor meum (Purifica o meu corazón).

**97.** A homilía tense desde a sé ou desde o mesmo ambón.

**98.** O símbolo recítao o sacerdote xuntamente co pobo (cf. n. 44). Ás palabras E, por obra do Espírito Santo, encarnou no seo da Virxe María facéndose home, todos se cangan; nas solemnidades da Anunciación e do Nadal axiónllanse.

**99.** Despois, coa participación do pobo no que lle corresponde, faise a oración universal ou oración dos fieis que o sacerdote modera desde a sé ou desde o ambón (cf. nn. 45-47).

## A liturxia eucarística

**100.** Terminada a oración universal, empézase a cantiga do ofertorio (cf. n. 50). Os ministros colocan no altar o corporal, o purificador, o cáliz e o misal.

**101.** Cómpre que a participación dos fieis se manifeste polo ofrecemento do pan e do viño para a celebración da Eucaristía ou doutros dons para subvir ás necesidades da igrexa e dos pobres.

As ofrendas dos fieis son recibidas oportunamente polo sacerdote coa axuda dos ministros e colócanse nun lugar apto; o pan e o viño para a Eucaristía lévanse ó altar.

**102.** O sacerdote no altar recibe do ministro a patena con pan e terma dela coas dúas mans un pouquiño erguida sobre o altar, dicindo a fórmula establecida; despois coloca a patena con pan encol do corporal.

**103.** Logo, nunha beira do altar, bota viño e un pouquiño de auga no cáliz ó tempo que di en secreto a fórmula prescrita; un ministro preséntalle as xarriñas da auga e mais do viño. Volvendo ó medio do altar, terma coas dúas mans do cáliz, erguéndoo un pouquiño e dicindo a fórmula establecida, e despois coloca o cáliz encol do corporal e, se é necesario, cúbreo coa palia.

**104.** Colocado o cáliz no altar, o sacerdote, cangado, di en voz baixa: In spíritu humilitátis (Señor, acudimos a ti).

**105.** Despois, se se cre oportuno, o sacerdote incensa as ofrendas e o altar; e un ministro incensa ó sacerdote e ó pobo.

**106.** Despois da oración In spíritu humilitátis (Señor, acudimos a ti) ou despois da incensación, o sacerdote, de pé nunha beira do altar, lava as mans ó tempo que di en secreto a fórmula establecida; un ministro bótalle a auga.

**107.** Volve logo ó centro do altar e de pé cara ó pobo, extendendo e xuntando as mans, invita ó pobo a rezar dicindo: Pregade, irmáns. Despois da resposta do pobo, coas mans extendidas di a oración sobre as ofrendas. Ó final o pobo aclama: Amén.

**108.** Entón, o sacerdote principia a Pregaria eucarística. Coas mans extendidas di: O Señor sexa convosco. Cando continúa: Erguede os corazóns, ergue as mans; e coas mans extendidas engade: Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. Despois que o pobo responde: É digno e de xusticia, o sacerdote segue co prefacio; unha vez acabado este, coas mans xuntas, xuntamente cos ministros e co pobo, canta ou proclama con voz clara o Santo e Bendito (cf. n. 55 b).

**109.** O sacerdote continúa a Pregaria eucarística de acordo coas rúbricas contidas en cada Pregaria.

Se o celebrante é un Bispo, despois das palabras: tamén polo teu servidor o noso Papa N., engade: e comigo, indigno servo teu.

O Ordinario do lugar debe mencionarse da forma seguinte: tamén polo teu servidor o noso Papa N., co noso Bispo (ou ben: Vicario, Prelado, Prefecto, Abade) N. Na Pregaria eucarística pódese menciona-los bispos coadxutores e auxiliares. Se os que se mencionan son moitos, daquela emprégase a forma xeral: co noso Bispo N. e cos seus bispos auxiliares (60).

En cada Pregaria eucarística hai que adapta-las ditas mencións ás regras gramaticais.

Un pouquiño antes da consagración, se parece conveniente, un ministro advirte ós fieis cunha campaíña. E tamén fai soa-la campaíña en cada unha das elevacións, de acordo co costume de cada lugar.

**110.** Rematada a doxoloxía que hai ó final da Pregaria eucarística, o sacerdote coas mans xuntas di a monición de antes da oración dominical, que logo recita coas mans extendidas xuntamente co pobo.

**111.** Ó acaba-la oración dominical, o sacerdote coas mans extendidas di el só o embolismo Líbranos, Señor, e ó rematalo o pobo aclama: Pois teus son o reino.

**112.** Despois o sacerdote di con voz clara a oración Señor Xesucristo, ti dixécheslles; en acabándoa, extendendo e xuntando as mans, anuncia a paz dicindo: A paz do Señor sexa sempre convosco. O pobo responde: E contigo tamén. Despois, segundo conveña, o sacerdote engade: Dádevo-la paz coma irmáns. E todos, segundo os costumes, significanse mutuamente a paz e o amor. O sacerdote pódelle da-la paz ós ministros.

**113.** Despois o sacerdote colle a hostia e pártea sobre a patena e bota un anaquiño dela no cáliz dicindo polo baixiño: Haec commíxtio (Que esta unión). Ó tempo, o coro e o pobo cantan ou recitan o Año de Deus (cf. n. 56 e).

**114.** Entón o sacerdote di en secreto a oración: Dómine Iesu Christe, Fili Dei vivi (Señor Xesucristo, Fillo de Deus vivo) ou Percéptio Córporis et Sánguinis (Que a comunión do teu Corpo e do teu Sangue).

**115.** Acabada a oración, o sacerdote axiónllase, colle a hostia, terma dela un pouquiño erguida sobre a patena e, volto cara ó pobo, di: Este é o Año de Deus, e xuntamente co pobo engade unha vez: Señor, eu non son merecente.

**116.** Deseguida, volvéndose cara ó altar, o sacerdote di en secreto: Corpus Christi custódiat me in vitam aetérnam (Que o Corpo de Cristo me garde para a vida eterna), e come reverentemente o Corpo de Cristo. Despois colle o cáliz e di: Sanguis Christi custódiat me in vitam aetérnam (Que o Sangue de Cristo me garde para a vida eterna), e bebe reverentemente o Sangue de Cristo.

60. Sobre a forma de mencionar ó Bispo na Pregaria eucarística: cf. S. Congr. para o Culto Divino, Decr. do 9 de out. do 1972: A.A.S. 64 (1972) pp. 692-694.

**117.** Deseguida colle a patena ou o copón e achégase ós que van comulgar; móstralle a cada un a hostia un pouquiño erguida e di: O Corpo de Cristo. O que vai comulgar responde: Amén e recibe o Sacramento coa bandexiña baixo a boca.

**118.** Para a Comunión baixo as dúas especies sígase o rito descrito no seu lugar (cf. nn. 240-252).

**119.** Mentres o sacerdote recibe o Sacramento, empézase o canto de Comunión (cf. n. 56 i).

**120.** Unha vez acabada a distribución da Comunión, o sacerdote volve ó altar, recolle os anaquiños se é que os hai; despois, nunha beira do altar ou na credencia, purifica a patena ou o copón sobre o cáliz, logo purifica o cáliz dicindo en secreto: Quod ore súmpsimus (Señor, que acollamos), e enxúgao co purificador. Se purifica os vasos no altar, un ministro lévaos á credencia. Tamén está permitido deixa-los vasos que se han purificar, maiormente se son moitos, no altar ou na credencia, enriba do corporal e ben cubertos, para purificalos despois da Misa desde que marche o pobo.

**121.** Realizadas as purificacións, o sacerdote pode volver á sé. Pódese gardar durante unha miguiña o silencio sagrado, ou cantar unha cantiga de louvanza ou un salmo (cf. n. 56 j).

**122.** Despois, de pé a carón da sé, ou do altar, o sacerdote vólvese ó pobo e di: Oremos e, coas mans extendidas, recita a oración de despois da Comunión, precedida, se se quere, dun anaquiño de silencio, a non ser que se tivera despois da Comunión. Ó final da oración o pobo aclama: Amén.

## O rito de conclusión

**123.** Acabada a oración de despois da Comunión, dánselle ó pobo brevemente os avisos que haxa que lle dar.

**124.** Despois o sacerdote, extendendo as mans, saúda ó pobo dicindo: O Señor sexa convosco, e o pobo responde: E contigo tamén. E deseguida engade: Bendígavos Deus todopoderoso —aquí fai o sinal da bendición—: Pai e Fillo e Espírito Santo. Todos responden: Amén.

Nalgúns días e circunstancias antes desta fórmula de bendición pódese dicir, de acordo coas rúbricas, outra fórmula máis solemne ou a oración sobre o pobo.

Deseguida da bendición, o sacerdote, coas mans xuntas, engade: Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe, e todos responden: Deámoslle gracias a Deus.

**125.** Entón o sacerdote venera o altar cun bico, se é costume. E despois de face-la debida reverencia cos ministros, vaise.

**126.** Pero se á Misa lle segue outra acción litúrxica, daquela omítese o rito de conclusión, isto é, o saúdo, a bendición e a despedida.

### B) Os oficios do diácono

**127.** Cando hai un diácono cumprindo co seu ministerio, obsérvanse as normas descritas no capítulo anterior, coa excepción das que seguen:

En xeral o diácono:

*a)* Asiste ó sacerdote e anda sempre cabo del.

*b)* Serve no altar no referente ó cáliz e ó libro.

*c)* Se non hai outro ministro, cumpre o papel deles, segundo se vexa necesario.

## Os ritos iniciais

**128.** Vestido coas roupas sagradas o diácono, se leva o libro dos Evanxelios, vai diante do sacerdote que avanza cara ó altar; senón camiña a carón del.

**129.** Despois de facer xuntamente co sacerdote a debida reverencia ó altar, o diácono sobe ó altar con el, pon sobre o altar o Evanxeliario, se é que o leva, e venera o altar cun bico como o fai o sacerdote. Asiste despois o sacerdote, se se emprega o incenso, para botalo no incensario e para incensa-lo altar.

**130.** Unha vez incensado o altar, diríxese á sé co sacerdote e alí permanece a carón do sacerdote e sérveo no que sexa necesario.

## A liturxia da palabra

**131.** Mentres se canta o Aleluia ou outra cantiga, se se emprega o incenso, axuda ó sacerdote a botalo no incensario, e despois, inclinado diante do sacerdote, pide a bendición dicindo polo baixiño: Iube, domne, benedícere (Padre, dáme a túa bendición). O sacerdote bendíceo dicindo: Dóminus sit in corde tuo (O Señor estea no teu corazón). O diácono responde: Amén. Despois colle o libro dos Evanxelios, se está no altar, e vai cara ó ambón precedido dos ministros, se os hai, cos candeeiros e o incenso se se cre oportuno. Alí saúda ó pobo, incensa o libro e proclama o Evanxelio. Ó acabar, venera o libro cun bico e di en secreto: Per evangélica dicta (Que as palabras do Evanxelio), e volve para cabo do sacerdote. Se non hai homilía nin se di o símbolo, pode permanecer no ambón para a oración universal; os ministros retíranse.

**132.** O mesmo diácono desde o ambón ou desde outro lugar conveniente proclama as intencións da oración dos fieis despois da introducción do sacerdote.

## A liturxia eucarística

**133.** No momento do ofertorio o sacerdote permanece na sé, e mentres o diácono prepara o altar, coa axuda dos outros ministros; é a el a quen lle corresponde o coidado dos vasos sagrados. Despois entrégalle ó sacerdote a patena co pan que se vai consagrar; bota viño e un pouquiño de auga no cáliz e di en secreto: Per huius aquae (Que así como esta auga), e despois preséntallo ó sacerdote. A preparación do cáliz e a infusión do viño e mais da auga pódese facer na credencia. Se se emprega o incenso, axuda o sacerdote na incensación das ofrendas e do altar, e despois el mesmo ou outro ministro incensa o sacerdote e o pobo.

**134.** Durante a Pregaria eucarística o diácono está preto do sacerdote, un pouquiño detrás del, para o servir no referente ó cáliz e ó misal sempre que lle faga falta.

**135.** No momento da doxoloxía final da Pregaria eucarística colócase a carón do sacerdote e terma do cáliz un pouquiño erguido, mentres o sacerdote ergue a patena coa hostia, ata que o pobo responda Amén.

**136.** Despois de que o sacerdote di a oración pola paz e o A paz do Señor sexa sempre convosco, e de que o pobo responde E contigo tamén, o diácono, se se cre oportuno, fai a invitación á paz dicindo: Dádevo-la paz coma irmáns. El recibe a paz do sacerdote e pódella ofrecer ós ministros que estean máis preto del.

**137.** Unha vez que o sacerdote comulgue, el recibe a Comunión baixo as dúas especies, e axuda despois a distribuí-la Comunión ó pobo. Se se dá a Comunión baixo as dúas especies el ofrécelle o cáliz ós que comulgan e é o último en beber do cáliz.

**138.** Rematada a distribución da Comunión, o diácono volve ó altar co sacerdote, recolle os anaquiños se os hai, e leva o cáliz e os outros vasos sagrados á credencia; alí purifícaos e ordénaos mentres o sacerdote se dirixe á sé. Tamén está permitido deixa-los vasos que se han purificar, maiormente se son moitos, no altar ou na credencia, enriba do corporal e ben cubertos, e purifícalos despois da Misa desde que marche o pobo.

## O rito de conclusión

**139.** Dita a oración de despois da Comunión, o diácono dille ó pobo os avisos que lle teña que dicir, a non ser que sexa o mesmo sacerdote quen llos queira dicir.

**140.** Despois da bendición do sacerdote, o diácono despide o pobo dicindo: Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

**141.** Despois, xuntamente co sacerdote venera o altar cun bico, e, facendo a debida reverencia, vaise do mesmo xeito que viñera.

### C) Os oficios do acólito

**142.** Os oficios que pode desempeña-lo acólito son de diverso xénero; pódese da-lo caso de que concorran varios a un tempo. Polo tanto, cómpre que se distribúan, segundo a oportunidade, entre varios; se só está presente un acólito, que el faga o que é de máis importancia, e que deixe o demais para os outros ministros.

## Os ritos iniciais

**143.** Na procesión ó altar pode leva-la cruz entre dous ministros con cirios acesos. Cando chega ó altar, deixa a cruz preto do mesmo e ocupa o seu lugar no presbiterio.

**144.** Durante toda a celebración perténcelle ó acólito achegarse ó sacerdote ou ó diácono cantas veces cumpra para servi-lo libro e para lles axudar en todo o necesario. Cómpre, polo tanto, que, na medida do posible, ocupe un lugar desde o que poida exercer doadamente o seu ministerio, na sé ou no altar.

## A liturxia eucarística

**145.** Non habendo diácono, unha vez rematada a oración universal e mentres o sacerdote permanece na sé, o acólito pon encol do altar o corporal, o purificador, o cáliz e o misal. Despois, se é necesario, axuda ó sacerdote na acollida dos dons do pobo e oportunamente leva o pan e mailo viño ó altar e entrégallo ó sacerdote. Se se emprega o incenso, preséntalle o incensario ó sacerdote e axúdalle na incensación das ofrendas e do altar.

**146.** Pódelle axudar ó sacerdote, como ministro extraordinario, na distribución da Comunión ó pobo (61). Se se dá a Comunión baixo as dúas especies, ofrécelle o cáliz ós que comulgan ou, se a Comunión é por intinción, terma do cáliz.

**147.** Rematada a distribución da Comunión, axuda ó sacerdote ou ó diácono na purificación e no amaño dos vasos sagrados. Se non hai diácono, o acólito leva á credencia os vasos sagrados e alí purifícaos e amáñaos.

61. Cf. Paulo VI, Carta apost. *Ministeria quaedam*, do 15 de ag. do 1972, n. VI: A.A.S. 64 (1972) p. 532.

### D) Os oficios do lector

## Os ritos iniciais

**148.** Na procesión cara ó altar, non habendo diácono, o lector pode leva-lo libro dos Evanxelios; neste caso, vai diante do sacerdote; senón vai cos outros ministros.

**149.** Ó chegaren ó altar, fai a debida reverencia xuntamente co sacerdote, sube ó altar, deixa sobre el o libro dos Evanxelios e colócase no presbiterio cabo dos outros ministros.

## A liturxia da palabra

**150.** Le no ambón as lecturas que hai antes do Evanxelio. Cando non haxa salmista, despois da primeira lectura pode proclama-lo salmo responsorial.

**151.** Se non hai diácono, o lector pode proclama-las intencións da oración universal, despois de que o sacerdote fixera a introducción á mesma.

**152.** Se non hai canto de entrada nin de Comunión e os fieis non recitan as antífonas propostas no Misal, o lector días no intre oportuno.

# II. AS MISAS CONCELEBRADAS

## Advertencias previas

**153.** A concelebración, que manifesta dunha maneira moi boa a unidade do sacerdocio e do sacrificio e ata de todo o pobo de Deus, o mesmo rito a prescribe na ordeación do bispo e do presbítero, e na Misa crismal. Recoméndase, ademais, a non ser que a utilidade dos fieis aconselle outra cousa:

1.ª *a)* No Xoves Santo, tanto para a Misa crismal como para a Misa vespertina.

*b)* Na Misa que se celebra nos Concilios, Conferencias Episcopais e Sínodos.

*c)* Na Misa da bendición dun abade.

2.ª Ademais, contando co permiso do Ordinario, quen debe xulgar da oportunidade da concelebración:

*a)* Na Misa conventual e na Misa principal de igrexas e oratorios, cando a utilidade dos fieis cristiáns non pide a celebración individual de cada un dos sacerdotes presentes.

*b)* Nas Misas que se celebran en calquera clase de xuntanzas de sacerdotes tanto seculares como relixiosos (62).

**154.** Onde hai un grande número de sacerdotes, o superior competente pode conceder que se faga a concelebración varias veces no mesmo día, tendo en conta que ten que ser en tempos sucesivos ou en lugares sagrados diferentes (63).

**155.** Correspóndelle ó Bispo, de acordo co dereito, modera-la disciplina da concelebración na súa diócese, mesmo nas igrexas dos relixiosos exentos e nos oratorios semipúblicos (64).

**156.** Que ninguén sexa admitido para concelebrar desde que a Misa teña empezado (65).

**157.** Hase ter nunha especial consideración a concelebración na que os sacerdotes dalgunha diócese concelebran co seu Bispo, sobre todo na Misa crismal do Xoves Santo e con ocasión do Sínodo ou da visita pastoral. Pola mesma razón recoméndase a concelebración sempre que os sacerdotes se atopan co seu Bispo, por mor dos exercicios espirituais ou de calquera xuntanza. Nestes casos maniféstase dunha maneira especial o sinal de unidade do sacerdocio e da Igrexa que de seu ten toda concelebración (66).

**158.** Por razón da especial significación do rito ou da festividade hai a facultade de celebrar ou de concelebrar varias veces no mesmo día nos casos seguintes:

*a)* O que o día de Xoves Santo celebrou ou concelebrou na Misa crismal, tamén pode celebrar ou concelebrar na Misa vespertina.

*b)* O que celebrou ou concelebrou na primeira Misa da noite pascual, pode celebrar ou concelebrar na segunda Misa pascual.

*c)* No día de Nadal tódolos sacerdotes poden celebrar ou concelebrar tres Misas, coa condición de que se celebren no seu momento.

*d)* Os que concelebran co Bispo ou co seu delegado nun Sínodo, na visita pastoral, ou nas xuntanzas dos sacerdotes, poden celebrar outra vez a Misa para utilidade dos fieis (67). O mesmo vale, valorando as circunstancias especiais, para as xuntanzas de relixiosos co seu Ordinario ou co seu delegado.

**159.** A Misa concelebrada ordénase, para calquera das súas formas, segundo as normas da Misa celebrada por un só sacerdote, tendo en conta as observacións e cambios que se dirán máis adiante.

62. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 57; C.I.C., can. 902.
63. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 47: A.A.S. 59 (1967) p. 566.
64. Cf. *Ritus servandus in concelebratione Missae,* n. 3.
65. Cf. *Ibid.*, n. 8.
66. Cf. S. Congr. de Ritos, Decr. xeral *Ecclesiae semper*, do 7 de marzo do 1965: A.A.S. 57 (1965) pp. 410-412; Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 47: A.A.S. 59 (1967) p. 565.
67. Cf. *Ritus servandus in concelebratione Missae*, n. 9; S. Congr. para o Culto Divino, Declaración sobre a concelebración, do 7 de ag. do 1972: A.A.S. 64 (1972) pp. 561-563.

**160.** Se na Misa concelebrada non hai nin diácono nin outros ministros, os oficios que a eles lles corresponden realízanos algúns concelebrantes.

## Os ritos iniciais

**161.** Os concelebrantes visten as roupas sagradas na sacristía ou noutro lugar axeitado, as mesmas roupas que adoitan poñer cando celebran individualmente. Pero se se dá unha razón xustificada, por exemplo un número moi abondoso de concelebrantes ou a falta de ornamentos, daquela os concelebrantes, agás sempre o celebrante principal, poden omiti-la casula; levan a estola por riba da alba.

**162.** Todo xa ben disposto, faise a procesión pola igrexa cara ó altar. Os presbíteros concelebrantes van diante do celebrante principal.

**163.** Cando chegan ó altar os concelebrantes e o celebrante principal, despois de face-la debida reverencia, veneran o altar cun bico; logo diríxense á sé que lles está asignada. O celebrante principal, segundo os casos, incensa o altar e despois vaise para a sé.

## A liturxia da palabra

**164.** Durante a liturxia da palabra os concelebrantes ocupan o seu posto e séntanse e érguense nos mesmos momentos que o celebrante principal.

**165.** A homilía tena normalmente o celebrante principal, ou un dos concelebrantes.

## A liturxia eucarística

**166.** Os ritos do ofertorio realízaos o celebrante principal; os concelebrantes permanecen nos seus postos.

**167.** Feitos xa os ritos do ofertorio, os concelebrantes achéganse ó altar e permanecen de pé preto del, de maneira que non sexan un impedimento para realiza-los ritos, que os fieis vexan ben o rito sagrado e que non supoñan un atranco para o diácono cando se achegue ó altar por razón do seu ministerio.

### *Modo de proclama-la Pregaria eucarística*

**168.** O prefacio dío só o celebrante principal; pero o Santo cántano ou recítano todos xuntamente co pobo e cos cantores.

**169.** Rematado o Santo, os concelebrantes prosiguen a Pregaria eucarística de acordo co devandito. Só o celebrante principal fai os xestos, agás que se indique outra cousa.

**170.** As partes que proclaman xuntos tódolos concelebrantes débense recitar de maneira que os concelebrantes as digan nun tono de voz baixo, para que así se escoite claramente a voz do celebrante principal. O pobo entón poderá entender máis doadamente o texto.

A) *A Pregaria eucarística I ou Canon Romano*

**171.** A ti, pois, Pai de bondade infinita, díο só o celebrante principal coas mans extendidas.

**172.** O Acórdate, Señor, e o En comunión pódenselle encomendar a algún dos concelebrantes; neste caso recita só estas preces con voz clara e coas mans extendidas.

**173.** O Acolle, Señor, díο só o celebrante principal coas mans extendidas.

**174.** Desde o Bendice e acepta, Pai, ata o Pedímosche humildemente dino todo tódolos concelebrantes xuntamente deste xeito:

*a)* Bendice e acepta, Pai, coas mans extendidas cara ás ofrendas.

*b)* El, na noite, e De igual modo, coas mans xuntas.

*c)* As palabras do Señor coa man dereita extendida cara ó pan e ó cáliz, se parece oportuno; no momento da elevación ollan para a hostia e mais para o cáliz e despois inclínanse profundamente.

*d)* Por iso, Señor, e Mira con agrado, coas mans extendidas.

*e)* Pedímosche humildemente, inclinados e coas mans xuntas ata as palabras cantos recibimos neste altar; despois erguidos fan o sinal da cruz mentres din: recibamos tamén a plenitude da túa gracia e bendición.

**175.** O Acórdate, Señor, dos defuntos e o E tamén a nós pódenselle encomendar a algún dos concelebrantes; neste caso recita só estas preces con voz clara e coas mans extendidas.

**176.** Cando din: E tamén a nós, tódolos concelebrantes danse un golpe de peito.

**177.** O Por el continúas creando díο só o celebrante principal.

**178.** Nesta Pregaria eucarística as partes que van dende Bendice e acepta, Pai, ata o Pedímosche humildemente e a doxoloxía final pódense proclamar cantando.

B) *A Pregaria eucarística II*

**179.** Ti es, Señor, verdadeiramente santo dío só o celebrante principal coas mans extendidas.

**180.** Desde Manda o teu Espírito ata Pedímosche humildemente dino tódolos concelebrantes xuntamente deste xeito:

*a)* Manda o teu Espírito, coas mans extendidas cara ás ofrendas.

*b)* El, ó irse entregar voluntariamente á paixón e De igual modo, coas mans xuntas.

*c)* As palabras do Señor coa man dereita extendida cara ó pan e ó cáliz, se parece oportuno; no momento da elevación ollan para a hostia e mais para o cáliz e despois inclínanse profundamente.

*d)* Celebrando agora, Señor, e Pedímosche humildemente, coas mans extendidas.

**181.** As intercesións polos vivos: Lémbrate, Señor, e polos defuntos: Lémbrate tamén, Señor, pódenselle encomendar a algún dos concelebrantes; neste caso recita só estas preces coas mans extendidas.

**182.** As seguintes partes desta Pregaria eucarística: El, ó irse entregar voluntariamente a paixón, De igual modo, Celebrando agora, Señor, e tamén a doxoloxía final pódense proclamar cantando.

C) *A Pregaria eucarística III*

**183.** Señor, noso Pai, ti es verdadeiramente santo, dío só o celebrante principal coas mans extendidas.

**184.** Dęsde Por iso che pedimos humildemente, ata Volve os teus ollos, dino tódolos concelebrantes xuntamente deste xeito:

*a)* Por iso che pedimos humildemente, coas mans extendidas cara ás ofrendas.

*b)* El, na noite en que foi entregado, e De igual modo, coas mans xuntas.

*c)* As palabras do Señor coa man dereita extendida cara ó pan e ó cáliz, se parece oportuno; no momento da elevación ollan para a hostia e mais para o cáliz e despois inclínanse profundamente.

*d)* Por iso, Señor, celebrámo-lo memorial e Volve os teus ollos, coas mans extendidas.

**185.** As intercesións Que o mesmo Espírito Santo e Que esta víctima pódenselle encomendar a algún dos concelebrantes; neste caso recita só estas preces coas mans extendidas.

**186.** As seguintes partes desta Pregaria eucarística: El, na noite en que foi entregado, De igual modo, Por iso, Señor, celebrámo-lo memorial e tamén a doxoloxía final pódense proclamar cantando.

D) *A Pregaria eucarística IV*

**187.** Glorificámoste, Pai santo, ata e nos leva á plenitude da gracia, dío só o celebrante principal coas mans extendidas.

**188.** Desde Por iso agora che pedimos, Señor, ata Volve os teus ollos, Señor, dino tódolos concelebrantes xuntamente deste xeito:

*a)* Por iso agora che pedimos, Señor, coas mans extendidas cara ás ofrendas.

*b)* Pois el, que amou sempre, e De igual modo, coas mans xuntas.

*c)* As palabras do Señor coa man dereita extendida cara ó pan e ó cáliz, se parece oportuno; no momento da elevación ollan para a hostia e mais para o cáliz e despois inclínanse profundamente.

*d)* Por iso, Señor, celebramos agora e Volve os teus ollos, Señor, coas mans extendidas.

**189.** As intercesións E agora, Señor, acórdate e Acórdate tamén de tódolos defuntos pódenselle encomendar a un dos concelebrantes; neste caso recita só estas preces coas mans extendidas.

**190.** As seguintes partes desta Pregaria eucarística: Pois el, que amou sempre, De igual modo, Por iso, Señor, celebramos agora e tamén a doxoloxía final pódense proclamar cantando.

**191.** A doxoloxía final da Pregaria eucarística proclámaa ou soamente o celebrante principal ou o celebrante principal con tódolos concelebrantes.

*O rito de comunión*

**192.** Despois o celebrante principal coas mans xuntas di a monición previa á oración dominical e a continuación coas mans extendidas xuntamente cos demais concelebrantes e co pobo recita a oración do Señor.

**193.** O Líbranos, Señor, dío só o celebrante principal coas mans extendidas. Tódolos concelebrantes e o pobo proclaman a aclamación final: Pois teus son o reino.

**194.** Despois da monición do diácono ou dun dos concelebrantes: Dádevo-la paz coma irmáns, todos se dan a paz. Os que están máis preto do celebrante principal reciben del a paz, antes có diácono.

**195.** Mentres se di o Año de Deus, algúns dos concelebrantes poden axudar ó celebrante principal a parti-lo pan para a Comunión dos concelebrantes e do pobo.

**196.** Feita a mistura, só o celebrante principal di en secreto a oración Dómine Iesu Christe, Fili Dei vivi (Señor Xesucristo, Fillo de Deus vivo) ou Percéptio Córporis et Sánguinis tui (Que a comunión do teu Corpo e do teu Sangue).

**197.** En acabando esta oración, o celebrante principal axiónllase e retírase un pouquiño para atrás. Os concelebrantes un tra-lo outro vanse achegando ó medio do altar, axiónllanse e collen do altar con reverencia o Corpo de Cristo, e termando del coa man dereita e coa esquerda por baixo, vólvense para o seu posto. Tamén poden permanecer nos seus postos os concelebrantes e colle-lo Corpo de Cristo da patena que o celebrante principal ou un ou varios dos concelebrantes sosteñen pasando por diante deles ou entregándolle a patena ó seguinte e así ata o derradeiro.

**198.** Despois o celebrante principal colle a hostia, érguea un pouquiño sobre a patena, e, volvéndose cara ó pobo, di: Este é o Año de Deus e continúa cos concelebrantes e co pobo dicindo: Señor, eu non son merecente.

**199.** Despois o celebrante principal, volto cara ó altar, di polo baixiño: Corpus Christi custódiat me in vitam aetérnam (Que o Corpo de Cristo me garde para a vida eterna), e come reverentemente o Corpo de Cristo. Dun xeito semellante fan os concelebrantes. Despois deles o diácono recibe do celebrante principal o Corpo do Señor.

**200.** O Sangue de Cristo pódese sumir ou bebendo directamente do mesmo cáliz, ou cunha caniña ou cunha culleriña ou por intinción.

**201.** Se a Comunión se fai bebendo directamente do cáliz, pódese realizar dun dos xeitos seguintes:

*a)* O celebrante principal colle o cáliz e di polo baixiño: Sanguis Christi custódiat me in vitam aetérnam (Que o Sangue de Cristo me garde para a vida eterna), toma un pouquiño de Sangue e pásalle o cáliz ó diácono ou ó concelebrante. Despois distribúe a Comunión ós fieis ou vaise para a sé. Os concelebrantes un tra-lo outro, ou de dous en dous se hai dous cálices, vanse achegando ó altar, beben o Sangue e volven ó seu asento. O diácono ou un concelebrante limpa o cáliz cun purificador despois da Comunión de cada concelebrante.

*b)* O celebrante principal bebe o Sangue do Señor normalmente no medio do altar. Os concelebrantes poden sumi-lo Sangue do Señor permanecendo nos seus postos e bebendo do cáliz que lle ofrece o diácono ou un dos concelebrantes; ou tamén pasándose o cáliz uns ós outros. O cáliz límpao sempre cada un dos que beben ou o que presenta o cáliz. Segundo van comulgando vólvense para a súa sé.

**202.** Se a Comunión se fai cunha caniña, realízase deste xeito: O celebrante principal colle a caniña e di polo baixiño: Sanguis Christi custódiat me in vitam aetérnam (Que o Sangue de Cristo me garde para a vida eterna), bebe un pouco de Sangue e deseguida purifica a caniña collendo un pouco de auga dun vaso oportunamente colocado enriba do altar, e pósusaa nunha bandexa preparada para o caso. Despois o diácono ou un dos concelebrantes coloca oportunamente o cáliz sobre o corporal no medio do altar ou na súa banda dereita. Preto deste cáliz ponse tamén un vaso con auga para limpa-las caniñas e unha bandexiña para pousalas despois nela.

Os concelebrantes vanse achegando un tra-lo outro, collen a caniña e beben un pouquiño de Sangue; despois purifican a caniña, bebendo un pouquiño de auga, e pósusana no vaso preparado para o caso.

**203.** Se a Comunión do cáliz se fai cunha culleriña, daquela procédese do mesmo xeito que na Comunión coa caniña; cóidese emporiso que despois da Comunión a culleriña se coloque nun vaso con auga; logo que remate a Comunión o acólito leva este vasiño a unha mesa preparada, para purificar e enxuga-las culleriñas.

**204.** En último lugar achégase o diácono. Despois de bebe-lo Sangue de Cristo, consume todo canto sobrou, leva o cáliz á credencia e alí el mesmo ou un acólito purifícao, enxúgao e amáñao como convén.

**205.** A Comunión dos concelebrantes tamén se pode ordenar de xeito que cada un deles se achegue ó altar e comulgue do Corpo e xa deseguida do Sangue de Cristo.

Neste caso o celebrante principal recibe a Comunión baixo as dúas especies o mesmo que cando celebra só a Misa, seguindo, iso si, o rito para a Comunión do cáliz escollido en cada caso, que os outros concelebrantes deben seguir.

Despois de comulga-lo celebrante principal, colócase o cáliz na banda dereita do altar sobre outro corporal. Os concelebrantes un tra-lo outro achéganse ó medio do altar, axiónllanse e comulgan o Corpo de Cristo; pasan a continuación para a banda dereita do altar e beben o Sangue do Señor, seguindo o rito escollido para a Comunión do cáliz, como queda dito.

A Comunión do diácono e a purificación do cáliz fanse do mesmo xeito que nos casos anteriores.

**206.** Se a Comunión dos concelebrantes se fai por intinción, daquela o celebrante principal toma, coma de costume, o Corpo e o Sangue do Señor, coidando non obstante de que no cáliz quede Sangue abondo para a Comunión dos concelebrantes. Despois o diácono ou un dos concelebrantes coloca oportunamente o cáliz ou no medio do altar ou na súa banda dereita sobre outro corporal, e unha patena con anaquiños de hostia. Os concelebrantes un tra-lo outro vanse achegando ó altar, axiónllanse, collen un anaquiño de hostia, móllano parcialmente no cáliz, e, colocando a patena debaixo da boca, toman o anaquiño mollado; despois volven para o mesmo sitio do comezo da Misa.

O diácono tamén recibe a Comunión por intinción; respóndelle Amén ó concelebrante que lle di: O Corpo e o Sangue de Cristo. O diácono bebe no altar todo o Sangue que sobrou, leva o cáliz á credencia, e alí, el mesmo ou un acólito purifícao, enxúgao e amáñao coma de costume.

## O rito de conclusión

**207.** Todo o demáis que falta deica o remate da Misa faino o celebrante principal coma de costume; mentres os demais concelebrantes permanecen nas súas sés.

**208.** Antes de se retirar do altar, fanlle a debida reverencia. O celebrante principal venera o altar coma de costume cun bico.

# III. A MISA SEN POBO

## Advertencias previas

**209.** Por Misa sen pobo enténdese a Misa celebrada por un sacerdote coa presencia soamente dun ministro que lle asista e responda.

**210.** Esta Misa segue en xeral o rito da Misa con pobo; o ministro realiza, segundo conveña, as partes que lle corresponden ó pobo.

**211.** A celebración sen ministro ou sen, ó menos, participar algún fiel, non se debe ter, agás en casos de causa xusta e razonable. Se se ten, hanse omiti-los saúdos e a bendición final da Misa.

**212.** Antes da Misa prepárase o cáliz ben na credencia cabo do altar, ben sobre o altar; o misal colócase na banda esquerda do altar.

## Os ritos iniciais

**213.** O sacerdote, despois de face-la reverencia ó altar, santígase dicindo: No nome do Pai; vólvese cara ó ministro, saúdao cunha das fórmulas que hai a escoller, e colocado ó pé do altar, fai o acto penitencial.

**214.** Despois sobe ó altar e venérao cun bico; achégase logo ó misal na banda esquerda do altar e alí permanece ata remata-la oración universal.

**215.** Entón le a antífona de entrada e di o Señor, ten piedade e o Gloria, segundo as rúbricas.

**216.** Despois, coas mans xuntas, di Oremos e, pasado un pouquiño de tempo, recita a oración coas mans extendidas. Ó final o ministro responde Amén.

## A liturxia da palabra

**217.** Dita a oración, o ministro ou o mesmo sacerdote le a primeira lectura e o salmo, e, cando se deba dicir, tamén a segunda lectura e o verso do Aleluia ou outra cantiga.

**218.** Despois, sen se mover daquel sitio, o sacerdote, inclinado, di Munda cor meum (Purifica o meu corazón), e le o Evanxelio. Ó final venera o libro cun bico dicindo polo baixiño: Per evangélica dicta (Que as palabras do Evanxelio). O ministro responde coa aclamación.

**219.** A continuación o sacerdote e mailo ministro recitan xuntos o símbolo, de acordo coas rúbricas.

**220.** Segue a oración universal, que tamén se pode dicir nesta Misa; o sacerdote proclama as intencións e o ministro responde.

## A liturxia eucarística

**221.** A antífona do ofertorio omítese. O ministro coloca enriba do altar o corporal, o purificador e o cáliz, agás que dende o comezo da Misa xa estean alí colocados.

**222.** A preparación do pan e do viño e a infusión da auga fanse como na Misa con pobo, empregando as fórmulas sinaladas no Ordinario da Misa. Despois da ofrenda do pan e o do viño o sacerdote lava as mans nunha beira do altar; o ministro ofrécelle auga.

**223.** O sacerdote recita a oración sobre as ofrendas e a Pregaria eucarística seguindo o rito descrito na Misa con pobo.

**224.** A oración dominical co seu embolismo dise como na Misa con pobo.

**225.** Rematada a aclamación que segue ó embolismo, o sacerdote di a oración Señor Xesucristo, ti dixécheslles; e despois engade A paz do Señor sexa sempre convosco, e o ministro responde: E contigo tamén. Se parece oportuno o sacerdote dálle a paz ó ministro.

**226.** Logo, mentres di Año de Deus o ministro, o sacerdote rompe a hostia sobre a patena. Rematado o Año de Deus fai a mistura dicindo polo baixiño: Haec commíxtio (Que esta unión).

**227.** Despois da mistura o sacerdote di en secreto a oración Dómine Iesu Christe, Fili Dei vivi (Señor Xesucristo, Fillo de Deus vivo) ou Percéptio Córporis et Sánguinis tui (Que a comunión do teu Corpo e do teu Sangue); despois axiónllase, colle a hostia e, se o ministro recibe a Comunión, volvéndose cara a el e termando da hostia un pouquiño erguida sobre a patena, di: Este é o Año de Deus, e co ministro engade: Señor, eu non son merecente. Despois vólvese cara ó altar e come o Corpo de Cristo. Se o ministro non participa do Corpo de Cristo, o sacerdote colle a hostia despois de face-la xenuflexión, e, volto cara ó altar, di polo baixiño: Señor, eu non son merecente, e come o Corpo de Cristo. A Comunión do Sangue de Cristo faise como se describe no Ordinario da Misa con pobo.

**228.** Antes de lle da-la Comunión ó ministro o celebrante di a antífona da Comunión.

**229.** A purificación do cáliz faise nunha banda do altar. Despois o cáliz pódeo leva-lo ministro á credencia, ou deixalo no altar como ó primeiro.

**230.** Unha vez purificado o cáliz, o sacerdote pode gardar un pouquiño de silencio; e despois di a oración de despois da Comunión.

### O rito de conclusión

**231.** Os ritos de conclusión realízanse como na Misa con pobo, non sendo que se omite o Podedes ir en paz.

## IV. ALGUNHAS NORMAS MÁIS XERAIS PARA CALQUERA FORMA DE MISA

### A veneración do altar e do libro dos Evanxelios

**232.** De acordo co costume tradicional na liturxia, a veneración do altar e do libro dos Evanxelios faise cun bico. Emporiso, onde tal sinal non vai plenamente coas tradicións ou co xenio dalgunha rexión, alí correspóndelle á Conferencia Episcopal poñer outro sinal no seu canto, tendo en conta que llo ten que comunicar á Sé Apostólica.

### As xenuflexións e as inclinacións

**233.** Na Misa fanse tres xenuflexións: despois da elevación da hostia, despois da elevación do cáliz e antes da Comunión.

Se no presbiterio está o sagrario co Santísimo Sacramento, daquela tamén se fai xenuflexión antes e despois da Misa e sempre que alguén pase por diante do Sacramento.

**234.** Hai dúas clases de inclinacións: de cabeza e de corpo.

*a)* A inclinación de cabeza faise cando se nomean xuntas as tres Divinas Persoas e cando se din os nomes de Xesús, da Virxe María e do Santo na veneración do cal se ten a Misa.

*b)* A inclinación do corpo, ou inclinación profunda, faise: ó altar, se non hai sagrario co Santísimo Sacramento; durante as oracións Munda cor meum (Purifica o meu corazón) e In spíritu humilitátis (Señor, acudimos a ti); no símbolo ás palabras E, por obra do Espírito Santo; e no Canon Romano ás palabras Pedímosche humildemente. Tamén fai esta inclinación o diácono cando pide a bendición antes de proclama-lo Evanxelio. O sacerdote inclínase ademais un pouquiño cando na consagración di as palabras do Señor.

## A incensación

**235.** O incenso pódese empregar segundo se queira en calquera forma de Misa:

*a)* Durante a procesión de entrada.
*b)* No comezo da Misa para incensa-lo altar.
*c)* Para a procesión e proclamación do Evanxelio.
*d)* No ofertorio para incensa-las ofrendas, o altar, o sacerdote e o pobo.
*e)* Na elevación da hostia e do cáliz despois da consagración.

**236.** O sacerdote bota incenso no incensario e bendíceo co sinal da cruz sen decir nada.

A incensación do altar faise do modo seguinte:

*a)* Se o altar está arredado da parede, o sacerdote incénsao pasando todo arredor del.

*b)* Se o altar non está arredado da parede o sacerdote incénsao pasando primeiro pola banda dereita e despois pola banda esquerda do altar.

Se a cruz está sobre o altar ou a carón del, incénsase antes có altar; se está tra-lo altar, o sacerdote incénsaa cando pasa por diante dela.

## As purificacións

**237.** Sempre que se pegue ós dedos algún anaquiño de hostia, maiormente despois da fracción e da Comunión dos fieis, o sacerdote limpe os dedos sobre a patena ou, se cómpre, que os lave. E recolla tamén calquera anaquiño que puidera caer fóra da patena.

**238.** O sacerdote ou o diácono ou o acólito purifican os vasos sagrados despois da Comunión ou despois da Misa, a ser posible na credencia. A purificación do cáliz faise con viño e auga, ou só con auga, que despois bebe o ministro que purifica. A patena purifíquese normalmente co purificador.

**239.** Se cae ó chan unha hostia ou algún anaquiño dela, recóllase con reverencia; se se verte algo de Sangue do Señor, lávese con auga o sitio onde caeu, e despois esta auga bótese nun lugar de respeto.

## A Comunión baixo as dúas especies

**240.** A sagrada Comunión ten unha expresión máis plena por razón do signo cando se fai baixo as dúas especies. Nesta forma certamente recibe unha claridade especial o sinal do banquete eucarístico e exprésase con máis evidencia a vontade pola que se ratifica a alianza nova e eterna no Sangue do Señor e tamén a relación entre o banquete eucarístico e o banquete escatolóxico no reino do Pai (68).

**241.** Procuren os sagrados pastores recordarlles ós fieis que participan ou interveñen no rito, da mellor maneira posible, a doctrina católica sobre as formas da sagrada Comunión segundo o Concilio de Trento. Primeiramente advirtan ós fieis que a fe católica ensina que tamén baixo cada unha das especies se recibe o verdadeiro Sacramento de Cristo todo enteiro. E polo tanto no referente ós froitos, ningunha gracia necesaria para a salvación lles falta ós que reciben unha soa especie (69).

Ensinen ademais que a Igrexa no referente ós Sacramentos ten poder para determinar ou cambiar, conservando sempre o fundamental, o que xulgue máis conveniente para unha boa veneración dos mesmos Sacramentos e para a utilidade dos que os reciben segundo as diversas circunstancias, tempos e lugares (70). E hai que animalos igualmente a participar con máis interese no rito sagrado na forma en que máis se pon de manifesto o sinal do banquete eucarístico.

**242.** A xuício do Ordinario da diócese e previa a debida catequese, permítese a Comunión do cáliz nos casos seguintes (71):

1) Ós neófitos adultos na Misa que segue ó seu Bautismo; ós confirmados na Misa da súa Confirmación; ós bautizados que son recibidos na comunión da Igrexa.

2) Á parella na Misa do seu Matrimonio.

3) Ós ordenados na Misa da súa Ordenación.

4) Á abadesa na Misa da súa bendición; ás virxes na Misa da súa consagración; ós profesos e ós seus pais, familiares e irmáns de hábito na Misa da primeira profesión, da profesión renovada e da profesión perpetua, sempre que os votos se emitan ou renoven dentro da Misa.

68. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 32: A.A.S. 59 (1967) p. 558.
69. Cf. Conc. Trid., Sesión XXI, Decr. sobre a Comunión eucarística, cc. 1-3: DS 1725-1729.
70. Cf. *Ibid.*, c. 2: DS 1728.
71. Cf. S. Congr. para o Culto Divino, Instr. *Sacramentali Communione*, do 29 de xuño do 1970: A.A.S. 62 (1970) pp. 664-667.

5) Ós que son instituídos nalgún ministerio na Misa da súa institución; ós auxiliares misioneiros laicos na Misa na que publicamente reciben a súa misión; e a calquera outros na Misa en que reciban a misión eclesiástica.

6) Na administración da Eucaristía ó enfermo e a tódolos presentes, cando se celebra a Misa na casa do enfermo.

7) Ó diácono e demáis ministros cando cumpren cos seus oficios na Misa.

8) Cando hai unha concelebración:

*a)* A tódolos que na tal concelebración desempeñan un verdadeiro ministerio litúrxico, aínda que sexan laicos, e tamén a tódolos alumnos dos seminarios que participen nela.

*b)* Nas súas igrexas e oratorios a tódolos membros dos Institutos que profesan os consellos evanxélicos, ou doutras Sociedades nas que se entregan a Deus mediante votos relixiosos, ofrenda ou promesa; ademais diso, a tódolos que viven permanentemente na casa dos membros destes Institutos e Sociedades.

9) Ós sacerdotes que están presentes en grandes celebracións e non poden nin celebrar nin concelebrar.

10) A tódolos que están de exercicios espirituais na Misa que especialmente por eles se celebra dentro deses exercicios coa súa activa participación; a tódolos que participan na xuntanza de calquera grupo pastoral na Misa que celebran xuntos.

11) Ós que se mencionan nos números 2 e 4 na Misa do seu xubileo.

12) Ó padriño, á madriña, ós pais ou consorte e mesmo ós catequistas laicos dun adulto bautizado na Misa da súa iniciación.

13) Ós pais, familiares e grandes benefactores que participan na Misa do sacerdote recén ordenado.

14) Ós membros dunha comunidade na Misa conventual ou «de Comunidade», de acordo coa norma n. 76 deste Ordenamento.

As Conferencias Episcopais ademais poden determinar normas e condicións segundo as que os Ordinarios poidan concede-la facultade de comulgar baixo as dúas especies noutros casos que teñan moita importancia para a vida espiritual dunha comunidade ou grupo de fieis.

Dentro destes límites os Ordinarios poderán sinalar casos particulares; pero de tal xeito que a dita facultade non se conceda indistintamente, senón precisando ben a clase de celebración, indicando as precaucións que cómpre tomar e excluíndo as ocasións nas que o número de persoas que van comulgar sexa moi grande.

Finalmente, cómpre procurar que o grupo ó que se lle concede esta facultade sexa definido, ordenado e homoxéneo.

**243.** Para a distribución da Comunión baixo as dúas especies prepárese:

*a)* Se a Comunión do cáliz se fai con caniña, caniñas de prata para o celebrante e para cada un dos que comulgan, e un vasiño con auga para purifica-las caniñas, e a bandexiña na que coloca-las caniñas.

*b)* Se o Sangue de Cristo se administra con culleriña, unha culleriña.

*c)* Se a Comunión baixo as dúas especies se fai por intinción, cómpre que as hostias nin sexan moi delgadiñas nin moi cativas, senón un pouquiño máis grosas ca de costume, para que se poidan distribuír comodamente molladas parcialmente no Sangue.

1. *O rito da Comunión baixo as dúas especies cando os que comulgan beben directamente do cáliz*

**244.** Se hai un diácono ou outro sacerdote asistente ou un acólito:

*a)* O celebrante toma coma de costume o Corpo e o Sangue do Señor, coidando de que no cáliz quede Sangue abondo para os que van comulgar; e limpa co purificador a parte externa do cáliz.

*b)* O celebrante pásalle ó ministro o cáliz co purificador e el colle a patena ou o copón coas hostias; despois o celebrante e o ministro colócanse no sitio onde máis doadamente poidan ofrece-la Comunión ós fieis.

*c)* Vaise achegando cada un dos que comulga, fai a reverencia debida e ponse diante do celebrante. O celebrante erguendo a hostia di: O Corpo de Cristo, e o que vai comulgar responde: Amén, e recibe do celebrante o Corpo de Cristo.

*d)* Despois o que vai comulgar achégase ó ministro do cáliz e ponse diante del. O ministro dille: O Sangue de Cristo, e o que vai comulgar responde: Amén; o ministro entrégalle o purificador e mailo cáliz para que el mesmo poida achegalo á boca coas súas mans, se parece conveniente. O que vai comulgar terma coa man esquerda do purificador debaixo da boca, coidando de non verter ningún Sangue, e bebe un pouquiño do cáliz; despois retírase; o ministro limpa co purificador a parte externa do cáliz.

*e)* Se hai algúns que van recibi-lo Sacramento baixo unha especie soamente, o ministro, logo que beban do cáliz tódolos que han comulgar baixo as dúas especies, coloca o cáliz enriba do altar. O celebrante dá a Comunión ós fieis e despois volve para o altar. O que sobrou do Sangue bébeo el mesmo ou o ministro e realiza as purificacións coma de costume.

**245.** Se non hai diácono nin outro sacerdote asistente nin acólito:

*a)* O celebrante toma coma de costume o Corpo e mailo Sangue do Señor, coidando de que quede no cáliz Sangue abondo para os que van recibi-la Comunión; e limpa a parte externa do cáliz cun purificador.

*b)* Despois o celebrante colócase no sitio onde máis comodamente poida ofrece-la Comunión, e distribúe o Corpo do Señor do xeito acostumado a cada un dos que van comulgar baixo as dúas especies; estes vanse achegando, fan a debida reverencia e póñense de pé diante do celebrante, e, despois de recibi-lo Corpo do Señor, retíranse unha miguiña.

*c)* Logo que cada un deles reciba o Corpo do Señor, o celebrante deixa a patena enriba do altar e colle o cáliz co purificador. Vanse achegando outra vez ó celebrante un por un e póñense de pé diante del. O celebrante di: O Sangue de Cristo; e o que vai comulgar responde: Amén, e o celebrante ofrécelle o cáliz

co purificador. O que vai comulgar terma do purificador coa man esquerda debaixo da boca, coidando de non verter nada de Sangue, bebe un pouquiño do cáliz e despois retírase. O celebrante limpa a parte externa do cáliz co purificador.

*d)* Rematada a Comunión do cáliz, o celebrante déixao enriba do altar e, se hai algúns que van comulgar baixo unha especie soamente, dálle-la Comunión coma de costume, e despois volve para o altar; bebe o que quedou do Sangue e realiza as purificacións coma de costume.

### 2. *O rito da Comunión baixo as dúas especies por intinción*

**246.** Se hai un diácono ou outro sacerdote asistente ou un acólito:

*a)* O celebrante entrégalle a este o cáliz co purificador, e el colle a patena ou copón con hostias; despois o celebrante colócase co ministro do cáliz onde mellor poida ofrece-la Comunión.

*b)* Vanse achegando cada un dos que van comulgar; fan a reverencia debida e póñense de pé diante do sacerdote, termando da bandexiña debaixo da boca. O celebrante molla unha parte da hostia no cáliz e erguéndoa un pouquiño di: O Corpo e o Sangue de Cristo; o que vai comulgar responde: Amén, e recibe o Sacramento de parte do celebrante; despois retírase.

*c)* A Comunión dos que reciben o Sacramento baixo unha especie soamente, bebe-lo Sangue que sobrou e as purificacións fanse segundo o devandito.

**247.** Se non hai diácono nin outro sacerdote asistente nin acólito:

*a)* O celebrante, despois de bebe-lo Sangue do Señor, colle o copón ou a patena con hostias entre os dedos índice e medio da man esquerda, e o cáliz entre o pulgar e o índice da mesma man, e colócase no sitio onde mellor poida ofrece-la Comunión.

*b)* Vanse achegando cada un dos que van comulgar; fan a reverencia debida e póñense de pé diante do celebrante, termando da bandexiña debaixo da boca. O celebrante molla unha parte da hostia no cáliz e erguéndoa un pouquiño di: O Corpo e o Sangue de Cristo; o que vai comulgar responde: Amén, e recibe o Sacramento de parte do celebrante; despois retírase.

*c)* Tamén se pode colocar unha mesiña cuberta cun mantel e un corporal no sitio máis conveniente, e sobre ela poñe-lo cáliz ou o copón, para facer máis doada a distribución da Comunión.

*d)* A Comunión dos que reciben o Sacramento baixo unha especie soamente, bebe-lo Sangue que sobrou e as purificacións fanse segundo o devandito.

### 3. *O rito da Comunión baixo as dúas especies con caniña*

**248.** Tamén o celebrante emprega a súa caniña para bebe-lo Sangue de Cristo.

**249.** Se hai un diácono ou outro sacerdote asistente ou un acólito:

*a)* Para distribuí-la Comunión do Corpo do Señor fanse tódalas cousas segundo o devandito no número 244 b e c.

*b)* Despois o que vai comulgar achégase ó ministro do cáliz e ponse de pé diante del. O ministro di: O Sangue de Cristo; o que vai comulgar responde: Amén; recibe de parte do ministro unha caniña, introdúcea no cáliz e bebe un pouquiño de Sangue. Despois saca a caniña coidando de non verter nada de Sangue e métea nun vaso con auga que un ministro ten nas mans, e purifica a caniña bebendo un pouquiño de auga; despois colócaa no vasiño que lle ofrece o mesmo ministro.

**250.** Se non hai diácono nin outro sacerdote asistente nin acólito, o mesmo celebrante ofrece o cáliz a cada un dos que van comulgar segundo a orde descrita anteriormente para á Comunión do cáliz (n. 245), e un ministro colocado cabo del terma dun vaso con auga para purifica-la caniña.

### 4. *O rito da Comunión baixo as dúas especies con culleriña*

**251.** Se hai un diácono ou outro sacerdote asistente ou un acólito, este terma do cáliz coa man esquerda e distribúe o Sangue do Señor cunha culleriña a cada un dos que van comulgar, que terman da bandexiña debaixo da boca, dicindo: O Sangue de Cristo, e coidando de non tocar coa culleriña nin os labios nin a lingua do que comulga.

**252.** Se non hai diácono nin outro sacerdote asistente nin acólito, o mesmo celebrante logo que tódolos que van comulgar baixo as dúas especies reciban o Corpo do Señor, distribúe tamén a cada un deles o Sangue de Cristo.

## CAPÍTULO V

# A DISPOSICIÓN E O ADORNO DAS IGREXAS PARA A CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA

### I. PRINCIPIOS XERAIS

**253.** Para celebra-la Eucaristía o pobo de Deus xúntase normalmente nunha igrexa ou, se non a hai, noutro lugar decente que sexa digno de tan grande misterio. Polo tanto, as igrexas e os outros lugares teñen que ser aptos para a realización da acción sagrada e para acadar unha participación activa por parte dos fieis. Ademais os edificios sagrados e as cousas que pertencen ó culto divino sexan de verdade dignos, pulcros, e como uns sinais e símbolos das realidades divinas (72).

**254.** Esa é a razón pola que a Igrexa busca arreo a nobre aportación das artes e admite a expresión artística de tódolos pobos e rexións (73). Mais aínda, ó tempo que se esforza por conserva-los tesouros e as obras de arte que nos pasaron os nosos maiores (74) e por acomodalos —no que sexa necesario— ás novas necesidades, tenta tamén promove-las novedades artísticas adaptadas a cada tempo (75).

Por esta razón, á hora de designa-los artistas e de selecciona-las obras de arte destinadas ás igrexas, esíxase unha verdadeira dignidade artística, que alimente a fe e a piedade e que con verdade estea ó nivel do fin e da significación a que van destinadas (76).

**255.** Cómpre consagrar solemnemente tódalas igrexas, ou, o menos, bendicilas. Adíquense sempre as igrexas catedrales e as parroquiais.

**256.** Para construír, reconstruír e acomodar como convén os edificios sagrados, tódolos interesados no caso consulten á Comisión diocesana de sagrada Liturxia e de Arte sagra. O Ordinario do lugar bote tamén man da axuda e do consello da mesma Comisión cando se trate de dar normas sobre estas cousas, ou de aproba-los planos de novos edificios, ou de clarexar certas cuestións de relativa importancia (77).

72. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 122-124; Decr. sobre o ministerio e vida dos sacerdotes, *Presbyterorum ordinis*, n. 5; S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 90: A.A.S. 56 (1964) p. 897; Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 24: A.A.S. 59 (1967) p. 554.
73. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 123.
74. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 24: A.A.S. 59 (1967) p. 554.
75. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 123, 129: S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 13 c: A.A.S. 56 (1964) p. 880.
76. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 123.
77. Cf. *Ibid.*, n. 126.

## II. A ORDENACIÓN DA IGREXA PARA A ASAMBLEA SAGRADA

**257.** O pobo de Deus, que se xunta para a Misa, ten unha ordenación coherente e xerárquica, que se expresa na diversidade de ministerios e de accións para cada unha das partes da celebración. En consecuencia, a disposición xeral do lugar sagrado cómpre que sexa tal que ofreza de seu unha imaxe da asamblea congregada, e permita unha axeitada ordenación de todos e cada un e tamén favoreza a recta execución do papel que a cada quen lle corresponde.

Os fieis e os cantores dispoñerán dun lugar tal que faga máis doada a activa participación dos mesmos (78).

O sacerdote e os seus ministros terán o seu lugar no presbiterio, isto é, naquela parte da igrexa que amostre o seu oficio xerárquico; presidi-la oración, anuncia-la palabra de Deus e servi-lo altar.

Todo isto, anque deba expresa-la disposición xerárquica e a diversidade de funcións, debe formar tamén unha unidade íntima e coherente, de xeito que brille claramente a unidade de todo o pobo santo. A natureza e a fermosura do lugar e de tódolos materiais deben fomenta-la piedade e mostra-la santidade dos misterios que se celebran.

## III. O PRESBITERIO

**258.** O presbiterio débese distinguir ben da nave da igrexa ou por estar un pouquiño máis alto, ou pola súa estructura e ornato especiais. Sexa dunha amplitude tal que nel se poidan realizar comodamente os ritos sagrados (79).

## IV. O ALTAR

**259.** O altar, no que se fai presente o sacrificio da cruz baixo os signos sacramentais, é tamén a mesa do Señor, na que é convocado o pobo de Deus para na Misa participar dela; e é ademais o centro da acción de gracias que se leva a cabo na Eucaristía (80).

**260.** A celebración da Eucaristía no lugar sagrado débese facer sobre o altar, sexa fixo, sexa móvil; fóra do lugar sagrado, non obstante, maiormente se é de forma ocasional, tamén se pode facer sobre unha mesa xeitosa, tendo en conta que sempre cómpre emprega-lo mantel e o corporal.

**261.** Chámase altar fixo o que de tal xeito está construído que fai un corpo co pavimento e non se pode mover; altar móvil chámase ó que se pode trasladar.

78. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, nn. 97-98: A.A.S. 56 (1964) p. 899.
79. Cf. *Ibid.*, n. 91: A.A.S. 56 (1964) p. 898.
80. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 24: A.A.S. 59 (1967) p. 554.

**262.** Convén que en tódalas igrexas haxa un altar fixo e adicado arredado da parede, para que poida ser rodeado doadamente e para que se poida realizar nel a celebración de cara ó pobo. Ocupe un lugar tal que de verdade sexa o centro ó que espontaneamente tenda a atención de toda a asamblea dos fieis (81).

O altar maior normalmente debe ser fixo e estar consagrado.

**263.** De acordo co costume tradicional da Igrexa e coa súa significación, a mesa do altar fixo debe ser de pedra, e de pedra natural. Emporiso, segundo vexa a Conferencia Episcopal, tamén se pode empregar outra materia digna, sólida e artisticamente traballada.

Os pés ou bases que terman da mesa pódense facer de calquera material, sempre que sexa digno e sólido.

**264.** O altar móvil pódese construír de calquera material nobre e sólido, e apropiado para o uso litúrxico, de acordo coas tradicións e costumes de cada pobo.

**265.** Tanto os altares fixos ou móviles adicaranse segundo o rito do Pontifical Romano; pero os altares móviles pode valer con bendicilos soamente (cf. n. 260).

**266.** O uso de colocar baixo o altar que se vai adicar reliquias de santos, anque non sexan mártires, cómpre conservalo. Pero téñase moito coidado de que as reliquias sexan de verdade auténticas.

**267.** Os restantes altares sexan pouquiños, e nas igrexas de nova construcción colóquense nas capeliñas arredadas dalgunha maneira da nave da igrexa (82).

## V. O ORNATO DO ALTAR

**268.** Por razón da reverencia que se lle debe á celebración do memorial do Señor e ó banquete no que se ofrecen o Corpo e mailo Sangue do Señor, sobre o altar cómpre poñer polo menos un mantel, que debe acomodarse á estructura do altar mesmo no referente á forma, medida e ornato.

**269.** Os candeeiros que para cada acción litúrxica se requiren por mor da veneración ou da celebración festiva, colóquense oportunamente ou enriba do altar ou arredor del, tendo en conta a estructura tanto do altar como do presbiterio; de xeito que todo forme unha fermosa composición, e coidando que os fieis non se vexan impedidos para ollar doadamente canto sobre do altar se fai ou se coloca.

**270.** Tamén sobre o altar ou preto del colóquese unha cruz que sexa ben vista por toda a asamblea congregada.

81. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 91: A.A.S. 56 (1964) p. 898.
82. Cf. *Ibid.*, n. 93: A.A.S. 56 (1964) p. 898.

## VI. A SÉ DO CELEBRANTE E DOS MINISTROS, OU DO LUGAR DA PRESIDENCIA

**271.** A sé do celebrante debe significa-lo seu papel de presidi-la asamblea e de modera-la oración. En consecuencia o seu lugar máis apropiado é volto cara ó pobo ó fondo do presbiterio, agás que a estructura do edificio ou outras circunstancias o impidan, como, por exemplo, se pola moita distancia se fai pouco doada a comunicación entre o sacerdote e a asamblea dos fieis. Evítese calquera apariencia de trono. Os asentos dos ministros colóquense no lugar do presbiterio máis apto para que poidan cumprir doadamente os oficios que lles están encomendados (83).

## VII. O AMBÓN, OU LUGAR ONDE SE ANUNCIA A PALABRA DE DEUS

**272.** A dignidade da palabra de Deus pide que na igrexa haxa un lugar axeitado dende onde se anuncie, e cara ó que tenda espontaneamente a atención dos fieis durante a liturxia da palabra (84).

Cómpre que xeralmente este lugar sexa un ambón estable e non un simple facistol móvil. O ambón, segundo a estructura de cada unha das igrexas, débese dispoñer de maneira que os ministros poidan ser vistos e oídos con facilidade polos fieis.

Dende o ambón proclámanse as lecturas, o salmo responsorial e o pregón pascual; tamén se poden pronuncia-la homilía e a oración universal ou oración dos fieis.

En cambio non está tan ben que suba ó ambón o comentarista, o cantor ou o director do coro.

## VIII. O LUGAR DOS FIEIS

**273.** Dispóñase con coidado o lugar dos fieis, de maneira que poidan participar debidamente coa vista e coa atención nas celebracións sagradas. Cómpre que dispoñan de sillas ou bancos para se sentaren. O costume de reservar asentos para certas persoas privadas é reprobable (85). Colóquense as sillas ou bancos de forma que os fieis poidan adoptar doadamente as posturas corporais requeridas para cada parte da celebración e poidan tamén achegarse con comodidade a recibi-la sagrada Comunión.

Cóidese que os fieis poidan non soamente ver ó sacerdote e ós outros ministros senón tamén oílos comodamente mediante os medios técnicos modernos.

83. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 92: A.A.S. 56 (1964) p. 898.
84. Cf. *Ibid.*, n. 96: A.A.S. 56 (1964) p. 899.
85. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 32; S. Congr. de Ritos, Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 98: A.A.S. 56 (1964) p. 899.

## IX. O LUGAR DOS CANTORES E DO ÓRGANO E OUTROS INSTRUMENTOS MUSICAIS

**274.** Os cantores, tendo en conta a disposición de cada igrexa, colóquense de maneira que se vexa claramente o que son: unha parte da comunidade dos fieis reunidos que desempeña unha función especial e de maneira tamén que poidan executar con máis facilidade o seu ministerio litúrxico; e de maneira finalmente que cada un deles poida comodamente participar plenamente na Misa mediante a participación sacramental (86).

**275.** O órgano e os outros instrumentos musicais lexitimamente aprobados colóquense nun lugar apto para que poida ser unha axuda tanto para os cantores como para o pobo no seu canto, e, no caso de intervir sós, que poidan ser oídos comodamente por parte de todos.

## X. O LUGAR DE RESERVA DA SANTÍSIMA EUCARISTÍA

**276.** Cómpre insistir moito en que o lugar destinado á reserva da santísima Eucaristía debería estar nunha capela que se prestase para a oración e a adoración privada dos fieis (87). Se isto non é posible, colóquese o Sacramento ou nalgún altar, ou fóra do altar nunha parte especialmente nobre da igrexa, convenientemente adornada, sempre de acordo coa estructura de cada igrexa e cos lexítimos costumes de cada lugar (88).

**277.** A santísima Eucaristía resérvese nun só sagrario, fixo e sólido, e non transparente, e pechado de xeito que non haxa perigo de profanación. Polo tanto, normalmente en cada igrexa non haberá máis que un sagrario (89).

## XI. AS IMAXES EXPOSTAS Á VENERACIÓN DOS FIEIS

**278.** As imaxes do Señor, da santísima Virxe María e dos Santos, segundo unha antiquísima tradición da Igrexa, propóñense lexitimamente á veneración dos fieis nos edificios sagros. Cóidese, non obstante, por unha banda que o seu número non sexa excesivo e por outra que o seu ordenamento se faga coa orde

86. S. Congr. de Ritos, Instr. *Musicam sacram*, do 5 de marzo do 1967, n. 23: A.A.S. 59 (1967) p. 307.
87. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 53: A.A.S. 59 (1967) p. 568; Ritual Romano, Sobre a sagrada Comunión e do culto eucarístico fóra da Misa, ed. típ. 1973, n. 9.
88. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 54: A.A.S. 59 (1967) p. 568; Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 95: A.A.S. 56 (1964) p. 898.
89. Cf. S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 52: A.A.S. 59 (1967) p. 568; Instr. *Inter Oecumenici*, do 26 de set. do 1964, n. 95: A.A.S. 56 (1964) p. 898; S. Congr. dos Sacramentos, Instr. *Nullo umquam tempore*, do 28 de maio do 1938, n. 4: A.A.S. 30 (1938) pp. 199-200; Ritual Romano, Sobre a sagrada Comunión e do culto eucarístico fóra da Misa, ed. típ. 1973, nn. 10-11; C.I.C., can. 938.

debida, para que non arreden a atención dos fieis da celebración (90). Non haxa máis ca unha imaxe do mesmo Santo. En xeral, no ornato e disposición da igrexa préstese moita atención á piedade de toda a comunidade.

## XII. A DISPOSICIÓN XERAL DO LUGAR SAGRO

**279.** O ornato da igrexa ha de levar máis á nobre simplicidade que á pompa. A hora de escolle-los elementos referentes ó ornato aténdase á verdade das cousas e procúrese que axuden á formación dos fieis e á dignidade de todo o lugar sagrado.

**280.** Unha axeitada disposición da igrexa e do seu ambiente, que responda oportunamente ás necesidades dos nosos tempos, esixe que non só se preocupe un das cousas que máis directamente pertencen á celebración das accións sagradas, senón tamén que se provexan as que afecten á conveniente comodidade dos fieis, o mesmo que se acostuma facer nos sitios onde se reúne xente.

90. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 125.

## CAPÍTULO VI

# COUSAS NECESARIAS PARA A CELEBRACIÓN DA MISA

### I. O PAN E MAILO VIÑO PARA CELEBRA-LA EUCARISTÍA

**281.** A Igrexa, seguindo o exemplo de Cristo, sempre empregou pan e viño con auga para celebra-lo banquete do Señor.

**282.** O pan para celebra-la Eucaristía debe ser só pantrigo feito da pouco e ácimo, segundo a antiga tradición da Igrexa.

**283.** A natureza do signo pide que a materia da celebración eucarística apareza verdadeiramente como comida. Cómpre, pois, que o pan eucarístico, anque ácimo e feito da forma tradicional, sexa de tal maneira que o sacerdote na Misa celebrada con pobo poida partir verdadeiramente a hostia en varias partes, e distribuílas polo menos entre algúns fieis. Non se exclúen, emporiso, as hostias pequenas, cando o pida o número dos que reciban a sagrada Comunión ou outras razóns pastorais. O xesto da fracción do pan, polo que se designaba simplemente a Eucaristía no tempo dos Apóstolos, manifestará máis abertamente a forza e a importancia do signo da unidade de todos nun só pan e da caridade, polo feito de que un só pan se distribúe entre os irmáns.

**284.** O viño para a celebración eucarística debe ser dos froitos da vide (cf. Lc 22, 18), natural e puro, sen mistura de sustancias alleas.

**285.** Téñase moitísimo coidade en que o pan e mailo viño destinados á Eucaristía se conserven en perfecto estado, é dicir, que nin o viño se poña acedo nin o pan varolento ou tan duro que non se poida partir sen dificultade.

**286.** Se despois da consagración ou cando recibe a Comunión o sacerdote se decata de que non puxo viño, senón auga, daquela verta a auga noutro vaso e bote no cáliz viño con auga, conságreo dicindo a parte da narración que pertence á consagración do cáliz, e non ten por que consagrar novamente o pan.

### II. OS UTENSILIOS SAGRADOS EN XERAL

**287.** O mesmo que para a construcción de igrexas, a Igrexa admite igualmente para tódolos utensilios sagros o xenio artístico de cada pobo, e acolle tódalas adaptacións que van de acordo coa maneira de ser e coas tradicións de cada na-

ción, tendo en conta que o mesmo utensilio sagrado veña posto a xeito co que lle é propio (91).

Cóidese moito, tamén neste punto, aquela nobre simplicidade que tan ben lle aquece ó arte sagrado.

**288.** A hora de escolle-los materiais para os utensilios sagrados, ademais dos recibidos da tradición, tamén se poden admiti-los que, de acordo coa mentalidade do noso tempo, están considerados como nobres, son duradeiros e acomódanse ben ó uso sagrado. Quen ten que facer de xuíz neste asunto é a Conferencia Episcopal de cada rexión.

## III. OS VASOS SAGRADOS

**289.** Entre as cousas que fan falla para celebra-la Misa merecen un honor especial os vasos sagrados, e entre eles o cáliz e a patena, nos que se ofrecen, consagran e toman o viño e mailo pan.

**290.** Os vasos sagrados fabríquense de materiais sólidos e nobres, seguindo neste punto a estimación común de cada rexión. A Conferencia Episcopal é a que ten que xulgar neste punto. Prefíranse, non obstante, materiais que non se rompan doadamente e que non se corrompan.

**291.** Os cálices e outros vasos que destinados a recibi-lo Sangue do Señor, teñan a copa feita dun material que non absorba o líquido. O pé, en cambio, pódese facer doutros materiais sólidos e dignos.

**292.** Os vasos sagrados destinados a recibi-las hostias, como a patena, o copón e o ostensorio e outros semellantes, pódense facer tamén doutros materiais dos máis estimados en cada rexión, por exemplo, de marfín, e dalgunhas madeiras duras, tendo en conta que deben servir para o uso sagrado.

**293.** Para consagra-las hostias pódese empregar, se parece ben, unha única patena máis ampla, e nela ponse o pan para o celebrante, para os ministros e para os fieis.

**294.** Os vasos sagrados fabricados de metal cómpre que estean dourados por dentro se é oxidable o metal do que están feitos; pero se están feitos de metal inoxidable ou de ouro nobre, non fai falla douralos.

**295.** No referente á forma dos vasos sagrados é cousa do artista dárlle-la que mellor lle pareza, tendo en conta os costumes de cada rexión, con tal que cada vaso sirva para o uso litúrxico ó que está destinado.

91. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 128; S. Congr. de Ritos, Instr. *Eucharisticum mysterium*, do 25 de maio do 1967, n. 24: A.A.S. 59 (1967) p. 854.

**296.** Para a bendición e consagración dos vasos sagrados obsérvense os ritos prescritos nos libros litúrxicos.

## IV. AS VESTIDURAS SAGRADAS

**297.** Na Igrexa, que é o Corpo de Cristo, non tódolos membros desempeñan o mesmo papel. Esta diversidade de ministerios á hora de realiza-lo culto sagrado maniféstase exteriormente pola diversidade das vestiduras sagradas que, polo tanto, deben constituír un sinal da función propia de cada ministro. Ademais cómpre que as mesmas vestiduras sagradas contribúan tamén ó decoro da acción litúrxica.

**298.** A vestidura sagrada común a tódolos ministros de calquera grado, é a alba, cinguida pola cintura cun cíngulo, agás que estea feita de xeito que se axuste ó corpo sen necesidade de cíngulo. Antes de se vesti-la alba, se esta non cobre de todo o vestido corrente arredor do pescozo, póñase o amito. A alba pódese cambiar por un sobrepeliz, agás cando se vaia poñe-la casula, a dalmática, ou cando se empregue a estola no canto da casula ou da dalmática.

**299.** A vestidura propia do sacerdote celebrante na Misa e nas outras accións sagradas que se relacionan directamente coa Misa é a casula, mentres non se dispoña doutro modo, que se debe vestir por riba da alba e da estola.

**300.** A vestidura propia do diácono é a dalmática, que se viste por riba da alba e da estola.

**301.** Os ministros inferiores ó diácono poden levar alba ou outra vestidura lexitimamente aprobada en cada rexión.

**302.** O sacerdote leva a estola arredor do pescozo e pendurada diante do peito; o diácono lévaa a subarco desde o hombreiro esquerdo ata a parte dereita do corpo, onde a suxeita.

**303.** O sacerdote leva capa pluvial nas procesións e noutras accións sagradas, segundo as rúbricas propias de cada rito.

**304.** No referente á forma das vestiduras sagradas, as Conferencias Episcopais poden adoptar e propoñer á Sé Apostólica adaptacións que respondan ás necesidades e ós costumes de cada rexión (92).

**305.** Para confecciona-las vestiduras sagradas, pódense empregar, además dos materiais tradicionais, as fibras naturais propias de cada rexión, e tamén outras

92. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 128.

fibras artificiais que dean ben coa dignidade da acción sagrada e da persoa. A Conferencia Episcopal fará de xuíz neste asunto [93].

**306.** Cómpre que a fermosura e a nobreza de calquera vestimenta se busque máis no material que se emprega e na forma, que non na abundancia de adubíos que non veñen a nada. Os ornamentos poden levar figuras ou imaxes e símbolos que indiquen o seu uso sagrado, deixando a un lado as que non dean ben co uso sagrado.

**307.** A diversidade de cores nas vestimentas sagradas ten por obxecto expresar dunha maneira máis eficaz e ata externa ás veces a propiedade dos misterios de fe que se celebran, e ás veces o senso progresivo da vida cristiá ó longo do ano litúrxico.

**308.** No referente ás cores das vestiduras sagradas, sígase o uso tradicional, isto é:

*a)* A cor branca emprégase nos Oficios e Misas do tempo pascual e do Nadal; e ademais diso, nas festas e memorias do Señor que non sexan da súa Paixón, nas festas e memorias da Santísima Virxe María, dos Santos Anxos, dos Santos non mártires, na festa de Tódolos Santos (1 de novembro), de S. Xoán Bautista (24 de xuño), de S. Xoán Evanxelista (27 de Nadal), da Cátedra de S. Pedro (22 de febreiro) e da Conversión de S. Paulo (25 de xaneiro).

*b)* A cor roxa emprégase no domingo de Paixón e no día de Venres Santo, no domingo de Pentecostés, nas celebracións da Paixón do Señor, nas festas natalicias dos Apóstolos e dos Evanxelistas e nas celebracións dos santos Mártires.

*c)* A cor verde emprégase nos Oficios e Misas do tempo ordinario.

*d)* A cor mourada emprégase no tempo do Advento e da Coresma. Tamén se pode empregar nos Oficios e Misas de defuntos.

*e)* A cor negra pódese empregar nas Misas de defuntos.

*f)* A cor rosa pódese empregar nos domingos Gaudéte (III do Advento) e Laetáre (IV da Coresma).

Non obstante, as Conferencias Episcopais poden adoptar e propoñer á Sé Apostólica adaptacións que respondan ás necesidades e ós costumes de cada rexión.

**309.** Nos días máis solemnes pódese botar man de vestiduras sagradas máis nobres, aínda que non sexan da cor do día.

**310.** As Misas votivas dinse coa cor que lle corresponde á Misa que se celebra ou tamén coa cor do día ou tempo propio; en cambio as Misas por algunhas necesidades dinse coa cor propia do día ou do tempo.

93. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 128.

## V. AS OUTRAS COUSAS DESTINADAS Ó USO DA IGREXA

**311.** Ademais dos vasos sagrados e das vestiduras sagradas, que xa teñen asignado un material específico, os demáis utensilios que se destinan ó uso litúrxico ou que dalgún modo son empregados na igrexa, deben ser dignos e deben responder ó fin a que van destinadas cada unha destas cousas.

**312.** Póñase unha teima especial en que mesmo nas cousas máis insignificantes se observen as esixencias da arte, e en que sempre vaian xuntas a simplicidade nobre e a limpeza.

## CAPÍTULO VII

# A ESCOLLA DA MISA E DAS SÚAS PARTES

**313.** Solecerá, sen dúbida, a eficacia pastoral da celebración se os textos das lecturas, das oracións e dos cantos responden coidadosamente, dentro do posible, ás necesidades, á disposición do ánimo e á maneira de ser dos participantes. Cousa que se acada empregando convenientemente as múltiples posibilidades da escolla, descritas no devandito.

Polo tanto, o sacerdote, á hora de prepara-la Misa, debe mirar máis ó ben común espiritual da asamblea có seu gusto persoal. Lémbrese sobre todo que unha tal escolma das partes débea facer de acordo cos outros ministros que desempeñan algún papel na celebración, sen excluír ós fieis nas cousas que a eles se refiren máis directamente.

Dado que hai moitas posibilidades de escoller diversas partes da Misa, cómpre que antes da celebración o diácono, os lectores, o salmista, o cantor, o comentarista, e o coro, cadaquen no seu, saiban perfectamente que textos teñen que empregar, e que non haxa cousa que non fora prevista. Un harmónico ordenamento e execución dos ritos contribúe moitísimo a dispoñe-lo ánimo dos fieis para participar na Eucaristía.

## I. A ESCOLLA DA MISA

**314.** Nas solemnidades o sacerdote ten a obriga de segui-lo calendario da igrexa na que celebra.

**315.** Nos domingos, nas ferias do Advento, Nadal, Coresma e Pascua, nas festas e memorias obrigatorias:

*a)* Se a Misa se celebra con pobo, o sacerdote siga o calendario da igrexa na que celebra.

*b)* Se a Misa se celebra sen pobo, o sacerdote pode escoller entre o calendario da igrexa ou o calendario propio.

**316.** Nas memorias libres:

*a)* Nas ferias do Advento desde o día 17 ó 24 de Nadal, durante a oitava do Nadal e nas ferias da Coresma, agás o mércores da Cinsa e a Semana Santa, o sacerdote di a Misa do día litúrxico propio; da memoria que quizais ese día aparece no calendario xeral pode colle-la oración colecta, sempre que non sexa o mércores da Cinsa ou un día da Semana Santa.

*b)* Nas ferias do Advento antes do día 17 do Nadal, nas ferias do tempo de Nadal e de Pascua, o sacerdote pode escolle-la Misa de feria ou a Misa do Santo

ou dun dos Santos dos que se fai memoria, ou tamén a Misa de calquera Santo inscrito para ese día no Martiroloxio.

*c)* Nas ferias do tempo ordinario o sacerdote pode escoller ou a Misa de feria, ou a Misa de memoria libre que quizais se fai, ou a Misa dalgún Santo inscrito para ese día no Martiroloxio, ou unha Misa por algunhas necesidades ou votiva.

Se celebra con pobo, o sacerdote atenderá maiormente ó ben espiritual dos fieis e coidarase de non lles impoñe-los seus gustos. Coide sobre todo de non omitir adoito e sen causa abonda as lecturas asignadas para cada día no Leccionario ferial; pois a Igrexa desexa que con fartura se lle ofreza ós fieis a mesa da palabra de Deus (94).

Pola mesma razón empregue con moderación as Misas de defuntos, pois calquera Misa vai ofrecida tanto polos vivos coma polos defuntos, e en calquera das Pregarias eucarísticas hai unha memoria dos defuntos.

Cando os fieis teñan unha especial devoción a unha memoria libre da Virxe María ou dos Santos, celébreselles polo menos unha destas Misas para dar satisfacción á súa lexítima piedade.

Se nalgún caso hai a posibilidade de escoller entre unha memoria inscrita no calendario xeral e outra inscrita no calendario diocesano ou relixioso, déselle preferencia, en igualdade de condicións e segundo a tradición, á memoria particular.

## II. As partes da Misa que se poden escoller

**317.** A hora de escolle-los textos das diversas partes da Misa, tanto do tempo coma dos Santos, obsérvense as normas seguintes:

### As lecturas

**318.** Nos domingos e días festivos están asignadas tres lecturas, unha dos Profetas, outra dos Apóstolos e outra do Evanxelio; con elas o pobo cristián vese alentado a camiñar cara á plenitude da obra da salvación, seguindo o admirable plan de Deus.

E moi de desexar, pois, que se lean as tres lecturas, non obstante, por razóns de orde pastoral e por decreto da Conferencia Episcopal, nalgures permítese o uso de dúas lecturas soamente. Cando haxa que escoller entre as dúas primeiras lecturas, téñanse en conta as normas propostas no Leccionario, e a teima de ir levando ós fieis a un coñecemento máis fondo das Escrituras; de ningunha maneira se debe atender soamente a que o texto escollido sexa máis curto ou máis doado.

94. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 51.

**319.** No Leccionario ferial propóñense lecturas para cada un dos días de cada semana durante todo o ano; así que en principio deben collerse estas lecturas nos días que lles son asignadas, a non ser que coincida con algunha solemnidade ou festa.

Pero, se algunha vez se interrumpe a lectura continua durante a semana, por cuestión dalgunha festa ou dalgunha celebración especial, estalle permitido ó sacerdote, tendo en conta o ordenamento das lecturas de toda a semana, xunta-la lectura que omitiu coas outras lecturas, ou decidir que texto coller e que texto deixar.

Nas Misas que se celebran con ocasión de xuntanzas especiais, estalle permitido ó sacerdote escolle-los textos máis axeitados a esa celebración especial, sempre que se escolla de entre os textos do Leccionario aprobado.

**320.** Tamén existe unha escolma especial de textos da sagrada Escritura para as Misas nas que se inserta a celebración dalgún Sacramento ou Sacramental, e para as Misas que se celebran nalgunhas circunstancias particulares.

Estes Leccionarios foron compostos para que os fieis, mediante unha escoita máis apropiada da palabra de Deus, poidan achegarse a unha percepción máis fonda do misterio no que participan, e medrar nun amor á palabra de Deus cada vez máis arrequecido.

Por todo isto, os textos que se proclaman na asamblea litúrxica débense fixar tendo en conta as razóns de tipo pastoral e a posibilidade de escolla outorgada neste punto.

## As oracións

**321.** A maior parte dos prefacios con que foi enriquecido o Misal Romano ten por finalidade explicitar con abundancia de formas o argumento da acción de gracias na Pregaria eucarística e propoñer con maior claridade os diferentes aspectos do misterio de salvación.

**322.** A escolla entre as Pregarias eucarísticas réxese oportunamente por estas normas:

*a)* A Pregaria eucarística primeira, ou Canon Romano —que se pode empregar sempre— cadra mellor nos días que teñen asignado o En comunión con toda a Igrexa propio, e nas Misas que tamén teñen asignado Acolle, Señor propio; tamén nas festas dos Apóstolos e dos Santos dos que se fai mención na mesma Pregaria; e tamén nos domingos, non sendo que, por razóns pastorais, se prefira outra Pregaria eucarística.

*b)* A Pregaria eucarística segunda, polas súas características particulares, préstase mellor para os días de pola semana, ou nalgunhas circunstancias especiais.

Anque vai acompañada dun prefacio de seu, tamén se pode empregar con outros prefacios, maiormente cos que presentan o misterio da salvación dunha maneira resumida, por exemplo, cos prefacios dos domingos durante o ano ou cos prefacios comúns.

Cando a Misa se celebra por algún defunto, pódese botar man da fórmula peculiar que se propón no seu lugar, é dicir, antes do Lémbrate tamén.

*c)* A Pregaria eucarística terceira pódese dicir con calquera prefacio. Empréguese preferentemente nos domingos e festas.

Nesta Pregaria pódese botar man dunha fórmula especial a prol dun defunto; hase insertar no seu lugar, que é despois das verbas: Apiádate tamén dos fillos que tes dispersos polo mundo adiante: axúntaos a todos contigo. Pai misericordioso.

*d)* A Pregaria eucarística cuarta ten un prefacio inamovible que ofrece un sumario xeitoso da historia da salvación. Pódese empregar cando a Misa carece de prefacio propio, e pega mellor en asambleas de fieis que disfrutan dun coñecemento máis fondo da Escritura sagrada.

Nesta Pregaria, por cuestión da súa estructura, non se pode insertar unha fórmula especial por un defunto.

*e)* A Pregaria eucarística que ten prefacio propio tamén se pode empregar, conservando o seu prefacio, cando na Misa se debe colle-lo prefacio do tempo.

**323.** En tódalas Misas, a non ser que se diga outra cousa, dinse as oracións propias da Misa.

Pero nas Misas das memorias dise a colecta propia ou a do Común; e as oracións sobre as ofrendas e de despois da Comunión, de non ser propias, cóllense ou do Común ou da feria do tempo correspondente.

Nas ferias de durante o ano, ademais das oracións do domingo anterior, pódense coller ou as oracións doutro domingo ordinario ou unha das oracións por algunhas necesidades que aparecen no Misal. Sempre está permitido coller desas Misas só a colecta.

Deste xeito ofrécese unha ampla cantidade de textos, cos que non só se ten a oportunidade de renovar continuamente os motivos de pregaria da asamblea litúrxica, senón que tamén se pode adaptar oportunamente a mesma pregaria ás necesidades dos fieis, da Igrexa e do mundo. Emporiso, nos tempos fortes do ano esta acomodación xa se dá a través das oracións propias de tales tempos, que aparecen no Misal para cada día.

## Os cantos

**324.** Para escolle-las cantigas interleccionais, e as de entrada, ofertorio e Comunión, síganse as normas establecidas nos lugares correspondentes.

## Algunhas facultades particulares

**325.** Ademais das facultades de escoller algúns textos máis ó xeito, segundo deixamos dito nos números precedentes, as Conferencias Episcopais poden facer, nalgunhas circunstancias especiais, certas adaptacións no referente ás lecturas, tendo en conta que sempre se teñen que escoller textos do Leccionario convenientemente aprobado.

## CAPÍTULO VIII

# AS MISAS POR DIVERSAS NECESIDADES E AS MISAS DOS DEFUNTOS

### I. AS MISAS E ORACIÓNS VOTIVAS E POR DIVERSAS NECESIDADES

**326.** Dado que a liturxia dos Sacramentos e dos Sacramentais leva a que os fieis convenientemente dispostos santifiquen casemente tódolos acontecementos da vida coa gracia divina que xurde do misterio pascual (95), e dado que a Eucaristía é o sacramento dos sacramentos, o Misal aporta uns modelos de Misas e oracións que se poden empregar en diferentes ocasións da vida cristiá polo ben das necesidades de todo o mundo e da Igrexa universal ou local.

**327.** Tendo en conta a ampla facultade de escoller lecturas e oracións, cómpre que as Misas por diversas necesidades se empreguen con moderación, isto é, cando as circunstancias o piden de verdade.

**328.** En tódalas Misas por diversas necesidades, a non ser que expresamente se diga outra cousa, está permitido emprega-las lecturas feriais e as cantigas interleccionais que as acompañan, se pegan ben coa celebración.

**329.** As Misas por diversas necesidades son de tres clases:

*a)* Misas rituais, que están relacionadas coa celebración dalgún Sacramento ou Sacramental.

*b)* Misas por algunhas necesidades, que se empregan nalgunhas circunstancias especiais que se dan de cando en vez ou cunha regularidade xa establecida.

*c)* Misas votivas, a escoller libremente segundo a devoción dos fieis, sobre os misterios do Señor ou en honor da Santísima Virxe María e dos Santos.

**330.** As Misas rituais prohíbense nos domingos do Advento, Coresma e Pascua, nas solemnidades, nas oitavas da Pascua, na Conmemoración de tódolos fieis defuntos, no mércores da Cinsa e nas ferias da Semana Santa, observando ademais as normas que se expoñen nos libros rituais e nas mesmas Misas.

**331.** De entre as Misas por algunhas necesidades, a autoridade competente pode escoller algunhas Misas para as súplicas que durante o ano estableza a Conferencia Episcopal.

**332.** Por razón dalgunha necesidade especialmente grave ou por utilidade pastoral, pódese celebrar unha Misa axeitada ó caso, contando co mandado ou per-

95. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 61.

miso do Ordinario do lugar, en calquera día, agás nas solemnidades, nos domingos do Advento, Coresma e Pascua, no mércores da Cinsa e nas ferias da Semana Santa.

**333.** Nos días en que hai unha memoria obrigatoria ou nunha feria do Advento ata o 16 de decembro; do Nadal desde o 2 de xaneiro, ou de Pascua, fóra da oitava de Pascua, están prohibidas as Misas votivas e por algunhas necesidades; non obstante, se realmente o pide algunha necesidade ou utilidade pastoral, na celebración co pobo pódese empregar unha Misa que responda a esta necesidade ou utilidade, a xuício do rector da igrexa ou do mesmo sacerdote celebrante.

**334.** Nas ferias do tempo ordinario nas que coinciden memorias libres ou se ten o Oficio de feria, está permitido celebrar calquera Misa ou empregar calquera oración por diversas necesidades, agás as Misas rituais.

## II. As Misas dos defuntos

**335.** A Igrexa ofrece o sacrificio eucarístico da Pascua de Cristo polos defuntos, para que, entrando en comunión tódolos membros de Cristo, o que a uns lles vale para acadar fortaleza espiritual, a outros lles aporte o consolo da esperanza.

**336.** Entre as Misas polos defuntos o primeiro lugar teno a Misa de enterro, que se pode celebrar tódolos días, agás nas solemnidades de precepto e nos domingos do Advento, Coresma e Pascua.

**337.** A Misa polos defuntos, despois de recibida a nova da morte, ou no día da sepultura, ou no día aniversario, pódese celebrar mesmo na oitava de Nadal e nos días en que hai unha memoria obrigatoria ou unha feria con tal que non sexa o mércores da Cinsa ou un día da Semana Santa.

As outras Misas polos defuntos, as chamadas Misas «cotidianas», pódense celebrar nos mesmos días nos que están permitidas as Misas votivas, sempre que realmente se apliquen polos defuntos.

**338.** Nas Misas das exequias téñase normalmente unha homilía breve, excluíndo calquera xénero de louvanza fúnebre. Tamén se aconsella a homilía nas demais Misas polos defuntos que se celebran con pobo.

**339.** Anímese ós fieis, maiormente ós familiares do defunto, a que participen no sacrificio eucarístico ofrecido polo defunto recibindo a Comunión sagrada.

**340.** Se a Misa das exequias acompaña ó rito de enterramento, dita a oración de despois da Comunión, omítese o rito de conclusión e faise o rito da derradeira recomendación ou despedida; este rito só se ten se o cadáver está presente.

**341.** Á hora de ordenar e escolle-las partes da Misa de defuntos, sobre todo das Misas de enterro, que poden cambiar (por exemplo, oracións, lecturas, oración universal), téñase en conta, como debe ser, as razóns pastorais en relación co defunto, coa familia e cos presentes.

Que os pastores presten unha atención especial ós que, co motivo das exequias, participan nas celebracións litúrxicas e escoitan o Evanxelio, tanto se non son católicos coma se son católicos que nunca ou case nunca participan na Eucaristía, ou que se considera que perderon a fe; os sacerdotes son ministros do Evanxelio de Cristo para todos.

# CARTA APOSTÓLICA «MYSTERII PASCHALIS» DADA A XEITO DE «MOTU PROPRIO»

## POLA QUE SE APROBAN AS NORMAS UNIVERSAIS ACERCA DO ANO LITÚRXICO E O NOVO CALENDARIO XERAL ROMANO

PAULO PAPA VI

O sacrosanto Concilio Vaticano II ensinounos clarisimamente que a celebración do Misterio Pascual ten unha importancia especialísima dentro do culto relixioso dos cristiáns, e que se vai explicitando ó longo dos días, das semanas durante todo o ano. Disto dedúcese o moito que cómpre poñer en claro o tal misterio pascual de Cristo na reforma do ano litúrxico, para o que o mesmo santo Concilio estableceu normas (1), ben no referente ó Ordenamento do que se chama o Propio do tempo e dos Santos, ben no referente á revisión do Calendario Romano.

## I

Certamente, ó longo dos séculos foise dando o caso de que, debido ó inzamento das vixilias, das festas relixiosas e da súa celebración durante oito días, e pola inserción de diferentes partes dentro do ano litúrxico, os fieis deron en empregar por veces algúns exercicios especiais de piedade, de tal maneira que semellaba xa que as súas mentes se arredaban en certo senso dos principais misterios da redención divina.

Pero a ninguén se lle agocha que os nosos Predecesores S. Pío X e Xoán XXIII, de feliz lembranza, deron algunhas normas coa finalidade de lle devolver ó domingo a súa dignidade primitiva, de xeito que todos o tivesen verdadeira e propiamente como *día principal de festa* (2), e asemade, para reinstaura-la celebración litúrxica da sacra Coresma. E tamén é ben sabido que o noso Predecesor Pío XII, de

1. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, nn. 102-111.
2. Cf. *Ibid.*, n. 106.

feliz lembranza, mandou mediante decreto (3) que a Igrexa Occidental restablecese a solemne vixilia da noite pascual, na que o pobo de Deus ó tempo que celebra os Sacramentos da iniciación cristiá, renova a súa alianza espiritual con Cristo, o Señor resucitado.

Estes Sumos Pontífices, seguindo firmemente o ordenamento dos Santos Pais e a doctrina tradicional da Igrexa católica, coidaban con moito acerto que co decurso anual da Liturxia non só se conmemoraban os feitos cos que Cristo Xesús, morrendo por nós, nos aportara a salvación, e asemade se revivía a lembranza de acontecementos pasados, na meditación dos cales o espírito dos fieis cristiáns, mesmo os máis sinxelos, atopaban instrucción e mantenza; non só iso, senón que tamén ensinaban que a celebración do ano litúrxico *ten unha forza e eficacia sacramental peculiar para termar da vida cristiá* (4). Cousa, por certo, que tamén Nós mesmo sentimos e profesamos.

Así, pois, con toda razón, cando celebrámo-lo *sacramento do Nacemento de Cristo* (5) e a súa manifestación ó mundo, pedímoslle *que merezamos ser reformados interiormente por aquel a quen recoñecemos no seu aspecto exterior semellante a nós* (6), e ó renova-la Pascua do mesmo Cristo, pedímoslle ó Deus altísimo que cantos renaceron con Cristo *mostren coa súa vida o sacramento que recibiron mediante a fe* (7). Pois, botando man das palabras do Concilio Vaticano II, a Igrexa, *facendo así lembranza dos misterios da salvación, abre ós fieis as riquezas da forza e dos méritos do seu Señor, de tal xeito que en todo tempo se fan dalgunha maneira presentes para que así os fieis poidan achegarse a elas e encherse coa gracia da salvación* (8).

Por esta razón, a revisión do ano litúrxico e as normas que se seguen da tal revisión non teñen máis finalidade cá de que os fieis, mediante a fe, a esperanza e a caridade, entren en comunión apaixonada con *todo o misterio de Cristo, desenrolado ó longo do ano* (9).

3. Cf. S. Congr. de Ritos, Decr. *Dominicae Resurrectionis*, do 9 de feb. do 1951: A.A.S. 43 (1951) pp. 128-129.
4. S. Congr. de Ritos, Decr. xeral *Maxima redemptionis nostrae mysteria*, do 16 de nov. do 1955: A.A.S. 47 (1955) p. 839.
5. San León Magno, *Sermo XXVII in Nativitate Domini* 7, 1: PL 54, 216.
6. Misal Romano, ed. típ. 1962, Oración da Epifanía (no presente Misal, segunda oración colecta do Bautismo do Señor, p. 174).
7. *Ibid.*, Oración do martes da oitava de Pascua (no presente Misal, oración colecta do luns, p. 311).
8. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 102.
9. Cf. *Ibid.*, n. 102.

## II

Coidamos que non se opón para nada ó devandito o feito de sobresaíren con especial claridade as festas da Santísima Virxe María, *intimamente avencellada á obra do seu Fillo* (10), e as memorias dos Santos entre as que sobrancean con todo merecemento os natalicios *dos nosos señores, os mártires e vencedores* (11); pois *as festas dos Santos proclaman as maravillas de Cristo nos seus servidores e ofrécenlles ós fieis exemplos oportunos para imitar* (12). A Igrexa católica sempre afirmou con firmeza a certeza de que as festas dos Santos anuncian e renovan o misterio de Cristo (13).

Agora ben, dado que hai que recoñecer que ó longo dos séculos se introduciron máis festas de Santos do normal, con toda razón o santo Sínodo advertiu: *Para que as festas dos Santos non prevalezan sobre as festas que fan lembranza dos misterios da salvación, cómpre que moitas desas festas se deixen para a celebración particular de cada Igrexa, nación ou familia relixiosa, e que na Igrexa universal se celebren só as que fan lembranza dos Santos que de verdade teñen un gran significado universal* (14).

Co fin de levar a cabo os decretos do Concilio Ecuménico, retiráronse do Calendario xeral, por unha banda, os nomes dalgúns santos, e concedeuse a facultade, por outra, de restituí-la memoria doutros santos, se convén, e en consecuencia tamén do seu culto nas súas propias rexións. Isto veu dar que se suprimiron do Calendario Romano os nomes de certos santos descoñecidos nalgunhas partes do mundo, e introducíronse os nomes dalgúns Mártires naturais de países que foron evanxelizados aínda hai pouco; de xeito que na mesma lista disfruten de idéntica dignidade os representantes de tódolos pobos que se fixeron insignes por verte-lo seu sangue por Cristo ou polas súas virtudes extraordinarias.

Por estas razóns, coidamos que o novo Calendario xeral, composto para uso do rito latino, está máis adaptado á piedade e á sensibilidade destes tempos e manifesta mellor a universalidade da Igrexa; pois propón os nomes de Santos preclaros que ofrecen brillantes exemplos de santidade vivida de maneiras moi diferentes. Non fai fa-

10. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* n. 103.
11. Cf. *Breviarium Syriacum* (século V), ed. B. Mariani, Roma 1956, p. 27.
12. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 111.
13. Cf. *Ibid.*, n. 104.
14. Cf. *Ibid.*, n. 111.

lla dici-lo moito proveito espiritual que isto pode traer para tódolos cristiáns.

Despois de sopesar concienzudamente toda estas razóns diante do Señor, aprobamos coa nosa autoridade apostólica o novo Calendario xeral Romano composto polo Consello para a execución da Constitución sobre a sagrada Liturxia, e tamén as Normas universais para o ordenamento do ano litúrxico, de maneira que empecen a ter vixencia a partir do día 1 de xaneiro do ano 1970, de acordo cos decretos que dará a Sagrada Congregación de Ritos e asemade o devandito Consello, e que terán valor ata o momento en que saian do prelo o Misal e o Breviario reformados.

Canto establecemos mediante esta nosa Carta dada a xeito de *Motu proprio*, mandamos que sexa firme e se considere ratificado, sen que sexa obstáculo, se chegara o caso, ningunha Constitución ou Ordenación Apostólica dos nosos Antecesores, ou calesqueira outras prescripcións, anque sexa digna de mención e derogación.

Dado en Roma, en S. Pedro, o día 14 de febreiro do ano 1969, sexto do noso pontificado.

PAULO PAPA VI

# NORMAS UNIVERSAIS ACERCA DO ANO LITÚRXICO E DO CALENDARIO

## CAPÍTULO I

## O ANO LITÚRXICO

**1.** A santa Igrexa celebra cunha lembranza sagrada a obra salvadora de Cristo en días determinados durante o ano. En cada semana o día que se chama domingo fai memoria da Resurrección do Señor, que unha vez ó ano na extraordinaria celebración da Pascua é celebrada xuntamente coa súa benaventurada Paixón. Ó longo do ano vai desenrolando todo o misterio de Cristo e conmemora os días natalicios dos Santos.

En diferentes tempos do ano litúrxico, de acordo cunha disciplina tradicional, a Igrexa vai enriquecendo a sabiduría dos fieis por medio de piadosos exercicios do corpo e do espírito, por medio da catequese, da oración e das obras de penitencia e de misericordia (1).

**2.** Os principios que seguen pódense e débense aplicar tanto ó rito romano coma a tódolos outros ritos; as norma prácticas, en cambio, enténdese que só afectan ó rito romano, agás que sexan normas que pola súa mesma natureza afectan tamén a outros ritos (2).

### Título I: OS DÍAS LITÚRXICOS

### I. O día litúrxico en xeral

**3.** Cada día é santificado coas celebracións litúrxicas do pobo de Deus, maiormente co sacrificio eucarístico e co Oficio divino.

O día litúrxico abrangue da media noite dun día á media noite seguinte.

A celebración do domingo e das solemnidades principais comeza xa a véspera do día anterior.

### II. O domingo

**4.** No primeiro día de tódalas semanas, chamado domingo ou día do Señor, a Igrexa, seguindo unha tradición apostólica que arranca do mesmo día da Re-

1. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium,* nn. 102-105.
2. Cf. *Ibid.*, n. 3.

surrección de Cristo, celebra o misterio pascual. En consecuencia, o domingo debe terse como o día principal de festa (3).

**5.** Pola súa peculiar importancia, o domingo só cede a súa celebración ás solemnidades, e ás festas do Señor; os domingos do Advento, Coresma e Pascua teñen preferencia sobre tódalas festas do Señor e sobre tódalas solemnidades. As solemnidades que cadren nestes días anticípanse para o sábado.

**6.** O domingo exclúe de seu a asignación perpetua doutra celebración. Emporiso:

*a)* No domingo dentro da oitava do Nadal celébrase a festa da Sagrada Familia.
*b)* No domingo de despois do día 6 de xaneiro celébrase a festa do Bautismo do Señor.
*c)* No domingo de despois de Pentecostés celébrase a solemnidade da Santísima Trinidade.
*d)* No domingo derradeiro do tempo ordinario celébrase a solemnidade do noso Señor Xesucristo, Rei do universo.

**7.** Onde as solemnidades de Epifanía, Ascensión e do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo non son de precepto, celébranse nun domingo como se fora o seu día, deste xeito:

*a)* A Epifanía, no domingo que cae entre o día 2 e o día 8 de xaneiro.
*b)* A Ascensión, no domingo VII de Pascua.
*c)* A solemnidade do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo, no domingo que segue ó da Santísima Trinidade.

## III. As solemnidades, as festas e as memorias

**8.** Ó longo do ano, a Igrexa, ó tempo que celebra o misterio de Cristo, tamén venera cun amor especial a santísima Virxe María, Nai de Deus, e ofrece á piedade dos fieis as memorias dos Mártires e doutros Santos (4).

**9.** Os Santos que teñen unha importancia universal celébranse obrigatoriamente en toda a Igrexa; os demais, ou ben se inscriben no calendario para ser celebrados libremente, ou ben se deixan ó culto particular de cada Igrexa, nación ou familia relixiosa (5).

**10.** As celebracións, de acordo coa importancia que se lles concede, distínguense entre si e denomínanse: solemnidade, festa e memoria.

3. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 106.
4. Cf. *Ibid.*, nn. 103-104.
5. Cf. *Ibid.*, n. 111.

**11.** As solemnidades cóntanse entre os días máis importantes, e a súa celebración empeza coas primeiras Vésperas do día anterior. Algunhas solemnidades tamén dispoñen dunha Misa propia para a vixilia, que se emprega na tarde do día anterior, se é que se celebra Misa vespertina.

**12.** A celebración das grandes solemnidades da Pascua e do Nadal prolóngase durante oito días continuos. Estas oitavas ordénanse en conformidade cunhas leis propias.

**13.** As festas celébranse dentro dos lindeiros do día natural; polo tanto non teñen primeiras Vésperas, agás as festas do Señor que cadran nos domingos ordinarios e do tempo de Nadal e que sustitúen ó Oficio destes domingos.

**14.** As memorias son obrigatorias ou libres; a súa celebración compaxínase coa celebración da feria na que caen de acordo coas normas que se expoñen nos Ordenamentos xerais acerca da Misa e do Oficio Divino.

As memorias obrigatorias que caen nas ferias da Coresma soamente se poden celebrar como memorias libres.

Se para o mesmo día aparecen varias memorias libres no calendario xeral, soamente se pode celebrar unha; as demais, hainas que deixar.

**15.** Nos sábados do tempo ordinario nos que non hai memoria obrigatoria, pódese facer unha memoria libre da santísima Virxe María.

## IV. As ferias

**16.** Os días da semana que veñen despois do domingo chámanse ferias; pero celébranse de diferente maneira, segundo cal sexa a súa importancia:

*a)* O mércores da Cinsa e as ferias da Semana Santa, desde o luns deica o xoves inclusive, teñen preferencia sobre calquera outra celebración.

*b)* As ferias do Advento, desde o día 17 ata o día 24 de Nadal inclusive, e tódalas ferias da Coresma teñen preferencia sobre as memorias obrigatorias.

*c)* As demais ferias ceden ante as solemnidades e festas e compaxínanse coas memorias.

## Título II: O CURSO DO ANO

**17.** Ó longo do ano, a Igrexa celebra todo o misterio de Cristo, dende a Encarnación ata o día de Pentecostés e a expectación pola chegada do Señor (6).

6. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 5.

## I. O triduo pascual

**18.** Dado que Cristo realizou a obra da redención humana e da perfecta glorificación de Deus maiormente mediante o seu misterio pascual, co que, morrendo, esnaquizou a nosa morte, e, resucitando, nos devolveu a vida, o sagrado Triduo pascual da Paixón e da Resurrección do Señor é o coroamento luminoso de todo o ano litúrxico (7). O posto destacado que o domingo ten na semana, teno a solemnidade da Pascua dentro do ano litúrxico (8).

**19.** O Triduo pascual da Paixón e da Resurrección do Señor principia na Misa vespertina da Cea do Señor, ten o seu cerne na Vixilia pascual e conclúe coas Vésperas do domingo de Resurrección.

**20.** O Venres Santo (9) e, se se ve oportuno, tamén o Sábado Santo ata a Vixilia pascual (10), celébrase en todas partes o sagrado xexún pascual.

**21.** A Vixilia pascual, na noite santa na que resucitou o Señor, está considerada como «nai de tódalas santas Vixilias» (11); nela, a Igrexa agarda en vela a resurrección do Señor e celébraa logo sacramentalmente. En consecuencia, toda a celebración desta sagrada Vixilia débese facer de noite, de xeito que ou ben empece despois do comezo da noite ou ben remate antes do amencer do domingo.

## II. O tempo pascual

**22.** Os cincuenta días que van dende o domingo de Resurrección deica o domingo de Pentecostés celébranse no medio dunha grande ledicia e exultación, como se fora un só día de festa, máis aínda, como se fora «un grande domingo» (12).

Estes son os días nos que especialmente se canta o Aleluia

**23.** Os domingos deste tempo téñense como domingos de Pascua, e, despois do domingo de Resurrección, chámanse domingo II, III, IV, V, VI, VII de Pascua; co domingo de Pentecostés conlúese este sagrado tempo de cincuenta días.

**24.** Os oito primeiros días do tempo pascual constitúen a oitava de Pascua, e celébranse como solemnidades do Señor.

**25.** Corenta días despois da Pascua celébrase a Ascensión do Señor, a non ser que, onde non é de precepto, estea asignada para o domingo VII de Pascua (cf. n. 7).

7. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 5.
8. Cf. *Ibid.*, n. 106.
9. Cf. Paulo VI, Const. Apost. *Poenitemini*, do 17 de feb. do 1966, II, párr. 3: A.A.S. 58 (1966) p. 184.
10. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 110.
11. Santo Agostiño, *Sermo* 219: PL 38, 1088.
12. San Atanasio, *Epist. fest.* 1: PG 26, 1366.

**26.** As ferias de despois da Ascensión deica o sábado antes de Pentecostés inclusive preparan a chegada do Santo Espírito Paráclito.

## III. O tempo da Coresma

**27.** O tempo da Coresma está ordenado para prepara-la celebración da Pascua; a liturxia coresmal prepara para celebra-lo misterio pascual tanto dos catecúmenos, mediante os diferentes grados da iniciación cristiá, coma ós fieis, que recordan o seu Bautismo e fan penitencia (13).

**28.** O tempo da Coresma vai desde o mércores da Cinsa deica a Misa na Cea do Señor exclusive.

A partir do comezo da Coresma deica a Vixilia pascual non se di Aleluia.

**29.** No mércores da Cinsa, ó inicia-la Coresma, día de xexún en todas partes (14), imponse a cinsa.

**30.** Os domingos deste tempo chámanse domingos I, II, III, IV, V de Coresma. O domingo sexto, co que principia a Semana Santa, chámase «Domingo de Ramos na Paixón do Señor».

**31.** A Semana Santa está ordenada a conmemora-la Paixón de Cristo dende a súa entrada mesiánica en Xerusalén.

O Xoves Santo, pola mañá, o Bispo concelebra a Misa co seu presbiterio, bendice os santos óleos e consagra o crisma.

## IV. O tempo do Nadal

**32.** Despois da anual celebración do misterio pascual non hai cousa máis antiga na Igrexa cá celebración coa que recorda o Nacemento do Señor e a súas primeiras manifestacións; isto faino no tempo do Nadal.

**33.** O tempo do Nadal vai desde as primeiras Vésperas do Nadal deica o domingo de despois da Epifanía, ou despois do día 6 de xaneiro, inclusive.

**34.** A Misa da Vixilia do Nadal emprégase na véspera do día 24 de decembro, antes ou despois das primeiras Vésperas.

No día do Nadal pódense celebrar tres Misas, de acordo coa antiga tradición romana, unha á noite, outra ó amencer, e outra polo día.

13. Cf. Conc. Vat. II, Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, n. 109.
14. Cf. Paulo VI, Const. Apost. *Poenitemini*, do 17 de feb. do 1966, II, párr. 3: A.A.S. 58 (1966) p. 184.

**35.** O Nadal ten a súa oitava, ordenada deste xeito:

*a)* No domingo dentro da oitava ou, se non o hai, o día 30 de decembro, celébrase a festa da Sagrada Familia: Xesús, María e Xosé.
*b)* O día 26 de decembro celébrase a festa de S. Estevo, Protomártir.
*c)* O día 27 de decembro, celébrase a festa de S. Xoán, Apóstolo e Evanxelista.
*d)* O día 28 de decembro, celébrase a festa dos Santos Inocentes.
*e)* O día 29, 30 e 31 son días da oitava.
*f)* O día 1 de xaneiro, ós oito días do Nadal, celébrase a solemnidade de Santa María, Nai de Deus; nese mesmo día tamén se conmemora a imposición do Santísimo Nome de Xesús.

**36.** O domingo que cae entre o día 2 e o día 5 de xaneiro é o domingo II de despois do Nadal.

**37.** A Epifanía do Señor celébrase o día 6 de xaneiro, agás nos sitios onde non é de precepto; neste caso está asignada ó domingo que cae entre o día 2 e o día 8 de xaneiro (cf. n. 7).

**38.** O domingo que cae despois do día 6 de xaneiro, celébrase a festa do Bautismo do Señor.

## V. O tempo do Advento

**39.** O tempo do Advento ten unha dobre característica; é o tempo de preparación para as solemnidades do Nadal, nas que se rememora a primeira chegada do Fillo de Deus cabo dos homes; e tamén é o tempo no que, mediante esta rememoración, se dirixen os espíritos cara á expectación da segunda chegada de Cristo ó final dos tempos. Por estas dúas razóns, o tempo do Advento ofrécese como un tempo de devota e leda expectación.

**40.** O tempo do Advento principia coas primeiras Vésperas do domingo que cae no 30 de novembro ou no día máis preto desta data, e remata antes das primeiras Vésperas do Nadal.

**41.** Os domingos deste tempo chámanse domingos I, II, III, IV do Advento.

**42.** As ferias, dende o día 17 ata o día 24 de decembro inclusive, están ordenadas máis directamente á preparación do Nadal.

## VI. O tempo ordinario

**43.** A maiores dos tempos que teñen unha característica particular, quedan trinta e tres ou trinta e catro semanas ó longo do ano, nas que non se celebra ningún

aspecto especial do misterio de Cristo; senón que máis ben se rememora o misterio mesmo de Cristo na súa plenitude, especialmente nos domingos. A este tempo chámaselle tempo ordinario.

**44.** O tempo ordinario principia o luns que segue ó domingo que cae despois do 6 de xaneiro e prolóngase deica o martes antes da Coresma inclusive; volve empezar de novo no luns despois do domingo de Pentecostés e remata antes das primeiras Vésperas do domingo I do Advento.

Por esta razón emprégase unha serie de formularios, que se atopa na Liturxia das Horas e no Misal para os domingos e para as ferias deste tempo.

## VII. As Rogativas e as catro Témporas do ano

**45.** Nas Rogativas e nas catro Témporas do ano a Igrexa adoita rezarlle ó Señor e darlle gracias publicamente polas diversas necesidades dos homes, maiormente polos froitos da terra e polo traballo humano.

**46.** Para que as Rogativas e as catro Témporas do ano se adapten mellor ás diversas necesidades dos fieis e dos lugares, cómpre que as Conferencias Episcopais establezan o tempo e o xeito de as celebrar.

Acerca da longura da celebración, se por un ou varios días, da súa repetición ó longo do ano, que a autoridade competente dea normas, tendo en conta as necesidades locais.

**47.** Para cada unha destas celebracións, escóllase entre as Misas por algunhas necesidades ou as Misas votivas a que máis vaia coa intención das súplicas.

## CAPÍTULO II

# O CALENDARIO

### Título I: O CALENDARIO E AS CELEBRACIÓNS QUE SE DEBEN INSCRIBIR NEL

**48.** O ordenamento da celebración do ano litúrxico réxese polo calendario, que pode ser xeral ou particular, segundo que composto para o uso de todo o rito romano, ou para o uso dalgunha Igrexa particular ou familia relixiosa.

**49.** No calendario xeral inscríbese o ciclo completo das celebracións, tanto as celebracións do misterio da salvación no Propio do tempo, coma as celebracións dos Santos que teñen unha importancia universal, e que por iso todos teñen a obriga de os celebrar, coma tamén as doutros Santos que mostran a universalidade e a continuidade da santidade dentro do pobo de Deus.

En cambio, os calendarios particulares conteñen as celebracións propias, compaxinadas correctamente co ciclo xeral (15). Cómpre que cada Igrexa ou familia relixiosa venere con especial honor ós Santos que lle son propios por algunha razón peculiar.

Os calendarios particulares deben ser compostos pola autoridade competente e aprobados pola Sé Apostólica.

**50.** A hora de compoñe-los calendarios particulares, téñase en conta o seguinte:

*a)* O Propio do tempo, é dicir, o ciclo dos tempos, solemnidades e festas, mediante o que se vai desenrolando e celebrando ó longo do ano litúrxico o misterio da redención, débese conservar sempre íntegro, e debe gozar da debida preeminencia sobre as celebracións particulares.

*b)* As celebracións propias débense compaxinar axeitadamente coas celebracións universais, tendo en conta a orde e a precedencia indicados para cada unha delas na táboa dos días litúrxicos. Para que os calendarios particulares non se recarguen de máis, a cada Santo só se lle asignará unha celebración dentro do ano litúrxico; se o aconsellan razóns pastorais, téñase outra celebración na forma de memoria libre para a traslación ou descubrimento dos santos Patróns ou dos Fundadores das Igrexas ou das familias relixiosas.

*c)* As celebracións concedidas como unha gracia non deben ser un duplicado doutras celebracións xa presentes no ciclo do misterio da salvación, e o seu número non debe ser excesivo.

**51.** Anque cómpre que cada diócese teña o seu Calendario e o seu Propio dos Oficios e das Misas, non hai ningún inconveniente en que unha provincia ecle-

15. Cf. S. Congr. para o Culto Divino, Instr. *Calendaria particularia*, do 24 de xuño do 1970: A.A.S. 62 (1970) pp. 651-663.

siástica, unha rexión ou nación ou un territorio máis amplo teñan Calendarios e Propios comúns; neste caso, os interesados débenos preparar de mutuo acordo.

Este mesmo principio, e polas mesmas razóns, pódese observar tamén nos calendarios relixiosos para varias provincias do mesmo territorio civil.

**52.** O calendario particular prepárase insertando no calendario xeral as solemnidades, festas e memorias que lle son propias, isto é:

*a)* No calendario diocesano, a maiores das celebracións dos Patróns, da dedicación da igrexa catedral, os Santos ou Beatos que teñen un vencello especial coa diócese, por exemplo, pola súa orixe, estancia prolongada, morte, etc.

*b)* No calendario relixioso, amais do Titular, do Fundador e do Patrono, os Santos e os Beatos membros da mesma familia relixiosa ou aqueles que tuveron con ela especial vencello.

*c)* No calendario de cada unha das igrexas, a maiores das celebracións propias da diócese ou familia relixiosa, as celebracións propias da mesma igrexa inscritas na táboa dos días litúrxicos, e tamén os Santos que teñen o seu corpo na tal igrexa. Os membros das familias relixiosas únense á comunidade da Igrexa local para celebra-lo aniversario da dedicación da igrexa catedral e o Patrono principal do lugar ou territorio onde viven.

**53.** Cando algunha diócese ou algunha familia relixiosa dispón de moitos Santos e Beatos, cómpre ter coidado en non gravar máis da conta o calendario de toda a diócese ou de todo o Instituto. Polo tanto:

*a)* Pódese ter primeiramente unha celebración común de tódolos Santos e Beatos da diócese ou familia relixiosa ou dalgún sector deles.

*b)* Inscríbanse no calendario con celebración particular só os Santos e Beatos que teñen unha importancia especial para toda a diócese ou familia relixiosa.

*c)* Os demais Santos e Beatos celébrense só naqueles lugares cos que garden un vencello máis especial, ou onde acougan os seus corpos.

**54.** As celebracións propias, a non ser que se prevexa doutro xeito para algunha delas na táboa dos días litúrxicos ou haxa razóns históricas e pastorais de peso, débense inscribir como memorias obrigatorias ou libres. Non hai ningún inconveniente en que algunhas celebracións se fagan nalgures con maior solemnidade que no resto da diócese ou familia relixiosa.

**55.** As celebracións inscritas no calendario propio obrigan a tódolos que seguen ese calendario; e, agás que sexa coa aprobación da Sé Apostólica, non se poden retirar do calendario nin cambiar de grado.

## Título II: O DÍA PROPIO DAS CELEBRACIÓNS

**56.** A Igrexa adoito celebra-los Santos no día da súa morte, cousa que se debe manter nas celebracións propias que se inscriben no calendario particular.

Emporiso, anque as celebracións propias teñen unha importancia especial para cada unha das Igrexas particulares ou familias relixiosas, non obstante, é moi necesario que á hora de celebra-las solemnidades, as festas e as memorias obrigatorias contidas no calendario xeral, se dea unha total unidade, dentro do posible.

Polo tanto, nas celebracións propias que se inscriben no calendario particular téñase en conta o seguinte:

*a)* As celebracións que tamén veñen relacionadas no calendario xeral débense inscribir no calendario particular no mesmo día que teñen no calendario xeral, cambiando, se é necesario, o grado da celebración.

Obsérvese o mesmo á hora de inscribi-las celebracións propias soamente dalgunha igrexa, en relación co calendario da diócese ou da familia relixiosa.

*b)* As celebracións dos Santos que non se atopan no calendario xeral, asígnense ó día da súa morte. Cando se descoñece o día da morte asígnese a celebración a outro día que por algunha razón estea avencellado co Santo, por exemplo, o día da súa ordenación, do seu descubrimento, da súa traslación; e senón a un día que no calendario particular estea libre doutras celebracións.

*c)* Se o día da morte ou outro día especial está impedido por algunha celebración obrigatoria no calendario xeral ou particular, anque sexa de menor grado, asígnese a celebración ó día libre máis próximo.

*d)* Non obstante, se se trata de celebracións que por razóns pastorais non se poden trasladar a outro día, trasládese a celebración que o impide.

*e)* As celebracións concedidas como unha gracia inscríbanse no día máis axeitado desde o punto de vista pastoral.

*f)* Para que o ciclo do ano litúrxico resplandeza con toda a súa luz, e para que as celebracións dos Santos non se vexan impedidas perpetuamente, permanecerán libres de celebracións particulares os días en que adoito caen os tempos de Coresma e a oitava de Pascua, e tamén os días que van do 17 ó 31 do Nadal, agás que se trate de memorias non obrigatorias ou de festas sinaladas na táboa dos días litúrxicos, n. 8 a, b, c, d, ou de solemnidades que non se poidan pasar a outro tempo.

A solemnidade de S. Xosé (19 de marzo) pódena traslada-las Conferencias Episcopais para algún día fóra da Coresma, agás que sexa día de precepto.

**57.** Se algúns Santos ou Beatos están inscritos conxuntamente no calendario, celébranse sempre conxuntamente, sempre que teñan o mesmo grado de celebración, anque algún ou algúns deles sexan máis propios. Se algún ou algúns destes Santos ou Beatos se teñen que celebrar con grado superior, fágase só o Oficio destes, desbotando a celebración dos outros, a non ser que conveña asignalos a outros días a maneira de memoria obrigatoria.

**58.** Por procura-lo ben pastoral dos fieis, está permitido celebrar nos domingos do tempo ordinario aquelas celebracións que caen entre semana e que disfrutan de grande aceptación na piedade dos fieis sempre que estas celebracións, segundo a táboa de precedencia, se poidan antepoñer ós domingos. Tódalas Misas que se celebren con participación do pobo pódense dicir da celebración trasladada.

**59.** A precedencia entre os días litúrxicos no referente á súa celebración réxese pola táboa seguinte:

TÁBOA DOS DÍAS LITÚRXICOS

disposta segundo a orde de precedencia

I

1. Triduo pascual da Paixón e Resurrección do Señor.
2. Nadal, Epifanía, Ascensión e Pentecostés.
   Domingos de Advento, Coresma e Pascua.
   Mércores da Cinsa.
   Semana Santa, dende o luns deica o xoves inclusive.
   Días dentro da oitava de Pascua.
3. Solemnidades do Señor, da Santísima Virxe María e dos Santos inscritas no calendario xeral.
   Conmemoración de tódolos fieis defuntos.
4. Solemnidades propias, isto é:
   *a)* Solemnidades do Patrono principal do lugar, pobo ou cidade.
   *b)* Solemnidade da dedicación e do aniversario da dedicación da igrexa propia.
   *c)* Solemnidade do Título da igrexa propia.
   *d)* Solemnidade: ou do Título,
   ou do Fundador,
   ou do Patrono principal da Orde ou Congregación.

II

5. Festas do Señor inscritas no calendario xeral.
6. Domingos do tempo do Nadal e domingos ordinarios.
7. Festas da Santísima Virxe María e dos Santos do calendario xeral.
8. Festas propias, isto é:
   *a)* Festa do Patrono principal da diócese.
   *b)* Festa do aniversario da dedicación da igrexa catedral.
   *c)* Festa do Patrono principal da rexión ou provincia, da nación ou dun territorio máis amplo.

*d)* Festa do Título, do Fundador, do Patrono principal dunha Orde ou Congregación ou provincia relixiosa, tendo en conta o prescrito no n. 4.

*e)* Outras festas propias dalgunha igrexa.

*f)* Outras festas inscritas no calendario de cada diócese, Orde ou Congregación.

9. Ferias do Advento dende o día 17 ata o 24 do Nadal inclusive.
Días dentro da oitava do Nadal.
Ferias da Coresma.

III

10. Memorias obrigatorias do calendario xeral.

11. Memorias obrigatorias propias, isto é:

*a)* Memorias do Patrono secundario do lugar, diócese, rexión ou provincia, nación, territorio máis amplo, dunha Orde ou Congregación ou provincia relixiosa.

*b)* Outras memorias obrigatorias inscritas no calendario de cada diócese, Orde ou Congregación.

12. Memorias libres que tamén se poden facer nos días indicados no n. 9, pero do xeito especial descrito no Ordenamento da Misa e da Liturxia das Horas.
Por esta mesma razón, pódense celebrar como memorias libres as memorias obrigatorias que caen accidentalmente nas ferias da Coresma.

13. Ferias do Advento ata o día 16 do Nadal inclusive.
Ferias do tempo do Nadal dende o día 2 de xaneiro ata o sábado despois da Epifanía.
Ferias do tempo pascual dende o luns que segue á oitava de Pascua ata o sábado antes de Pentecostés inclusive.
Ferias do tempo ordinario.

**60.** Se no mesmo día coinciden varias celebracións, tense a que na táboa dos días litúrxicos ocupa un lugar superior. Non obstante, a solemnidade impedida por un día litúrxico que disfruta de precedencia débese pasar ó día máis próximo que estea libre dos días sinalados na táboa de precedencia baixo os números 1-8, observando as normas establecidas no número 5 das normas universais. As demais celebracións omítense por aquel ano.

**61.** Se no mesmo día se deben celebra-las Vésperas do Oficio en curso e as primeiras Vésperas do día seguinte, teñen preferencia as Vésperas da celebración que ocupa un lugar superior na táboa dos días litúrxicos; en caso de igualdade, teñen preferencia as Vésperas do día en curso.

# CALENDARIO ROMANO XERAL
# PROPIO DE ESPAÑA
# E DAS DIÓCESES DE GALICIA

## XANEIRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | Oitava do Nadal:<br>SOLEMNIDADE DE SANTA MARÍA,<br>NAI DE DEUS | Solemnidade |
| 2 | Santos Basilio Magno e Gregorio Nacianceno,<br>bispos e doutores da Igrexa | Memoria |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | EPIFANÍA DO SEÑOR | Solemnidade |
| 7 | *San Raimundo de Penyafort, presbítero* * | |
| 8 | | |
| 9 | *San Euloxio de Córdoba, presbítero e mártir* | |
| 10 | | |
| 11 | | |
| 12 | | |
| 13 | *San Hilario, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 14 | | |
| 15 | | |
| 16 | | |
| 17 | San Antón, abade | Memoria |
| 18 | | |
| 19 | | |
| 20 | *Santos Froitoso, bispo,*<br>*e os seus diáconos Euloxio e Augurio, mártires*<br>*San Fabián, papa e mártir*<br>*San Sebastián, mártir* | |
| 21 | Santa Inés, virxe e mártir | Memoria |
| 22 | San Vicenzo, diácono e mártir | Memoria |
| 23 | *San Ildefonso, bispo* | |
| 24 | San Francisco de Sales, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 25 | CONVERSIÓN DO APÓSTOLO SAN PAULO | Festa |
| 26 | Santos Timoteo e Tito, bispos | Memoria |
| 27 | *Santa Ánxela de Mérici, virxe* | |
| 28 | San Tomás de Aquino, presbítero e doutor da Igrexa | Memoria |
| 29 | | |
| 30 | | |
| 31 | San Xoán Bosco, presbítero | Memoria |

Domingo despois do día 6 de xaneiro:
BAUTISMO DO SEÑOR — Festa

* Cando non se indica o grado de celebración, é memoria libre.

## FEBREIRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | PRESENTACIÓN DO SEÑOR | Festa |
| 3 | Santos Francisco Blanco e compañeiros, mártires | |
| | Na diócese de Ourense: | Memoria |
| | *San Brais, bispo e mártir* | |
| | *San Óscar, bispo* | |
| 4 | | |
| 5 | Santa Águeda, virxe e mártir | Memoria |
| 6 | Santos Paulo Miki e compañeiros, mártires | Memoria |
| 7 | | |
| 8 | *San Xerónimo Emiliano* | |
| 9 | | |
| 10 | Santa Escolástica, virxe | Memoria |
| 11 | *Nosa Señora de Lurdes* | |
| 12 | | |
| 13 | | |
| 14 | SANTOS CIRILO, MONXE, E METODIO, BISPO, PATRÓNS DE EUROPA | Festa |
| 15 | | |
| 16 | | |
| 17 | *Os sete santos Fundadores da Orde dos Servos da santísima Virxe María* | |
| 18 | | |
| 19 | | |
| 20 | | |
| 21 | *San Pedro Damián, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 22 | CÁTEDRA DO APÓSTOLO SAN PEDRO | Festa |
| 23 | San Policarpo, bispo e mártir | Memoria |
| 24 | | |
| 25 | Beato Sebastián Aparicio | |
| | Na diócese de Ourense: | Memoria |
| 26 | | |
| 27 | | |
| 28 | | |

## MARZO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | SAN ROSENDO, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO - FERROL | |
| | Na diócese de Mondoñedo-Ferrol: | Solemnidade |
| | Nas dióceses de Lugo, Ourense, Santiago e Tui-Vigo: | Memoria |
| 2 | | |
| 3 | | |
| 4 | San Capitón, bispo e mártir | |
| | Na diócese de Lugo: | Memoria |
| | *San Casimiro* | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | Santas Perpetua e Felicidade, mártires | Memoria |
| 8 | *San Xoán de Deus, relixioso* | |
| 9 | *Santa Francisca Romana, relixiosa* | |
| 10 | | |
| 11 | | |
| 12 | | |
| 13 | | |
| 14 | | |
| 15 | | |
| 16 | | |
| 17 | *San Patricio, bispo* | |
| 18 | *San Cirilo de Xerusalén, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 19 | SAN XOSÉ, ESPOSO DA BENAVENTURADA VIRXE MARÍA | Solemnidade |
| 20 | San Martiño Dumiense, bispo | Memoria |
| 21 | | |
| 22 | | |
| 23 | *San Toribio de Mogrovexo, bispo* | |
| 24 | | |
| 25 | ANUNCIACIÓN DO SEÑOR | Solemnidade |
| 26 | | |
| 27 | | |
| 28 | | |
| 29 | | |
| 30 | | |
| 31 | | |

## ABRIL

| | | |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | *San Francisco de Paula, ermitán* | |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | *San Vicenzo Ferrer, presbítero* | |
| 6 | | |
| 7 | San Xoán Bautista de La Salle, presbítero | Memoria |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | | |
| 11 | San Estanislao, bispo e mártir | Memoria |
| 12 | | |
| 13 | *San Martiño I, papa e mártir*<br>*San Hermenexildo, mártir* | |
| 14 | | |
| 15 | | |
| 16 | | |
| 17 | | |
| 18 | | |
| 19 | | |
| 20 | | |
| 21 | *San Anselmo, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 22 | ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN<br>DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE SANTIAGO<br>Na Basílica:<br>Na diócese de Santiago: | <br><br>Solemnidade<br>Festa |
| 23 | *San Xurxo, mártir* | |
| 24 | *San Fidel de Sigmaringa, presbítero e mártir* | |
| 25 | SAN MARCOS, EVANXELISTA | Festa |
| 26 | SAN ISIDORO, BISPO E DOUTOR DA IGREXA | Festa |
| 27 | | |
| 28 | *San Pedro Chanel, presbítero e mártir* | |
| 29 | Santa Catarina de Siena, virxe e doutora da Igrexa | Memoria |
| 30 | *San Pío V, papa* | |

Luns da segunda semana de Pascua:

| | |
|---|---|
| BEATO PEDRO GONZÁLEZ<br>(vulgo: SAN TELMO), PRESBÍTERO,<br>PATRONO DA DIÓCESE DE TUI-VIGO<br>Na diócese de Tui-Vigo: | <br><br><br>Solemnidade |
| SAN TORIBIO DE ASTORGA,<br>BISPO E CONFESOR<br>Nas parroquias galegas da diócese de Astorga: | <br><br>Solemnidade |

## MAIO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | *San Xosé, obreiro* | |
| 2 | San Atanasio, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 3 | SANTOS FILIPE E SANTIAGO, APÓSTOLOS | Festa |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | San Xoán de Ávila, presbítero | Memoria |
| 11 | | |
| 12 | *Santos Nereo e Aquileo, mártires*<br>*San Pancracio, mártir* | |
| 13 | | |
| 14 | SAN MATÍAS, APÓSTOLO | Festa |
| 15 | San Isidro, labrador | Memoria |
| 16 | San Eufrasio, bispo e mártir<br>Na diócese de Lugo: | Memoria |
| 17 | *San Pascual Bailón, relixioso* | |
| 18 | *San Xoán I, papa e mártir* | |
| 19 | | |
| 20 | *San Bernardino de Siena, presbítero* | |
| 21 | Santos Torcuato (Trocado) e os seus seis compañeiros, bispos<br>Na diócese de Santiago: | Memoria |
| 22 | *Santa Xoaquina Vedruna, relixiosa* | |
| 23 | | |
| 24 | | |
| 25 | *San Beda o Venerable, presbítero e doutor da Igrexa*<br>*San Gregorio VII, papa*<br>*Santa María Madalena de Pazzi, virxe* | |
| 26 | San Filipe Neri, presbítero | Memoria |
| 27 | *Santo Agostiño de Canterbury, bispo* | |
| 28 | | |
| 29 | | |
| 30 | *San Fernando* | |
| 31 | VISITACIÓN DA VIRXE MARÍA | Festa |

Xoves despois de Pentecostés:
XESUCRISTO,
SUMO E ETERNO SACERDOTE — Solemnidade

Domingo despois de Pentecostés:
A SANTÍSIMA TRINIDADE — Solemnidade

Xoves despois da Santísima Trinidade:
O SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO — Solemnidade

## XUÑO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | San Xustino, mártir | Memoria |
| 2 | *Santos Marcelino e Pedro, mártires* | |
| 3 | Santos Carlos Lwanga e compañeiros, mártires | Memoria |
| 4 | | |
| 5 | San Bonifacio, bispo e mártir | Memoria |
| 6 | *San Norberto, bispo* | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | *San Efrén, diácono e doutor da Igrexa* | |
| 10 | | |
| 11 | San Bernabé, apóstolo | Memoria |
| 12 | | |
| 13 | San Antonio de Padua, presbítero e doutor da Igrexa | Memoria |
| 14 | | |
| 15 | *Santa María Micaela do Santísimo Sacramento, virxe* | |
| 16 | | |
| 17 | | |
| 18 | | |
| 19 | *San Romualdo, abade* | |
| 20 | | |
| 21 | San Luís Gonzaga, relixioso | Memoria |
| 22 | *San Paulino de Nola, bispo* | |
| | *Santos Xoán Fisher, bispo, e Tomás More, mártires* | |
| 23 | ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN | |
| | DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE OURENSE | |
| | Na Basílica: | Solemnidade |
| | Na diócese de Ourense: | Festa |
| 24 | NACEMENTO DE SAN XOÁN BAUTISTA | Solemnidade |
| 25 | | |
| 26 | San Paio, mártir | |
| | Na diócese de Tui-Vigo: | Memoria |
| 27 | *San Cirilo de Alexandría, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 28 | San Ireneo, bispo e mártir | Memoria |
| 29 | SANTOS PEDRO E PAULO, APÓSTOLOS | Solemnidade |
| 30 | *Santos Protomártires da santa Igrexa Romana* | |

Venres posterior ó segundo domingo despois de Pentecostés:
O SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS — Solemnidade

Sábado posterior ó segundo domingo despois de Pentecostés:
*Inmaculado Corazón da Virxe María*

## XULLO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | | |
| 3 | SAN TOMÉ, APÓSTOLO | Festa |
| 4 | *Santa Isabela de Portugal* | |
| 5 | *San Antonio María Zaccaría, presbítero* | |
| 6 | *Santa María Goretti, virxe e mártir* | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | Beatos Xoán Xacobo Fernández e compañeiros, mártires | |
| | Na diócese de Ourense: | Memoria |
| 11 | SAN BIEITO, ABADE, PATRONO DE EUROPA | Festa |
| 12 | | |
| 13 | *San Henrique* | |
| 14 | *San Camilo de Lelis, presbítero* | |
| 15 | San Boaventura, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 16 | Nosa Señora do Carme | Memoria |
| 17 | | |
| 18 | | |
| 19 | | |
| 20 | Beato Xosé María Díaz Sanxurxo, bispo e mártir | |
| | Na diócese de Lugo: | Memoria |
| 21 | *San Lourenzo de Bríndisi, presbítero e doutor da Igrexa* | |
| 22 | Santa María Madalena | Memoria |
| 23 | *Santa Bríxida, relixiosa* | |
| 24 | | |
| 25 | SANTIAGO, APÓSTOLO, | |
| | PATRONO DE GALICIA E DE ESPAÑA | Solemnidade |
| 26 | Santos Xoaquín e Ana, pais da Virxe María | Memoria |
| 27 | | |
| 28 | | |
| 29 | Santa Marta | Memoria |
| 30 | *San Pedro Crisólogo, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 31 | San Ignacio de Loiola, presbítero | Memoria |

## AGOSTO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | San Afonso María de Ligorio, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 2 | *San Eusebio de Vercelli, bispo* | |
| 3 | | |
| 4 | San Xoán María Vianney, presbítero | Memoria |
| 5 | *Dedicación da basílica de Santa María* | |
| 6 | TRANSFIGURACIÓN DO SEÑOR | Festa |
| 7 | *Santos Sixto II, papa, e compañeiros, mártires* | |
| | *San Caetano, presbítero* | |
| 8 | San Domingos de Guzmán, presbítero | Memoria |
| 9 | | |
| 10 | SAN LOURENZO, DIÁCONO E MÁRTIR | Festa |
| 11 | Santa Clara, virxe | Memoria |
| 12 | | |
| 13 | *Santos Ponciano, papa, e Hipólito, presbítero, mártires* | |
| 14 | San Maximiliano María Kolbe, presbítero e mártir | Memoria |
| 15 | ASUNCIÓN DA VIRXE MARÍA | Solemnidade |
| 16 | *Santo Estevo de Hungría* | |
| 17 | | |
| 18 | | |
| 19 | *San Xoán Eudes, presbítero* | |
| 20 | San Bernaldo, abade e doutor da Igrexa | Memoria |
| 21 | San Pío X, papa | Memoria |
| 22 | Santa María Virxe, Raíña | Memoria |
| 23 | *Santa Rosa de Lima, virxe* | |
| 24 | SAN BARTOLOMEU, APÓSTOLO | Festa |
| 25 | Beatos Pedro Vázquez, presbítero, e compañeiros, mártires | |
| | Na diócese de Ourense: | Memoria |
| | *San Luís* | |
| | *San Xosé de Calasanz, presbítero* | |
| 26 | Santa Teresa de Xesús Jornet e Ibars, virxe, patrona da vellez | Memoria |
| 27 | Santa Mónica | Memoria |
| 28 | Santo Agostiño, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 29 | Martirio de san Xoán Bautista | Memoria |
| 30 | ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE LUGO | |
| | Na Basílica: | Solemnidade |
| | Na diócese de Lugo: | Festa |
| 31 | | |

## SETEMBRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | San Xil de Casaio, monxe e ermitán<br>Nas parroquias galegas da diócese de Astorga: | Memoria |
| 2 | | |
| 3 | San Gregorio Magno, papa e doutor da Igrexa | Memoria |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | NATIVIDADE DA VIRXE SANTA MARÍA | Festa |
| 9 | NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS,<br>COPATRONA DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL<br>Na diócese de Mondoñedo-Ferrol: | Festa |
| 10 | San Pedro de Mezonzo, bispo | Memoria |
| 11 | | |
| 12 | | |
| 13 | San Xoán Crisóstomo, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 14 | EXALTACIÓN DA SANTA CRUZ | Festa |
| 15 | Santa María, Virxe das Dores | Memoria |
| 16 | Santos Cornelio, papa, e Cibrán, bispo, mártires | Memoria |
| 17 | *San Roberto Belarmino, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 18 | | |
| 19 | *San Xenaro, bispo e mártir* | |
| 20 | Santos Andrés Kim Taegon, presbítero,<br>Paulo Chong Hasang e compañeiros, mártires | Memoria |
| 21 | SAN MATEO, APÓSTOLO E EVANXELISTA | Festa |
| 22 | | |
| 23 | | |
| 24 | | |
| 25 | | |
| 26 | *Santos Cosme e Damián, mártires* | |
| 27 | San Vicenzo de Paúl, presbítero | Memoria |
| 28 | *San Wenceslao, mártir* | |
| 29 | SANTOS MIGUEL, GABRIEL E RAFAEL, ARCANXOS | Festa |
| 30 | San Xerónimo, presbítero e doutor da Igrexa | Memoria |

## OUTUBRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | Santa Teresa do Neno Xesús, virxe | Memoria |
| 2 | Santos Anxos da Garda | Memoria |
| 3 | *San Francisco de Borxa, presbítero* | |
| 4 | San Francisco de Asís | Memoria |
| 5 | SAN FROILÁN, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE LUGO | |
| | Na diócese de Lugo: | Solemnidade |
| | TÉMPORAS DE SÚPLICA E DE ACCIÓN DE GRACIAS | Feria maior |
| 6 | *San Bruno, presbítero* | |
| 7 | Nosa Señora do Rosario | Memoria |
| 8 | | |
| 9 | *Santos Dionisio, bispo, e compañeiros, mártires* | |
| | *San Xoán Leonardi, presbítero* | |
| 10 | *San Tomás de Villanueva, bispo* | |
| 11 | *Santa Soledade Torres Acosta, virxe* | |
| 12 | NOSA SEÑORA DO PILAR | Festa |
| 13 | | |
| 14 | *San Calixto I, papa e mártir* | |
| 15 | SANTA TERESA DE XESÚS, VIRXE E DOUTORA DA IGREXA | Festa |
| 16 | *Santa Eduvixe, relixiosa* | |
| | *Santa Margarida María de Alacoque, virxe* | |
| 17 | San Ignacio de Antioquía, bispo e mártir | Memoria |
| 18 | SAN LUCAS, EVANXELISTA | Festa |
| 19 | ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE MONDOÑEDO | |
| | Na Basílica: | Solemnidade |
| | Na diócese de Mondoñedo-Ferrol: | Festa |
| | *San Pedro de Alcántara, presbítero* | |
| | *Santos Xoán de Brébeuf, Isaac Xogues, presbíteros, e compañeiros, mártires* | |
| | *San Paulo da Cruz, presbítero* | |
| 20 | | |
| 21 | | |
| 22 | Santa María Salomé, nai de Santiago Apóstolo | |
| | Na diócese de Santiago: | Memoria |
| 23 | *San Xoán de Capestrano, presbítero* | |
| 24 | *San Antonio María Claret, bispo* | |
| 25 | | |
| 26 | | |
| 27 | | |
| 28 | SANTOS SIMÓN E XUDAS, APÓSTOLOS | Festa |
| 29 | | |
| 30 | | |
| 31 | | |

## NOVEMBRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | FESTA DE TÓDOLOS SANTOS | Solemnidade |
| 2 | CONMEMORACIÓN DE TÓDOLOS FIEIS DEFUNTOS | |
| 3 | *San Martiño de Porres, relixioso* | |
| 4 | San Carlos Borromeo, bispo | Memoria |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | DEDICACIÓN DA BASÍLICA DE LETRÁN | Festa |
| 10 | San León Magno, papa e doutor da Igrexa | Memoria |
| 11 | SAN MARTIÑO DE TOURS, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE OURENSE | |
| | Na diócese de Ourense: | Solemnidade |
| | Nas outras dióceses: | Memoria |
| 12 | San Xosafat, bispo e mártir | Memoria |
| 13 | *San Leandre, bispo* | |
| 14 | | |
| 15 | *San Alberte Magno, bispo e doutor da Igrexa* | |
| 16 | *Santa Margarida de Escocia* | |
| | *Santa Xertrude, virxe* | |
| 17 | Santa Isabela de Hungría | Memoria |
| 18 | *Dedicación das basílicas dos apóstolos San Pedro e San Paulo* | |
| 19 | | |
| 20 | | |
| 21 | Presentación da Virxe María | Memoria |
| 22 | Santa Cecilia, virxe e mártir | Memoria |
| 23 | *San Clemenzo I, papa e mártir* | |
| | *San Columbano, abade* | |
| 24 | | |
| 25 | | |
| 26 | | |
| 27 | | |
| 28 | | |
| 29 | | |
| 30 | SAN ANDRÉS, APÓSTOLO | Festa |

Derradeiro domingo do tempo ordinario:
XESUCRISTO, REI DO UNIVERSO — Solemnidade

## DECEMBRO

| | | |
|---|---|---|
| 1 | ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE TUI | |
| | Na Basílica: | Solemnidade |
| | Na diócese de Tui-Vigo: | Festa |
| 2 | | |
| 3 | San Francisco Xavier, presbítero | Memoria |
| 4 | *San Xoán Damasceno, presbítero e doutor da Igrexa* | |
| 5 | | |
| 6 | *San Nicolao, bispo* | |
| 7 | San Ambrosio, bispo e doutor da Igrexa | Memoria |
| 8 | INMACULADA CONCEPCIÓN DA VIRXE MARÍA | Solemnidade |
| 9 | | |
| 10 | *Santa Baia (Eulalia) de Mérida, virxe e mártir* | |
| 11 | *San Dámaso I, papa* | |
| 12 | *Santa Xoana Francisca de Chantal, relixiosa* | |
| 13 | Santa Lucía, virxe e mártir | Memoria |
| 14 | San Xoán da Cruz, presbítero e doutor da Igrexa | Memoria |
| 15 | | |
| 16 | | |
| 17 | | |
| 18 | | |
| 19 | | |
| 20 | | |
| 21 | *San Pedro Canisio, presbítero e doutor da Igrexa* | |
| 22 | | |
| 23 | *San Xoán de Kety, presbítero* | |
| 24 | | |
| 25 | NADAL | Solemnidade |
| 26 | SANTO ESTEVO, PROTOMÁRTIR | Festa |
| 27 | SAN XOÁN, APÓSTOLO E EVANXELISTA | Festa |
| 28 | OS SANTOS INOCENTES, MÁRTIRES | Festa |
| 29 | *San Tomás Becket, bispo e mártir* | |
| 30 | | |
| 31 | *San Silvestre I, papa* | |

Domingo dentro da oitava do Nadal (ou, si non o hai, o 30 de decembro):
SAGRADA FAMILIA: XESÚS, MARÍA E XOSÉ — Festa

# TÁBOA TEMPORAL DAS PRINCIPAIS CELEBRACIÓNS DO ANO LITÚRXICO

| Ano | Mércores da Cinsa | Pascua | Ascensión | Pentecostés | Corpo e Sangue de Cristo | Semanas do tempo ordinario | | | | Domingo primeiro do Advento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | antes da Coresma | | despois do T.P. | | |
| | | | | | | ata o día | semana | dende o día | semana | |
| 1996 | 21 feb. | 7 abr. | 16 mai. | 26 mai. | 6 xuñ. | 29 feb. | 7 | 27 mai. | 8 | 1 dec. |
| 1997 | 12 feb. | 30 mar. | 8 mai. | 18 mai. | 29 mai. | 11 feb. | 5 | 19 mai. | 7 | 30 nov. |
| 1998 | 25 feb. | 12 abr. | 21 mai. | 31 mai. | 11 xuñ. | 24 feb. | 7 | 1 xuñ. | 9 | 29 nov. |
| 1999 | 17 feb. | 4 abr. | 13 mai. | 23 mai. | 3 xuñ. | 16 feb. | 6 | 24 mai. | 8 | 28 nov. |
| 2000 | 8 mar. | 23 abr. | 1 xuñ. | 11 xuñ. | 22 xuñ. | 7 mar. | 9 | 12 xuñ. | 10 | 3 dec. |
| 2001 | 28 feb. | 15 abr. | 24 mai. | 3 xuñ. | 14 xuñ. | 27 feb. | 8 | 4 xuñ. | 9 | 2 dec. |
| 2002 | 13 feb. | 31 mar. | 9 mai. | 19 mai. | 30 mai. | 12 feb. | 5 | 20 mai. | 7 | 1 dec. |
| 2003 | 5 mar. | 20 abr. | 29 mai. | 8 xuñ. | 19 xuñ. | 4 mar. | 8 | 9 xuñ. | 10 | 30 nov. |
| 2004 | 25 feb. | 11 abr. | 20 mai. | 30 mai. | 10 xuñ. | 24 feb. | 7 | 31 mai. | 9 | 28 nov. |
| 2005 | 9 feb. | 27 mar. | 5 mai. | 15 mai. | 26 mai. | 8 feb. | 5 | 16 mai. | 7 | 27 nov. |
| 2006 | 1 mar. | 16 abr. | 25 mai. | 4 xuñ. | 15 xuñ. | 28 feb. | 8 | 5 xuñ. | 9 | 3 dec. |
| 2007 | 21 feb. | 8 abr. | 17 mai. | 27 mai. | 7 xuñ. | 20 feb. | 7 | 28 mai. | 8 | 2 dec. |
| 2008 | 6 feb. | 23 mar. | 1 mai. | 11 mai. | 22 mai. | 5 feb. | 4 | 12 mai. | 6 | 30 nov. |
| 2009 | 25 feb. | 12 abr. | 21 mai. | 31 mai. | 11 xuñ. | 24 feb. | 7 | 1 xuñ. | 9 | 29 nov. |
| 2010 | 17 feb. | 4 abr. | 13 mai. | 23 mai. | 3 xuñ. | 16 feb. | 6 | 24 mai. | 8 | 28 nov. |
| 2011 | 9 mar. | 24 abr. | 2 xuñ. | 12 xuñ. | 23 xuñ. | 8 mar. | 9 | 13 xuñ. | 11 | 27 nov. |
| 2012 | 22 feb. | 8 abr. | 17 mai. | 27 mai. | 7 xuñ. | 21 feb. | 7 | 28 mai. | 8 | 2 dec. |
| 2013 | 13 feb. | 31 mar. | 9 mai. | 19 mai. | 30 mai. | 12 feb. | 5 | 20 mai. | 7 | 1 dec. |
| 2014 | 5 mar. | 20 abr. | 29 mai. | 8 xuñ. | 19 xuñ. | 4 mar. | 8 | 9 xuñ. | 10 | 30 nov. |
| 2015 | 18 feb. | 5 abr. | 14 mai. | 24 mai. | 4 xuñ. | 17 feb. | 6 | 25 mai. | 8 | 29 nov. |
| 2016 | 10 feb. | 27 mar. | 5 mai. | 15 mai. | 26 mai. | 9 feb. | 5 | 16 mai. | 7 | 27 nov. |
| 2017 | 1 mar. | 16 abr. | 25 mai. | 4 xuñ. | 15 xuñ. | 28 feb. | 8 | 5 xuñ. | 9 | 3 dec. |
| 2018 | 14 feb. | 1 abr. | 10 mai. | 20 mai. | 31 mai. | 13 feb. | 6 | 21 mai. | 7 | 2 dec. |
| 2019 | 6 mar. | 21 abr. | 30 mai. | 9 xuñ. | 20 xuñ. | 5 mar. | 8 | 10 xuñ. | 10 | 1 dec. |

# PROPIO DO TEMPO



# TEMPO DO ADVENTO

VIRXE ABRIDEIRA

*Convento das Madres Clarisas de Allariz (s. XIII).*

O Advento, pleno de fe e esperanza, ten o seu cumio en María, a Arca da nova Alianza, portadora dos divinos misterios. "Feliz o ventre da Virxe María que levou o Fillo do Pai eterno" (Luc. 11, 27).

# I DOMINGO DO ADVENTO

## Antífona de entrada — Sal 24, 1-3

A ti, Señor, ergo a miña alma, meu Deus en ti confío, non sentirei vergoña. Que non me escarnezan os meus enemigos.

Non se di Gloria.

## Oración

Deus todopoderoso, concédelles ós teus fieis
a vontade de camiñar ó encontro do Señor,
que está para vir,
para que merezan ser chamados a entrar no reino de Deus.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Sal 84, 13

O Señor dará bo tempo e a nosa terra dará o seu froito.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Xer 31, 10; Is 35, 4

Escoitade, pobos, a palabra do Señor e anunciádea por toda a terra: Chega o Salvador; non temades.

## Oración

Señor, noso Deus,
o teu Fillo vai chegar.
Fai que esteamos sempre atentos
para que, cando veña e pete á nosa porta,
nos atope velando en oración
e cantando, cheos de gozo, a túa louvanza.
Polo noso Señor Xesuscristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Cf. Sal 105, 4-5; Is 38, 3

Vennos visitar, Señor, e dáno-la túa paz: coa túa presencia encherase de alegría o noso corazón.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada

Cf. Zac 14, 5. 7

O Señor vai vir e tódolos seus santos con el. Ese día brillará unha grande luz.

## Oración

Señor, noso Deus,
acolle con bondade a nosa oración
e dáno-la túa axuda nos traballos e probas desta vida.
Que a próxima chegada do teu Fillo
nos conforte e nos libre da vella escravitude do pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión

2 Tim 4, 8

O Señor xulga sempre con xusticia. Darálle-lo premio merecido a tódolos que con amor agardan a súa chegada.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Habq 2, 3; 1 Cor 4, 5

O Señor vén, non tardará; iluminará o que as tebras agachan e manifestarase a tódolos pobos.

## Oración

Señor, noso Deus,
prepara, coa forza do teu Espírito, os nosos corazóns
para cando chegue o teu Fillo Xesucristo.
Que el nos atope dignos do banquete eterno
e así poidamos recibir da súa man o alimento do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Is 40, 10; cf. 34, 5

O noso Señor vai vir con poder e encherá de luz os seus fieis.

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Sal 118, 151-152

Ti, Señor, andas preto de nós e os teus mandamentos son firmes; hai tempo que entendín os teus mandamentos, pois ti vives desde sempre.

## Oración

Move os nosos corazóns
para que lle preparen o camiño ó teu Fillo.
Que o teu amor e o teu perdón
adianten a salvación que os nosos pecados retardan.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Tit 2, 12-13

Levemos, xa desde agora, unha vida sobria, honrada e relixiosa; e agardemos así a grande alegría futura: a aparición gloriosa do noso Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada

O Señor vén cheo de luz, vén visita-lo seu pobo coa paz e comunicarlle a vida eterna.

## Oración

Señor, aviva o teu poder e vente axiña.
Líbranos dos moitos perigos que nos envolven
por causa dos nosos pecados.
Tí, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El vai transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Primeira semana do Advento

## Antífona de entrada — Sal 79, 4. 2

Señor, que reinas sobre os querubíns, mostra o teu rostro e vennos salvar.

## Oración

Señor, ti para liberáre-lo home da vella escravitude do pecado,
enviáche-lo teu Fillo ó mundo.
Concédenos, ós que agardamos arelantes a súa chegada,
a gracia do teu perdón
e o premio da verdadeira liberdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Ap 22, 12

«Olla que chego axiña e traio comigo a miña paz, di o Señor, para lle pagar a cada un conforme ó seu traballo.»

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# II DOMINGO DO ADVENTO

## Antífona de entrada — Cf. Is 30, 19. 30

Pobo de Deus, o Señor vai vir, para salvar a tódolos homes. O Señor fará resoa--la súa palabra, para ledicia do voso corazón.

Non se di Gloria.

## Oración

Señor todopoderoso e cheo de bondade,
non deixes que os traballos de cada día
impidan o noso camiñar ó encontro de Cristo.
Que o teu espírito de sabiduría nos prepare a recibilo
e nos leve a participar na vida do teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Bar 5, 5; 4, 36

Érguete, Xerusalén, sube ó alto. Contempla cánta ledicia che vén do teu Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor

# Luns da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Xer 31, 10; Is 35, 4

Escoitade, pobos, a palabra do Señor e anunciádea por toda a terra: Chega o Salvador; non temades.

## Oración

Señor, que a nosa súplica suba á túa presencia.
Aviva os nosos desexos e purifica os nosos corazóns,
para que nos preparemos a celebrar
o gran misterio da encarnación do teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Cf. Sal 105, 4-5; Is 38, 3

Vennos visitar, Señor, e dáno-la túa paz: coa túa presencia encherase de alegría o noso corazón.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Zac 14, 5. 7

O Señor vai vir e tódolos seus santos con el. Ese día brillará unha grande luz.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti anunciáchesslle-la salvación
a tódolos pobos da terra.
Concédenos agardar con alegría
a festa do seu nacemento glorioso.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — 2 Tim 4, 8

O Señor xulga sempre con xusticia. Darálle-lo premio merecido a tódolos que con amor agardan a súa chegada.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Habq 2, 3; 1 Cor 4, 5

O Señor vén, non tardará; iluminará o que as tebras agachan e manifestarase a tódolos pobos.

## Oración

Deus todopoderoso,
ti mándasnos prepararlle o camiño a Cristo, o Señor.
Que a túa bondade nos axude
para que ningunha fraqueza nos desanime
mentres agardámo-la presencia consoladora
do noso Salvador Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Is 40, 10; cf. 34, 5

O noso Señor vai vir con poder e encherá de luz os seus fieis.

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada — Cf. Sal 118, 151-152

Ti, Señor, andas preto de nós e os teus mandamentos son firmes; hai tempo que entendín os teus mandamentos, pois ti vives desde sempre.

## Oración

Señor, desperta os nosos corazóns
para preparármo-los camiños do teu Fillo unixénito.
Que polo misterio do seu nacemento
te poidamos servir cun corazón limpo de pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Tit 2, 12-13

Levemos, xa desde agora, unha vida sobria, honrada e relixiosa; e agardemos así a grande alegría futura: a aparición gloriosa do noso Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada

O Señor vén cheo de luz, vén visita-lo seu pobo coa paz e comunicarlle a vida eterna.

## Oración

Deus todopoderoso,
concédelle ó teu pobo un espírito vixiante,
para que espere alerta a chegada do teu Fillo unixénito.
Que como el mesmo, o noso Salvador, nos ensinou,
vaiamos ó seu encontro coas lámpadas acesas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El vai transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Segunda semana do Advento

## Antífona de entrada — Sal 79, 4. 2

Señor, que reinas sobre os querubíns, mostra o teu rostro e vennos salvar.

## Oración

Deus todopoderoso,
que o esplendor da túa gloria
amañeza nos nosos corazóns.
Que a chegada do teu Fillo único
escorrente a escuridade da noite
e nos faga brillar coma fillos da luz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Ap 22, 12

«Olla que chego axiña e traio comigo a miña paz, di o Señor, para lle pagar a cada un conforme ó seu traballo.»

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# III DOMINGO DO ADVENTO

## Antífona de entrada — Flp 4, 4. 5

Alegrádevos sempre no Señor, vivide sempre na súa ledicia, o Señor anda preto de nós.

Non se di Gloria.

## Oración

Señor, xa ves como o teu pobo
espera con fe o nacemento do teu Fillo.
Encamiña o noso corazón
cara á ledicia de tan grande misterio,
para que así celebrémo-la nosa salvación
cun espírito verdadeiramente novo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I ou II do Advento, pp. 441-444.

## Antífona da comunión — Cf. Is 35, 4

Dilles ós acobardados: valor, non teñades medo. Xa chega o noso Deus, el vén para nos salvar.

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Terceira semana do Advento

A partir do 17 de decembro, tómanse os textos que preceden ó Nadal,pp. 148-155.

## Antífona de entrada — Cf. Xer 31, 10; Is 35, 4

Escoitade, pobos, a palabra do Señor e anunciádea por toda a terra: Chega o Salvador; non temades.

## Oración

Señor, atende con bondade
a voz da nosa pregaria.
Que a gracia da chegada do teu Fillo
ilumine as tebras do noso corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Cf. Sal 105, 4-5; Is 38, 3

Vennos visitar, Señor, e dáno-la túa paz: coa túa presencia encherase de alegría o noso corazón.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Terceira semana do Advento

A partir do 17 de decembro, tómanse os textos que preceden ó Nadal, pp. 148-155.

## Antífona de entrada — Cf. Zac 14, 5. 7

O Señor vai vir e tódolos seus santos con el. Ese día brillará unha grande luz.

## Oración

Deus, noso Pai,
por medio do teu Fillo unixénito
fixeches de nós unha nova creatura.
Olla con bondade a obra da túa misericordia
e coa chegada do teu Fillo
líbranos da corrupción do pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — 2 Tim 4, 8

O Señor xulga sempre con xusticia. Daralle-lo premio merecido a tódolos que con amor agardan a súa chegada.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Terceira semana do Advento

A partir do 17 de decembro, tómanse os textos que preceden ó Nadal, pp. 148-155.

## Antífona de entrada — Cf. Habq 2, 3; 1 Cor 4, 5

O Señor vén, non tardará; iluminará o que as tebras agachan e manifestarase a tódolos pobos.

## Oración

Deus todopoderoso,
achégase a celebración da vinda do teu Fillo.
Que ela nos obteña axuda para esta vida
e nos leve á posesión da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecer dignamente
este sacrificio eucarístico.
Pedímosche que leve a cabo a obra salvadora
que ti quixeches realizar para nós neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Is 40, 10; cf. 34, 5

O noso Señor vai vir con poder e encherá de luz os seus fieis.

## Oración despois da comunión

Señor, volve para nós os teus ollos compasivos.
Fai que a divina gracia desta comunión nos libre do pecado
e nos dispoña para celebra-las próximas festas do Nadal.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Terceira semana do Advento

A partir do 17 de decembro, tómanse os textos que preceden ó Nadal, pp. 148-155.

## Antífona de entrada — Cf. Sal 118, 151-152

Ti, Señor, andas preto de nós e os teus mandamentos son firmes; hai tempo que entendín os teus mandamentos, pois ti vives desde sempre.

## Oración

Señor, a conciencia da nosa culpa
entristécenos e fai que nos sintamos indignos.
Que a chegada do teu Fillo
nos traia a alegría da salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este pan e este viño que che ofrecemos:
son bens que recibimos da túa man
e que agora che presentamos.
Concédenos que a Eucaristía que celebramos nesta vida mortal
sexa para nós un anticipo da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Tit 2, 12-13

Levemos, xa desde agora, unha vida sobria, honrada e relixiosa; e agardemos así a grande alegría futura: a aparición gloriosa do noso Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, que fructifique en nós
a celebración destes sacramentos.
Con eles ti vasnos ensinando, xa nesta vida mortal,
a descubrírmo-lo valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Terceira semana do Advento

A partir do 17 de decembro, tómanse os textos que preceden ó Nadal, pp. 148-155.

## Antífona de entrada

O Señor vén cheo de luz, vén visita-lo seu pobo coa paz e comunicarlle a vida eterna.

## Oración

Deus todopoderoso,
que a túa gracia nos guíe e acompañe sempre.
Fai que a chegada do teu Fillo,
que esperamos de todo corazón,
nos axude nesta vida e nos consiga a eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende a nosa oración
e acolle a ofrenda da nosa humildade.
Non deixes de nos vir axudar coa túa misericordia,
ó nos veres desamparados e sen mérito ningún da nosa parte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I do Advento, pp. 441-442.

## Antífona da comunión — Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El vai transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con esta Eucaristía.
Rogámosche que a participación no teu sacramento
nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra
e a te-lo corazón nos do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# IV DOMINGO DO ADVENTO

## Antífona de entrada

Is 45, 8

Orballade ceos. Chovédenos ó Xusto, que se abra a terra e xermole a salvación.

Non se di Gloria.

## Oración

Señor, enche coa túa gracia os nosos corazóns.
Polo anuncio do anxo
déchesnos a coñece-la encarnación do teu Fillo.
Lévanos, pola súa paixón e a súa cruz,
á gloria da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, o teu Espírito
fecundou as entrañas da Virxe María.
Que ese mesmo Espírito
consagre as ofrendas postas sobre o altar.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión

Is 7, 14

A virxe concebirá e dará á luz un fillo, e chamarase Enmanuel.

## Oración despois da comunión

Señor, neste sacramento
acabamos de recibi-la garantía da salvación.
Conforme se aveciña a festa do Nadal,
fai medrar en nós a fe e o amor
para celebrarmos dignamente o nacemento
do teu Fillo, noso Señor Xesucristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

# FERIAS DO ADVENTO

## desde o 17 ó 24 de decembro

As misas que seguen úsanse os días asignados, excepto os domingos, que conservan a súa misa.

## Día 17 de decembro

### Antífona de entrada — Cf. Is 49, 13

Alégrese o ceo e relouque a terra, porque xa vén o Señor. El terá piedade dos seus pobres.

### Oración

Deus, creador e redentor noso,
ti quixeches que o teu Fillo, Palabra eterna,
se encarnase na sempre Virxe María.
Escoita a nosa oración:
que Cristo, o teu Fillo, feito home coma nós,
se digne transformarnos coma el en fillos teus.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica estas ofrendas da túa Igrexa.
Fai que atopemos sempre na celebración destes santos misterios
o pan que eleva o espírito
e que dá forza para as loitas da vida.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

### Antífona da comunión — Cf. Ag 2, 8

Vai vir aquel polo que tanto agardaron as nacións e o templo do Señor encherase da súa gloria.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos co don da Eucaristía.
Rogámosche que o lume do teu Espírito
penetre con forza en nós, para que, ó vi-lo Señor,
sexamos ante el unha imaxe viva da súa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 18 de decembro

## Antífona de entrada

Virá o Mesías como Rei, o Año anunciado por Xoán.

## Oración

Señor, nós vivimos oprimidos polo pecado.
Concédenos que o misterio do novo nacemento do teu Fillo,
que estamos a esperar,
nos libere desa vella escravitude.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración deste sacrificio
nos faga gratos ós teus ollos.
Que por el poidamos participar
da vida eterna do teu Fillo Xesucristo,
que morreu para nos salvar da morte.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión Mt 1, 23

Poñeranlle de nome Enmanuel, que quere dicir «Deus está connosco».

## Oración despois da comunión

Señor, axúdanos a recibi-la túa misericordia na Igrexa.
E fai que nos preparemos dignamente
para celebra-las festas vindeiras.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 19 de decembro

## Antífona de entrada — Cf. Heb 10, 37

O que vai vir virá sen tardar e xa non haberá medo na nosa terra, pois el é o noso Salvador.

## Oración

Señor, noso Deus,
ti quixeches manifestarlle ó mundo
o esplendor da túa gloria no parto virxinal de María.
Axúdanos coa túa gracia
a confesar con fe íntegra e a celebrar con piedade
o misterio admirable da encarnación do teu Fillo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade estas ofrendas
e consagra co teu poder
os dons que a nosa pobreza presenta no teu altar.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión — Lc 1, 78-79

Amañecerá desde o ceo un Sol para nós: El guiará os nosos pasos polos camiños da paz.

## Oración despois da comunión

Señor, dámosche gracias polo pan da vida que de ti recibimos.
Pregámosche que avives en nós
o desexo de saírmos ó encontro do noso Salvador, que está a chegar,
e fai que celebremos con espírito limpo o seu nacemento.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 20 de decembro

## Antífona de entrada — Cf. Is 11, 1; 40, 5; Lc 3, 6

Nacerá un gromo novo da raíz de Xesé e a terra encherase coa gloria do Señor e tódolos homes verán a salvación de Deus.

## Oración

Señor, noso Deus,
a Virxe inmaculada acolleu humildosa a túa vontade,
manifestada polo anuncio do anxo,
e o teu Fillo encarnouse nas súas entrañas.
Ti, que a transformaches, por obra do Espírito Santo,
en templo da túa divinidade,
concédenos tamén a nós que sigámo-lo seu exemplo
e acollamos humildemente a túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta este sacrificio santo,
o único que che podemos ofrecer.
Pola nosa participación neste sacramento
concédenos recibir, xa agora, os bens que esperamos pola fe.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión — Lc 1, 31

Díxolle o anxo a María: «Vas concebir no teu ventre e darás á luz un fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús.»

## Oración despois da comunión

Señor, ampara co teu poder
ós que ti alimentaches co pan eucarístico.
Fai que atopen sempre neste sacramento
a fonte da verdadeira alegría e da verdadeira paz.
Por Cristo, noso Señor.

# Dia 21 de decembro

## Antífona de entrada — Cf. Is 7, 14; 8, 10

Axiña vai vi-lo Señor soberano; o seu nome será Enmanuel, porque «Deus está connosco».

## Oración

Señor, escoita con bondade
as pregarias do teu pobo.
Fai que cantos nos alegramos
porque o teu Fillo nace coma home entre nós,
cando veña na súa gloria
obteñamos tamén o premio da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa misericordia
acolle os dons da túa Igrexa.
Ti, que nolos deches para que chos ofrezamos,
transfórmaos co teu poder
en sacramento da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión — Lc 1, 45

Feliz ti, que criches que se cumpriría canto che foi anunciado de parte do Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación neste santo misterio
protexa sempre o teu pobo.
Fai que se entregue plenamente ó teu servicio
e obteña a salvación da alma e do corpo.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 22 de decembro

## Antífona de entrada. Sal 23, 7

Erguede, portas, os vosos linteis; alzádevos, antigos portais: vai entrar o Rei da gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
polo nacemento do teu Fillo unixénito,
quixeches salva-lo home caído baixo o poder da morte.
A nós, que profesamos con sincera humildade
o misterio da súa encarnación,
concédenos participar tamén
nos froitos da súa redención.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, confiando na túa bondade
acudimos cos nosos dons ó teu altar.
Que a túa gracia nos purifique
para que este sacramento que celebramos
sexa para nós principio dunha nova vida.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión Lc 1, 46. 49

A miña alma proclama a grandeza do Señor, pois maravillas fixo en min o Poderoso.

## Oración despois da comunión

Señor, fortalécenos pola participación no teu sacramento.
Fai que a nosa vida sexa fecunda en boas obras
para saírmos ó encontro do Salvador que chega
e alcanzármo-la felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 23 de decembro

## Antífona de entrada — Cf. Is 9, 6; Sal 71, 17

Vainos nacer un neno, Deus forte será o seu nome. Nel serán benditos tódolos pobos da terra.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
achégase xa a festa do nacemento do teu Fillo.
Concédenos que nos acolla no seu amor misericordioso
el, que é a túa Palabra
e que quixo nacer da Virxe María
facéndose home e vivindo entre nós.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, neste sacrificio
alcanza a plenitude o culto que che ofrecemos.
Que el nos reconcilie contigo
para celebrarmos con corazón limpo
o nacemento do noso Redentor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

## Antífona da comunión — Ap 3, 20

Velaquí que hai tempo que estou á porta e chamo: se algún escoita a miña voz e me abre, eu entrarei a xunto del, e cearei con el e el comigo.

## Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co pan da vida eterna.
Concédeno-lo don da túa paz,
para que coas lámpadas acesas
poidamos saír ó encontro do teu Fillo benquerido.
Por Cristo, noso Señor.

# Día 24 de decembro

## Misa da mañá

### Antífona de entrada — Cf. Gál 4, 4

Cumpriuse xa o tempo, e Deus mandou á terra o seu Fillo unixénito.

### Oración

Señor Xesús, vente axiña e non te demores,
para consolar e fortalecer coa túa vinda
ós que todo agardan do teu amor.
Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade este pan e este viño
e fai que, ó recibilos,
nos limpen dos nosos pecados,
para que poidamos esperar así dignamente o teu Fillo
cando chegue na súa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Advento, pp. 443-444.

### Antífona da comunión — Lc 1, 68

Bendito sexa o Señor, Deus de Israel, pois visitou e redimiu o seu pobo.

### Oración despois da comunión

Señor, que nos renovaches coa Eucaristía,
axúdanos para que nos preparemos
a adora-lo teu Fillo que vai nacer
e acollamos con ledicia e abundancia os seus dons celestiais.
Por Cristo, noso Señor.



# TEMPO DO NADAL

NACEMENTO

*Portada da Catedral de Tui (s. XIII).*

Non á maneira ordinaria dos presebes. Na portada dunha das nosas catedrais a proclamación contemporánea de san Tomás de Aquino: *"Nobis datus, nobis natus ex Maria Virgine"*.

Día 25 de decembro

# O NADAL DO SEÑOR

Solemnidade

## Misa vespertina da vixilia

Esta misa úsase na tarde do día 24 de decembro, antes ou despois das primeiras Vésperas do Nadal.

### Antífona de entrada — Cf. Ex 16, 6-7

Hoxe saberedes que o Señor nos vén salvar e mañá veréde-la súa gloria.

Dise Gloria.

### Oración

Señor, cada ano reavivas en nós
a gozosa esperanza da salvación.
Nós recibimos con alegría o teu Fillo único,
que chega para nos redimir.
Fai que o miremos cheos de confianza cando nos veña xulgar.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo. Nas palabras encarnou no seo da Virxe María facéndose home, poñerse de xionllos.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos celebrar con tanta entrega e alegría
as festas do Nadal,
que cheguemos a comprender que neste misterio
está o comezo da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

### Antífona da comunión — Cf. Is 40, 5

A gloria do Señor vaise manifestar e todo o mundo verá a salvación do noso Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, concédenos que renazamos a unha nova vida,
agora que celebrámo-lo nacemento do teu Fillo.
E que os santos misterios que vimos de recibir
sexan o noso alimento e a nosa bebida.
Por Cristo, noso Señor.

No día do Nadal tódolos sacerdotes poden celebrar ou concelebrar tres misas, con tal de que se celebren ó seu tempo.

# Misa da medianoite

## Antífona de entrada — Sal 2, 7

Díxome o Señor: «Ti e-lo meu Fillo, eu enxendreite hoxe.»

Ou tamén:

Alegrémonos todos xuntos no Señor, un neno naceu no mundo: o noso Deus, o noso Salvador. Hoxe a paz verdadeira báixanos do ceo.

## Oración

Señor, ti fixeches brillar esta santa noite
co esplendor de Cristo, luz verdadeira.
Concédenos que a revelación deste misterio
nos ilumine aquí na terra
e nos leve a gozar da súa gloria no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo. Nas palabras encarnou no seo da Virxe María facéndose home, poñerse de xionllos.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as nosas ofrendas nesta noite de Nadal.
Que a túa xenerosidade nos conceda a cambio
a vida en Cristo,
en quen o home participa xa da natureza divina.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Xn 1, 14

E a Palabra fíxose carne e nós vímo-la súa gloria.

## Oración despois da comunión

Señor, alegrámonos de celebrar nestes misterios
o nacemento do noso Redentor.
Rogámosche que nos concedas chegar
despois dunha vida santa
á compañía gloriosa do teu Fillo benquerido.
Por Cristo, noso Señor.

## Misa da alba

### Antífona de entrada — Cf. Is 9, 2. 6; Lc 1, 33

Hoxe vainos iluminar unha gran luz porque nos naceu o Señor. Chamarase Deus poderoso, Pai do mundo e Príncipe da paz. O seu reino non terá fin.

### Oración

Deus todopoderoso,
na Palabra feita home ilumínanos unha nova luz.
Ela brilla pola fe nos nosos corazóns.
Fai que resplandeza en toda a nosa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo. Nas palabras encarnou no seo da Virxe María facéndose home, poñerse de xionllos.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que as nosas ofrendas
estean de acordo co misterio do Nadal que hoxe celebramos.
Nel o teu Fillo, facéndose home, revelóusenos coma Deus,
fai que do mesmo modo estes dons da terra
nos fagan partícipes dos dons do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

### Antífona da comunión — Cf. Zac 9, 9

Relouca, filla de Sión; canta, filla de Xerusalén. Velaquí que chega o teu Rei, o Santo, o Salvador do mundo.

### Oración despois da comunión

Señor, nós celebramos con alegría e devoción
o nacemento do teu Fillo.
Concédeno-la gracia de penetrarmos con fe
a fondura deste misterio
e de vivilo cada vez con máis amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Misa do día

### Antífona de entrada — Is 9, 6

Naceunos un neno, Deus envíanos un Fillo. O poder descansa nos seus ombros, chámanlle o Mensaxeiro de Deus.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti creáche-lo home dun xeito admirable
e renováchelo dun xeito aínda máis admirable.
Fainos participar na divinidade do teu Fillo,
que quixo toma-la nosa humanidade.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Dise o Credo. Nas palabras encarnou no seo da Virxe María facéndose home, poñerse de xionllos.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta a ofrenda que che presentamos nesta festividade.
Ela é o sacrificio que nos restablece na túa alianza
e nos fai chegar á plenitude do teu culto.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romanc, dise En comunión propio.

### Antífona da comunión — Sal 97, 3

Viron tódolos confíns da terra a salvación do noso Deus.

### Oración despois da comunión

Deus de misericordia,
o Salvador do mundo, ó nacer hoxe,
fíxonos nacer á vida eterna.
Que el nos conceda tamén
o don da inmortalidade.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Domingo na oitava do Nadal
(ou, caso de non o haber, o día 30 de decembro)

# A SAGRADA FAMILIA: XESÚS, MARÍA E XOSÉ

Festa

## Antífona de entrada — Lc 2, 16

Os pastores viñeron de présa e atoparon a María e a Xosé co Neno deitado nun pesebre.

Dise Gloria

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches dárno-la Sagrada Familia como exemplo.
Concédeno-la gracia
de practicarmos coma ela as virtudes familiares
e de estar unidos polo vínculo do teu amor.
E xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Cando esta festa se celebra en domingo, dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de reconciliación.
Rogámosche con humildade,
pola intercesión da Virxe, Nai de Deus, e de san Xosé,
lles concedas ás nosas familias a gracia e maila paz.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Bar 3, 38

Xesucristo apareceu na terra coma home entre os homes.

## Oración despois da comunión

Pai misericordioso, ti confortáchesnos con esta comunión.
Fai que, seguindo o exemplo da Sagrada Familia,
poidamos participar con eles na gloria do ceo
despois dos traballos desta vida.
Por Cristo, noso Señor.

Día 29 de decembro

## Día V na oitava do Nadal

### Antífona de entrada — Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo que lle deu o seu Fillo unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña a vida eterna.

Dise Gloria.

### Oración

Deus invisible e todopoderoso,
coa chegada de Cristo, a túa luz,
escorrentáche-las tebras do mundo.
Óllanos con bondade,
para podermos louvar dignamente
o glorioso nacemento do teu Fillo unixénito.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Non se di o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas nosas ofrendas
nas que se realiza un intercambio maravilloso.
Fai que ó che ofrecermos nós o que ti nos deches,
merezamos recibirte a ti mesmo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal,. pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

### Antífona da comunión — Lc 1, 78

Pola misericordia entrañable do noso Deus, amañecerá desde o ceo un Sol para nós.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
fai que a eficacia destes santos misterios
sosteña sempre a nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

Día 30 de decembro

# Día VI na oitava do Nadal

Se non houbera domingo dentro da oitava do Nadal, neste día celébrase a festa da Sagrada Familia (cf. p. 164).

## Antífona de entrada — Sab 18, 14-15

Cando un fondo silencio envolvía tódalas cousas, e a noite estaba a media carreira, a túa Palabra omnipotente, Señor, baixou do ceo, do teu trono real.

Dise Gloria.

## Oración

Deus todopoderoso,
fai que o nacemento humano do teu Fillo unixénito
nos libere da antiga escravitude
que nos mantén baixo o xugo do pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as ofrendas do teu pobo.
Que por estes santos sacramentos alcance na realidade
os bens que proclama na súa fe.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Xn 1, 16

Da súa abundancia recibimos todos nós: gracia sobre gracia.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
pola participación nesta Eucaristía ti viñeches ó noso encontro.
Fainos senti-los seus froitos no noso corazón,
para que este mesmo don que recibimos
nos dispoña para o acollermos máis dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

Día 31 de decembro

# Día VII na oitava do Nadal

## Antífona de entrada — Is 9, 6

Naceunos un neno, Deus envíanos un fillo. O poder descansa nos seus ombros, chámanlle o Mensaxeiro de Deus.

Dise Gloria.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
no nacemento do teu Fillo
estableciche-lo comezo e a perfección
de toda relixión verdadeira.
Concédenos tamén a nós
sermos contados entre os membros daquel
que compendia en si toda a salvación do mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti e-la fonte da paz e da verdadeira devoción.
Concede que esta ofrenda
sirva para proclama-la túa gloria
e que a participación nesta Eucaristía
nos una pola fe nos mesmos sentimentos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — 1 Xn 4, 9

Deus mandou ó mundo o seu Fillo unixénito para que nos dea da súa vida.

## Oración despois da comunión

Señor, coa túa providencia
sostén o teu pobo no presente e no futuro.
Fai que, encontrando un apoio indispensable
nas cousas desta vida,
poida aspirar con confianza
ós bens eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 1 de xaneiro

## Oitava do Nadal

# SOLEMNIDADE DE SANTA MARÍA, NAI DE DEUS

### Antífona de entrada — Sedulio

Saudámoste, Nai santa. Ti deches á luz un Rei que goberna para sempre o ceo e maila terra.

Ou: — Cf. Is 9, 2. 6; Lc 1, 33

Hoxe vainos iluminar unha gran luz porque nos naceu o Señor. Chamarase Deus poderoso, Pai do mundo e Príncipe da paz. O seu reino non terá fin.

### Oración

Deus, noso Pai,
polo teu Fillo nacido de María, Virxe e Nai,
ti décheno-la salvación.
Concédenos senti-la intercesión
daquela por quen recibímo-lo autor da vida.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti empezas tódolos bens e ti os levas a cabo.
Nesta festa da Nai de Deus,
nós celebrámo-las primicias da túa gracia.
Concédenos chegar tamén á súa plenitude na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe: na festa, p. 483.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

### Antífona da comunión — Heb 13, 8

Xesucristo é o mesmo onte e hoxe, e será o mesmo para sempre.

## Oración despois da comunión

Señor, recibimos con alegría o teu sacramento,
neste día en que festexámo-la Virxe,
Nai do teu Fillo e Nai da Igrexa.
Fai que este sacramento nos aproveite para a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Nos días seguintes, cando se di misa de feria, úsanse os textos indicados máis adiante, pp. 176-187.

# DOMINGO SEGUNDO DESPOIS DO NADAL

## Antífona de entrada — Sab 18, 14-15

Cando un fondo silencio envolvía tódalas cousas, e a noite estaba a media carreira, a túa Palabra omnipotente, Señor, baixou do ceo, do teu trono real.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
luz dos que cren en ti.
Que a terra se ateigue da túa gloria
e que te recoñezan os pobos
pola claridade da túa luz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Santifica, Señor, estas ofrendas
polo nacemento do teu Fillo,
que nos sinalou o camiño da verdade
e nos prometeu a vida da gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — Xn 1, 12

A tódolos que o recibiron, dalles poder para seren fillos de Deus.

## Oración despois da comunión

Pola gracia deste misterio,
fai Señor que nos purifiquemos dos nosos pecados
e que se cumpran os nosos desexos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 6 de xaneiro

# A EPIFANÍA DO SEÑOR

Solemnidade

## Antífona de entrada

Cf. Mal 3, 1; 1 Cro 29, 12

Velaquí que chega o Señor soberano. El ten a realeza, o poder e o imperio.

## Oración

Señor, por medio da estrela,
ti hoxe deches a coñece-lo teu Fillo a tódalas nacións.
Concédenos ós que xa te coñecemos pola fe
sermos levados a contemplar cara a cara a túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade os dons da túa Igrexa,
que non che ofrece ouro, incenso e mirra,
senón o que nestes misterios se representa,
se inmola e se dá en alimento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Epifanía, p. 448.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión

Cf. Mt 2, 2

Nós vímo-la súa estrela no Oriente e viñemos con presentes adora-lo Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, que a túa luz nos dirixa en todo tempo e lugar,
para que contemplemos con fe pura
e vivamos con amor sincero
o misterio no que participamos.
Por Cristo, noso Señor.

Alí onde a Epifanía non é festa de precepto, celébrase no domingo que cae entre o 2 e o 8 de xaneiro.

Domingo despois do día 6 de xaneiro

# O BAUTISMO DO SEÑOR

Festa

## Antífona de entrada

Cf. Mt 3, 16-17

Despois de bautizado Xesús abriuse o ceo; o Espírito baixou coma unha pomba e apousou sobre el, e sentiuse a voz do Pai: «Este é o meu Fillo benquerido, nel me comprazo.»

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
cando Cristo foi bautizado no Xordán
e o Espírito Santo descendeu sobre el,
ti proclamáchelo solemnemente o teu Fillo benquerido.
Concédelles ós teus fillos adoptivos,
renacidos da auga e do Espírito,
seren sempre dignos do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
o teu Fillo único manifestouse
na realidade da nosa condición humana.
Concédenos que, así como externamente
recoñecémo-la súa semellanza connosco,
tamén nos renovemos internamente conforme á súa imaxe.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta as ofrendas que che presentamos
neste día en que nos manifestáche-lo teu Fillo.
Que elas se convertan no mesmo sacrificio
daquel que tirou o pecado do mundo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## Prefacio

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Nas augas do río Xordán
manifestáche-lo noso bautismo
con signos maravillosos.
Fixeches senti-la túa voz desde o ceo
para que o mundo crese
que o teu Fillo estaba no medio de nós.
E o Espírito que pousou sobre el coma unha pomba
consagrou o teu servo Xesús,
para que os homes recoñecesen nel o Mesías
enviado para lles levar ós pobres a boa noticia.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nós te aclamamos na terra
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor...

## Antífona da comunión — Xn 1, 32. 34

Este é aquel de quen Xoán dicía: «Eu vino e dou testemuño de que el é o Fillo de Deus.»

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos coa túa Eucaristía.
Seguros da túa bondade, pedímosche
que, acollendo con fe a palabra do teu Fillo,
tamén nós merezamos chamarnos fillos teus e selo de verdade.
Por Cristo, noso Señor.

Desde o luns despois deste domingo ata o martes antes da Coresma transcorre o tempo ordinario. Nas misas destes días, tanto nas de domingo coma nas de feria, úsanse os textos indicados máis adiante, pp. 373 ss.

# FERIAS DO TEMPO DO NADAL

## do día 2 de xaneiro
## ó sábado anterior á festa do Bautismo do Señor

Estas misas úsanse nas ferias ás que están asignadas, cambiando a oración conforme se indica.

## Luns

### Antífona de entrada

Un día sagrado resplandece para nós: vinde, pobos, e adorade ó Señor, porque sobre a terra baixou unha grande luz.

### Oración

Antes da Epifanía:

Señor, concédelle ó teu pobo
unha fe firme e inabalable.
Nós confesamos que o teu Fillo único,
que comparte contigo a gloria eterna,
se fixo verdadeiro home nacendo da Nai Virxe.
Líbranos dos males presentes
e lévanos á felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Señor, que o resplandor da túa gloria
ilumine os nosos corazóns.
Fai que a través das tebras deste mundo
cheguemos á patria da luz eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas nosas ofrendas
nas que se realiza un intercambio maravilloso.
Fai que ó che ofrecermos nós
o que ti nos deches,
merezamos recibirte a ti mesmo.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — Xn 1, 14

Nos vímo-la súa gloria, gloria coma de Unixénito que vén do Pai, cheo de gracia e de verdade.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
fai que a eficacia destes santos misterios
sosteña sempre a nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes

## Antífona de entrada — Sal 117, 26-27

Bendito o que vén no nome do Señor; o Señor é Deus, el é quen nos aluma.

## Oración

Antes da Epifanía:

Deus, noso Pai,
ti quixeches que a humanidade do Salvador,
no seu santo nacemento da Virxe María,
non quedase suxeita á herdanza do pecado.
Concédenos que, participando da nova creación,
sexamos liberados do contaxio da vella escravitude do pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Deus, noso Pai,
o teu Fillo único manifestouse
na realidade da nosa condición humana.
Concédenos que, así como externamente
recoñecémo-la súa semellanza connosco,
tamén nos renovemos internamente
conforme á súa imaxe.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas do teu pobo.
Que por estes santos sacramentos alcance na realidade
os bens que proclama na súa fe.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — Ef 2, 4; Rm 8, 3

Deus amounos cun amor infinito, por iso mandou o seu propio Fillo nunha carne semellante á carne do pecado.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
pola participación nesta Eucaristía
ti viñeches ó noso encontro.
Fainos senti-los seus froitos no noso corazón,
para que este mesmo don que recibimos
nos dispoña para o acollermos máis dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores

## Antífona de entrada — Is 9, 2

O pobo que camiñaba nas tebras, viu unha gran luz; para os que habitaban no país da morte, empezou a brillar unha luz.

## Oración

Antes da Epifanía:

Deus todopoderoso,
ti enviáche-lo teu Salvador
para traer ó mundo a nova luz da redención.
Concédenos que el continúe sempre
a iluminar e renova-la nosa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Deus, noso Pai,
ti e-la luz que ilumina a tódolos homes.
Concédelle a todo o mundo
unha paz duradeira,
e infunde nos nosos corazóns
aquela luz radiante
que iluminou a mente dos nosos pais.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti e-la fonte da paz e da verdadeira devoción.
Concede que esta ofrenda
sirva para proclama-la túa gloria
e que a participación nesta Eucaristía
nos una pola fe nos mesmos sentimentos.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — 1 Xn 1, 2

A vida eterna que estaba na intimidade do Pai, manifestouse e mostróusenos a nós.

## Oración despois da comunión

Señor, coa túa providencia
sostén o teu pobo no presente e no futuro.
Fai que, encontrando un apoio indispensable
nas cousas desta vida,
poida aspirar con confianza
ós bens eternos.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves

## Antífona de entrada — Cf. Xn 1, 1

No principio, antes do tempo, o Verbo era Deus. El quixo nacer coma Salvador do mundo.

## Oración

Antes da Epifanía:

Deus, noso Pai,
co nacemento do teu Fillo único
iniciaches de modo admirable a nosa redención.
Concédelle ó teu pobo unha fe firme,
para que, conducidos por el,
académo-la gloria prometida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Deus, noso Pai,
por medio do teu Fillo
manifestáchesslles a tódolos pobos
a luz da túa sabiduría eterna.
Concédenos ó teu pobo
recoñece-la gloria do noso Redentor,
para que, avanzando sempre no seu coñecemento,
cheguemos á eterna claridade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas nosas ofrendas
nas que se realiza un intercambio maravilloso.
Fai que ó che ofrecermos nós
o que ti nos deches,
merezamos recibirte a ti mesmo.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña a vida eterna.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
fai que a eficacia destes santos misterios
sosteña sempre a nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres

## Antífona de entrada — Sal 111, 4

Nas tebras brilla unha luz para os rectos de corazón: o Señor misericordioso, xusto e cheo de bondade.

## Oración

Antes da Epifanía:

Señor, ilumina con bondade os teus fieis
e acende os seus corazóns co esplendor da túa gloria.
Fai que en todo momento recoñezan o Salvador
e vivan en verdadeira comunión con el.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Deus todopoderoso,
mediante unha estrela
ti manifestáche-lo nacemento do Salvador do mundo.
Concédenos que o seu misterio
se manifeste e creza tamén nos nosos corazóns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas do teu pobo.
Que por estes santos sacramentos alcance na realidade
os bens que proclama na súa fe.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — 1 Xn 4, 9

O amor de Deus fíxose ver entre nós, en que Deus mandou ó mundo o seu Fillo unixénito, para que nos dea da súa vida.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
pola participación nesta Eucaristía
ti viñeches ó noso encontro.
Fainos senti-los seus froitos no noso corazón,
para que este mesmo don que recibimos
nos dispoña para o acollermos máis dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado

## Antífona de entrada — Gál 4, 4-5

Deus mandóuno-lo seu Fillo, nacido de muller, para facer de nós os seus fillos adoptivos.

## Oración

Antes da Epifanía:

Deus todopoderoso e eterno,
polo nacemento do teu Fillo único
fixeches brillar sobre o mundo unha nova luz.
El, nacendo da Virxe María,
fíxose partícipe da nosa humanidade corporal:
fai que merezamos tamén nós
participar da gracia do seu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Despois da Epifanía:

Deus todopoderoso e eterno,
polo teu Fillo unixénito
fixeches de nós unha nova creatura.
Fai que a túa gracia
nos conforme á imaxe de Cristo,
en quen a nosa natureza
vive unida contigo na gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti e-la fonte da paz e da verdadeira devoción.
Concede que esta ofrenda
sirva para proclama-la túa gloria
e que a participación nesta Eucaristía
nos una pola fe nos mesmos sentimentos.
Por Cristo, noso Señor.

Antes da Epifanía: Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

Despois da Epifanía: Prefacio da Epifanía, p. 448, ou do Nadal, pp. 445-447.

### Antífona da comunión

Jn 1, 16

De su abundancia recibimos todos: gracia sobre gracia.

### Oración después da comunión

Señor, con tua providencia
asistes o teu pobo no presente e no futuro.
Fai que, encontrando en apoio indispensable
nas cousas desta vida,
poida aspirar con confianza
ás boas eternas.
Por Cristo, noso Señor.



# TEMPO DA CORESMA

Recoméndase vivamente que, sobre todo na Coresma, se conserve e se fomente, polo menos nas poboacións maiores, o costume antigo de se xuntaren as comunidades locais —do xeito máis acomodado a cada unha—, conforme ó modelo das «estacións» da Igrexa romana. Estas asambleas de fieis pódense reunir nos domingos e nos días da semana que se xulguen máis oportunos, sobre todo cando preside o pastor da diócese. Pódeno facer nos sepulcros dos santos, nas igrexas e santuarios principais da cidade e mesmo nalgúns lugares de peregrinación que sexan máis frecuentados na diócese.

TENTACIÓNS DE CRISTO

*Fachada das Praterías da Catedral de Santiago (s. XI).*

Unha escena insustituíble para a entrada na Coresma. Cristo, novo Adán, tentado no deserto; e no fondo a árbore e a serpe da tentación primeira.

# MÉRCORES DA CINSA

Na misa deste día bendícese e imponse a cinsa, feita dos ramos de oliveira ou doutras árbores benditas o ano anterior.

## Ritos do comezo e liturxia da Palabra

### Antífona de entrada — Sab 11, 24. 25. 27

Señor, ti tes piedade de todo e nada desprecias de canto creaches. Esquéce-los pecados do home para que se converta e o perdoes, porque ti e-lo noso Deus e Señor.

Omítese o acto penitencial, pois súpleo a imposición da cinsa.

### Oración

Señor, confiados en ti,
comezámo-la celebración da penitencia
do santo tempo da Coresma.
Fortalécenos co espírito militante da vida cristiá,
para que a austeridade penitencial destes días
nos axude na loita contra as forzas do mal.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Bendición e imposición da cinsa

Despois da homilía o sacerdote, estando de pé, di coas mans xuntas:

Irmáns benqueridos, roguémoslle con humildade a Deus, noso Pai, que bendiga coa súa gracia esta cinsa que imos impor na nosa cabeza, como sinal de penitencia.

E despois dunha breve oración en silencio, prosegue:

Deus, noso Pai,
ti déixaste conmover pola nosa humildade
e reconciliar pola nosa penitencia.
Escoita a nosa oración
e bendice ✠ estes fillos teus
que agora van recibi-la cinsa.
Fai que, perseverando nas prácticas coresmais,
cheguemos a celebrar co corazón ben limpo
o misterio pascual do teu Fillo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti non quére-la morte do pecador,
senón que se converta.
Escoita con bondade a nosa oración
e dígnate bendicir ✠ esta cinsa,
que imos impor nas nosas cabezas.
Sabemos que somos terra
e que en terra nos imos volver.
Fai que estas prácticas coresmais
nos axuden a consegui-lo perdón dos pecados
e a emprender unha vida nova
á semellanza do teu Fillo resucitado.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Sen dicir nada, rocía a cinsa con auga bendita.

Despois, o sacerdote impónlle-la cinsa a tódolos presentes que se achegan a el, dicíndolle a cada un:

Convertédevos e crede no Evanxelio. Mc 1, 15

Ou:

Lémbrate de que es terra
e de que á terra has volver. Cf. Xén 3, 19

Mentres tanto cántase:

## Antífona

Cf. Xl 2, 13

Mudémo-lo corazón, e non os vestidos, convertámonos e imploremos ó Señor. O noso Deus é compasivo e ten piedade, el perdoa os nosos pecados.

## Outra antífona

Xl 2, 17; Est 13, 17

Entre o adro e o altar chorarán os sacerdotes, ministros do Señor, e dirán: «Perdoa, Señor, perdoa ó teu pobo, non nos fagas cesar na túa louvanza.»

## Outra antífona

Sal 50, 3

Borra, Señor, o meu pecado.

Pódese repetir despois de cada un dos versículos do salmo 50, Señor, ten piedade de min.

## Responsorio — Cf. Bar 3, 2; Sal 78, 9

Emendémo-lo que na nosa ignorancia temos pecado, non sexa que nos sorprenda o día da morte e falte o tempo para nos convertermos.

* Escóitanos, Señor, e ten piedade, pois pecamos contra ti.

V. Axúdanos, Deus Salvador noso; líbranos, Señor, polo honor do teu nome.

* Escóitanos, Señor, e ten piedade, pois pecamos contra ti.

Pódese cantar tamén outro canto axeitado.

Rematada a imposición da cinsa, o sacerdote lava as mans. O rito termina coa oración universal ou oración dos fieis.

Non se di o Credo.

# Liturxia eucarística.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ó comezo desta Coresma
ofrecémosche este sacrificio solemne.
Rogámosche que as nosas obras de caridade e penitencia
nos axuden a domea-las malas paixóns,
para que, limpos de pecado,
merezamos celebrar piadosamente
os misterios da paixón do teu Fillo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio III ou IV da Coresma, pp. 451-452.

## Antífona da comunión — Sal 1, 2-3

Quen medita noite e día na lei do Señor dará froito ó seu tempo.

## Oración despois da comunión

Señor, fai por estes sacramentos que acabamos de recibir,
que o noso xexún sexa grato ós teus ollos
e nos sirva de remedio.
Por Cristo, noso Señor.

A bendición e imposición da cinsa pódese facer tamén fóra da misa. Neste caso, pódelle preceder, se é oportuno, unha liturxia da palabra, empregando a antífona de entrada, a oración colecta e as lecturas cos seus cantos, coma na misa. Segue despois a homilía e a bendición e maila imposición da cinsa. O rito remata coa oración universal.

# Xoves despois da Cinsa

## Antífona de entrada — Sal 54, 17-20. 23

Eu invoco a Deus, e el escoita a miña voz, líbrame dos que veñen contra min.
Confíalle ó Señor as túas coitas, que el te sosterá.

## Oración

Señor, ti inspíra-lo comezo das nosas obras
e despois sostelas e acompáñalas.
Concédenos que, conforme principian en ti,
tendan tamén a ti como ben último.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con ollos de bondade
a ofrenda que poñemos no teu altar.
Que ela acade o perdón dos nosos pecados
e che sirva para gloria do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 50, 12

Crea en min, Señor, un corazón limpo, renova coa túa gracia o meu espírito.

## Oración despois da comunión

Señor, ti bendícesnos e aliméntasnos
co don do pan da vida eterna.
Rogámosche que esta Eucaristía
nos consiga o perdón e a salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres despois da Cinsa

## Antífona de entrada — Sal 29, 11

Atende, Señor, e ten piedade de min; Señor, axúdame.

## Oración

Señor, inauguramos esta Coresma
con espírito de penitencia.
Continúa a confirmarnos nel
para que a austeridade corporal
vaia sempre acompañada
pola sinceridade do noso corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche o sacrificio
das penitencias coresmais.
Que el nos faga máis gratos ós teus ollos
e aumente en nós o espírito de penitencia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 24, 4

Móstrame, Señor, os teus camiños: ensíname, Señor, os teus vieiros.

## Oración despois da comunión

Señor todopoderoso,
pedímosche que a participación nos teus sacramentos
nos purifique de todo pecado
e nos dispoña para recibi-los dons da túa bondade.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado despois da Cinsa

## Antífona de entrada — Sal 68, 17

Aténdeme, Señor, pola túa bondade; volve para min os teus ollos compasivos.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ten piedade de nós
e mira propicio a nosa debilidade.
Dáno-la axuda da túa man omnipotente.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este sacrificio de reconciliación e louvanza.
Que el nos limpe dos nosos pecados
e nos converta en ofrenda agradable ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Mt 9, 13

«Misericordia quero e non sacrificios, porque non vin chama-los xustos, senón os pecadores», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Rogámosche que isto,
que para nós é un misterio na vida presente,
se converta en viático para a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# I DOMINGO DA CORESMA

## Antífona de entrada — Sal 90, 15-16

«Cando me chame, eu responderei, di o Señor. Libertareino e glorificareino e dareille longa vida.»

Non se di Gloria.

## Oración

Deus todopoderoso,
celebramos un ano máis o sacramento coresmal.
Concédenos que as prácticas coresmais
nos leven a comprender mellor o misterio de Xesucristo
e a segui-lo seu exemplo cunha vida cada vez máis fiel a ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, no comezo das celebracións
deste santo sacramento coresmal,
prepara os nosos corazóns
para ofrecerchos como ofrenda digna.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### AS TENTACIÓNS DO SEÑOR

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Pasando sen comer corenta días,
el consagrou co seu exemplo a práctica do xexún coresmal.
Vencendo as tentacións do enemigo,
ensinounos a supera-la seducción do pecado.
Así, celebrando con devoción o misterio pascual,
poderemos chegar á Pascua eterna.

Por iso, cos anxos e cos santos,
cantamos sen cesar o himno de louvanza
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Mt 4, 4

Non só de pan vive o home, senón tamén de toda palabra saída da boca de Deus.

Ou: — Sal 90, 4

O Señor é o teu amparo; abrígate coas súas ás.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti aliméntasnos co pan da vida,
que nutre a fe, fai medra-la esperanza e robustece a caridade.
Axúdanos a ter sempre fame de Cristo, pan vivo e verdadeiro,
e a vivirmos de toda palabra que saia da túa boca.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 122, 2-3

Coma os ollos dos servos cara ó seu señor, así están os nosos ollos cara ó Señor, noso Deus, ata que el se apiade de nós. Apiádate de nós, apiádate.

## Oración

Señor, noso Deus,
fai que nos convertamos a ti.
Ilumina o noso corazón coa luz da túa doctrina,
para que o exercicio coresmal
nos sirva de proveito.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas ofrendas
que che ofrecemos con amor.
Fai que pola túa gracia
elas santifiquen a nosa vida
e nos obteñan o perdón dos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Mt 25, 40. 34

Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, comigo o fixestes. Vinde, benditos do meu Pai. Recibide a herdanza do reino preparado para vós desde a creación do mundo.

## Oración despois da comunión

Señor, con esta comunión
ti aliménta-lo noso corpo e a nosa alma.
Fai que dese modo
participemos con todo o noso ser
da plenitude deste celeste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 89, 1-2

Ti fúche-lo noso amparo de xeración en xeración. Desde sempre e por sempre ti es Deus.

## Oración

Señor, míranos con agarimo,
pois sómo-la túa familia.
Mantén vivo en nós o desexo de terte a ti
coma premio das nosas penitencias corporais.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, creador de tódalas cousas,
acolle estes dons que ti mesmo nos deches.
Fai que este pan e este viño
creados por ti para alimento da nosa vida temporal
se convertan en sacramento da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 4, 2

Aténdeme, meu Deus, cando te invoco, pois ti e-la miña defensa; ti, que na hora da angustia me confortaches, ten piedade de min e escoita a miña oración.

## Oración despois da comunión

Señor, que esta Eucaristía nos axude
a modera-los desexos mundanos
e aumenta-lo noso amor polas cousas do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 24, 6. 3. 22

Lembra, Señor, que a túa compaixón e o teu amor existen desde sempre. Non poida contra nós o enemigo. Redime, Deus, a Israel de tódalas angustias.

## Oración

Señor, mira con bondade o teu pobo,
que se quere consagrar a ti.
Fai que, dominando o noso corpo coa penitencia,
nos transformemos interiormente coa eficacia das boas obras.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estes dons
que puxeches nas nosas mans
para que nós chos puideramos ofrecer.
Ti, que convertes este pan e este viño
en sacramento de salvación,
fai que neles atopemos unha fonte de vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 5, 12

Que se alegren os que confían en ti, que se alegren sen fin; ampáraos, Señor, para que o seu gozo sexa completo, porque ti estarás con eles.

## Oración despois da comunión

Señor, ti invítasnos sempre á túa mesa.
Fai que este banquete nos fortaleza
e nos leve á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 5, 2-3

Escoita, Señor, as miñas palabras; atende a miña queixa, acolle a miña súplica. Ti, meu Rei e meu Deus.

## Oración

Señor, concédeno-la gracia
de pensármo-lo que é xusto
e de o cumprirmos con dilixencia.
A nós, que non podemos existir sen ti,
fainos vivir conforme á túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende as nosas oracións
e acolle as nosas ofrendas.
Volve cara a ti os nosos corazóns.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Mt 7, 8

Quen pide, recibe; o que busca, atopa; e a quen pete, abriráselle.

## Oración despois da comunión

Señor, ti instituíches estes santos misterios
coma garantía da nosa salvación.
Concédenos que eles nos axuden na vida presente
e nos leven á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 24, 17-18

Das miñas congoxas líbrame, Señor. Olla a miña aflicción e os meus traballos e perdoa os meus erros.

## Oración

Señor, que a celebración da Coresma
nos prepare para as festas de Pascua.
Que a austeridade corporal
que está observando a Igrexa toda
aproveite para o ben das nosas almas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as nosas ofrendas.
Que elas che dean gloria
e nos logren, polo teu inmenso amor, a salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Ez 33, 11

«Pola miña vida, di o Señor, non quero a morte do pecador, senón que volva a min e viva.»

## Oración despois da comunión

Señor, que esta Eucaristía renove a nosa vida,
para que, deixando os camiños do pecado,
poidamos participar dos bens da redención.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Primeira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 18, 8

A lei do Señor é santa e reconforta a nosa alma; os mandamentos do Señor son firmes e volve en sabios os simples.

## Oración

Noso Deus, Pai eterno,
volve cara a ti os nosos corazóns,
para que nos consagremos sempre ó teu servicio.
Fai que, buscándote sempre a ti, que e-lo único necesario,
e amándonos uns ós outros,
te glorifiquemos en espírito e en verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes santos misterios
renove a nosa vida e nos faga merecentes
de participar na Eucaristía.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Mt 5, 48

«Sede perfectos, como tamén é perfecto o noso Pai do ceo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos con esta Eucaristía.
Sigue axudándonos co teu favor
e non deixes de asistirnos coa túa gracia
ós que instruíches mediante a túa palabra.
Por Cristo, noso Señor.

# II DOMINGO DA CORESMA

## Antífona de entrada

Sal 26, 8-9

Por ti dime o corazón: «Buscade a miña presencia.» A túa presencia eu busco, Señor. Non te escondas de min.

Ou:

Sal 24, 6. 3. 22

Lembra, Señor, que a túa compaixón e o teu amor existen desde sempre. Non poida contra nós o enemigo. Redime, Deus, a Israel de tódalas angustias.

Non se di Gloria.

## Oración

Señor, ti mandáchesnos escoita-lo teu Fillo benquerido.
Alimenta coa túa palabra a nosa fe
e purifica os ollos do noso espírito,
para que un día poidamos disfrutar da contemplación da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta ofrenda nos purifique dos nosos pecados.
Que santifique o noso corpo e o noso espírito,
para que poidamos celebrar dignamente as festas pascuais.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A TRANFIGURACIÓN DO SEÑOR

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, despois de lles anuncia-la propia morte ós discípulos,
manifestoulles no monte santo a súa gloria.
Así, contando tamén co testemuño
da lei e dos profetas,
mostrou que a paixón era necesaria
para chegar á gloria da resurrección.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nós te aclamamos na terra
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Mt 17, 5

Este é o meu Fillo benquerido, en que me comprazo: escoitádeo.

## Oración despois da comunión

Señor, dámosche gracias
porque, ó recibi-lo Corpo do teu Fillo,
nos fas partícipes xa nesta vida
dos bens eternos do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 25, 11-12

Sálvame, Señor, e ten piedade de min; os meus pés están no bo camiño. Na asamblea bendicirei ó Señor.

## Oración

Señor, Pai santo,
por mor da purificación da nosa alma
ti mandáchesnos domina-lo noso corpo coa austeridade.
Axúdanos a que, libres do pecado,
nos saibamos entregar con amor de fillos
ó cumprimento da túa lei.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta as oracións que che presentamos.
Ti, que nos chamaches a participar nestes misterios celestiais,
líbranos das seduccións terrenais.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Lc 6, 36

«Sede compasivos, como o voso Pai é compasivo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, fai que esta comunión nos limpe de pecado
e nos faga partícipes das alegrías do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 12, 4-5

Ilumina, Señor, os meus ollos, para que non adormeza na morte; e non diga o meu enemigo: «Fun quen a vencelo.»

## Oración

Señor, coida con amor continuo a túa Igrexa,
pois somos fracos
e non podemos sosternos sen ti.
Protéxenos dos perigos
e lévanos á salvación eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, santifícanos por estes misterios que estamos celebrando.
Que nos purifiquen dos vicios desta terra
e nos encamiñen ós bens do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 9, 2-3

Proclamo as túas maravillas, Señor. Alégrome, relouco contigo e canto o teu nome, Altísimo.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación na túa mesa
nos axude a levar unha vida máis cristiá
e nos asegure sempre o teu amparo.
Por Cristo noso Señor.

# Mércores da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 37, 22-23

Non me abandones, ti, Señor, meu Deus, non esteas lonxe de min, meu Deus.
Corre na miña axuda, Señor, miña salvación.

## Oración

Señor, conserva a túa familia
na práctica das boas obras.
Axúdaa nas necesidades desta vida
e condúcea así con máis liberdade cara ós bens eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con amor
para esta ofrenda que che presentamos.
Fai que este sagrado cambio de dons
nos libre dos vencellos do pecado.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Mt 20, 28

O Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

## Oración despois da comunión

Señor, ti quixeches que esta Eucaristía
fose para nós garantía de inmortalidade.
Rogámosche que ela nos abra a porta da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 138, 23-24

Examíname, Señor, e coñece o meu corazón; próbame e coñece os meus pensamentos. Mira se ando polo mal camiño e guíame polo camiño do ben.

## Oración

Señor, ti áma-la inocencia
e vólvela a quen a perdeu.
Dirixe cara a ti os corazóns dos teus fillos
e concédeno-lo fervor do teu Espírito,
para que permanezamos firmes na fe
e as nosas obras sexan xustas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, por este santo sacrificio,
axúdanos a garda-la Coresma coa devoción debida.
Fai que á súa práctica exterior lle corresponda
unha verdadeira transformación do noso interior.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 118, 1

¡Benia ós que levan unha vida santa e seguen a lei do Señor!

## Oración despois da comunión

Señor, pregámosche que este sacrificio
permaneza en nós polos seus froitos
e se confirme polas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 30, 2. 5

A ti, Señor, me acollo, que nunca me sinta confundido. Librarasme do lazo que me armaron, pois es ti o meu amparo.

## Oración

Deus todopoderoso,
purifícanos polas penitencias coresmais.
Axúdanos a chegar co corazón limpo e a alma pura
ás festas da Pascua.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a túa bondade
nos prepare para participar axeitadamente
nestes santos misterios
e a realizalos decote na nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — 1 Xn 4, 10

Deus amounos e por iso mandou o seu Fillo ó mundo para perdoar e redimi-los nosos pecados.

## Oración despois da comunión

Señor, que este sacramento que recibimos
nos sirva para peñor da vida eterna.
Fai que a poidamos alcanzar
por medio dunha vida santa.
Por Cristo, noso Señor.

# Sabado da Segunda semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 144, 8-9

O Señor é clemente e misericordioso, tardo no castigo, xeneroso no perdón e rico na bondade. O Señor é bo para con todos, garimoso coas súas creaturas.

## Oración

Señor, noso Deus,
por medio dos sacramentos
fasnos participar, xa aquí na terra, dos bens do ceo.
Guíanos no camiño desta vida,
para que cheguemos á luz onde te-la túa morada.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos que estes misterios
nos fagan senti-la túa presencia redentora.
Que ela nos arrede dos pecados
e nos leve ós bens da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Lc 15, 32

Tiñas que te alegrar, meu fillo, porque este teu irmán estaba morto e volveu á vida; estaba perdido e atopámolo.

## Oración despois da comunión

Señor, que a gracia dos teus sacramentos
penetre no fondo dos nosos corazóns
e nos infunda con abundancia
a súa forza divina.
Por Cristo, noso Señor.

# III DOMINGO DA CORESMA

Cando neste domingo teñen lugar os escrutinios preparatorios para o bautismo de adultos, pódense utiliza-las oracións rituais e as peticións propias, cf. infra, p. 876.

## Antífona de entrada — Sal 24, 15-16

Teño sempre postos os meus ollos no Señor, nel, que libra do lazo os meus pés. Vólvete cara a min, Señor, e tenme compaixón, pois estou só e aflixido.

Ou: — Ez 36, 23-26

«Cando manifeste en vós a miña santidade, axuntareivos de tódolos países, di o Señor. Verterei sobre vós unha auga pura e quedaredes limpos de todo pecado: dareivos un espírito novo.»

Non se di Gloria.

## Oración

Señor, fonte de toda bondade
e Pai de misericordia,
ti cúrasnos do pecado polo xexún,
pola oración e pola esmola.
Acolle con amor o recoñecemento da nosa humildade
para que, ós que nos oprime o peso da nosa conciencia,
nos soerga sempre a túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta Eucaristía
consiga o perdón dos nosos pecados
e nos dea a gracia de sabermos perdoar ós nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A SAMARITANA

Cando se le o evanxelio da Samaritana, dise o seguinte prefacio:

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, cando lle pediu de beber á Samaritana,
xa fixera nacer nela o don da fe;
e, ó desexarlle así ese don,
despertou nela o amor de Deus.

Por iso, Señor, dámosche gracias
e proclamámo-la túa grandeza,
cantando cos anxos a túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor...

Cando non se le o evanxelio da Samaritana, dise un dos prefacios da Coresma, pp. 449-450.

## Antífona da comunión

Cando se le o evanxelio da Samaritana: **Xn 4, 13-14**

«O que beba da auga que eu lle darei, di o Señor, terá dentro del unha fonte que saltará ata a vida eterna.»

Cando se le outro evanxelio: **Sal 83, 4-5**

Mesmo o paxaro atopou casa e a anduriña un niño onde pó-los seus filliños, preto dos teus altares, meu Rei e meu Deus. Felices os que habitan na túa casa e decote che cantan louvanzas.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos xa aquí na terra co pan do ceo,
peñor das realidades eternas.
Rogámosche que se faga realidade na nosa vida
o misterio que celebramos neste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 83, 3

A miña alma esmorece arelando a casa do Señor. O meu corazón e a miña carne reloucan polo Deus vivo.

## Oración

Señor, que a túa misericordia
defenda e purifique continuamente a santa Igrexa.
Xa que sin ti non se pode manter en pé,
gobérnaa sempre coa túa providencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche o don do noso servicio.
Transfórmao ti en sacramento da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 116, 1-2

Louvade ó Señor tódalas xentes, porque o seu amor connosco é firme.

## Oración despois da comunión

Señor, pregámosche que a comunión no teu sacramento
nos purifique e nos xunte na túa unidade.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 16, 6. 8

Eu chámote, Deus, respóndeme; pon o oído cara a min e escoita a miña voz. Gárdame coma a meniña dos teus ollos; protéxeme baixo a sombra das túas ás.

## Oración

Señor, que a túa gracia non nos abandone nunca.
Que ela nos consagre plenamente ó teu servicio
e nos consiga sempre a túa protección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos que este sacrificio
nos purifique dos nosos pecados
e nos axude co teu poder.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 14, 1-2

¿Quen habitará, Señor, na túa tenda? ¿Quen acougará no teu monte santo? O que obra honradamente e practica a xusticia.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación neste sacramento
renove a nosa vida.
Que nos libre tamén das nosas culpas
e nos outorgue a túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 118, 133

Dirixe os meus pasos, Señor, conforme á túa palabra. Que ningunha maldade me domine.

## Oración

Señor, concédenos ser renovados coas prácticas coresmais
e alimentados coa túa palabra.
Fai que te sirvamos de todo corazón
coas nosas penitencias
e perseveremos unidos na oración.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe estas ofrendas
acompañadas dos rogos do teu pobo.
Defende de todo perigo
ós que agora celebrámo-los teus misterios.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 15, 11

Mostrarasme o camiño da vida: na túa presencia hai felicidade a fartar.

## Oración despois da comunión

Señor, santifícanos co pan do ceo que acabamos de recibir.
Fai que, libres dos nosos erros,
poidamos acada-las promesas eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada

«Eu son a salvación do pobo, di o Señor. Cando no perigo invoquen o meu nome, eu escoitareinos e serei para sempre o seu Señor.»

## Oración

Señor, pregámosche humildemente
que, ó se iren acercando as festas da nosa redención,
aumente a nosa entrega.
Que elas nos axuden a celebrar dignamente o misterio pascual.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, purifica de todo lixo de pecado
as ofrendas do teu pobo,
para que che sexan gratas.
Non consintas que nos entreguemos ós praceres enganosos,
ti, que nos prometes en premio a posesión da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 118, 4-5

Ti déche-los teus preceptos para que se observen ben. Oxalá a miña conducta sexa firme en garda-los teus mandados.

## Oración despois da comunión

Señor, na túa bondade
ti alimentáchesnos con estes sagros misterios.
Fai que sintámo-los efectos da túa salvación
tanto no gozo da celebración litúrxica
coma na práctica da vida.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 85, 8. 10

Ningún dos deuses se che pode comparar, Señor, pois ti es grande e fas maravillas; ti e-lo único Deus.

## Oración

Señor, infunde a túa gracia nos nosos corazóns.
Fai, pola túa bondade,
que saibamos domina-los excesos do noso egoísmo
e permanezamos fieis á túa palabra de vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos
para estas ofrendas que che presentamos.
Que a ti che sexan gratas
e a nós nos acaden a salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Cf. Mc 12, 33

Amar a Deus con todo o corazón e ama-lo próximo coma a un mesmo vale máis ca tódolos sacrificios.

## Oración despois da comunión

Señor, que a túa acción divina nos penetre alma e corpo.
Que ela nos axude
a conseguir plenamente na gloria
a salvación que este sacramento nos anticipa.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Terceira semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 102, 2-3

Alma miña, bendice o Señor e non esquéza-los seus beneficios, pois perdóache tódolos pecados.

## Oración

Señor, alegrámonos coa celebración anual desta Coresma.
Concédenos vivir plenamente estes misterios pascuais,
de maneira que poidamos gozar con abundancia
dos seus efectos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti purifícasnos coa túa gracia,
para que poidamos acercarnos co corazón limpo
ós teus misterios.
Concédenos que, ó celebralos solemnemente
conforme ó teu mandado,
che prestémo-la homenaxe debida.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Lc 18, 13

O publicano, quedando atrás, batía co puño no peito, dicindo: «Señor, ten compaixón deste pecador.»

## Oración despois da comunión

Señor, na túa misericordia
non deixas de nos saciar con estes santos misterios.
Concédenos que os celebremos sempre con respeto
e os recibamos con fe.
Por Cristo, noso Señor.

# IV DOMINGO DA CORESMA

Cando neste domingo teñen lugar os escrutinios preparatorios para o bautismo de adultos, pódense utiliza-las oracións rituais e as peticións propias, cf. infra, p. 876.

## Antífona de entrada — Is 66, 10-11

¡Alégrate, Xerusalén, facede festa os que a queredes! Alegrádevos coa súa alegría os que levastes loito por ela. Seredes alimentados e saciados pola abundancia do seu gozo.

Non se di Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti reconciliaches contigo a toda a humanidade,
entregándolle o teu propio Fillo.
Aumenta a fe do pobo cristián,
para que se apresure a celebrar con amor
as próximas festas pascuais.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche con alegría
o sacrificio que salva a nosa vida.
Rogámosche con humildade a gracia
de o celebrarmos con fe
e de o ofrecermos pola salvación do mundo.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O CEGO DE NACEMENTO

Cando se le o evanxelio do cego de nacemento, dise o seguinte prefacio:

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, polo misterio da súa encarnación,
levou á claridade da fe
o xénero humano, que camiñaba nas tebras.
Así, facéndonos renacer polo bautismo,
converteu en fillos adoptivos
os homes que nacían escravos do pecado.

Por iso, Señor,
tódalas creaturas do ceo e mais da terra
te adoran, cantándoche un cántico novo;
e tamén nós, unidos ós coros dos anxos,
te glorificamos, dicindo sen cesar:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Cando non se le o evanxelio do cego de nacemento, dise un dos prefacios da Coresma, pp. 449-450.

## Antífona da comunión

Cando se le o evanxelio do cego de nacemento: **Cf. Xn 9, 11**

O Señor fixo lama e untoume os ollos: entón fun eu e, ó que me lavei, comecei a ver e crin en Deus.

Cando se le o evanxelio do fillo pródigo: **Lc 15, 32**

Tiñas que te alegrar, meu fillo, porque este teu irmán estaba morto e volveu á vida; estaba perdido e atopámolo.

Cando se le outro evanxelio: **Sal 121, 3-4**

Xerusalén, cidade compacta e xeitosa. Alá soben as tribus, as tribus do Señor, conforme o costume de Israel, para festexa-lo nome do Señor.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
que iluminas a todo home que vén a este mundo,
ilumina os nosos corazóns
coa claridade da túa gracia,
para que os nosos pensamentos sexan rectos,
merezan o teu agrado
e o noso amor sexa sincero.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Cuarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 30, 7-8

Pero eu esperarei no Señor. Brincarei e alegrareime pola túa misericordia, porque ollaches con bondade a miña miseria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti renóva-lo mundo co misterio dos teus sacramentos.
Fai que a túa Igrexa
aproveite estes medios de vida eterna
e non careza tampouco do teu auxilio na terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, rogámosche nos concéda-los froitos desta oblación
que a ti che consagramos.
Fai que, liberados de todo compromiso co pecado,
progresemos na túa vida divina.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Ez 36, 27

«Porei o meu espírito dentro de vós e fareivos camiñar nos meus preceptos, para que gardedes e cumpráde-las miñas leis», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, rogámosche que os teus sacramentos
reparen as nosas forzas e nos fagan revivir,
que nos santifiquen e nos leven á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Quarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Cf. Is 55, 1

«Os que tendes sede, vinde ás augas, di o Señor; os que non tendes diñeiro, vinde e bebede con ledicia.»

## Oración

Señor, que este tempo de penitencia e oración
dispoña os corazóns dos teus fieis.
Fai que reciban dignamente o misterio pascual
e proclamen o anuncio da túa salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche os dons
que ti mesmo nos deches.
Que eles sexan unha proba
da túa providencia sobre a nosa vida mortal
e se nos convertan en alimento
para a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Sal 22, 1-2

O Señor é o meu pastor: nada me falta. Ós pastos verdecentes me leva a repousar, e condúceme ás augas tranquilas.

## Oración despois da comunión

Señor, purifica o noso espírito
e renóvao con estes sacramentos celestiais.
Que por eles recibamos axuda
para esta vida e o xermolo da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Cuarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 68, 14

Pero eu, Señor, suplícoche a ti, na hora, meu Deus, do teu favor. Pola túa moita bondade respóndeme co teu acorro verdadeiro.

## Oración

Señor, ti prémia-la virtude
e perdoas ó pecador arrepentido.
Atende as nosas súplicas
e fai que a confesión da nosa culpa
nos obteña o perdón dos pecados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a eficacia deste sacrificio
nos libere da antiga vida de pecado,
renove a nosa vida de gracia
e nos leve á salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Xn 3, 17

Deus enviou o seu Fillo ó mundo, non para que o condenase, senón para que fose salvado por el.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-los teus sacramentos.
Non permitas que sexa motivo de condena
o que ti instituíches para a salvación dos teus fillos.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Cuarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 104, 3-4

Que se alegre o corazón dos que buscan o Señor. Buscade o Señor e o seu poder, buscade sempre a súa presencia.

## Oración

Señor, imploramos con humildade a túa clemencia.
Concédenos ós teus servidores
que, purificados pola penitencia
e pola práctica das boas obras,
obedezamos sempre os teus mandados,
e cheguemos ben dispostos ás festas da Pascua.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
concédenos que este sacrificio que che ofrecemos
purifique e remedie de todo mal a nosa debilidade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Xer 31, 33

«Poñerei a miña lei nas súas entrañas, escribireina nos seus corazóns: eu serei o seu Deus e eles serán o meu pobo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, que estes sacramentos que acabamos de recibir
purifiquen a nosa vida
e nos liberen de todo pecado.
Para que o sentimento de culpa
que oprime a nosa conciencia
se transforme na alegría infinita da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Cuarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 53, 3-4

Sálvame, Señor, polo teu nome; líbrame polo teu poder; escoita, Señor, a miña oración; atende as miñas palabras.

## Oración

Deus de misericordia,
ti axúdasnos na nosa debilidade
con auxilios convenientes.
Fai que os recibamos con alegría
e manifestemos na nosa vida
os seus froitos de salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
purifícanos pola forza poderosa destes sacrificios.
Fai que nos axuden a chegar onda ti
cun corazón cada vez máis limpo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — Ef 1, 7

En Cristo témo-la redención polo seu sangue, o perdón dos pecados, conforme ás riquezas da súa gracia.

## Oración despois da comunión

Señor, ti renóva-la nosa vida
co sacramento da Eucaristía.
Concédenos abandona-la vella vida de pecado
e renovarnos co teu espírito de santidade.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Cuarta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 17, 5-7

As ondas da morte rodéanme, as correntes do averno envólvenme; no apreto chamo ó Señor e el escoita a miña voz desde o seu templo santo.

## Oración

Señor, guía con benignidade os nosos corazóns,
porque sen a túa axuda non te podemos agradar.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as nosas ofrendas
e somete ó teu servicio as nosas vontades rebeldes.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Coresma, pp. 449-453.

## Antífona da comunión — 1 Pe 1, 19

Fomos redimidos polo precioso sangue de Cristo; o Año inmaculado e sen defecto.

## Oración despois da comunión

Señor, que nos purifiquen os teus santos misterios
e que a súa eficacia nos faga gratos ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

Pódese conserva-lo costume de cubri-las cruces e as imaxes nas igrexas, a xuício da Conferencia episcopal. As cruces permanecen cubertas ata despois da celebración da Paixón do Señor, o Venres Santo, e as imaxes ata o comezo da Vixilia pascual.

# V DOMINGO DA CORESMA

Cando neste domingo teñen lugar os escrutinios preparatorios para o bautismo de adultos, pódense utiliza-las oracións rituais e as peticións propias, cf. infra, p. 876.

## Antífona de entrada — Sal 42 1-2

Faime xusticia, Deus; defende a miña causa da xente sen piedade; líbrame do home falso e maligno, porque ti e-lo meu Deus e o meu refuxio.

Non se di Gloria.

## Oración

Señor, noso Deus,
o teu Fillo entregouse á morte por amor ó mundo.
Concédeno-la gracia de vivirmos con alegría
no seu mesmo espírito de caridade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
escoita a nosa oración.
Ti que nos instruíches coa luz da fe,
purifícanos coa forza deste sacrificio.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A RESURRECCIÓN DE LÁZARO

Cando se le o evanxelio da resurrección de Lázaro, dise o seguinte prefacio:

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, que era home coma nós,
chorou polo seu amigo Lázaro;
pero, como Deus eterno que era,
resucitouno da morte.
E agora, compadecido de todos nós,
lévanos á plenitude da vida
por medio dos seus sacramentos.

Por iso cantan os anxos con xúbilo eterno,
e nós unímonos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Cando non se le o evanxelio da resurrección de Lázaro, dise un dos prefacios da Coresma, pp. 449-450.

## Antífona da comunión

Cando se le o evanxelio da resurrección de Lázaro: **Xn 11, 26**

«Todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais», di o Señor.

Cando se le o evanxelio da muller adúltera: **Xn 8, 10-11**

«Muller, ¿ninguén te condenou?» «Ninguén, Señor.» «Pois tampouco eu te condeno: anda, non volvas pecar máis.»

Cando se le outro evanxelio: **Xn 12, 24-25**

Con toda verdade volo aseguro: se o gran de trigo cae na terra e non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondo.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
acabamos de comulga-lo Corpo e o Sangue de Cristo.
Concédenos sermos contados sempre
entre os seus membros vivos.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 55, 2

Ten piedade de min, Señor, porque me pisan, me atacan e non me deixan en paz.

## Oración

Señor, noso Deus,
a túa gracia inefable
enriquécenos con toda clase de bendicións.
Concédenos pasar da vella vida do pecado
á nova vida da gracia
e prepararnos a entrar na gloria do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ó preparármonos para celebra-los santos misterios,
concédenos que che poidamos ofrecer con alegría
a inocencia da nosa vida
coma froito da penitencia corporal.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión

Cando se le o evanxelio da muller adúltera: — Xn 8, 10-11

«Muller, ¿ninguén te condenou?» «Ninguén, Señor.» «Pois tampouco eu te condeno: anda, non volvas pecar máis.»

Cando se le outro evanxelio: — Xn 8, 12

«Eu son a luz do mundo, di o Señor, quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida.»

## Oración despois da comunión

Señor, ti fortalécesnos coa bendición dos teus sacramentos.
Suplicámosche que eles nos purifiquen das malas inclinacións
e nos axuden a camiñar cara a ti,
seguindo a Cristo con alegría.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 26, 14

Espera no Señor, sé forte: ten azos, espera no Señor.

## Oración

Señor, concédenos cumprir
con fidelidade e perseverancia a túa vontade.
Fai que, no noso tempo,
o teu pobo medre en número e santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de reconciliación.
Pedímosche que te compadezas de nós,
perdóe-los nosos pecados
e guíes por bo camiño os nosos vacilantes corazóns.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — Xn 12, 32

«Cando eu sexa elevado sobre a terra, atraerei a todos cara a min», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
nós participamos decote nos teus misterios.
Que eles nos axuden a consegui-los bens do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 17, 48-49

Ti, Deus, líbrasme do enemigo. Posme por enriba dos que me atacan. Deféndesme do home malvado.

## Oración

Deus de misericordia,
ti ilumína-lo corazón dos teus fieis
e purifícalos coas penitencias da Coresma.
Ti, que nos infúnde-lo desexo de te servirmos,
escoita benigno a nosa oración.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ti concedíchesnos estes dons
para honrármo-lo teu nome.
Fai que, ó ofrecerchos,
se convertan para nós en fonte de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — Col 1, 13-14

Deus trasladounos ó reino do seu Fillo benquerido, que nos redimiu co seu sangue e nos perdoou os pecados.

## Oración despois da comunión

Señor, que os sacramentos que recibimos
sexan para nós medicina do ceo,
nos purifiquen dos nosos vicios
e nos fortalezan coa túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Heb 9, 15

Cristo é o mediador da nova alianza; na súa morte os que foron chamados reciben a promesa da vida eterna.

## Oración

Señor, escoita as nosas súplicas
e defende os que poñen a súa esperanza
na túa misericordia.
Fai que, libres dos seus pecados,
perseveren nunha vida santa
e se fagan dignos da herdanza prometida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, mira complacido as ofrendas que che ofrecemos.
Que sirvan para a nosa conversión
e para a salvación do mundo enteiro.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — Rm 8, 32

Deus non perdoou ó propio Fillo, senón que o entregou por todos nós e con el déunolo todo.

## Oración despois da comunión

Señor, confortados con este don de salvación,
pedímosche a túa misericordia
que este sacramento co que nos alimentas nesta vida
nos faga partícipes da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 30, 10. 16. 18

Ten piedade de min, Señor; mira a miña desgracia. Líbrame dos meus enemigos e sálvame dos que me perseguen. Señor, non quede eu defraudado, pois invoquei o teu nome.

## Oración

Señor, perdoa os pecados do teu pobo.
Que a túa misericordia rompa as cadeas
que nos teñen presos por culpa da nosa fraqueza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Concédenos, Deus de misericordia,
que merezamos servirte sempre con devoción no teu altar
e así alcanza-la salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — 1 Pe 2, 24

Xesús, cravado na cruz, cargou cos nosos pecados, para que, mortos ó pecado, vivamos para a xusticia. Curáronno-las súas feridas.

## Oración despois da comunión

Señor, que a forza desta comunión
non nos abandone nunca.
Que ela aparte de nós todo o que nos poida danar.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Quinta semana da Coresma

## Antífona de entrada — Sal 21, 20. 7

Señor, non arredes de min a túa axuda; pensa en defenderme. Eu son un verme, non un home; o riso da xente e o desprecio do pobo.

## Oración

Deus todopoderoso,
ti sempre realíza-la salvación dos homes,
pero neste tempo da Coresma
aínda os alegras con gracias máis abundantes.
Olla propicio este teu pobo escollido
e defende coa protección do teu auxilio
os que se preparan a ser bautizados
e os que xa recibiron o bautismo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
polo sacramento do bautismo
ti fas renacer á vida eterna os que confesan o teu nome.
Recibe as nosas ofrendas e escoita as nosas súplicas,
para que, os que en ti esperan,
vexan cumpridos os seus desexos
e perdoadas as súas culpas.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — Xn 11, 52

Cristo foi entregado para xuntar nun só pobo os fillos de Deus que estaban dispersos.

## Oración despois da comunión

Señor, ó alimentarnos co Corpo e co Sangue do teu Fillo,
suplicámosche humildemente
nos fagas participar da túa vida divina.
Por Cristo, noso Señor.

# SEMANA SANTA

# DOMINGO DE RAMOS

1. Neste día a Igrexa recorda a entrada de Cristo, o Señor, en Xerusalén, para consuma-lo misterio pascual. Por isto, en tódalas misas conmemórase esta entrada do Señor, sexa coa procesión ou coa entrada solemne antes da misa principal, sexa coa entrada simple antes das outras misas. A entrada solemne —non así a procesión— pódese repetir antes daquelas misas que se celebren con moita asistencia de fieis.

## Conmemoración da entrada do Señor en Xerusalén

### Primeira forma: Procesión

2. Á hora conveniente xúntanse todos nunha capela ou outro sitio axeitado fóra da igrexa á que se vai ir en procesión. Os fieis teñen os ramos nas mans.

3. O sacerdote e o diácono, revestidos cos ornamentos vermellos propios para a celebración da misa do día, encamíñanse ó sitio onde está o pobo. O sacerdote, en vez da casula, pode leva-la capa pluvial, que quitará ó remata-la procesión.

4. Mentres os ministros chegan ó lugar da reunión, cántase a seguinte antífona ou outro canto apropiado:

Antífona — Mt 21, 9

¡Hosanna ó Fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor, o Rei de Israel! ¡Hosanna no ceo!

5. Entón o sacerdote saúda o pobo co saúdo normal da misa e despois fai unha pequena monición, invitando ós fieis a participaren activa e conscientemente na celebración deste día, con estas ou semellantes palabras:

Benqueridos irmáns: Xa desde o comezo da Coresma nos vimos preparando con penitencias e obras de caridade. Hoxe xuntámonos aquí para inaugurar con toda a Igrexa a celebración do misterio pascual, da paixón e resurrección do noso Señor; misterio que empezou coa entrada do Señor en Xerusalén.

Polo tanto, ó conmemorarmos con fe e devoción esta entrada salvadora, acompañemos ó Señor co noso entusiasmo, para que, unidos agora á súa cruz pola gracia, teñamos tamén parte na súa resurrección.

6. Despois desta monición, o sacerdote, coas mans xuntas, di unha destas oracións:

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
dígnate bendicir ✠ estes ramos,
e a nós, que acompañamos con alegría a Cristo Rei,
concédenos entrar na Xerusalén do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos:

Aumenta, Señor, a fe dos que esperamos en ti
e escoita as nosas preces,
para que cantos hoxe levámo-los ramos
en honor de Cristo victorioso
unidos a el poidamos ofrecerche o froito das boas obras.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

E asperxe os ramos con auga bendita, sen dicir nada.

7. Despois proclámase un dos catro evanxelios da entrada do Señor, segundo o ciclo que lle corresponda. O evanxelio leo o diácono ou, na súa falta, o mesmo sacerdote, do xeito habitual.

## Ciclo A:

✠ Lectura do santo Evanxelio segundo san Mateo 21, 1-11

E cando se aproximaban a Xerusalén e chegaron a Betfagué, ó pé do monte das Oliveiras, enviou Xesús a dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á aldea que tendes aí enfrente e deseguida atoparedes unha asna atada e un burriño con ela. Soltádeos e traédeos. Se alguén vos pregunta algo, respondédeslle que lle fan falta ó Señor e que deseguida llos mandará de volta.»

Isto sucedeu para que se cumprise o que fora dito polo profeta:

«Dicídelle á filla de Sión:
Velaí o teu Rei que vén a ti,

humilde e montado nunha asna,
nun burro, fillo de animal de carga.»

Foron os discípulos e fixeron o que Xesús lles mandara. Trouxeron a asna e mailo burriño, botáronlle enriba os mantos e Xesús montou. Moita xente extendeu os mantos no camiño; outros cortaron ponlas das árbores e extendéronas tamén no camiño. E a xente que ía diante e mailos que o seguían gritaban:

—«¡Hosanna ó Fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Hosanna no ceo!»

E ó entrar en Xerusalén toda a cidade conmovida preguntaba:

—«¿Quen é este?»

A xente respondía:

—«Este é o profeta, Xesús, o de Nazaret de Galilea.»

Palabra do Señor.

Ciclo B:

✠ Lectura do santo Evanxelio segundo san Marcos 11, 1-10

E cando se aproximaban a Xerusalén, preto de Betfagué e de Betania, ó pé do monte das Oliveiras, Xesús enviou dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á aldea que tendes aí enfrente e, tan pronto entredes, atoparedes atado un burro que ninguén montou aínda; soltádeo e traédeo. Se alguén vos pregunta: "¿Por que facedes isto?", respondédelle: "Faille falta ó Señor, pero deseguida o mandará de volta."»

Foron alá, atoparon o burro na corredoira, atado a unha portada e desatárono. Algúns dos que andaban por alí preguntáronlles:

—«¿Que facedes aí desatando o burriño?»

Eles contestáronlles tal como Xesús lles mandara. E leváronlle o burro a Xesús, que montou nel despois de que o cubrisen cos seus mantos. Moitos extendían tamén os seus mantos no camiño, para que lle servisen de alfombras; e outros, ramallos cortados nas chousas.

E tanto os que ían diante coma os de detrás exclamaban:

—«¡Hosanna! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Bendito o reino do noso pai David que chega! ¡Hosanna no ceo!»

Palabra do Señor.

Ou tamén:

✠ Lectura do santo Evanxelio segundo san Xoán 12, 12-16

O outro día, a moitedume que viñera á festa, oíndo que Xesús viña a Xerusalén, apañou ramas das palmeiras e saíulle ó encontro, gritando:

—«¡Hosanna! ¡Bendito o que vén no nome do Señor, o Rei de Israel!»

Xesús atopou un burriño e montou nel, conforme está escrito:

«Non temas, filla de Sión,
mira que vén o teu Rei,
montado nun burriño.»

Ó comezo, os seus discípulos non comprenderon estas cousas; pero cando Xesús foi glorificado, entón lembráronse de que estaban escritas del e de que de feito así llas fixeron.

Palabra do Señor.

Ciclo C:

✠ Lectura do santo Evanxelio segundo san Lucas 19, 28-40

E dito isto, Xesús botou a andar diante deles camiño de Xerusalén.

E cando se aproximaban a Betfagué e a Betania, ó pé do chamado monte das Oliveiras, enviou dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á aldea que tendes aí enfrente e atoparedes, atado, un burriño que ninguén montou aínda nunca. Soltádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta: "¿Por que o soltades?", respondédelle: "Faille falta ó Señor."»

Foron os discípulos e atoparon todo tal como lles dixera. E cando soltaban o burriño, preguntáronlle-los donos:

—«¿Por que soltáde-lo burriño?»

Eles contestaron:

—«Faille falta ó Señor.»

Levárono a Xesús e, botando os seus mantos sobre o burriño, axudárono a montar. E ó pasar el, a xente extendía os mantos polo camiño.

Cando se aproximaban á baixada do monte das Oliveiras, a moitedume de discípulos, cheos de alegría, comezaron a louvar a Deus con grandes gritos, por tódalas maravillas que tiñan visto. Dicían:

—«¡Bendito o que vén, coma Rei, no nome do Señor! ¡Paz no ceo e gloria no máis alto!»

Algúns dos fariseos que estaban entre a xente dixéronlle:

—«Mestre, reprende os teus discípulos.»

Pero el respondeulles:

—«Asegúrovos que se estes calan, as mesmas pedras berrarán.»

Palabra do Señor.

8. Despois do evanxelio, se convén, pódese ter unha breve homilía. Para empeza-la procesión, o celebrante ou outro ministro idóneo pode facer unha pequena monición con estas ou semellantes palabras:

Imitemos, irmáns benqueridos, a moitedume que aclamaba a Xesús e camiñemos en paz.

9. E comeza a procesión cara á igrexa onde se vai celebra-la misa. No caso de empregarse o incenso, vai diante o turiferario co incensario; detrás, o que leva a cruz adornada no medio de dous ministros con candeas acesas. A continuación, o sacerdote cos ministros e, por último, os fieis, que levan os ramos nas mans.

Durante a procesión, os cantores, a unha co pobo, cantan os seguintes cantos ou outros apropiados:

## Antífona I

Os nenos hebreos con ramos de oliveira saíron ó encontro do Señor, aclamando: «¡Hosanna no ceo!»

Esta antífona pódese alternar cos versículos do salmo 23.

### Salmo 23

Do Señor é a terra e canto a enche,
o orbe e canto nel habita.
El é quen a fundou sobre os mares
e quen a asegurou sobre as correntes.

¿Quen poderá subir ó monte do Señor?
¿Quen manterse na súa morada santa?

O que ten as mans limpas e puro o corazón,
o que non pon a mente en cousas vás
e non xura en falso.
Ese recibirá do Señor bendición
e xusticia de Deus, seu salvador.

Así é a liñaxe dos que o buscan,
dos que buscan a presencia do Deus de Xacob.

Erguede, portas, os vosos linteis,
alzádevos, antigos portais:
Vai entrar o Rei da gloria.

¿Quen é ese Rei da gloria?
O Señor, forte e valente,
o Señor, valente nas batallas.

Erguede, portas, os vosos linteis,
alzádevos, antigos portais:
Vai entrar o Rei da gloria.

¿Quen é ese Rei da gloria?
O Señor, Deus dos exércitos;
el é o Rei da gloria.

## Antífona II

Os nenos hebreos extendían mantos polo camiño e aclamaban: «¡Hosanna ó Fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor!»

Esta antífona pódese alternar cos versículos do salmo 46.

### Salmo 46

Palmexade, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.
O Señor é excelso e terrible,
o gran Rei de toda a terra.

El somete os pobos ante nós,
ponnos debaixo as nacións.
Escolle para nós a nosa herdade,
orgullo de Xacob, o seu amado.

Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas:
«Cantádelle a Deus, cantádelle,
cantade ó noso Rei.»

Deus é o Rei de toda a terra:
cantádelle con bo xeito.
Deus reina sobre as nacións,
sentado no seu sagrado trono.

Os nobres dos pobos axúntanse
co pobo do Deus de Abrahán,
porque a Deus pertencen os próceres da terra,
a el, o máis excelso.

## Himno a Cristo Rei

Coro:

¡Gloria, louvanza e honor!
¡Cantade hosanna e volvédevos
coma os meniños hebreos
ó paso do Redentor!
¡Gloria e honor
ó que vén no nome do Señor!

Estrofas:

1. Como Xerusalén co seu traxe de festa,
vestida e coroada de palmas e oliveiras,
velaquí a cristiandade en son de romaría
para inaugura-la Pascua con himnos de alegría.

2. Ías igual có sol a un ocaso de gloria;
cantábante xa morto ó cantarche a victoria.
Pero ti e-lo Rei, o Señor, o Deus forte,
a Vida que renace desde o fondo da morte.

3. Ti que amas a Israel e escóita-los seus cantos,
comprácete en nós, o pobo dos teus santos:
Deus de toda bondade, que acolles no teu seo
canto hai entre os homes de bo e de sinxelo.

10. Ó entra-la procesión na igrexa, cántase o seguinte responsorio ou outro canto que faga alusión á entrada do Señor:

V. Ó entra-lo Señor na cidade santa,
os nenos hebreos profetizaban
a resurrección de Cristo,
proclamando con ramos de palmas:
«¡Hosanna no ceo!»

R. «¡Hosanna no ceo!»

V. Cando o pobo oíu
que Xesús chegaba a Xerusalén,
saíu ó seu encontro,
proclamando con ramos de palmas:
«¡Hosanna no ceo!»

R. «¡Hosanna no ceo!»

11. O sacerdote, en chegando ó altar, venérao e —se parece oportuno— incénsao. Despois diríxese á cadeira, cambia o pluvial pola casula, omitindo os demais ritos; para acaba-la procesión, di a oración colecta da misa, que despois prosegue do xeito habitual.

## Segunda forma: Entrada solemne

12. Cando non se pode face-la procesión fóra da igrexa, a entrada do Señor celébrase dentro, por medio da entrada solemne antes da misa principal.

13. Os fieis xúntanse diante da porta da igrexa, ou dentro dela, cos ramos nas mans. O sacerdote, os ministros e unha representación dos fieis achéganse a un sitio da igrexa, fóra do presbiterio, onde poida ve-lo rito a maior parte dos fieis.

14. Mentres o sacerdote vai cara ó sitio indicado, cántase a antífona ¡Hosanna! ou outro canto axeitado. Despois faise a bendición dos ramos e proclámase o evanxelio da entrada do Señor en Xerusalén, como queda dito máis arriba (nn. 5-7).

Despois do evanxelio, o sacerdote, cos ministros e coa representación dos fieis, avanza pola igrexa cara ó presbiterio, mentres se canta o responsorio Ó entra-lo Señor (n. 10) ou outro canto apropiado.

15. Ó chegar ó altar o sacerdote, venérao, despois vai á cadeira e, omitindo os demais ritos, di a oración colecta da misa, que despois prosegue do xeito habitual.

## Terceira forma: Entrada simple

16. En tódalas outras misas deste domingo nas que non se ten a entrada solemne, conmemórase a entrada do Señor en Xerusalén por medio da entrada simple.

17. Mentres o sacerdote vai ó altar, cántase a antífona de entrada cun salmo (n. 18) ou con outro canto do mesmo tema. O sacerdote, ó chegar ó altar, venérao, vai cara á cadeira e saúda o pobo. Despois a misa prosegue do xeito habitual.

Nas misas nas que non se pode ter canto de entrada, o sacerdote, nada máis chegar ó altar, e despois de o venerar, saúda o pobo, le a antífona de entrada e prosegue a misa da maneira habitual.

### 18. Antífona de entrada

Seis días antes da solemnidade da Pascua, cando o Señor subía á cidade de Xerusalén, os nenos, con ramos de palmas, saíronlle ó encontro, e con xúbilo proclamaban: * «¡Hosanna no ceo! ¡Bendito ti que vés cheo da misericordia de Deus!»

#### Salmo 23, 9-10

Erguede, portas, os vosos linteis,
alzádevos, antigos portais:
Vai entrar o Rei da gloria.

¿Quen é ese Rei da gloria?
O Señor, Deus dos exércitos;
el é o Rei da gloria.

* «¡Hosanna no ceo! ¡Bendito ti que vés cheo da misericordia de Deus!»

19. Onde non se pode te-la procesión nin a entrada solemne, convén que se faga unha celebración da palabra de Deus sobre a entrada do Mesías e a paixón do Señor, ben o sábado á tarde, ben o domingo, na hora máis oportuna.

## Misa

20. Despois da procesión ou da entrada solemne, o sacerdote empeza a misa pola oración colecta.

### 21. Oración

Deus omnipotente e eterno,
ti quixeches que o noso Salvador
se fixese home e morrese na cruz,
para lle dar ó xénero humano
un exemplo de sumisión á túa vontade.
Concédenos que a súa paixón nos sirva de testemuño
e merezamos participar na resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

22. Na lectura da Paixón do Señor non se usan cirios nin incenso, nin se saúda, nin se signa o libro. Lea o diácono ou, se falta este, o mesmo sacerdote. Tamén a poden ler lectores leigos, reservándolle ó sacerdote, se é posible, a parte referente a Cristo.

Se os lectores son diáconos, pídenlle a bendición ó sacerdote, coma de costume, antes do evanxelio, para leren a Paixón. Pero, se os lectores non son diáconos, omítese esta bendición.

23. Despois da lectura da Paixón, faise —se convén— unha breve homilía.

Dise o Credo.

### 24. Oración sobre as ofrendas

Señor, que a paixón do teu Fillo unixénito
nos faga agradables a ti.
Non o merecemos polas nosas obras,
pero concédenolo ti misericordiosamente
polos méritos deste sacrificio perfecto.
Por Cristo, noso Señor.

### 25. Prefacio

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, que non tiña pecado,
quixo padecer para salva-los pecadores,
e, aínda que era inocente,
aceptou a inxusta condena para redimi-los culpables.
A súa morte borrou as nosas culpas,
e a súa resurrección fíxonos xustos.

Por iso, con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## 26. Antífona da comunión — Mt 26, 42

Pai querido, se este cáliz non pode pasar sen que eu o beba, que se faga a túa vontade.

## 27. Oración despois da comunión

Señor, ó alimentármonos con estes dons sagrados,
pola morte do teu Fillo
fasnos espera-lo que nos promete a nosa fe.
Concédenos chegar pola súa resurrección
ó reino que esperamos.
Por Cristo, noso Señor.

# LUNS DA SEMANA SANTA

## Antífona de entrada — Sal 34, 1-2; 139, 8

Ataca, Señor, ós que me atacan; combate ós que me combaten; colle o escudo e o broquel, érguete para axudarme, Señor, muralla que me defende.

## Oración

Deus todopoderoso,
ti ve-la nosa impotencia e debilidade.
Fai que a paixón do teu Fillo
repare as nosas forzas e levante o noso ánimo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade
o sacramento que celebramos.
Ti, que na túa misericordia
o instituíches para perdón dos nosos pecados,
fai que produza froitos de vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II da Paixón do Señor, p. 455.

## Antífona da comunión — Sal 101, 3

Non me escónda-lo teu rostro no día da desgracia; volve a min o teu oído: respóndeme axiña cando te chamo.

## Oración despois da comunión

Señor, visita con amor o teu pobo
e vela con amor polos seus corazóns.
Que coa túa axuda manteñamos na nosa vida
os dons de salvación
que recibimos da túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

# MARTES DA SEMANA SANTA

## Antífona de entrada — Sal 26, 12

Non me entregues ó capricho do opresor, para se ergueren contra min testemuñas falsas que respiran violencia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
axúdanos a celebra-los misterios da paixón do Señor,
de xeito que merezamos alcanza-lo teu perdón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade as ofrendas da túa familia.
Ti, que nos fas participar nestes dons sagrados,
concédenos alcanza-la plenitude
do que eles significan e anticipan.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II da Paixón do Señor, p. 455.

## Antífona da comunión — Rm 8, 32

Deus non perdoou ó propio Fillo, senón que o entregou por todos nós.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentados por este pan de salvación,
implorámo-la túa misericordia.
Este mesmo sacramento
que nos dá a túa forza na vida presente,
nos faga participar tamén na vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# MÉRCORES DA SEMANA SANTA

## Antífona de entrada — Flp 2, 10. 8. 11

Ante o nome de Xesús dóbrese todo xionllo: no ceo, na terra e mais no abismo; porque o Señor abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, ¡e morte na cruz! Por iso o Señor Xesucristo está na gloria de Deus Pai.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o teu Fillo
padecese por nós o suplicio da cruz,
para nos librares do poder do enemigo.
Concédenos ós teus fillos
alcanza-la gracia da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle a ofrenda que che presentamos
ó celebrármo-lo misterio da paixón do teu Fillo.
Que a túa bondade nos axude
a alcanzar tamén os seus froitos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II da Paixón do Señor, p. 455.

## Antífona da comunión — Mt 20, 28

O Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ó celebrármo-la Eucaristía
anunciámo-lo misterio da morte do teu Fillo.
Fai que vivamos coa plena confianza
de que, pola súa morte no tempo,
ti nos déche-lo don da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# XOVES SANTO

## Misa crismal

A bendición do óleo dos enfermos, do óleo dos catecúmenos e a consagración do crisma, fainas ordinariamente o bispo este día, na misa da mañá.

Se resultase difícil xunta-lo clero e mailo pobo nese día, a bendición pode anticiparse a outro día, que debe ser sempre preto da Pascua e coa misa propia.

Esta misa, que o bispo concelebra co seu presbiterio, debe ser unha manifestación da comunión dos presbíteros co seu bispo. Cómpre, polo tanto, que tódolos presbíteros, en canto sexa posible, participen nela e reciban comunión baixo as dúas especies. Para simboliza-la unidade do presbiterio procúrese que os presbíteros que concelebren co bispo sexan das diversas partes da diócese.

Na homilía, o bispo debe exhorta-los seus presbíteros para que manteñan a fidelidade no seu ministerio e invitalos a renovar publicamente as súas promesas sacerdotais.

### Ritos iniciais e liturxia da palabra

**Antífona de entrada** — Ap 1, 6

Xesucristo converteunos nun reino, en sacerdotes para o seu Deus e Pai. A el a gloria e mailo poder polos séculos dos séculos. Amén.

Dise Gloria.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti unxiches co Espírito Santo o teu Fillo unixénito
e constituíchelo Cristo e Señor.
Concédenos tamén a nós participar da súa consagración
e testemuñar no mundo a súa redención.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Renovación das promesas sacerdotais

Acabada a homilía, o bispo diríxese ós presbíteros con estas palabras ou outras semellantes:

Fillos benqueridos, nesta celebración anual do día en que Cristo, o Señor, quixo facer ós apóstolos e a nós partícipes do seu sacerdocio, ¿queredes renovar, ante o voso bispo e o pobo santo de Deus, as promesas que un día fixestes?

Os presbíteros responden conxuntamente:

Si, quero.

Bispo:

¿Queredes mantervos máis intimamente unidos ó Señor Xesús
e configurarvos mellor con el,
renunciando a vós mesmos
e renovando os sagrados compromisos coa súa Igrexa,
que, movidos polo amor de Cristo,
asumistes con alegría o día da vosa ordenación sacerdotal?

Presbíteros:

Si, quero.

Bispo:

¿Queredes permanecer fieis dispensadores dos misterios de Deus,
mediante a celebración da Eucaristía
e das demais accións litúrxicas,
e queredes cumprir fielmente o sagrado ministerio da palabra,
seguindo a Cristo, Cabeza e Pastor,
non por afán de lucro,
senón levados unicamente polo celo das almas?

Presbíteros:

Si, quero.

Despois, volvéndose ó pobo, o bispo prosegue:

Vós, pola vosa parte, fillos benqueridos,
rogade polos vosos presbíteros:
que o Señor faga descender sobre eles
a abundancia dos seus dons,
para que sexan ministros fieis de Cristo, Sumo Sacerdote,
e vos conduzan a el, que é a fonte da salvación.

Pobo:

Cristo, óenos. Cristo, escóitanos.

Bispo:

E rezade tamén por min:
que sexa fiel ó ministerio apostólico
encomendado á miña humilde persoa,
e que día a día me torne entre vós imaxe viva e perfecta
de Cristo Sacerdote, bo Pastor, Mestre e Servidor de todos.

Pobo:

Cristo, óenos. Cristo, escóitanos.

Bispo:

O Señor nos conserve a todos no seu amor
e nos conduzca a todos, pastores e fieis, á vida eterna.

Todos:

Amén.

Non se di o Credo. Omítese a oración dos fieis.

## Liturxia eucarística

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que o poder deste sacrificio
nos purifique das culpas pasadas,
faga medrar en nós a túa vida nova
e nos leve á salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

O SACERDOCIO DE CRISTO E O MINISTERIO DOS SACERDOTES

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo,
ti constituíche-lo teu Fillo unixénito
Pontífice da alianza nova e eterna,
e na túa sabiduría insondable
dispuxeches que o seu sacerdocio único
se perpetuase na túa Igrexa.

El non só enriqueceu cun sacerdocio real
o pobo dos redimidos,
senón que con amor de irmán
escolleu homes que pola imposición das mans
participasen do seu ministerio sagrado.

Chamounos para que no seu nome
renoven o sacrificio da nosa redención,
celebrando o banquete pascual cos teus fillos;
para que guíen con amor o teu pobo,
alimentándoo coa palabra
e fortalecéndoo cos sacramentos;
e para que, entregando a súa vida
por ti e pola salvación dos seus irmáns,
se esforcen por se pareceren a Cristo
e che demostren a ti
unha fe e un amor constantes.

Por iso, con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Sal 88, 2

Quero cantar por sempre o amor do Señor, pregoar polas xeracións a súa fidelidade.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ti, que nos alimentas cos teus sacramentos,
fai que merezamos ser no mundo
o bo recendo de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.





# SANTO TRIDUO PASCUAL

MORTE E RESURRECCIÓN DE CRISTO

*Retábulo de Cornelius de Holanda (s. XVI). Catedral de Lugo.*

Cristo morto e sepultado, Cristo resucitado e glorioso. ¡Esta é a nosa Pascua! Realízase a cotío na vida sacramental da Igrexa.

# XOVES SANTO

## Misa vespertina da Cea do Señor

Conforme a esta antiquísima tradición da Igreja, este día non se podrá celebrar misas sen pobo.

Pola tarde, á hora máis oportuna, celébrase a misa da Cea do Señor, na participación de todo o comunidade local, rodeiro sacerdote o clérigo concurrente ao seu Santísimo.

Os sacerdotes que se celebraron a misa do crisma, no novo para celidade dos fieis, podrán concelebrar de novo na misa vespertina.

Onde esta nada pastoral e aconsella, o Ordinario do lugar pode permitir la celebración desta misa vespertina sen igreja e sen maestro público na semipublicas, e ao caso de verdadeira necesidade, pode celebrarse tanto á noite, pero el paso se fará que de ningún modo puedan tomar parte na misa vespertina. Tótiaes, este todo, cuidado de non facer misa celebración por conveniencias privadas e de que non vaian se provocar da misa vespertina.

A nesta comunión ni se fica pode distribuir do fiel dentro da misa; la enfermos pódeselles levar a calquera hora.

## Ritos iniciais e liturxia da palabra

1. O agrario debe estar totalmente habitado, nesta misa debe consagrarse unha santidade suficiente de pan, para a comunión do dito o do pobo, hoxe e mañá.

### 2. Antífona de entrada — Cf. Gal 6, 14

Nós debémonos gloriar na cruz do noso Señor Xesucristo, nel está a nosa salvación, a vida e resurrección, por el fomos salvados e liberados.

3. Dia/Gloria. Mostrar se cuera e fúnese, rezarse se cumple o rematado, non se volvió tocar ara a Trinita pascual, a non ser que a Conferencia episcopal ou o Ordinario considerar oportuno acudiscal nesta cousa.

### 4. Oración

Deus, noso Pai,
hoxe celebrámo-la santa Cea
na que o teu Fillo único,
antes de se entregar á morte,
confiou á Igreja o sacrificio novo e eterno,
o banquete do seu amor.
Pai que pola participación en tan grande misterio
recibámo-la plenitude do amor e da vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

5. Na homilía expóñenselles ós fieis os misterios fundamentais que se conmemoran nesta misa: a institución da Eucaristía e do sacerdocio ministerial, e o mandamento do Señor sobre o amor fraterno. Despois, onde o aconselle unha razón pastoral, faise o lavatorio dos pés.

## Lavatorio dos pés

6. Os ministros conducen os homes escolleitos ós asentos preparados en lugar oportuno. O sacerdote, quitando, se fose necesario, a casula, achégase a cada un deles, bótalles auga polos pés e enxúgallelos, coa axuda dos ministros.

7. Mentres tanto cántanse algunhas das seguintes antífonas, ou outros cantos apropiados:

### Antífona primeira — Cf. Xn 13, 4. 5. 15

O Señor ergueuse da mesa, botou auga nunha palangana e empezou a lavárlle--los pés ós discípulos: este foi o exemplo que lles deixou.

### Antífona segunda — Xn 13, 6. 7. 8

«Señor, ¿vasme lavar ti a min os pés?» Respondeulle Xesús: «Se non te lavo, non terás parte comigo.»

V. Pero cando chegou onda Simón Pedro, el díxolle: —Señor...
V. O que eu fago ti non o entendes agora: halo comprender despois. —Señor...

### Antífona terceira — Cf. Xn 13, 14

Se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, ¡canto máis non debedes vós lavárvo--los pés uns ós outros!

### Antífona cuarta — Xn 13, 35

Nisto coñecerán todos que sóde-los meus discípulos; se vos tendes amor uns ós outros.

V. Díxolles Xesús ós seus discípulos: —Nisto...

### Antífona quinta — Xn 13, 34

«Douvos un mandamento novo: amádevos uns ós outros, como eu vos amei», di o Señor.

### Antífona sexta — 1 Cor 13, 13

Que permanezan en vós a fe, a esperanza, o amor, estas tres: pero delas a meirande é o amor.

V. Hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, o amor, estas tres: pero delas a meirande é o amor. —Que permanezan...

8. Logo do lavatorio ou, se non se fai, despois da homilía, faise a oración universal. Nesta misa non se di o Credo.

## Litúrxia eucarística

9. Ó comezo da liturxia eucarística pódese organizar unha procesión dos fieis con ofrendas para os pobres. Entretanto cántase o seguinte, ou outro canto apropiado:

Ant. Onde hai caridade e amor, alí está Deus.
V. Congregounos na unidade o amor de Cristo.
V. Alegrémonos nel e celebrémolo.
V. Veneremos e amemos a Deus vivo.
V. E amémo-los demais de corazón.

Ant. Onde hai caridade e amor, alí está Deus.
V. Reunidos nun só corpo polo amor.
V. Evitemos entre nós toda discordia.
V. Cesen disputas, loitas e xenreiras
V. e reine sempre entre nós o amor de Cristo.

Ant. Onde hai caridade e amor, alí está Deus.
V. Fai que un día contemplémo-lo teu rostro
V. na gloria dos teus santos, Cristo Deus.
V. Será ese o noso gozo, inmenso e puro,
V. que durará por sempre eternamente. Amén.

10. Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos participar dignamente
nestes santos misterios,
pois cada vez que celebrámo-lo memorial
do sacrificio do teu Fillo,
realízase a obra da nosa redención.
Por Cristo, noso Señor.

11. Prefacio I da Santísima Eucaristía, p. 476.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión, Bendice e acepta e El, na noite, propios. O El, ó irse entregar, da Pregaria eucarística II e o El, na noite, da Pregaria eucarística III son propios.

## CANON ROMANO

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

A ti, pois, Pai de bondade infinita,
pedímosche humildemente
por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,

Xunta as mans e di:

que acollas e bendigas

Traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

estes ✠ dons, estas ofrendas,
este santo sacrificio.

Coas mans extendidas, prosegue:

Ofrecémoschos en primeiro lugar
pola túa Igrexa santa e católica:
dálle paz e unidade,
protéxea e diríxea en todo o mundo.
Ofrecémoschos tamén polo teu servidor
o noso Papa N.,
co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e con tódolos que profesan e promoven
a verdadeira fe católica e apostólica.

Conmemoración dos vivos.

Acórdate, Señor, dos teus fillos e fillas N. e N.

Xunta as mans e reza un pouco por aqueles polos que ten intención de rezar.

Despois, coas mans extendidas, prosegue:

Acórdate tamén de tódolos presentes:
ti coñeces ben a súa fe e devoción.
Ofrecémoscche por eles este sacrificio de louvanza,
e tamén eles cho ofrecen por si
e por tódolos seus,
para a redención das súas almas
e para a felicidade e salvación que esperan.
A ti, Deus eterno, vivo e verdadeiro,
presentámoscche as súas ofrendas e oracións.

Conmemoración dos santos.

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo-lo día santísimo,
no que o noso Señor Xesucristo
foi entregado por nós.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus,
e tamén o seu esposo san Xosé,
os teus santos apóstolos e mártires:
Pedro e Paulo, Andrés,
(Santiago e Xoán,
Tomé, Santiago, Filipe,
Bartolomeu, Mateo,
Simón e Tadeo;
Lino, Cleto, Clemenzo, Sixto,
Cornelio, Cibrán,
Lourenzo, Crisógono,
Xoán e Paulo,
Cosme e Damián)
e tódolos teus santos.
Polos seus méritos e pregarias
concédenos sempre a túa axuda e protección.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

Coas mans extendidas, prosegue:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha no mesmo día
no que o noso Señor Xesucristo
confiou ós seus discípulos
a celebración do misterio
do seu Corpo e do seu Sangue.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.

Xunta as mans.

(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

Coas mans extendidas sobre as ofrendas, di:

Bendice e acepta, Pai, esta ofrenda,
faina perfecta e digna de ti,
para que se nos converta no Corpo e no Sangue
do teu Fillo benquerido, Xesucristo, noso Señor.

Xunta as mans.

El, tal día coma hoxe,
na noite antes da súa paixón,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan nas súas santas e venerables mans,
ergueu os ollos ó ceo,
cara a ti, Deus, o seu Pai todopoderoso,
deuche gracias,
rezou a bendición,
partiuno e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

O demais coma no Canon romano, n. 92, p. 517.

## 12. Antífona da comunión 1 Cor 11, 24-25

«Isto é o meu Corpo, que se entrega por vós; este cáliz é a nova alianza no meu Sangue, di o Señor. Facede isto, sempre que o bebades, na miña lembranza.»

13. Acabada a distribución da comunión, déixase sobre o altar o copón con partículas para a comunión do día seguinte. Remátase a misa coa oración de despois da comunión.

## 14. Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
nesta vida ti aliméntasnos
coa Cea do teu Fillo.
Concédenos tamén participar na plenitude
do banquete da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Traslado do Santísimo Sacramento

15. Despois da oración, o sacerdote, de pé ante o altar, bota incenso no incensario e, de xionllos, incensa tres veces o Santísimo Sacramento. Despois viste o humeral, toma o copón e cóbreo co veo.

16. Organízase a procesión: precede o cruciferario. O Santísimo Sacramento é acompañado con cirios e incenso pola igrexa ata o lugar da reserva, preparado nunha capela ben adornada. Cántase o himno Pange lingua (sen as dúas estrofas finais) ou outro canto eucarístico.

17. Cando a procesión chega ó lugar preparado para a reserva, o sacerdote deixa o copón no altar, ponse de xionllos e incénsao mentres se cantan as últimas estrofas do himno. Despois pecha o sagrario ou a urna de reserva.

18. Faise un silencio de oración e o sacerdote cos axudantes, feita a xenuflexión, volve á sacristía.

19. Despois despóxase o altar e, se é posible, retíranse as cruces da igrexa. Se queda algunha é conveniente cubrila cun veo.

20. Os que asisten á misa vespertina, non é mester que reciten as Vésperas.

21. É recomendable que os fieis dediquen algún tempo desta tarde, segundo os costumes do lugar, á adoración do Santísimo Sacramento; a partir da media noite, esta adoración faise sen solemnidade.

# VENRES SANTO

## Celebración da Paixón do Señor

1. Hoxe e mañá a Igrexa, por unha tradición antiquísima, non celebra os sacramentos.

2. No altar non hai nada: nin cruz, nin candelabros, nin panos.

3. Na tarde deste día, polas tres, a non ser que razóns de tipo pastoral aconsellen unha hora máis avanzada, faise a celebración da Paixón do Señor, que consta de tres partes: liturxia da palabra, adoración da santa Cruz e sagrada comunión.

Hoxe a comunión dos fieis só se distribúe dentro da celebración da Paixón; ós enfermos que non poden asistir a ela, pódeselles administrar a calquera hora.

4. O sacerdote e os seus ministros achéganse ó altar revestidos cos seus ornamentos vermellos como para unha misa e, feita a debida reverencia, póstranse en terra ou quédanse de xionllos. Oran todos uns momentos en silencio.

5. O sacerdote, cos seus ministros, vai ó seu lugar e, de cara ó pobo, coas mans xuntas, di unha das seguintes oracións:

### Oración

Non se di Oremos.

Señor, o teu Fillo Xesucristo,
vertendo o seu sangue na Cruz,
instituíu para nós o misterio pascual.
Acórdate da túa misericordia:
santifica e protexe sempre os teus fillos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou:

Deus, noso Pai,
pola paixón de Cristo, o teu Fillo e Señor noso,
libráche-lo xénero humano da morte
que herdara do primeiro pecado.
Fainos semellantes ó teu Fillo,
para que, así como polo nacemento natural
participamos da condición terrenal e pecadora,
tamén pola gracia da túa santificación
participemos da condición santa e celestial.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## Parte primeira: Liturxia da palabra

6. Sentados todos, lese a primeira lectura, tomada do profeta Isaías (52, 13—53, 12), co seu salmo responsorial.

7. A segunda lectura é da carta ós Hebreos (4, 14-16; 5, 7-9) e o canto antes do evanxelio.

8. Despois lese a historia da Paixón do Señor segundo san Xoán (18, 1—19, 42), igual ca no Domingo de Ramos.

9. Acabada a lectura da Paixón, se parece conveniente, pódese facer unha breve homilía. Ó acabala, o sacerdote pode invitar ós fieis a que oren uns momentos en silencio.

### Pregaria universal

10. A liturxia da palabra remata coa pregaria universal, que se realiza deste modo: o diácono, de pé, desde o seu sitio ou, se se quere, no ambón, di coas mans xuntas a exhortación, na que se expresa a intención especial da oración. Oran todos uns momentos en silencio. Despois o sacerdote di a oración coas mans extendidas. Os fieis durante a oración poden estar de pé ou de xionllos.

11. As Conferencias episcopais poden ofrecer unha aclamación do pobo antes da oración do sacerdote, ou decidir que se manteña a invitación tradicional do diácono Dobrémo-los xionllos —Levantádevos, axionllándose todos para orar en silencio.

12. En caso dalgunha necesidade pública grave, o Ordinario do lugar pode permitir ou dispor que se faga algunha intención especial.

13. O sacerdote pode escoller entre estas intencións as que resulten máis axeitadas ás circunstancias locais, pero gardando a serie das intencións propostas para a pregaria universal (cf. Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 46).

### I. Pola santa Igrexa

Oremos, irmáns benqueridos,
pola santa Igrexa de Deus:
que Deus, noso Señor,
lle dea a paz e a unidade,
e a protexa en toda a terra;
e que nos conceda a nós
unha vida serena e tranquila,
para que lle deamos gloria a el,
noso Deus e Pai omnipotente.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
no teu Fillo Xesucristo
reveláche-la túa gloria a todo o mundo.
Protexe a obra do teu amor:
fai que a túa Igrexa, extendida por toda a terra,
persevere inquebrantable na fe
para proclama-lo teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## II. Polo Papa

Oremos tamén polo noso santo Pai, o Papa N.:
que Deus, noso Señor,
que o elevou á orde episcopal,
o conserve san e salvo na súa Igrexa,
para goberna-lo pobo santo de Deus.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
coa túa sabiduría gobérna-lo universo.
Acolle con bondade as nosas oracións
e garda con amor o Papa que escolliches para nós.
Ti, que como creador gobérna-lo teu pobo,
fai que el o guíe como pastor
para que progrese na súa fe.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## III. Polo clero e polos fieis

Respecto ó nome do bispo e da fórmula a empregar, cf. Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

Oremos tamén polo noso Bispo N.,
por tódolos bispos, sacerdotes e diáconos da Igrexa,
por tódolos que exercen algún ministerio
e por todo o pobo de Deus.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
co teu Espírito guías e santifíca-lo corpo enteiro da Igrexa.
Escoita as súplicas que che diriximos
para que tódolos que na Igrexa exercen algún ministerio,
coa axuda da túa gracia,
te sirvan fielmente,
cada un conforme á súa vocación.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

## IV. Polos catecúmenos

Oremos tamén polos (nosos) catecúmenos:
que o noso Deus e Señor
ilumine os seus corazóns
e os acolla na súa misericordia.
Que pola auga do bautismo
reciban o perdón dos seus pecados
e sexan incorporados a Cristo, noso Señor.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
ti fas crecer sempre a túa Igrexa con novos fillos.
Aumenta a fe e a sabiduría dos (nosos) catecúmenos,
para que, nacendo de novo na fonte do bautismo,
sexan acollidos entre os teus fillos adoptivos.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

## V. Pola unidade dos cristiáns

Oremos tamén por tódolos irmáns que cren en Cristo:
que o noso Deus e Señor
faga que vivan na verdade,
os garde sempre
e os reúna na súa única Igrexa.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
ti reúne-los que andan dispersos
e mantelos na unidade.
Mira con bondade a comunidade dos que seguen o teu Fillo,
fai que os que foron consagrados por un mesmo bautismo
vivan tamén unidos pola integridade da mesma fe
e polos vínculos dun mesmo amor.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## VI. Polos xudeus

Oremos tamén polos xudeus,
os primeiros a quen falou
o noso Deus e Señor:
que os axude a avanzar no amor do seu nome
e na fidelidade á súa alianza.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
ti confiácheslle as túas promesas
a Abrahán e á súa descendencia.
Escoita as pregarias da túa Igrexa,
para que o pobo que foi o primeiro en recibi-la alianza
poida chegar á plenitude da redención.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## VII. Polos que non cren en Cristo

Oremos tamén polos que non cren en Cristo:
que, iluminados pola luz do Espírito Santo,
tamén eles poidan entrar no camiño da salvación.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
fai que aqueles que non cren en Cristo
vivan con sinceridade ante ti
e cheguen así á verdade.
E a nós, os teus fieis,
fainos progresar sempre no amor mutuo
e penetrar máis profundamente no misterio da túa vida,
para lle ofrecermos ó mundo
un testemuño convincente do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## VIII. Polos que non cren en Deus

Oremos tamén polos que non recoñecen a Deus:
que, vivindo con rectitude e sinceridade,
logren encontra-lo Deus verdadeiro.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
ti creaches a tódolos homes
para que, sentindo saudade de ti, te busquen
e, ó te atoparen, consigan a paz.
Fai que, a pesar dos males e obstáculos,
todos descubran os signos do teu amor
e recoñezan o testemuño que os crentes ofrecen coas súas obras,
e logren así a alegría
de crer en ti como único Deus verdadeiro
e Pai de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## IX. Polos gobernantes

Oremos tamén por tódolos gobernantes:
que o noso Deus e Señor
lles guíe o pensamento e o corazón
na busca da paz e da liberdade verdadeira.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
na túa man están os corazóns dos homes
e os dereitos dos pobos.
Mira con bondade ós que nos gobernan,
para que, coa túa axuda,
promovan en toda a terra
o progreso dos pobos,
a seguridade e maila paz
e a liberdade relixiosa.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## X. Polos que padecen necesidade

Oremos, benqueridos irmáns,
polos que padecen necesidade:
que Deus todopoderoso libre o mundo de toda falsidade,
aparte a enfermidade, arrede a fame,
abra os cárceres, rompa as cadeas,
protexa os camiñantes,
devolva á súa terra os que están fóra,
lles conceda a saúde ós enfermos
e lles dea a salvación ós moribundos.

Oración en silencio. Despois o sacerdote continúa:

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-lo consolo dos tristes e a forza dos que sofren.
Escoita a pregaria dos que te invocan na desgracia
para que teñan a alegría
de senti-la túa axuda nas súas necesidades.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Se as monicións da pregaria universal se cantan, faise do modo indicado no Apéndice, p.1192.

## Parte segunda: Adoración da santa Cruz

14. Acabada a oración universal, faise a adoración solemne da santa Cruz. Das dúas formas de mostración que se ofrecen, escóllase a máis apta, conforme ás esixencias pastorais.

### Forma primeira da mostración da santa Cruz

15. Lévase a Cruz cuberta ó altar, acompañada de dous ministros con candeas acesas. O sacerdote, de pé diante do altar, recibe a Cruz: descóbrea na parte superior e levántaa, comezando a invitación Mirade o madeiro da Cruz; axúdalle un diácono ou, se hai ocasión, o coro. Todos responden Vinde, e adorémolo, e, acabado o canto, axiónllanse e adoran en silencio durante un momento; mentres, o sacerdote está de pé e mantén elevada a Cruz.

Despois o sacerdote descobre o brazo dereito da Cruz e, elevándoa de novo, comeza a invitación Mirade o madeiro da Cruz, e continúa coma antes.

Por fin descobre totalmente a Cruz e, elevándoa, empeza por terceira vez a invitación Mirade o madeiro da Cruz, e continúa coma a vez primeira.

16. Despois, acompañado de dous ministros con candeas acesas, leva a Cruz á entrada do presbiterio ou a outro lugar axeitado; alí pósaa ou dállela ós ministros para que a aguanten, poñendo candeas á dereita e á esquerda da Cruz. Faise a adoración da Cruz, como se indica abaixo no n. 18.

### Forma segunda da mostración da santa Cruz

17. O sacerdote ou o diácono, cos ministros, ou outro ministro idóneo vai á porta da igrexa. Alí recibe a Cruz non cuberta, pero tendo os ministros os candelabros acesos, e faise a procesión pola igrexa ata o presbiterio. Preto da porta, no medio da igrexa e antes de entrar no presbiterio, o que leva a Cruz levántaa, cantando a invitación Mirade o madeiro da Cruz. Responden todos: Vinde, e adorémolo. Despois de cada resposta, axiónllanse e adórana en silencio durante un momento, coma arriba.

Despois pousa a Cruz cos candelabros, coma arriba, n. 16.

### Invitación para mostra-la santa Cruz

Mirade o madeiro da Cruz,
onde estivo colgado
o Salvador do mundo.

R. Vinde, e adorémolo.

Canto da invitación:



Mirade o madeiro da Cruz, onde estivo colgado o Salvador do



mundo. R. Vin- de, e adorémolo.

## Adoración da santa Cruz

18. Para a adoración da Cruz acércanse o sacerdote, o clero e os fieis, avanzando a xeito de procesión. Reverencian a Cruz cunha simple xenuflexión ou con outro signo axeitado, conforme ós costumes da rexión; por exemplo, bicando a Cruz.

Entretanto cántase a antífona Adoramos, Señor, a túa Cruz, as Queixas ou outros cantos aptos. Os que fixeron xa a adoración están sentados.

19. Ofrézase soamente unha Cruz para a adoración. Se pola aglomeración do pobo non poden achegarse todos en persoa, o sacerdote, unha vez feita a adoración por unha parte dos fieis, colle a Cruz, e poñéndoa no medio diante do altar, invita con algunhas palabras ó pobo a adora-la Cruz. Despois, por breve tempo, mantén a Cruz elevada, para que a adoren os fieis.

20. Acabada a adoración, a Cruz lévase ó seu sitio no altar. Os candelabros acesos colócanse arredor, encol do altar ou preto da Cruz.

## Cantos durante a adoración da santa Cruz

As partes que lle corresponden a un só coro indícanse cos números 1 (coro primeiro) e 2 (coro segundo); as que se cantan conxuntamente polos dous coros, indícanse deste modo: 1 e 2.

### Antífona

### 1 e 2. Antífona

Adoramos, Señor, a túa Cruz;
louvamos e glorificámo-la túa resurrección:
pois por este madeiro
vén a alegría a todo o mundo.

## 1. Salmo 66, 2

Que Deus se apiade de nós e nos bendiga,
que nos mostre a luz da súa presencia
e teña misericordia de nós.

## 1 e 2. Antífona

Adoramos, Señor, a túa Cruz;
louvamos e glorificámo-la túa resurrección:
pois por este madeiro
vén a alegría a todo o mundo.

## Queixas

### I

1 e 2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu saqueite da terra de Exipto;
e ti preparaches unha cruz para o teu Salvador.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Hágios o Theós.
2. Santo é Deus.

1. Hágios Ischyrós.
2. Santo e forte.

1. Hágios Athánatos, eléison himás.
2. Santo inmortal, ten piedade de nós.

1 e 2. Eu guieite corenta anos polo deserto,
alimenteite co maná e leveite a unha boa terra;
e ti preparaches unha cruz para o teu Salvador.

1. Hágios o Theós.
2. Santo é Deus.

1. Hágios Ischyrós.
2. Santo e forte.

1. Hágios Athánatos, eléison himás.
2. Santo inmortal, ten piedade de nós.

1 e 2. ¿Que máis debía facer e non che fixen?
Eu planteite para min
como viña preciosa e preferida;
e ti volvícheste aceda e amarga:
para a miña sede ofrecíchesme vinagre
e cunha lanza traspasáche-lo teu Salvador.

1. Hágios o Theós.
2. Santo é Deus.

1. Hágios Ischyrós.
2. Santo e forte.

1. Hágios Athánatos, eléison himás.
2. Santo inmortal, ten piedade de nós.

## II

1. Por ti eu castiguei a Exipto e ós seus primoxénitos;
e ti mandáchesme prender e azoutar.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu saqueite de Exipto, solagando ó Faraón no mar Vermello;
e ti entregáchesme ós príncipes dos sacerdotes.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu abrín o mar diante de ti;
e ti coa lanza abríche-lo meu costado.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu guieite cunha columna de nube;
e ti levách esme ó pretorio de Pilato.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu alimenteite con maná no deserto;
e ti déchesme labazadas e azoutas.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu deiche a beber auga saída do penedo;
e ti déchesme fel e vinagre.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Por ti eu golpeei os reis dos cananeos;
e ti golpeáchesme cunha cana na cabeza.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Eu puxen na túa man un cetro real;
e ti na miña cabeza unha coroa de espiñas.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

1. Co meu poder eu eleveite á grandeza;
e ti levantáchesme nunha cruz.

2. Meu pobo. ¿Que che fixen eu? ¿En que te disgustei?
Responde.

## Parte terceira: Sagrada comunión

21. Exténdese un pano sobre o altar e colócase o corporal e o misal. Despois o diácono ou, se non o hai, o mesmo sacerdote trae o Smo. Sacramento desde o monumento ó altar polo camiño máis breve. Todos están en pé en silencio. Dous ministros cos candelabros acesos acompañan o Smo. Sacramento e colocan os candelabros arredor ou encol do altar.

22. Unha vez que o diácono puxo o Smo. Sacramento sobre o altar e abriu o copón, achégase o sacerdote e, facendo xenuflexión, sobe ó altar. Alí, con voz clara e as mans xuntas, di:

Guiándonos polos consellos do Salvador
e seguindo a súa doctrina,
atrevémonos a dicir:

Extende as mans e, xuntamente co pobo, prosegue:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue el só:

Líbranos, Señor, de tódolos males
e dáno-la paz nos nosos días;
fai que, axudados pola túa misericordia,
vivamos sempre libres de pecado
e amparados de toda desgracia,
mentres esperámo-la salvación
e a volta gloriosa do noso Señor Xesucristo.

Xunta as mans.

O pobo remata a oración, aclamando:

Pois teus son o reino, o poder e maila gloria
por sempre eternamente.

23. O sacerdote despois, coas mans xuntas, di en voz baixa:

Que a comunión do teu Corpo, Señor Xesucristo,
non sexa para min motivo de xuício e condenación:
e fai que, pola túa bondade,
me sirva de remedio e protección
para a miña alma e para o meu corpo.

24. O sacerdote fai xenuflexión, colle o pan consagrado e, téndoo un pouco elevado sobre a patena, móstrallo ó pobo, dicindo:

Este é o Año de Deus que quita o pecado do mundo.
Felices os convidados á cea do Señor.

E, xunto co pobo, engade:

Señor, eu non son merecente
de que entres no meu fogar,
mais unha palabra túa
abonda para me salvar.

Despois, comulga reverentemente o Corpo de Cristo.

25. Despois distribúe a comunión ós fieis. Durante a comunión pódese cantar un canto adecuado.

26. Acabada a distribución da comunión, o copón é levado por un ministro idóneo a un lugar preparado fóra da igrexa, ou, se as circunstancias o piden, colócase no sagrario.

27. Despois o sacerdote, gardando, se convén, un espacio de silencio sagrado, di a oración seguinte:

## Oración despois da comunión

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
ti renováche-la nosa vida
coa santa morte e resurrección de Cristo.
Continúa en nós esta obra de salvación
e fai que pola participación neste misterio
vivamos sempre entregados ó teu servicio.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

28. Para a despedida, o sacerdote, de pé, volto cara ó pobo coas mans extendidas sobre el, di a oración seguinte:

## Oración sobre o pobo

Señor, descenda con abundancia a túa bendición
sobre este pobo que acaba de celebra-la morte do teu Fillo
e que espera a súa resurrección.
Concédelle o perdón, dálle o consolo,
aumenta a súa fe
e asegúralle a salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

Todos marchan en silencio. O altar íspese no tempo oportuno.

29. Os que asistiron á solemne acción litúrxica da tarde non rezan as Vésperas.

# SÁBADO SANTO

O Sábado Santo a Igrexa permanece xunto ó sepulcro do Señor, meditando a súa paixón e morte. Non celebra o sacrificio da misa e mantén o altar espido, ata que despois da Vixilia solemne ou da celebración nocturna da resurrección, o lugar se entrega ós gozos pascuais, que rebordará durante cincuenta días.

A sagrada comunión só se poderá dar este día como viático.

# TEMPO PASCUAL

## CINCUENTENA PASCUAL

# DOMINGO DA PASCUA NA RESURRECCIÓN DO SEÑOR

## Vixilia pascual na noite santa

1. Por unha antiquísima tradición, esta noite é de vela en honor do Señor (Ex 12, 42): os fieis, conforme ó aviso do evanxelio (Lc 12, 35 ss.), levando fachos acesos nas súas mans, deben ser coma homes que esperan a volta do seu Señor, para que, cando volva, os encontre vixiantes e os faga sentar á súa mesa.

2. A Vixilia desta noite ordénase deste xeito: despois dun breve lucernario (que constitúe a primeira parte desta Vixilia), a santa Igrexa, confiando na palabra e nas promesas do Señor, medita as maravillas que o Señor, noso Deus, fixo polo seu pobo desde o comezo (parte segunda ou liturxia da palabra), ata que, chegando o día da resurrección e acompañada dos novos membros renacidos polo bautismo (parte terceira ou liturxia bautismal), é convidada á mesa que o Señor lle preparou ó seu pobo por medio da súa morte e resurrección (parte cuarta ou liturxia eucarística).

3. Toda a celebración da Vixilia pascual debe facerse durante a noite. Polo tanto, ou non se empeza antes da noite ou non pode concluír antes da alba do día seguinte.

4. A misa da noite, aínda que se celebre antes da media noite, é xa a misa da Pascua da Resurrección do Señor.

Os fieis que participan na misa da noite poden volver comulgar na segunda misa da Pascua.

5. O sacerdote que celebra ou concelebra a misa da noite pode celebrar ou concelebra-la segunda misa da Pascua.

6. O sacerdote e o diácono visten desde o comezo as vestiduras brancas coas que se vai celebra-la misa.

Prepárense velas para tódolos que participen na Vixilia.

### Parte primeira: Lucernario ou comezo solemne da Vixilia

#### Bendición do lume e preparación do cirio

7. Apáganse as luces da igrexa.

Nun lugar axeitado, fóra da igrexa, prepárase unha fogueira. Congregado alí o pobo, achégase o sacerdote cos ministros. Un destes leva o cirio pascual.

Onde non se poida acende-lo lume fóra da igrexa, o rito faise como se indica máis abaixo, n. 13.

8. O sacerdote saúda, coma de costume, á asamblea e fai unha breve monición acerca do senso da Vixilia nocturna, con estas palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns, nesta santísima noite, na que o noso Señor Xesucristo pasou da morte á vida, a Igrexa invita os seus fillos en todo o mundo para que se reúnan en vixilia e oración. Se recordamos así a Pascua do Señor, escoitando a súa palabra e celebrando os seus misterios, terémo-la esperanza de participar na súa victoria sobre a morte e de vivir con el en Deus para sempre.

9. Despois bendícese o lume.

Oremos:

Deus, noso Pai, por medio do teu Fillo
déchesslles ós teus fieis o lume do teu amor.
Santifica ✠ este lume novo
e fai que as festas pascuais
acendan en nós a saudade do ceo,
para que, cun corazón purificado,
poidamos chegar á festa da luz eterna.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

10. Se, polo xenio do pobo, parece oportuno salienta-la dignidade e a significación do cirio pascual con algúns símbolos, pódese facer deste modo:

Bendicido o novo lume, o acólito ou un dos ministros leva o cirio pascual ante o celebrante, que grava nel cun punzón o signo da cruz. Despois fai sobre ela a letra grega Alfa; debaixo, o Omega; e entre os brazos da cruz os catro números do ano en curso. Mentres, di:

1. Cristo onte e hoxe,

(Grava a liña vertical.)

2. principio e fin,

(Grava a liña horizontal.)

3. Alfa

(Grava a letra Alfa sobre a liña vertical.)

4. e Omega.

(Grava a letra Omega baixo a liña vertical.)

5. O tempo é seu

(Grava a primeira cifra do ano en curso no ángulo superior esquerdo da cruz.)

6. e tamén a eternidade.

(Grava a segunda cifra do ano en curso no ángulo superior dereito da cruz.)

7. A el a gloria e o poder,

(Grava a terceira cifra do ano en curso no ángulo inferior esquerdo da cruz.)

8. por sempre eternamente. Amén.

(Grava a cuarta cifra do ano en curso no ángulo inferior dereito da cruz.)




11. Feita a gravación, o sacerdote pode incrustar no cirio cinco grans de incenso, en forma de cruz, mentres di:

1. Polas súas chagas
2. santas e gloriosas,
3. nos protexa
4. e conserve
5. Cristo, o Señor. Amén.

1
4 2 5
3

12. Co lume novo o celebrante acende o cirio pascual, dicindo:

A luz de Cristo, que resucita glorioso,
disipe as tebras do corazón e da mente.

Os elementos precedentes pódense usar todos ou soamente algúns conforme ás circunstancias pastorais. As Conferencias episcopais poden instituír outras formas, máis acomodadas ó xenio do pobo.

---

13. Onde por dificultades que poidan xurdir non se acende a fogueira, a bendición do lume acomódase ás circunstancias. Congregado o pobo, coma de costume, na igrexa, o sacerdote, xunto cos ministros, levando o cirio pascual vai á porta da igrexa. O pobo, no posible, vólvese cara ó sacerdote.

Faise o saúdo e a monición, coma arriba n. 8. Despois bendícese o lume (n. 9) e, se se quere, prepárase e acéndese o cirio, coma arriba, nn. 10-12.

---

## Procesión

14. Despois, o diácono ou, na súa falta, o sacerdote colle o cirio pascual e, manténdoo elevado, canta el só:

A luz de Cristo.

E todos responden:

Deámoslle gracias a Deus.

---

Canto da aclamación:



**A luz de Cristo.** **R.** **Deámoslle gracias a Deus.**

---

As Conferencias episcopais poden permitir unha aclamación máis ampla.

Despois todos entran na igrexa, indo diante o diácono co cirio pascual. Se se usa incenso, o turiferario co turíbulo aceso vai diante do diácono.

15. Á porta da igrexa, o diácono, de pé e erguendo o cirio, canta de novo:

A luz de Cristo.

E todos responden:

Deámoslle gracias a Deus.

E acenden as súas candeas no cirio pascual e avanzan en procesión.

16. O diácono ó chegar ó altar, de pé frente ó pobo, canta por terceira vez:

A luz de Cristo.

E todos responden:

Deámoslle gracias a Deus.

E acéndense as luces da igrexa.

## Pregón pascual

17. Cando chega ó altar, o sacerdote vai á súa cadeira. O diácono coloca o cirio pascual sobre un candelabro preparado no medio do presbiterio ou xunto ó ambón. Despois, unha vez posto o incenso —caso de que se empregue— como para o evanxelio na misa, pide e recibe a bendición do sacerdote; este di en voz baixa:

O Señor estea no teu corazón e nos teus labios,
para que poidas proclamar dignamente o seu pregón pascual:
no nome do Pai e do Fillo ✠ e do Espírito Santo.
R. Amén.

Esta bendición omítese, se o pregón pascual é proclamado por alguén que non sexa diácono.

O diácono ou, no seu defecto, o sacerdote incensa o libro e o cirio, se o cre conveniente; despois proclama o pregón pascual desde o ambón ou do púlpito, estando todos de pé, coas velas acesas nas mans.

En caso de necesidade, o pregón pascual tamén pode ser proclamado por un cantor que non sexa diácono. Pero entón omite as palabras Por iso, irmáns benqueridos, ata o final da invitación, e tamén o saúdo O Señor sexa convosco.

O pregón pódese proclamar tamén na súa forma máis breve. Ademais, as Conferencias episcopais pódeno adaptar, insertando nel algunhas aclamacións do pobo.

### *Pregón pascual (forma longa)*

18. Exulten os coros dos anxos,
relouquen os poderes do ceo:
resoen trompetas de victoria
polo triunfo de tan grande Rei.

Goce tamén a terra,
bañada de tanto esplendor;
que o mundo enteiro se ilumine
vencidas as tebras
pola luz do Rei eterno.

Alégrese tamén a Igrexa, nosa nai,
radiante polo fulgor desta luz:
resoe o noso templo co aturuxo de tódolos pobos.

(Por iso, irmáns benqueridos,
iluminados por esta luz admirable,
invocade xuntos comigo
a bondade de Deus omnipotente:
El, que a min sen méritos propios
me chamou ó ministerio dos diáconos,
eleve a miña voz
para canta-la louvanza deste resplandecente cirio.)

(V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.)
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia
cantarlles a plena voz e de todo corazón
ó Deus invisible, ó Pai omnipotente,
e ó seu Fillo unixénito,
Xesucristo, Señor noso.

El saldou as débedas de Adán
e borrou co seu sangue a nosa culpa.

Porque esta é a festa da Pascua
na que se inmola o Año verdadeiro
que co seu sangue consagrou as casas dos fieis.

Esta é a noite
na que sacaches de Exipto os nosos pais
a pé enxoito polo mar.

Esta é a noite
na que a columna de lume
venceu as tebras do pecado.

Esta é a noite
na que en todo o mundo
os que cren en Cristo
son liberados dos vicios e da escuridade dos pecados,
volven á gracia e renacen á santidade.

Esta é a noite
na que, rotas as cadeas da morte,
Cristo ascende victorioso do abismo.

¿De que nos valería nacer,
se non viñese o Redentor?

¡Que admirable a túa piedade connosco!
¡Que inmenso o agarimo do teu amor!
¡Para salva-lo escravo, entregáche-lo Fillo!

Compría de certo o pecado de Adán
que nos había traer tal redención.
¡Oh culpa ditosa,
que tal Redentor nos mereceu!

¡Oh noite bendita,
que ela sola mereceu coñece-lo intre glorioso
en que o Señor resucitou do sepulcro!

Esta é a noite da que está escrito:
«A noite brillará coma o día,
ela será luz para o meu gozo.»

A forza desta noite santa
escorrenta o crime e lava a culpa,
devolve a inocencia ós pecadores e ós tristes a alegría,
arreda o odio e trae a concordia:
ela humilla a tiranía.

Así pois, nesta noite de gracia,
recibe, Pai santo,
o sacrificio da nosa louvanza,
o cirio solemne, obra das abellas,
que por man dos seus ministros
alegre che ofrece a túa Igrexa.

Agradecémo-lo misterio deste cirio,
clara columna en honra do Altísimo:
lume que, repartido entre todos,
se conserva enteiro no seu resplandor,
e arde pola cera
que a nai abella
formou para alimento precioso desta lámpada.

¡Oh noite bendita,
na que se xunta o ceo coa terra,
na que Deus sae ó encontro do home!

Por iso, Señor, che rogamos
que este cirio consagrado en honra do teu nome
arda sen parar
para destruí-la escuridade da noite.

Acéptao coma ofrenda agradable;
pono entre as estrelas do ceo.
Que o atope ardendo o luceiro da mañá,
aquel luceiro que non coñece ocaso,
Cristo Xesús, teu Fillo,
que, resucitando da morte,
iluminou o xénero humano.

El, que vive e reina
por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o pregón pascual se canta, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1193.

---

## *Pregón pascual (forma reducida)*

19. Exulten os coros dos anxos,
relouquen os poderes do ceo:
resoen trompetas de victoria
polo triunfo de tan grande Rei.

Goce tamén a terra,
bañada de tanto esplendor;
que o mundo enteiro se ilumine
vencidas as tebras
pola luz do Rei eterno.

Alégrese tamén a Igrexa, nosa nai,
radiante polo fulgor desta luz:
resoe o noso templo co aturuxo de tódolos pobos.

(V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.)

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia
cantarlles a plena voz e de todo corazón
ó Deus invisible, ó Pai omnipotente,
e ó seu Fillo unixénito,
Xesucristo, Señor noso.

El saldou as débedas de Adán
e borrou co seu sangue a nosa culpa.

Porque esta é a festa da Pascua
na que se inmola o Año verdadeiro
que co seu sangue consagrou as casas dos fieis.

Esta é a noite
na que sacaches de Exipto os nosos pais
a pé enxoito polo mar.

Esta é a noite
na que a columna de lume
venceu as tebras do pecado.

Esta é a noite
na que en todo o mundo
os que cren en Cristo
son liberados dos vicios e da escuridade dos pecados,
volven á gracia e renacen á santidade.

Esta é a noite
na que, rotas as cadeas da morte,
Cristo ascende victorioso do abismo.

¡Que admirable a túa piedade connosco!
¡Que inmenso o agarimo do teu amor!
¡Para salva-lo escravo,
entregáche-lo Fillo!

Compría de certo o pecado de Adán
que nos había traer tal redención.
¡Oh culpa ditosa,
que tal Redentor nos mereceu!

A forza desta noite santa
escorrenta o crime e lava a culpa,
devolve a inocencia ós pecadores
e ós tristes a alegría.

¡Oh noite bendita,
na que se xunta o ceo coa terra,
na que Deus sae ó encontro do home!

Así pois, nesta noite de gracia,
recibe, Pai santo,
o sacrificio da nosa louvanza,
o cirio solemne, obra das abellas,
que por man dos seus ministros
alegre che ofrece a túa Igrexa.

Por iso, Señor, che rogamos
que este cirio consagrado en honra do teu nome
arda sen parar
para destruí-la escuridade da noite.

Acéptao coma ofrenda agradable;
pono entre as estrelas do ceo.
Que o atope ardendo o luceiro da mañá,
aquel luceiro que non coñece ocaso, Cristo Xesús, teu Fillo,
que, resucitando da morte,
iluminou o xénero humano.

El, que vive e reina
por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o pregón pascual se canta, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1200.

## Parte segunda: Liturxia da palabra

20. Nesta Vixilia, que é a nai de tódalas vixilias, propóñense nove lecturas: sete do antigo Testamento e dúas do novo (epístola e evanxelio).

21. Se as circunstancias pastorais o aconsellan, pódese reduci-lo número de lecturas do antigo Testamento. Pero téñase sempre en conta que a lectura da palabra de Deus é parte fundamental desta Vixilia pascual. Lense polo menos tres lecturas do antigo Testamento, ou unicamente dúas en casos moi especiais. Nunca se debe omiti-la lectura do capítulo 14 do libro do Éxodo.

22. Todos apágan as candeas e séntanse. Antes de comeza-las lecturas, o sacerdote diríxese ó pobo con estas palabras ou outras parecidas:

Benqueridos irmáns, despois deste solemne comezo da Vixilia, escoitemos con recollemento a palabra de Deus. Meditemos como na antiga alianza Deus salvou o seu pobo e como na plenitude dos tempos enviou o seu Fillo para a nosa redención. Oremos, para que o noso Deus complete esta obra de salvación de tódolos homes iniciada no misterio da Pascua.

23. Despois seguen as lecturas. O lector diríxese ó ambón e proclama a primeira lectura. Despois o salmista ou un cantor canta o salmo, e respóndelle o pobo. A continuación levántanse todos e o sacerdote di: Oremos. Despois de rezaren todos un pouco en silencio, di a oración colecta.

En lugar do salmo responsorial, pódese gardar un espacio de silencio sagrado. Neste caso, omítese a pausa despois de Oremos.

### Oracións despois das lecturas

24. Despois da primeira lectura (A creación: Xn 1, 1—2, 2; ou: 1, 1. 26-31a):

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
ti es admirable en tódalas túas obras.
Ilumina os fillos que ti redimiches,
para que comprendan
que, se foi maravillosa no comezo
a creación do mundo,
máis maravilloso foi aínda na plenitude dos tempos
o sacrificio pascual de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

Ou (A creación do home):

Oremos:
Deus, noso Pai,
a creación do home foi unha obra maravillosa,
pero máis maravillosa foi aínda a súa redención.
Axúdanos a resistir coa sabiduría do Espírito
os atractivos do pecado,
para que merezamos alcanza-los gozos eternos.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

25. Despois da segunda lectura (O sacrificio de Abrahán: Xn 22, 1-18; ou: 22, 1-2. 9a. 10-13. 15-18):

Oremos:
Deus, Pai de tódolos crentes,
ti extendes a tódolos homes da terra
a gracia de seren teus fillos adoptivos,
cumprindo así a promesa feita a Abrahán
de o converter en pai de tódolos pobos.
Concédelle ó teu pobo
a gracia de responder dignamente á túa chamada.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

26. Despois da terceira lectura (O paso do mar Vermello: Ex 14, 15—15, 1):

Oremos:
Deus, noso Pai,
mesmo nos nosos días
vemos resplandece-los prodixios
que fixeches nos tempos antigos.
Daquela, co teu poder, libraches un só pobo
da persecución do Faraón;
hoxe, pola auga do bautismo,
levas a cabo a salvación de tódolos pobos.
Fai que os homes do mundo enteiro
cheguen a ser fillos de Abrahán
e herdeiros das promesas de Israel.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

Ou:

Oremos:

Deus, noso Pai,
coa luz da nova alianza,
ti reveláche-lo significado dos prodixios
realizados nos tempos antigos:
así o mar Vermello é imaxe do bautismo
e o pobo liberado da escravitude
é un símbolo do pobo cristián.
Concede que, polo don da fe,
tódolos homes participen na herdanza de Israel
e renazan á nova vida polo don do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

27. Despois da cuarta lectura (A nova Xerusalén: Is 54, 5-14):

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
glorifica o teu nome
aumentando a descendencia prometida ós patriarcas,
e coa gracia da túa adopción
multiplica o número dos teus fillos.
Que a túa Igrexa poida ver así
cómo se vai cumprindo o plan de salvación
que os nosos pais na fe esperaron con toda confianza.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou cunha das oracións que non se lerán despois das lecturas seguintes.

28. Despois da quinta lectura (A salvación ofrecida gratuitamente a tódolos homes: Is 55, 1-11):

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-la única esperanza do mundo.
Por medio dos profetas
ti anunciáche-los misterios de salvación
que hoxe teñen o seu cumprimento.

Aumenta no teu pobo os desexos de salvación,
porque unicamente pola túa inspiración
poden os teus fieis progresar no camiño da virtude.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

29. Despois da sexta lectura (A fonte da sabiduría: Bar 3, 9-15. 32—4, 4):

Oremos:

Deus, noso Pai,
ti fas crece-la túa Igrexa,
chamando continuamente tódolos pobos á salvación.
Garda sempre baixo a túa protección
os que fas renacer pola auga do bautismo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

30. Despois da séptima lectura (Un novo corazón e un novo espírito: Ez 36, 16-28):

Oremos:

Deus, noso Pai,
o teu poder é inmutable e a túa luz eterna:
olla con bondade a túa Igrexa,
signo visible da túa alianza,
e, conforme ó teu designio eterno,
leva a término a obra da salvación.
Que todo o mundo poida ver e experimentar
que o destruído se reconstrúe,
o avellentado se renova
e que todo retorna á súa integridade primeira
por medio de Cristo, principio de tódalas cousas.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

Ou:

Oremos:

Deus, noso Pai,
coas escrituras do antigo e do novo Testamento
ti instrúesnos para celebrármo-lo misterio pascual.

Fainos comprende-lo teu amor
para que os dons que agora recibimos
afirmen en nós a esperanza dos bens futuros.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou, se van bautizar algúns:

Oremos:

Deus todopoderoso e eterno,
ti dáslles unha vida nova ós nacidos da fonte bautismal,
axúdalles coa túa presencia e co don do Espírito
para que o noso humilde servicio ministerial
encha ós bautizados coa plenitude da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

31. Despois da última lectura do antigo Testamento co seu responsorio e a súa oración, acéndense as velas do altar. O sacerdote entoa o Gloria a Deus no ceo, que todos continúan, mentres soan as campás, conforme ós costumes de cada lugar.

32. Acabado o Gloria, o sacerdote reza a colecta, coma de costume.

Oremos:

Deus, noso Pai,
ti fas resplandecer esta noite santísima
coa gloria da resurrección do Señor.
Aviva na túa Igrexa o espírito de sermos fillos teus,
para que, renovados no corpo e no espírito,
te sirvamos con limpo corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

33. Despois o lector fai a lectura do apóstolo.

34. Acabada a epístola, todos se poñen de pé e o sacerdote entoa con solemnidade o Aleluia, que todos repiten.

Despois, o salmista ou un cantor recita o salmo e o pobo responde Aleluia. Se fora preciso, o mesmo salmista entoa o Aleluia.

35. Para a lectura do evanxelio non se levan cirios, senón só incenso, caso de usalo.

36. Inmediatamente despois do evanxelio tense a homilía. Despois comeza a liturxia bautismal.

## Parte terceira: Liturxia bautismal

37. O sacerdote cos ministros vai á pía bautismal, se está emprazada á vista dos fieis. Se non é así, ponse un recipiente con auga no presbiterio.

Chámanse os catecúmenos, se os hai, e son presentados polos padriños; se os catecúmenos son nenos, lévanos os pais e os padriños á presencia da comunidade reunida.

38. Despois o sacerdote diríxese ós presentes con estas palabras, ou outras semellantes:

Se hai alguén para bautizar:

Benqueridos en Cristo, coa nosa oración unánime sosteñámo-la alegre esperanza dos nosos irmáns, para que o Pai todopoderoso na súa gran bondade os guíe e acompañe á fonte da rexeneración.

Se hai que bendici-la pía, pero non hai ninguén para bautizar:

Benqueridos irmáns, invoquémo-la gracia de Deus todopoderoso sobre esta pía bautismal, para que os que nela van renacer sexan acollidos, en Cristo, coma fillos de Deus.

39. Dous cantores cantan as letanías. Todos están de pé, por se-lo tempo pascual, e responden.

Se a procesión ata o bautisterio é longa, as letanías cántanse durante a procesión. Neste caso, a chamada dos catecúmenos faise antes da procesión.

Organízase así: diante vai o cirio pascual, a continuación, os catecúmenos cos padriños; despois, o sacerdote cos ministros. Antes da bendición da auga faise unha monición.

40. Se non hai ninguén para bautizar nin se bendice a pía, omítense as letanías e procédese inmediatamente á bendición da auga (n. 45).

41. Nas letanías pódense engadir outros nomes de santos, principalmente os do titular da igrexa, dos patróns do lugar e os dos que van ser bautizados.

Señor, ten piedade.
Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.
Señor, ten piedade.

Santa María, Nai de Deus, roga por nós.
San Miguel, roga por nós.
Santos Anxos de Deus, rogade por nós.
San Xoán Bautista, roga por nós.
San Xosé, roga por nós.
San Pedro e san Paulo, rogade por nós.
San Andrés, roga por nós.
San Xoán, roga por nós.
Santa María Madalena, roga por nós.
Santo Estevo, roga por nós.
San Ignacio de Antioquía, roga por nós.
San Lourenzo, roga por nós.
Santa Perpetua e santa Felicidade, rogade por nós.
Santa Inés, roga por nós.
San Gregorio, roga por nós.
Santo Agostiño, roga por nós.
San Atanasio, roga por nós.
San Basilio, roga por nós.
San Martiño, roga por nós.
San Bieito, roga por nós.
San Francisco e san Domingos, rogade por nós.
San Francisco Xavier, roga por nós.
San Xoán María Vianney, roga por nós.
Santa Catarina de Siena, roga por nós.
Santa Teresa de Xesús, roga por nós.
Tódolos Santos e Santas de Deus, rogade por nós.
Senos propicio, líbranos, Señor.
De todo mal, líbranos, Señor.
De todo pecado, líbranos, Señor.
Da morte eterna, líbranos, Señor.
Pola túa encarnación, líbranos, Señor.
Pola túa morte e resurrección, líbranos, Señor.
Polo envío do Espírito Santo, líbranos, Señor.
Nós, que somos pecadores, pedímosche que nos escoites.

Se hai alguén para bautizar:

Para que rexeneres a estes elixidos
coa gracia do bautismo, pedímosche que nos escoites.

Se non hai ninguén para bautizar:

Para que coa túa gracia
santifiques esta auga
pola que renacerán os teus fillos, pedímosche que nos escoites.

Xesús, Fillo de Deus vivo, pedímosche que nos escoites.

Se hai alguén para bautizar, o sacerdote, coas mans xuntas, di a oración seguinte:

Deus todopoderoso e eterno,
manifesta a túa presencia nestes sacramentos do teu amor:
manda o teu Espírito de adopción sobre os novos fillos
que van renacer da fonte bautismal.
Que o teu poder faga eficaz
a acción do noso humilde ministerio.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## Bendición da auga

42. Despois o sacerdote bendice a auga bautismal, dicindo coas mans xuntas a oración seguinte:

Deus, noso Pai,
co teu amor invisible
ti realizas por medio dos signos sacramentais
a obra admirable da salvación,
e ó longo da historia fuches facendo da auga
un rico símbolo que mostrase a gracia do bautismo.

Desde o comezo do mundo
o teu Espírito pairaba sobre as augas,
para que xa entón recibisen como en xerme
o poder de santificar.

Nas propias augas do diluvio
deches unha imaxe do bautismo,
para que no seu simbolismo misterioso
unha mesma auga aparecese
como fin do pecado e orixe da nova vida.

No mar Vermello fixeches pasar
os fillos de Abrahán a pé enxoito,
para que aquel pobo liberado da escravitude do Faraón
fose unha imaxe profética da comunidade dos bautizados.

O teu Fillo, bautizado no Xordán polo Bautista,
foi unxido polo Espírito Santo.
Cravado na cruz,
deitou do seu costado auga e sangue.
Despois da súa resurrección,
mandoulles ós seus discípulos:
«Ide e anunciade o evanxelio a tódolos homes,
e bautizádeos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.»

Así pois, noso Pai, mira agora con amor a túa Igrexa
e fai nacer dela a fonte do bautismo.
Que o Espírito Santo infunda nesta auga
a gracia do teu Fillo único,
para que o home, creado á túa imaxe
e lavado de toda mancha de pecado,
poida renacer coma unha nova creatura
pola auga e polo Espírito Santo.

Metendo, se parece oportuno, o cirio pascual na auga por unha ou tres veces, continúa:

Señor, que por medio do teu Fillo
descenda sobre as augas desta fonte
a forza do Espírito Santo.

E mantendo o cirio na auga, continúa:

Fai que, cantos polo bautismo
sexan sepultados na morte con Cristo,
resuciten tamén con el á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

43. Despois tírase o cirio da auga, mentres o pobo fai esta aclamación ou outra semellante:

Fontes de auga, bendicide o Señor,
louvádeo e exaltádeo por sempre.

Se a bendición da auga se canta, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1204.

44. Os catecúmenos, un a un, fan a renuncia a Satanás e a profesión da fe; despois reciben o bautismo.

Se preside o bispo ou un sacerdote con facultade de confirmar, os catecúmenos adultos reciben a confirmación inmediatamente despois do bautismo.

---

45. Se non hai ninguén para bautizar nin se fai a bendición da pía bautismal, o celebrante bendice a auga coa oración seguinte:

Benqueridos irmáns, pidámoslle humildemente a Deus, noso Señor, que bendiga esta auga que vai ser asperxida sobre nós en memoria do noso bautismo. Que el nos renove interiormente, para permanecermos fieis ó Espírito que nos foi dado.

E despois dunha breve oración en silencio o sacerdote prosegue, coas mans xuntas:

Señor, noso Deus,
atende con bondade as peticións do teu pobo
que vela esta noite santa
para conmemora-la obra admirable da creación
e a máis admirable aínda da redención.
Dígnate bendicir ✠ esta auga
que ti creaches para fecunda-la terra
e para alivio e limpeza dos nosos corpos.
Dela fixeches tamén un instrumento da túa misericordia:
por ela liberáche-lo teu pobo da escravitude
cando atravesou o mar
e con ela apagáche-la súa sede no deserto.
A auga foi o símbolo que usaron os profetas
para anuncia-la nova alianza
que ías establecer cos homes.
Por ela, finalmente, cando Cristo a santificou no Xordán,
renováche-la nosa natureza caída
instituíndo o sacramento da nova vida.
Que esta auga renove en nós a memoria do noso bautismo
e nos axude a participar no gozo dos irmáns
que foron bautizados nesta Pascua.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

---

## Renovación das promesas do bautismo

46. Acabado o rito do bautismo (e da confirmación) ou, caso de non o haber, despois da bendición da auga, todos se poñen de pé, levando as candeas acesas nas mans, e faise a renovación da fe bautismal.

O sacerdote diríxese ós fieis con estas palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns, por medio do bautismo participamos no misterio pascual de Cristo: fomos sepultados na morte con el para resucitarmos tamén con el á nova vida. Por iso, acabado xa o tempo da Coresma, renovámo-las promesas santas do bautismo: por elas renunciamos un día a Satanás e ás súas obras e fixémo-la promesa de servir a Deus na santa Igrexa católica.

Así pois:

Sacerdote:

¿Renunciades a Satanás?

Todos:

Si, renuncio.

Sacerdote:

¿E a tódalas súas obras?

Todos:

Si, renuncio.

Sacerdote:

¿A tódalas súas seduccións?

Todos:

Si, renuncio.

---

Ou:

Sacerdote:

¿Renunciades ó pecado,
para vivirdes na liberdade dos fillos de Deus?

Todos:

Si, renuncio.

Sacerdote:

¿Renunciades ás seduccións do mal,
para que o pecado non domine en vós?

Todos:

Si, renuncio.

Sacerdote:

¿Renunciades a Satanás,
que é o pai e instigador do pecado?

Todos:

Si, renuncio.

Se convén, esta segunda fórmula pode ser adaptada polas Conferencias episcopais, conforme ás circunstancias dos lugares.

---

Despois o sacerdote prosegue:

Sacerdote:

¿Credes en Deus Pai todopoderoso,
creador do ceo e mais da terra?

Todos:

Si, creo.

Sacerdote:

¿Credes en Xesucristo, o seu Fillo único, noso Señor,
que naceu da Virxe María,
padeceu e foi sepultado,
que resucitou de entre os mortos
e está sentado á dereita do Pai?

Todos:

Si, creo.

Sacerdote:

¿Credes no Espírito Santo,
na santa Igrexa católica,
na comunión dos santos,
no perdón dos pecados,
na resurrección dos mortos
e na vida eterna?

Todos:

Si, creo.

O sacerdote conclúe:

Deus todopoderoso, Pai do noso Señor Xesucristo,
que nos fixo renacer pola auga e polo Espírito Santo
e nos concedeu o perdón dos pecados,
nos garde coa súa gracia,
en Cristo Xesús, noso Señor,
para a vida eterna.

Todos:

Amén.

47. O sacerdote asperxe o pobo coa auga bendita, e, mentres, todos cantan este canto ou outro de carácter bautismal:

## Antífona

Vin auga saíndo do templo, do seu lado dereito, aleluia; e a cantos chegue esta auga levarálle-la salvación, e cantarán: Aleluia, aleluia.

48. Mentres, os neófitos son acompañados ata o seu lugar entre os fieis.

Se a bendición da auga bautismal non se fixo no bautisterio, os ministros levan con respeto o recipiente da auga á pía bautismal.

Se non tivo lugar a bendición da pía, a auga bendita colócase nun lugar conveniente.

49. Acabada a aspersión, o sacerdote volve á cadeira. Despois, omitido o Credo, faise a pregaria dos fieis, na que os neófitos participan por primeira vez.

### Parte cuarta: Liturxia eucarística

50. O sacerdote vai ó altar e comeza a liturxia eucarística coma de costume.

51. Convén que o pan e mailo viño sexan levados polos neófitos.

## 52. Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas do teu pobo
e escoita a súa oración.
Que coa túa axuda este santo misterio,
comezo da celebración pascual,
nos guíe á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

53. Prefacio pascual I: pero máis ca nunca nesta noite, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## 54. Antífona da comunión — 1 Cor 5, 7-8

Cristo, o noso Año pascual, foi xa inmolado: fagamos, pois, a festa con pan ácimo de pureza e de verdade, aleluia.

## 55. Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos cos sacramentos pascuais.
Énchenos co teu Espírito de amor
para que vivamos sempre unidos
polo vínculo da túa caridade.
Por Cristo, noso Señor.

56. Na despedida, o diácono ou o mesmo sacerdote di:

Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe, aleluia, aleluia.

R. Deámoslle gracias a Deus, aleluia, aleluia.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:




---

# DOMINGO DA PASCUA NA RESURRECCIÓN DO SEÑOR

## Misa do día

### Antífona de entrada — Sal 138, 18. 5-6

Resucitei e estou sempre contigo. Puxeches sobre min a túa man: ¡que admirable é a túa sabiduría! Aleluia.

Ou: — Lc 24, 34; cf. Ap 1, 6

É certo, o Señor resucitou, aleluia. A el a gloria e mailo poder por sempre eternamente.

### Oración

Deus, noso Pai,
neste día, por medio do teu Fillo,
ti vencíche-la morte
e abríchesno-las portas da vida eterna.
Fai que os que celebrámo-la Pascua da resurrección do Señor
sexamos renovados polo teu Espírito
para resucitarmos con Cristo na luz da vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo

### Oración sobre as ofrendas

Señor, cheos de alegría pascual,
ofrecémosche este sacrificio,
que de modo maravilloso
fai renace-la túa Igrexa
e lle dá alimento.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

### Antífona da comunión — 1 Cor 5, 7-8

Cristo, o noso Año pascual, foi xa inmolado: fagamos, pois, a festa con pan ácimo de pureza e de verdade, aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
garda sempre con amor a túa Igrexa.
Fai que, renovada polos misterios pascuais,
chegue á gloria da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

Para despedi-lo pobo, durante toda a oitava ata o II domingo da Pascua dise:

Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe, aleluia, aleluia,
R. Deámoslle gracias a Deus, aleluia, aleluia.

Se se canta, faise do seguinte modo:



# LUNS DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Ex 13, 5. 9

O Señor levounos a un país que deita leite e mel, para que a súa lei estea sempre na vosa boca. Aleluia.

Ou:

O Señor resucitou de entre os mortos, como dixera. Teñamos festa e alegría, porque el reina para sempre. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti aumentas continuamente a túa Igrexa
dándolle novos fillos polo bautismo.
Concédelles practicar na vida
a fe que recibiron no sacramento.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta as ofrendas do teu pobo.
Fai que, renovados pola profesión da fe
e polo bautismo,
consigámo-la felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Rm 6, 9

Cristo, resucitado de entre os mortos, xa non morre máis, a morte xa non pode nada contra el. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, que a gracia do misterio pascual
medre con abundancia nos nosos corazóns.
Ti, que nos puxeches no camiño da salvación eterna,
fainos tamén dignos dos teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

# MARTES DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Cf. Sir 15, 3-4

Deulles a bebe-la auga da sabiduría. Fortaleceraos e protexeraos: estarán firmes para sempre. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti, que pola celebración dos misterios pascuais
lle deches ó teu pobo a salvación,
non deixes de o favorecer sempre coa túa gracia.
Fai que alcance a liberdade verdadeira
e que poida gozar no ceo a felicidade
que xa saborea agora na terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Col 3, 1-2

Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas do alto, onde Cristo está sentado á dereita de Deus: saboreade as cousas do alto. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
escoita as nosas oracións
e prepara os corazóns dos teus fillos.
Ti, que nos déche-la gracia do bautismo,
fai que merezámo-la felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# MÉRCORES DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Mt 25, 34

Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do reino preparado para vós desde a creación do mundo. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti alégrasnos tódolos anos
coa festa da resurrección do teu Fillo.
Pola túa bondade fai que a celebración destas festas
nos faga chegar á alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Acolle, Señor, esta ofrenda da nosa redención
e ó aceptala benignamente
realiza en nós a salvación
da alma e do corpo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Lc 24, 35

Os discípulos recoñeceron o Señor Xesús ó parti-lo pan. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación no sacramento do teu Fillo
nos libre da antiga vida de pecado
e nos transforme en homes novos.
Por Cristo, noso Señor.

# XOVES DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sab 10, 20-21

Todo o pobo celebrou a túa victoria, Señor. A sabiduría abriu a boca dos mudos e fixo fala-las linguas dos nenos. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti reuníche-los diversos pobos
na confesión unánime do teu nome.
Concédelles ós que renaceron polo bautismo
a gracia de viviren unidos
na confesión dunha mesma fe
e na práctica dun mesmo amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as nosas ofrendas.
Presentámoschas como acción de gracias
polos novos bautizados
e como petición da túa axuda salvadora.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — 1 Pe 2, 9

Sodes un pobo adquirido por Deus: pregoade as maravillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# VENRES DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sal 77, 53

O Señor liberou o seu pobo da escravitude e sepultou no mar os seus enemigos. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
no misterio da Pascua
ofrecíchesslles ós homes a alianza da reconciliación.
Fai que realicemos na vida
o misterio que celebramos na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, coa túa bondade realiza en nós
o misterio simbolizado neste intercambio dos dons pascuais.
Fai que o amor que temos ás cousas da terra
se transforme en desexo dos bens do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Cf. Xn 21, 12-13

Díxolles Xesús ós seus discípulos: «Vinde e comede.» Colleu o pan e déullelo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron salvados pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# SÁBADO DENTRO DA OITAVA DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sal 104, 43

O Señor liberou o seu pobo con alegría e con cantos de triunfo os seus elixidos. Aleluia.

Dise Gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
co teu amor xeneroso
auménta-lo número dos pobos que cren en ti.
Mira con bondade os teus escollidos
e reviste coa gracia da inmortalidade
os que renaceron polo sacramento do bautismo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Non se di o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Gál 3, 27

Os que fostes bautizados en Cristo, estades revestidos de Cristo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# II DOMINGO DA PASCUA

## Antífona de entrada — 1 Pe 2, 2

Coma nenos que acaban de nacer, ansiade o leite puro, o espiritual, para que con el medredes na salvación.

Ou: — 4 Esd 2, 36-37

Recibide a alegría da vosa gloria; dádelle gracias a Deus, que vos chamou ó reino celestial. Aleluia.

## Oración

Deus de eterna misericordia,
ti dáslle azos á fe do teu pobo
coa celebración anual das festas da Pascua.
Fai medrar en nós os dons da túa gracia,
para que comprendamos mellor
qué grandes son o bautismo que nos purificou,
o Espírito que nos fixo renacer e o sangue que nos redimiu.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ti renováchesnos pola confesión do teu nome
e pola gracia do teu bautismo.
Acolle as ofrendas que che presentamos
(xunto cos recén bautizados) e lévanos á benaventuranza eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual I: pero máis ca nunca neste día, p. 456.

Cando se usa o Canon romano, dinse En comunión e Acolle, Señor, propios.

## Antífona da comunión — Cf. Xn 20, 27

Trae a túa man e recoñece o lugar dos cravos; non sexas incrédulo, senón home de fe. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
concédenos que o sacramento pascual que acabamos de recibir
viva para sempre nos nosos corazóns.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — Rm 6, 9

Cristo, resucitado de entre os mortos, xa non morre máis; a morte xa non pode nada contra el. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti dásno-la gracia de podermos chamarche Pai.
Fai crecer en nós o espírito de fillos adoptivos,
para que cheguemos un día á herdanza
que nos prometiches.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 20, 19

Chegou Xesús e, de pé no medio dos discípulos, díxolles: «A paz sexa convosco.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 19, 7. 6

Alegrémonos e relouquemos e glorifiquemos a Deus, porque xa reina o Señor, noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso,
axúdanos a proclama-la victoria de Cristo resucitado,
para que o don que nel recibimos xa como anticipo,
o recibamos un día na claridade da gloria
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría de salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Lc 24, 46. 26

Era necesario que Cristo padecese e resucitase de entre os mortos, para así entrar na súa gloria. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 17, 50; 21, 23

Louvareite, Señor, entre tódolos pobos e anunciarei o teu nome ós meus irmáns. Aleluia.

## Oración

Señor, coa Pascua do teu Fillo
devolvícheslle ó home a súa dignidade orixinal
e décheslle a esperanza da resurrección.
Ó celebrarmos, coma cada ano, estas festas
pedímosche que nos axudes a vivir sempre no amor
os misterios que conmemoramos na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Xn 15, 16. 19

Di o Señor: «Eu escollinvos do mundo e púxenvos para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — Cf. Sal 67, 8-9. 20

Cando saías, Deus, ó frente do teu pobo, e avanzabas polo deserto, acampando entre eles, a terra tremeu e choveu auga do ceo. Aleluia.

## Oración

Deus de misericordia,
concédenos experimentar sempre na nosa vida
a gracia salvadora que celebramos
nestes sacramentos pascuais.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Mt 28, 20

Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 5, 9-10

Redimíchesnos, Señor, co teu sangue: xentes de toda raza, lingua, pobo e nación. E fixeches de nós un reino de sacerdotes para o noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
para nos librar do poder do enemigo
consentiches que o teu Fillo padecese por nós
o suplicio da cruz.
Concédelles a estes teus fillos
alcanza-la gracia da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección,
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Rm 4, 25

Cristo, noso Señor, foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron salvados pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Segunda semana da Pascua

## Antífona de entrada — 1 Pe 2, 9

Sodes un pobo adquirido por Deus: pregoade as maravillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti enviáche-lo teu Fillo
para redimirnos a facernos fillos teus.
Mira con amor de Pai
ós que cremos en Cristo:
dáno-la verdadeira liberdade e a herdanza eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 17, 24

Pai, os que me deches, quero que onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplen a gloria que ti me concediches. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

# III DOMINGO DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sal 65, 1-2

Aclama a Deus, terra enteira, canta a gloria do seu nome, réndelle o honor da louvanza. Aleluia.

## Oración

Señor, que se alegre sempre o teu pobo
ó verse renovado e rexuvenecido no espírito.
Fai que os que agora se alegran
por recobraren a dignidade de fillos
poidan agardar con esperanza segura
o día glorioso da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons
da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Ano A: — Lc 24, 35

Os discípulos recoñeceron o Señor Xesús ó parti-lo pan. Aleluia.

Ano B: — Lc 24, 46-47

Conviña que o Mesías padecese e que ó terceiro día resucitase de entre os mortos, e que se predicase no seu nome a conversión e o perdón dos pecados a tódalas xentes. Aleluia.

Ano C: — Cf. Xn 21, 12-13

Díxolles Xesús ós seus discípulos: «Vinde e comede.» Colleu o pan e déullelo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada

Resucitou o bo Pastor, que entregou a súa vida polas ovellas e quixo morrer polo seu rabaño. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
coa luz da túa verdade
guía-los que andan perdidos
para que podan volver ó bo camiño.
Concédelles a tódolos cristiáns
rechaza-lo que é contrario ó Evanxelio
e segui-lo que lle é conforme.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión Xn 14, 27

«Déixovo-la paz, dóuvo-la miña paz; non é unha paz como a que dá o mundo», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 19, 5; 12, 10

Louvade o noso Deus tódolos seus servidores, grandes e pequenos; chegou a salvación, o poder e o reinado de Cristo. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti ábreslle-la porta do teu reino
ós que no bautismo renaceron
pola auga e polo Espírito Santo.
Aumenta neles os dons da túa gracia,
para que, purificados dos seus pecados,
obteñan todo o que o teu amor nos prometeu.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Rm 6, 8

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con el. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 70, 8. 23

Énchase a miña boca coa túa louvanza, que te cante o día enteiro. Aclamarante con gozo os meus labios. Aleluia.

## Oración

Señor, escoita e atende a túa familia.
Concede que cantos recibimos xa a gracia da fe
participemos tamén na vida eterna
pola resurrección do teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Resucitou o Señor e iluminou os que rescatara co seu sangue. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ex 15, 1-2

Cantemos ó Señor: grande é a súa gloria. O Señor é a miña forza e alegría, el foi a miña salvación. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
neste tempo pascual
fixéchesnos coñecer máis plenamente
a grandeza do teu amor.
Fai que o acollamos con aberto corazón,
para que, libres de todo erro,
nos agarremos firmemente á túa verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — 2 Cor 5, 15

Cristo morreu por todos, para que os vivos xa non vivan para si mesmos, senón para el, que morreu e resucitou por eles. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 5, 12

Merecente é o Año, por estar degolado, de recibi-lo poder, a riqueza, a sabiduría, a forza, a honradía, a gloria e a bendición. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso,
ti fixéchesnos coñece-la gracia da resurrección do Señor.
Concédenos que o Espírito Santo
nos faga resucitar co seu amor a unha vida nova.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Cristo crucificado resucitou de entre os mortos e redimiunos. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Terceira semana da Pascua

## Antífona de entrada — Col 2, 12

Fostes sepultados con Cristo no bautismo e tamén resucitastes nel pola fe na forza de Deus, que o resucitou de entre os mortos. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
na fonte do bautismo ti renovaches ós que cren en ti.
Protexe a cantos renaceron en Cristo,
para que, vencendo as insidias do mal,
garden fielmente a gracia
coa que a túa bendición os enriquece.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 17, 20-21

«Pai, rógoche polos que cren en min: que todos sexan un, coma nós, para que o mundo crea que ti me enviaches», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron redimidos pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# IV DOMINGO DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sal 32, 5-6

A misericordia do Señor enche a terra. Pola súa palabra foi feito o ceo. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
lévanos á alegre asamblea do ceo.
Que o rabaño chegue,
malia a súa debilidade,
a onde polo seu poder
entrou xa o pastor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Resucitou o bo Pastor, que deu a vida polas súas ovellas e que quixo morrer pola súa grei. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, Pai e Pastor bo,
olla con bondade o rabaño
que redimiches co sangue do teu Fillo,
e leva as túas ovellas ós pastos eternos do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Rm 6, 9

Cristo, resucitado de entre os mortos, xa non morre máis; a morte xa non pode nada contra el. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
pola humilde obediencia do teu Fillo
levantáche-la humanidade caída.
Concédenos ós teus fieis
a santa alegría da Pascua,
para que, libres da escravitude do pecado,
poidamos participar na alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 20, 19

Chegou Xesús e, de pé no medio dos discípulos, díxolles: «A paz sexa convosco.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 19, 7. 6

Alegrémonos e relouquemos e glorifiquemos a Deus, porque xa reina o Señor, noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso,
nós celebrámo-los misterios da resurrección do Señor.
Concédenos que merezamos tamén
senti-la alegría de sabernos salvados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Lc 24, 46. 26

Era necesario que Cristo padecese e resucitase de entre os mortos, para así entrar na súa gloria. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 17, 50; 21, 23

Louvareite, Señor, entre tódolos pobos e anunciarei o teu nome ós meus irmáns. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la vida dos fieis,
a gloria dos humildes
e a felicidade dos xustos.
Atende con bondade a oración do teu pobo
e farta sempre coa abundancia dos teus dons
ós que esperamos con ansia
a xenerosidade das túas promesas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Xn 15, 16. 19

Di o Señor: «Eu escollinvos do mundo e púxenvos para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Cf. Sal 67, 8-9. 20

Cando saías, Deus, ó frente do teu pobo, e avanzabas polo deserto, acampando entre eles, a terra tremeu e choveu auga do ceo. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti restáura-la natureza humana,
dándolle unha dignidade aínda máis grande
da que tiña antes do pecado orixinal.
Polo admirable misterio do teu amor,
conserva sempre os dons da túa gracia e da túa bendición
naqueles que fixeches renacer co sacramento do bautismo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Mt 28, 20

Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 5, 9-10

Redimíchesnos, Señor, co teu sangue: xentes de toda raza, lingua, pobo e nación. E fixeches de nós un reino de sacerdotes para o noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la fonte da nosa liberdade e da nosa salvación.
Escoita as súplicas do pobo
que redimiches polo sangue do teu Fillo:
fai que por ti teñamos vida
e que en ti gocemos da felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Rm 4, 25

Cristo, noso Señor, foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron salvados pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Cuarta semana da Pascua

## Antífona de entrada — 1 Pe 2, 9

Sodes un pobo adquirido por Deus: pregoade as maravillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
concédenos vivir cada día con maior plenitude
o misterio pascual.
Ti, que nos chamaches a unha nova vida no bautismo,
fai que coa túa axuda a nosa vida sexa fecunda
e poidamos alcanza-la felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 17, 24

Pai, os que me deches, quero que onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplen a gloria que ti me concediches. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

# V DOMINGO DA PASCUA

## Antífona de entrada — Sal 97, 1-2

Cantádelle ó Señor un cántico novo, pois el fixo maravillas; revelou a súa xustiCia diante dos pobos. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti enviáche-lo teu Fillo
para redimirnos e facernos fillos teus.
Mira con amor de Pai
ós que cremos en Cristo:
dáno-la verdadeira liberdade
e a herdanza eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 15, 1. 5

«Eu son a cepa verdadeira e vós sóde-las vides, di o Señor. Quen permanece en min e eu nel, ese dá froito abondo.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada

Resucitou o bo Pastor, que entregou a súa vida polas ovellas e quixo morrer polo seu rabaño. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti úne-los corazóns dos teus fieis nun mesmo querer:
concédelle ó teu pobo ama-lo que lle mandas,
e desexa-lo que lle prometes.
Fai que no medio dos cambios deste mundo
poñamos sempre os nosos corazóns
alí onde está a verdadeira alegría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 14, 27

«Déixovo-la paz, dóuvo-la miña paz; non é unha paz como a que dá o mundo», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 19, 5; 12, 10

Louvade o noso Deus tódolos seus servidores, grandes e pequenos; chegou a salvación, o poder e o reinado de Cristo. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
pola resurrección de Cristo
renóvasnos para a vida eterna.
Concédelle ó teu pobo
ser constante na fe e na esperanza,
para que nunca dubidemos de que se cumprirán en nós
as promesas que nos fixeches.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Rm 6, 8

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con el. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 70, 8. 23

Énchase a miña boca coa túa louvanza, que te cante o día enteiro. Aclamarante con gozo os meus labios. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti áma-la inocencia e devólvela cando se perde.
Atrae cara a ti os corazóns dos teus fillos
e fai que non se aparten da luz da túa verdade
aqueles que liberaches das tebras da incredulidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Resucitou o Señor e iluminou os que rescatara co seu sangue. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ex 15, 1-2

Cantemos ó Señor: grande é a súa gloria. O Señor é a miña forza e alegría, el foi a miña salvación. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai, coa túa gracia,
de pecadores fasnos xustos
e de desgraciados, felices.
Coa túa axuda e por estes dons
dálle-la coraxe da perseverancia
ós que xustificaches pola fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — 2 Cor 5, 15

Cristo morreu por todos, para que os vivos xa non vivan para si mesmos, senón para el, que morreu e resucitou por eles. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 5, 12

Merecente é o Año, por estar degolado, de recibi-lo poder, a riqueza, a sabiduría, a forza, a honradía, a gloria e a bendición. Aleluia.

## Oración

Señor, concédenos adapta-las nosas vidas
ó misterio pascual que celebramos con alegría.
Que este misterio nos protexa sempre coa súa forza
e nos leve á salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión

Cristo crucificado resucitou de entre os mortos e redimiunos. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Quinta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Col 2, 12

Fostes sepultados con Cristo no bautismo e tamén resucitastes nel pola fe na forza de Deus, que o resucitou de entre os mortos. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
polo novo nacemento do bautismo
fixéchesnos participar na túa mesma vida.
Ti, que nos xustificaches coa túa gracia,
facéndonos capaces da vida eterna,
concédenos chegar coa túa axuda
á plenitude da gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 17, 20-21

«Pai, rógoche polos que cren en min: que todos sexan un, coma nós, para que o mundo crea que ti me enviaches», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron redimidos pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# VI DOMINGO DA PASCUA

## Antífona de entrada — Cf. Is 48, 20

Anunciádeo con voz de xúbilo, que se oia ata os confíns do mundo: o Señor liberou o seu pobo. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso,
axúdanos a seguir celebrando con fervor
estes días de alegría en honor do Señor resucitado.
Que practiquemos nas obras
o que celebramos na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 14, 15-16

Se me amades, gardade os meus mandamentos. Eu rogareille ó Pai, e daravos outro Defensor para que decote estea convosco. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Sexta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Rm 6, 9

Cristo, resucitado de entre os mortos, xa non morre máis; a morte xa non pode nada contra el. Aleluia.

## Oración

Deus de misericordia,
concédenos experimentar en toda a nosa vida
o froito do misterio pascual que agora celebramos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa en festa.
Ti, que na Pascua lle déche-lo motivo de tan grande gozo,
concédelle tamén alcanza-lo seu froito na alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Xn 20, 19

Chegou Xesús e, de pé no medio dos discípulos, díxolles: «A paz sexa convosco.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade o teu pobo.
Ti, que o renovaches con estes misterios pascuais,
faino chegar á gloria incorruptible da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Sexta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 19, 7. 6

Alegrémonos e relouquemos e glorifiquemos a Deus, porque xa reina o Señor, noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti renóva-lo teu pobo
coa alegría dunha nova xuventude.
Concédenos agardar con esperanza segura e alegre
o día da resurrección,
ti que nos devolviches xa
a gloria de sérmo-los teus fillos adoptivos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que a celebración destes misterios pascuais
nos encha sempre de alegría.
Que este sacrificio,
no que se renova continuamente a nosa redención,
nos leve tamén á alegría da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Lc 24, 46. 26

Era necesario que Cristo padecese e resucitase de entre os mortos, para así entrar na súa gloria. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, escoita as nosas oracións.
Fai que a participación neste misterio sagrado da nosa redención
nos axude na vida presente
e nos consiga as alegrías eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Sexta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 17, 50; 21, 23

Louvareite, Señor, entre tódolos pobos e anunciarei o teu nome ós meus irmáns. Aleluia.

## Oración

Señor, nós celebrámo-la festa
da resurrección do teu Fillo.
Fai que poidamos tamén alegrarnos,
xunto con tódolos santos,
cando el volva na súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
por este santo intercambio de dons
fasnos participar na túa mesma vida divina.
Ti, que nos manifestáche-la túa verdade,
axúdanos a realizala nas nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Cf. Xn 15, 16. 19

Di o Señor: «Eu escollinvos do mundo e púxenvos para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Sexta semana da Pascua

Onde a solemnidade da Ascensión non é festa de precepto, trasládase ó Domingo VII da Pascua, p. 355. Nese caso, este xoves celébrase a misa seguinte:

## Antífona de entrada — Cf. Sal 67, 8-9. 20

Cando saías, Deus, ó frente do teu pobo, e avanzabas polo deserto, acampando entre eles, a terra tremeu e choveu auga do ceo. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches que o teu pobo
participe no misterio da redención.
Concédenos tamén que cheguemos a gozar eternamente
da resurrección do Señor.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, suban onda ti
as nosas oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, purificados pola túa gracia,
sexamos máis dignos de participar
nos teus sacramentos de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual, pp. 456-460.

## Antífona da comunión — Mt 28, 20

Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
na resurrección de Cristo
fasnos renacer á vida eterna.
Acrecenta en nós o froito do sacramento pascual
e fortalece o noso espírito con este alimento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Sexta semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 5, 9-10

Redimíchesnos, Señor, co teu sangue: xentes de toda raza, lingua, pobo e nación. E fixeches de nós un reino de sacerdotes para o noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
na resurrección de Cristo
renóvasnos para a vida eterna.
Levanta os nosos corazóns cara ó Salvador,
sentado á túa dereita,
para que cantos fixeches renacer polo bautismo
sexamos revestidos coa gloria da inmortalidade
cando el volva na súa maxestade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Onde a Ascensión se celebra no domingo seguinte, dise:

Señor, escoita as nosas súplicas.
Que a salvación prometida na glorificación do teu Fillo
se cumpra en todas partes pola predicación do evanxelio;
e que a santidade anunciada por el, que é a verdade,
faga aumenta-la comunidade dos teus fillos adoptivos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas da túa familia.
Gárdanos baixo a túa protección
para que non perdámo-los bens que nos deches
e poidamos un día alcanza-los eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Rm 4, 25

Cristo, noso Señor, foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, garda sempre con amor
os que salvaches polo teu Fillo.
Que se alegren coa súa resurrección
os que foron salvados pola súa paixón.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Sexta semana da Pascua

## Antífona de entrada — 1 Pe 2, 9

Sodes un pobo adquirido por Deus: pregoade as maravillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
antes de subir ó ceo
o teu Fillo prometéulle-lo Espírito Santo ós apóstolos.
Eles recibiron o don de linguas
e o coñecemento dos teus misterios:
concédenos tamén a nós os dons do teu Espírito.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Onde a Ascensión se celebra no domingo seguinte, dise:

Señor, dispón sempre o noso corazón
á práctica das boas obras.
Axúdanos a buscar sempre o mellor,
para que tratemos de participar
na realidade eterna do misterio pascual.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 17, 24

Pai, os que me deches, quero que onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplen a gloria que ti me concediches. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

VII Domingo da Pascua

# ASCENSIÓN DO SEÑOR

Solemnidade

## Antífona de entrada — Feit 1, 11

Galileos, ¿que facedes ollando para o ceo? Do mesmo xeito que o vistes subir ó ceo, así ha vir. Aleluia.

## Oración

Deus todopoderoso,
fainos exultar con santa alegría e con filial acción de gracias
nesta festa da Ascensión de Cristo, teu Fillo,
na que tamén nós somos elevados onda ti;
e á gloria a onde se adiantou xa el como cabeza nosa,
tamén estamos chamados nós como membros do seu corpo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche humildemente este sacrificio
na admirable ascensión do teu Fillo.
Fai que este santo intercambio de dons
nos resucite con el á gloria do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Ascensión, pp. 461-462.
Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Mt 28, 20

Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
ti concédesnos vivir xa as realidades do ceo
mentres estamos aínda na terra.
Fai que os nosos corazóns aspiren a vivir na patria eterna,
onde Cristo introduciu a nosa humanidade.
Por Cristo, noso Señor.

Onde a festa da Ascensión non é de precepto, trasládase ó VII Domingo da Pascua, coma ó seu día propio.

# VII DOMINGO DA PASCUA

Se a solemnidade da Ascensión do Señor se celebrou o xoves da Sexta semana da Pascua, no VII domingo dise a misa seguinte:

## Antífona de entrada — Sal 26, 7-9

Escoita, Señor, a miña voz que te chama. Por ti dime o corazón: buscade a miña presencia. A túa presencia busco eu, Señor: non apárte-lo teu rostro de min. Aleluia.

## Oración

Señor, atende con bondade as nosas súplicas.
Nós cremos que o Salvador do xénero humano
está contigo na túa gloria.
Fai que, conforme á súa promesa,
sintamos no medio de nós a súa presencia
deica a fin dos tempos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe as nosas ofrendas e oracións.
Fai que esta liturxia celebrada con devoción
nos faga chegar á gloria do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 17, 22

Pai, pídoche que sexan un, como nós somos un. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Salvador,
escoita a nosa oración.
Fai que a participación nestes santos misterios
nos dea a segura confianza
de que todo o corpo da Igrexa
se unirá a Cristo, súa cabeza,
que o precedeu na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

# Luns da Sétima semana da Pascua

## Antífona de entrada — Feit 1, 8

Recibiréde-la forza do Espírito Santo, que virá sobre vós, e seréde-las miñas testemuñas ata os confíns da terra. Aleluia.

## Oración

Señor, pedímosche que veña sobre nós
a forza do Espírito Santo.
Que poidamos cumprir fielmente a túa vontade
e a manifestemos cunha vida santa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que este sacrificio santo
nos purifique dos nosos pecados
e infunda nos nosos corazóns
o vigor da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 14, 18; 16, 22

«Non vos deixarei orfos, di o Señor: volverei a vós, e alegrarase o voso corazón.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o iluminaches con estes santos misterios,
faino abandona-la súa antiga vida de pecado
e entrar na vida nova da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# Martes da Sétima semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 1, 17-18

Eu son o primeiro e o último, o que vive; estiven morto, pero olla que estou vivo por sempre eternamente. Aleluia.

## Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
envíano-lo Espírito Santo,
que habite nos nosos corazóns
e nos transforme en templos da súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe as nosas ofrendas e oracións.
Fai que esta liturxia celebrada con devoción
nos faga chegar á gloria do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 14, 26

«O Espírito Santo, que meu Pai enviará no meu nome, havos ensinar todo e traeravos á lembranza canto eu vos dixen», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado
do Corpo e do Sangue de Cristo.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que el nos mandou celebrar na súa memoria,
sirva para aumenta-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

# Mércores da Sétima semana da Pascua

## Antífona de entrada — Sal 46, 2

Palmexade, pobos todos; aclamade a Deus con cancións. Aleluia.

## Oración

Deus de misericordia,
ti congréga-la túa Igrexa polo Espírito Santo.
Fai que se entregue de todo corazón ó teu servicio
e viva unida no cumprimento da túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe o sacrificio
que ti mesmo nos mandaches ofrecerche.
Por este misterio que celebramos como servicio á túa gloria
realiza en nós
a obra da túa santificación e redención.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 15, 26-27

«Cando veña o Defensor que eu vos hei enviar, o Espírito da verdade que vén do Pai, dará testemuño de min e tamén vós daredes testemuño», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación neste sacramento
nos dea gracia sobre gracia.
Que a súa forza nos purifique
e nos faga cada día máis aptos
para recibírmo-los teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

# Xoves da Sétima semana da Pascua

## Antífona de entrada — Heb 4, 16

Acheguémonos con liberdade ó trono da gracia para conseguirmos misericordia e atoparmos gracia para unha axuda ó seu debido tempo. Aleluia.

## Oración

Señor, que o teu Espírito
nos encha co poder dos seus dons.
Que nos dea un corazón que che sexa agradable
e nos faga vivir conforme á túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, na túa bondade santifica estes dons,
símbolo da nosa ofrenda espiritual.
Fai que nós mesmos sexamos ante ti
unha ofrenda perenne.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 16, 7

«Eu dígovo-la verdade: convenvos que eu me vaia; pois se eu non me vou, non virá a vós o Defensor», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir este sacramento.
Que como palabra nos ilumine
e como alimento nos fortaleza,
para que poidamos alcanza-los dons do teu Espírito.
Por Cristo, noso Señor.

# Venres da Sétima semana da Pascua

## Antífona de entrada — Ap 1, 5-6

Cristo amounos e lavounos dos nosos pecados co seu sangue, e converteunos nun reino, en sacerdotes para o seu Deus e Pai. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
pola glorificación de Cristo e a iluminación do Espírito Santo
abríchesno-la porta do ceo.
Fai que a participación neste don tan grande
aumente a nosa fe e nos faga progresar no teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bondade as ofrendas do teu pobo.
Que o Espírito Santo veña a nós
e purifique os nosos corazóns,
para que as poidamos ofrecer máis dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

## Antífona da comunión — Xn 16, 13

«Cando veña o Espírito da verdade havos encamiñar á verdade plena», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti aliméntasnos e purifícasnos cos teus misterios.
Fai que a participación na mesa á que ti nos invitas,
nos alcance a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# Sábado da Sétima semana da Pascua

## Misa da mañá

### Antífona de entrada — Feit 1, 14

Os discípulos adicábanse constantemente á oración, coas mulleres e con María, a Nai de Xesús, e cos seus irmáns. Aleluia.

### Oración

Deus todopoderoso,
acabamos de celebra-las festas da Pascua.
Que a túa gracia nos axude
a realiza-lo seu misterio
nas nosas obras e na nosa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que o Espírito Santo veña ós nosos corazóns
e nos prepare a participar nos teus sacramentos,
pois el é o perdón de tódolos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio pascual ou da Ascensión, pp. 456-463.

### Antífona da comunión — Xn 16, 14

«O Espírito Santo hame glorificar, pois recibirá do meu e anunciarávolo», di o Señor. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, escoita con bondade as nosas súplicas.
Ti, que nos fixeches pasar dos signos da antiga alianza
ós sacramentos da nova,
axúdanos a deixa-la antiga vida de pecado
e a vivirmos unha nova vida de santidade.
Por Cristo, noso Señor.



# PENTECOSTÉS

PENTECOSTÉS

*Medallón do altar da Nosa Señora do Rosario. Igrexa de San Domingos, Tui (s. XVIII).*

A culminación da Pascua: Cristo ascende ó ceo e manda o Espírito que lle da vida á Igrexa. "O Amor de Deus vértese nos nosos corazóns" (Rom. 5, 5).

# DOMINGO DE PENTECOSTÉS

## Misa da Vixilia

Esta misa dise na tarde do sábado, antes ou despois das primeiras Vésperas do domingo de Pentecostés.

### Antífona de entrada — Rm 5, 5; 10, 11

O amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o seu Espírito, que habita en nós. Aleluia.

Dise Gloria.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti quixeches que o misterio pascual
se completase en cincuenta días.
Fai que o don do teu Espírito
congregue as nacións dispersas,
facendo que as diversas linguas
se unan na confesión do teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus todopoderoso,
fai que o esplendor da túa gloria brille sobre nós
e que a luz da túa luz confirme cos dons do Espírito Santo
os que naceron de novo pola túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica coa bendición do teu Espírito
estes dons que che presentamos.
Que eles aumenten o amor na túa Igrexa,
para que sexa ante o mundo
un signo visible do misterio da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de Pentecostés, como na misa seguinte, p. 367.

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Xn 7, 37

O derradeiro día da festa, Xesús púxose de pé e gritou: «Se algún ten sede, que veña onda min e beba.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, sírvannos de proveito
estes dons que acabamos de recibir.
Fai que nos encha co seu fervor aquel mesmo Espírito
que de modo maravilloso fixeches baixar sobre os apóstolos.
Por Cristo, noso Señor.

## Misa do día

### Antífona de entrada — Sab 1, 7

O Espírito do Señor encheu o universo: el, que todo o abrangue, coñece tódalas linguas. Aleluia.

Ou: — Rm 5, 5; 10, 11

O amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o seu Espírito, que habita en nós. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
no misterio desta festa de Pentecostés
santifíca-lo enteiro corpo da túa Igrexa
no medio de tódolos pobos e nacións.
Extende os dons do teu Espírito Santo
dun confín ó outro do mundo
e realiza tamén hoxe nos corazóns dos teus fieis
o milagre que o teu amor operou
nos comezos mesmos da predicación evanxélica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, realiza a promesa do teu Fillo:
que o Espírito Santo
nos faga penetrar máis fondamente no misterio deste sacrificio
e nos leve ó coñecemento da verdade plena.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

#### O MISTERIO DE PENTECOSTÉS

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti hoxe levaches á súa plenitude o misterio pascual,
enviando o Espírito Santo
sobre aqueles que adoptaras xa coma fillos
pola unión co teu único Fillo.
Aquel mesmo Espírito que desde o comezo da Igrexa
te deu a coñecer a tódolos pobos
e xuntou as diversas linguas
na confesión dunha mesma fe.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio.

## Antífona da comunión — Feit 2, 4. 11

Todos quedaron cheos do Espírito Santo e proclamaban as grandezas de Deus. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti concédeslle á túa Igrexa os dons do ceo.
Conserva nela a gracia que lle deches,
para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza;
e fai que esta Eucaristía
aumente en nós os froitos da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Para despedi-lo pobo, o diácono ou o mesmo sacerdote di:

Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe, aleluia, aleluia.

R. Deámoslle gracias a Deus, aleluia, aleluia.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:




---

Acabado o tempo pascual, apágase o cirio. Sería recomendable gardalo nun posto de honor dentro do bautisterio. Nel acenderanse as velas dos bautizados na celebración do bautismo.

Cando o luns ou aínda o martes despois de Pentecostés son días nos que os fieis deben ou acostuman asistir á misa, pódese retoma-la misa do domingo de Pentecostés, ou dici-la misa votiva do Espírito Santo, pp. 1002ss.

O xoves despois de Pentecostés celébrase en España a festa de Xesucristo, sumo e eterno Sacerdote. O formulario da misa atópase entre as misas votivas (núm. 6 bis, p.1000).

# TEMPO ORDINARIO

O tempo ordinario ou tempo «per annum» comprende 33 ou 34 semanas. Empeza o luns que segue ó domingo que cae despois do 6 de xaneiro e dura ata o comezo da Coresma; volve a empezar de novo o luns despois do domingo de Pentecostés e acaba o sábado antes do domingo primeiro do Advento.

O Misal presenta, xa que logo, 34 misas para os domingos e ferias deste tempo. Úsanse do modo seguinte:

*a*) Os domingos tómase ordinariamente a misa que corresponde ó número do domingo «per annum», a non ser que toque unha solemnidade ou festa que sustitúa ó domingo.

*b*) Nas ferias pódese dicir calquera das 34 misas, atendendo á utilidade pastoral dos fieis.

O modo de computa-los domingos e semanas «per annum» é o seguinte:

*a*) O domingo no que se celebra a festa do Bautismo do Señor corresponde ó primeiro domingo do tempo ordinario; e a semana que segue compútase como a primeira do tempo ordinario. Os demais domingos e semanas seguen en orde progresiva ata o comezo da Coresma.

*b*) Despois de Pentecostés, se as semanas do tempo ordinario son 34, volve a tomarse a serie desde a semana que segue inmediatamente á última celebrada antes da Coresma; con todo, hai que ter en conta que a misa do domingo de Pentecostés e a festa da Sma. Trinidade sustitúen ás misas dominicais. Se as semanas do tempo ordinario son 33, omítese a primeira semana, que habería que tomar despois de Pentecostés.

Os domingos dise Gloria e Credo; nas ferias omítense.

En canto ó prefacio dise o dos domingos do tempo ordinario, pp. 464-473; nas ferias dise un dos prefacios comúns, pp. 497-505.

Para a comunión póñense dúas antífonas: a primeira tomada dos salmos; a segunda tomada ordinariamente do evanxelio. Pódese escoller unha ou outra, conforme conveña; con todo, ha de preferirse aquela que coincida máis co evanxelio.

DOMINGOS E FERIAS

# SEMANA I DO TEMPO ORDINARIO

O primeiro domingo do tempo ordinario é sustituído pola festa do Bautismo do Señor, p. 174.

## Antífona de entrada

Vin un home sobre un trono altísimo. Adorábao unha moitedume de anxos, que cantaban a unha soa voz: «Este é o que reina para sempre.»

## Oración

Señor, na túa bondade paternal
acolle as súplicas e desexos do teu pobo.
Axúdanos a coñece-la túa vontade
e dános forza para a cumprirmos fielmente.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con agrado
a ofrenda do teu pobo.
Que ela nos axude a vivir santamente
e torne eficaz a nosa oración.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Sal 35, 10

Señor, en ti está a fonte da vida e a túa luz fai que vexamos nós a luz.

Ou:

Xn 10, 10

«Eu vin para que teñan vida, e a teñan abondo,» di o Señor.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ti renóva-la nosa vida cos teus sacramentos.
Rogámosche que nos concedas tamén
poderte servir dignamente cunha vida santa.
Por Cristo, noso Señor.

# II DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 65, 4

Próstrese ante ti toda a terra e cante salmos ó teu nome, Altísimo.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti gobérna-lo ceo e maila terra.
Escoita con bondade as súplicas do teu pobo
e concédeno-la paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédeno-la gracia
de celebrarmos dignamente estes santos misterios,
porque, cada vez que celebramos
este memorial do sacrificio do Señor,
realízase a obra da nosa redención.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 22, 5

Ti pós para min a mesa e a miña copa está chea.

Ou: — 1 Xn 4, 16

Nós xa o coñecemos e puxémo-la nosa fe neste amor: o amor que Deus mantén vivo entre nós.

## Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co pan da vida.
Énchenos agora co teu Espírito
e únenos na paz e no amor.
Por Cristo, noso Señor.

# III DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 95, 1. 6

Cantádelle ó Señor un canto novo, cántalle ó Señor, terra enteira. Na súa presencia, gloria e maxestade; no seu santuario, forza e fermosura.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
dirixe a nosa vida conforme á túa vontade,
para que, no nome do teu Fillo benquerido,
poidamos dar froito abundante de boas obras.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as nosas ofrendas,
santifícaas co teu Espírito
e fai que sirvan para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 33, 6

Ollade para el e refulxide, que se alegren as vosas caras.

Ou: — Xn 8, 12

«Eu son a luz do mundo, di o Señor; quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida.»

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ti alimentáchesnos co pan da vida.
Fai que sintamos sempre a alegría
de participar nos teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

# IV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 105, 47

Sálvanos, Señor, noso Deus, axúntanos de entre as xentes. Louvarémo-lo teu santo nome, a túa louvanza será a nosa satisfacción.

## Oración

Señor, noso Deus,
concédenos adorarte de todo corazón
e amar a tódolos homes con amor verdadeiro.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, nesta Eucaristía
traemos ó teu altar as nosas ofrendas.
Acólleas con bondade
e transfórmaas en sacramento da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 30, 17-18

Fai brilla-lo teu rostro sobre o teu servo, sálvame pola túa misericordia: Señor, que non me avergoñe de te invocar.

Ou: — Mt 5, 3-4

Felices os que teñen espírito de pobre, porque deles é o reino do ceo. Felices os non agresivos, porque eles herdarán a terra.

## Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co sacramento da nosa redención.
Fai que nos axude para a salvación
e nos faga progresar na fe verdadeira.
Por Cristo, noso Señor.

# V DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 94, 6-7

Vinde, adorémolo prostrados, axionllémonos ante o Señor que nos creou: el é o noso Deus.

## Oración

Señor, garda con amor de Pai a túa familia.
Na túa gracia está toda a nosa esperanza:
gárdanos sempre coa túa protección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, noso Deus,
ti creáche-lo pan e mailo viño
para alimenta-la nosa vida na terra.
Fai que se transformen tamén para nós
en sacramento da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 106, 8-9

Déanlle gracias ó Señor pola súa misericordia, polos seus prodixios en favor dos homes. El sacia os sedentos e farta de bens os famentos.

Ou: — Mt 5, 5-6

Felices os que choran, porque eles serán consolados. Felices os famentos e sedentos de xusticia, porque eles ficarán fartos.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti fixeches que compartísemos
un mesmo pan e un mesmo cáliz.
Fai que vivamos unidos en Cristo, coma nun só corpo,
e teñámo-la alegría de producirmos froitos
para a salvación do mundo.
Por Cristo, noso Señor.

# VI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 30, 3-4

Sé a rocha do meu refuxio, o castelo forte onde me salve. Ti e-la miña rocha e o meu castro.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti prometiches estar presente naqueles
que te aman con corazón recto e sincero.
Fai que a túa gracia nos axude a vivir de tal modo
que merezamos se-la túa morada.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta oblación
nos purifique e nos renove.
Que nos axude a cumpri-la túa vontade
e nos leve á vida eterna
que ti nos prometiches.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 77, 29-30

Comeron ata se fartaren, o Señor cumpríulle-los seus degoros: non quedou defraudado o seu desexo.

Ou: — Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña a vida eterna.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos co pan do ceo.
Concédeno-la gracia de buscar sempre aquelas realidades
que nos dan a verdadeira vida.
Por Cristo, noso Señor.

# VII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 12, 6

Eu confío no teu amor e o meu corazón relouca coa túa axuda. Cantareille ó Señor polo ben con que me premia.

## Oración

Deus todopoderoso,
axúdanos a meditar sempre
a verdade que ti nos revelaches.
Fai que practiquemos de palabra e de obra
o que é do teu agrado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, celebramos con respeto e devoción
os teus santos misterios.
Que estes dons que ofrecemos para a túa gloria
sirvan para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 9, 2-3

Douche as gracias, Señor, de todo corazón, proclamo as túas maravillas. Alégrome, relouco contigo e canto o teu nome, Altísimo.

Ou: — Xn 11, 27

Si, Señor: eu creo que ti es Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ó mundo.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
neste sacramento dásnos un signo e garantía da nosa salvación.
Fai que a súa celebración
nos faga recibir xa agora os seus froitos.
Por Cristo, noso Señor.

# VIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 17, 19-20

O Señor é o meu arrimo: sácame a campo aberto e sálvame, porque me ama.

## Oración

Señor, fai que os acontecementos do mundo
decorran para nós conforme ós teus designios de paz
e que a Igrexa poida dedicarse ó teu servicio
con tranquilidade e alegría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti dásno-lo mérito das nosas ofrendas,
aínda que de ti nos vén
aquilo mesmo que che ofrecemos.
A túa bondade que nos dá eses dons
faga que nos alcancen o premio da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 12, 6

Cantareille ó Señor polo ben con que me premia. Cantarei salmos ó teu nome, Altísimo.

Ou: — Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos con este alimento de salvación.
Este sacramento que nos alimenta no tempo
nos faga tamén, pola túa misericordia,
participar na vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# IX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 24, 16. 18

Vólvete cara a min e tenme compaixón, pois estou só e aflixido. Olla a miña aflicción e os meus traballos, e perdoa os meus erros, meu Deus.

## Oración

Deus, noso Pai,
a túa providencia non falla nunca nos seus designios.
Suplicámosche humildemente
que nos libres de tódolos males
e nos deas todo o que nos poida axudar.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, confiando no teu amor,
traemos ó teu altar as nosas ofrendas.
Que a túa gracia nos purifique,
para que esta Eucaristía que celebramos
nos libre dos nosos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 16, 6

Eu chámote, Deus, porque ti me respondes; pon o oído cara a min e escoita a miña voz.

Ou: — Mc 11, 23-24

«Con toda verdade volo aseguro; canto pidades na oración, crede que o conseguiredes», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, guíanos co teu Espírito,
ti que nos alimentas
co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Fai que te confesemos non só de palabra e de lingua,
senón de obra e verdade,
para que así poidamos entrar no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# X DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 26, 1-2

O Señor é a miña luz e salvación, ¿a quen hei de temer? O Señor é o meu castelo, ¿ante quen hei de tremar? Os enemigos que me fan mal, eles son quen esvaran e caen.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la fonte de todo ben.
Ensínanos coa túa inspiración
a pensa-lo que é recto
e axúdanos coa túa providencia
a poñelo en práctica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade a nosa ofrenda.
Que che sexa agradable a ti
e faga medra-lo noso amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 17, 3

Señor, fortaleza miña, meu castro, meu refuxio. Meu Deus, penedo onde me acollo.

Ou: — 1 Xn 4, 16

Deus é amor e quen permanece no amor, permanece en Deus, e Deus permanece nel.

## Oración despois da comunión

Señor, que a túa forza sandadora
nos libre das nosas maldades
e nos guíe polo camiño do ben.
Por Cristo, noso Señor.

# XI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 26, 7. 9

Escoita, Señor, a miña voz que te chama. Ti e-la miña axuda; non me deixes, non me abandones, Deus, meu salvador.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la fortaleza dos que esperan en ti.
Atende con bondade as nosas súplicas
e dáno-lo auxilio da túa gracia,
pois sen ti nada pode a fraqueza humana.
Así, fieis ós teus mandamentos,
poderemos agradarche de intención e de obra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
mediante esta ofrenda axudas ó home enteiro:
dáslle a comida que alimenta o seu corpo
e o sacramento que renova o seu espírito.
Fai que non nos falte nunca esta axuda
para o noso corpo e o noso espírito.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 26, 4

Unha cousa lle pido ó Señor, unha cousa procuro: habitar na casa do Señor, tódolos días da miña vida.

Ou: — Xn 17, 11

«Pai santo, custodia no teu nome os que ti me entregaches, para que sexan un coma nós», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, esta santa comunión que acabamos de recibir
significa e realiza a unidade dos fieis en ti.
Fai que realice tamén a unidade da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

# XII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 27, 8-9

O Señor é a forza do seu pobo e o castro de salvación do seu unxido. Salva, Señor, o teu pobo, bendice a túa herdade, sé o noso pastor para sempre.

## Oración

Señor, a túa providencia
non abandona nunca
os que fundaches sobre a rocha firme da túa caridade.
Concédenos vivir sempre
na veneración e no amor do teu santo nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta este sacrificio
de reconciliación e louvanza.
Que a súa forza nos purifique
para que che agrademos
cunha vida fundada no amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 144, 15

Todos poñen en ti os seus ollos, Señor: e ti dáslle-lo sustento ó seu tempo.

Ou: — Xn 10, 11. 15

«Eu son o bo Pastor e dou a miña vida polas ovellas», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti renóvasnos pola comunión
do Corpo e do Sangue do teu Fillo.
Na túa misericordia, concédenos
que a participación na Eucaristía
nos asegure a salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# XIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada

Sal 46, 2

Palmexade, pobos todos, aclamade a Deus con cancións.

## Oración

Deus, noso Pai,
co teu Espírito de adopción
fixéchesnos fillos da luz.
Non permitas que o erro nos envolva nas tebras,
senón que permanezamos sempre iluminados
polo resplandor da túa verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti actúas con eficacia a través dos teus sacramentos.
Fai que a nosa vida sexa digna
desta Eucaristía que celebramos.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Sal 102, 1

Alma miña, bendice o Señor e todo o meu ser, o seu santo nome.

Ou:

Xn 17, 20-21

Pai, rógoche polos que cren en min: que todos sexan un, coma nós, para que o mundo crea que ti me enviaches.

## Oración despois da comunión

Señor, esta Eucaristía
que acabamos de ofrecer e de recibir
renove a nosa vida.
Fai que, unidos sempre a ti polo amor,
deamos froitos de vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# XIV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 47, 10-11

Nós festexamos, Deus, o teu amor dentro do teu santuario. Coma o teu nome, Deus, así a túa louvanza chega ós confíns da terra. A túa dereita está chea de xusticia.

## Oración

Deus, noso Pai,
pola humilde obediencia do teu Fillo
levantáche-lo caído no pecado.
Concédelles ós teus fieis a túa santa alegría:
ti, que nos libraches da escravitude do pecado,
lévanos a gozar da felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, esta ofrenda que consagramos ó teu nome
sirva para a nosa purificación.
Que, día tras día, nos encamiñe
á vida eterna do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 33, 9

Gustade e vede que bo é o Señor: feliz quen a el se acolle.

Ou: — Mt 11, 28

«Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti sáciasnos
co don maravilloso da Eucaristía.
Fai que sirva para a nosa salvación
e que non deixemos nunca de proclama-la túa louvanza.
Por Cristo, noso Señor.

# XV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 16, 15

Mais eu verei con felicidade a túa presencia, ó despertar terei fartura coa túa vista.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti móstraslles ós que andan perdidos
a luz da túa verdade,
para que poidan volver ó bo camiño.
A tódolos que se profesan cristiáns
concédelles rexeita-lo que é indigno deste nome
e buscar todo o que lle é conforme.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta os dons da túa Igrexa en oración:
transfórmaos en alimentos de salvación
para os fieis que os van recibir.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 83, 4-5

Mesmo o paxaro atopa casa e a anduriña un niño onde pó-los seus filliños, preto dos teus altares, meu Rei e meu Deus. Felices os que habitan na túa casa e decote che cantan louvanzas.

Ou: — Xn 6, 57

«Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min, e eu nel», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos cos teus dons.
Pola participación neste sacramento
fai medrar en nós a obra da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# XVI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 53, 6. 8

Deus é a miña axuda, o Señor é quen sostén a miña vida. Eu ofrecereiche gustoso sacrificios, louvareite, Señor, porque es bo.

## Oración

Señor, ten compaixón dos teus fieis
e éncheos cos dons da túa gracia.
Aviva neles a fe, a esperanza e a caridade,
para que garden sempre con fidelidade
os teus mandamentos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
no sacrificio único e perfecto de Cristo
levaches á consumación os diversos sacrificios da antiga alianza.
Acolle este sacrificio que che ofrecemos con devoción,
igual que un día bendicíche-los presentes de Abel:
sirva para a salvación de todos
o que cada un de nós presenta no teu honor.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 110, 4-5

Fai prodixios memorables. O Señor é misericordioso e compasivo: dá mantenza ós que o temen e recorda por sempre o seu pauto.

Ou: — Ap 3, 20

Velaquí que hai tempo que estou á túa porta e chamo: se algún escoita a miña voz e me abre a porta, eu entrarei a xunto del e cearei con el e el comigo.

## Oración despois da comunión

Señor, asiste con bondade o teu pobo.
Ti, que o enriqueciches con estes santos misterios,
faino pasar da decadencia do pecado
á gracia dunha vida nova.
Por Cristo, noso Señor.

# XVII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 67, 6-7. 36

Deus na súa morada santa dálle fogar ós solitarios, dálle ó seu pobo forza e vigor.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la protección dos que esperan en ti
e sen ti nada é santo nin ten valor.
Guíanos e axúdanos coa túa grande misericordia,
para que, facendo un bo uso dos bens temporais,
participemos xa nos bens eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas ofrendas
que a túa mesma xenerosidade puxo nas nosas mans.
Que estes sagrados misterios,
pola forza da túa gracia,
santifiquen a nosa vida presente
e nos conduzan á felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 102, 2

Alma miña, bendice ó Señor e non esquéza-los seus beneficios.

Ou: — Mt 5, 7-8

Felices os misericordiosos, porque eles serán tratados con misericordia. Felices os de corazón limpo, porque eles verán a Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir este santo sacramento,
que é o memorial perenne da paixón do teu Fillo.
Fai que sirva para a nosa salvación
este don que, no seu amor inmenso,
el mesmo nos deixou.
Por Cristo, noso Señor.

# XVIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 69, 2. 6

Corre, Deus, para librarme; dáte présa, Señor, para axudarme. Ti e-la miña axuda, o meu refuxio: non tardes, Señor.

## Oración

Señor, asiste os teus fillos
e móstralle-la túa bondade incansable.
Nós estamos orgullosos de terte coma creador
e de sermos gobernados pola túa providencia:
renova ti a obra da túa creación
e protexe o que renovaches.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica con bondade
estes dons que che ofrecemos.
Acepta este noso sacrificio espiritual
e fai de nós mesmos
unha ofrenda perenne para a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sab 16, 20

Déchesnos, Señor, un pan do ceo: un pan que leva en si toda dozura e está cheo de sabor.

Ou: — Xn 6, 35

«Eu son o pan da vida, di o Señor. Quen vén onda min, non terá fame; e quen cre en min, endexamais terá sede.»

## Oración despois da comunión

Señor, acompaña coa túa protección constante
ó pobo que renovaches co pan do ceo.
Ti, que nunca deixaches de nos axudar,
fainos dignos da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# XIX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 73, 20. 19. 22. 23

Acórdate, Señor, da túa alianza; non esquéza-la vida dos teus pobres. Érguete, Deus, defende a túa causa; non esquéza-las voces dos que che suplican.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
o teu Espírito dáno-la confianza
de te chamarmos noso Pai.
Fai medrar nos nosos corazóns
o espírito de fillos adoptivos,
para que poidamos alcanzar
a herdanza que nos prometiches.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta con bondade
os dons da túa Igrexa.
Ti mesmo nolos deches para chos ofrecermos
e ti os transformas co teu poder
en sacramento da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 147, 12. 14

Glorifica ó Señor, Xerusalén, que te farta coa flor do trigo.

Ou: — Xn 6, 52

«O pan que eu darei, é a miña carne para a vida do mundo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación no teu sacramento
nos traia a salvación
e nos manteña firmes na luz da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

# XX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 83, 10-11

Deus, mira o rostro do teu unxido, un día nos teus adros vale por máis de mil.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti, que preparaches bens invisibles
para aqueles que te aman,
enche os nosos corazóns co teu amor.
Fai que, amándote a ti en todo e sobre todo,
alcancémo-las túas promesas,
que superan todo desexo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas ofrendas
nas que se realiza un intercambio maravilloso.
Fai que, ó che ofrecermos nós
o que ti nos deches,
merezamos recibirte a ti mesmo.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 129, 7

Pois no Señor está o amor e a redención comprida.

Ou: — Xn 6, 51-52

Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre.

## Oración despois da comunión

Señor, por este sacramento
fasnos participar na vida de Cristo.
Que a túa bondade
nos faga semellantes a el na terra,
para que poidamos participar
da súa gloria no ceo.
Por Cristo, noso Señor.

# XXI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 85, 1-3

Abaixa, Señor, o oído e aténdeme, que son coitado e pobre; gárdame, que son teu amigo; salva, meu Deus, a este servo que confía en ti. Apiádate, Señor, que te estou a chama-lo día enteiro.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti, que es capaz de acorda-las vontades dos teus fieis,
concédelle ó teu pobo
ama-lo que lle mandas
e desexa-lo que lle prometes.
Fai que no medio dos cambios deste mundo
os nosos corazóns permanezan firmes
alí onde se atopa a felicidade verdadeira.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, o sacrificio único e perfecto da cruz
adquiriu para ti un pobo de fillos.
Concédelle á túa Igrexa
a gracia da unidade e da paz.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 103, 13-15

Do froito das túas obras, Señor, fártase a terra, para que o home saque dela o pan co que repón as súas forzas e o viño que alegra o seu corazón.

Ou: — Xn 6, 55

«Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel, di o Señor; e eu resucitareino no derradeiro día.»

## Oración despois da comunión

Señor, leva á súa plenitude en nós
a obra da túa misericordia.
Que o teu amor nos faga fortes e xenerosos
para que che poidamos agradar en todo.
Por Cristo, noso Señor.

# XXII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 85, 3. 5

Apiádate, Señor, que te estou a chama-lo día enteiro. Ti, Señor, es bo e indulxente, cheo de amor para aqueles que te invocan.

## Oración

Deus todopoderoso,
de ti vén todo don perfecto.
Enche os nosos corazóns con amor a ti
e aumenta a nosa fe,
para que medre o ben que hai dentro de nós
e para que, coa túa axuda vixiante,
alcance a súa madureza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta sagrada ofrenda
nos alcance sempre
a túa bendición salvadora.
Que o teu poder realice en nós
o que celebramos nesta liturxia.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 30, 20

¡Que grande é o ben que reservas a aqueles que te temen!

Ou: — Mt 5, 9-10

Felices os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. Felices os perseguidos por causa da xusticia, porque deles é o reino do ceo.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos co santo pan da túa mesa.
Que este alimento fortaleza o amor nos nosos corazóns
e nos anime a servirte nos nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

# XXIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 118, 137. 124

Ti es xusto, Señor, e as túas decisións rectas. Trata o teu servo conforme ó teu amor.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti enviáche-lo teu Fillo
para nos salvar e nos facer teus fillos adoptivos.
Óllanos con bondade
e ós que cremos en Cristo
dáno-la verdadeira liberdade
e a herdanza eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
de ti nos veñen a verdadeira piedade e maila paz.
Fai que por esta oblación
te glorifiquemos debidamente
e que pola participación neste misterio
se reforcen os lazos da nosa unidade.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 41, 2-3

Como devece a cerva pola auga dos regatos, así devece por ti, meu Deus, a miña alma. A miña alma ten sede do Deus vivo.

Ou: — Xn 8, 12

«Eu son a luz do mundo, di o Señor; quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida.»

## Oración despois da comunión

Señor, ti alimentas e renóva-los teus fieis
na mesa da palabra e do pan da vida.
Axúdanos a aproveitar estes dons do teu Fillo benquerido,
para que merezamos compartir sempre a súa mesma vida.
Por Cristo, noso Señor.

# XXIV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Cf. Sir 36, 18

Dálles, Señor, a túa paz ós que esperan en ti; cumpre as palabras dos teus profetas e escoita as pregarias do teu pobo Israel.

## Oración

Deus, creador e señor do universo,
óllanos con bondade:
fai que experimentémo-lo poder da túa misericordia,
para nos dedicarmos de todo corazón ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Filló.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, atende as nosas oracións
e acolle con bondade as ofrendas do teu pobo.
Fai que sirva para a salvación de todos
o que cada un de nós presenta no teu honor.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 35, 8

¡Que precioso é, Deus, o teu amor! Os humanos acóllense á sombra das túas ás.

Ou: — Cf. 1 Cor 10, 16

O vaso de bendición que bendicimos é a comunión co Sangue de Cristo; o pan que partimos é a comunión co Corpo de Cristo.

## Oración despois da comunión

Señor, que a forza deste santo sacramento
se apodere da nosa alma e do noso corpo:
domine sempre en nós a súa acción
e non os nosos propios sentimentos.
Por Cristo, noso Señor.

# XXV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada

«Eu son a salvación do pobo, di o Señor. De calquera perigo que me chamen, eu escoitareinos, e serei o seu Señor para sempre.»

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches consisti-la plenitude da lei
no amor a ti e ó próximo.
Fai que cumprámo-los teus mandamentos
e así poidamos chegar á vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as ofrendas do teu pobo.
Fai que na celebración dos sacramentos
obteñámo-lo que profesamos na fe.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 118, 4-5

Ti déche-los teus preceptos para que se observen ben. Oxalá a miña conducta sexa firme en garda-los teus mandados.

Ou: — Xn 10, 14

«Eu son o bo Pastor, di o Señor; coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min.»

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos cos teus sacramentos.
Sostennos sempre coa túa axuda bondadosa,
para que se faga realidade na nosa vida
a salvación que celebramos nestes misterios.
Por Cristo, noso Señor.

# XXVI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Dn 3, 31. 29. 30. 43. 42

Señor, todo o que nos fixeches, fixéchelo con xusticia, porque pecamos contra ti e non escoitámo-los teus preceptos. Pero agora glorifica o teu nome, e trátanos conforme á túa gran misericordia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti manifésta-la grandeza da túa omnipotencia
na misericordia e no perdón.
Sigue enchéndonos sempre coa túa gracia,
para que camiñemos con entusiasmo
cara ós bens que nos prometes
e cheguemos a participar deles na gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus de misericordia,
acepta esta oblación que che presentamos.
Fai que ela nos abra a fonte das túas bendicións.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 118, 49-50

Lémbrate da túa promesa ó teu servo, da que fixéche-la miña esperanza. Este é o meu conforto na aflicción.

Ou: — 1 Xn 3, 16

Soubémo-lo que é o amor desde que el deu a súa vida por nós, e entón démonos conta de que nós temos que da-la vida polos irmáns.

## Oración despois da comunión

Señor, que esta santa Eucaristía
renove a nosa alma e o noso corpo.
Que nos faga participar de Cristo na gloria,
pois, cada vez que nela anunciámo-la súa morte,
compartímo-la súa paixón.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

# XXVII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Est 13, 9. 10-11

Señor, todo está suxeito ó teu poder e ninguén pode resistirse á túa vontade. Ti fixeches tódalas cousas: o ceo e maila terra e canto existe baixo a bóveda celeste. Ti e-lo Señor do universo.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
o teu amor de Pai é tan grande
que sobrepasa os méritos
e mesmo os desexos dos que che suplican.
Móstrano-la túa misericordia:
perdóano-lo que oprime a nosa conciencia
e concédeno-lo que nin sequera nos atrevemos a pedir.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle o sacrificio
que o teu mesmo Fillo instituíu.
Por este santo misterio que celebramos,
seguindo o seu mandado,
leva ó seu cumprimento en nós
a túa santificación e redención.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Lam 3, 25

O Señor é bo para os que esperan nel, para aqueles que o buscan.

Ou: — Cf. 1 Cor 10, 17

Como hai un só pan tamén nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos participamos do mesmo pan e do mesmo cáliz.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ti alimentáchesnos co pan e co viño da salvación.
Rogámosche que nos transformes en aquilo mesmo que recibimos.
Por Cristo, noso Señor.

# XXVIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 129, 3-4

Se levas ti conta dos pecados, ¿quen, Señor, resistirá? Pero en ti está o perdón, Deus de Israel.

## Oración

Señor, que a túa gracia tome a iniciativa na nosa vida
e nos acompañe sempre,
que nos faga solícitos e constantes
na práctica do ben.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas e oracións dos teus fieis.
Fai que por esta santa liturxia
alcancémo-la gloria do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 33, 10-11

Temede o Señor, os seus devotos, pois nada lles falta ós que o temen. Empobrecen os ricos, pasan fame, mais os que buscan o Señor non carecerán de ningún ben.

Ou: — 1 Xn 3, 2

Cando o Señor apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é.

## Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos co sagrado alimento
do Corpo e do Sangue do teu Fillo.
Suplicámosche humildemente
que nos fagas participar da súa natureza divina.
Por Cristo, noso Señor.

# XXIX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 16, 6. 8

Eu chámote, Deus, respóndeme; pon o oído cara a min e escoita a miña voz. Gárdame coma á meniña dos teus ollos, protéxeme baixo a sombra das túas ás.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
concédeno-la gracia de sermos sempre xenerosos contigo
e fai que te sirvamos de todo corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos ofrecerche libremente
os dons que ti mesmo nos dás.
Que coa axuda da túa gracia
nos purifiquen estes mesmos misterios
que ofrecemos para a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 32, 18-19

Os ollos do Señor están voltos ós que o temen, cara ós que esperan na súa misericordia; para libra-la súa vida da morte, para os alimentar no tempo da miseria.

Ou: — Mc 10, 45

O Fillo do home veu entrega-la súa vida en rescate por todos.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación nos santos sacramentos
nos axude a progresar.
Que nos alcance os teus beneficios na vida presente
e confirme a nosa esperanza nos eternos.
Por Cristo, noso Señor.

# XXX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 104, 3-4

Que se alegre o corazón dos que buscan o Señor. Buscade o Señor e o seu poder, buscade sempre a súa presencia.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
aumenta en nós a fe, a esperanza e a caridade.
Para que poidamos alcanza-lo que nos prometes,
fainos ama-lo que nos mandas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor de poder e maxestade,
olla con bondade a ofrenda que che presentamos.
Fai que a nosa celebración
busque ante todo a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 19, 6

Festexémo-la túa victoria e ergamos bandeiras no teu nome, noso Deus.

Ou: — Ef 5, 2

Cristo amounos e entregouse por nós, ofrecéndose a Deus coma sacrificio de recendo agradable.

## Oración despois da comunión

Señor, que os teus sacramentos
realicen en nós o que significan.
Fai que sexa un día realidade para nós
o que agora celebramos nestes símbolos sagrados.
Por Cristo, noso Señor.

# XXXI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 37, 22-23

Non me abandones ti, Señor, non esteas lonxe de min, meu Deus, corre na miña axuda, Señor, miña salvación.

## Oración

Deus de poder e misericordia,
unicamente coa túa axuda poden os teus fieis
servirte e louvarte dignamente.
Fai que camiñemos sen tropezos
cara ós bens prometidos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta Eucaristía
sexa para ti unha ofrenda pura
e nos alcance a nós a túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 15, 11

Mostrarasme o camiño da vida: na túa presencia hai felicidade a fartar.

Ou: — Xn 6, 58

«Así como o Pai, que me enviou, vive, e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, fai progresar en nós
os efectos da túa gracia.
Estes sacramentos con que nos alimentaches
nos preparen a recibi-los bens
dos que eles son anuncio e promesa.
Por Cristo, noso Señor.

# XXXII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada — Sal 87, 3

Chegue a ti a miña súplica, meu Deus, escoita o meu clamor.

## Oración

Deus de poder e misericordia,
arreda de nós todo o que nos aparta de ti.
Dános liberdade de corpo e alma,
para que poidamos dedicarnos libremente ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade
esta oblación que che presentamos.
Axúdanos a unirnos de corazón á paixón do teu Fillo
que celebramos nestes símbolos sacramentais.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 22, 1-2

O Señor é o meu pastor: nada me falta. Ós pastos verdecentes me leva a repousar, e condúceme ás augas tranquilas.

Ou: — Lc 24, 35

Os discípulos recoñeceron o Señor Xesús o parti-lo pan.

## Oración despois da comunión

Señor, dámosche as gracias
porque nos alimentaches con este don sagrado.
Suplicámosche humildemente
que infundas en nós o teu Espírito,
para que a forza salvadora que nos comunicaches
nos axude a perseverar fielmente na túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

# XXXIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

## Antífona de entrada

Cf. Xer 29, 11. 12. 14

Di o Señor: «Eu quero a paz e non a guerra. Chamaredes por min e eu escoitareivos: xuntareivos traéndovos de tódolos lugares onde estabades cativos.»

## Oración

Señor, noso Deus,
non hai outra felicidade plena e perpetua
senón a de te servir a ti, creador de tódolos bens.
Concédenos vivir sempre alegres no teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, presentamos ante ti a nosa ofrenda.
Concédenos por ela a gracia de nos entregarmos a ti
e lévanos á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Sal 72, 28

O meu ben é estar preto de Deus: eu busco en ti, Señor, o meu refuxio.

Ou:

Mc 11, 23. 24

«Con toda verdade volo aseguro: canto pidades na oración, crede que o conseguiredes», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo don sagrado deste sacramento.
Pedímosche humildemente que esta Eucaristía,
que o teu Fillo nos mandou celebrar na súa memoria,
nos faga medrar no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

# SEMANA XXXIV DO TEMPO ORDINARIO

En lugar do derradeiro domingo do tempo ordinario celébrase a solemnidade do Noso Señor Xesucristo, Rei do universo, p. 413.

## Antífona de entrada — Sal 84, 9

O Señor fala de paz para o seu pobo e para os seus fieis: para aqueles que se converten a el.

## Oración

Señor, desperta a vontade dos teus fieis.
Fai que, colaborando con xenerosidade
na túa obra de salvación,
obteñan con máis abundancia
os dons da túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle estes santos dons
que nos mandaches ofrecer no teu honor.
Fai que obedezamos sempre os teus mandados,
para que tamén nós che sexamos agradables a ti.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Sal 116, 1-2

Louvade o Señor tódalas xentes, porque o seu amor connosco é firme.

Ou: — Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
nesta Eucaristía concédesno-la alegría
de participar na túa mesma vida.
Rogámosche que non permitas
que nos separemos nunca de ti.
Por Cristo, noso Señor.

## SOLEMNIDADES DO SEÑOR DURANTE O TEMPO ORDINARIO

I Domingo despois de Pentecostés

# A SANTÍSIMA TRINIDADE

Solemnidade

### Antífona de entrada

Bendito sexa Deus Pai, e o seu Fillo unixénito, e o Espírito Santo: porque nos mostrou a súa misericordia.

### Oración

Deus Pai, ti reveláchesslles ós homes
o admirable misterio do teu ser,
enviando o teu Fillo, Palabra da verdade,
e o Espírito da santidade.
Concédenos que, profesando a fe verdadeira,
recoñezámo-la eterna gloria da Trinidade
e a súa poderosa Unidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, noso Deus, invocámo-lo teu nome
sobre estes dons que che ofrecemos.
Santifícaos co teu poder
e transfórmanos a nós mesmos
en ofrenda perenne para ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

O MISTERIO DA SANTÍSIMA TRINIDADE

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Co teu Fillo unixénito e co Espírito Santo,
ti es un só Deus, un só Señor:
non unha soa persoa,
senón tres persoas nunha soa natureza.

Pois o que por revelación túa
cremos da túa gloria,
afirmámolo tamén sen diferencia
do teu Fillo e mais do Espírito Santo.

Así, ó confesármo-lo Deus vivo e eterno,
adoramos tres persoas distintas,
unha única natureza
e idéntica maxestade.

A ti lóuvante os anxos e os arcanxos
e tódolos coros celestiais,
que non paran de aclamarte, dicindo todos xuntos:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Gál 4, 6

A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou ós nosos corazóns o Espírito do seu Fillo, que exclama: ¡Abbá! (que quere dicir: ¡Pai!)

## Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
que a comunión deste sacramento
e a profesión da nosa fe en ti,
único Deus en tres Persoas,
nos consigan a salvación da alma e do corpo.
Por Cristo, noso Señor.

Xoves despois da Santísima Trinidade

# O SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

Solemnidade

## Antífona de entrada — Sal 80, 17

O Señor alimentou o seu pobo coa flor do trigo, saciouno de mel bravo.

## Oración

Deus, neste sacramento admirable
deixáchesno-lo memorial da túa paixón.
Concédenos venera-lo santo misterio
do teu Corpo e do teu Sangue,
de xeito que sintamos en nós
o froito da túa redención.
Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, concédelle á túa Igrexa
o don da unidade e mais da paz
que estas ofrendas significan e representan.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Sma. Eucaristía, pp. 476-477.

## Antífona da comunión — Xn 6, 57

«Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min, e eu nel», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, na Eucaristía ti dasnos
o teu Corpo e o teu Sangue,
que anuncian e anticipan o banquete do teu reino.
Que por esta comunión de hoxe
consigámo-la plenitude da túa vida eterna.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

Cando a solemnidade do Smo. Corpo e Sangue de Cristo non é festa de precepto, trasládase ó domingo despois da Sma. Trinidade, coma o seu día propio.

Venres posterior ó II domingo despois de Pentecostés

# SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS

Solemnidade

## Antífona de entrada — Sal 32, 11. 19

O consello do Señor dura por sempre, os seus plans por tódalas xeracións, para librarnos da morte e alimentarnos no tempo da miseria.

## Oración

Deus todopoderoso,
nesta celebración en honor do Corazón do teu Fillo benquerido
recordámo-la grandeza do seu amor por nós.
Axúdanos a acoller con corazón aberto
a gracia que tan abundantemente deita esta fonte divina.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
aínda que nós ferimos cos nosos pecados
o Corazón do teu Fillo,
ti quixeches abrirnos nel o tesouro infinito do teu amor.
Fai que o amemos con amor agradecido
e lle ofrezámo-la debida reparación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla a caridade inmensa
do Corazón do teu Fillo benquerido.
Os dons que che ofrecemos
sexan unha ofrenda agradable a ti
e nos obteñan o perdón dos nosos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O INMENSO AMOR DE CRISTO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Cando foi elevado na cruz,
entregou a súa vida por nós
cun amor sen límites.
Da ferida do seu costado
deitou sangue e auga,
símbolos dos sacramentos da Igrexa.
Así, tódolos homes,
atraídos ó Corazón aberto do Salvador,
poden beber con gozo
das fontes da salvación.

Por iso, cos anxos e cos santos,
cantámosche sen cesar o himno de louvanza,
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Xn 7, 37-38

Di o Señor: «Se algún ten sede, que veña onda min e beba. A quen cre en min, deitaranlle do seu ventre torrentes de auga viva.»

Ou: — Xn 19, 34

Un dos soldados atravesoulle o costado cunha lanza; e de seguida saíu sangue e auga.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo sacramento do teu amor.
Que el acenda en nós o lume da túa caridade,
para que nos sintamos atraídos por Cristo
e o recoñezamos nos nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

Derradeiro domingo do tempo ordinario

# NOSO SEÑOR XESUCRISTO, REI DO UNIVERSO

Solemnidade

## Antífona de entrada

Ap 5, 12; 1, 6

Merecente é o Año, por estar degolado, de recibi-lo poder, a riqueza, a sabiduría, a forza, a honradía, a gloria e a bendición. A el a gloria e mailo poder polo séculos dos séculos.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
no teu Fillo benquerido, Rei do universo,
quixeches facer novas tódalas cousas.
Fai que tódalas creaturas,
liberadas da escravitude do pecado,
proclamen a túa gloria
e canten sempre a túa louvanza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio
que reconcilia o home contigo.
Pedímosche humildemente
que o teu Fillo lles conceda a tódolos pobos
o don da unidade e da paz.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## Prefacio

XESUCRISTO, REI DO UNIVERSO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti unxiches co óleo da alegría
o teu Fillo, noso Señor Xesucristo,
como Sacerdote eterno e Rei universal.
El, ofrecéndose a si mesmo na ara da cruz
como víctima pura e pacífica
realizou o misterio da redención.
Así logrou o dominio sobre tódalas creaturas,
entregándoche a ti, Pai todopoderoso,
un reino universal e eterno:
reino de verdade e de vida,
reino de santidade e de gracia,
reino de xusticia, de amor e de paz.

Por iso, cos anxos e cos arcanxos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Sal 28, 10-11

O Señor séntase coma Rei eterno. O Señor bendice o seu pobo coa paz.

## Oración despois da comunión

Señor, nesta Eucaristía ti déchesnos
o pan da vida eterna.
A nós, que témo-la honra
de segui-los mandados de Cristo, Rei do universo,
concédenos vivir eternamente con el no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.



# ORDINARIO DA MISA

DERRADEIRA CEA

*Pinxante. Catedral de Lugo (s. XII).*

A Catedral de Lugo enteira é unha exposición da Eucaristía. Na porta máis antiga, exprésase en caracteres medievais, que ilustran a escena da primeira Eucaristía: o discípulo amado, pousando a súa cabeza no peito do Señor, viu as paisaxes celestiais.

# O ORDINARIO DA MISA
## CON PARTICIPACIÓN DO POBO

# RITOS INICIAIS

1. Estando o pobo reunido, o sacerdote cos ministros acércase ó altar mentres se entoa o CANTO DE ENTRADA.

2. En chegando ó altar e despois de face-la debida reverencia xunto cos ministros, bica o altar e, se procede, incénsao. Despois vai para a sé.

Rematado o canto de entrada, o sacerdote e os fieis, de pé, fan o SIGNO DA CRUZ e o sacerdote, cara ó pobo, di:

No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O pobo responde:

Amén.

Despois o sacerdote, extendendo as mans, SAÚDA ó pobo:

*Primeira fórmula:*

A gracia do noso Señor Xesucristo,
o amor do Pai
e a comunión do Espírito Santo
sexan con todos vós.

O pobo responde:

E contigo tamén.

---

Se se canta, faise do seguiente modo:





R. E contigo tamén.

*Segunda fórmula:*

A gracia e maila paz de Deus, noso Pai,
e de Xesucristo, noso Señor,
sexan con todos vós.

O pobo responde:

Bendito sexa Deus,
Pai do noso Señor Xesucristo.

Ou:

E contigo tamén.

Se se canta, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1150.

*Terceira fórmula:*

O Señor sexa convosco.

O pobo responde:

E contigo tamén.

O bispo, en lugar de O Señor sexa convosco, di:

A paz sexa convosco.

O pobo responde:

E contigo tamén.

Se se canta, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1150.

Outras fórmulas de saúdo:

O Señor, que dirixe os nosos corazóns
para que amemos a Deus,
sexa con todos vós.

Ou:

A paz, a caridade e maila fe
de Deus, noso Pai,
e de Xesucristo, o Señor,
sexan con todos vós.

Ou:

O Deus da esperanza
que, pola acción do Espírito Santo,
nos dá a súa alegría e a súa paz,
sexa sempre convosco.

Tamén poden empregarse as fórmulas de saúdo propias de cada tempo litúrxico:

Tempo do Advento:

O Señor, que vén salvarnos,
sexa convosco.

Tempo do Nadal:

A paz e mailo amor de Deus, noso Pai,
que se manifestaron en Cristo,
nacido para a nosa salvación,
sexan convosco.

Tempo da Coresma:

A gracia e mailo amor de Xesucristo,
que nos chama á conversión,
sexan con todos vós.

Tempo pascual:

O Deus da vida,
que resucitou a Xesucristo
rompendo as cadeas da morte,
sexa con todos vós.

Outras fórmulas da resposta do pobo:

E contigo tamén.

Ou:

Bendito sexa Deus agora e sempre.

Ou:

Bendito sexa Deus,
Pai do noso Señor Xesucristo.

---

3. O sacerdote ou o diácono, ou outro ministro idóneo, pódelles facer ós fieis unha breve introducción sobre a misa do día. Logo faise o ACTO PENITENCIAL.

O sacerdote, con estas ou semellantes palabras, invita os fieis a se arrepentiren:

*Primeira fórmula:*

Irmáns: Para celebrarmos dignamente os santos misterios, recoñezamos que somos pecadores.

---

Ou:

O Señor Xesús,
que nos convida á mesa da Palabra e da Eucaristía,
chámanos agora á conversión.
Recoñezamos que somos pecadores
e invoquemos con esperanza a misericordia de Deus.

Ou, nos domingos e na oitava da Pascua:

No día en que celebrámo-la victoria de Cristo
sobre o pecado e a morte,
recoñezamos que estamos faltos
da misericordia do Pai
para morrermos ó pecado
e resucitarmos á vida nova.

---

Faise unha breve pausa en silencio. Despois todos xuntos din:

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente
e tamén diante de vós, meus irmáns,
pois teño pecado moito
de pensamento, de palabra, de obra e de omisión,

E batendo o peito din:

pola miña culpa, pola miña culpa,
pola miña grandísima culpa:

Logo proseguen:

Por iso lle pido á benaventurada Virxe María,
a tódolos anxos e santos do ceo
e a vós tamén, meus irmáns,
que roguedes por min
a Deus, o noso Pai.

O sacerdote conclúe, dicindo:

Deus omnipotente teña piedade de nós,
nos conceda o perdón dos nosos pecados
e nos leve á vida eterna.

O pobo responde:

Amén.

*Segunda fórmula:*

Irmáns: Para celebrarmos dignamente os santos misterios,
recoñezamos que somos pecadores.

---

Ou:

Ó comezar esta celebración da Eucaristía,
pidámoslle a Deus que nos conceda

a conversión dos nosos corazóns;
así acadarémo-la reconciliación
e acrecentarase a nosa comunión
con Deus e cos nosos irmáns.

Ou:

Con humildade, coma o publicano no templo,
acheguémonos ó Deus xusto
e pidámoslle que teña piedade de nós,
pois tamén nos recoñecemos pecadores.

---

Faise unha breve pausa en silencio. Despois o sacerdote di:

Señor, ten misericordia de nós.

O pobo responde:

Pois temos pecado contra ti.

O sacerdote:

Móstranos, Señor, a túa piedade.

O pobo:

E dáno-la túa salvación.

O sacerdote conclúe, dicindo:

Deus omnipotente teña piedade de nós,
nos conceda o perdón dos nosos pecados
e nos leve á vida eterna.

O pobo responde:

Amén.

*Terceira fórmula:*

Irmáns: Para celebrarmos dignamente os santos misterios,
recoñezamos que somos pecadores.

---

Ou:

Xesucristo, o xusto,
intercede por nós
e reconcílianos co Pai.
Arrepintámonos para sermos menos indignos
de nos achegar á mesa do Señor.

Ou:

O Señor dixo:
«Aquel de vós que non pecase,
tire a primeira pedra.»
Recoñezámonos pecadores
e perdoémonos uns ós outros
dende o máis fondo do noso corazón.

---

Faise unha breve pausa en silencio. Despois o sacerdote ou outro ministro idóneo di ou canta estas invocacións ou outras semellantes:

Ti, que fuches enviado a salva-los corazóns arrepentidos:
Señor, ten piedade de nós. Ou: Kýrie, eléison.

O pobo responde:

Señor, ten piedade de nós. Ou: Kýrie, eléison.

O sacerdote:

Ti, que viñeches chama-los pecadores:
Cristo, ten piedade de nós. Ou: Christe, eléison.

O pobo:

Cristo, ten piedade de nós. Ou: Christe, eléison.

O sacerdote:

Ti, que estás á dereita do Pai para intercederes por nós:
Señor, ten piedade de nós. Ou: Kýrie, eléison.

O pobo:

Señor, ten piedade de nós. Ou: Kýrie, eléison.

O sacerdote conclúe, dicindo:

Deus omnipotente teña piedade de nós,
nos conceda o perdón dos nosos pecados
e nos leve á vida eterna.

O pobo responde:

Amén.

---

Outras invocacións para esta terceira fórmula:

Tempo ordinario:

1. Ti, que e-lo camiño que leva ó Pai.
   Ti, que e-la verdade que ilumina a tódolos pobos.
   Ti, que e-la vida que renova o mundo.

2. Ti, que e-la plenitude da verdade e da gracia.
   Ti, que te fixeches pobre para enriquecernos.
   Ti, que viñeches para facer de nós o teu pobo santo.

3. Ti, que non viñeches condenar, senón perdoar.
   Ti, que dixeches que hai moita festa no ceo
   por un pecador que se arrepinte
   Ti, que perdoas moito a quen moito ama.

4. Ti, que viñeches buscar a quen estaba perdido.
   Ti, que quixeches da-la vida por moitos.
   Ti, que xuntas onda ti os teus fillos dispersos.

5. Ti, que ofrecíche-lo perdón a Pedro arrepentido.
   Ti, que prometíche-lo paraíso ó bo ladrón.
   Ti, que perdoas a todo home que confía na túa misericordia.

6. Defensor dos pobres.
   Refuxio dos febles.
   Esperanza dos pecadores.

Tempo do Advento:

1. Ti, que viñeches ó mundo para salvarnos.
   Ti, que nos visitas a cotío coa gracia de teu Espírito.
   Ti, que virás un día para xulga-las nosas obras.

2. Ti, que viñeches visita-lo teu pobo coa paz.
   Ti, que viñeches salva-lo que estaba perdido.
   Ti, que viñeches crear un mundo novo.

3. Luz do mundo, que vés ilumina-los que viven nas tebras do pecado.
   Bo Pastor, que vés para guia-lo teu rabaño
   polos vieiros da verdade e da xusticia.
   Fillo de Deus, que volverás un día para cumpri-las promesas do Pai.

Tempo do Nadal:

1. Fillo de Deus, que, nacido de María, te fixeches irmán noso.
   Fillo do home, que coñeces e comprende-la nosa febleza.
   Fillo primoxénito do Pai, que fas con nós unha soa familia.

2. Palabra eterna do Pai, por quen todo existe.
   Luz verdadeira, que viñeches ó mundo e o mundo non te acolleu.
   Fillo de Deus, que puxéche-la túa casa entre as nosas.

3. Rei da paz e Santo de Deus.
   Luz que brillas nas tebras.
   Imaxe do home novo.

Tempo da Coresma:

1. Ti, que nos fixeches renacer pola auga e polo Espírito.
   Ti, que enviáche-lo Espírito Santo
   para crear en nós un corazón novo.
   Ti, que e-lo autor da salvación.

2. Ti, que puxéche-la salvación dos homes na árbore da cruz.
Ti, que padeciches por nós para que sigámo-los teus vieiros.
Ti, que, cargando cos nosos pecados, padeciches na cruz
para que nós, mortos ó pecado, vivamos na xusticia.

3. Ti, que nos limpas dos nosos pecados.
Ti, que creas en nós un corazón puro.
Ti, que nos vólve-la alegría da salvación.

Tempo pascual:

1. Ti, que destruíche-lo pecado e a morte coa túa resurrección.
Ti, que renováche-la creación enteira coa túa resurrección.
Ti, que, coa túa resurrección, e-la alegría dos vivos e a vida dos mortos.

2. Ti, o primoxénito entre os mortos.
Ti, o vencedor do pecado e da morte.
Ti, a resurrección e a vida.

3. Ti, que e-lo sacerdote da nova alianza.
Ti, que nos edificas coma pedras vivas no templo santo de Deus.
Ti, que subiches á dereita do Pai para enviárno-lo don do Espírito.

---

4. Seguen as invocacións Señor, ten piedade de nós, a non ser que xa saísen na fórmula do acto penitencial.

V. Señor, ten piedade de nós.
R. Señor, ten piedade de nós.

V. Cristo, ten piedade de nós.
R. Cristo, ten piedade de nós.

V. Señor, ten piedade de nós.
R. Señor, ten piedade de nós.

5. A continuación, se a liturxia do día o permite, cántase ou dise o HIMNO:

Gloria a Deus no ceo,
e paz ó seu pobo na terra.
Noso Señor Deus, rei do ceo,
Deus Pai todopoderoso;

louvámoste, bendicímoste, adorámoste,
glorificámoste e dámosche gracias,
pola túa inmensa gloria.
Señor, Fillo único, Xesucristo,
Señor Deus, Año de Deus, Fillo do Pai.
Ti, que quíta-lo pecado do mundo,
ten piedade de nós.
Ti, que quíta-lo pecado do mundo,
escoita a nosa oración.
Ti, que estás á dereita do Pai,
ten piedade de nós;
porque ti e-lo único Santo,
ti, o único Señor,
ti, o único Altísimo, Xesucristo.
Co Espírito Santo na gloria de Deus Pai. Amén.

6. Rematado este himno, o sacerdote, coas mans xuntas, di:

Oremos.

E todos co sacerdote oran en silencio un pouco.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di a ORACIÓN COLECTA.

A colecta termina coa conclusión longa.

Se vai dirixida soamente ó Pai:

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

Se vai dirixida ó Pai, facéndose nela, ó final, mención do Fillo:

Por el, noso Señor e Deus,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

Se vai dirixida soamente ó Fillo:

Ti, noso Señor e Deus,
que vives e reinas co Pai
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

Ó remate o pobo aclama sempre:

Amén.

Se se canta a oración, faise do modo indicado no Apéndice, p. 1151.

# LITURXIA DA PALABRA

7. O lector vai ó ambón e le a PRIMEIRA LECTURA, que todos escoitan sentados.

Para indica-lo remate da lectura, o lector di:

Palabra do Señor.

Todos aclaman:

Gracias a Deus.

8. O salmista ou cantor le ou canta o SALMO, e o pobo participa co refrán.

9. Se hai SEGUNDA LECTURA, o lector lea no ambón, coma antes.

Para indica-la fin da lectura, di:

Palabra do Señor.

Todos aclaman:

Gracias a Deus.

10. Segue o ALELUIA ou outro canto.

11. Namentres, o sacerdote pon o incenso, se é que se usa. Despois o diácono que vai proclama-lo EVANXELIO, inclinándose diante do sacerdote, pide a bendición, dicindo en voz baixa:

Padre, dáme a túa bendición.

Iube, domne, benedícere.

O sacerdote di en voz baixa:

O Señor estea no teu corazón
e nos teus labios,
para que poidas proclamar
dignamente
o seu Evanxelio:
no nome do Pai e do Fillo ✠
e do Espírito Santo.

Dóminus sit in corde tuo
et in lábiis tuis:
ut digne et competénter
annúnties
Evangélium suum:
in nómine Patris, et Fílii, ✠
et Spíritus Sancti.

O diácono di:

Amén.

Se non hai diácono, o sacerdote, inclinándose diante do altar, di para si:

Purifica o meu corazón
e os meus labios,
para que poida proclamar
dignamente
o teu Evanxelio.

Munda cor meum
ac lábia mea,
omnípotens Deus,
ut sanctum Evangélium tuum
digne váleam nuntiáre.

12. Despois o diácono, ou o sacerdote, vai ó ambón, acompañado, se parece oportuno, polos ministros, que levan o incenso e os cirios; e di:

O Señor sexa convosco.

O pobo responde:

E contigo tamén.

O diácono ou o sacerdote:

Lectura do santo Evanxelio segundo san N.

E mentres tanto, fai o sinal da cruz sobre o libro e sobre si mesmo na testa, na boca e no peito.

O pobo aclama:

Gloria a ti, Señor.

Despois o diácono ou o sacerdote, se hai incenso, incensa o libro e proclama o Evanxelio.

13. Rematada a lectura do Evanxelio, o diácono ou o sacerdote di:

Palabra do Señor.

E todos aclaman:

Louvámoste, Cristo.

Ou:

Gloria e honra a tí, Señor Xesús.

Ou, se a aclamación é cantada, poden empregarse estas respostas:

A túa Palabra, Señor, é a verdade
e a túa Lei a nosa liberdade.

Ou:

A túa Palabra, Señor,
é a luz que nos ilumina.

Ou:

A túa Palabra, Señor,
permanece para sempre.

Despois bica o libro, dicindo para si:

Que as palabras do Evanxelio borren os nosos pecados.

Per evangélica dicta deleántur nostra delícta.

Se se canta, faise do seguinte modo:

Para a primeira e a segunda lectura:



V. Palabra do Señor. R. Gracias a Deus.

Para o Evanxelio:



V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.



V. Lectura do santo Evanxelio segundo san Mateo.



san Marcos. san Lucas. san Xoán.



R. Gloria a ti, Señor.



V. Palabra do Señor. R. Louvámoste, Cris- to.

14. Entón tense a HOMILÍA, que é obrigatoria tódolos domingos e festas de precepto; nos outros días recoméndase.

15. Acabada a homilía, faise, cando está mandado, a PROFESIÓN DE FE:

Cremos nun só Deus,
Pai omnipotente,
creador do ceo e mais da terra,
do visible e do invisible.

Cremos nun só Señor, Xesucristo,
Fillo único de Deus,
nado do Pai antes de tódolos séculos.
Deus de Deus, luz da luz,
Deus verdadeiro de Deus verdadeiro,
xerado e non creado,
da mesma natureza có Pai.
Todo foi feito por el,
que por nós os homes
e para a nosa salvación,
baixou do ceo,

Durante as palabras que seguen ata facéndose home, faise inclinación.

e, por obra do Espírito Santo,
encarnou no seo da Virxe María
facéndose home.
Tamén por nós foi crucificado
no tempo de Poncio Pilato,
sufriu a paixón e foi sepultado;
resucitou ó terceiro día
conforme ás Escrituras
e subiu ó ceo,
onde está á dereita do Pai.
Virá de novo con gloria
para xulga-los vivos e os mortos,
e o seu reino non terá fin.

Cremos no Espírito Santo,
Señor e fonte da vida,
que procede do Pai e do Fillo,
que co Pai e co Fillo
recibe unha mesma adoración e gloria,
e falou por medio dos profetas.

Tamén cremos na Igrexa,
que é unha, santa, católica e apostólica.
Recoñecemos un só bautismo
para o perdón dos pecados.
Esperámo-la resurrección da carne
e tamén a vida eterna.

Amén.

---

Pódese dicir, en lugar do anterior, o Credo dos apóstolos, ou Credo apostólico:

Creo en Deus, Pai todopoderoso,
creador do ceo e mais da terra.

Creo en Xesucristo, o seu único Fillo, noso Señor,
que foi concebido por obra e gracia do Espírito Santo
e naceu da Virxe María.

Padeceu no tempo de Poncio Pilato,
foi crucificado, morto e sepultado,
descendeu ós infernos.
Ó terceiro día resucitou de entre os mortos,
subiu ó ceo, onde está á dereita do Pai,
e de alí virá xulga-los vivos e os mortos.

Creo no Espírito Santo,
na santa Igrexa católica,
na comunión dos santos,
no perdón dos pecados,
na resurrección da carne
e na vida eterna.

Amén.

---

16. Despois faise a ORACIÓN UNIVERSAL ou ORACIÓN DOS FIEIS.

# LITURXIA EUCARÍSTICA

17. Rematada a liturxia da palabra, comeza o canto do OFERTORIO. Mentres, os ministros colocan no altar o corporal, o purificador, o cáliz e o misal.

18. Convén que os fieis manifesten a súa participación na ofrenda, ben sexa levando o pan e o viño para a celebración da Eucaristía, ben levando outros dons para atende-las necesidades da Igrexa e dos pobres.

19. O sacerdote, achegándose ó altar, colle a patena co pan e, téndoa un pouco elevada sobre o altar, di para si:

Bendicímoste, Señor, Deus do universo.
Da túa bondade recibimos este pan,
que é froito da terra
e do traballo dos homes.
Presentámoscho agora
para que se nos converta no pan da vida.

Despois deixa a patena co pan sobre o corporal.

Se non se canta no ofertorio, o sacerdote pode dicir estas palabras en alto; ó remate, o pobo pode aclamar:

Bendito sexa Deus, agora e sempre.

20. O diácono ou o sacerdote bota viño e mais un pouco de auga no cáliz, e di para si:

| | |
|---|---|
| Que así como esta auga | Per huius aquae |
| e este viño se unen | et vini |
| no mesmo Sacramento, | mystérium |
| tamén nós participemos | eius efficiámur |
| da divinidade | divinitátis consórtes, |
| daquel que se dignou | qui humanitátis nostrae |
| comparti-la nosa | fieri dignátus |
| condición humana. | est párticeps. |

21. Despois o sacerdote colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, di para si:

Bendicímoste, Señor, Deus do universo.
Da túa bondade recibimos este viño,
que é froito da vide
e do traballo dos homes.
Presentámoscho agora
para que se nos converta na bebida da salvación.

Despois deixa o cáliz sobre o corporal.

Se non se canta no ofertorio, o sacerdote pode dicir estas palabras en alto; ó remate, o pobo pode aclamar:

Bendito sexa Deus, agora e sempre.

22. Despois o sacerdote, inclinado, di en voz baixa:

Señor, acudimos a ti
con espírito de humildade
arrepentidos de corazón.
Acóllenos,
e fai que este sacrificio
que hoxe che presentamos
sexa agradable ós teus ollos,
Señor, noso Deus.

In spíritu humilitátis
et in ánimo contríto
suscipiámur a te, Dómine;
et sic fiat
sacrifícium nostrum
in conspéctu tuo hódie,
ut pláceat tibi,
Dómine Deus.

23. E, se parece oportuno, incensa as ofrendas e o altar. O diácono ou un ministro incensa despois ó sacerdote e ó pobo.

24. Logo o sacerdote, nun lado do altar, lava as mans, dicindo en voz baixa:

Lávame ben, Señor,
do meu pecado
e límpame da miña culpa.

Lava me, Dómine,
ab iniquitáte mea,
et a peccáto meo munda me.

25. Seguidamente no centro do altar, de cara ó pobo, extendendo e xuntando as mans, di:

Pregade, irmáns,
para que este sacrificio meu e voso
sexa ben acollido
por Deus Pai omnipotente.

---

Ou:

No intre de ofrece-lo sacrificio de toda a Igrexa,
oremos a Deus, Pai todopoderoso.

Ou:

Rezade, irmáns,
para que, levando ó altar
as alegrías e as mágoas de cada día,
nos dispoñamos a ofrece-lo sacrificio
agradable a Deus, Pai todopoderoso.

---

O pobo responde:

O Señor acolla das túas mans este sacrificio,
para louvanza e para gloria do seu nome,
para ben noso e de toda a súa santa Igrexa.

26. Despois, coas mans extendidas, o sacerdote di a ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS.

A oración sobre as ofrendas e a de despois da comunión rematan coa conclusión breve.

Se van dirixidas soamente ó Pai:

Por Cristo, noso Señor.

Se van dirixidas ó Pai, facéndose nela, ó final, mención do Fillo:

El, que vive e reina por sempre eternamente.

Se van dirixidas soamente ó Fillo:

Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

Ó final o pobo aclama:

Amén.

# PREGARIA EUCARÍSTICA

27. O sacerdote comeza a Pregaria eucarística. Coas mans extendidas, di:



O Señor sexa convosco.

O pobo responde:



E contigo tamén.

O sacerdote, levantando as mans, prosegue:



Erguede os corazóns.

O pobo:



Témolos postos no Señor.

O sacerdote, coas mans extendidas, engade:



Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.

O pobo:



É digno e de xusticia.

O sacerdote continúa o PREFACIO coas mans extendidas.

Entoación do prefacio:



Cadencias Inicial Semicadencia Intermedia Final

Á fin do prefacio xunta as mans e conclúe cantando xunto co pobo ou dicindo en voz alta:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

28. En tódalas misas o sacerdote pode canta-las partes da Pregaria eucarística permitidas no rito da concelebración.

Na Pregaria eucarística primeira, ou Canon romano, pódense omiti-las expresións entre parénteses.

# PREFACIO I DO ADVENTO

## OS DOUS ADVENTOS DE CRISTO

29 (A). Este prefacio dise nas misas do tempo, desde o primeiro domingo do Advento ata o día 16 de decembro, e nas outras misas que se celebran durante este mesmo tempo e non teñan prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, cando veu por vez primeira,
asumindo con humildade
a nosa condición de homes
cumpriu o teu plan de salvación
e abríuno-lo camiño da vida eterna.

E cando veña de novo
no esplendor da súa gloria
recibiremos, por fin, visiblemente
os dons que agora esperamos,
confiando na túa promesa.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO I (A) DO ADVENTO

### CRISTO, SEÑOR E XUÍZ DA HISTORIA

29 (B). Este prefacio dise nas misas do tempo, desde o primeiro domingo do Advento ata o día 16 de decembro, e nas outras misas que se celebran durante este mesmo tempo e non teñan prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia darche gracias
e cantar en honra túa, Pai todopoderoso,
principio e fin de toda a creación.

Ti ocultáchesno-lo día e a hora
en que Cristo, o teu Fillo, Señor e Xuíz da historia,
virá por riba das nubes do ceo
no esplendor do seu poder e gloria.

Naquel día terrible e glorioso
pasará a figura deste mundo
e amencerán un ceo e unha terra novos.

O mesmo Señor,
que se nos ha de amosar entón cheo de gloria,
vén agora ó noso encontro en cada home,
en todo acontecemento
para que o recibamos na fe
e, polo amor, deamos testemuño da gozosa espera do seu reino.

Por iso, mentres agardámo-la súa derradeira vinda,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria
dicindo todos xuntos:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DO ADVENTO

## ESPERANDO AS DÚAS VINDAS DE CRISTO

30 (A). Este prefacio dise nas misas do tempo, desde o 17 ata o 24 de decembro, e nas outras misas que se celebran durante este mesmo tempo e non teñan prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El foi anunciado por tódolos profetas,
a Virxe criouno con amor de Nai,
Xoán Bautista anunciou a súa chegada
e mostrou logo a súa presencia.

El concédeno-la gracia
de nos preparar con alegría
para o misterio do Nadal,
a fin de que o esperemos velando e rezando
e o recibamos, cando chegue,
con cantos de louvanza.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO II (A) DO ADVENTO

### MARÍA, NOVA EVA

30 (B). Este prefacio dise nas misas do tempo, desde o 17 ata o 24 de decembro, e nas outras misas que se celebran durante este mesmo tempo e non teñan prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia darche as gracias,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Louvámoste, bendicímoste e glorificámoste
polo misterio da Virxe Nai:
pois a ruína veunos polo antigo adversario,
pero a salvación e a paz
agromaron para toda a humanidade
no seo virxinal da filla de Sión
onde xermolou aquel que nos alimenta co pan dos anxos.

A gracia que Eva nos tolleu foinos devolta en María.
A maternidade da Virxe, Nai de tódolos homes,
redimida do pecado e da morte,
é o abrente dunha vida nova.

Así, onde medrara o pecado,
desbordouse aínda máis o río da túa misericordia
en Cristo, o noso Salvador.

Por iso, nós,
namentres agardámo-la vinda de Cristo,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DO NADAL

## CRISTO, LUZ DO MUNDO

31. Este prefacio dise nas misas do día do Nadal e da súa oitava; durante a oitava dise tamén naquelas misas que, de se celebraren noutro tempo, terían prefacio propio, a non ser que se trate da misa dun misterio ou Persoa divina, que teña prefacio propio. Tamén se di nas ferias do tempo de Nadal.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Porque gracias ó misterio
da encarnación do teu Fillo,
a túa gloria iluminou cunha nova luz
os ollos da nosa fe.
Así, coñecendo a Deus visiblemente,
somos atraídos ó amor dos bens invisibles.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513.Na misa que se celebra na Vixilia ou na noite do Nadal dise: celebrámo-la noite santa na que, etc.; despois dise sempre: celebrámo-lo día santo no que, etc., ata a oitava do Nadal inclusive.

# PREFACIO II DO NADAL

## A RESTAURACIÓN DO UNIVERSO NA ENCARNACIÓN

32. Este prefacio dise nas misas do día do Nadal e da súa oitava; durante a oitava dise tamén naquelas misas que, de se celebraren noutro tempo, terían prefacio propio, a non ser que se trate da misa dun misterio ou Persoa divina, que teña prefacio propio. Tamén se di nas ferias do tempo de Nadal.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El no misterio santo que hoxe celebramos,
sendo invisible coma Deus,
fíxose visible coma home:
xerado antes de todo tempo, entrou na historia.

El só ergueu en si mesmo a creación caída,
restaurou a integridade do universo
e ó home perdido no pecado
chamouno de novo ó reino do ceo.

Por iso, en unión con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo...

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513. Na misa que se celebra na Vixilia ou na noite do Nadal dise: celebrámo-la noite santa na que, etc.; despois dise sempre: celebrámo-lo día santo no que, etc., ata a oitava do Nadal inclusive.

# PREFACIO III DO NADAL

## O INTERCAMBIO DIVINO E HUMANO NA ENCARNACIÓN DO VERBO

33. Este prefacio dise nas misas do día do Nadal e da súa oitava; durante a oitava dise tamén naquelas misas que, de se celebraren noutro tempo, terían prefacio propio, a non ser que se trate da misa dun misterio ou Persoa divina, que teña prefacio propio. Tamén se di nas ferias do tempo de Nadal.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Por el resplandece hoxe a plena luz
o maravilloso intercambio que nos salva:
mentres o teu Fillo asume a nosa debilidade humana,
o home mortal recibe unha nobreza divina
e nós mesmos compartímo-la súa vida inmortal.

Por iso, en unión con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo...

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513. Na misa que se celebra na Vixilia ou na noite do Nadal dise: celebrámo-la noite santa na que, etc.; despois dise sempre: celebrámo-lo día santo no que, etc., ata a oitava do Nadal inclusive.

# PREFACIO DA EPIFANÍA DO SEÑOR

## CRISTO, LUZ DOS POBOS

34. Este prefacio dise nas misas da solemnidade da Epifanía. Nos días que van desde esta solemnidade ata o sábado antes do domingo do Bautismo do Señor, pódese dicir este prefacio ou un dos do Nadal.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Porque, para iluminar a tódolos pobos,
hoxe revelaches en Cristo
o misterio da nosa redención.

Cando el apareceu na nosa condición mortal,
ti renováchesnos coa gloria da súa inmortalidade.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Na solemnidade da Epifanía, cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513.

# PREFACIO I DA CORESMA

## SIGNIFICACIÓN ESPIRITUAL DA CORESMA

35. Este prefacio dise no tempo da Coresma, maiormente nos domingos, cando estes non teñen prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Pois cada ano concédesnos ós teus fieis
esperar con corazón alegre e purificado
a celebración da Pascua.
Para que, entregándonos con máis fervor
á louvanza divina e ó servicio do próximo,
participemos nos misterios da nova vida
e cheguemos a ser plenamente fillos teus.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DA CORESMA

## O ESPÍRITO DA PENITENCIA

36. Este prefacio dise no tempo da Coresma, maiormente nos domingos, cando estes non teñen prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti estableciches este tempo de salvación
para renova-los corazóns dos teus fillos.
Ti queres que se libren de todo egoísmo
para viviren de tal xeito entre os bens caducos
que se apeguen máis ós eternos.

Por iso, con tódolos anxos e santos,
louvámoste sen cesar
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO III DA CORESMA

## OS FROITOS DAS PRIVACIÓNS VOLUNTARIAS

37. Este prefacio dise nas misas de feria da Coresma e nos días de xexún.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti queres que te glorifiquemos
coas obras da penitencia coresmal.
Elas axúdannos
a modera-la nosa indolencia de pecadores,
e a imitármo-la túa bondade
compartindo o noso pan cos pobres.

Por iso, con tódolos anxos,
glorificámoste e aclamámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO IV DA CORESMA

## OS FROITOS DO XEXÚN

38 (A). Este prefacio dise nas misas de feria da Coresma e nos días de xexún.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti coa austeridade corporal
repríme-los nosos vicios,
eléva-lo noso espírito,
dásno-la virtude e o premio.
Por Cristo, Señor noso.

Por iso, con tódolos anxos,
glorificámoste e aclamámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO V DA CORESMA

### O CAMIÑO DO ÉXODO NO DESERTO CORESMAL

38 (B). Este prefacio dise nas misas de feria da Coresma.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia
bendici-lo teu nome,
Pai misericordioso.

Porque agora,
no noso camiñar cara a luz da Pascua,
seguímo-las pegadas de Cristo,
mestre e modelo da humanidade
reconciliada no amor;
e ti encamiñas a Igrexa
polo vieiro dun novo éxodo
a través do deserto,
para que cheguemos á montaña santa
co corazón contrito e humillado.

Así podemos reaviva-la nosa vocación de pobo da alianza
convocado para bendici-lo teu nome,
escoita-la túa Palabra
e gozar das túas maravillas.

Por estes sinais de salvación,
cos anxos, ministros da túa gloria,
cantámo-la túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DA PAIXÓN DO SEÑOR

## A FORZA DA CRUZ

39. Este prefacio dise nas ferias da quinta semana da Coresma e nas misas dos misterios da Cruz e da Paixón do Señor.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Pois a paixón salvadora do teu Fillo
ensínalle ó home a confesar
o verdadeiro sentido da túa gloria.
E o poder misterioso da cruz
revela a condena do mundo
e fai resplandece-la victoria do Crucificado.

Por iso, agora nós, cheos de alegría,
aclamámoste cos anxos e cos santos,
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DA PAIXÓN DO SEÑOR

## A VICTORIA DA PAIXÓN

40. Este prefacio dise o luns, martes e mércores da Semana Santa.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Están chegando os días santos
da súa paixón salvadora
e da súa resurrección gloriosa.
Están chegando os días santos
nos que celebrámo-la súa victoria
sobre a soberbia de Satanás
e renovámo-lo misterio
da nosa redención.

Por iso o coro dos anxos
adora a túa maxestade
e alégrase eternamente na túa presencia.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO PASCUAL I

## O MISTERIO PASCUAL

41. Este prefacio dise durante o tempo pascual. Na misa da Vixilia pascual dise: nesta noite; o día da Pascua e durante a oitava: neste día; nas outras misas: neste tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
glorificarte sempre, Señor,
pero máis ca nunca nesta noite (neste día) (neste tempo)
en que Cristo foi inmolado
como o noso sacrificio pascual.

El é o Año verdadeiro
que arrincou o pecado do mundo.
El é o que morrendo
destruíu a nosa morte.
El é o que resucitando
restaurou a nosa vida.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Cando se usa o Canon romano, dise En comunión e Acolle, Señor, propios, pp. 513 e 514. Na misa da Vixilia pascual dise: celebrámo-la noite santa.

# PREFACIO PASCUAL II

## A NOVA VIDA EN CRISTO

42. Este prefacio dise durante o tempo pascual.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
glorificarte sempre, Señor,
pero máis ca nunca neste tempo
en que Cristo foi inmolado
como o noso sacrificio pascual.

Por el os fillos da luz
nacen á vida eterna
e abrénselles ós crentes
as portas do reino do ceo.
A nosa morte foi redimida na súa morte
e na súa resurrección resucitou a nosa vida.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO PASCUAL III

## CRISTO VIVE E INTERCEDE SEMPRE POR NÓS

43. Este prefacio dise durante o tempo pascual.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
glorificarte sempre, Señor,
pero máis ca nunca neste tempo
en que Cristo foi inmolado
como o noso sacrificio pascual.

El non deixa de se ofrecer,
e de interceder sempre
por nós ante ti.
Inmolado, xa non volve morrer.
Sacrificado, vive sempre.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO PASCUAL IV

## A RESTAURACIÓN DO UNIVERSO POLO MISTERIO PASCUAL

44. Este prefacio dise durante o tempo pascual.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
glorificarte sempre, Señor,
pero máis ca nunca neste tempo
en que Cristo foi inmolado
como o noso sacrificio pascual.

Porque el destruíu o pecado,
renovou o mundo caído
e nel o home volveu
á plenitude da vida.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## PREFACIO PASCUAL V

### CRISTO, SACERDOTE E VÍCTIMA

45. Este prefacio dise durante o tempo pascual.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
glorificarte sempre, Señor,
pero máis ca nunca neste tempo
en que Cristo foi inmolado
como o noso sacrificio pascual.

El, ofrecendo o seu corpo na cruz,
cumpriu de verdade
o que significaban os sacrificios
da antiga alianza.
Entregándose a si mesmo
pola nosa redención,
fíxose ó mesmo tempo
sacerdote, altar e víctima.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DA ASCENSIÓN DO SEÑOR

## O MISTERIO DA ASCENSIÓN

46. Este prefacio dise no día da Ascensión do Señor. Tamén se pode dicir este prefacio, ou un dos da Pascua, nos días seguintes ata o sábado antes do domingo de Pentecostés, nas misas que non teñen prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Porque Xesús, o Señor, o Rei da gloria,
triunfador do pecado e da morte,
subiu (hoxe), ante a admiración dos anxos, ás alturas do ceo.
Mediador entre Deus e os homes,
Xuíz do mundo, e Señor de todo.
Non marchou para nos abandonar na pobreza da nosa condición,
senón para asegura-la nosa esperanza.
El é a cabeza, nós os membros:
a onde el vai tamén nós esperamos ir un día.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

No día da Ascensión, cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513.

# PREFACIO II DA ASCENSIÓN DO SEÑOR

## O MISTERIO DA ASCENSIÓN

47 (A). Este prefacio dise no día da Ascensión do Señor. Tamén se pode dicir este prefacio, ou un dos da Pascua, nos días seguintes ata o sábado antes do domingo de Pentecostés, nas misas que non teñen prefacio propio.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, despois da súa resurrección,
aparecéuselles visiblemente
a tódolos discípulos.
Á vista deles subiu ó ceo
para nos facer participar
da súa divinidade.

Por iso, cheo de gozo pascual,
o mundo enteiro reborda de alegría,
e tamén os coros celestiais
cantan sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

No día da Ascensión, cando se usa o Canon romano, dise En comunión propio, p. 513.

## * PREFACIO PARA DESPOIS DA ASCENSIÓN

### NA ESPERA DA CHEGADA DO ESPÍRITO SANTO

47 (B). Este prefacio dise nos días despois da Ascensión do Señor ata o sábado antes do domingo de Pentecostés.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia
que tódalas creaturas
no ceo e mais na terra
te glorifiquen,
Deus todopoderoso e eterno,
por Xesucristo, o teu Fillo,
Señor do universo.

El, no ceo para sempre,
intercede por nós
coma mediador e peñor
da perenne efusión do Espírito.

Pastor e bispo das nosas almas,
chámanos á pregaria unánime,
como fixera con María e cos apóstolos,
na espera dun novo Pentecostés.

Por este misterio de santificación e de amor,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## O MISTERIO PASCUAL FIXO DE NÓS O POBO DE DEUS

48. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Pola obra admirable do misterio pascual
librounos do pecado e do xugo da morte,
chamounos á gloria de sermos
unha familia escolleita,
un sacerdocio real,
unha nación santa,
un pobo da túa propiedade.
Así anunciaremos ó mundo
as maravillas que fixeches ti, Pai,
que nos sacaches da escuridade
para nos levar ó esplendor da túa luz.

Por iso, cos anxos e cos arcanxos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## O PLAN DIVINO DA SALVACIÓN

49. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, compadecéndose da nosa miseria,
quixo nacer da Virxe María.
Sufrindo na cruz,
librounos da morte perpetua
e, resucitando de entre os mortos,
déuno-la vida eterna.

Por iso, cos anxos e cos arcanxos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO III DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## O HOME SALVADO POR UN HOME

50. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Recoñecémo-lo teu inmenso poder:
coa túa divinidade
socorríche-la nosa fraqueza.
Á mesma morte
lle procuraches remedio.
E tomando a nosa condición
convertiches en fonte de saúde
o que era fonte de pecado.
Por Cristo, Señor noso.

Por el, o coro dos anxos
adora a túa maxestade
e alégrase eternamente na túa presencia.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando con humildade a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO IV DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## AS ETAPAS DA HISTORIA DA SALVACIÓN EN CRISTO

51. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El co seu nacemento
renovou a humanidade caída.
Sufrindo a paixón
borrou os nosos pecados.
Resucitando da morte
preparou o camiño da gloria.
E coa súa ascensión
abriu as portas do ceo.

Por iso, cos anxos e cos santos,
cantamos sen cesar
o himno de louvanza
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO V DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## AS MARAVILLAS DA CREACIÓN

G. Este prefacio dar nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deixémoslle gracias ó Señor, nosso Deus.
R. É digno e de xustícia.

Verdadeiramente é digno e de xustícia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti creaches-lo universo-enteiro;
o tempo e as estacións
obedecen as túas leis.
O home,
formáchelo á túa imane
e dicheslle o dominio
sobre o universo e as súas maravillas.
Confiácheslle gobernar no teu nome
a creación enteira,
para que, ó contempla-las túas obras admirables,
te glorificase sen cesar,
por Cristo, Señor noso.

Por iso, con coos e cos terra,
con anxos e con arcanxos,
lourámoste, cantando con alegría:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO VI DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## O PEÑOR DA NOSA PASCUA ETERNA

53. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

En ti vivimos, movémonos e existimos.
No noso camiñar pola terra
experimentamos cada día
as probas do teu amor,
e temos xa a garantía da vida eterna,
porque nos deches como primicia o Espírito Santo.
El resucitou a Xesús de entre os mortos
e dáno-la esperanza segura
de que tamén se cumprirá en nós
o misterio pascual que celebramos.

Por iso, Señor, che damos gracias,
proclamamos cos anxos o teu poder
e glorificámoste, cantando:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO VII DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## A SALVACIÓN, FROITO DA OBEDIENCIA DE CRISTO

54. Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

O teu amor ós homes foi tan grande,
que nos enviáche-lo Redentor.
Quixeches que compartise
a nosa condición humana
en todo, menos no pecado,
para poderes amar en nós
o que amabas no teu Fillo.
A súa obediencia devolvéuno-los dons,
que a nosa desobediencia
nos fixera perder.

Por iso, cos anxos e cos santos,
louvámoste, cantando a túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO VIII DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

## A IGREXA UNIDA NO MISTERIO DA TRINIDADE

55 (A). Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Polo sangue de Cristo
e coa forza do teu Espírito,
ti quixeches xuntar de novo
os teus fillos que o pecado dispersara.
Fixeches deles un pobo,
como ti, Pai, es un co Fillo
e co Espírito Santo
no misterio da Trinidade.
Así, a túa Igrexa aparecerá ante o mundo
como corpo de Cristo
e templo do Espírito,
para louvanza da túa sabiduría.

Por iso, xunto con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO IX DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

### A ACCIÓN DO ESPÍRITO SANTO NA IGREXA

55 (B). Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre o en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

En cada momento ti concédesnos
o que máis nos convén,
e gobérna-la túa Igrexa
dun xeito admirable.
Porque coa forza do Espírito Santo
asegúraslle a túa axuda,
e ela, sempre obediente ó teu amor,
non se cansa de te invocar na desgracia
nin deixa de che dar gracias na alegría,
por Cristo, Señor noso.

Por iso, cos anxos e cos santos,
louvámoste, proclamando con gozo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO X DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO

### O DÍA DO SEÑOR

55 (C). Este prefacio dise nos domingos do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia
bendicirte e darche gracias,
Pai santo,
fonte da verdade e da vida,
porque neste día de festa
nos convidaches á túa casa.

Hoxe a túa familia,
reunida para escoita-la túa palabra
e parti-lo pan,
celebra o memorial do Señor resucitado.

Namentres agarda o domingo sen ocaso
no que a humanidade enteira
entrará no teu descanso.

Daquela contemplarémo-lo teu rostro
e louvarémo-la túa misericordia para sempre.

Nesta gozosa espera,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO DO BAUTISMO

### O BAUTISMO, COMEZO DA NOVA VIDA

55 (D). Este prefacio pódese dicir na misa do bautismo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é de xusticia
darche as gracias e louva-lo teu nome,
Pai santo e misericordioso,
por Xesucristo, Señor e Redentor noso.

Louvámoste, bendicímoste e glorificámoste
polo sacramento do novo nacemento.

Ti quixeches que do corazón aberto do teu Fillo
brotase para nós o don do bautismo,
primeira Pascua dos crentes, porta da nosa salvación,
comezo da vida en Cristo,
fonte da nova humanidade.

Da auga e do Espírito
enxendras no seo da Igrexa, nai e virxe,
un pobo sacerdotal e real
reunido de entre tódalas nacións
na unidade e santidade do teu amor.

Por este don da túa xenerosidade,
a túa familia adórate
e, cos anxos e cos santos,
proclama a túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza dos recén bautizados.

## * PREFACIO DA CONFIRMACIÓN

### MARCADOS CO SELO DO ESPÍRITO

55 (E). Este prefacio pódese dicir na misa da confirmación.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias
e proclamámo-la túa gloria,
Pai santo,
fonte e orixe de todo ben.

Ti, no bautismo, dá-la nova vida ós crentes
e falos participar
do misterio pascual do teu Fillo.
Ti confírmalos co selo do Espírito
pola imposición de mans
e a unción real do crisma.

Así, renovados á imaxe de Cristo,
que foi unxido polo Espírito Santo
e enviado para anuncia-la boa nova da salvación,
falos teus convidados no banquete da Eucaristía
e testemuñas da fe na Igrexa e no mundo.

Por isto nós,
nesta xuntanza festiva,
celebrámo-los prodixios dun novo Pentecostés
e, cos anxos e cos santos,
cantámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza dos novos confirmados.

# PREFACIO I DA SANTÍSIMA EUCARISTÍA

## O SACRIFICIO E O SACRAMENTO DE CRISTO

56. Este prefacio dise na misa da Cea do Señor; pódese dicir tamén na solemnidade do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo e nas misas votivas da Santísima Eucaristía.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Érguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso,
verdadeiro e único sacerdote.

El é o verdadeiro e eterno sacerdote,
que instituíu o sacrificio da nova alianza,
el ofreceuse o primeiro como víctima de salvación
e mandounos repetir esta ofrenda
para celebrármo-la súa memoria.
O seu corpo inmolado por nós é o alimento que nos fortalece;
o seu sangue vertido por nós é a bebida que nos purifica.

Por iso, cos anxos e os santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Cando se usa o Canon romano, no día da Cea do Señor dinse En comunión, Acolle, Señor, e El, na noite antes da súa paixón propios, pp. 265-266.

# PREFACIO II DA SANTÍSIMA EUCARISTÍA

## OS FROITOS DA SANTÍSIMA EUCARISTÍA

57 (A). Este prefacio dise na solemnidade do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo e nas misas votivas da Santísima Eucaristía.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Na última cea cos seus apóstolos
quixo perpetua-la memoria da súa paixón.
Entregouse a si mesmo como Año inmaculado
e como Eucaristía perfecta.
Este venerable misterio santifica e fortalece os teus fieis,
para que unha mesma fe ilumine
e un mesmo amor congregue a tódolos homes da terra.
Nós acudimos á mesa deste sacramento admirable,
para que nos encha da túa gracia
e nos faga semellantes ó teu Fillo.

Por iso, Señor, tódalas creaturas,
do ceo e mais da terra,
adórante cantando un cántico novo,
e nós, aclamándote
con toda a multitude dos anxos,
glorificámoste de cote, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO III DA SANTÍSIMA EUCARISTÍA

### A EUCARISTÍA, VIÁTICO PARA A PASCUA ETERNA

57 (B). Este prefacio pódese dicir na misa do viático.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia darche as gracias
e verdadeiramente é bo bendici-lo teu nome,
Pai santo,
Deus de misericordia e de paz.

Porque quixeches que o teu Fillo,
obediente ata morrer na cruz,
fose diante de nós polo camiño do retorno a ti,
remate de toda esperanza humana.

El, na Eucaristía,
testamento do seu amor,
convértese en comida e bebida espiritual
para ser alimento na nosa viaxe cara a Pascua eterna.

Este peñor da resurrección futura
fainos participar xa agora
na esperanza da mesa gozosa do teu reino.

Por iso, cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza de quen vai recibi-lo viático.

## * PREFACIO DAS ORDENACIÓNS

### CRISTO, ORIXE DE TODO MINISTERIO ECLESIAL

57 (C). Este prefacio pódese dicir na misa das ordenacións.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Louvámoste e dámosche gracias,
Pai santo,
Deus todopoderoso e cheo de misericordia.

Ti e-la orixe de toda paternidade
na comunión dun só Espírito.

O teu Fillo Xesucristo, sacerdote eterno,
servo ben mandado, pastor dos pastores,
é a fonte dos ministerios
que o teu pobo, peregrino no tempo,
mantén na viva tradición apostólica.

Coa diversidade de dons e de carismas
ti elixes e constitúes dispensadores dos santos misterios,
para que en tódolos pobos da terra
se ofreza o sacrificio perfecto e se edifique,
coa palabra e cos sacramentos,
a Igrexa santa,
comunidade da nova alianza e templo da túa gloria.

Por este misterio de salvación,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza dos recén ordenados.

## * PREFACIO DO CASAMENTO

### A DIGNIDADE DA UNIÓN MATRIMONIAL

57 (D). Este prefacio dise na misa do casamento.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,

Ti quixeches que a comunidade matrimonial
estivese rexida pola grata lei do amor
e polo vínculo irrompible da paz,
para que a unión casta e fecunda dos esposos
aumente o número dos teus fillos.

Pois ti, Señor, coa túa providencia
e coa túa gracia realíza-la maravilla
de que os fillos, que nacen para o progreso do mundo,
renazan polo bautismo
para o aumento da Igrexa,
por Cristo, Señor noso.

Por el, unidos ós anxos e ós santos,
cantámosche un himno de louvanza,
proclamando sen cesar a túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Outros prefacios para a misa do casamento, pp. 897 e 901.
Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza dos novos esposos.

## * PREFACIO DA PENITENCIA

### O SACRAMENTO DA RECONCILIACIÓN NO ESPÍRITO

57 (E). Este prefacio pódese dicir no tempo da Coresma. Dise tamén nas misas de reconciliación e noutras misas de carácter penitencial.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Louvámoste e dámosche gracias,
Pai santo,
Deus todopoderoso,
polos teus beneficios
e, sobor de todo, pola gracia do perdón.

Co sacramento da reconciliación,
por Cristo morto e resucitado,
léva-lo home, náufrago polo pecado,
ó porto da misericordia e da paz.

Co poder do teu Espírito
dispuxeches para a Igrexa,
santa pero tamén necesitada de penitencia,
outra táboa de salvación despois do bautismo.

Así renovas a cotío a túa Igrexa
e a congregas no banquete festivo do teu amor.

Por este don da túa benignidade,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO DA UNCIÓN DOS ENFERMOS

### O SUFRIMENTO, PARTICIPACIÓN NA PASCUA DE CRISTO

57 (F). Este prefacio pódese dicir nas misas da unción dos enfermos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Deus de misericordia,
Señor todopoderoso,
por Xesucristo, Señor e Redentor noso.

Ti quixeches
que o teu único Fillo,
autor da vida
e médico dos corpos e das almas,
cargase coas nosas fraquezas,
para nos axudar nas probas
e nos santificar na dor.

Pola oración da Igrexa,
co signo sacramental da unción,
líbrasnos do pecado,
confórtasnos coa gracia do Espírito Santo
e fasnos partícipes da victoria pascual.

Por este sinal da túa benevolencia,
cos anxos e cos santos,
proclamamos xuntos a túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

Nas Pregarias eucarísticas faise lembranza dos que recibiron a unción dos enfermos.

# PREFACIO I DE SANTA MARÍA VIRXE

## A MATERNIDADE DE MARÍA

58. Este prefacio dise nas misas da Santísima Virxe, engadindo no seu sitio (***) a mención da celebración do día, conforme se indica en cada misa.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Louvámoste, bendicímoste e glorificámoste
na *** da benaventurada sempre Virxe María.
Por obra do Espírito Santo
ela concebiu o teu único Fillo
e, sen perde-la gloria da virxinidade,
trouxo ó mundo a luz eterna:
Xesucristo, Señor noso.

Por el, os anxos e os santos
e tódolos coros celestiais
celebran xuntos a túa gloria,
con unánime alegría.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DE SANTA MARÍA VIRXE

## A IGREXA LOUVA A DEUS, INSPIRÁNDOSE NAS PALABRAS DE MARÍA

59 (A). Este prefacio dise nas misas da Santísima Virxe.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias polas maravillas
que obraches nos teus santos.
E maiormente, ó celebrármo-la festa
da santa Virxe María,
engrandéce-la túa clemencia
co seu mesmo cántico de louvanza.

Verdadeiramente fixeches maravillas
en favor de tódolos homes,
e de xeración en xeración
exténde-la túa misericordia.
Reparando na humildade da túa escrava,
déchesIle ó mundo o Salvador:
Xesucristo, teu Fillo, Señor noso.

Por el, os anxos e os santos
adórante eternamente,
gozosos na túa presencia.
Permítenos unirnos ás súas voces,
cantando con alegría:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO III DE SANTA MARÍA VIRXE

### MARÍA, MODELO E NAI DA IGREXA

59 (B). Este prefacio dise nas misas da Santísima Virxe.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
e tributarche a nosa humilde louvanza
nesta celebración en honor da Virxe María.

Ela recibiu o teu Fillo cun corazón inmaculado,
levouno no seu seo virxinal
e deuno a luz, a el que era o seu creador,
preparando o comezo da túa Igrexa.

Ó pé da cruz recibiu o testamento do teu amor
e adoptou coma fillos a tódolos homes,
que Cristo redimiu coa súa morte.

Cando en Pentecostés os apóstolos esperaban a túa promesa,
uniu á deles a súa pregaria
e converteuse así en modelo da Igrexa en oración.

E despois da súa asunción ó ceo
coida con amor de nai a Igrexa peregrina pola terra,
guiando os seus pasos cara á patria celeste
ata que chegue o día glorioso do Señor.

Por iso, cos anxos e cos santos,
louvámoste, dicindo sen cesar:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO IV DE SANTA MARÍA VIRXE

### MARÍA, SIGNO DE CONSOLO E DE ESPERANZA

59 (C). Este prefacio dise nas misas da Santísima Virxe.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia darche as gracias
e verdadeiramente é bo canta-la túa gloria,
Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Louvámoste e bendicímoste
por Xesucristo, o teu Fillo,
nesta festa (memoria) da benaventurada Virxe María.

Ela, coma humilde serva,
escoitou a túa palabra
e guardouna no seu corazón;
unida ó misterio da redención,
perseverou cos apóstolos na pregaria
mentres agardaban o Espírito Santo;
e agora brilla no noso camiño
coma consolo e esperanza.

Por este don do teu amor,
cos anxos e cos santos,
cantámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO V DE SANTA MARÍA VIRXE

### MARÍA, IMAXE DA HUMANIDADE NOVA

59 (D). Este prefacio dise nas misas da Santísima Virxe.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche as gracias,
Pai santo,
fonte da vida e da alegría.

Porque na plenitude dos tempos
quixeches revelárno-lo misterio
escondido desde séculos,
para que así o mundo enteiro
recupere a vida e a esperanza.

En Cristo, novo Adán,
e en María, nova Eva,
revélase o misterio da Igrexa
coma primicia da humanidade redimida.

Por este inefable don
e pola forza do Espírito Santo,
a creación enteira comeza de novo
o seu camiño cara a Pascua eterna.

Por iso, nós, cos anxos e cos santos,
cantámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## PREFACIO DOS ANXOS

### A GLORIA DE DEUS MANIFESTADA NOS ANXOS

60. Este prefacio dise nas misas dos santos anxos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Nos anxos e nos arcanxos
proclamámo-la túa gloria;
honrándoos a eles,
honrámo-la excelencia
da túa bondade.
O seu esplendor
revélano-la túa grandeza sublime
superior á de toda creatura.
Por Cristo, Señor noso.

Por el, os coros dos anxos
proclaman a túa gloria.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO DE SAN XOSÉ, ESPOSO DA VIRXE MARÍA

## A MISIÓN DE SAN XOSÉ

61. Este prefacio dise nas misas de san Xosé, engadindo no seu sitio (***) a mención da celebración do día, conforme se indica en cada misa.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Louvámoste, bendicímoste e glorificámoste
na *** de san Xosé.
El é o home xusto,
que lle deches por esposo
á Virxe, Nai de Deus.
El é o servidor fiel e prudente
a quen puxeches como cabeza da túa familia,
para coidar como pai
o teu Fillo único
concebido por obra do Espírito Santo,
Xesucristo, Señor noso.

Por el, os anxos e os arcanxos
e tódolos coros celestiais
celebran xuntos a túa gloria.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DOS APÓSTOLOS

## OS APÓSTOLOS, PASTORES DO POBO DE DEUS

62. Este prefacio dise nas misas dos apóstolos, principalmente nas de san Pedro e san Paulo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti e-lo Pastor eterno,
que nunca abandona o seu rabaño
e o protexe en todo tempo
por medio dos santos apóstolos.
Ti puxéchelos ó frente da túa Igrexa,
para que, en nome de Cristo,
a gobernasen como pastores.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DOS APÓSTOLOS

## OS APÓSTOLOS, FUNDAMENTO E TESTEMUÑO

63. Este prefacio dise nas misas dos apóstolos e dos evanxelistas.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti edificáche-la túa Igrexa
sobre o fundamento dos apóstolos
para que sexa sempre no mundo
signo visible da túa santidade
e anuncie a tódolos homes
o Evanxelio do teu reino.

Por iso, Señor, con tódolos anxos,
louvámoste agora e por sempre,
cantando con humildade
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO I DOS SANTOS

## A GLORIA DOS SANTOS

64. Este prefacio dise na misa de Tódolos Santos, dos santos Patróns e Titulares de igrexa, e nas solemnidades e festas dos santos, a non ser que haxa que dicir un prefacio máis propio. Pódese dicir tamén nas memorias dos santos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

A asamblea dos santos
celebra a túa gloria.
Coroando os seus méritos
coroáche-los teus propios dons.
Nas súas vidas, ofrécesnos un exemplo;
na súa comunión, unha familia;
na súa intercesión, unha axuda.
O seu testemuño fortalécenos
para afrontármo-lo combate da fe
e recibir con eles a coroa da gloria.
Por Cristo, Señor noso.

Por iso, cos anxos e cos arcanxos
e con tódolos santos do ceo,
cantámosche sen cesar o himno de louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DOS SANTOS

## EFICACIA DA ACCIÓN DOS SANTOS

65. Este prefacio dise na misa de Tódolos Santos, dos santos Patróns e Titulares de igrexa, e nas solemnidades e festas dos santos, a non ser que haxa que dicir un prefacio máis propio. Pódese dicir tamén nas memorias dos santos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

O testemuño admirable dos teus santos
fecunda continuamente a túa Igrexa
con forza sempre renovada.
Neles dásnos ós teus fillos
un signo seguro do teu amor.
O seu exemplo sérvenos de ánimo
e a súa intercesión de axuda,
para que se cumpra en nós
o misterio da salvación.

Por iso, agora nós,
cheos de alegría,
aclamámoste, cos anxos e cos santos,
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO DOS SANTOS MÁRTIRES

## O MARTIRIO, TESTEMUÑO E EXEMPLO

66. Este prefacio dise nas solemnidades e festas dos santos mártires. Pódese dicir tamén nas súas conmemoracións.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

O teu santo mártir N.,
seguindo o exemplo de Cristo,
verteu o seu sangue
por confesa-lo teu nome.
O seu martirio manifesta
as maravillas da túa gracia.
Así, na mesma fraqueza
revéla-lo teu poder,
facendo fortes ós fracos
para daren testemuño de ti.
Por Cristo, Señor noso.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nós te aclamamos na terra,
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO DOS SANTOS PASTORES

## A PRESENCIA DOS PASTORES SANTOS NA IGREXA

67. Este prefacio dise nas solemnidades e festas dos santos pastores. Pódese dicir tamén nas súas conmemoracións.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti concédeslle á túa Igrexa a alegría
de celebra-la festa de san N.,
anímasnos co seu exemplo,
instrúesnos coa súa predicación
e protéxesnos coa súa doctrina.

Por iso, cos anxos e cos santos,
cantamos sen cesar
o himno de louvanza
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO DAS SANTAS VIRXES E DOS SANTOS RELIXIOSOS

## SIGNIFICADO DA VIDA CONSAGRADA A DEUS

68. Este prefacio dise nas solemnidades e festas das santas virxes e dos santos relixiosos. Pódese dicir tamén nas conmemoracións dos mesmos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Celebrámo-lo teu designio admirable
nos santos que se consagraron a Cristo
para anuncia-lo teu reino.
Así volves chama-lo home
á santidade orixinal
e dásnos a probar na terra
os bens reservados para o ceo.

Por iso, con tódolos anxos e santos,
louvámoste sempre,
proclamando sen cesar:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN I

## O UNIVERSO, RESTAURADO EN CRISTO

69. Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti quixeches restaurar nel o universo
e que participásemos todos
da plenitude da súa vida.
Aínda que era de condición divina,
renunciou á gloria que lle compría
e, vertendo o seu sangue na cruz,
deulle a paz a todo o mundo.
Por iso foi exaltado sobre toda creatura
e converteuse en fonte de vida eterna
para cantos acollen a súa palabra.

Por iso, tamén nós, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN II

## A SALVACIÓN POR CRISTO

70. Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti creáche-lo home por amor
e cando mereceu ser condenado
redimíchelo con misericordia.
Por Cristo, Señor noso.

Por el, os anxos e os santos
e tódolos coros celestiais
celebran xuntos a túa gloria.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN III

## LOUVANZAS A DEUS POLA CREACIÓN E RENOVACIÓN DO HOME

71. Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Por medio do teu Fillo benquerido,
ti quixeches ser
non só o Creador da humanidade,
senón tamén o seu Salvador xeneroso.

Por iso, con tódolos anxos e santos,
louvámoste sempre,
proclamando a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN IV

## A NOSA LOUVANZA, COMO DON DE DEUS

72. Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti non precísa-la nosa louvanza,
pois mesmo a nosa acción de gracias
é un don do teu amor.
As nosas bendicións non te engrandecen a ti,
senón que axudan á nosa salvación.
Por Cristo, Señor noso.

Por iso, unidos ós coros dos anxos,
louvámoste, dicindo con alegría:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN V

## PROCLAMACIÓN DO MISTERIO DE CRISTO

73. Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Con amor celebrámo-la súa morte,
con fe viva proclamámo-la súa resurrección,
con esperanza firme esperámo-la súa volta gloriosa.

Por iso, cos anxos e con tódolos santos,
louvámoste, dicindo con alegría:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO COMÚN VI

## O MISTERIO DA SALVACIÓN EN CRISTO

74 (A). Este prefacio, que está tomado da Pregaria eucarística II (p. 522), dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
a ti, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Xesucristo, o teu Fillo benquerido.

El é a túa Palabra,
por ela creaches tódalas cousas.
El é quen ti nos mandaches
como Salvador e Redentor noso.
Por obra do Espírito Santo,
fíxose home
e naceu da Virxe María.
Para cumpri-la túa vontade
e adquirir para ti un pobo santo,
extendeu os brazos e morreu na cruz.
Así destruíu o poder da morte
e manifestou a victoria da resurrección.

Por iso, cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria,
dicindo todos xuntos:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO COMÚN VII

### CRISTO, HÓSPEDE E PEREGRINO ENTRE NÓS

74 (B). Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Señor, Pai santo,
Deus da alianza e da paz.

Ti chamaches a Abrahán
e lle mandaches saír da súa terra
para facelo pai de tódolos pobos.

Ti chamaches tamén a Moisés
para libera-lo teu pobo
e levalo á terra de promisión.

Ti, na plenitude dos tempos,
enviáche-lo teu Fillo coma hóspede e peregrino entre nós
para nos redimire do pecado e da morte;
e derramáche-lo Espírito
para faceres de tódalas nacións un pobo único e novo
que teña coma fin o teu reino,
coma condición a liberdade dos teus fillos
e coma estatuto o mandado do amor.

Por todos estes dons teus,
cos anxos e cos santos,
cantamos con ledicia
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO COMÚN VIII

### XESÚS, BO SAMARITANO

74 (C). Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo. Especialmente recomendado para o domingo XV do tempo ordinario do ciclo «C» e para o luns da semana XXVII do tempo ordinario.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
en tódolos intres e situacións da vida,
na saúde e na enfermidade,
nos padecementos e nas ledicias,
polo teu servo, Xesús, o noso Redentor.

Porque el, na súa vida terrea,
fixo sempre o ben
e sandou os oprimidos polo mal.

Tamén hoxe, como bo samaritano,
se achega a todo home que sofre no seu corpo e no seu espírito,
e sanda as súas feridas co bálsamo do consolo
e co viño da esperanza.

Por este don da túa gracia,
mesmo cando nos vemos mergullados na noite da dor,
albiscámo-la luz pascual
no teu Fillo, morto e resucitado.

Por isto, cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

## * PREFACIO COMÚN IX

### A GLORIA DE DEUS É O HOME QUE VIVE

74 (D). Este prefacio dise nas misas que non o teñen propio e que non deben coller un prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

É digno e de xusticia darche as gracias
sempre e en todas partes,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti e-lo Deus vivo e verdadeiro:
enchíche-lo universo enteiro da túa presencia
e sobre todo deixáche-lo sinal da túa gloria
no home que ti creaches á túa imaxe.

Ti encoméndaslle ó home
cooperar co seu traballo de cada día
na obra da creación.
Ti daslle o teu Espírito
para construi-la xusticia e a paz
en Cristo, o home novo.

Por iso, cos anxos e cos santos,
con ledicia cantámo-la túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

## PREFACIO I DE DEFUNTOS

### A ESPERANZA DA RESURRECCIÓN EN CRISTO

75. Este prefacio dise nas misas de defuntos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Nel resplandece a esperanza
da nosa feliz resurrección.
Así, se nos angustia
a certeza da nosa morte,
consólano-la promesa
da futura inmortalidade.
Porque a morte, Señor,
non destrúe a vida dos que cren en ti,
senón que a transforma.
E ó desfacérno-la morada
da nosa vida na terra,
xa nos agarda unha mansión eterna no ceo.

Por iso, cos anxos e cos santos
e con tódolos coros celestiais,
cantamos sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO II DE DEFUNTOS

## CRISTO MORREU PARA NOS DAR VIDA

76. Este prefacio dise nas misas de defuntos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Pois aceptou morrer el só
para nos librar a todos da morte.
Máis aínda, quixo morrer el só
para que todos vivamos contigo eternamente.

Por iso, en unión con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO III DE DEFUNTOS

## CRISTO, SALVACIÓN E VIDA

77. Este prefacio dise nas misas de defuntos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El é a salvación do mundo.
El é a vida dos homes.
El é a resurrección da carne.

Por iso, adoran os anxos a túa maxestade
e alégranse eternamente na túa presencia.
Permítenos asociarnos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo...

## PREFACIO IV DE DEFUNTOS

### A VIDA TERREA E A GLORIA CELESTE

78. Este prefacio dise nas misas de defuntos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti es quen nos dá a vida,
ti quen a gobernas coa túa providencia.
Pola lei do pecado
o noso corpo volve á terra
da que fora formado,
pero pola morte redentora do teu Fillo
ti chámasnos á gloria da resurrección.

Por iso, con tódolos anxos e santos,
cantámo-la túa gloria,
dicindo con alegría:

Santo, Santo, Santo...

# PREFACIO V DE DEFUNTOS

## A NOSA RESURRECCIÓN POLA VICTORIA DE CRISTO

79. Este prefacio dise nas misas de defuntos.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Porque aínda que a nosa culpa
nos trae a morte,
o teu amor xeneroso devólveno-la vida.
Pois se a morte nos venceu por causa do pecado,
a victoria de Cristo foi a nosa resurrección.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nós te aclamamos na terra
e glorificámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

# PREGARIA EUCARÍSTICA I

## OU CANON ROMANO

80. O sacerdote, coas mans extendidas, di:

A ti, pois, Pai de bondade infinita,
pedímosche humildemente
por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,

Xunta as mans e di:

que acollas e bendigas

Traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

estes ✠ dons, estas ofrendas,
este santo sacrificio.

Coas mans extendidas, prosegue:

Ofrecémoschos en primeiro lugar
pola túa Igrexa santa e católica:
dálle paz e unidade,
protéxea e diríxea en todo o mundo.
Ofrecémoschos tamén polo teu servidor
o noso Papa N.,
co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e con tódolos que profesan e promoven
a verdadeira fe católica e apostólica.

81. CONMEMORACIÓN DOS VIVOS.

Acórdate, Señor, dos teus fillos e fillas N. e N.

Xunta as mans e reza un pouco por aqueles polos que ten intención de rezar.

Despois, coas mans extendidas, prosegue:

Acórdate tamén de tódolos presentes:
ti coñeces ben a súa fe e devoción.
Ofrecémosche por eles este sacrificio de louvanza,
e tamén eles cho ofrecen por si
e por tódolos seus,
para a redención das súas almas
e para a felicidade e salvación que esperan.
A ti, Deus eterno, vivo e verdadeiro,
presentámosche as súas ofrendas e oracións.

82. CONMEMORACIÓN DOS SANTOS.

En comunión con toda a Igrexa,
recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus.

---

83 (A). Nos DOMINGOS, cando non hai outro En comunión propio, pódese dicir:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo-lo día no que Cristo venceu á morte
e nos fixo partícipes da súa vida inmortal.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

83 (B). No NADAL DO SEÑOR e na súa OITAVA:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo- (la noite santa na que) lo día santo
no que a Virxe María,
conservando intacta a súa virxinidade,
deu á luz o Salvador do mundo.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a mesma gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

84. Na EPIFANÍA DO SEÑOR:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo-lo día santo,
no que o teu Unixénito,
que comparte eternamente a túa propia gloria,
se manifestou visiblemente
tomando un corpo coma o noso.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

85. Desde a misa DA VIXILIA PASCUAL ATA O DOMINGO II DE PASCUA:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo- (la noite santa) lo día santo
da Resurrección do noso Señor Xesucristo
no seu corpo verdadeiro.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

86. Na ASCENSIÓN DO SEÑOR:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo-lo día santo
no que o teu Fillo unixénito, noso Señor Xesucristo,
que tomara a nosa fraca natureza humana,
a elevou á dignidade da túa gloria.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

87. No DOMINGO DE PENTECOSTÉS:

En comunión con toda a Igrexa,
celebrámo-lo día de Pentecostés,
no que o Espírito Santo se apareceu ós Apóstolos
en linguas coma de lume.
Recordamos e veneramos:
en primeiro lugar, a gloriosa sempre Virxe María,
Nai de Xesucristo, noso Señor e Deus. †

---

† E tamén o seu esposo san Xosé,
os teus santos apóstolos e mártires:
Pedro e Paulo, Andrés,
(Santiago e Xoán,
Tomé, Santiago, Filipe,
Bartolomeu, Mateo,
Simón e Tadeo;
Lino, Cleto, Clemenzo, Sixto,
Cornelio, Cibrán,
Lourenzo, Crisógono,
Xoán e Paulo,
Cosme e Damián)
e tódolos teus santos.
Polos seus méritos e pregarias
concédenos sempre a túa axuda e protección.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

88. Coas mans extendidas, prosegue:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.

---

89 (A). Desde a misa DA VIXILIA PASCUAL ATA O DOMINGO II DE PASCUA:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.

Ofrecémoscha tamén por aqueles
que fixeches renacer da auga e do Espírito Santo,
perdoándolles tódolos pecados.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.

89 (B). Na misa da PRIMEIRA COMUNIÓN:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente por N. e N. (aqueles)
que por primeira vez convidas neste día
a participar do pan da vida e do cáliz da salvación
na mesa da túa familia;
concédelles medrar sempre
na túa amistade e na comunión coa túa Igrexa.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.

89 (C). Na misa do CASAMENTO (a frase entre parénteses pode suprimirse se se xulga convenente):

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros,
dos novos esposos N. e N.
e de toda a túa familia,
que hoxe pide por eles;
e xa que lles concediches
chegar ó día dos desposorios,
dálles tamén
(a ledicia dunha ansiada descendencia e d)
unha longa vida.

89 (D). Na misa de ENTERRO:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente hoxe polo acougo eterno
de noso irmán N.:
pedímosche que, libre do pecado e do mal,
te dignes concederlle
a santa compaña dos teus escolleitos.

Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.

---

Xunta as mans.

(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

90. Coas mans extendidas sobre as ofrendas, di:

Bendice e acepta, Pai, esta ofrenda,
faina perfecta e digna de ti,
para que se nos converta no Corpo e no Sangue
do teu Fillo benquerido, Xesucristo, noso Señor.

Xunta as mans.

91. Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El, na noite antes da súa paixón,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan nas súas santas e venerables mans,
ergueu os ollos ó ceo,
cara a ti, Deus, o seu Pai todopoderoso,
deuche gracias,
rezou a bendición,
partiuno e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

92. Despois prosegue:

De igual modo, ó final da cea,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou tamén este cáliz glorioso
nas súas santas e venerables mans,
deuche gracias de novo,
rezou a bendición,
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

93. Despois di:

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Se a primeira aclamación se canta, faise do seguinte modo:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

O canto das outras aclamacións no Apéndice, p. 1165.

---

94. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Por iso, Señor,
nós os teus ministros, e o teu pobo santo,
celebrámo-lo memorial de Cristo, teu Fillo e Señor noso:
recordámo-la súa santa paixón,
a súa resurrección da morte
e a súa gloriosa ascensión ó ceo.

Dos mesmos dons que nos deches
ofrecémosche a ti, Deus de gloria e maxestade,
o sacrificio puro, santo e inmaculado:
o pan da vida eterna
e o cáliz da salvación perpetua.

95. Mira con agrado esta ofrenda
e acéptaa con benevolencia,
como aceptáche-los presentes de Abel, o xusto,
o sacrificio de Abrahán, o noso pai na fe,
e a oblación santa e pura
que che ofreceu o teu sumo sacerdote Melquisedec.

96. Inclínase e, coas mans xuntas, prosegue:

Pedímosche humildemente, Deus todopoderoso,
que o teu santo anxo
leve esta ofrenda ó teu altar do ceo,
á presencia da túa maxestade divina.
Fai que cantos recibimos neste altar
o sacrosanto Corpo e Sangue do teu Fillo

Érguese e fai o sinal da cruz.

recibamos tamén a plenitude da túa gracia e bendición.

Xunta as mans.

(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

97. CONMEMORACIÓN DOS DEFUNTOS.

Coas mans extendidas, di:

Acórdate, Señor, dos teus fillos e fillas N. e N.,
que viviron a fe antes ca nós
e que hoxe dormen o sono da paz.

Xunta as mans, e ora un pouquiño polos defuntos que ten intención de recordar.

Despois, coas mans extendidas, prosegue:

A eles, Señor, e a cantos acougan en Cristo
concédelle-la felicidade, a luz e a paz.

Xunta as mans.

(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

98. Coa man dereita bate no peito, dicindo:

E tamén a nós, que somos pecadores,

E, coas mans extendidas, prosegue:

pero que confiamos na túa infinita misericordia,
concédenos participar na comunidade
dos santos apóstolos e mártires:
Xoán Bautista, Estevo,
Matías e Bernabé,
(Ignacio, Alexandre,
Marcelino e Pedro,
Felicidade e Perpetua,
Águeda, Lucía,
Inés, Cecilia, Anastasia)
e tódolos teus santos.
Acóllenos na súa compaña,
non polo peso dos nosos méritos,
senón pola xenerosidade do teu perdón.

Xunta as mans.

Por Cristo, noso Señor.

99. E prosegue:

Por el continúas creando tódolos bens,
santifícalos, dáslles vida,
bendícelos e repártelos entre nós.

100. Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:




---

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# PREGARIA EUCARÍSTICA II

101. Esta Pregaria eucarística ten un PREFACIO propio que fai parte da súa estructura. Pero pódense usar tamén outros prefacios, especialmente os que presentan en breve síntese o misterio da salvación.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
a ti, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Xesucristo, o teu Fillo benquerido.

El é a túa Palabra,
por ela creaches tódalas cousas.
El é quen ti nos mandaches
como Salvador e Redentor noso.
Por obra do Espírito Santo,
fíxose home
e naceu da Virxe María.
Para cumpri-la túa vontade
e adquirir para ti un pobo santo,
extendeu os brazos e morreu na cruz.
Así destruíu o poder da morte
e manifestou a victoria da resurrección.

Por iso, cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria,
dicindo todos xuntos:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

102. O sacerdote, coas mans extendidas, di:

Ti es, Señor, verdadeiramente santo
e fonte de toda santidade.

103. Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

Manda o teu Espírito
e por el santifica estes dons,
para que se nos convertan

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

no Corpo e no ✠ Sangue
do noso Señor Xesucristo.

104. Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El (na misa vespertina do Xoves Santo: nesta mesma noite),
ó irse entregar voluntariamente á paixón,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan e deu gracias,
partiuno e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

105. Despois prosegue:

De igual modo, ó final da cea,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou o cáliz, deu gracias
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

106. Despois di:

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Se a primeira aclamación se canta, faise do seguinte modo:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

O canto das outras aclamacións no Apéndice, p. 1170.

---

107. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Celebrando agora, Señor,
o memorial da morte e resurrección do teu Fillo,
ofrecémosche o pan da vida
e o cáliz da salvación.
Dámosche gracias,
porque nos fixeches merecentes
de estar na túa presencia e de servirte.

Pedímosche humildemente
que o Espírito Santo
congregue na unidade
ós que participamos
no Corpo e no Sangue de Cristo.

Lémbrate, Señor, da túa Igrexa
extendida por toda a terra:

---

Nos DOMINGOS, cando non hai outro Lémbrate, Señor, propio, pódese dicir:

e reunida aquí
no día en que Cristo venceu a morte
e nos fixo partícipes da súa vida inmortal: †

No NADAL DO SEÑOR e na súa OITAVA:

e reunida aquí
no día santo (na noite santa)
no (na) que a Virxe María
deu a luz ó Salvador do mundo: †

Na EPIFANÍA DO SEÑOR:

e reunida aquí
no día en que o teu único Fillo,
eterno coma ti na gloria,
se manifestou na realidade da nosa propia carne: †

Na PASCUA e na súa OITAVA:

e reunida aqui
na noite santísima (no día santísimo)
da resurrección de noso Señor Xesucristo: †

Na ASCENSIÓN DO SEÑOR:

e reunida aquí
no día glorioso
no que Cristo foi constituído
Señor do ceo e mais da terra: †

No DOMINGO DE PENTECOSTÉS:

e reunida aquí
no día en que a efusión de teu Espírito
fixo dela sacramento de unidade
para tódolos pobos: †

---

† faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N.,
co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e con tódolos pastores do teu pobo.

---

Nas misas de PASCUA e da súa OITAVA, pódese engadir:

Lémbrate tamén dos nosos irmáns N. e N.
que hoxe, polo bautismo (e pola confirmación)
entraron na túa Igrexa:
axúdalles a seguiren a Cristo, teu Fillo, con xenerosidade.

Na misa da PRIMEIRA COMUNIÓN:

Lémbrate dos teus fillos N. e N. (daqueles)
que por primeira vez
convidas neste día a participar
do pan da vida e do cáliz da salvación
na mesa da túa familia:
concédelles medrar sempre na túa amistade
e na comunión coa túa Igrexa.

Na misa do CASAMENTO:

Lémbrate dos teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor:
concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.

Nas misas polos DEFUNTOS:

Lémbrate do teu fillo (filla) N.,
a quen (hoxe) chamaches deste mundo onda ti:
concédelle que, pois compartiu a morte do teu Fillo,
comparta tamén a súa resurrección.

---

Lémbrate tamén, Señor, dos nosos irmáns,
que durmiron o sono da paz
coa esperanza posta na resurrección,
e de tódolos que partiron deste mundo
amparados na túa bondade:
acólleos a todos na luz da túa presencia.

Ten misericordia de todos nós
e dáno-la gracia de participar na vida eterna,
con María, a Virxe Nai de Deus,
cos santos apóstolos,
e con tódolos que nesta vida
cumpriron a túa vontade:
que poidamos louvarte e darche gloria

Xunta as mans.

por mediación do teu Fillo Xesucristo.

108. Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:




---

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

## PREGARIA EUCARÍSTICA III

109. **O sacerdote, coas mans extendidas, di:**

Señor, noso Pai, ti es verdadeiramente santo
e con razón che canta louvanzas
a creación enteira.
Por mediación do teu Fillo,
noso Señor Xesucristo,
e coa forza do Espírito Santo,
enches de vida e santificas todo o universo.
Ti non deixas de arrecadar para ti un pobo
que, dun cabo ó outro do mundo,
presente no teu honor unha ofrenda pura.

110. **Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:**

Por iso che pedimos humildemente,
que te dignes santificar coa forza do teu Espírito
estas ofrendas que che consagramos.

**Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:**

Fai que se convertan
no Corpo e ✠ no Sangue do teu Fillo,
noso Señor Xesucristo,

**Xunta as mans.**

que nos mandou celebrar estes misterios.

111. **Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.**

El, na noite en que foi entregado,

---

**Na misa vespertina do XOVES SANTO:**

El, que amou sempre os seus que estaban no mundo,
na noite en que ía ser entregado

demostroulles que o seu amor non tiña límites
e, mentres ceaba cos seus discípulos,

---

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan, e dándoche gracias,
rezou a bendición,
partiuno e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

112. Despois prosegue:

De igual modo, ó final da cea,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou o cáliz, e dándoche gracias,
rezou a bendición,
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

113. Despois di:

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

---

Se a primeira aclamación se canta, faise do seguinte modo:





¡Ven, Señor Xesús!

O canto das outras aclamacións no Apéndice, p. 1173.

114. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Por iso, Señor,
celebrámo-lo memorial da paixón salvadora do teu Fillo,
da súa resurrección gloriosa
e da súa ascensión ó ceo,
e agardamos tamén o seu advenimento glorioso.
Por iso che ofrecemos, en acción de gracias,
este sacrificio de vida e santidade.

Volve os teus ollos para esta ofrenda da túa Igrexa
e recoñece a víctima
que coa súa inmolación nos reconciliou contigo.
Aliméntanos co Corpo e co Sangue do teu Fillo
e dáno-la plenitude do seu Espírito Santo,
para que formemos en Cristo un só corpo e un só espírito.

Que o mesmo Espírito Santo faga de nós para sempre
un sacrificio agradable a ti,
para que poidamos consegui-la herdanza eterna
xunto cos teus escolleitos:
coa Virxe María, a santa Nai de Deus,
cos santos apóstolos e cos mártires gloriosos
(con san N.: santo do día ou patrono)
e con tódolos santos.
Pola súa intercesión confiamos acadar sempre a túa axuda.

Que esta víctima pola que fomos reconciliados contigo
lle traia a todo o mundo a paz e a salvación.
Afirma na fe e no amor á túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
ó teu servidor, o noso Papa N.,
ó noso Bispo N.

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

a min, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

ó meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
a min, indigno servo teu,

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e á todo o Colexio Episcopal,
ós sacerdotes e diáconos
e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

Nas misas de PASCUA da súa OITAVA:

Confirma na fidelidade cristiá
os teus fillos (N. e N.)
que hoxe, polo bautismo (e polo don do Espírito),
chamaches a formar parte da túa Igrexa,
e concédelles andaren sempre nunha nova vida.

Na misa da PRIMEIRA COMUNIÓN:

Axuda ós teus fillos (N. e N.)
que por primeira vez
convidas neste día
a participaren do pan da vida e do cáliz da salvación,
na mesa da túa familia;
concédelles medrar sempre na túa amistade
e na comunión coa túa Igrexa.

Na misa do CASAMENTO:

Axuda ós teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor,
e concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.

Atende con amor as súplicas desta familia
que hoxe acolliches na túa presencia,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

---

Nos DOMINGOS, cando non hai outra lembranza propia, pode dicirse:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
no día en que Cristo venceu a morte
e nos fixo partícipes da súa vida inmortal,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

No NADAL e na súa OITAVA:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
no día santo (na noite santa)
no (na) que a Virxe María deu a luz ó Salvador do mundo,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

Na EPIFANÍA DO SEÑOR:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
no día santo no que o teu único Fillo,
eterno coma ti na gloria,
se manifestou na verdade da nosa carne
feito home,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

Na PASCUA e na súa OITAVA:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
na noite gloriosa (no día glorioso)

da resurrección de noso Señor Xesucristo
segundo a carne,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

Na ASCENSIÓN DO SEÑOR:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
no día glorioso da Ascensión
no que Cristo foi constituído
Señor do ceo e mais da terra,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

No domingo de PENTECOSTÉS:

Atende con amor as súplicas desta familia
que acolliches na túa presencia
no día en que a efusión do teu Espírito
fixo dela sacramento de unidade
para tódolos pobos,
apiádate tamén dos fillos
que tes dispersos polo mundo adiante:
axúntaos a todos contigo.

---

† Pai misericordioso, acórdate dos nosos irmáns defuntos
e de todos aqueles que deixaron este mundo
amparados na túa gracia.
Acólleos con bondade no teu reino,
onde tamén nós esperamos disfrutar con eles para sempre
da túa eterna gloria.

Xunta as mans.

Polo noso Señor Xesucristo,
por quen lle concedes ó mundo tódolos bens. †

115. Cando esta Pregaria eucarística se utiliza nas misas de defuntos, pódese dicir:

† Acórdate do teu fillo (da túa filla) N.,
a quen (hoxe) chamaches deste mundo onda ti.
Polo bautismo compartiu a morte de Xesucristo;
fai que comparta tamén a gloria da súa resurrección,
cando o Señor resucite da terra os mortos
e transforme o noso corpo mortal
nun corpo glorioso coma o del.
Acórdate tamén dos nosos irmáns defuntos
e de todos aqueles que deixaron este mundo
amparados na túa gracia.
Acólleos con bondade no teu reino,
onde tamén nós esperamos disfrutar con eles para sempre
da túa eterna gloria.
Entón ti enxugara-las bágoas dos nosos ollos,
e ó contemplarte, noso Deus, tal como es,
seremos para sempre semellantes a ti
e cantaremos eternamente a túa louvanza.

Xunta as mans.

Polo noso Señor Xesucristo,
por quen lle concedes ó mundo tódolos bens. †

116. Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Se se canta, faise do seguinte modo:




Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# PREGARIA EUCARÍSTICA IV

117. Esta Pregaria eucarística forma un todo único co seu PREFACIO, que non se pode cambiar nunca. Consecuentemente, non se pode dicir esta Pregaria cando está mandado un prefacio propio. Pódese dicir en tódolos outros casos, pero sempre co seu prefacio, mesmo cando as rúbricas prescriben o prefacio do tempo.

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno darche gracias, Pai santo,
verdadeiramente é de xusticia glorificarte.
Porque ti e-lo único Deus vivo e verdadeiro.

Ti existes desde sempre e vives para sempre.
Ti moras nunha luz inalcanzable.
Deus único da bondade e fonte da vida,
ti creaches tódalas cousas
para enchelas de bendicións
e alegralas co esplendor da túa luz.

Ante ti están os coros innumerables dos anxos
que te serven noite e día,
contemplan a gloria do teu rostro
e te glorifican sen cesar.
Con eles tamén nós,
e pola nosa voz a creación enteira,
aclamámo-lo teu nome,
cantando con alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.

¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

118. O sacerdote, coas mans extendidas, di:

Glorificámoste, Pai santo,
porque ti es grande
e porque fixeches tódalas cousas
con sabiduría e amor.

Ti creáche-lo home á túa imaxe
e confiáchesIle o coidado do universo,
para que te sirva a ti, seu Creador,
e domine sobre tódalas creaturas.

E cando, pola súa desobediencia,
perdeu a túa amistade,
non o abandonaches ó poder da morte.
Na túa misericordia axudaches a todos
para que te atopen os que te buscan.

Unha e outra vez ofrecíchesIle-la túa alianza ós homes
e por medio dos profetas ensináchesIles a espera-la salvación.

E tanto lle quixeches ó mundo, Pai santo,
que cando se cumpriu a plenitude dos tempos
mandáchesnos como Salvador ó teu único Fillo.

El fíxose home por obra do Espírito Santo,
naceu da Virxe María
e compartiu a nosa condición humana
en todo, menos no pecado.
Anuncióulle-la salvación ós pobres,
a liberdade ós presos,
e a alegría ós tristes.

Para cumpri-lo teu plan salvador
quixo morrer na cruz,
e coa súa resurrección
destruíu a morte e renovou a vida.

E para que non vivamos máis para nós mesmos,
senón para el, que morreu e resucitou por nós,
enviou, Pai, da túa parte, o Espírito Santo,
como primeiro don para os crentes:
o Espírito que completa a súa obra no mundo
e nos leva á plenitude da gracia.

119. Xunta as mans e, téndoas extendidas sobre as ofrendas, di:

Por iso agora che pedimos, Señor,
que este mesmo Espírito
santifique estas ofrendas.

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

Que elas se convertan
no Corpo e ✠ no Sangue
do noso Señor Xesucristo,

Xunta as mans.

e así celebremos este grande misterio
que nos deixou como signo de alianza eterna.

120. Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

Pois el, que amou sempre
ós seus que estaban no mundo,
cando lle chegou a hora
de ser glorificado por ti, Pai santo,
demostroulles que o seu amor non tiña límites.
Cando ceaba con eles

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan e rezou a bendición,
partiuno e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

121. Despois prosegue:

De igual modo,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou o cáliz con viño,
deu gracias e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

122. Despois di:

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

**Ou:**

**Sacerdote:**

Proclamade o misterio da nosa redención.

**Pobo:**

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

**Ou:**

**Sacerdote:**

Cristo entregouse por nós.

**Pobo:**

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

**Se a primeira aclamación se canta, faise do seguinte modo:**



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

**O canto das outras aclamacións no Apéndice, p. 1178.**

---

123. **Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:**

Por iso, Señor, celebramos agora
o memorial da nosa redención.

Lembrámo-la morte de Cristo
e o seu descenso ó mundo dos mortos.
Proclamámo-la súa resurrección e ascensión á túa dereita.
E mentres esperámo-la súa volta gloriosa,
ofrecémosche o seu Corpo e o seu Sangue,
o sacrificio que che agrada a ti
e que salva a todo o mundo.

Volve os teus ollos, Señor,
para esta víctima
que ti mesmo lle preparaches á túa Igrexa.
Fai que o Espírito Santo congregue nun só corpo
ós que imos participar
do mesmo pan e do mesmo cáliz,
a fin que en Cristo nos convertamos nunha ofrenda viva
para louvanza da túa gloria.

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

de min, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

do meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
de min, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e de todo o Colexio Episcopal;
acórdate dos sacerdotes e diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,

Nas misas da OITAVA DA PASCUA:

dos nosos irmáns (N. e N.)
que hoxe fixeches renacer
da auga e do Espírito Santo, †

Na misa da PRIMEIRA COMUNIÓN:

dos teus fillos (N. e N.)
que por primeira vez
convidas neste día
a participaren do pan da vida
e do cáliz da salvación
na mesa da túa familia, †

Na misa do CASAMENTO:

dos teus fillos N. e N.
que, en Cristo, fundaron hoxe unha nova familia, †

†dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

Acórdate tamén de tódolos defuntos:
dos que morreron na paz de Cristo
e dos que morreron cunha fe
que tan só ti podías coñecer.

E a todos nós, os teus fillos,
concédenos, Pai bondadoso,
que poidamos consegui-la herdanza do ceo,
xunto coa Virxe María, a santa Nai de Deus,
cos apóstolos e cos santos.
Alí, no teu reino,
xuntamente con toda a creación,
liberada xa do pecado e da morte,
cantarémo-la túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo,

Xunta as mans.

por quen lle concedes ó mundo tódolos bens.

124. Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:




---

Despois segue o rito da comunión.

# RITO DA COMUNIÓN

125. Deixando sobre o altar o cáliz e a patena, o sacerdote, coas mans xuntas, di:

Guiándonos polos consellos do Salvador
e seguindo a súa doctrina,
atrevémonos a dicir:

---

Ou:

Cheos de ledicia por sermos fillos de Deus,
digamos, con confianza,
a oración que Cristo nos ensinou:

Ou:

O amor de Deus foi derramado nos nosos corazóns
co Espírito Santo que se nos deu;
digamos, pois, con fe e esperanza:

Ou:

Antes de participar no banquete da Eucaristía,
signo de reconciliación
e símbolo de unión fraterna,
recemos xuntos como o Señor nos ensinou:

---

Extende as mans e, xuntamente co pobo, prosegue:

Noso Pai que estás no ceo:
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino
e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Danos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

126. O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue el só:

Líbranos, Señor, de tódolos males
e dáno-la paz nos nosos días;
fai que, axudados pola túa misericordia,
vivamos sempre libres de pecado
e amparados de toda desgracia,
mentres esperámo-la salvación
e a volta gloriosa
do noso Señor Xesucristo.

Xunta as mans.

O pobo remata a oración, aclamando:

Pois teus son o reino, o poder e maila gloria
por sempre eternamente.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:



Guiándonos polos consellos do Salvador e seguindo a súa



doctrina, atrevémonos a dicir:



Noso Pai que estás no ceo: santificado sexa o teu nome, veña



o teu reino e fágase a túa vontade aquí na terra coma no ceo.



Danos hoxe o noso pan de cada día; perdoa as nosas ofensas,



como tamén perdoamos nós a quen nos ten ofendido; e non



nos deixes caer na tentación, mais líbranos do mal.



Líbranos, Señor, de tódolos males e dáno-la paz nos nosos días;



fai que, axudados pola túa misericordia, vivamos sempre libres



de pecado e amparados de toda desgracia, mentres esperámo-



-la salvación e a volta gloriosa do noso Señor Xesucris- to.



R. Pois teus son o reino, o poder e maila gloria por sempre



eternamente.

127. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di en voz alta:

Señor Xesucristo,
ti dixéchesslles ós teus Apóstolos:
«Déixovo-la miña paz, dóuvo-la miña paz.»
Non míre-los nosos pecados,
senón a fe da túa Igrexa:
dígnate darlle a paz e maila unión
de acordo coa túa vontade.

Xunta as mans.

Pedímoscho a ti,
que vives e reinas por sempre eternamente.

O pobo responde:

Amén.

128. O sacerdote de cara ó pobo, extendendo e xuntando as mans, engade:

A paz do Señor sexa sempre convosco.

E o pobo responde:

E contigo tamén.

129. Despois o diácono ou o sacerdote, se é oportuno, engade:

Dádevo-la paz coma irmáns.

---

Ou:

Como fillos de Deus,
intercambiade agora
un signo de comunión fraterna.

Ou:

En Cristo, que nos fixo a todos irmáns,
dádevo-la paz como signo de reconciliación.

Ou:

No Espírito de Cristo resucitado,
dádevo-la paz sentíndovos irmáns.

---

E todos, conforme ó costume de cada sitio, danse a PAZ, manifestando o amor entre eles. O sacerdote dalle a paz ó diácono ou ó ministro.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:



V. A paz do Señor sexa sempre convosco. R. E contigo tamén.



Dádevo-la paz coma irmáns.

---

130. Despois colle o pan consagrado e párteo sobre a patena, botando un anaquiño no cáliz, e di en voz baixa:

| | |
|---|---|
| Que esta unión | Haec commíxtio |
| do Corpo e do Sangue | Córporis et Sánguinis |
| do noso Señor Xesucristo | Dómini nostri Iesu Christi |
| nos sirva | fiat accipiéntibus nobis |
| para a vida eterna. · | in vitam aetérnam. |

131. Namentres cántase ou dise:

Año de Deus, que quíta-lo pecado do mundo:
Ten piedade de nós.
Año de Deus, que quíta-lo pecado do mundo:
Ten piedade de nós.
Año de Deus, que quíta-lo pecado do mundo:
Dáno-la paz.

Se a fracción do pan se alonga, pódese repeti-lo canto varias veces. Pero a última débese rematar dicindo: Dáno-la paz.

132. O sacerdote despois, coas mans xuntas, di en voz baixa:

Señor Xesucristo,
Fillo de Deus vivo,
por vontade do Pai
e coa cooperación
do Espírito Santo,
déchesslle vida ó mundo
coa túa morte.
Pola comunión
do teu Corpo
e do teu Sangue
libérame dos meus pecados
e de todo mal:
faime fiel ós teus preceptos
e non permitas
que me separe de ti.

Dómine Iesu Christe,
Fili Dei vivi,
qui ex voluntáte Patris,
cooperánte Spíritu Sancto,
per mortem tuam
mundum vivificásti:
líbera me
per hoc sacrosánctum Corpus
et Sánguinem tuum
ab ómnibus iniquitátibus meis
et univérsis malis:
et fac me tuis semper
inhaerére mandátis,
et a te numquam
separári permíttas.

Ou:

Que a comunión
do teu Corpo e do teu Sangue,
Señor Xesucristo,
non sexa para min
motivo de xuício
e condenación:
e fai que, pola túa bondade,
me sirva de remedio
e protección
para a miña alma
e para o meu corpo.

Percéptio
Córporis et Sánguinis tui,
Dómine Iesu Christe,
non mihi provéniat
in iudícium
et condemnatiónem:
sed pro tua pietáte
prosit mihi
ad tutaméntum
mentis et córporis,
et ad medélam percipiéndam.

133. O sacerdote fai xenuflexión, colle o pan consagrado e, téndoo un pouco elevado sobre a patena, móstrallo ó pobo, dicindo:

Este é o Año de Deus que quita o pecado do mundo.
Felices os convidados á cea do Señor.

E, xunto co pobo, engade:

Señor, eu non son merecente
de que entres no meu fogar,
mais unha palabra túa
abonda para me salvar.

134. O sacerdote di en voz baixa:

Que o Corpo de Cristo
me garde para a vida eterna.

Corpus Christi custódiat me
in vitam aetérnam.

E comulga reverentemente o Corpo de Cristo.

Despois colle o cáliz e di en voz baixa:

Que o Sangue de Cristo
me garde para a vida eterna.

Sanguis Christi custódiat me
in vitam aetérnam.

E bebe reverentemente o Sangue de Cristo.

135. Despois colle a patena ou o copón, achégase onda os que queren comulgar e móstralle-lo pan consagrado, que mantén un pouco elevado, dicíndolle a cada un deles:

O Corpo de Cristo.

O que vai comulgar responde:

Amén.

E comulga.

O diácono ou os outros ministros que distribúen a COMUNIÓN observan os mesmos ritos.

136. Se se comulga baixo as dúas especies, obsérvese o rito descrito no seu lugar.

137. Cando o sacerdote comulga o Corpo de Cristo, comeza o canto da Comunión.

138. Acabada a Comunión, o sacerdote, o diácono ou o acólito purifica a patena sobre o cáliz, e o cáliz tamén.

Mentres fai a purificación, o sacerdote di en voz baixa:

Señor, que acollamos
con corazón limpo
o que externamente
recibimos coa boca.
Que este don temporal
se nos converta en vida eterna.

Quod ore súmpsimus,
Dómine,
pura mente capiámus,
et de múnere temporáli
fiat nobis
remédium sempitérnum.

139. Despois o sacerdote pode ir á sé. Se parece oportuno, pódense gardar uns momentos de silencio, ou cantar un salmo ou un cántico de louvanza.

140. Despois, de pé, desde a sé ou desde o altar, o sacerdote di:

Oremos.

E todos, xunto co sacerdote, oran en silencio por un pouquiño de tempo, a non ser que este silencio xa se fixese antes.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di a ORACIÓN DESPOIS DA COMUNIÓN. Termina coa conclusión breve (cf. n. 26). Ó final da oración o pobo aclama:

Amén.

# RITO DE DESPEDIDA

141. Neste momento danse, se cómpre, e con brevidade, os oportunos AVISOS ou ADVERTENCIAS ó pobo.

142. Despois vén a DESPEDIDA. O sacerdote extende as mans cara ó pobo e di:

O Señor sexa convosco.

O pobo responde:

E contigo tamén.

O sacerdote bendice o pobo dicindo:

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

O pobo responde:

Amén.

---

Na bendición do pobo, o bispo usa esta fórmula:

V. Bendito sexa o nome do Señor.
R. Agora e sempre.

V. A nosa axuda está no nome do Señor.
R. El fixo o ceo e maila terra.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
✠ Pai ✠ e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

---

Se se canta, faise do seguinte modo:



V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.



Bendígavos Deus todopoderoso: Pai e Fillo ✝ e Espírito Santo.



R. A- mén.

Na bendición do bispo:



V. Bendito sexa o nome do Señor. R. Agora e sempre.



V. A nosa axuda está no nome do Señor. R. El fixo



ceo e maila terra.



V. Bendígavos Deus todopoderoso: ✝ Pai ✝ e Fillo ✝ e Espírito



Santo. R. A- mén.

---

Nalgúns días ou ocasións, antes desta fórmula de bendición, e de acordo coas rúbricas, ponse outra fórmula de bendición máis solemne ou a oración sobre o pobo.

143. Despois o diácono, ou o mesmo sacerdote, coas mans xuntas, di:

Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

Ou:

Que a ledicia do Señor sexa a nosa forza.
Podédesvos ir en paz.

Ou:

Glorificade o Señor coa vosa vida.
Podédesvos ir en paz.

Ou:

No nome do Señor, podédesvos ir en paz.

Ou, especialmente nos domingos de Pascua:

Anunciade a todos a ledicia do Señor resucitado.
Podédesvos ir en paz.

O pobo responde:

Deámoslle gracias a Deus.

Se se canta, faise do seguinte modo:



Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.



R. Deámoslle gracias a Deus.

144. Despois o sacerdote bica con veneración o altar, coma no comezo, e feita a debida reverencia cos ministros, retírase.

145. Se segue inmediatamente outra acción litúrxica, omítese o rito de despedida.

# BENDICIÓNS SOLEMNES E ORACIÓNS SOBRE O POBO

## BENDICIÓNS SOLEMNES

As bendicións seguintes pódense usar, a xuício do sacerdote, ó final da celebración da misa, ou dunha liturxia da palabra, ou da Liturxia das Horas, ou da celebración dos sacramentos.

O diácono ou, a falta del, o mesmo sacerdote pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Despois o sacerdote, extendendo as mans cara o pobo, pronuncia a bendición, e todos responden:

Amén.

### I. Nas celebracións do tempo

### 1. No Advento

Vós credes que o Fillo de Deus veu xa a este mundo
e esperades que volverá outra vez.
Que o Deus omnipotente e misericordioso
vos santifique coa luz do seu Advento
e vos encha coa súa bendición.

R. Amén.

Que no camiño desta vida
vos faga firmes na fe,
alegres na esperanza
e activos na caridade.

R. Amén.

Que os que vos alegrades con devoción
porque o Redentor veu xa onda nós feito home,

recibáde-lo premio da vida eterna
cando volva na maxestade da súa gloria.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 2. No tempo do Nadal

Coa encarnación do seu Fillo,
Deus escorrentou as tebras do mundo
e co seu nacemento glorioso
iluminou esta noite sagrada (este día sagrado).
Que a súa bondade infinita
arrede de vós as tebras do vicio
e encha os vosos corazóns
coa luz da virtude.

R. Amén.

El enviou o anxo a lles anunciar ós pastores
o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo.
Que el encha os vosos corazóns coa súa alegría
e vos faga mensaxeiros do seu Evanxelio.

R. Amén.

El pola encarnación do seu Fillo
uniu a terra co ceo.
Que el vos dea a súa paz e o seu amor
e vos faga participar na asamblea dos santos.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 3. O inicio do ano

Deus é a fonte e o principio de toda bendición.
Que el vos conceda a súa gracia,
vos encha coa súa bendición
e vos garde sans e salvos
ó longo de todo o ano.

R. Amén.

Que el vos manteña íntegros na fe,
fortes na esperanza
e perseverantes no amor ata a fin.

R. Amén.

Que el dispoña na súa paz
os vosos traballos e os vosos días,
escoite agora e sempre as vosas peticións
e vos leve á felicidade da vida eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 4. Epifanía do Señor

Deus chamouvos das tebras
á súa luz admirable.
Que el vos dea a súa bendición
e vos afirme na fe, na esperanza e na caridade.

R. Amén.

Vós seguides confiadamente a Cristo,
que hoxe se manifestou ó mundo
coma luz que brilla nas tebras.

Que tamén Deus vos faga a vós
ser luz para os vosos irmáns.

R. Amén.

Os magos seguiron a estrela
e con grande gozo
atoparon a Cristo,
que é a luz da luz.
Que tamén vós atopéde-lo Señor,
cando cheguedes ó final do voso camiño.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 5. Na Paixón do Señor

Na Paixón do seu Fillo
o Deus, Pai de misericordia,
deuvos un exemplo do seu amor.
Que polo voso servicio a Deus e ós homes,
el vos conceda o don maravilloso
da súa bendición.

R. Amén.

Vós credes que, coa súa morte temporal,
Cristo vos librou da morte eterna.
Que el vos conceda
a vida que non ten fin.

R. Amén.

Vós seguides a Cristo
na humillación da súa cruz.
Que el vos faga participar
na gloria da súa resurrección.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 6. No tempo pascual

Pola resurrección do seu Fillo
Deus salvouvos e concedéuvo-lo don
de serdes fillos seus.
Que el vos alegre coa súa bendición.

R. Amén.

Mediante a redención de Cristo,
Deus fíxovos participar da súa liberdade.
Que vos conceda tamén
terdes parte na vida eterna.

R. Amén.

Pola fe do bautismo
resucitastes con Cristo.
Que polo camiño dunha vida santa
merezades chegar á patria do ceo.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 7. Na Vixilia pascual e no día da Pascua

Que o Deus todopoderoso vos bendiga
nesta solemne festa da Pascua
e vos libre de todo pecado.

R. Amén.

Mediante a resurrección do seu Fillo
Deus fíxovos renacer a unha vida nova.
Que el vos leve tamén
á alegría eterna.

R. Amén.

Despois dos días da Paixón
celebrades con alegría
a festa da Pascua.
Que Deus vos axude a chegar con ánimo gozoso
á grande festa da Pascua eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 8. Na Ascensión do Señor

Deus todopoderoso vos bendiga neste día
en que o seu Fillo ascendeu ó ceo
e vos abriu tamén a vós o camiño
para chegardes onda el.

R. Amén.

Despois da resurrección,
Cristo aparecéuselles visiblemente
ós seus discípulos.
Que cando veña para xulga-lo mundo,
se mostre benigno convosco.

R. Amén.

Vós credes que Cristo está sentado
á dereita do Pai.
Que teñáde-la alegría de experimentar
que foi verdade a súa promesa
de estar convosco deica a fin dos tempos.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 9. En Pentecostés

Deus, o Pai da luz,
iluminou (hoxe) o corazón dos discípulos
enviándolle-lo Espírito Santo.
Que el vos bendiga
e vos encha cos dons do seu Espírito.

R. Amén.

O lume do Espírito Santo
que apareceu milagrosamente sobre os discípulos
vos purifique de todo mal
e vos ilumine co seu resplandor.

R. Amén.

O Espírito xuntou homes de tódalas linguas
na profesión da única fe.
Que el vos manteña nesa mesma fe
e cumpra a vosa esperanza
de contemplar un día o seu rostro.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 10. Durante o ano, I

(Bendición de Aarón: Núm 6, 24-26)

Que o Señor vos bendiga e vos garde.

R. Amén.

Que faga brilla-lo seu rostro sobre vós
e vos conceda a súa gracia.

R. Amén.

Que volva os seus ollos cara a vós
e vos dea a súa paz.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 11. Durante o ano, II

(Flp 4, 7)

A paz de Deus,
que supera toda comprensión,
garde os vosos corazóns
e os vosos pensamentos
no coñecemento e no amor de Deus
e do seu Fillo, noso Señor Xesucristo.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 12. Durante o ano, III

Que o Deus omnipotente e misericordioso vos bendiga
e vos conceda o don da verdadeira sabiduría.

R. Amén.

Que Deus vos alimente co pan da súa palabra
e vos faga perseverar nas boas obras.

R. Amén.

Que Deus guíe cara a el os vosos pasos
e vos mostre o camiño da paz e do amor.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 13. Durante o ano, IV

Deus é o Pai que ama e perdoa.
Que el vos garde sempre na súa paz
e vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

Que vos libre sempre de toda desgracia
e afirme os vosos corazóns no seu amor.

R. Amén.

Que vos enriqueza
cos dons da fe, da esperanza e da caridade,
para que practiquéde-lo ben nesta vida
e logréde-la felicidade eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 14. Durante o ano, V

Que o Deus todopoderoso
aparte de vós todo mal
e vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

Que abra os vosos corazóns á súa palabra
e os encha coa súa alegría eterna.

R. Amén.

Que vos axude a comprende-lo que é bo e xusto,
a andar polo camiño dos mandamentos
e a participar na gloria cos santos.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## II. Nas celebracións dos santos

### 15. Nas festas da Virxe María

Por medio do seu Fillo,
nacido da Virxe María,
Deus redimiu o mundo.
Que el vos enriqueza
cos dons da súa bendición.

R. Amén.

Por María recibíste-lo Autor da vida.
Que sintades sempre e en todo lugar
a súa protección maternal.

R. Amén.

Viñestes celebrar con devoción
a festa da Virxe María.
Que o Señor vos encha cos gozos do Espírito
e cos dons da vida eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 16. Na festa dos santos Pedro e Paulo

Pola confesión de san Pedro
Deus asegurou a permanencia da Igrexa.
Que el vos bendiga
e afirme a vosa fe.

R. Amén.

Pola predicación de san Paulo
Deus levouvos ó coñecemento da fe.
Que o seu exemplo vos ensine
a gañar para Cristo os vosos irmáns.

R. Amén.

Que o poder de san Pedro
e a palabra de san Paulo
intercedan por vós
e vos axuden a alcanza-la patria
que eles mereceron,
un pola cruz e outro pola espada.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 17. Nas festas dos apóstolos

Deus fundou a súa Igrexa
sobre o testemuño dos apóstolos.
Que el vos bendiga
pola intercesión dos santos apóstolos N. N. (do santo apóstolo N.)

R. Amén.

El, que vos fortaleceu
co exemplo e coa palabra dos apóstolos,
vos faga, coa súa axuda,
testemuñas da súa verdade ante o mundo.

R. Amén.

Os santos apóstolos,
que vos transmitiron a firmeza da fe,
vos axuden a chegar á vida eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 18. Nas misas dos santos

Deus concédevos hoxe celebra-la festa de san N. (dos santos).
El, que é a gloria e a alegría dos santos,
vos dea a súa bendición perpetua.

R. Amén.

Que a intercesión dos santos (de san N.)
vos libre dos males presentes
e que o seu exemplo vos estimule
no servicio de Deus e dos irmáns.

R. Amén.

A santa Igrexa alégrase
de que moitos dos seus fillos alcanzasen
a alegría dos santos e a paz perpetua.
Que tamén vós poidades disfrutar
esa paz e esa alegría.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## III. Outras bendicións

### 19. Na dedicación dunha igrexa

Deus, Señor do ceo e da terra,
axuntouvos hoxe para celebra-la dedicación
(-lo cabodano da dedicación) desta igrexa.
Que el vos encha coa abundancia
da súa bendición.

R. Amén.

Deus quixo congregar mediante o seu propio Fillo
os fillos que estaban dispersos.
Que el faga de vós o seu templo vivo
e morada do Espírito Santo.

R. Amén.

Que, purificados pola gracia,
habite Deus nos vosos corazóns
e vos acolla un día entre os santos
na súa felicidade eterna.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 20. Nas celebracións polos defuntos

Polo seu grande amor,
Deus creou o home
e déuvo-la esperanza
de resucitar no seu Fillo.
El, que é a fonte de todo consolo,
vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu reino de luz e de paz.

R. Amén.

Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

# ORACIÓNS SOBRE O POBO

As oracións seguintes pódense usar, a xuízo do sacerdote, ó final da celebración da misa, ou dunha liturxia da palabra, ou da Liturxia das Horas, ou da celebración dos sacramentos.

O diácono ou, a falta del, o mesmo sacerdote pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Despois o sacerdote, extendendo as mans cara ó pobo, pronuncia a oración, e todos responden:

Amén.

Feita a oración, o sacerdote conclúe:

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

1. Señor,
móstrate bondadoso co teu pobo.
Non négue-la túa bendición na terra
a aqueles que chamas ó teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

2. Señor,
protexe os teus fillos
coa abundancia da túa gracia.
Concédelles vivir sans de alma e corpo,
que se amen coma irmáns
e te sirvan sempre con devoción.
Por Cristo, noso Señor.

3. Señor,
concédelle ó pobo cristián
coñecer a fondo a fe que profesa
e vivir con amor os sacramentos que recibe.
Por Cristo, noso Señor.

4. Señor,
dálle a bendición ó teu pobo,
para que poida vence-lo mal
e logra-lo ben que desexa.
Por Cristo, noso Señor.

5. Señor,
bendice e fortalece o teu pobo.
Que permaneza sempre na túa vontade
e se alegre sempre cos teus beneficios.
Por Cristo, noso Señor.

6. Señor,
converte a ti o corazón do teu pobo;
pois, se mesmo sendo pecadores nos protexes,
moito máis nos coidas
cando nos entregamos a ti con corazón limpo.
Por Cristo, noso Señor.

7. Señor,
ilumina con bondade a túa familia,
para que siga de corazón a túa lei
e practique sempre as boas obras.
Por Cristo, noso Señor.

8. Señor,
atende os teus fillos
e dálle-la túa axuda ós que cha piden.
Renova a obra da túa creación
e consérvalle-lo que renovaches
ós que te recoñecen coma pai e pastor.
Por Cristo, noso Señor.

9. Señor,
mira con bondade o pobo que confía en ti.
Axúdao a compartir cos demais
os dons que recibiu do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

10. Señor,
bendice o teu pobo,

que espera o amparo da túa misericordia.
Concédelle conseguir coa túa axuda
os bens que desexa pola túa inspiración.
Por Cristo, noso Señor.

11. Señor,
que a túa gracia faga medra-lo teu pobo
e o axude a permanecer no teu servicio.
Por Cristo, noso Señor.

12. Señor,
apiádate do teu pobo e líbrao de todo mal.
Fai que te sirva de todo corazón
e viva sempre baixo a túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

13. Señor,
axuda o teu pobo co poder da túa gracia.
Fai que te busque de todo corazón
e consiga o que che pide con fe.
Por Cristo, noso Señor.

14. Señor,
que a túa familia se alegre sempre
ó celebra-los misterios da súa redención
e reciba decote os seus froitos.
Por Cristo, noso Señor.

15. Señor,
móstrate bondadoso co teu pobo.
Fai que refugue sempre o que che desagrada
e se goce en cumpri-los teus mandamentos.
Por Cristo, noso Señor.

16. Señor,
protexe co teu poder o pobo en oración.
Purificado e guiado pola túa doctrina,
consólao nesta vida
e encamíñao á gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

17. Señor,
mira para esta familia túa,
pola que o noso Señor Xesucristo
non dubidou en se entregar ós seus enemigos
e sufri-lo tormento da cruz.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

18. Señor,
concédelle ó teu pobo
celebrar sempre o misterio pascual
e vivir na esperanza do mundo futuro.
Fai que, permanecendo fiel ós sacramentos
que lle deron nova vida,
poida chegar á plenitude da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

19. Señor,
coa abundancia dos teus dons
dálle prosperidade e paz ó teu pobo.
Fai que, fortalecidos pola túa bendición,
che dean sempre gracias
e proclamen gozosos a túa louvanza.
Por Cristo, noso Señor.

20. Que Deus vos bendiga coa plenitude dos seus dons
e vos faga puros e santos na súa presencia.
Que extenda sobre vós a riqueza da súa gloria,
vos adoctrine coas palabras da verdade,
vos ilumine co evanxelio da salvación
e vos encha de amor ós irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

21. Señor,
fai os teus fieis puros de alma e corpo
e que, purificados polo teu Espírito,
eviten as tentacións do mal
e disfruten sempre co teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

22. Señor,
que descenda sobre nós a túa bendición
e nos vivifique coa súa forza.
Que o teu amor nos fortaleza
para practicarmos sempre o ben.
Por Cristo, noso Señor.

23. Señor,
fortalece o corazón dos teus fieis
e sostenos coa forza da túa gracia.
Fai que perseveren sempre na oración
e se amen con amor sincero.
Por Cristo, noso Señor.

24. Señor,
ti que protéxe-los que esperan en ti,
bendice, salva, defende e guía o teu pobo.
Líbrao do pecado
e fortaléceo contra o mal,
para que viva sempre no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Nas festas dos santos

25. Señor,
que o pobo cristián
se alegre ó celebra-la grandeza dos teus santos.
Que esta celebración o leve
a participar da súa felicidade
e a gozar sempre da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

26. Señor,
volve a ti o corazón do teu pobo.
Guíao sempre coa túa gracia,
ti, que o axudas
co poderoso patrocinio dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.



# PROPIO DOS SANTOS

1. A categoría litúrxica das celebracións, é dicir, solemnidade, festa ou memoria, sinálase en cada un dos días. Cando non se fai ningunha indicación, é que se trata dunha conmemoración a vontade.

2. Para cada unha das solemnidades e festas ponse unha misa en por si completa, que é, polo tanto, a que se emprega.

3. No referente ás memorias, hai que ter en conta o seguinte:

*a)* Sempre que haxa textos propios sinalados, deberanse coller.

*b)* Cando se remite a algún Común concreto, escóllense os textos máis axeitados, conforme ós principios que ó comezo dos Comúns se expoñen. A páxina que se indica en cada caso concreto, sinala tan só o comezo do Común ó que se remite.

*c)* Se se remite a varios Comúns, pódense escoller un ou outro, tendo en conta a utilidade pastoral e a facultade de cambiar entre si os textos das diferentes misas do mesmo Común. Así, poñamos por caso, se algún santo é asemade mártir e bispo, poderase coller ou o Común dos mártires ou o Común dos pastores (bispos).

*d)* Ademais, a maiores dos Comúns que fan referencia a unha nota peculiar de santidade (por exemplo, mártires, virxes, pastores, etc.), sempre se poden empregar tamén os Comúns dos santos e das santas que se refiren á santidade en xeral. Así, poñamos por caso, para unha santa virxe e mártir, amais do Común dos mártires ou das virxes, pódense empregar tamén os textos do Común dos santos e das santas.

*e)* A oración sobre as ofrendas e a oración final, a non ser que sexan propias, cóllense ou do Común ou do tempo litúrxico no que se estea.

4. As misas que aparecen neste Propio, exceptuando non obstante as misas dos misterios da vida do Señor e da Virxe santa María e tamén as dalgúns santos, que teñen xa unha misa votiva de seu, empréganse tamén coma votivas. Neste caso, omítense nas oracións as palabras que fan referencia ó día da morte, solemnidade ou festa, e no seu lugar ponse a palabra memoria ou conmemoración. Tamén, se nalgún caso aparece a antífona Alegrémonos, cóllese no seu lugar outra antífona do Común que lle corresponda.

A IGREXA TRIUNFANTE

*Pórtico da Gloria. Catedral de Santiago (s. XII).*

Desde Compostela ábrese o Cristo glorioso, constelado de anxos e de santos. Maravilla inigualada que proclama o triunfo dos seus seguidores, dos cidadáns do ceo.

# XANEIRO

Día 2 de xaneiro

## Santos Basilio Magno e Gregorio Nacianceno, bispos e doutores da Igrexa

Memoria

Basilio naceu en Cesárea de Capadocia o ano 330, dunha familia cristiá. Foi un home de grande cultura e virtude. Primeiro fíxose eremita, pero polo ano 370 foi elevado á sé episcopal da súa cidade natal. Combateu os arrianos, escribiu excelentes obras e sobre todo regras monásticas, que rexen aínda hoxe en moitos mosteiros de Oriente. Foi un grande benfeitor dos pobres. Morreu no ano 379, o día 1 de xaneiro.

Gregorio naceu o mesmo ano que Basilio, preto de Nacianzo, e andou por diversos lugares por mor dos estudios. Seguiu o seu amigo Basilio na vida solitaria, pero despois foi ordenado presbítero e bispo. No ano 381 foi elixido bispo de Constantinopla, pero, debido ás divisións existentes naquela Igrexa, retirouse a Nacianzo, onde morreu o 25 de xaneiro do 389 ou 390. Foi chamado «o teólogo», pola profundidade da súa doctrina e o engado da súa elocuencia.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti tiveches a ben ilumina-la túa Igrexa
cos exemplos e coa doctrina
dos santos Basilio e Gregorio.
Fai que aprendamos a túa verdade humildemente
e que vivamos con fidelidade no amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

Día 7 de xaneiro

## San Raimundo de Penyafort, presbítero

Naceu polo ano 1175 preto de Barcelona. Primeiro foi cóengo da Igrexa de Barcelona e despois ingresou na Orde dos Predicadores. Por mandado do papa Gregorio IX editou o Corpus «decretais». Foi elixido xeral da Orde dos Dominicos e gobernouna con sabiduría e prudencia. Entre os seus escritos cómpre suliña-la «Summa Casuum» para unha administración axeitada e proveitosa do sacramento da penitencia. Morreu no ano 1275.

Do Común dos pastores (p. 844).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle a san Raimundo
un corazón cheo de misericordia cos pecadores e cos presos.
Pedímosche, pola súa intercesión,
que nos ceibes das cadeas do pecado,
para que poidamos cumpri-la túa vontade
con liberdade de espírito.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 9 de xaneiro

## San Euloxio de Córdoba, presbítero e mártir

Naceu en Córdoba polos primeiros anos do século IX e nesta cidade exerceu o seu ministerio. É o principal escritor da Igrexa mozárabe. No medio da situación difícil que vivía a comunidade cristiá española, san Euloxio foi sempre consolo e alento para tódolos perseguidos pola súa fe. Foi decapitado o 11 de marzo do ano 859, cando xa fora preconizado arcebispo de Toledo. Empezou a recibir culto inmediatamente despois de morrer.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti, na difícil situación da Igrexa mozárabe,
déchesslle a san Euloxio fortaleza de espírito
para confesar barilmente a fe.
Fai que poidamos superar con gozo e enerxía,
fortalecidos por ese mesmo espírito,
tódalas nosas adversidades.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 13 de xaneiro

## San Hilario, bispo e doutor da Igrexa

Naceu en Poitiers polos primeiros anos do século IV. Arredor do ano 350 foi elixido bispo da súa cidade natal. Loitou contra os arrianos e o emperador Constancio mandouno ó desterro. Publicou varias obras admirables pola súa sabiduría e doctrina para reforza-la fe católica e interpreta-la Sagrada Escritura. Morreu no ano 367.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus todopoderoso,
o bispo san Hilario foi un defensor constante
da divinidade do teu Fillo.
Concédenos que cheguemos tamén nós
a coñecer como convén a súa divinidade
e a confesala fielmente.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 17 de xaneiro

## San Antón, abade

Memoria

O preclaro pai dos monxes naceu en Exipto polo ano 250. Despois de lle morreren os pais, repartiu os seus bens entre os pobres e retirouse á soedade, onde levou unha vida entregada á penitencia. Tivo moitos discípulos, traballou polo ben da Igrexa fortalecendo a fe de moitos durante a persecución de Diocleciano e axudando a san Atanasio contra os arrianos. Morreu no ano 356.

### Antífona de entrada — Sal 91, 13-14

O xusto florecerá coma unha palmeira, medrará coma un cedro do Líbano plantado na casa do Señor, no adro da casa do noso Deus.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti déchesslle forza ó santo abade Antón,
para te servir no ermo cunha vida santa.
Concédenos, pola súa intercesión,
que poidamos renunciar a nós mesmos
e amarte decote a ti sobre tódalas cousas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, pedímosche que acollas con agrado
as ofrendas que che presentamos no teu altar
ó facermos lembranza do glorioso san Antón.
Fai que, libres do achego ós bens da terra,
atopemos só en ti a nosa riqueza.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 19, 21

«Se queres ser perfecto, vai, vende canto tés e dállelo ós pobres, e despois ven e sígueme», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti concedíchesslle a san Antón
a gloria de vence-las forzas do mal.
Sostennos tamén a nós cos teus sacramentos,
para que poidamos superar sempre as tentacións do enemigo.
Por Cristo, noso Señor.

Día 20 de xaneiro

# Santos Froitoso, bispo, e os seus diáconos Euloxio e Augurio, mártires

Entre os mártires máis preclaros da España romana destacan o bispo de Tarragona san Froitoso e os seus diáconos Augurio e Euloxio. Gracias ás Actas do seu martirio, excepcionais na súa autenticidade e escritas con sublime sinxeleza, coñecemos detalles primorosos da organización eclesiástica e da vida cristiá da España antiga. Prudencio dedicou a estes santos os seus mellores versos. Morreron en Tarragona, baixo as persecucións de Valeriano e Galieno, no ano 259.

## Antífona de entrada

Abrasados polo amor de Cristo máis ca polo lume, os santos Froitoso, Euloxio e Augurio, coma os tres mozos botados no forno, daban coa súa alegría testemuño da resurrección que agardaban.

## Oración

Señor, ti concedíchesslle ó bispo Froitoso
forza para da-la vida pola Igrexa,
e quixeches que os seus diáconos Euloxio e Augurio
lle fixesen compaña ledos no seu martirio.
Fai que a túa Igrexa viva sempre na alegría da esperanza
e se entregue sen acougo
ó servicio de tódolos pobos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos
na festa dos santos Froitoso, Euloxio e Augurio.
Que estes santos misterios,
que lles deron forza ós mártires na persecución,
nos axuden a nós,
para que non desfalezamos nos traballos da vida.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión 2 Cor 4, 11

Somos entregados á morte por causa de Xesús, para que a vida de Xesús tamén se manifeste na nosa carne mortal.

### Oración despois da comunión

Señor, estes sacramentos que recibimos
son a celebración do que padeceu o teu Fillo
pola salvación dos homes.
Fai que avivezan tamén o lume da nosa caridade
ata o punto de non termos medo
en ofrece-las nosas vidas polo ben de tódolos homes,
como o fixeron os santos Froitoso, Euloxio e Augurio.
Por Cristo, noso Señor.

O mesmo día 20 de xaneiro

## San Fabián, papa e mártir

Foi elixido papa no ano 236. Ó comezo da persecución de Decio, no ano 250, foi martirizado conforme testemuña san Cibrán. Foi enterrado nas catacumbas de Calixto.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la gloria dos teus sacerdotes.
Concédenos que, pola intercesión do mártir san Fabián,
medremos na comunión da mesma fe
e na entrega da nosa vida ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 20 de xaneiro

## San Sebastián, mártir

Morreu mártir, en Roma, ó comezo da persecución de Diocleciano. O seu sepulcro, que se atopa nas catacumbas da vía Appia, é honrado desde a máis remota antigüidade con moita veneración.

Do Común dos mártires (p. 833)

### Oración

Señor, concédeno-lo espírito de fortaleza.
Así, seguindo o exemplo glorioso do mártir san Sebastián,
aprenderemos a obedecerte a ti antes que ós homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de xaneiro

## Santa Inés, virxe e mártir

Memoria

Foi martirizada en Roma na segunda metade do século III ou, máis probablemente, a comezos do século IV. O papa Dámaso decorou o seu sepulcro con versos e, a partir de san Ambrosio, moitos Padres da Igrexa cantáronlle louvanzas.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti escólle-los débiles
para confundi-los poderosos deste mundo.
Concédenos piadoso
ós que celebrámo-lo triunfo da mártir santa Inés
que poidamos imita-la súa constancia na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de xaneiro

## San Vicenzo, diácono e mártir

Memoria

Vicenzo, diácono de san Valero, bispo de Zaragoza, morreu martirizado en Valencia, baixo a persecución de Diocleciano, o día 22 de xaneiro do ano 304. O seu culto espallouse de seguida por toda a Igrexa. O martirio de san Vicenzo foi enaltecido por santo Agostiño en varios sermóns seus.

### Antífona de entrada

Velaquí a testemuña verdadeira: non tivo medo ás ameazas dos que o xulgaron, verteu o seu sangue por confesar a Cristo e entrou no reino do ceo.

### Oración

Señor, ti déchesslle a san Vicenzo
forza para soporta-los tormentos do martirio.
Énchenos co teu Espírito,
para que tamén os nosos corazóns
sexan fortalecidos polo teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, co corazón cheo de alegría,
ofrecémosche este sacrificio de louvanza
no triunfo do mártir san Vicenzo.
Presentámoscho coa gozosa esperanza
de nos vermos protexidos sempre pola súa intercesión.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Xn 12, 26

«Quen me queira servir, que me siga; e onde eu estea, alí tamén estará o meu servidor», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo alimento espiritual
na festa do teu mártir san Vicenzo.
Que esta comunión nos faga partícipes daquela forza de espírito
que axudou a san Vicenzo a te servir con fidelidade
e a saír vencedor no martirio.
Por Cristo, noso Señor.

Día 23 de xaneiro

## San Ildefonso, bispo

Ildefonso naceu no seo dunha familia nobre en Toledo, polo ano 606. Fíxose monxe moi novo no mosteiro de Agali, nas aforas da cidade, un dos mosteiros máis insignes da España visigoda. No ano 657 sucedeu a san Euxenio na sé metropolitana. Desenrolou un grande labor catequético defendendo a virxinidade de María e expoñendo a verdadeira doctrina sobre o bautismo. Morreu o 23 de xaneiro do ano 667. O seu corpo foi trasladado a Zamora.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus todopoderoso,
ti fixeches que san Ildefonso defendese con valentía
a virxinidade da nosa Señora.
Fai que os que cremos neste privilexio da Nai do teu Fillo
nos vexamos amparados
pola súa potente e garimosa intercesión.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 24 de xaneiro

## San Francisco de Sales, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Thorens (Francia) no ano 1567. Ordenouse sacerdote e traballou intensamente pola renovación da fe católica na súa patria. Elixido bispo de Xenebra, manifestouse coma un verdadeiro pastor cos seus cregos e fieis instruíndoos na fe. Foi modelo de virtudes e publicou numerosos escritos e obras. Morreu en Lión o 28 de decembro de 1622, pero tal día coma hoxe foi trasladado o seu corpo a Annecy.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o bispo san Francisco de Sales
se fixese todo para todos
pola salvación dos homes.
Concédenos que, alentados co seu exemplo,
mostremos sempre no servicio dos irmáns
a afabilidade do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche esta ofrenda de salvación
na festa de san Francisco.
Rogámosche que por el acendas no noso corazón
o lume do Espírito Santo
co que inflamáche-lo seu corazón cheo de afabilidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso, que por esta comunión
e imitando na terra o amor e a bondade de san Francisco,
merezamos disfrutar con el da gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 25 de xaneiro

## CONVERSIÓN DO APÓSTOLO SAN PAULO

Festa

O relato da conversión de Saulo escoitarémolo na lectura dos Feitos dos Apóstolos. Nesta festa tódolos cristiáns pregamos pola unidade das Igrexas de Oriente e Occidente co poderoso valemento de san Paulo, Apóstolo das xentes.

### Antífona de entrada — 2 Tim 1, 12; 4, 8

Sei moi ben de quen me fiei e estou totalmente convencido de que o Señor, xuíz xusto, ten poder para gardar deica o día derradeiro a miña recompensa.

## Oración

Deus, noso Pai,
iluminácheme-lo mundo enteiro
coa predicación do apóstolo Paulo.
A cantos facemos festa no día da súa conversión
concédenos imita-lo seu exemplo
e ser testemuñas da verdade neste mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, o teu Espírito axudou a san Paulo
a anuncia-la túa gloria a tódolos pobos.
Que a celebración destes misterios
nos encha tamén a nós coa luz da fe.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I dos apóstolos, p. 490.

## Antífona da comunión — Gál 2, 20

Vivo na fe no Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min.

## Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
que estes sacramentos recibidos
acendan en nós o lume do teu amor:
o amor que queimaba o corazón de Paulo
e sostiña nel a preocupación por tódalas Igrexas.
Por Cristo, noso Señor.

Día 26 de xaneiro

## Santos Timoteo e Tito, bispos

Memoria

Timoteo e Tito, discípulos e colaboradores do apóstolo san Paulo, presidiron, o primeiro, a Igrexa de Éfeso, e o segundo, a de Creta. A eles foron dirixidas as cartas que se coñecen como «pastorais», compendios de excelentes advertencias para a instrucción de fieis e pastores.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches brilla-los santos Timoteo e Tito,
con virtudes de apóstolos.
Concédenos, pola intercesión destes dous santos,
podermos vivir neste mundo con xusticia e santidade
e así acadármo-la patria do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 27 de xaneiro

## Santa Ánxela de Mérici, virxe

Naceu polo ano 1470 en Desenzanio. Tomou o hábito da Terceira Orde de san Francisco e xuntou consigo un grupo de mociñas para instruílas nas obras da caridade. No ano 1535 en Bresanone, baixo a advocación de santa Úrsula, fundou un instituto feminino para formar na vida cristiá as nenas pobres. Morreu no ano 1540.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: educadores (p. 868).

Oración

Señor, que a virxe santa Ánxela
non deixe de nos encomendar á túa misericordia.
Fai que, seguindo os seus exemplos de caridade e prudencia,
teñamos forza para garda-la túa doctrina
e practicala na nosa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 28 de xaneiro

## San Tomás de Aquino, presbítero e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu polo ano 1225 na familia dos condes de Aquino. Estudiou primeiramente no mosteiro de Montecassino e despois en Nápoles. Ingresou na Orde dos Predicadores e rematou os seus estudios en París e Colonia, baixo a dirección de san Alberte Magno. Escribiu moitas obras de filosofía e teoloxía. Morreu preto de Terracina o 7 de marzo de 1274. A súa festa celébrase o 28 de xaneiro, día en que o seu corpo foi trasladado a Tolosa de Francia no ano 1369.

Do Común dos doutores da Igrexa (p. 853) ou dos pastores (p. 844).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches de san Tomás de Aquino
un home extraordinario polas súas ansias de santidade
e pola súa dedicación ó estudio da doctrina sagrada.
Concédenos a nós comprende-lo seu ensino
e imita-la súa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 31 de xaneiro

## San Xoán Bosco, presbítero

Memoria

Naceu preto de Castelnuovo, no Piamonte, no ano 1815. Despois dunha infancia moi dura, foi ordenado sacerdote e dedicouse con toda a alma á educación da mocidade. Fundou congregacións para ensinar artes e oficios ós mozos e, ó mesmo tempo, inicialos na vida cristiá. Escribiu tamén algunhas obriñas para defensa e protección da relixión. Morreu no ano 1888.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: educadores (p. 868).

## Oración

Deus piadoso,
ti fixeches de san Xoán Bosco
un pai e un mestre da xuventude.
Pedímosche que prenda en nós o mesmo lume de amor
e teñamos forza para te servir soamente a ti,
ó tempo que buscámo-lo ben de tódolos homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

# FEBREIRO

Día 2 de febreiro

## PRESENTACIÓN DO SEÑOR

Festa

### Bendición e procesión das candeas

#### Primeira forma: Procesión

1. A unha hora apropiada xúntase a comunidade nunha igrexa secundaria, nunha capela, ou noutro lugar axeitado, fóra da igrexa a onde se dirixe a procesión. Os fieis levan nas mans candeas sen acender.

2. Preséntase o sacerdote cos seus axudantes, vestido con ornamentos brancos como para a misa; en vez de casula, o sacerdote pode levar capa pluvial, e quítaa despois da procesión.

3. Mentres se acenden as candeas, cántase a antífona:

Velaquí vén o Señor cheo de forza e iluminará os ollos dos seus fieis. Aleluia.

Ou outro canto apropiado.

4. O sacerdote saúda o pobo coma de costume, e logo fai unha breve exhortación, na que invita os fieis a celebra-lo rito desta festa de maneira activa e consciente; pódeo facer con estas ou semellantes palabras:

Benqueridos irmáns: Hai xa corenta días celebramos con moita alegría a festa do Nadal do Señor. E hoxe chegou o día en que Xesús foi presentado no templo; en aparencia non facía máis ca cumprir coa lei, pero, no fondo, na súa presentación saía ó encontro do pobo crente. Alentados polo Espírito Santo, foron ó templo aqueles dous santos vellos, Simeón e Ana, que, iluminados polo mesmo Espírito, coñeceron o Señor e o pregoaron cheos de gozo.

Do mesmo xeito tamén nós, axuntados aquí polo Espírito Santo, vaiamos ó encontro de Cristo na casa de Deus. Atoparémolo e coñecerémolo na Eucaristía, entrementres non veña na claridade da súa gloria.

5. Despois da exhortación o sacerdote bendice as candeas, dicindo coas mans xuntas:

Oremos:

Deus, fonte e orixe de toda luz,
ti amóstraslle hoxe ó xusto Simeón
o lume que ilumina tódalas nacións.
Pedímosche humildemente
que teñas a ben santificar estas candeas coa túa ✠ bendición.
Acolle os desexos deste teu pobo,
que se axunta para as levar,
cantando louvanzas ó teu nome,
coa esperanza de poder chegar,
camiñando polos camiños da santidade,
á luz que endexamais esmorece.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou:

Oremos:

Deus, noso Pai,
ti e-lo lume verdadeiro,
creador e propagador da luz eterna.
Infunde no corazón dos teus fieis
a claridade da luz que nunca esmorece.
Fai que tódolos que neste templo
son iluminados pola luz destas candeas
poidan chegar felizmente á luz da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

E asperxe as candeas con auga bendita, sen dicir nada.

6. Entón o sacerdote colle tamén a súa candea e comézase a procesión, despois de dicir el:

Vaiamos en paz ó encontro do Señor.

7. Durante a procesión cántase a antífona que segue, co seu cántico, ou outro canto apropiado:

Antífona: Luz de revelación para os xentís
e gloria do teu pobo, Israel.

Agora podes, Señor, seguindo a túa promesa,
despedir en paz o teu servo.

Antífona: Luz de revelación para os xentís
e gloria do teu pobo, Israel.
Porque xa os meus ollos viron o teu Salvador.

Antífona: Luz de revelación para os xentís
e gloria do teu pobo, Israel.
A quen preparaches para tódolos pobos.

Antífona: Luz de revelación para os xentís
e gloria do teu pobo, Israel.

8. Ó entra-la procesión na igrexa, cántase a antífona de entrada da misa. O sacerdote, cando chega ó altar, faille reverencia e incénsao, se o cre conveniente. Despois vaise sentar; cambia a capa pluvial, se a levou na procesión, pola casula; e, unha vez rematado o Gloria, di a oración colecta de costume. E segue a misa coma de ordinario.

### Segunda forma: Entrada solemne

9. Os fieis xúntanse na igrexa, e levan candeas. O sacerdote, vestido con ornamentos brancos, achégase cos axudantes e unha representación do pobo a un lugar apropiado, no adro ou dentro da igrexa, onde polo menos unha boa parte dos fieis poida participar doadamente nos ritos.

10. Cando chega o sacerdote ó lugar fixado para a bendición das candeas, acéndense estas e cántase entrementres a antífona Luz de revelación, ou outro canto que veña ó caso.

11. O sacerdote despois do saúdo e da exhortación, bendice as candeas conforme se fixo nos nn. 4-5; e faise a procesión cara ó altar, cantando (nn. 6-7). Para a misa obsérvese o dito no número 8.

## Misa

### Antífona de entrada — Sal 47, 10-11

Nós festexamos, Deus, o teu amor dentro do teu santuario. Coma o teu nome, Deus, así a túa louvanza chega ós confíns da terra. A túa dereita está chea de xusticia.

### Oración

Deus omnipotente e eterno,
o teu Fillo unixénito, feito home,
foi presentado hoxe no templo.
Pedímosche con toda humildade
que tamén poidamos nós, coa túa axuda,
presentarnos diante de ti cun corazón limpo de maldade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ti quixeches que o teu Fillo unixénito
se che ofrecese como Año inocente
polo ben do mundo enteiro.
Acepta con agrado estes dons
que che ofrece a túa Igrexa en festa.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O MISTERIO DA PRESENTACIÓN DO SEÑOR

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Porque hoxe o teu Fillo, que é eterno coma ti,
foi presentado no templo
e o Espírito Santo por boca de Simeón
proclamouno gloria de Israel
e luz de tódolos pobos.

Por iso, nós, cheos de alegría,
imos ó encontro do Salvador,
mentres te louvamos cos anxos e cos santos,
cantando sen cesar
o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión — Lc 2, 30-31

Porque xa os meus ollos viron o teu Salvador, a quen preparaches para tódolos pobos.

### Oración despois da comunión

Señor, por estes sacramentos recibidos,
énchenos da túa gracia,
ti, que deches cumprimento á esperanza de Simeón.
Que o mesmo que a el non o deixaches morrer
sen antes recibir nos seus brazos a Xesucristo,
concédenos tamén a nós, que camiñamos ó encontro do Señor,
acada-la vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 3 de febreiro

## Santos Francisco Blanco e compañeiros, mártires

Na diócese de Ourense: Memoria

Francisco Blanco naceu en Tameirón, lugar da diócese de Ourense. Ingresou na Orde dos Frades Menores e foi mandado ó Xapón, xunto con Pedro Bautista e outros frades. Cando xurdiu a persecución contra os cristiáns, estivo moito tempo na cadea e sufriu, amais, outros tormentos. Finalmente, entregou a alma a Deus en Nagasaki, crucificado con Pedro Bautista, Paulo Miki e outros vintetrés compañeiros, o día 5 de febreiro de 1597.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Señor Xesucristo,
os santos mártires Francisco, Pedro Bautista, Paulo
e os seus compañeiros
seguíronte no camiño da cruz
e, co seu sangue,
inauguraron o comezo da fe no Xapón.
Ó celebrarmos hoxe a súa memoria,
dáno-la gracia de imita-lo seu exemplo.
Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

O mesmo día 3 de febreiro

## San Brais, bispo e mártir

Foi bispo de Sebaste en Armenia durante o século IV. O seu culto espallouse por toda Europa durante a Idade Media.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, escoita o teu pobo que che suplica,
por intercesión do mártir san Brais.
Que poidamos disfrutar da paz nesta vida
e encontra-lo gozo da gloria eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 3 de febreiro

## San Óscar, bispo

Naceu en Francia polos primeiros anos do século IX e foi educado no mosteiro de Corbie. No ano 826 dirixiuse a Dinamarca para predica-la fe, pero con pouco froito; non obstante, foi mellor acollido en Suecia. Foi elixido bispo de Hamburgo e confirmado por Gregorio IV nesta elección. Nomeárono delegado para Dinamarca e Suecia e tivo que sufrir moitas dificultades no seu traballo evanxelizador, pero superounas con grande fortaleza. Morreu no ano 865.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti enviáche-lo santo bispo Óscar
para iluminar co Evanxelio a moitos pobos.
Concédenos, pola súa intercesión,
camiñar sempre na luz da túa verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 5 de febreiro

## Santa Águeda, virxe e mártir

Memoria

Padeceu o martirio en Catania (Sicilia), probablemente na persecución de Decio. Desde a antigüidade o seu culto espallouse por toda a Igrexa e o seu nome foi introducido no Canon romano.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Señor, que a virxe e mártir santa Águeda
nos acade o teu perdón,
pois ela sempre che agradou
pola fortaleza do seu martirio
e polo mérito da súa castidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 6 de febreiro

## Santos Paulo Miki e compañeiros, mártires

Memoria

Paulo naceu en Xapón entre os anos 1564 e 1566. Ingresou na Compañía de Xesús e predicou con moito froito o Evanxelio entre os seus concidadáns. Cando apretou a persecución contra os católicos, foi encadeado xuntamente con outros vintecinco, entre eles san Pedro Bautista, franciscano español, con cinco irmáns de hábito. Despois de aturar grandes aldraxes, foron crucificados en Nagasaki, o 5 de febreiro de 1597.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Deus, fortaleza de tódolos santos,
ti tiveches a ben chamar á vida eterna
os santos Paulo Miki e compañeiros,
facéndoos pasar pola cruz.
Concédenos, pola súa intercesión,
gardar deica a morte con valentía e fidelidade
a fe que profesamos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 8 de febreiro

## San Xerónimo Emiliano

Naceu en Venecia o ano 1486. Abrazou a carreira das armas, que despois deixou para se consagrar ó servicio dos pobres, entre os que distribuíu previamente os seus bens. Fundou a Orde dos Cregos Regulares de Somasca, coa misión de socorre-los nenos orfos e pobres. Morreu en Somasca (Bérgamo) o ano 1537.

Do Común dos santos: educadores (p. 868).

### Oración

Señor, Pai das misericordias,
providencialmente ti fixeches de san Xerónimo
un pai protector dos orfos.
Concédenos, pola súa intercesión,
que gardemos con fidelidade o espírito de adopción
polo que nos chamamos fillos teus e o somos de verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 10 de febreiro

## Santa Escolástica, virxe

Memoria

Foi irmá de san Bieito. Naceu en Nursia (Italia) polo ano 480. Entregouse a Deus igual ca seu irmán e seguiuno a Montecassino, onde morreu aló polo ano 547.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864)

### Oración

Señor, celebrámo-la festa
da benaventurada virxe santa Escolástica.
Pedímosche que, seguindo o seu exemplo,
te sirvamos con amor sincero
e disfrutémo-la alegría do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 11 de febreiro

## Nosa Señora de Lurdes

No ano 1858 a Virxe María inmaculada aparecéuselle a Bernardette Soubirous, preto de Lurdes (Francia), dentro da cova da «Massabielle». Valéndose desta humilde mociña, María chama os pecadores á conversión, alentando un grande celo de oración e amor, principalmente como servicio ós enfermos e pobres.

Do Común da Virxe santa María (p. 820).

### Oración

Deus misericordioso, celebramos hoxe
a memoria da inmaculada Virxe María, Nai do teu Fillo.
Compadécete da nosa debilidade
e concédenos que pola súa intercesión
nos levantemos do pecado a unha vida nova.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 14 de febreiro

## SANTOS CIRILO, MONXE, E METODIO, BISPO, PATRÓNS DE EUROPA

### Festa

Cirilo, nado en Tesalónica, fixo brillantes estudios en Constantinopla. Xunto co seu irmán Metodio, dirixiuse a Moravia para predica-la fe. Entre os dous publicaron textos litúrxicos en lingua eslava, escritos en caracteres «cirílicos», como despois se chamaron. Foron chamados a Roma e Cirilo morreu alí o 14 de febreiro do ano 869. Metodio foi consagrado bispo e marchou para Panonia, onde desenrolou un infatigable labor de evanxelización. No medio das súas incontables dificultades contou sempre co apoio dos papas. Morreu o 6 de abril do ano 885 na cidade checoslovaca de Vellehrad. O papa Xoán Paulo II declarounos patróns de Europa.

### Antífona de entrada

Estes son os homes santos, amigos de Deus, ilustres na predicación da verdade divina.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti iluminách-los pobos eslavos
cos traballos apostólicos dos santos irmáns Cirilo e Metodio.
Concédeno-la gracia
de aceptármo-la túa palabra
e de chegarmos a formar un pobo axuntado
na confesión e defensa da verdadeira fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Olla compracido, Señor, as ofrendas que che presentamos
na festa dos santos Cirilo e Metodio,
e fai que se convertan
en sinal dunha humanidade nova,
reconciliada contigo no amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos santos, pp. 492-493.

## Antífona da comunión — Mt 16, 20

Os discípulos saíron predica-lo Evanxelio; o Señor axudábao confirmando a súa palabra cos sinais que os acompañaban.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti fixéchenos participar dun mesmo pan
e dun mesmo Espírito,
como anticipo do convite eterno.
Pregámosche, nesta festa dos santos Cirilo e Metodio,
que, os que formámo-la multitude dos teus fillos,
nos manteñamos na unidade da fe
e fagamos todos xuntos un reino de xusticia e de paz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 17 de febreiro

## Os sete santos Fundadores da Orde dos Servos da santísima Virxe María

Estes sete varóns florentinos levaron primeiro unha vida de ermitáns no monte Senario, con particular dedicación ó culto da Virxe. Despois dedicáronse a predicar por toda a Toscana e fundaron a Orde dos Servos da santísima Virxe María (Servitas), recoñecida pola Santa Sé no ano 1304. A súa memoria anual celébrase neste día, no que morreu un deles, san Aleixo Falconieri, no ano 1310.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor misericordioso,
os sete santos irmáns fundadores
veneraron a Nai de Deus cunha devoción grande
e souberon guia-lo teu pobo cara a ti.
Dános tamén a nós
o mesmo espírito de piedade que os inspirou a eles.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de febreiro

## San Pedro Damián, bispo e doutor da Igrexa

Naceu en Ravenna, no ano 1007. Despois de remata-los seus estudios, dedicouse ó ensino, pero deseguida se retirou ó deserto de Fonte Avelana, onde foi elixido prior. Foi un gran propagador da vida relixiosa, alí e noutras rexións de Italia. Naqueles tempos difíciles axudou eficazmente ós papas cos seus escritos e legacións encamiñados a promove-la reforma da Igrexa. Foi creado cardeal e bispo de Ostia por Estevo IX. Morreu o ano 1072 e de alí a pouco xa era venerado coma santo.

Do Común dos doutores da Igrexa (p. 853) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus todopoderoso,
concédenos segui-los consellos e os exemplos
do bispo san Pedro Damián.

Fai que, non antepoñendo cousa ningunha ó amor de Cristo
e adicándonos sempre ó servicio da túa Igrexa,
poidamos acada-los gozos da luz eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de febreiro

# CÁTEDRA DO APÓSTOLO SAN PEDRO

Festa

A festividade da Cátedra de san Pedro xa se celebraba en Roma no século IV para poñer de manifesto a firmeza e a unidade da doctrina fundada na persoa do apóstolo.

## Antífona de entrada — Lc 22, 32

Díxolle o Señor a Simón Pedro: «Eu roguei por ti, para que a túa fe non falle; e ti, unha vez arrepentido, debes confirma-los teus irmáns.»

## Oración

Deus todopoderoso, ti fundáche-la túa Igrexa
sobre a pedra firme da confesión da fe do apóstolo san Pedro.
Non permitas que nada perturbe a firmeza da nosa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle benignamente
as pregarias e as ofrendas da túa Igrexa.
Fai que, tendo a san Pedro como pastor
e mantendo a integridade da fe que el lle predicou,
poida chegar á herdanza eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I dos apóstolos, p. 490.

## Antífona da comunión — Mt 16, 16. 18

Díxolle Pedro a Xesús: «Ti e-lo Mesías, o Fillo de Deus vivo.» E Xesús contestoulle: «Ti es Pedro, é dicir, pedra; e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa.»

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
na festa do apóstolo san Pedro
ti mantesnos coa comunión do Corpo e do Sangue de Cristo.
Concédenos que esta celebración
sexa para nós sacramento de unidade e de paz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 23 de febreiro

## San Policarpo, bispo e mártir

Memoria

Policarpo, discípulo dos apóstolos e bispo de Esmirna, recibiu cabo del a Ignacio de Antioquía. Fixo unha viaxe a Roma para tratar co papa Aniceto a cuestión da festa da Pascua. Sufriu o martirio polo ano 155; foi queimado vivo no estadio da cidade.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, Señor e Pai de tódolos homes,
ti concedícheslle a san Policarpo
o privilexio de pertencer ó número dos teus mártires.
Pola súa intercesión,
concédenos participar con el nos sufrimentos de Cristo
e resucitar tamén para a vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 25 de febreiro

## Beato Sebastián Aparicio

Na diócese de Ourense: Memoria

Sebastián de Aparicio naceu na Gudiña, diócese de Ourense, o 20 de xaneiro de 1502. Pasou os anos da mocidade por Castela e Andalucía, gardando ovellas e cultivando eidos, como criado e xornaleiro. Despois emigrou a Nova España, dirixíndose primeiro a Puebla de los Ángeles e despois a México. Con admirable caridade, adicouse a socorrer viúvas e orfos e a facer outras obras de misericordia co que obtiña do seu traballo. Ó enviuvar ós setenta anos, entrou na Orde de Frades Menores, coma leigo. Brillou pola súa sinxeleza, mansedume, fortaleza e outras virtudes. Case centenario, adormeceu no Señor en Puebla de los Ángeles, o 25 de febreiro de 1600.

Do Común dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concediches ó benaventurado Sebastián, confesor teu,
un corazón sinxelo e grandes dons do ceo.
Pola súa intercesión, concédenos tamén a nós
servirte con corazón limpo
e consegui-lo don da túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.



# SAN ROSENDO

SAN ROSENDO.
PATRONO DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
*Oleo. Domus Ecclesiae de Ferrol (a. 1965).*

San Rosendo revive en continua actualidade para toda Galicia e con especial devoción para Mondoñedo: peregrinacións ó seu sepulcro de Celanova e mesmo valiosas obras de arte actual.

# MARZO

Día 1 de marzo

## SAN ROSENDO, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Na diócese de Mondoñedo-Ferrol: Solemnidade

Nas dióceses de Lugo, Ourense, Santiago e Tui-Vigo: Memoria

Galego de orixe, naceu no ano 907. Aínda novo, foi elixido bispo de Mondoñedo, diócese que presidiu durante varios anos, ata que, desexoso da soidade monástica, se retirou a Celanova, onde fixo levantar un mosteiro. Graves asuntos da época apartárono do seu retiro para ocupa-lo cargo de virrei de Galicia e rexe-la diócese de Iria Flavia. Libre destas obrigas, volveu a Celanova, onde morreu o 1 de marzo do ano 977. Declarouno santo o papa Celestino III. No ano 1867 foi declarado Patrono da diócese de Mondoñedo.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Noso Deus,
ti escollíche-lo bispo san Rosendo
pola súa predicación
e polos seus grandes feitos
como pastor e defensor
da Igrexa de Mondoñedo e mais do reino de Galicia.
Nós, fillos seus na fe,
pedímosche ser testemuñas de vida cristiá
e facer crece-lo teu reino
ó mesmo tempo que levantámo-la cidade terrea.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Acolle, Señor,
os dons que, na festa de san Rosendo,
che ofrece o pobo
que o santo bispo
gobernou e defendeu na caridade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Cheos de gozo,
na festa de san Rosendo,
recibímo-los dons do ceo.
Concédeno-la gracia, Señor,
de traballar pola paz
para podermos ser chamados fillos teus.
Por Cristo, noso Señor.

Día 4 de marzo

## San Capitón, bispo e mártir

Na diócese de Lugo: Memoria

Considérase o primeiro bispo de Lugo, diócese fundada non despois do século II, como confirma unha carta que escribiu san Martiño Dumiense ó bispo de Lugo, Nitixio, no século VI. Manténse a tradición de que sufriu o martirio na fogueira e manténselle tamén devoción na diócese de Lugo.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos mártires (p. 833).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti infundíchesslle o espírito da verdade e do amor
ó bispo san Capitón
para pastorea-lo teu pobo.
Os que celebrámo-la memoria deste santo mártir,
dáno-la gracia, pola súa intercesión,
de imita-lo seu exemplo e medrar en santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 4 de marzo

## San Casimiro

Foi fillo do rei de Polonia e naceu no ano 1458. Cultivou moitísimo as virtudes cristiás, sobre todo a castidade e a caridade cos pobres. Foi un grande defensor da fe e tivo especial devoción á eucaristía e á Virxe María. Morreu tísico no ano 1484 en Grodno (antiga Polonia) e está enterrado na Vilna (Lituania).

Do Común dos santos (p. 859).

### Oración

Deus todopoderoso,
servirte a ti é reinar.
Concédenos, pola intercesión de san Casimiro,
estar decote ó teu servicio,
vivindo en santidade e xusticia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 7 de marzo

## Santas Perpetua e Felicidade, mártires

Memoria

Foron dúas nais novas, nadas no Norte de África, unha de familia nobre e outra a súa criada. Foron martirizadas en Cartago o ano 203. Os seus nomes son mencionados no Canon romano.

Do Común dos mártires (p. 828) ou dos santos: santas mulleres (p. 869).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti alentaches co teu amor
as santas mártires Perpetua e Felicidade,
para que despreciasen os seus perseguidores
e vencesen os tormentos da morte.
Concédenos, pola súa intercesión,
medrar cada día no teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 8 de marzo

## San Xoán de Deus, relixioso

Naceu en Portugal o ano 1495. Despois dunha milicia chea de perigos, dedicouse enteiramente ó servicio dos enfermos. Fundou un hospital en Granada e vencellou á súa obra un grupo de compañeiros, que constituíron despois a Orde dos Hospitalarios de san Xoán de Deus. Destacou sobre todo pola súa caridade cos enfermos e necesitados. Morreu en Granada o ano 1550.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864) ou os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Señor, ti décheslle a san Xoán de Deus
un grande espírito de amor e compaixón polos demais.
Concédenos tamén a nós practica-las obras de caridade,
para merecermos ser contados entre os santos no teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 9 de marzo

## Santa Francisca Romana, relixiosa

Naceu en Roma o ano 1384. Casou nova e tivo tres fillos. Nos tempos difíciles en que lle tocou vivir repartiu os seus bens entre os pobres, atendeu os enfermos e desempeñou unha admirable actividade cos necesitados. Destacou sobre todo pola súa humildade e paciencia. No ano 1425 instituíu a Congregación das Oblatas, baixo a regra de san Bieito. Morreu o ano 1440.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
na persoa de santa Francisca
ti ofrecíchesnos un exemplo singular de vida matrimonial e monástica.
Fai que te sirvamos con perseverancia
e que te saibamos descubrir e seguir
en tódalas circunstancias da vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 17 de marzo

## San Patricio, bispo

Naceu en Gran Bretaña polo ano 385. De moi novo levárono cativo a Irlanda e obrigárono a gardar ovellas. Unha vez en liberdade, abrazou o estado clerical e foi consagrado bispo de Irlanda. Dedicouse á evanxelización cunha extraordinaria habilidade e converteu á fe moita xente, e entre os convertidos instaurou a Igrexa. Morreu no ano 461, preto de Down, chamado no seu honor Downpatrik (Irlanda).

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escollíche-lo bispo san Patricio
para pregoa-la túa gloria ó pobo de Irlanda.
Concédenos, polos seus méritos e pola súa intercesión,
que, cantos se glorian de se chamaren cristiáns,
anuncien a cotío as túas maravillas a tódolos homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 18 de marzo

## San Cirilo de Xerusalén, bispo e doutor da Igrexa

Naceu de pais cristiáns no ano 315. Sucedeu ó bispo Máximo na sé de Xerusalén o ano 348. Pola súa actitude na controversia arriana viuse condenado ó desterro máis dunha vez. Da súa actividade pastoral dan bo testemuño os seus numerosos sermóns, nos que lles explicaba ós fieis a doctrina ortodoxa, a Sagrada Escritura e a Tradición. Morreu no ano 386.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
polo bispo san Cirilo fixeches que a túa Igrexa
chegase á un coñecemento máis fondo
dos misterios da salvación.

Concédenos que, pola súa intercesión,
coñezamos mellor o teu Fillo
para participar máis intensamente da súa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.



# SAN XOSÉ

SAN XOSÉ
*Catedral de Mondoñedo (s. XVII).*

"El é o servidor fiel e prudente a quen puxeches como cabeza da túa familia, para coidar como pai o teu Fillo único concebido por obra do Espírito Santo" (do Prefacio de san Xosé. Misal Romano).

Día 19 de marzo

# SAN XOSÉ, ESPOSO DA BENAVENTURADA VIRXE MARÍA

## Solemnidade

Xosé, esposo da Virxe María, pai adoptivo de Xesús, é un modelo de crente que nutre a súa fe ó meditar, coma María, no seu corazón o que contemplaba da vida de Xesús. Pola súa intercesión, a Igrexa en España reza hoxe por aqueles que Deus chama a seren sacerdotes.

### Antífona de entrada — Lc 12, 42

Velaquí o administrador fiel e prudente, posto polo Señor ó frente da súa servidume.

### Oración

Deus todopoderoso,
cando lle encomendaches a san Xosé
o coidado de Xesús e María,
puxeches baixo a súa custodia
o comezo dos misterios da salvación humana.
Pola súa intercesión, concédelle á túa Igrexa
que os continúe fielmente
ata que a obra da salvación chegue á súa fin.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, san Xosé entregouse ó servicio do teu Fillo,
nado da Virxe María.
Concédenos tamén a nós
que poidamos agora servirte no teu altar
cun corazón limpo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de san Xosé: na solemnidade, p. 489.

### Antífona da comunión — Mt 25, 21

Moi ben, criado fiel e cumpridor: pasa a disfrutar da festa do teu Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, na solemne festa de san Xosé
alegráche-la túa familia e saciáchela cos alimentos deste altar.
Tena sempre baixo a túa protección
e conserva nela misericordiosamente os dons que lle regalaches.
Por Cristo, noso Señor.

Día 20 de marzo

## San Martiño Dumiense, bispo

Memoria

Nado na Panonia ó comezo do século VI. A súa principal actividade, sinaladamente misioneira, desenrolouse no reino suevo, fundando en Dumio un mosteiro do que foi o primeiro abade; despois foi bispo de Dumio e, por último, arcebispo de Braga, metrópole á que pertencían daquela tódalas dióceses de Galicia. Finou o ano 580. O seu labor catequístico e misioneiro, como o expresan os escritos que del se conservan, fixérono merecedor do título de «apóstolo dos suevos».

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti espalláche-la túa Igrexa
co ardor apostólico e relixioso
do bispo san Martiño Dumiense.
Ós que hoxe celebrámo-la súa memoria,
acéndenos co seu mesmo espírito misioneiro
para anunciarmos coa palabra e a vida o teu nome ó mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Ofrecémosche, Señor,
as nosas ofrendas de louvanza
na festa de san Martiño Dumiense,
xa que o ardor apostólico e misioneiro
que mostrou entre nós
naceu no teu santo altar.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Acabamos de recibi-los teus sacramentos.
Fai, Señor, que por eles
medre nos nosos corazóns o fogo da caridade,
para que, co exemplo e a doctrina de san Martiño Dumiense,
esteamos sempre dispostos a corrixi-lo erro e a propaga-la verdade.
Por Cristo, noso Señor.

Día 23 de marzo

## San Toribio de Mogrovexo, bispo

Naceu en España polo ano 1538. Estudiou dereito en Salamanca. Foi nomeado bispo de Lima no ano 1580 e marchou para América. Cheo de celo apostólico reuniu numerosos sínodos e concilios, que promoveron con abundante froito a vida relixiosa de todo o virreinato. Defendeu valentemente os dereitos da Igrexa con grande dedicación ós seus fieis e preocupación, sobre todo, pola poboación autóctona. Morreu o ano 1606.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches progresa-la túa Igrexa
cos traballos apostólicos e co celo pola verdade
do santo bispo Toribio.
Concédelle ó pobo a ti consagrado
medrar a cotío na fe e na santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 25 de marzo

## ANUNCIACIÓN DO SEÑOR

Solemnidade

O Fillo único de Deus, por obra do Espírito Santo, encarnou no seo da Virxe María. Celebrámo-lo misterio que confesamos no Credo: «Creo en Xesucristo, noso Señor, que foi concebido por obra e gracia do Espírito Santo.» O Fillo de Deus e maila Virxe María aceptan obedientes a vontade de Deus.

## Antífona de entrada — Heb 10, 5. 7

Cando o Señor entrou no mundo, dixo: «Aquí me tes, Deus, para face-la túa vontade.»

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o teu Verbo
se encarnase verdadeiramente no seo da Virxe María.
Concédenos que, cantos cremos que o noso Redentor
é Deus e home ó mesmo tempo,
merezamos semellarnos a el,
participando na súa natureza divina.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo. Nas palabras encarnou no seo da Virxe María facéndose home, poñerse de xionllos.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
dígnate acolle-la ofrenda da túa Igrexa.
Ela recoñece que os seus comezos
se encontran na Encarnación do teu Fillo unixénito;
concédelle ti
que, ó celebrar nesta solemnidade os sagrados misterios,
se encha da túa alegría.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O Misterio da Encarnación

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,

Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, para salva-los homes,
entre homes quixo nacer.
A Virxe acolleu con fe o anuncio do anxo
e, concebindo por gracia do Espírito Santo,
levouno con amor nas súas entrañas virxinais.
Así realizouse a verdade
das promesas feitas a Israel
e cumpriuse de modo admirable
a esperanza de tódalas nacións.

Por iso cantan os anxos con xúbilo eterno
e nós unímonos ás súas voces,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Is 7, 14

Mirade, a Virxe vai concebir e dará a luz un fillo e poñeranlle de nome Enmanuel: «Deus-connosco».

## Oración despois da comunión

Señor, por este sacramento
confirma en nós a verdadeira fe.
Por ela cremos que o Fillo da Virxe María
é verdadeiro Deus e verdadeiro home.
Concédenos que, polo poder da súa resurrección salvadora,
sexamos merecentes de chegar á alegría eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# ABRIL

Día 2 de abril

## San Francisco de Paula, ermitán

Naceu en Paula (Calabria) o ano 1416. Fundou unha congregación de vida eremítica, que despois se transformou na Orde dos Mínimos e que foi aprobada pola Santa Sé no ano 1506. Morreu en Tours (Francia) o ano 1507.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti, que hónra-los humildes,
distinguiches a san Francisco de Paula
coa gloria dos teus santos.
Concédenos, ós mansos e humildes de corazón,
acadármo-los premios prometidos
polos seus méritos e o seu exemplo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 5 de abril

## San Vicenzo Ferrer, presbítero

Naceu en Valencia o ano 1350. Membro da Orde de Predicadores, ensinou teoloxía. Como predicador recorreu moitas bisbarras con grande froito, tanto na defensa da verdadeira fe coma na reforma dos costumes. Morreu en Vannes (Francia) o ano 1419.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches do santo sacerdote Vicenzo Ferrer
ministro incansable da predicación do Evanxelio.
Concédenos tamén a nós
que cheguemos a contemplar na gloria
a quen na terra el anunciou como xuíz que vai vir.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 7 de abril

## San Xoán Bautista de La Salle, presbítero

Memoria

Naceu en Reims o ano 1651. Ordenouse sacerdote e dedicouse enteiramente á educación dos nenos e á fundación de escolas para os pobres. Constituíu unha congregación e por causa dela tivo que aturar innumerables dificultades. Morreu en Rován o ano 1719.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: educadores (p. 868).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escolliches a san Xoán Bautista de La Salle
para educar cristianamente a xuventude.
Fai xurdir na túa Igrexa educadores
que se entreguen en corpo e alma
á formación humana e cristiá da xuventude.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 11 de abril

## San Estanislao, bispo e mártir

Memoria

Naceu en Szczepanowski (Polonia) polo ano 1030. Fixo os seus estudios en París. Ordenouse de sacerdote e sucedeu a Lamberto, bispo de Cracovia, o ano 1071, e foi consagrado bispo desa mesma sé. Foi un bo pastor ó frente da súa Igrexa; axudou os pobres e visitou os seus cregos tódolos anos. Foi asasinado polo rei Boleslao o ano 1079, por lle botar en cara a súa mala conducta.

Do Común dos mártires (p. 837) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
por che dar gloria a ti,
o santo bispo Estanislao morreu
ferido pola espada dos perseguidores.
Concédenos permanecer fortes na fe
deica o intre da nosa morte.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 13 de abril

## San Martiño I, papa e mártir

Naceu en Todi (Umbría) e foi membro do clero romano. No ano 649 foi elixido para a cátedra de san Pedro. Nese mesmo ano celebrou un Concilio no que foi condenado o erro monotelita. Detido polo emperador Constante o ano 653 e deportado a Constantinopla, sufriu o indecible; finalmente foi trasladado ó Quersoneso, onde morreu o ano 655.

Do Común dos mártires (p. 837) ou dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Deus todopoderoso,
ti concedícheslle forza ó papa e mártir san Martiño
para que non lles tivese medo ás ameazas
e para que poidese supera-los tormentos.
Concédenos tamén a nós forza
para atura-las adversidades desta vida
cunha constancia invencible.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 13 de abril

## San Hermenexildo, mártir

San Hermenexildo é o grande defensor da fe católica española contra os durísimos ataques da herexía arriana. Á marxe das súas campañas militares, a súa verdadeira gloria consiste en padece-lo martirio por se negar a recibi-la comunión arriana e en ser, de feito, o primeiro alicerce da unidade relixiosa de España, que chegaría pouco despois coa conversión de Recaredo. Morreu o ano 586.

Do Común dos mártires (p. 837).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches de san Hermenexildo
un valente defensor da fe.
Concédenos ós que hoxe conmemorámo-lo seu martirio
a unidade na fe e a constancia no amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de abril

## San Anselmo, bispo e doutor da Igrexa

Naceu o ano 1033 en Aosta (Piamonte). Ingresou no mosteiro benedictino de Bec en Normandía e ensinoulles teoloxía ós seus irmáns de orde, ó tempo que facía grandes adiantos no camiño da perfección. Foi trasladado a Inglaterra e elixido bispo de Canterbury; combateu valentemente pola liberdade da Igrexa e chegou a sufri-lo desterro por dúas veces. Escribiu importantes obras de teoloxía. Morreu o ano 1109.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó santo bispo Anselmo
o don de investigar e de ensinar
as profundas verdades que a túa sabiduría nos revelou.
Fai que a túa fe axude o noso entendemento,
para que sexan doces ó noso corazón
as verdades nas que cremos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de abril

## ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE SANTIAGO

Na Basílica: Solemnidade
Na diócese de Santiago: Festa

Esta apostólica Igrexa liga as súas orixes ó descubrimento do mausoleo cos restos de Santiago o Maior, ben entrado o século IX, baixo o pontificado de Teodomiro. Neste lugar, por mandado de Afonso II o Casto, erixiuse a primitiva basílica sustituída despois pola nova basílica de Afonso III o Magno, consagrada solemnemente no ano 899. Este templo, arrasado pola incursión en Galicia das tropas de Almanzor, foi restaurado inmediatamente por san Pedro de Mezonzo. Máis adiante, o aumento de afluencia de peregrinos fixo necesario inicia-la construcción do actual templo románico; consagráronse as capelas de cabeceira baixo o pontificado de don Diego Xelmírez no ano 1105. Finalmente o papa Calixto II, a instancia de Xelmírez, elevouna ó rango de metropolitana.

Todo do Común da dedicación dunha igrexa, no cabodano da dedicación (p. 815).

Día 23 de abril

## San Xurxo, mártir

Xa no século IV foi obxecto de veneración en Dióspolis (Palestina), onde había unha igrexa construída no seu honor. O seu culto espallouse amplamente por Oriente e Occidente.

Do Común dos mártires (p. 837).

### Oración

Señor, o glorioso mártir san Xurxo
foi un grande imitador da paixón do teu Fillo.
Hoxe, que exalzámo-lo teu poder,
pedímosche que o santo
nos axude tamén nas nosas debilidades.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 24 de abril

## San Fidel de Sigmaringa, presbítero e mártir

Naceu en Sigmaringa (Alemania) o ano 1578. Entrou na Orde dos Capuchinos e levou unha vida de grande penitencia, dedicado á oración. Pola súa grande actividade como predicador, a Congregación da Propagación da fe encargoulle fortalece-la recta doctrina en Suíza. No ano 1622 foi condenado a morte polos herexes e morreu mártir en Seewis (Suíza).

Do Común dos mártires (p. 837) ou dos pastores (p. 844).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti dignácheste concederlle a palma do martirio a san Fidel,
cando, cheo do teu amor, predicaba o Evanxelio.
Concédenos que, pola súa intercesión,
esteamos tamén nós firmes no amor
e merezamos experimentar con el
a forza da resurrección de Cristo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 25 de abril

# SAN MARCOS, EVANXELISTA

Festa

Foi sobriño de Bernabé. Acompañou a san Paulo na súa primeira viaxe e tamén lle fixo compaña en Roma. Foi discípulo de san Pedro e intérprete seu no Evanxelio. Atribúeselle a fundación da Igrexa de Alexandría.

## Antífona de entrada — Mc 16, 15

Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxelio a tódalas creaturas.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti honráche-lo teu evanxelista san Marcos
coa misión de pregoa-lo Evanxelio.
Fai que progresemos coa súa ensinanza
e sigamos con fidelidade
os pasos de Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ó venerármo-la gloria de san Marcos,
ofrecémosche este sacrificio de louvanza.
Pedímosche que a túa Igrexa
persevere sempre na predicación do Evanxelio.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II dos apóstolos, p. 491.

## Antífona da comunión — Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
concédenos que os sacramentos que acabamos de recibir
nos santifiquen.
Que eles nos fagan fortes na fe do Evanxelio
que san Marcos predicou.
Por Cristo, noso Señor.

Día 26 de abril

# SAN ISIDORO, BISPO E DOUTOR DA IGREXA

Festa

Isidoro de Sevilla nace polo ano 560. Foi educado polo seu irmán san Leandre, arcebispo hispalense, e sucedeulle na sé sevillana, onde desenrolou un extraordinario labor pastoral e literario. Compuxo libros cheos de erudición, organizou bibliotecas, presidiu concilios, ordenou a liturxia hispano-visigoda. Despois de 40 anos de episcopado morreu o 4 de abril do 636. No ano 1063 o seu corpo foi trasladado a León, onde hoxe recibe culto na igrexa do seu nome.

## Antífona de entrada — Sab 6, 13

A sabiduría resplandece e non se apaga máis. Os que a aman vena doadamente e atópana os que a buscan. Aleluia.

## Oración

Señor, Deus todopoderoso,
ti escollíche-lo santo bispo e doutor Isidoro,
para que sobresaíse coma mestre da fe e da sabiduría humana.
Concédenos, pola súa intercesión,
buscarmos con atención a túa verdade eterna
e acollela con xenerosidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que esta ofrenda,
froito do traballo dos homes,
nos acade as túas bendicións
e nos faga dóciles ó Espírito da verdade.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

O MAXISTERIO DE SAN ISIDORO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Porque nos concedes celebrar hoxe con alegría
a festa de san Isidoro.
Co exemplo da súa vida,
coa abundancia da súa doctrina
e coa luz do seu saber
fortaléce-la túa Igrexa,
instruíndoa coa súa palabra
e protexéndoa coa súa intercesión.

Por iso, unidos ós anxos e ós santos,
proclamamos alegres a túa gloria
e louvámoste, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Sab 7, 13-14

Aprendín a sabiduría sen engano, comunícoa sen envexa e non gardo as súas riquezas. É un tesouro inesgotable para os homes; os que a adquiren logran a amizade de Deus. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, ilumina coa doctrina de Cristo mestre
ós que alimentaches con Cristo, Pan de vida.
Fai que na festa de san Isidoro aprendan a túa verdade
e a fagan vida propia na práctica do amor.
Por Cristo, noso Señor.

Día 28 de abril

## San Pedro Chanel, presbítero e mártir

Naceu en Cuet (Francia) o ano 1803. Foi ordenado sacerdote e exerceu durante algúns anos o ministerio pastoral. Ingresou na Compañía de María (Padres Maristas) e marchou a Oceanía como misioneiro. En medio de dificultades de toda clase, conseguiu converter algúns paganos, cousa que lle acadou o odio duns sicarios, que o mataron o ano 1841.

Do Común dos mártires (p. 837) ou dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti coroaches co martirio a san Pedro Chanel,
cando traballaba por extende-la túa Igrexa.
Concédenos tamén a nós, neste tempo de alegría pascual,
vivirmos plenamente
o misterio da morte e resurrección de Cristo
e sermos testemuñas fieis dunha vida nova.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 29 de abril

## Santa Catarina de Siena, virxe e doutora da Igrexa

Memoria

Naceu en Siena o ano 1347. Xa desde nena aspiraba ó mellor e conseguiu entrar na Terceira Orde Dominicana. Movida polo seu grande amor a Deus e ó próximo, promoveu a paz e a concordia entre as cidades, e defendeu valentemente os dereitos e a liberdade do romano pontífice, favorecendo tamén a renovación da vida relixiosa. É autora de importantes obras de espiritualidade. Morreu o ano 1380.

### Antífona de entrada

Esta é unha virxe asisada e prudente, que saíu ó encontro de Cristo coa lámpada acesa.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches que santa Catarina se consumise de amor
na contemplación da paixón de Xesucristo
e no servicio á túa Igrexa.
Concédenos, pola súa intercesión,
que o teu pobo viva vencellado ó misterio de Cristo
e disfrute eternamente na manifestación da súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle a ofrenda de salvación
que che presentamos na festa de santa Catarina.
Fai que, iluminados pola súa ensinanza,
poidamos darche gracias a ti, noso Deus,
cun corazón cada vez máis fervoroso.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — 1 Xn 1, 7

Se vivimos na luz, do mesmo xeito que Deus está na luz, entón estamos en comunión uns cos outros, e o sangue de Xesús, seu Fillo, estanos purificando de tódolos pecados. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, este alimento espiritual que acabamos de recibir
e que mantivo dun xeito milagroso
a mesma vida corporal de santa Catarina,
sexa tamén para nós
o alimento da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 30 de abril

# San Pío V, papa

Naceu en Alexandría (Italia) o ano 1504. Ingresou na Orde de San Domingos, sendo despois elixido sucesivamente bispo, cardeal e papa. Levou a cabo a reforma do Concilio de Trento, facendo a aplicación dos seus decretos. Publicou o Misal, o Breviario e o Catecismo do Concilio de Trento, e ordenou o estudio da Suma Teolóxica de san Tomás nas universidades católicas.

Do Común dos pastores: papas (p. 840).

## Oración

Deus, noso Pai,
na túa providencia ti escolliches a san Pío
como papa da túa Igrexa,
para que defendese a fe e dignificase o culto.
Concédenos que, pola súa intercesión,
participemos tamén nós dos teus misterios
cunha fe viva e cunha caridade fecunda.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.




# SAN TELMO

SAN TELMO.
PATRONO DA DIÓCESE DE TUI-VIGO
*Sillería coral da Catedral de Tui (s. XVII).*

O frade peregrino Pedro González parou en Tui para voar ó ceo, e dende alá guía-los homes do mar ó porto da salvación.

Luns da segunda semana de Pascua

# BEATO PEDRO GONZÁLEZ (vulgo SAN TELMO), PRESBÍTERO, PATRONO DA DIÓCESE DE TUI-VIGO

Na diócese de Tui-Vigo: Solemnidade

Relixioso dominicano do século XIII, de orixe palentina, adicouse á predicación, sobre todo en Galicia, obtendo abondosas conversións. Ó longo da súa vida, acadou xa unha grande sona de santidade, mantendo a tradición de milagreiro e de posuidor do don de profecía. Chegado á cidade de Tui, peregrino a Compostela, finou santamente. De contado comezaron os fieis, no seu sepulcro, a encomendarse á súa protección. A devoción espallouse axiña a moitos lugares de España, dun xeito especial polos mariñeiros. Hoxe é tamén venerado en América. O papa Benedicto XIV autorizou o seu culto en tódalas dióceses de España. É principal patrono da cidade e diócese de Tui.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849).

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fas brilla-la especial axuda
do benaventurado Pedro
ós que corren perigo no mar.
Pola súa intercesión,
ilumínanos coa luz da túa gracia
nas tempestades desta vida
para chegarmos ó porto da salvación eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, fai que recibámo-lo froito desta oblación,
pola intercesión do benaventurado Pedro,
para así entregármonos decote nós mesmos
como ofrenda viva no teu altar.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Acabamos de recibi-lo Corpo e o Sangue do teu Fillo,
ó celebrármo-la festa do benaventurado Pedro.
Concédenos manternos
lonxe do poder das tebras
e camiñar sempre na luz de Cristo.
Por Cristo, noso Señor.

O mesmo luns da segunda semana de Pascua

## SAN TORIBIO DE ASTORGA, BISPO E CONFESOR

Nas parroquias galegas da diócese de Astorga: Solemnidade

Nas primeiras décadas do século V naceu Toribio na «Gallaecia». Peregrinou a Terra Santa e de alí, segundo a tradición, trouxo un importante anaco do *lignum crucis*. Elixido bispo de Astorga, destacou na loita contra a herexía priscilianista, merecendo o eloxio do papa san León. Xuntamente co bispo Idacio foi levado no ano 456 preso ás Galias, despois da chegada dos visigodos e a destrucción da súa cidade episcopal. Emprendeu, despois de retornar, a reconstrucción da súa sé, na que foi modelo para todos e pastor bo e xeneroso. Morreu en Astorga o 16 de abril do ano 480. Foi venerado, desde remotos tempos, na Igrexa romana e especialmente nas terras galegas. Dun xeito moi especial venérase en Astorga, onde é o patrono.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti fixeches memorable este día
pola solemnidade de san Toribio, bispo.
Concédenos que, adoctrinados cos seus exemplos,
sexamos tamén favorecidos diante de ti
polos seus merecementos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

# MAIO

Día 1 de maio

## San Xosé, obreiro

Lembrámo-lo esposo da Virxe María na festa do traballo, pois Xosé foi obreiro en Nazaret e Xesús foi chamado despois «o fillo do carpinteiro».

### Antífona de entrada — Sal 127, 1-2

Feliz o que teme ó Señor e anda nos seus camiños. Comerás do traballo das túas mans, serás feliz, irache ben. Aleluia.

### Oración

Deus, creador do universo,
ti dispuxeches para tódolos homes a lei do traballo.
Concédenos, polo exemplo e pola intercesión de san Xosé,
que levemos a cabo as obras que nos encomendas
e que consigámo-los premios que nos prometes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, fonte de toda misericordia,
mira con bondade as ofrendas que che presentamos
nesta festa de san Xosé, obreiro.
Concédenos benignamente que os dons ofrecidos
se convertan en axuda dos que te invocan.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de san Xosé: na lembranza, p. 489.

### Antífona da comunión — Col 3, 17

Todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo no nome de Xesús, o Señor, dándolle gracias a Deus Pai por medio del. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, escoita as oracións
dos que regalaches co alimento desta Eucaristía.
Fai que, seguindo o exemplo de san Xosé,
deamos testemuño do teu amor coas nosas vidas
e cheguemos a disfrutar por sempre o don da túa paz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 2 de maio

## San Atanasio, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Alexandría o ano 295 e foi colaborador e sucesor do bispo Alexandre, a quen acompañou no Concilio de Nicea. Pelexou valerosamente contra os arrianos, o que lle ocasionou incontables sufrimentos, entre eles varias penas de desterro. Escribiu excelentes obras apoloxéticas e expositivas da fe. Morreu o ano 373.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti fixeches do bispo san Atanasio
un baril defensor da divinidade do teu Fillo.
Concédenos que, coa axuda da súa doctrina e da súa protección,
te coñezamos cada vez mellor
e te amemos cada vez máis.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, olla as ofrendas
que che presentamos na festa de san Atanasio.
Mantennos fieis á fe que el profesou
e fai que a confesión da túa verdade
nos leve á salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
con san Atanasio proclamámo-la nosa fe
na verdadeira divinidade do teu Fillo unixénito.
Que a través deste sacramento
a súa divinidade nos protexa sempre
e nos faga partícipes da vida.
Por Cristo, noso Señor.

Día 3 de maio

# SANTOS FILIPE E SANTIAGO, APÓSTOLOS

Festa

Filipe naceu en Betsaida e foi primeiro discípulo de Xoán Bautista, despois seguiu a Cristo. Santiago, parente do Señor, fillo de Alfeo, rexeu a Igrexa de Xerusalén; escribiu unha epístola; levou unha vida chea de dificultades e converteu á fe moitos xudeus. Recibiu a palma do martirio no ano 62.

## Antífona de entrada

Estes son os homes santos, que o Señor escolleu con sincero amor. Déulle-la gloria que non ten fin. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti alégrasnos tódolos anos
coa festa dos apóstolos Filipe e Santiago.
Fai que, pola súa intercesión,
teñamos parte na paixón e resurrección do teu Fillo
e así poidamos chegar a contemplar eternamente a túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos
na festa dos santos apóstolos Filipe e Santiago.
Concédenos servirte
coa relixión limpa e sen chata que eles practicaron.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión Xn 14, 8-9

«Señor, móstrano-lo Pai, e iso abóndanos.» «Filipe, quen me ve a min, ve tamén o Pai.» Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, purifica os nosos corazóns
por estes santos misterios que recibimos.
Fai que, coma os apóstolos Filipe e Santiago,
saibamos contemplarte a ti no teu Fillo
e merezamos tamén alcanza-la vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 10 de maio

## San Xoán de Ávila, presbítero

Memoria

Xoán de Ávila naceu en Almodóvar do Campo (Ciudad Real) polo ano 1499 e morreu en Montilla (Córdoba) o 10 de maio do 1569. Desenrolou a súa actividade apostólica especialmente no Sur de España, polo cal se lle chama o Apóstolo de Andalucía. Non soamente en vida, senón tamén despois de morto, coas súas cartas, pláticas, sermóns e escritos cheos de unción evanxélica, influíu poderosamente na historia da espiritualidade española e universal. Foi canonizado por Paulo VI o 31 de maio do 1970. Pío XII nomeouno patrono do clero secular español o 2 de xullo de 1946.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches de san Xoán de Ávila
un mestre exemplar para o teu pobo
pola santidade da súa vida
e polo seu celo apostólico.
Fai que tamén nos nosos días
vaia a máis a santidade na túa Igrexa,
gracias á predicación exemplar dos teus ministros.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 12 de maio

## Santos Nereo e Aquileo, mártires

Militares de profesión, abandonaron o exército a partir da súa conversión á fe; por iso foron condenados a morte, probablemente en tempos de Diocleciano. O seu sepulcro consérvase na vía Ardeatina, onde se edificou unha basílica na súa honra.

Do Común dos mártires (p. 828, ou p. 835).

### Oración

Deus todopoderoso,
celebrámo-la festa dos gloriosos mártires Nereo e Aquileo,
que no martirio probaron a fortaleza da súa fe.
Que eles sexan sempre diante de ti
os nosos amigos e intercesores.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 12 de maio

## San Pancracio, mártir

Foi martirizado en Roma, probablemente durante a persecución de Diocleciano. O seu sepulcro consérvase na vía Aurelia e sobre el érguese unha igrexa edificada polo papa Símaco.

Do Común dos mártires (p. 833, ou p. 837).

### Oración

Señor, que a túa Igrexa se alegre
ó celebra-lo triunfo do mártir san Pancracio.
Que, confiada na súa gloriosa intercesión,
se manteña fiel a ti e firme no teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 14 de maio

# SAN MATÍAS, APÓSTOLO

Festa

Foi elixido polos Apóstolos para ocupa-lo posto de Xudas como testemuña da resurrección do Señor. Así o testemuñan os Feitos dos Apóstolos (Feit 1, 15-26)

## Antífona de entrada — Xn 15, 16

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós para que vaiades e deades froito e para que o voso froito permaneza. (T.P. Aleluia.)

## Oración

Deus, noso Pai,
ti chamaches a san Matías
para completa-lo colexio dos Apóstolos.
Pola súa intercesión, concédenos tamén a nós,
que témo-la sorte da túa amizade,
sermos contados un día no número dos elixidos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle a ofrenda
que a túa Igrexa che presenta na festa de san Matías.
Confírmanos por ela coa forza da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión — Xn 15, 12

«Este é o meu mandamento: que vos amedes uns ós outros, como eu vos amei», di o Señor. (T.P. Aleluia.)

## Oración despois da comunión

Señor, non prives nunca a túa familia
do pan da vida eterna.
Pola intercesión de san Matías,
concédenos participar da sorte dos santos
no reino da luz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 15 de maio

## San Isidro, labrador

Memoria

San Isidro naceu en Madrid polos últimos anos do século XI; foi bautizado na parroquia de S. Andrés desta cidade. Casou en Torrelaguna con María da Cabeza. Traballou coma xornaleiro agricultor. Morreu sendo xa moi velliño. A tradición popular conservou a memoria do seu espírito de oración e da súa xenerosidade cos necesitados. É patrono do campo español. Foi canonizado por Gregorio XV o ano 1622. O seu corpo consérvase incorrupto na catedral de Madrid.

### Antífona de entrada — Sant 5, 7

O labrador, coa esperanza posta nos preciosos froitos da terra, agarda con paciencia as augas de cedo e as de tarde. (T.P. Aleluia.)

### Oración

Señor, noso Deus,
na humildade e na sinxeleza do labrador san Isidro,
deixáchesno-lo exemplo dunha vida escondida con Cristo en ti.
Concédenos que o traballo de cada día
faga máis humano o noso mundo
e sexa ó mesmo tempo louvanza do teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle e santifica estes dons de pan e de viño,
froito da terra que traballamos
a exemplo do labrador san Isidro.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sant 5, 18

Pregou, e o ceo mandou auga e a terra deu froitos. (T.P. Aleluia.)

Ou: — Xn 15, 1

Eu son a vide verdadeira e o meu Pai é o labrador. (T.P. Aleluia.)

### Oración despois da comunión

Señor, pedímosche que o alimento santo que recibimos
sexa en nós semente prometedora dunha boa colleita de caridade.
Fai que, imitando o exemplo de san Isidro,
de quen hoxe celebrámo-la festa,
saibamos compartir cos irmáns o noso pan de cada día.
Por Cristo, noso Señor.

Día 16 de maio

## San Eufrasio, bispo e mártir

Na diócese de Lugo: Memoria

San Eufrasio, un dos sete «varóns apostólicos», foi bispo de Illiturgi, a actual Andújar, en Andalucía. Unha antiga tradición di que alí recibiu o martirio. No século VII o rei Sisebuto levantou sobre o seu sartego un magnífico templo. No tempo da persecución sarracena, o seu corpo foi levado a terras de Galicia e chegou ó Val do Mao, parroquia veciña do mosteiro de Samos. No Val do Mao, na súa igrexa parroquial, venéranse de séculos as súas reliquias.

Do Común dos mártires (p. 833, ou p. 837) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
énchesnos de alegría tódolos anos
coa festa do bispo e mártir san Eufrasio.
Pola súa intercesión,
dáno-la gracia de participarmos agora
na morte e na resurrección do teu Fillo
e chegarmos despois no ceo
a contempla-lo teu rostro para sempre.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 17 de maio

## San Pascual Bailón, relixioso

San Pascual naceu o ano 1540 en Torrehermosa, pertencente ó reino de Aragón, onde exerceu o humilde oficio de pastor. Ingresou na Orde dos Frades Menores, destacándose pola súa devoción á Virxe e polo seu amor á eucaristía. Morreu en Villarreal dos Infantes, preto de Valencia, o 17 de maio do 1592. Foi canonizado por Alexandre VIII no 1690. León XIII nomeouno patrono das asociacións e congresos eucarísticos.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslle a san Pascual un amor extraordinario
ós misterios do Corpo e do Sangue do teu Fillo.
Concédeno-la gracia de alcanzármo-las riquezas divinas
que el alcanzou neste banquete
que preparas para os teus fillos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 18 de maio

## San Xoán I, papa e mártir

Naceu en Toscana e foi elixido papa o ano 523. Enviado como legado de Teodorico a Xustino, emperador de Constantinopla, foi detido cando volveu e metido na cadea. A súa xestión non fora do gusto do monarca. Morreu en Ravenna o 526.

Do Común dos mártires (p. 833, ou p. 837) ou dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Deus, noso Pai,
que prémia-los teus fieis,
ti consagraches este día
co martirio do papa san Xoán.
Escoita os rezos do teu pobo
e fai que poidamos imita-la constancia na fe
deste santo que hoxe veneramos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 20 de maio

## San Bernardino de Siena, presbítero

Naceu en Massa Marittima, territorio de Siena, no ano 1380, entrou na Orde dos Frades Menores, ordenouse de sacerdote e exerceu por toda Italia unha grande actividade como predicador, con notables froitos. Espallou a devoción ó santísimo Nome de Xesús. Tivo un papel moi importante na promoción intelectual e espiritual da súa orde; escribiu, ademais, algúns tratados de teoloxía. Morreu no ano 1444.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó santo presbítero Bernardino
un amor extraordinario ó santo nome de Xesús.
Polos seus méritos e oracións,
concédenos vivirmos sempre movidos polo espírito do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de maio

## Santos Torcuato (Trocado) e os seus seis compañeiros, bispos

Na diócese de Santiago: Memoria

A tradición xacobea vencéllase tamén ós chamados sete «varóns apostólicos». Por eles a predicación dos apóstolos viuse continuada na propagación do cristianismo en España. Os seus nomes e a súa veneración están na orixe doutras tantas Igrexas españolas da máis recoñecida antigüidade.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escolliche-los santos Torcuato e compañeiros,
varóns apostólicos,

para que espallasen nas terras de España
a fe cristiana.
Fai que, pola súa axuda,
nos sintamos decote firmemente establecidos
nos alicerces da fe apostólica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de maio

## Santa Xoaquina Vedruna, relixiosa

Xoaquina de Vedruna e de Mas naceu en Barcelona o 16 de abril do 1783. Dotada de singulares virtudes humanas e chea de amor de Deus, dedicou as súas mellores enerxías ó coidado dos enfermos e á instrucción cristiá da mocidade. Morreu en Barcelona no ano 1854. Foi beatificada o 22 de maio de 1940 e canonizada por Xoán XXIII no 1959.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches aparecer na Igrexa a santa Xoaquina Vedruna
para a educación cristiá da xuventude
e para o acougo dos enfermos.
Fai que nós saibamos imita-los seus exemplos
e adiquémo-la nosa vida
a servir con amor a nosos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle estes dons
cos que imos facer lembranza do amor do teu Fillo.
Concédenos ós que participamos nestes misterios
que, seguindo o exemplo de santa Xoaquina Vedruna,
saibamos amarte a ti sobre tódalas cousas
e a tódolos homes por ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pedímosche que esta Eucaristía
faga medrar en nós a túa vida.
Fai que coas nosas palabras e accións
sexamos, coma santa Xoaquina Vedruna,
amor para os que nos rodean
e luz para os que nos ven.
Por Cristo, noso Señor.

Día 25 de maio

## San Beda o Venerable, presbítero e doutor da Igrexa

Naceu cabo do mosteiro de Wearmouth no ano 673. Foi educado por san Bieito Biscop; ingresou no mosteiro e foi ordenado sacerdote; exerceu o ministerio da ensinanza e a actividade literaria. Escribiu obras teolóxicas e históricas de grande erudición, que recollen moitas das tradicións dos Santos Padres, así como notables tratados esexéticos. Morreu no ano 735.

Do Común dos doutores da Igrexa (p. 853) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, ti iluminache-la túa Igrexa coa doctrina de san Beda.
Concédelle propicio ó teu pobo
tirar proveito da súa sabiduría
e sentirse axudado polos seus méritos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 25 de maio

## San Gregorio VII, papa

Hildebrando naceu na Toscana polo ano 1028. Educouse en Roma e abrazou a vida monástica; foi varias veces legado dos papas na obra da reforma eclesiástica, que el mesmo tivo que proseguir con moito interese ó subir á cátedra de Pedro no 1073. O seu principal adversario foi o emperador Henrique IV. Morreu desterrado en Salerno o ano 1085.

Do Común dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Señor, concédelle á túa Igrexa
aquela fortaleza de ánimo e aquela sede de xusticia
que fixeches brillar no papa san Gregorio.
Faina forte na fe, para que denuncie sempre o mal
e poida cumprir con amor e liberdade todo canto é recto e xusto.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 25 de maio

## Santa María Madalena de Pazzi, virxe

Naceu en Florencia no ano 1566; foi educada na piedade e, ó entrar na Orde Carmelitana, levou unha vida de oración e de abnegación, pedindo a reo pola reforma da Igrexa. Ademais, dirixiu polo camiño da perfección moitas das súas irmás de relixión. Morreu o ano 1607.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
que tanto áma-la virxinidade,
ti adornaches con especiais dons do ceo
a virxe santa María Madalena de Pazzi,
que te amaba de todo corazón.
Concédenos imita-los exemplos de pureza e de amor
que nos deu esta santa que hoxe veneramos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 26 de maio

## San Filipe Neri, presbítero

Memoria

Naceu en Florencia o ano 1515; marchou a Roma e dedicouse ó coidado dos mozos; destacou no camiño da perfección cristiá e fundou unha asociación para atende-los pobres. Ordenado sacerdote en 1551 fundou a Congregación do Oratorio, na que cultivaba especialmente a lectura espiritual, o canto e as obras de misericordia. Brillou polas súas obras de caridade co próximo, pola súa simpatía e pola súa alegría. Morreu o ano 1595.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti exalzas sempre coa gloria da santidade
as persoas que che son fieis,
concédenos que o Espírito
nos inflame con aquel mesmo lume de amor
con que encheu maravillosamente o corazón de san Filipe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza na festa de san Filipe.
Fai que, seguindo o seu exemplo,
saibamos entregarnos sempre con alegría ó servicio do próximo
para a gloria do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti fixéchesnos saborea-las alegrías da túa mesa celestial.
Fai que, seguindo o exemplo de san Filipe Neri,
teñamos sempre fame e sede de ti,
que e-la verdadeira vida.
Por Cristo, noso Señor.

Día 27 de maio

## Santo Agostiño de Canterbury, bispo

Desde o mosteiro romano de San Andrés, no ano 597, foi enviado a Inglaterra polo papa san Gregorio Magno, para predica-lo Evanxelio. Consagrado bispo de Canterbury e coa axuda do rei Etelberto converteu moitos á fe e fundou moitas igrexas, sobre todo no reino de Kent. Parece que morreu o 26 de maio do ano 605.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou bispos (p. 842).

### Oración

Deus misericordioso,
pola predicación do bispo santo Agostiño,
leváche-los pobos de Inglaterra á luz do Evanxelio.
Concédenos que os froitos do seu traballo
se manteñan na túa Igrexa cunha perenne fecundidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 30 de maio

## San Fernando

Fernando III, o Santo, naceu no ano 1198 no reino leonés, probablemente preto de Valparaíso (Zamora), e morreu en Sevilla o 30 de maio de 1252. Era fillo de Afonso IX de León e de Berenguela, raíña de Castela; uniu definitivamente as coroas de ambos reinos. Iniciado o proceso de canonización e probado o culto inmemorial, foi erguido á gloria dos altares o 4 de febreiro do 1671. É patrono de varias institucións españolas. Tamén os cativos, desamparados e gobernantes o invocan como o seu especial protector.

Do Común dos santos (p. 859).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti escollíche-lo rei san Fernando
para a defensa da túa Igrexa na terra.
Escoita os rezos do teu pobo
que che pide experimenta-la súa protección no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 31 de maio

# VISITACIÓN DA VIRXE MARÍA

Festa

Nesta festa lembrámo-la Virxe María cando, levando no seo o Fillo de Deus, visitou súa curmá Isabela, da que ía nacer Xoán Bautista. É unha festa de gozo e agradecemento a Deus polas maravillas que fai entre os homes.

## Antífona de entrada — Sal 65, 16

Os que temedes a Deus, vinde e escoitade: contareivos canto por min fixo o Señor. (T.P. Aleluia.)

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti inspiráche-la Virxe María,
cando levaba no seu seo o teu Fillo,
para que visitase a súa curmá santa Isabela.
Concédenos segui-las inspiracións do teu Espírito,
para que poidamos cantar sempre con María as túas maravillas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que che agrade este sacrificio salvador
que agora che ofrecemos,
como che agradou o amor da santísima Nai do teu Unixénito.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II-V de santa María Virxe, pp. 484-487.

## Antífona da comunión — Lc 1, 48-49

Tódalas xeracións me van felicitar. ¡Maravillas fixo en min o Poderoso! O seu nome é santo. (T.P. Aleluia.)

## Oración despois da comunión

Señor, que te glorifique a túa Igrexa
polas maravillas que lles fixeches ós teus fieis.
Que recoñeza neste sacramento a presencia viva daquel
a quen Xoán Bautista presentiu con alegría,
cando estaba aínda no seo de súa nai.
Por Cristo, noso Señor.

Sábado posterior ó segundo domingo despois de Pentecostés

## Inmaculado Corazón da Virxe María

O Corazón da Virxe María é símbolo do amor da filla a Deus, seu Pai, e a seu Fillo, Xesucristo. O seu Corazón Inmaculado ama os homes, fillos de Deus e irmáns de Xesús.

### Antífona de entrada — Sal 12, 6

O meu corazón relouca coa túa axuda, cantarei ó Señor polo ben con que me premia.

### Oración

Señor, noso Deus,
ti preparaches no corazón da benaventurada Virxe María
unha digna morada do Espírito Santo.
Pola intercesión dela, transfórmanos tamén a nós
en templos vivos da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta os dons e oracións
que che ofrecemos en honra de María.
Que che agraden a ti e nos traian a nós axuda e perdón.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe: na festividade, p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión — Lc 2, 19

María gardaba todas estas palabras e meditábaas no seu corazón.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de participar neste sacramento de salvación eterna.
Pedímosche que os que honrámo-la Nai do teu Fillo
gocémo-la abundancia das túas bendicións
e experimentemos un aumento continuo da túa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

# XUÑO

Día 1 de xuño

## San Xustino, mártir

Memoria

Xustino, filósofo e mártir, naceu en Flavia Neápoli, en Samaría, polos primeiros anos do século II; era de familia pagana. Converteuse á fe e escribiu diversas obras en defensa do cristianismo; de entre elas consérvanse dúas «Apoloxías» e o «Diálogo co xudeu Trifón». Abriu en Roma unha escola onde sostiña discusións públicas. Foi martirizado con varios compañeiros durante a persecución de Marco Aurelio, polo ano 163.

### Antífona de entrada — Cf. Sal 118, 85. 46

Levantáronme contos os impíos, que non viven conforme á túa lei; pero eu falarei dos teus preceptos diante dos reis, e non sentirei vergoña. (T.P. Aleluia.)

### Oración

Señor, noso Pai,
o mártir san Xustino chegou de xeito admirable
pola tolería da cruz ó coñecemento do misterio de Xesucristo.
Concédenos pola súa intercesión
supera-los erros e fortalecernos na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Concédenos, Señor, celebrar dignamente estes misterios
que defendeu con valentía o teu mártir san Xustino.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Cor 2, 2

Nada pretendín saber entre vós fóra de Xesucristo; e mesmo a el, crucificado. (T.P. Aleluia.)

### Oración despois da comunión

Señor, ti mantesnos con este alimento celestial.
Pedímosche humildemente
segui-los consellos do mártir san Xustino
e permanecer sempre en acción de gracias polos bens recibidos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 2 de xuño

## Santos Marcelino e Pedro, mártires

Deixounos novas da súa morte o papa san Dámaso, que coñeceu o seu verdugo. O martirio tivo lugar durante a persecución de Diocleciano. Foron decapitados nun souto, pero os seus corpos foron trasladados e sepultados no cemiterio chamado «ad duas lauros», na vía Labicana, onde despois da paz de Constantino se ergueu unha basílica.

Do Común dos mártires (p. 833, ou p. 837).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti protéxesnos e axúdasnos co glorioso exemplo
dos santos mártires Marcelino e Pedro.
Concédeno-la gracia de imitalos
e de nos sentirmos amparados pola súa intercesión.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 3 de xuño

## Santos Carlos Lwanga e compañeiros, mártires

Memoria

Entre os anos 1885 e 1887 moitos cristiáns de Uganda foron condenados a morte polo rei Mwanga; algúns eran funcionarios da corte e moi achegados á persoa do rei. Entre estes cómpre suliñar a Carlos Lwanga e os seus vinteún compañeiros que, firmes na fe católica, foron decapitados ou queimados por se negaren a satisface-los impuros desexos do monarca.

Do Común dos mártires (p. 828, ou p. 835).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches que o sangue dos mártires
se convertese en semente de novos cristiáns.
Concédenos que o campo da túa Igrexa,
regado polo sangue dos santos mártires Carlos e compañeiros,
produza a cotío froitos abondosos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti concedíchesslles ós teus mártires
forza para morreren antes ca pecar.
Acolle as nosas ofrendas
e fai que te sirvamos neste altar
cun corazón entregado completamente a ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, recibimos estes santos sacramentos,
facendo lembranza da victoria dos teus mártires.
Que así como a eles lles deron forza
para soportar valerosamente os suplicios,
tamén a nós nos concedan fe e caridade constantes
para superármo-las adversidades.
Por Cristo, noso Señor.

Día 5 de xuño

## San Bonifacio, bispo e mártir

Memoria

Naceu en Inglaterra polo ano 673; fixo a súa profesión relixiosa no mosteiro de Exeter. No ano 719 marchou a Alemania a predica-la fe cristiá, cousa que fixo con notable éxito. Foi consagrado bispo de Maguncia e, coa axuda de varios compañeiros, fundou e instaurou numerosas igrexas en Baviera, Turinxia e Franconia, congregou diversos concilios e promulgou leis. Foi asasinado por uns pagáns durante a evanxelización dos frisóns, no ano 754, e o seu corpo foi sepultado na abadía de Fulda.

Do Común dos mártires (p. 833, ou p. 837) ou dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Señor, que interceda por nós o santo mártir Bonifacio.
Fai que poidamos soster firmemente
e testemuñar cos nosos feitos
a fe que el ensinou de palabra
e confirmou co seu sangue.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 6 de xuño

## San Norberto, bispo

Naceu polo ano 1080 en Renania. Cóengo da catedral de Colonia, converteuse da súa vida mundana e abrazou a vida relixiosa, ordenándose sacerdote o ano 1115. Na súa vida apostólica distinguiuse sobre todo pola súa actividade como predicador en Francia e Alemania. Cos seus compañeiros fundou a Orde Premonstratense e os seus primeiros mosteiros. Foi consagrado bispo de Magdeburgo o ano 1126. Reformou os costumes e espallou a fe cristiá entre os pagáns das rexións veciñas. Morreu o ano 1134.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus de bondade,
ti fixeches do santo bispo Norberto un ministro da túa Igrexa,
moi sonado polo seu espírito de oración
e polo seu celo apostólico.
Concédenos, pola súa intercesión,
que o teu pobo atope sempre pastores dignos
que o leven ás fontes da salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 9 de xuño

## San Efrén, diácono e doutor da Igrexa

Naceu en Nísibe, de familia cristiá, polo ano 306. Ordenouse de diácono e exerceu ese ministerio na súa patria e en Edesa, onde foi iniciador da escola teolóxica. A pesar da súa intensa vida ascética, tivo unha grande actividade como predicador e como autor de importantes obras, destinadas á refutación dos erros do seu tempo. Morreu o ano 373.

Do Común dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Señor, infunde nos nosos corazóns o Espírito Santo
que inspirou o benaventurado diácono Efrén
para cantar, cheo de ledicia, os teus misterios
e para se entregar sen reservas ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 11 de xuño

# San Bernabé, apóstolo

Memoria

Naceu en Chipre e foi un dos primeiros fieis de Xerusalén; predicou en Antioquía e acompañou a Paulo na súa primeira viaxe. Interveu no Concilio de Xerusalén. Volveu á súa patria, predicou o Evanxelio e alí morreu.

## Antífona de entrada — Cf. Feit 11, 24

Feliz san Bernabé, que mereceu ser contado no número dos apóstolos; era un home cheo de fe e do Espírito Santo. (T.P. Aleluia.)

## Oración

Deus todopoderoso,
ti escolliches a san Bernabé,
home cheo de fe e do Espírito Santo,
para que se adicase á conversión dos pagáns.
Concédenos que a Igrexa anuncie fielmente,
de palabra e con feitos,
o Evanxelio de Cristo,
que este santo proclamou con tanta valentía.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica coa túa bendición as ofrendas que che presentamos.
Que elas acendan en nós aquel lume de amor
que empuxou a san Bernabé
a leva-la luz do Evanxelio a tódolos pobos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión — Xn 15, 15

Xa non vos chamo criados, porque o criado non sabe que é o que fai o seu Señor. A vós chámovos amigos, porque todo o que lle oín o meu Pai déinvolo a coñecer. (T.P. Aleluia.)

### Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Bernabé
déchesnos este adianto da vida eterna.
Pedímosche humildemente
que academos un día na súa realidade completa
o que hoxe tomamos tan só en imaxe sacramental.
Por Cristo, noso Señor.

Día 13 de xuño

## San Antonio de Padua, presbítero e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Lisboa polos últimos anos do século XII. Ingresou nos cóengos regulares de santo Agostiño. A pouco de se ordenar de presbítero abrazou a Orde dos Frades Menores co fin de se dedicar ó espallamento da fe entre os pobos de África. Non foi así. Predicando con moito froito en Italia converteu a moitísimos herexes. Foi o primeiro profesor de teoloxía que tiveron os frades da súa Orde. Escribiu sermóns cheos de ciencia e de elegancia. Morreu en Padua no ano 1231.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos doutores da Igrexa (p. 853) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti déchesslle ó teu pobo na persoa de san Antonio de Padua
un ilustre predicador
e un valioso intercesor nas necesidades.
Concédenos cumpri-las normas da vida cristiá,
para podermos disfrutar da túa axuda
en tódalas adversidades da vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 15 de xuño

## Santa María Micaela do Santísimo Sacramento, virxe

Naceu en Madrid no 1809 e alí, ó visita-lo Hospital de San Xoán de Deus, naceu a súa vocación de se consagrar á educación da mocidade inadaptada socialmente. O amor a Cristo na eucaristía foi a alma da súa obra. Fundou o Instituto de Adoratrices Escravas do Santísimo Sacramento e da Caridade. Morreu en Valencia, víctima da súa caridade, ó atende-los enfermos de cólera, o 24 de agosto de 1865. Foi canonizada no 1934.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti áma-los homes e perdóasno-los nosos pecados.
Dános, pola comunión e a forza da Eucaristía,
aquel espírito que moveu a santa María Micaela
a descubrirte nos máis pobres e necesitados de axuda.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 19 de xuño

## San Romualdo, abade

Naceu en Ravenna a mediados do século X. Abrazou a vida de ermitán. Durante varios anos recorreu diversos países na busca de soedade e edificando pequenos mosteiros. Loitou denodadamente contra o relaxo de costumes dos monxes do seu tempo. Camiñou esforzadamente cara á perfección, practicando as virtudes. Morreu polo ano 1027.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti renováche-la vida eremítica na túa Igrexa,
valéndote do abade san Romualdo.
Concédenos que, renunciando a nós mesmos e seguindo a Cristo,
merezamos chegar felizmente ó reino do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de xuño

# San Luís Gonzaga, relixioso

Memoria

Naceu no 1568 preto de Mantua. Educado na piedade pola súa nai, víronse nel extraordinarios sinais de vocación relixiosa. Renunciou ós seus dereitos en favor do seu irmán, ingresou na Compañía de Xesús e principiou os seus estudios de teoloxía. Estando entregado ó servicio dos enfermos dos hospitais, contaxiouse el tamén e morreu en Roma o ano 1591.

## Antífona de entrada

Cf. Sal 23, 4. 3

O que ten as mans limpas e puro o corazón poderá subir ó monte do Señor e manterase na súa morada santa.

## Oración

Deus, fonte de tódolos dons espirituais,
ti na persoa de san Luís Gonzaga
xuntaches unha admirable inocencia de vida
cun verdadeiro espírito de penitencia.
Concédenos, polos seus méritos e pola súa intercesión,
imitalo na súa penitencia,
xa que non o soubemos seguir na súa inocencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, fai que, seguindo o exemplo de san Luís,
participemos neste banquete eucarístico,
vestidos co traxe nupcial da túa gracia.
Así, pola participación nestes misterios,
recibirémo-la abundancia dos teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Sal 77, 24-25

Deulles pan do ceo, o home comeu pan dos anxos.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos con este pan dos anxos.
Fai que te sirvamos cunha vida pura
e que imitémo-lo exemplo do santo que hoxe conmemoramos,
dándoche gracias a cotío polos teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

Día 22 de xuño

## San Paulino de Nola, bispo

Naceu en Burdeos o ano 355. Acadou grandes honores. Casou e tivo un fillo. Con desexos dunha vida máis austera, recibiu o bautismo e, renunciando a tódolos seus bens, abrazou no 393 a vida monástica e marchou a Nola. Consagrado bispo de dita cidade, promoveu o culto de san Fiz, atendeu os peregrinos e puxo moito interese en alivia-las necesidades do seu tempo. Compuxo poemas notables pola fermosura da súa linguaxe. Morreu o ano 431.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches resplandece-lo bispo san Paulino
polo seu amor ós pobres
e pola súa inquedanza pastoral.
Concédenos que, ó celebrármo-los méritos deste santo,
imitemos tamén os seus exemplos de caridade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 22 de xuño

## Santos Xoán Fisher, bispo, e Tomás More, mártires

Xoán Fisher naceu en 1469, estudiou teoloxía en Cambridge e recibiu o presbiterado. Nomeado bispo de Rochester, levou unha vida austera; foi un pastor excelente, que visitaba cada pouco os seus fieis. Escribiu tamén varias obras contra os erros do seu tempo.

Tomás More naceu en 1477. Completou os seus estudios en Oxford. Casou e tivo catro fillos. Foi chanceler do rei. Compuxo varias obras para a boa marcha do estado e en defensa da relixión.

Os dous foron decapitados o ano 1535 por orde do rei Henrique VIII, porque se lle opuxeron na cuestión da disolución do seu casamento.

Do Común dos mártires (p. 828).

Oración

Deus, noso Pai,
ti recoñeces no martirio o testemuño máis perfecto da fe.
Fai que, fortalecidos pola intercesión dos santos Xoán e Tomás,
confirmemos coa vida
a fe que profesamos coa palabra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 23 de xuño

## ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE OURENSE

Na Basílica: Solemnidade
Na diócese de Ourense: Festa

A Igrexa Catedral de Ourense , expoñente máximo da devoción a san Martiño nas terras de Galicia, ten a súa orixe nunha antiga igrexa erguida polos suevos (550-560) baixo a advocación de san Martiño de Tours. Esta Igrexa, xa restaurada, ó remate do século XI encontrábase nun estado case ruinoso, iniciando o bispo Ederonio, no 1084, a construcción dun novo templo que foi sustituído, a mediados do século XII, polo actual, de grande influencia compostelana. Nesta Igrexa custódiase, con especial veneración, a fermosa imaxe do santo Cristo de Ourense.

Todo do Común da dedicación dunha igrexa, no cabodano da dedicación (p. 815).

Día 24 de xuño

# NACEMENTO DE SAN XOÁN BAUTISTA

Solemnidade

Fillo de Zacarías e Isabela, Xoán foi santificado no seo mesmo da nai. Predicou penitencia, no Xordán bautizou o Mesías e anunciouno dicindo: «Velaquí o Año de Deus.» Xesús chamou seus primeiros apóstolos de entre os discípulos de Xoán Bautista, con quen culmina o antigo Testamento. Esta solemnidade celebrábase xa en tempos de santo Agostiño.

## Misa da vixilia

Esta misa emprégase no serán do día 23 de xuño, antes ou despois das primeiras Vésperas da solemnidade.

### Antífona de entrada — Lc 1, 15. 14

Será grande na presencia do Señor; estará cheo do Espírito Santo xa desde o seo da súa nai; alegraranse moitos no seu nacemento.

Dise Gloria.

### Oración

Señor, Deus todopoderoso,
guía a túa familia polo camiño da salvación.
Fai que, seguindo a chamada de san Xoán Bautista,
chegue ó encontro daquel
a quen, como precursor, el anunciaba:
Xesucristo, noso Señor.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle benignamente os dons que o teu pobo che ofrece
na solemnidade de san Xoán Bautista.
Concédenos acompaña-los misterios que celebramos
cunha vida enteiramente adicada a ti.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, coma na misa seguinte, p. 668.

### Antífona da comunión — Lc 1, 68

Bendito sexa o Señor, Deus de Israel, porque visitou e liberou o seu pobo.

### Oración despois da comunión

Señor, que nos acompañe a poderosa intercesión de san Xoán,
agora que nos alimentamos con esta mantenza sagrada.
El, que nos mostrou o Año que arrinca os nosos pecados,
nos acade tamén a misericordia do teu Fillo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Esta misa tamén se pode usar coma votiva, con vestiduras de cor vermella.

## Misa do día

### Antífona de entrada — Xn 1, 6-7; Lc 1, 17

Xurdiu un home enviado por Deus, que se chamaba Xoán; este viña para dar testemuño da luz e para lle preparar ó Señor un pobo ben disposto.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escolliches a san Xoán Bautista
para que lle preparase a Xesucristo
un pobo ben disposto.
Concédelle á túa Igrexa as alegrías do Espírito
e encamiña os teus fieis
polos vieiros da salvación e da paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo

### Oración sobre as ofrendas

Señor, enchémo-lo teu altar coas nosas ofrendas.
Mediante elas queremos celebrar coa debida honra
o nacemento de Xoán Bautista,
pois el anuncióuno-lo Salvador que estaba para vir,
e amostróunolo despois xa presente.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## Prefacio

### A MISIÓN DO PRECURSOR

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Louvámo-la túa magnificencia
na festa de san Xoán Bautista,
o Precursor do teu Fillo,
a quen consagraches como o máis grande
entre os nacidos de muller.
O seu nacemento tróuxolle ó mundo un grande gozo
e mesmo brincou de alegría antes de nacer,
presentindo a chegada do Salvador.
El foi o escolleito entre tódolos profetas
para nos revela-lo Año
que tira o pecado do mundo.
El bautizou no Xordán
o mesmo Autor do bautismo
e a auga converteuse así
en fonte de salvación.
El, finalmente, confirmou co sangue
o seu testemuño en favor de Cristo.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nos te aclamamos na terra
e te glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.

¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión — Lc 1, 78

Pola misericordia entrañable do noso Deus, amencerá desde o ceo un sol para nós.

### Oración despois da comunión

Señor, déchesnos de comer no banquete do teu Año celestial
ó celebrarmos con alegría o nacemento de san Xoán Bautista.
Pedímosche que a túa Igrexa recoñeza como liberador seu
a aquel de quen Xoán profetizou que estaba para vir.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Día 26 de xuño

## San Paio, mártir

Na diócese de Tui-Vigo: Memoria

Paio é o mártir da castidade no alborexar da mocidade. Nado na diócese de Tui á comezos do século X, foi deportado a Córdoba co seu tío Hermixio, bispo de Tui, e con outros cristiáns, e alí permaneceu preso coma refén, resistindo fortes ataques á virtude, ata recibi-la coroa do martirio, despois de duros tormentos, o 26 de xuño do ano 925, cando aínda non fixera catorce anos.

O seu corpo foi trasladado a León e máis tarde a Oviedo, onde se venera actualmente no mosteiro de benedictinas que leva o seu nome. Unha reliquia do santo gárdase no mosteiro compostelán de Antealtares.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
o neno san Paio, cativo lonxe da patria,
logrou a coroa do martirio
con admirable forza nos tormentos;
dános, coma a el, un corazón puro
para nos manternos firmes na esperanza
e no testemuño da fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 27 de xuño

## San Cirilo de Alexandría, bispo e doutor da Igrexa

Naceu no ano 370 e viviu vida monástica. Acompañou a seu tío, bispo de Alexandría, e sucedeuno no bispado o ano 412. Loitou enerxicamente contra a doctrina de Nestorio e presidiu o Concilio de Éfeso. Escribiu moitas obras cheas de erudición co fin de explicar e defende-la fe católica. Morreu o ano 444.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches do bispo san Cirilo
un afervoado defensor da maternidade divina da Virxe María.
Fai que, cantos cremos de verdade que ela é a Nai de Deus,
nos vexamos salvados pola encarnación do teu Fillo Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Día 28 de xuño

## San Ireneo, bispo e mártir

Memoria

Naceu o ano 130 e educouse en Esmirna. Foi discípulo de san Policarpo, bispo daquela cidade. No ano 177 era presbítero en Lión (Francia) e, ó pouco tempo, foi nomeado bispo da dita cidade. Escribiu varias obras para defende-la fe católica contra os gnósticos. Coroou a súa vida, segundo se cre, co martirio aló polo ano 200.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó bispo san Ireneo
a gracia de facer triunfa-la doctrina verdadeira
e a paz da Igrexa.
Fai que pola súa intercesión
nos renovemos na fe e no amor
e traballemos sen descanso por promove-la paz e a unidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche con alegría
este sacrificio na festa de san Ireneo.
Que el sirva para a gloria do teu nome,
nos obteña a nós o amor á verdade
e lle axude á túa Igrexa
a permanecer firme na fe e na unidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, por estes sagros misterios fai medra-la nosa fe.
Que así como o bispo san Ireneo
foi glorificado pola súa fe vivida ata a morte,
tamén nós a vivamos de verdade
e así alcancémo-la salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Día 29 de xuño

## SANTOS PEDRO E PAULO, APÓSTOLOS

Solemnidade

Simón, pescador no mar de Galilea, elixido por Cristo o primeiro entre os doce, recibiu do Señor o nome de Pedro, pedra ou fundamento da unidade da Igrexa. Anunciou o Evanxelio en Xerusalén, Antioquía e Roma, da que foi o primeiro bispo. Alí foi crucificado na persecución de Nerón o ano 64 e sepultado na colina Vaticana.

Paulo, nado en Tarso, cumpriu con celo a lei de Moisés e perseguiu os cristiáns. No camiño de Damasco convertiuse a Cristo que o chamou. Viaxeiro incansable, fundou Igrexas en Asia menor e Europa oriental. Escribiu cartas a diversas Igrexas. Na carta ós cristiáns de Roma manifesta o dexeso de visitar España. En Roma sufriu a cadea e foi decapitado no ano 67, na vía Ostiense.

Roma, nai e cabeza de tódalas Igrexas, ten a Pedro e Paulo coma patróns.

### Misa da vixilia

Esta misa emprégase no serán do día 28 de xuño, antes ou despois das primeiras Vésperas da solemnidade.

## Antífona de entrada

Pedro, o primeiro dos apóstolos, e Paulo, o doutor dos xentís, ensináronno-la túa lei, Señor.

Dise Gloria.

## Oración

Señor, noso Deus, concédenos vérmonos axudados
pola intercesión dos santos apóstolos Pedro e Paulo.
Que eles nos acaden a salvación definitiva,
xa que tamén por eles ti lle concediches á túa Igrexa
as primicias da redención.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebrármo-la solemnidade
dos santos apóstolos Pedro e Paulo,
traemos estes dons ó teu altar.
Aínda que non podemos confiar nos nosos méritos,
que a túa bondade nos conceda a alegría
de experimentármo-la salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, coma na misa seguinte, p. 673.

## Antífona da comunión — Xn 21, 15. 17

«Simón, fillo de Xoán, ¿quéresme máis ca estes?» «Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.»

## Oración despois da comunión

Señor, ti iluminácheshos coa doctrina dos santos apóstolos.
Que estes divinos misterios nos enchan coa túa fortaleza.
Por Cristo, noso Señor.

Esta misa tamén se pode usar coma votiva, con vestiduras de cor vermella.

# Misa do día

## Antífona de entrada

Estes son os que cando vivían neste mundo, fecundaron a Igrexa co seu sangue; beberon a copa do Señor e fixéronse amigos de Deus.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti concédesnos un gozo santo
na solemnidade dos teus apóstolos Pedro e Paulo.
Fai que a túa Igrexa se deixe guiar en todo
por aqueles dos que recibiu o primeiro anuncio da súa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche esta ofrenda
na festa dos santos apóstolos.
Que a súa oración nos acompañe e nos axude
a celebrar con devoción este sacrificio.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A DOBRE MISIÓN DE PEDRO E PAULO NA IGREXA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Pois quixeches enchernos de alegría
na festa dos santos apóstolos Pedro e Paulo.
Pedro foi o primeiro en confesa-la fe,
Paulo o mestre insigne que a explicou.
Pedro constituíu a Igrexa co resto fiel de Israel,
Paulo o mestre e evanxelizador dos xentís.
Así, cada un, conforme á súa gracia,
axudou a congregar
a única familia de Cristo.
O pobo venéraos unidos
e ambos comparten
a mesma coroa de gloria.

Por iso, con tódolos anxos e santos,
louvámoste sen cesar
e te glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Mt 16, 16. 18

Díxolle Pedro a Xesús: «Ti e-lo Mesías, o Fillo de Deus vivo.» Xesús contestoulle: «E ti es Pedro, é dicir, pedra; e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa.»

## Oración despois da comunión

Señor, que a forza deste sacramento
renove a vida da túa Igrexa.
Que a perseverancia na fracción do pan e na doctrina dos apóstolos
nos afirme no teu amor
e nos axude a sermos un só corazón e unha soa alma.
Por Cristo, noso Señor.

Para a misa votiva de san Pedro e san Paulo, cf. p. 1013, ou p. 1014.

Día 30 de xuño

# Santos Protomártires da santa Igrexa Romana

Na primeira persecución contra a Igrexa, desencadeada por Nerón despois da queima da cidade, no ano 64, moitos fieis foron martirizados con atroces tormentos. Dan testemuño disto o escritor pagano Tácito («Annales», 15, 44) e Clemenzo, bispo de Roma, na súa carta ós fieis de Corinto (cap. 5-6).

Do Común dos mártires (p. 828)

## Oración

Deus, noso Pai,
ti consagráche-los comezos da Igrexa de Roma
co sangue de moitos mártires.
Concédenos que o exemplo do seu martirio
nos fortaleza tamén a nós
e nos encha de santa alegría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

# XULLO

Día 3 de xullo

## SAN TOMÉ, APÓSTOLO

Festa

Tomé é célebre entre os apóstolos. A súa incredulidade desapareceu á vista de Cristo resucitado. El é o que proclamou o testemuño pascual da Igrexa: «¡Meu Señor e meu Deus!». Fóra dos detalles que se apuntan no Evanxelio non se sabe máis nada de certo sobre a súa vida. Disque foi o apóstolo que evanxelizou os pobos da India. Dende o século VI celébrase en Edesa a traslación do seu corpo o 3 de xullo.

### Antífona de entrada — Sal 117, 28

Ti e-lo meu Deus, e douche gracias; e-lo meu Deus, eu louvareite. Douche as gracias, porque e-lo meu Salvador.

### Oración

Deus todopoderoso,
concédenos celebrar con alegría
a festividade do apóstolo san Tomé.
Fai que nos sintamos axudados sempre pola súa intercesión
e que teñamos vida pola fe en Xesucristo, o teu Fillo,
a quen el recoñeceu coma seu Deus e Señor.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta a nosa xusta homenaxe
e acolle a nosa humilde oración.
Conserva en nós os teus dons polo sacrificio de louvanza
que che presentamos na festa de san Tomé.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

### Antífona da comunión — Cf. Xn 20, 27

Trae a túa man e recoñece o lugar dos cravos; non sexas incrédulo, senón home de fe.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti dásnos neste sacramento
o verdadeiro Corpo do teu Fillo unixénito.
Co apóstolo san Tomé
confesamos que el é o noso Deus e Señor.
Concédenos que testemuñemos coa vida
iso mesmo que profesamos coa fe.
Por Cristo, noso Señor.

Día 4 de xullo

## Santa Isabela de Portugal

Naceu no ano 1271. Casou de moi nova co rei de Portugal e tivo dous fillos. Dedicouse á oración e ás obras de misericordia e aturou con fortaleza contratempos e dificultades. Desde que morreu o seu home, repartiu os seus bens entre os pobres e tomou o hábito da Orde Terceira de san Francisco. Morreu en 1336, canto trataba de face-las paces entre o seu fillo e mailo seu xenro.

Do Común dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Deus, fonte da paz e amigo da caridade,
ti adubiaches a santa Isabela
coa gracia de face-las paces entre os que estaban a mal.
Concédenos, pola súa intercesión,
traballar sempre pola paz,
para que poidamos chamarnos fillos de Deus.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 5 de xullo

## San Antonio María Zaccaría, presbítero

Naceu en Cremona no ano 1502. Estudiou medicina en Padua. Ordenado de presbítero fundou a Congregación de cregos de san Paulo ou Barnabitas, que traballaron moito na reforma dos costumes dos fieis. Morreu en 1539.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: educadores (p. 868) ou relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, san Antonio María Zaccaría, igual ca san Paulo,
estaba penetrado
do incomparable coñecemento de Xesucristo,
que o levou a predicar incansablemente
a palabra da salvación na túa Igrexa.
Concédenos tamén a nós o don dese mesmo coñecemento.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 6 de xullo

## Santa María Goretti, virxe e mártir

Naceu en Corinaldo (Italia) no ano 1890 de humilde familia. Pasou unha nenez dura axudando a súa nai nos labores da casa. Como era moi piadosa, rezaba adoito. No ano 1902 preferiu morrer apuñalada en defensa da castidade en vez de luxa-la súa alma.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Deus, fonte da inocencia e amigo da castidade,
ti concedíchesslle a santa María Goretti
a gracia do martirio, sendo aínda nena.
Así como a ela lle déche-la victoria da virxinidade no seu combate,
concédenos tamén a nós, pola súa intercesión,
constancia na fidelidade ós teus mandados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 10 de xullo

## Beatos Xoán Xacobo Fernández e compañeiros, mártires

Na diócese de Ourense: Memoria

Naceu no lugar de Carballeda, diócese de Ourense, o 25 de xullo do ano 1808. Tomou o hábito franciscano, como leigo, no convento de Herbón. Escollido para ir ós Santos Lugares, sobresaíu no convento de Damasco pola piedade, caridade e humildade. Ó xurdir unha persecución contra os cristiáns, Xoán Xacobo foi precipitado desde o eirado da igrexa polos enemigos que irrumpiron no mosteiro. Aínda con vida, suplicáballe a Deus con fervor que aceptase o seu sacrificio, ata que cunha coitelada o remataron. Xunto co padre Manuel Ruiz e outros seis compañeiros, consumou o martirio o 9 de xullo do 1860.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Señor noso, Xesucristo,
ti concedíchesslles ós benaventurados Xoán Xacobo,
Manuel e ós seus compañeiros
a gracia de verte-lo sangue e confesa-lo teu nome.
Pola súa intercesión e os seus méritos,
multiplica a túa misericordia
para que a Igrexa sexa firme na confesión da fe
e os non crentes encontren o camiño do Evanxelio.
Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

Día 11 de xullo

# SAN BIEITO, ABADE, PATRONO DE EUROPA

Festa

Naceu en Nursia, na Umbria, polo ano 480. Educouse en Roma. Principiou a súa vida de ermitán na rexión de Subiaco. Congregou arredor de si numerosos discípulos, que tivo que abandonar polas dificultades que xurdiron. De alí marchou a Montecassino. Fundou un célebre mosteiro e escribiu a súa Regra, que se espallou por tódalas rexións, e por iso se fixo merecente de ser chamado patriarca da vida monástica en Occidente. Morreu o 21 de marzo do ano 547, pero xa desde o século VIII se facía memoria del neste día.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches do abade san Bieito un mestre extraordinario
dos que queren consagra-la vida ó teu servicio.
Concédenos non antepoñer cousa ningunha ó teu amor,
para que así corramos polos vieiros dos teus mandados
cun corazón alegre e xeneroso.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bos ollos
estas santas ofrendas que che presentamos
na festa de san Bieito.
Concédenos que, seguindo os seus exemplos,
te busquemos só a ti,
para podermos acadar así o don da unidade e da paz
no teu servicio.
Por Cristo, noso Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Bieito
acabamos de recibir este sacramento,
fianza da vida eterna.

Concédenos segui-los consellos deste santo abade,
para que te sirvamos con fidelidade
e amemos cun amor ardente a nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

Día 13 de xullo

## San Henrique

Naceu en Baviera no ano 973. Primeiramente foi duque, título no que sucedeu a seu pai, e despois foi elixido emperador. Distinguiuse por cooperar na reforma da Igrexa e pola actividade misioneira. Fundou varios bispados e atendeu esplendidamente os mosteiros. Morreu o ano 1024 e foi canonizado por Euxenio III no 1146.

Do Común dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti enriqueciches a san Henrique coa abundancia da túa gracia
e, desde as preocupacións da realeza terrea,
eleváchelo á contemplación das realidades celestiais.
Pola súa intercesión concédenos que tamén nós,
no medio dos traballos deste mundo,
camiñemos cara a ti con espírito limpo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 14 de xullo

## San Camilo de Lelis, presbítero

Naceu preto de Chieti (Italia) no ano 1550. Ó primeiro seguiu a carreira das armas e, despois de se converter, entregouse ó servicio dos enfermos. Rematados os estudios e ordenado sacerdote, fundou unha congregación dedicada a erixir hospitais e atende-los enfermos. Morreu en Roma no ano 1614.

Do Común dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches brilla-lo santo presbítero Camilo
coa gracia espiritual do amor ós enfermos.
Infúndenos, polos seus méritos, o teu espírito de amor,
para que tamén nós te sirvamos nos nosos irmáns,
e así poidamos presentarnos ante ti sen temor
na hora da nosa morte.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 15 de xullo

## San Boaventura, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu polo ano 1218 en Bagnoregio, na Etruria. Estudiou filosofía e teoloxía en París e, despois de se doutorar, ensinounas con grande proveito ós irmáns da súa Orde de Menores. Foi elixido xeral da súa Orde e gobernouna con prudencia e sabiduría. Nomeado bispo e cardeal da diócese de Albano, morreu o ano 1274 en Lión. Escribiu moitas obras para explica-las ciencias teolóxicas e filosóficas.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus todopoderoso,
celebramos hoxe a festa do santo bispo Boaventura.
Concédenos aproveitarnos da súa brillante erudición
e imitar sempre o fervor da súa caridade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 16 de xullo

## Nosa Señora do Carme

Memoria

Unha das advocacións máis populares da Virxe é, sen dúbida, a do Carme. Recorda o monte Carmelo de Palestina, onde na idade media naceu a Orde Carmelitana. Baixo esta advocación venerámo-la Virxe coma Nai de Deus e dispensadora de gracias a través do santo escapulario, entregado, segundo a tradición, a san Simón Stock a mediados do século XIII. Comezouse a celebrar como festa interna da Orde Carmelitana en Inglaterra. Gracias ós rogos da raíña rexente de España, Mariana de Austria, Clemenzo X, no ano 1674, concedeu que se celebrara nos dominios do rei católico. Benedicto XIII no 1725 extendeuna á Igrexa universal. A Virxe do Carme é invocada coma singular protectora do mundo do mar.

Do Común da Virxe santa María (p. 820).

### Oración

Señor, que a maternal intercesión da gloriosa Virxe María,
nosa Señora do monte Carmelo,
veña na nosa axuda.
Que, amparados polo seu auxilio,
cheguemos ó verdadeiro monte da salvación,
que é Cristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Día 20 de xullo

## Beato Xosé María Díaz Sanxurxo, bispo e mártir

Na diócese de Lugo: Memoria

Natural da diócese de Lugo, entrou, sendo novo, no seminario de Lugo e despois na Orde Dominicana. A súa vocación misioneira levouno a Manila e máis tarde a Indochina, onde foi consagrado bispo, coma vicario apostólico de Tonkín. Padeceu o martirio o 20 de xullo de 1857. Foi beatificado polo papa Pío XII.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, ti despertáche-la vocación misioneira
no corazón do benaventurado bispo Xosé María,
que chegou ata o martirio
para defender e consagra-la fe
da súa Igrexa de Tonkín.
Concédeno-lo mesmo espírito
para espalla-la fe no mundo
e así chegar, coma el, ó teu reino eterno.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 21 de xullo

## San Lourenzo de Bríndisi, presbítero e doutor da Igrexa

Naceu no ano 1559. Ingresou nos Frades Capuchinos. Ensinou teoloxía ós seus irmáns e confiáronlle diversos cargos. Foi un predicador infatigable e elocuente que recorreu toda Europa. Expuxo a fe en varias obras que escribiu. Morreu no 1619 en Lisboa.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti outorgáchesslle a san Lourenzo, presbítero,
espírito de consello e de fortaleza,
para a gloria do teu nome
e para a salvación dos homes.
Concédenos tamén a nós, pola súa intercesión,
luz para que coñezámo-lo que debemos facer
e forza para o levarmos a cabo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de xullo

# Santa María Madalena

Memoria

É designada entre os discípulos de Cristo. Asistiu á súa morte. E foi merecente de se-la primeira en ve-lo Redentor resucitado de entre os mortos, ó alborexar do día de Pascua. O seu culto espallouse pola Igrexa occidental no século XII.

## Antífona de entrada — Xn 20, 17

Díxolle Xesús a María Madalena: «Vai e dilles a meus irmáns: subo onda meu Pai e voso Pai, onda meu Deus e voso Deus.»

## Oración

Deus, noso Pai,
o teu Fillo unixénito
encomendoulle a santa María Madalena,
antes ca a outro ningún,
a misión de anunciar ós demais a alegría da Pascua.
Concédenos, polo seu exemplo e intercesión,
anunciar a Cristo vivo e chegar a velo na gloria.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, o teu Fillo unixénito
acolleu con bondade a ofrenda de amor
de santa María Madalena.
Acolle ti tamén os dons que nós che presentamos
na súa festa.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — 2 Cor 5, 14-15

É o amor de Cristo o que nos obriga. Que os vivos xa non vivan para si mesmos, senón para aquel que morreu e resucitou por eles.

## Oración despois da comunión

Señor, que o sacramento que acabamos de recibir
nos encha daquel amor perseverante polo que santa María Madalena
se entregou para sempre a Cristo, o seu mestre.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Día 23 de xullo

## Santa Bríxida, relixiosa

Naceu en Suecia no ano 1303. Casou sendo moi nova e tivo oito fillos que educou con todo o tino. Ingresou na Terceira Orde de san Francisco e, sen deixar de vivir no mundo, cando morreu o seu home levou unha vida moi austera. Fundou despois unha orde relixiosa, foi a Roma e alí fíxose para todos modelo de heroicas virtudes. Peregrinou por penitencia e escribiu numerosas obras, nas que expuxo as súas experiencias místicas. Morreu en Roma no ano 1373.

Do Común dos santos: santas mulleres (p. 869).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti revelácheslle os segredos celestiais a santa Bríxida,
cando meditaba na paixón do teu Fillo.
Concédelle tamén ó teu pobo
o gozo de participar na manifestación da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.



# O SANTO APÓSTOLO

O SANTO APÓSTOLO.
PATRONO DE ESPAÑA E DE GALICIA

*Miniatura do s. XIV no Tumbo B da Catedral de Santiago.*

Dúas representacións ben distintas do Amigo do Señor: Santiago na sé, mestre e hospitalario; Santiago cabaleiro, forxador da historia e liberador. *"Ecco il barone per cui laggiù si visita Galizia!"* (Dante, *Divina Comedia,* Par., cant. XXV, v. 17-18).

Día 25 de xullo

# SANTIAGO, APÓSTOLO, PATRONO DE GALICIA E DE ESPAÑA

Solemnidade

Nado en Betsaida, era fillo de Zebedeo e de Salomé, e irmán de Xoán, apóstolo e evanxelista. Con seu irmán e con Pedro estivo presente nalgúns momentos nos que non aparecen os outros discípulos. Así sucedeu na resurrección da filla de Xairo, na Transfiguración e na agonía do Mestre no xardín de Getsemaní.

A vella tradición da súa predicación e enterramento en Compostela veu acadar novos argumentos nos achados arqueolóxicos feitos ultimamente no soto da Catedral compostelana. España vén profesando desde hai moitos séculos a súa devoción a Santiago, non só coma evanxelizador, senón tamén coma protector e patrono. Padroado que a Nación española recoñeceu por boca dos seus reis e deu forma á Ofrenda Nacional que cada ano, dúas veces, se lle presenta: o 25 de xullo e o 30 de nadal. Nesta última data celébrase a festa da traslación dos restos de Santiago desde Iaffa, despois da decapitación do Apóstolo por orde de Herodes Agripa, de Xerusalén, entre o 41 e o 44, a Compostela, onde se venera o seu sartego.

O recoñecemento dos reis é paralelo ó dos papas, dos cales máis de setenta se pronunciaron sobre a tradición xacobea, concedendo un deles, no século XII, o privilexio do Ano Xubilar Compostelano, que ten lugar sempre que o 25 de xullo, festa do martirio de Santiago, coincide en domingo. O papa Xoán Paulo II peregrinou a Compostela no ano 1982 e alí renovou o respaldo que a Santa Sé lle vén ofrecendo á devoción a Santiago, ó mesmo tempo que confirmou o mérito que a peregrinación polos camiños de Santiago tivo na formación desa unidade política e cristiá que chamamos Europa, para a que Compostela foi e é, coma dixo o papa, «punto de atracción e converxencia». Nesta festa de Santiago non podemos esquecer que os máis antigos textos litúrxicos acostuman chamar ó Apóstolo «Patrono dos pobos de Galicia e de España».

## Antífona de entrada

Cf. Mt 4, 18. 21

Unha vez, cando camiñaba Xesús pola beira do mar de Galilea, viu a Santiago, o do Zebedeo, e o seu irmán, Xoán, que estaban atando as redes, e chamounos.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti quixeches que o noso patrono Santiago
fose o primeiro dos apóstolos en da-la vida polo Evanxelio.
Polo seu martirio fai medra-la fe da túa Igrexa
e mantena firme en España, pola súa intercesión,
deica a fin dos tempos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ti quixeches que Santiago fose o primeiro dos apóstolos
en participar no cáliz de Cristo.
Límpanos tamén a nós
co bautismo salvador da paixón do teu Fillo,
para que na festa do noso Patrono
che ofrezamos un sacrificio agradable.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O PADROADO DO APÓSTOLO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso,
Pastor eterno.

Porque Santiago, un dos discípulos predilectos,
anunciou o reino que o teu Fillo instaurou
coa súa morte e resurrección,
e foi o primeiro dos apóstolos
en bebe-lo cáliz do Señor.
Coa súa guía e patrocinio
consérvase a fe en Galicia
e en tódolos pobos de España.
El axuda a propaga-lo Evanxelio
por toda a terra
e anima os peregrinos
a chegaren onda ti.

Por iso, Señor,
con tódolos anxos,
te louvamos agora e por sempre,
cantando con humildade o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión

Cf. Mt 20, 22-23

Beberon o cáliz do Señor e fixéronse amigos de Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir con alegría
os teus santos misterios
na festa do noso patrono o apóstolo Santiago.
Pola súa intercesión, protéxenos sempre coa túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

Día 26 de xullo

## Santos Xoaquín e Ana, pais da Virxe María

Memoria

Segundo unha antiga tradición que procede do século II, estes foron os nomes dos pais da santísima Virxe María. O seu culto espallouse na Igrexa, sobre todo a partir do século X, debido ó estreito vencello que os unía coa súa filla.

### Antífona de entrada

Louvémo-los santos Xoaquín e Ana pola súa filla, porque o Señor lles deu a bendición de tódolos pobos.

### Oración

Señor, Deus dos nosos pais,
ti concedícheslles ós santos Xoaquín e Ana
a gracia de que nacese deles a Nai do teu Fillo.
Concédenos, polas pregarias destes dous santos,
que tamén nós académo-la salvación
prometida ó teu pobo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos con devoción.
Fainos participar da mesma bendición
que lle prometeras a Abrahán e á súa descendencia.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión

Cf. Sal 23, 5

Recibiron a bendición do Señor e a misericordia de Deus, seu Salvador.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
quixeches que o teu Fillo unixénito nacese coma home,
para que, por un misterio admirable,
tamén os homes renacesen en ti.
Rogámosche que, xa que nos alimentaches co pan dos fillos,
nos santifiques tamén
co Espírito que nos fai chamarte Pai.
Por Cristo, noso Señor.

Día 29 de xullo

# Santa Marta

Memoria

Era irmá de María e de Lázaro. Hospedou ó Señor en Betania e serviuno con moito agarimo. Coas súas peticións acadou a resurrección de seu irmán.

## Antífona de entrada — Lc 10, 38

Entrou Xesús nunha aldea e unha muller que se chamaba Marta recibiuno na súa casa.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
o teu Fillo benquerido
quíxose hospedar na casa de santa Marta.
Concédenos, pola intercesión dela,
servirmos fielmente a Cristo nos nosos irmáns,
para que poidamos ser acollidos por ti na mansión do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, proclamámo-la túa grandeza,
vendo o que a túa gracia obrou en santa Marta.
Rogámosche que, así como acolliches con agrado
o obsequio da súa hospitalidade,
acollas tamén con benevolencia
o noso humilde servicio na Eucaristía.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Xn 11, 27

Díxolle Marta a Xesús: «Eu creo que ti es Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ó mundo.»

## Oración despois da comunión

Señor, que esta comunión do Corpo e do Sangue do teu Fillo
nos arrede de tódalas cousas perecedeiras.
Fai que, conforme ó exemplo de santa Marta,
poidamos servirte na terra cun amor verdadeiro
e gozar no ceo coa visión perpetua do teu rostro.
Por Cristo, noso Señor.

Día 30 de xullo

## San Pedro Crisólogo, bispo e doutor da Igrexa

Naceu polo ano 380 en Imola, na Emilia, e alí abrazou o estado clerical. No ano 424 foi elixido bispo de Ravenna e con grande celo atendeu os seus fieis, adoctrinándoos coa súa predicación e cos seus exemplos. Morreu polo ano 450.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches do santo bispo Pedro Crisólogo
un admirable predicador do teu Verbo feito home.
Concédenos, pola súa intercesión,
meditarmos a cotío no noso corazón
os misterios da túa salvación
e levalos á práctica con fidelidade
na vida de cada día.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 31 de xullo

## San Ignacio de Loiola, presbítero

Memoria

Naceu en Loiola (Guipúzcoa) o ano 1491. Viviu a vida da corte e a de soldado. Despois converteuse a Deus, rematou os seus estudios de teoloxía en París e xuntou cabo del os primeiros compañeiros, cos que fundou en Roma a Compañía de Xesús. O seu apostolado deu moito froito polas obras que escribiu e polos discípulos que formou, que contribuíron poderosamente á verdadeira reforma da Igrexa. Morreu en Roma o ano 1556.

### Antífona de entrada — Flp 2, 10-11

Ante o nome de Xesús dóbrese todo xionllo, no ceo, na terra e mais no abismo, e toda lingua proclame, para gloria de Deus Pai, que Xesucristo é o Señor.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches xurdir na túa Igrexa a san Ignacio,
para propaga-la gloria do teu nome.
Concédenos que, co seu auxilio e exemplo,
loitemos na terra,
para merecermos tamén
ser coroados con el no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que che agraden as ofrendas
presentadas na celebración de san Ignacio.
Concédenos que estes santos misterios,
nos que puxéche-la fonte de toda santidade,
tamén a nós nos concedan a verdadeira santidade.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión Lc 12, 49

«Lume vin traer á terra. ¿E que máis querería, senón que xa estivese a arder?», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Ignacio
acabamos de che ofrecer
un sacrificio de louvanza e acción de gracias.
Que esta Eucaristía nos leve
a louvar por sempre a túa gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# AGOSTO

Día 1 de agosto

## San Afonso María de Ligorio, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Nápoles o ano 1696. Despois de obte-lo grado de doutor en ambos dereitos, ordenouse sacerdote e fundou a Congregación do Santísimo Redentor, co fin de lle dar un novo alento á vida cristiá no medio do pobo. Adicouse á predicación e escribiu varios libros, sobre todo de moral. Nesta materia é considerado coma verdadeiro mestre. Foi consagrado bispo, e pouco tempo despois renunciou ó seu bispado, para ir morrer cabo dos seus en Pagani (Campania) o ano 1787.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ofrécesslle sempre á túa Igrexa
novos exemplos de virtude.
Concédenos imita-lo zelo polas almas
do teu bispo san Afonso María
e alcanzar no ceo o seu mesmo premio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti concedíchesslle a san Afonso María
celebrar estes misterios,
e, a través deles,
ofrecerse a si mesmo como víctima santa.
Acende tamén piadosamente os nosos corazóns
co lume constante do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus providente,
ti fixeches de san Afonso María
un fiel ministro e predicador destes misterios sublimes.

Concédelles ós que cren en ti
recibilos con frecuencia
e que non deixen nunca de te glorificar.
Por Cristo, noso Señor.

Día 2 de agosto

## San Eusebio de Vercelli, bispo

Naceu en Sardeña polos primeiros anos do século IV. Abrazou o estado clerical en Roma e foi elixido primeiro bispo de Vercelli no 345. Espallou a relixión cos seus sermóns e estableceu a vida monástica na súa diócese. O emperador Constancio desterrouno por causa da fe e tivo que sufrir moitos padecementos. Ó volver á súa terra traballou denodadamente contra os arrianos na restauración da fe. Morreu en Vercelli o ano 371.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, noso Deus,
concédeno-la gracia de imita-la constancia do santo bispo Eusebio
na proclamación da divinidade do teu Fillo.
Así, gardando a fe que el nos ensinou,
mereceremos participar da vida do teu mesmo Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Día 4 de agosto

## San Xoán María Vianney, presbítero

Memoria

Naceu en Lión o ano 1786. Despois de vencer moitas dificultades, puido ordenarse sacerdote. Gobernou e promocionou maravillosamente a parroquia que se lle confiou na aldea de Belley, coa súa constante predicación, mortificación, oración e caridade. Porque lle tiña moita estima ó sacramento da penitencia, achegábanse a el fieis de tódalas partes e recibían piadosamente os seus consellos. Morreu o ano 1859.

Do Común dos pastores (p. 844).

### Oración

Deus todopoderoso e cheo de misericordia,
ti fixeches de san Xoán María Vianney
un sacerdote admirable, consagrado ó servicio do teu pobo.
Polo seu exemplo e pola súa intercesión,
concédenos que, animados polo amor de Cristo,
gañemos para ti ós nosos irmáns
e que con eles alcancémo-la gloria eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 5 de agosto

## Dedicación da basílica de Santa María

A basílica de Santa María no Esquilino, erguida en Roma sobre un antigo edificio construído polo papa Liberio, foi dedicada ó culto por Sixto III, despois do Concilio de Éfeso, que se celebrou o ano 431, e no que a Virxe foi aclamada coma Nai de Deus.

Do Común da Virxe santa María (p. 820).

### Oración

Señor, perdoa os pecados do teu pobo.
Nós non che podemos agradar coas nosas obras,
sálvanos ti pola intercesión de María, a Nai do teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Día 6 de agosto

# TRANSFIGURACIÓN DO SEÑOR

Festa

Os predilectos do Señor, Pedro, Santiago e Xoán, na montaña do Tabor foron testemuñas da Transfiguración de Xesús, contemplaron a gloria de Deus e escoitaron a voz do ceo. Cristo transfigurado é a luz que brilla nas tebras ata o abrente do gran día, cando Xesús volva en gloria e maestade. A Transfiguración é unha grande festa nas Igrexas de Oriente.

## Antífona de entrada — Cf. Mt 17, 5

Nunha nube luminosa foi visto o Espírito Santo e escoitouse a voz do Pai: «Este é o meu Fillo benquerido, en quen me comprazo: escoitádeo.»

## Oración

Deus, noso Pai,
na gloriosa Transfiguración do teu Fillo
ti confirmáche-los misterios da nosa fe
co testemuño de Elías e Moisés
e déchesnos un sinal adiantado
da nosa definitiva adopción como fillos.
Concédenos a nós, os teus fieis,
escoita-la voz do teu Fillo benquerido,
para que cheguemos tamén a participar da súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, pola gloriosa Transfiguración do teu Fillo unixénito,
santifica as nosas ofrendas;
e polo esplendor da súa gloria,
purifícanos dos nosos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O MISTERIO DA TRANSFIGURACIÓN

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

El revelou a súa gloria
diante de testemuñas escolleitas
e iluminou o seu corpo, en todo igual ó noso,
co resplandor da súa divinidade.
Así preparaba o corazón dos seus discípulos
para superaren o escándalo da cruz
e mostraba que nel, como cabeza,
se anunciaba o que tamén se cumpriría
na Igrexa, que é o seu corpo.

Por iso, agora, nós, cheos de alegría,
te aclamamos cos anxos e cos santos
e te glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión 1 Xn 3, 2

Cando Xesús apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é.

## Oración despois da comunión

Señor, ti quixeches manifesta-la gloria do teu Fillo,
mediante o resplandor da súa Transfiguración.
Que o alimento divino que acabamos de recibir
nos transforme tamén a nós,
facéndonos semellantes a el.
Por Cristo, noso Señor.

Día 7 de agosto

## Santos Sixto II, papa, e compañeiros, mártires

San Sixto foi consagrado bispo da Igrexa de Roma o ano 257. O ano seguinte, por edicto do emperador Valeriano, cando celebraba a liturxia sagrada no cemiterio de Calixto, foi apresado polos soldados, que o mataron de contado xuntamente con catro diáconos da mesma Igrexa. Foi sepultado no mesmo cemiterio e o papa Dámaso puxo no seu sepulcro unha inscripción en verso.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Deus todopoderoso,
ti concedíchesslles a san Sixto e ós seus compañeiros
a gracia de entregaren a vida
pola túa palabra e polo testemuño de Xesús.
Fai que tamén nós, pola forza do Espírito Santo,
sexamos dóciles para crer e fortes para defende-la nosa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 7 de agosto

## San Caetano, presbítero

Naceu en Vicenza o ano 1480. Estudiou dereito en Padua. Ordenouse de sacerdote e fundou en Roma unha congregación de cregos regulares para fomenta-lo apostolado e espallouna na rexión véneta e no reino de Nápoles. Distinguiuse pola súa vida de oración e pola práctica da caridade co próximo. Morreu en Nápoles o 1547.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslle ó santo presbítero Caetano
a gracia de imita-lo xeito de vida dos apóstolos.
Concédenos que, polo seu exemplo e intercesión,
confiemos sempre en ti e busquemos sen acougo o teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 8 de agosto

## San Domingos de Guzmán, presbítero

Memoria

Naceu en Caleruega (España) polo ano 1170. Estudiou teoloxía en Palencia e foi cóengo da Igrexa de Osma. Combateu con grande froito a herexía dos albixenses coa súa predicación e co exemplo da súa vida. Para mellor conseguilo seu intento, xuntou cabo del varios compañeiros e fundou a Orde de Predicadores. Morreu en Bolonia o ano 1221.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, que san Domingos
axude a túa Igrexa cos seus méritos e doctrina.
El, que foi predicador ilustre da túa verdade,
se converta nun piadoso intercesor en favor noso.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, pola intercesión de san Domingos,
acolle con bos ollos
as pregarias que che ofrecemos.
Pola eficacia deste sacrificio,
confirma e protexe os predicadores da túa fe.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, na conmemoración de san Domingos
alimentáchesnos coa santa Eucaristía.
Que a túa Igrexa a reciba con plena devoción
e se vexa axudada pola oración deste santo,
que a fixo progresar coa súa predicación.
Por Cristo, noso Señor.

Día 10 de agosto

# SAN LOURENZO, DIÁCONO E MÁRTIR

Festa

Era diácono da Igrexa de Roma e morreu mártir na persecución de Valeriano. O seu sepulcro está preto da vía Tiburtina, no campo Verano. Enriba del ergueu unha basílica Constantino o Grande. Xa no século IV se espallara o seu culto por toda a Igrexa.

## Antífona de entrada

Este é san Lourenzo, que entregou a súa vida para defende-los bens que a Igrexa destinaba ós pobres. Deste xeito mereceu sufri-lo martirio e subir alegre onda o seu Señor, Xesucristo.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle a san Lourenzo un amor ardente,
que o mantivo fiel no teu servicio
e o levou á gloria do martirio.
Fai que amemos o que el amou
e que levemos á práctica o que el nos ensinou.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle benignamente
as ofrendas que che presentamos con alegría
na festa de san Lourenzo.
Concédenos que se convertan en auxilio para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos santos mártires, p. 494.

## Antífona da comunión — Xn 12, 26

«Se alguén me quere servir, que me siga, di o Señor; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor.»

## Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Lourenzo,
celebrámo-lo sacrificio a ti debido.
Que o don santo co que nos alimentaches
aumente en nós a túa gracia salvadora.
Por Cristo, noso Señor.

Día 11 de agosto

## Santa Clara, virxe

Memoria

Naceu en Asís o ano 1193. Seguiu o seu concidadán Francisco polo camiño da pobreza e foi nai e fundadora dunha orde monástica. Viviu unha vida austera, dedicada ás obras de caridade cunha profunda piedade. Morreu o ano 1253.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus misericordioso,
ti infundiches no corazón de santa Clara
un admirable amor á pobreza evanxélica.
Concédenos que, pola súa intercesión,
sigamos a Cristo na pobreza de espírito
para merecermos chegar á túa contemplación no reino do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 13 de agosto

## Santos Ponciano, papa, e Hipólito, presbítero, mártires

Ponciano foi consagrado bispo de Roma no ano 231. Foi desterrado a Sardeña, xuntamente co presbítero Hipólito, polo emperador Maximino no ano 235. Renunciou alí ó seu cargo e morreu. Foi sepultado o seu corpo no cemiterio de Calixto e o de Hipólito no cemiterio que está cabo da vía Tiburtina. A Igrexa de Roma deu culto a estes dous mártires desde os primeiros anos do século IV.

Do Común dos mártires (p. 828) ou dos pastores (p. 844).

### Oración

Señor, que o glorioso martirio dos teus santos Ponciano e Hipólito
faga medrar en nós o amor que che temos
e poña nos nosos corazóns maior firmeza na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 14 de agosto

# San Maximiliano María Kolbe, presbítero e mártir

Memoria

Maximiliano María Kolbe viu a luz en Lodz (Polonia) o 8 de xaneiro de 1894. Estudiou no seminario dos Frades Menores Conventuais; o ano 1918 foi consagrado sacerdote en Roma. Distinguiuse polo seu amor á Nai de Deus, devoción que propagou con entusiasmo e baixo o seu patrocinio esforzouse por espalla-la fe cristiá no Xapón, onde foi misioneiro. En Polonia de novo, durante a segunda guerra mundial, foi condenado a morte o 14 de agosto de 1941 no campo de concentración de Auschwitz. Despois de grandes sufrimentos, ofreceu a súa vida pola liberdade dun descoñecido condenado a morte.

## Antífona de entrada — Mt 25, 34. 40

«Vinde vós, benditos do meu Pai, di o Señor, asegúrovos que tódalas veces que o fixestes cun destes meus humildosos irmáns, fixéstelo comigo.»

## Oración

Ti, noso Pai,
enchiches de celo polas almas e de amor ó próximo
o mártir san Maximiliano María, apóstolo da Inmaculada.
Pola súa intercesión,
dáno-la xenerosidade de traballar
no servicio da túa gloria e dos homes
e a forza de asemellarnos ó teu Fillo
mesmo aínda na morte.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Pedímosche humildosos, Señor,
ó presentarche os nosos dons,
sabermos ofrecerche a nosa vida
como fixo san Maximiliano María.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Xn 15, 13

«Ninguén ten amor meirande có que dá a vida polos seus amigos», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Alimentados co teu Corpo e co teu Sangue,
pedímosche, Señor,
que nos inflames co fogo de amor
que recibiu deste xantar san Maximiliano María.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.



# A ASUNCIÓN DA VIRXE MARÍA

A ASUNCIÓN

*No retábulo maior da Catedral de Mondoñedo (s. XVIII).*

"A gracia do noso Señor Xesucristo, o amor do Pai e a comunión do Espírito Santo" enchen de luz celestial a triunfante escena: María asunta ó ceo en corpo e alma. Contémplase nela a Igrexa aínda peregrina na terra.

Día 15 de agosto

# ASUNCIÓN DA VIRXE MARÍA

Solemnidade

Este día celébrase a festa máis grande e espaliada na vidala Igrexa en honra da Virxe María. María triunfa con Cristo para sempre e se deve por cima de sistelos anxos. María, nai da Igrexa, é imaxe do que chegará ser a humanidade no dia do triunfo total de Cristo. O papa Pío XII proclamou o dogma da Asunción no ano 1950.

## Misa da vidilia

Esta misa empregase no serán do día 14 de agosto, antes ou despois das primeiras Vísperas da solemnidade.

### Antífona de entrada

Cousas gloriosas se teñen dito de ti, María, que foste te ven coroada por escrita dos coros dos anxos, e con Cristo triunfas para sempre.

Dios Gloria.

### Oración

Deus, noso Pai,
ofrando a humildade da Virxe María,
ti ensoberbeciche coa gracia extraordinaria
de se-la Nai do teu Fillo unicamente feito homo
e coroaiche homo dunha gloria incomparable.
Concédenos, pola súa oración,
que, cantos fomos salvados polo misterio da túa redención,
nos vexamos tamén glorificados no teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dios e Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este sacrificio de reconciliación e de louvanza
que celebramos na festa da Asunción da Nai de Deus.
Que nos acade o perdón dos pecados
e nos faga vivir en perpetua acción de gracias.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, como na misa seguinte, p. 116.

### Antífona da comunión — Cf. Lc 11, 27

¡Feliz o ventre da Virxe María, que levou o Fillo do Pai eterno!

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
na celebración da Asunción da Nai do teu Fillo
fasnos participar na mesa da Eucaristía.
Que a túa misericordia nos libre
de tódolos males que nos ameazan.
Por Cristo, noso Señor.

## Misa do día

### Antífona de entrada — Ap 12, 1

Apareceu no ceo un sinal grande: unha muller vestida de sol, e coa lúa debaixo dos seus pés, e na cabeza unha coroa de doce estrelas.

Ou:

Alegrémonos todos no Señor, ó celebrarmos este día de festa en honra da Virxe María; na súa Asunción alégranse os anxos e louvan o Fillo de Deus.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti elevaches á gloria do ceo en corpo e alma
a inmaculada Virxe María, Nai do teu Fillo.
Concédenos vivir cos ollos postos nos bens eternos,
para que así merezamos participar con ela da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, suba deica ti a ofrenda da nosa devoción.
Pola intercesión da Virxe María,
que hoxe foi elevada ó ceo,
fai que os nosos corazóns se acendan no teu amor
e aspiren continuamente a ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

A GLORIA DA ASUNCIÓN DE MARÍA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Porque hoxe foi levada ó ceo
a Virxe, Nai de Deus.
Ela é imaxe e primicia
do que será a perfección da túa Igrexa
e tamén signo de ánimo e esperanza
para o pobo que aínda peregrina pola terra.
Así, con razón, non quixeches
que sufrise a corrupción do sepulcro
aquela que concebiu o teu Fillo,
autor e señor da vida.

Por iso, unidos con tódolos coros de anxos,
te aclamamos cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Lc 1, 48-49

Tódalas xeracións me van felicitar. ¡Maravillas fixo en min o Poderoso! O seu nome é santo.

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir estes sacramentos de salvación.
Rogámosche que, pola intercesión da benaventurada Virxe María,
que hoxe subiu ó ceo,
nos fagas chegar á gloria da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

Día 16 de agosto

## Santo Estevo de Hungría

Naceu en Panonia polo ano 969. Recibiu o bautismo e foi coroado rei de Hungría no ano 1000. Foi un rei xusto, pacífico e piadoso, observando fielmente as leis da Igrexa e procurando o benestar dos seus súbditos. Fundou varios bispados e fomentou con todo interese a vida da Igrexa. Morreu o ano 1038 en Szekesfehérvar.

Do Común dos santos (p. 859).

### Oración

Deus todopoderoso,
ti chamáche-lo santo rei Estevo
para propaga-la fe no pobo húngaro.
Fai que a túa Igrexa o perciba agora
coma protector glorioso no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 19 de agosto

## San Xoán Eudes, presbítero

Naceu na diócese de Sées, en Normandía, o ano 1601. Foi ordenado sacerdote e durante varios anos dedicouse á predicación en varias parroquias. Fundou dúas Congregacións: unha dedicada a formar bos sacerdotes e a outra para manter firmes na vida cristiá a mulleres que se ven en perigo. Alentou con todo o entusiasmo a devoción ós corazóns de Xesús e de María. Morreu o ano 1680.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escolliches de xeito admirable o santo presbítero Xoán
para anuncia-las insondables riquezas de Cristo.
Dános, polo seu exemplo e doctrina,
medrar no teu coñecemento
e vivir con fidelidade conforme á luz do Evanxelio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 20 de agosto

# San Bernaldo, abade e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu preto de Dijon (Francia) no ano 1090. Foi educado piadosamente; no 1111 ingresou nun mosteiro cisterciense e ó pouco tempo foi nomeado abade do de Claraval. Coas súas actividades e co seu exemplo dirixiu extraordinariamente os seus compañeiros na práctica das virtudes. Con motivo dos cismas que xurdiron na Igrexa, recorreu Europa para ver de restablece-la paz e maila unidade. Escribiu moitas obras de teoloxía e ascética. Morreu no 1153.

Do Común dos doutores da Igrexa (p. 853) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

## Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslle ó abade san Bernaldo
un celo vibrante pola túa Igrexa
e fixeches del unha lámpada ardente e luminosa.
Concédenos, pola súa intercesión,
sentirnos alentados polo seu mesmo espírito
para vivirmos sempre coma fillos da luz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche humildemente
este sacramento de unidade e de paz
ó celebra-la lembranza do abade san Bernaldo.
El sobresaíu pola súa palabra e polos seus feitos,
e loitou infatigablemente pola concordia na túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, que este alimento recibido na festa de san Bernaldo
produza en nós os seus froitos.
Fai que, fortalecidos polo seu exemplo
e ensinados pola súa doctrina, prenda en nós con forza
o amor do teu Fillo feito home.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Día 21 de agosto

# San Pío X, papa

Memoria

Naceu na aldea de Riese, no Véneto, no ano 1835. Foi ordenado sacerdote e cumpriu perfectamente co seu deber. Despois de ser bispo de Mantua e patriarca de Venecia foi elixido papa o ano 1903. Tivo como lema «instaurar tódalas cousas en Cristo», e inspirou nel o goberno da Igrexa, que realizou con sinxeleza de alma, pobreza e fortaleza. Morreu o ano 1914.

Do Común dos pastores: papas (p. 840).

## Oración

Deus, noso Pai,
ti déchesIle ó papa san Pío
fortaleza apostólica e sabiduría celeste
para defende-la fe católica e renovar tódalas cousas en Cristo.
Concédenos piadoso segui-lo seu exemplo e doctrina
e acadar así os premios eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bos ollos as nosas ofrendas.
Fai que, seguindo o ensino do papa san Pío,
celebremos con devoción sincera estes misterios santos
e os recibamos con fe auténtica.
Por Cristo, noso Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ó celebra-la festa do papa san Pío,
fortalécenos coa túa Eucaristía.
Que ela nos manteña firmes na fe e unidos no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

Día 22 de agosto

## Santa María Virxe, Raíña

Memoria

Ós oito días da solemnidade da Asunción, celébrase a festa da Virxe María, Raíña, chea de gloria xunto seu Fillo.

### Antífona de entrada — Cf. Sal 44, 10

A raíña está á túa dereita, adubiada con vestidos dourados e chea de beleza.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti déchesnos coma Nai e Raíña á mesma Nai do teu Fillo.
Concédenos piadoso ser protexidos pola súa intercesión
e acadarmos así no reino do ceo
a gloria prometida ós teus fillos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche estes dons
na lembranza da Virxe santa María.
Pedímosche que nos socorra o teu Fillo Xesucristo,
que na cruz se ofreceu coma víctima inocente.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio I de santa María Virxe: na festa, p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión — Lc 1, 45

¡Feliz ti, que criches que se cumpriría canto che foi anunciado de parte do Señor!

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir este sacramento celestial.
Pedímosche humildemente
que, cantos venerámo-la lembranza da Virxe santa María,
poidamos participar tamén do banquete do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Día 23 de agosto

## Santa Rosa de Lima, virxe

Naceu en Lima (Perú) o ano 1586. Na súa casa comezou xa a practica-las virtudes. Despois que tomou o hábito da Orde Terceira de san Domingos fixo os maiores adiantos na penitencia e na contemplación mística. Morreu o 24 de agosto do ano 1617.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches que santa Rosa, acesa no teu amor,
se arredase do mundo e se adicase tan só a ti
na austeridade e na penitencia.
Concédenos que, pola súa intercesión,
sigamos neste mundo os camiños da verdadeira vida,
para podermos saborear no ceo a abundancia das túas alegrías.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 24 de agosto

# SAN BARTOLOMEU, APÓSTOLO

Festa

Naceu en Caná. O apóstolo Filipe presentouno a Xesús. Unha tradición dinos que, despois da ascensión do Señor, predicou o Evanxelio na India, e alí acadou a coroa do martirio.

## Antífona de entrada — Sal 95, 2. 3

Pregoade tódolos días a salvación do Señor, cantade entre as xentes a súa gloria.

## Oración

Señor, fortalece en nós a fe coa que san Bartolomeu, apóstolo,
cheo de sinceridade, se entregou ó teu Fillo.
Fai que, pola súa intercesión,
a túa Igrexa se converta en sacramento de salvación
para tódolos pobos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebrármo-la festa do apóstolo san Bartolomeu
ofrecémosche este sacrificio de louvanza.
Pedímosche que pola súa intercesión consigámo-la túa axuda.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión — Lc 22, 29-30

«Como meu Pai o dispuxo para min, así eu teño disposto para vós un reino, para que, cando eu sexa rei, comades e bebades na miña mesa», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, recibimos este anticipo da eterna salvación
ó celebrármo-la festa do apóstolo san Bartolomeu.
Que sexa para nós auxilio
tanto nesta vida coma na eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 25 de agosto

## Beatos Pedro Vázquez, presbítero, e compañeiros, mártires

Na diócese de Ourense: Memoria

Naceu en Pereiro-Verín no ano 1591. Entrou na Orde dos padres Predicadores e, xa sacerdote, foi escollido para formar parte dos misioneiros que a Orde dos Dominicos enviaba ás Indias. Primeiro en México, despois nas illas Filipinas, traballou, ó longo de seis anos, polo honor de Deus. Movido polo celo misioneiro e coa venia dos superiores, viaxou ó Xapón, disfrazado de mercador, pois daquela perseguíase cruelmente os cristiáns. Sen temor ós perigos, non dubidou en lles levar consolo ós presos e axuda ós enfermos de mal gafo, ata que foi delatado e preso. Estivo no cárcere 14 meses en Nagasaki e Omura. En Socabata, con outros catro compañeiros, sufriu o martirio polo nome de Cristo, sendo queimado o 25 de agosto do ano 1624.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Concédenos, Deus, Pai todopoderoso,
soporta-las dificultades da vida
con firme constancia,
do mesmo xeito que o benaventurado Pedro
cos seus compañeiros
superou o temor das ameazas e o padecemento da condena.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 25 de agosto

## San Luís

Naceu o ano 1214. Ós 21 anos foi nomeado rei de Francia. Casou e tivo 11 fillos, que educou persoalmente con moito esmero. Distinguiuse polo seu espírito de penitencia, de oración e de amor ós pobres. No seu reinado non soamente atendía á paz e ó ben temporal dos seus súbditos, senón tamén ó espiritual. Emprendeu expedicións para rescata-lo sepulcro de Cristo e morreu preto de Cartago no 1270.

Do Común dos santos (p. 859).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti levaches a san Luís
desde a preocupación polo goberno deste mundo
á gloria do reino do ceo.
Concédenos, pola súa intercesión,
buscarmo-lo teu reino eterno
no medio dos traballos que nos ocupan.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 25 de agosto

## San Xosé de Calasanz, presbítero

Naceu en Aragón o ano 1557. Perfectamente formado e ordenado sacerdote, exerceu o ministerio na súa terra. Despois en Roma dedicouse a instruír nenos pobres e fundou a Orde dedicada a este mester. Tivo que sufrir moito, mesmo as calumnias dos envexosos. Morreu en Roma o 1648.

Do Común dos santos: educadores (p. 868) ou dos pastores (p. 844).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslle ó santo presbítero Xosé de Calasanz
dons extraordinarios de paciencia e caridade
para que se entregase incansable
á formación humana e cristiá da xuventude.
Concédenos que, os que o veneramos como sabio educador,
o imitemos sempre coma apóstolo da verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 26 de agosto

# Santa Teresa de Xesús Jornet e Ibars, virxe, patrona da vellez

Memoria

Naceu en Aitona (Lérida) o 9 de xaneiro de 1843, de pais fondamente cristiáns. Desde os primeiros anos buscou face-la vontade do Señor. No ano 1873, ó fundarse en Barbastro a Congregación das Irmás dos anciáns desamparados, descubriu a súa vocación persoal. Elixida axiña superiora xeral, foino ata a súa morte. En Valencia, onde foi trasladada a Congregación, viviu unha vida de sacrificios heroicos ó servicio dos anciáns. Morreu en Llíria (Valencia) o 26 de agosto de 1897, deixando consolidada e espallada a Congregación das Irmás dos anciáns. O papa Pío XII beatificouna e o papa Paulo VI canonizouna solemnemente o 27 de xaneiro de 1974.

## Antífona de entrada

Ven, dona de Cristo, recibe a coroa que o Señor che preparou desde a eternidade.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti guiáche-la virxe santa Teresa
polo camiño da perfecta caridade
no coidado dos vellos.
Concédenos servir a Cristo no próximo, como fixo ela,
para sermos testemuñas do seu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Acepta, Deus todopoderoso,
os dons do teu pobo
e, ó lembrármo-las maravillas do amor do teu Fillo,
acrecenta en nós, como fixeches con santa Teresa,
o amor a ti e ós irmans.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Mt 25, 6

Que chega o esposo, saíde recibir a Cristo, o Señor.

### Oración despois da comunión

Deus de misericordia,
alimentados co sacramento da salvación,
pedímosche imita-la caridade de santa Teresa
para participar no ceo da súa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Día 27 de agosto

## Santa Mónica

Memoria

Naceu en Tagaste (África) no ano 331, dunha familia cristiá. Sendo aínda moi nova, casárona con Patricio. Tivo varios fillos, entre eles Agostiño. Pola conversión deste verteu moitas bágoas e orou constantemente a Deus. Foi un modelo de nai boísima, mantivo a fe coa oración e arrequeceuna coas súas virtudes. Morreu en Ostia o ano 387.

Do Común dos santos: santas mulleres (p. 869).

### Oración

Deus, noso Pai,
consolo dos aflixidos,
ti acolliches misericordiosamente
as piadosas bágoas de santa Mónica
pola conversión do seu fillo Agostiño.
Concédenos que, pola intercesión destes dous santos,
saibamos chora-los nosos pecados e alcancémo-lo teu perdón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 28 de agosto

## Santo Agostiño, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Tagaste (África) o ano 354. A súa mocidade foi inqueda polas súas ideas e polos seus costumes, ata que, convertido á fe, foi bautizado polo bispo Ambrosio o ano 387. Volveu para a súa terra, viviu unha vida ascética e foi elixido bispo de Hipona. Durante 34 anos, ademais de ser un modelo para os seus fieis, adoctrinounos cos seus sermóns e abondosos escritos. Loitou teimudamente neles contra os erros do seu tempo e expuxo doctamente a fe. Morreu o ano 430.

### Antífona de entrada — Sir 15, 5

No medio da asamblea púxolle o Señor a palabra na boca. Encheuno de espírito de sabiduría e intelixencia; cubriuno cun vestido de gloria.

### Oración

Señor, renova na túa Igrexa
o espírito co que enriqueciches
o santo bispo Agostiño.
Fai que, cheos dese espírito,
teñamos sede de ti,
única fonte da verdadeira sabiduría
e orixe do amor supremo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, nesta Eucaristía
celebrámo-lo memorial da nosa salvación.
Rogámosche que este sacramento do teu amor
sexa para nós signo de unidade
e vínculo de cordialidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 23, 10. 8

Di o Señor: «Un só é o voso mestre: Cristo. E todos vós sodes irmáns.»

### Oración despois da comunión

Señor, que a participación na mesa de Cristo
nos santifique.
Que ela nos faga verdadeiros membros de Cristo,
para que sexamos na vida
o que recibimos no sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

Día 29 de agosto

## Martirio de san Xoán Bautista

Memoria

Esta festa celebrábase en Xerusalén no século V. O Bautista é mártir da verdade e da xusticia. Co seu sangue testemuña o Mesías que anunciou.

### Antífona de entrada — Sal 118, 46-47

Falarei diante dos reis das túas revelacións e non me avergoñarei. Gózome nos teus mandados e téñolles afecto.

### Oración

Señor, ti quixeches que san Xoán Bautista
fose o precursor do teu Fillo,
tanto no seu nacemento
coma na súa morte.
Fai que, así como el foi mártir
da xusticia e da verdade,
tamén nós loitemos con coraxe
pola profesión da túa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe as ofrendas que che ofrecemos
na festa de san Xoán Bautista,
voz que clamaba no deserto.
Concédeno-la rectitude de vida
que el confirmou valerosamente co seu sangue.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A MISIÓN DO PRECURSOR

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Louvámo-la túa magnificencia
na festa de san Xoán Bautista,
o Precursor do teu Fillo,
a quen consagraches como o máis grande
entre os nacidos de muller.
O seu nacemento tróuxolle ó mundo un grande gozo
e mesmo brincou de alegría antes de nacer,
presentindo a chegada do Salvador.
El foi o escolleito entre tódolos profetas
para nos revela-lo Año
que tira o pecado do mundo.
El bautizou no Xordán
o mesmo Autor do bautismo
e a auga converteuse así
en fonte de salvación.
El, finalmente, confirmou co sangue
o seu testemuño en favor de Cristo.

Por iso, como che cantan os anxos no ceo,
así nos te aclamamos na terra
e te glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.

¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión — Xn 3, 27. 30

Xoán respondeu: «Cómpre que Xesús vaia a máis e eu a menos.»

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de celebra-lo martirio de san Xoán Bautista.
Concédenos venerar con fe viva
o misterio que recibimos
e recoller con alegría
o seu froito de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Día 30 de agosto

## ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE LUGO

Na Basílica: Solemnidade
Na diócese de Lugo: Festa

A basílica de Santa María de Lugo, templo eucarístico singular, que fai que se designe a Lugo como Cidade do Sacramento, remonta súa orixe á época hispano-romana, acadando o seu maior esplendor cos suevos, ó erixiren esta sé en metropolitana, cara ó ano 570. Foi sé de concilios. Sofre o asalto árabe baixo Iusuf. Reconquistada a cidade, esta Igrexa é reconstruída polo gran bispo Odoario. Novamente é asolada polas razias de Almanzor. Sofre un grande incendio (1027) amais da sublevación do conde Rodrigo (1086); resultado de todo isto é a súa práctica ruína, que leva, baixo o pontificado de Pedro III (1114-1133), a inicia-la construcción dun novo templo, seguindo o modelo da catedral compostelana. Desde os primeiros tempos, a Igrexa de Lugo vai vencellada ó culto da Nai de Deus baixo a advocación de santa María de Lugo, nosa Señora a Grande ou nosa Señora dos Ollos Grandes.

Todo do Común da dedicación dunha igrexa, no cabodano da dedicación (p. 815).

# SETEMBRO

Día 1 de setembro

## San Xil de Casaio, monxe e ermitán

Nas parroquias galegas da diócese de Astorga: Memoria

Nado no Bierzo no século XII. Monxe en Carracedo e abade de San Martiño de Castañeda. Na procura dunha meirande perfección, retirouse ó priorato de Casaio, na provincia de Ourense, da diócese de Astorga. Na soedade daquelas montañas santificouse e, despois do seu pasamento, as xentes da bisbarra comezaron a busca-la súa protección, espallándose axiña a devoción nas terras de Valdeorras e outros lugares de Galicia. No ano 1746 o papa Benedicto XIV concedeu indulxencias ós que visitasen a capela de san Xil e fixesen nela oración.

Todo do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

Día 3 de setembro

## San Gregorio Magno, papa e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Roma polo ano 540. Primeiro foi nomeado prefecto de Roma e despois fíxose monxe. Foi ordenado diácono e desempeñou o cargo de embaixador en Constantinopla. No ano 590, o 3 de setembro, foi elevado á cátedra de Pedro, na que se mostrou como verdadeiro pastor no goberno, na axuda ós pobres e no espallamento e confirmación da fe. Deixou moitos escritos de moral e de teoloxía. Morreu o ano 604, o 12 de marzo.

Do Común dos pastores: papas (p. 840) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti gobernas e cóida-lo teu pobo con amor e clemencia.
Pola intercesión do papa san Gregorio,
concédelle-lo espírito de sabiduría
a aqueles a quen lles confiáche-lo servicio de goberna-la túa Igrexa.
Que o progreso dos fieis na santidade sexa o gozo dos pastores.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti quixeches que por este sacrificio
se perdoasen os pecados do mundo enteiro.
Fai que, ó celebralo nós hoxe na festa de san Gregorio,
nos aproveite para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, nesta Eucaristía dásnos a Cristo, pan da vida.
Axúdanos a aprender tamén de Cristo, palabra da vida,
para que na festa de san Gregorio
coñezámo-la túa verdade e a poñamos en práctica no amor ós outros.
Por Cristo, noso Señor.

Día 8 de setembro

## NATIVIDADE DA VIRXE SANTA MARÍA

Festa

Celebrámo-la Natividade da Virxe María, filla de David, filla de Abrahán, nada no pobo xudeu. Dela naceu o Sol de xusticia, Cristo, o Señor. O nacemento da Virxe María é o amencer da redención e enche de luz e gozo o pobo cristián. Hoxe é grande festa en honra de nosa Señora.

### Antífona de entrada

Celebramos con alegría o nacemento da Virxe María: dela xurdiu o Sol de xusticia, Xesucristo, o noso Deus.

### Oración

Señor, concédelles ós teus fieis o don da gracia divina.
Nós cremos que na maternidade da Virxe María
está o comezo da nosa salvación.
Que tamén a festa da súa Natividade
nos faga medrar na verdadeira paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, a humanidade do teu Fillo unixénito,
que ó nacer da Virxe non diminuíu a integridade da súa Nai,
senón que a consagrou,
nos libre dos nosos pecados
para que o noso sacrificio sexa agradable ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe: na Natividade, p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión — Is 7, 14; Mt 1, 21

Mirade, a Virxe terá un fillo, que salvará o pobo dos seus pecados.

### Oración despois da comunión

Señor, brinque de alegría a túa Igrexa,
alimentada con estes misterios sagrados,
na festa do nacemento da Virxe María:
ela foi esperanza para o mundo enteiro e aurora de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Día 9 de setembro

## NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS, COPATRONA DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Na diócese de Mondoñedo-Ferrol: Festa

O santuario da Virxe dos Remedios, desde a súa fundación, é centro de devoción e peregrinación de moitísimos fieis. Foi edificado o santuario na cidade de Mondoñedo o ano 1558 polo bispo Francisco Santamaría Benavides e o bispo Sarmiento no 1775 restaurouno no estilo barroco. Os papas e os bispos da diócese distinguiron a devoción á Virxe dos Remedios. Foi declarada patrona da diócese no 1949. No ano 1954 foi solemnemente coroada a súa imaxe.

A misa é a da festa da Natividade da Virxe santa María (p. 727).

Día 10 de setembro

# San Pedro de Mezonzo, bispo

Memoria

Naceu no norte de Galicia na primeira metade do século X. Xa rapaz ingresou no mosteiro de Santa María de Mezonzo e de alí, ordenado presbítero, foi ó de Sobrado dos Monxes antes do ano 960. En Sobrado foi abade. Máis tarde, foino do mosteiro compostelán de Antealtares, coincidindo coa presencia nel de san Rosendo. No ano 995 é bispo de Compostela. No seu tempo produciuse a desfeita de Almanzor, na que o santo bispo deu folgos ós seus fieis cheos de temor, pregando a axuda de María Santísima, para a que compuxo a *Salve Regina*. Librou da profanación as reliquias do santo Apóstolo. Reconstruíulle, ademais, a Catedral.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

## Oración

Deus, noso Pai,
o bispo da Igrexa compostelana, san Pedro de Mezonzo,
para defende-los seus fieis
e devolvérlle-la esperanza en tempos difíciles,
invocou a María, Raíña e Nai de misericordia.
Concédenos ós que choramos neste val de bágoas
contemplar, despois deste desterro,
a Xesús, froito bendito da Virxe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Acolle, Señor,
o don que che ofrecemos na festa de san Pedro de Mezonzo.
Guiados pola Virxe María,
concédenos camiñar sempre cara ó teu altar.
Por Cristo, noso Señor.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
concédeno-la experiencia da túa dozura,
que é anticipo da futura gloria,
ós que celebrámo-la festa de san Pedro de Mezonzo
e recibimos con gozo os teus sacramentos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 13 de setembro

## San Xoán Crisóstomo, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Antioquía polo ano 349. Despois dunha educación moi coidada, empezou a exercitarse na vida ascética e, ordenado sacerdote, dedicouse ó ministerio da predicación con grande froito. Foi elixido bispo de Constantinopla o ano 397 e acreditouse como excelente pastor, esforzándose por restaurar fielmente os costumes dos cregos e do pobo. Arrastrado polo odio da corte imperial e dos envexosos, foi condenado ó desterro varias veces e, gastado polas penalidades, morreu o ano 407 en Comana do Ponto. Falou e escribiu moito para explica-la doctrina católica e orienta-la vida cristiá ata o punto de ser merecente do nome de «boca de ouro».

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, fortaleza dos que esperan en ti,
ti quixeches ilustra-lo santo bispo Xoán Crisóstomo
cunha admirable elocuencia
e tamén coa experiencia do sufrimento.
Fai que nós, ensinados pola súa doctrina,
nos sintamos tamén fortalecidos
co exemplo da súa paciencia invencible.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que che agrade este sacrificio
que presentamos alegres na festa de san Xoán Crisóstomo.
Seguindo a súa doctrina,
tamén nós nos entregamos enteiramente a ti,
cun corazón xubiloso.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus misericordioso,
acabamos de recibir estes misterios
na conmemoración de san Xoán Crisóstomo.
Que eles nos confirmen no teu amor
e fagan de nós testemuñas fieis da verdade.
Por Cristo, noso Señor.

Día 14 de setembro

# EXALTACIÓN DA SANTA CRUZ

Festa

Esta festa celebrábase en Xerusalén no século V e fixouse en memoria da dedicación da basílica da Santa Cruz onde se venera o *lignum crucis,* sinalada reliquia da cruz do Redentor.

## Antífona de entrada

Cf. Gál 6, 14

Nós debémonos gloriar na cruz do noso Señor Xesucristo, nel está a nosa salvación, vida e resurrección; por el fomos salvados e liberados.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o teu Fillo unixénito
morrese nunha cruz pola salvación de tódolos homes.
Concédenos a cantos coñecemos na terra este misterio
conseguir no ceo os premios da redención.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, esta ofrenda foi a que no altar da cruz
quitou o pecado do mundo enteiro.
Pedímosche que ela nos purifique tamén a nós das nosas culpas.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A VICTORIA DA CRUZ GLORIOSA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti realizáche-la salvación do mundo
na árbore da cruz,
para que xurdise a vida
de onde antes saíra a morte
e fose o demo vencido
na árbore en que fora vencedor,
por Cristo, Señor noso.

Por el, os anxos e os santos
e tódolos coros celestiais
celebran a túa gloria,
cantando humildemente a túa louvanza:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Tamén se pode dici-lo prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

## Antífona da comunión — Xn 12, 32

«Cando eu sexa elevado sobre a terra, atraerei a todos cara a min», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor Xesucristo,
no madeiro da cruz conseguíche-la vida eterna para o mundo.
Rogámosche que pola participación nesta santa Eucaristía
nos leves tamén a nós á gloria da resurrección.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

Día 15 de setembro

# Santa María, Virxe das Dores

Memoria

Na presentación do seu Fillo no templo, o vello Simeón profetizoulle a María que unha espada ía atravesar súa alma: A Virxe María compartiu, ó longo da vida, os sufrimentos e a paixón de Cristo, ata o pé da cruz.

## Antífona de entrada — Lc 2, 34-35

Díxolle Simeón a María: «Mira, este está posto para caída e soerguemento de moitos en Israel, e para ser un sinal de contradicción; e a ti mesma unha espada hache atravesa-la alma.»

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que a Nai do teu Fillo
estivese ó pé da cruz compartindo con el os sufrimentos.
Fai que a túa Igrexa
comparta xunto con María a paixón de Cristo
para que poida participar tamén con ela na mesma resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ti deixáchesno-la Virxe santa María
coma nai piadosa cando estaba ó pé da cruz de Xesús.
Rogámosche que acólla-las pregarias e ofrendas
que na súa festa presentamos para louvanza do seu nome.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe: na festividade, p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

## Antífona da comunión — 1 Pe 4, 13

Alegrádevos cando compartáde-los sufrimentos de Cristo, para que poidades saltar tamén de alegría na manifestación da súa gloria.

## Oración despois da comunión

Señor, na conmemoración das dores da Virxe María,
fasnos participar nos sacramentos da nosa redención.
Rogámosche humildemente que nos axudes a completar en nós,
a favor da túa Igrexa, o que lle falta ós sufrimentos de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Día 16 de setembro

## Santos Cornelio, papa, e Cibrán, bispo, mártires

Memoria

Cornelio foi ordenado bispo da Igrexa de Roma no ano 251. Loitou contra o cisma dos novacianos e, coa axuda de Cibrán, puido impoñe-la súa autoridade. Foi levado ó exilio, por orde do emperador Galo, para preto de Civitavecchia, onde morreu o ano 253. O seu corpo, trasladado a Roma, foi sepultado no cemiterio de Calixto.

Cibrán naceu en Cartago arredor do ano 210, dunha familia pagá. Convertido á fe e iniciado no sacerdocio, foi ordenado bispo da cidade o ano 249. Valéndose das súas obras e dos seus escritos, rexeu extraordinariamente ben a Igrexa nuns tempos cheos de calamidades. Na persecución de Valeriano, primeiro sufriu o desterro e despois acadou a coroa do martirio o 14 de setembro do ano 258.

Do Común dos mártires (p. 828) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó teu pobo,
como pastores preocupados e mártires invencibles,
os santos Cornelio e Cibrán.
Concédenos que, pola súa intercesión,
nos sintamos fortalecidos na fe e na constancia
e traballemos sen acougo pola unidade da Igrexa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que o teu pobo che presenta
para conmemora-los sufrimentos dos teus mártires.
Estes dons concedéronlles fortaleza na persecución
ós santos Cornelio e Cibrán.
Fai que nos acaden tamén a nós constancia nas adversidades.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, confírmanos no teu espírito de fortaleza
co exemplo dos santos mártires Cornelio e Cibrán.
Pedímosche humildemente que a participación nestes misterios
nos dea forza para sermos testemuñas da verdade do Evanxelio.
Por Cristo, noso Señor.

Día 17 de setembro

## San Roberto Belarmino, bispo e doutor da Igrexa

Naceu no ano 1542 en Montepulciano (Toscana). Ingresou na Compañía de Xesús e foi ordenado sacerdote. Mantivo brillantes disputas en defensa da fe católica e ensinou teoloxía no Colexio romano. Foi elixido cardeal e nomeado bispo de Capua. Aclarou moitas cuestións que daquela xurdiron nas Congregacións romanas. Morreu en Roma no ano 1621.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó santo bispo Roberto
dons admirables de sabiduría e virtude
para defende-la fe da túa Igrexa.
Pola súa intercesión,
concédelle ó teu pobo alegrarse sempre
na confesión íntegra da súa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 19 de setembro

## San Xenaro, bispo e mártir

Bispo de Benevento, sufriu o martirio xuntamente cos seus compañeiros na persecución de Diocleciano. É venerado en moitos lugares, maiormente en Nápoles.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concédesnos festexa-la lembranza do mártir san Xenaro.
Fai que na gloria eterna poidamos tamén gozar da súa compaña.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 20 de setembro

## Santos Andrés Kim Taegon, presbítero, Paulo Chong Hasang e compañeiros, mártires

Memoria

A cristiandade de Corea, dende finais do século XVIII ata o derradeiro tercio do XIX, padeceu continuas persecucións e martirios. Resáltase hoxe, ó celebra-los mártires de Corea, a Andrés Kim, que foi o primeiro crego nativo de Corea e que alcanzou a coroa do martirio no ano 1846 con moitos irmáns e compañeiros.

### Antífona de entrada

Aledémonos todos no Señor ó festexarmos neste día os santos mártires; os anxos alédanse desta solemnidade e louvan todos xuntos o Fillo de Deus.

### Oración

Deus, creador e redentor de tódolos homes,
a gloriosa profesión de fe
dos santos mártires Andrés, Paulo e compañeiros
afirmou e fixo medra-la fe católica
da Igrexa de Corea de xeito admirable.
Polo seu exemplo e a súa intercesión,
mantennos ata a morte no cumprimento dos teus mandados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Mira con bondade, Deus omnipotente,
as ofrendas do teu pobo
e, pola intercesión dos santos mártires,
convértenos en sacrificio agradable a ti
para salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Mt 10, 32

«Se un se pon da miña parte diante dos homes, eu tamén me porei da del perante o meu Pai do ceo», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Alimentados co pan dos fortes,
na celebración dos santos mártires,
pedímosche, Señor,
que, unidos firmemente a Cristo, traballemos na Igrexa
pola salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

Día 21 de setembro

## SAN MATEO, APÓSTOLO E EVANXELISTA

Festa

Naceu en Cafarnaún, e exercía o cargo de recadador de impostos no momento en que Xesús o chamou. Escribiu o Evanxelio en arameo e disque predicou en Oriente.

### Antífona de entrada — Mt 28, 19-20

«Ide e facede discípulos meus a tódalas nacións, bautizándoos e ensinándolles a gardar canto vos mandei», di o Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
pola túa infinita misericordia
dignácheste escolle-lo publicano Mateo,
para facer del un apóstolo.
Concédenos que, sostidos polo seu exemplo e intercesión,
merezamos seguir a Cristo e permanecerlle sempre fieis.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche os nosos dons e pregarias
na celebración da festa de san Mateo.
Pedímosche humildemente
que mires con ollos de piedade a túa Igrexa,
que alimentaches na fe pola predicación dos apóstolos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

### Antífona da comunión

Mt 9, 13

«Non vin chama-los xustos, senón os pecadores», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, nesta Eucaristía
fasnos revivi-la experiencia gozosa de san Mateo
cando acolleu coma invitado na súa casa o Salvador.
Pedímosche que nos manteñamos sempre
co alimento daquel que non veu chamar á salvación
os xustos senón os pecadores.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Día 26 de setembro

## Santos Cosme e Damián, mártires

Polas historias antigas, consta que o sepulcro destes dous santos estivo en Cyrópole de Siria, onde ergueran unha basílica no seu honor. Axiña se espallou por toda a Igrexa o seu culto e a invocación da súa protección contra as enfermidades.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Señor, que a conmemoración dos santos Cosme e Damián
sirva para glorifica-lo teu nome.
Ti, que lles deches a eles a gloria do ceo,
concédenos tamén a nós
a axuda da túa providencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó conmemora-la gloriosa morte dos teus santos,
ofrecémosche o sacrificio
que é principio e modelo de todo martirio.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, na festa dos santos mártires Cosme e Damián
concedíchesno-lo don da túa gracia.
Fai que permanezamos sempre nela
e nos consiga a salvación e maila paz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 27 de setembro

## San Vicenzo de Paúl, presbítero

Memoria

Naceu na Aquitania o ano 1581. Despois de remata-los seus estudios, ordenouse sacerdote e actuou de párroco en París. Fundou a Congregación da Misión para a santa formación dos cregos e para o alivio dos pobres. Coa colaboración de santa Luísa de Marillac, tamén fundou a Congregación das Fillas da Caridade. Morreu en París no ano 1660.

### Antífona de entrada — Lc 4, 18

O espírito do Señor está sobre min, pois el foi quen me unxiu. Envioume para proclama-la boa nova ós pobres e sanda-los de corazón oprimido.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ateigaches con virtudes apostólicas o santo presbítero Vicenzo,
para que se entregase ó servicio dos pobres e á formación do clero.
Concédenos que nos alente o mesmo espírito
e así poidamos ama-lo que el amou
e cumpri-lo que el nos ensinou.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti concedíchesllle a san Vicenzo
imita-lo que realizaba nos divinos misterios.
Concédenos que, pola forza deste sacrificio,
nos convertamos tamén nós en ofrenda agradable ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 106, 8-9

Déanlle gracias ó Señor pola súa misericordia, polos seus prodixios en favor dos homes. El sacia os sedentos e farta de ben os famentos.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos con estes sacramentos celestes.
Pedímosche humildemente
que o exemplo de san Vicenzo nos anime
e a súa protección nos axude a imita-lo teu Fillo
e a predicarlles ós pobres o Evanxelio.
Por Cristo, noso Señor.

Día 28 de setembro

## San Wenceslao, mártir

Naceu en Bohemia polo ano 907. Foi cristianamente educado pola súa tía; tomou o goberno do seu ducado polo ano 925, máis ou menos. Tivo que aturar moito, gobernando e cristianizando os seus súbditos. Foi traicionado polo seu irmán Boleslao e asasinado por uns sicarios o ano 935. Deseguida o consideraron mártir e vén sendo venerado coma principal patrono de Bohemia.

Do Común dos mártires (p. 833).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ensináchesslle a san Wenceslao, mártir,
a preferi-lo reino do ceo ó deste mundo.
Concédenos que, polas súas pregarias,
renunciemos ó noso egoísmo
e nos unamos a ti de todo corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 29 de setembro

# SANTOS MIGUEL, GABRIEL E RAFAEL, ARCANXOS

Festa

Nunha mesma festa celebrámo-los santos arcanxos: Miguel, vencedor de Satán, protexe a Igrexa contra os ataques do mal; Gabriel, mensaxeiro de Deus, anunciou a María a encarnación do Fillo unixénito de Deus; Rafael, menciña de Deus, compañeiro de Tobías na súa viaxe, venérase como patrono dos camiñantes.

## Antífona de entrada — Sal 102, 20

Bendicide o Señor, os seus anxos, poderosos cumpridores das súas ordes, obedecendo a súa palabra.

## Oración

Deus, noso Pai,
cunha orde admirable
ti distribuíche-los ministerios dos anxos e dos homes.
Concédenos que a nosa vida
se vexa protexida na terra
polos mesmos que no ceo están sempre ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche polas mans dos teus anxos
este sacrificio de louvanza.
Pedímosche que o acollas con misericordia
e que nos aproveite para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos anxos, p. 488.

## Antífona da comunión — Sal 137, 1

Douche gracias, Señor, de todo corazón; na presencia dos teus anxos cantarei salmos para ti.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co pan do ceo.
Pedímosche que a súa forza nos robusteza
para camiñar con seguridade polos camiños da salvación,
baixo a fiel custodia dos teus anxos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 30 de setembro

## San Xerónimo, presbítero e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Estridón (Dalmacia) polo ano 340. En Roma dedicouse á literatura e alí foi bautizado. Abrazou a vida ascética e marchou a Oriente, onde foi ordenado sacerdote. De volta a Roma foi secretario do papa san Dámaso e dirixiu espiritualmente a unhas donas nobres que levaban vida de piedade en común no Aventino. Estableceuse en Belén, atendeu con actividade sorprendente as necesidades da Igrexa. Deixou escritas moitas obras, especialmente comentarios á Sagrada Escritura. Morreu en Belén o ano 420.

### Antífona de entrada — Xos 1, 8

Que o libro da lei non se arrede da túa boca: día e noite medita nel. Fai por vivir conforme ó que nel está escrito; así dirixirás con sabiduría o teu camiño.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó santo presbítero Xerónimo
unha viva afición pola Sagrada Escritura.
Fai que o teu pobo se alimente cada vez máis coa túa palabra
e atope nela a fonte da vida verdadeira.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos que, a exemplo de san Xerónimo,
meditemos con devoción a túa palabra.
Que ela nos axude a estar máis dispostos
para lle ofrecer á túa maxestade o sacrificio da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Xer 15, 16

Cando as túas palabras se manifestaron, devoreinas; elas foron alegría e gozo para o meu corazón, pois sobre min foi invocado o teu nome.

## Oración despois da comunión

Señor, que estes dons santos,
recibidos con alegría na festa de san Xerónimo,
animen os corazóns dos teus fieis.
Fai que, atentos sempre á túa palabra,
descubran o camiño que lles cómpre seguir
e, seguíndoo, consigan a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# OUTUBRO

Día 1 de outubro

## Santa Teresa do Neno Xesús, virxe

Memoria

Naceu en Alençon (Francia) o ano 1873. Entrou de moi nova nas carmelitas de Lisieux, exercitouse en sumo grado na humildade, sinxeleza evanxélica e confianza en Deus, e ensinoulles particularmente ás novicias estas virtudes coa palabra e co exemplo. Ofreceu a súa vida pola salvación das almas e o desenrolo da Igrexa. Morreu o 30 de setembro do ano 1897.

### Antífona de entrada — Cf. Dt 32, 10-12

O Señor escolleuna para si e instruíuna; tivo dela coidado coma das meniñas dos seus ollos. O mesmo que a aguia coas ás abertas, colleuna e levouna nos seus brazos. Só o Señor foi a súa guía.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ábre-las portas do teu reino
para os pequenos e os humildes.
Fai que sigamos confiadamente
o camiño de santa Teresa do Neno Xesús,
para podermos acadar, pola súa intercesión,
a gloria eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, proclamámo-las maravillas
que realizaches en santa Teresa.
Pedímosche humildemente
que, o mesmo que che foi grata a súa vida,
así tamén acollas con bos ollos
as ofrendas da nosa liturxia.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 18, 3

Di o Señor: «Se non cambiades e non vos volvedes coma nenos, non entraredes no reino do ceo.»

### Oración despois da comunión

Señor, que os sacramentos que acabamos de recibir
acendan en nós a forza do teu amor,
que levou a santa Teresa a entregarse a ti
e pedirche a salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

Día 2 de outubro

## Santos Anxos da Garda

Memoria

Os Anxos da Garda protexen os pobos e guían os homes polo camiño da salvación.

### Antífona de entrada — Dan 3, 58

Bendicide o Señor, anxos do Señor, cantádelle louvanzas polos séculos.

### Oración

Deus, noso Pai,
enviáchesno-los teus anxos para que nos gardasen.
Rogámosche que nos defendan coa súa protección nesta vida
e gocemos despois da súa compaña no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle estes dons que che presentamos
en honra dos teus santos anxos.
Concédenos que a súa constante protección
nos defenda dos perigos desta vida
e nos leve felizmente á gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos anxos, p. 488.

### Antífona da comunión

Sal 137, 1

Na presencia dos teus anxos cantarei salmos para ti.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos con estes sacramentos de vida eterna;
guíanos tamén, coa axuda dos anxos,
polo camiño da salvación e da paz.
Por Cristo, noso Señor.

Día 3 de outubro

## San Francisco de Borxa, presbítero

Naceu en Gandía (Valencia) no 1510. Gran privado do emperador Carlos V e cabaleirizo da emperatriz Isabela, viviu exemplarmente no palacio. A vista do cadáver da emperatriz impulsouno a desprecia-las vaidades da corte. Foi virrei de Cataluña e duque de Gandía. A morte de súa muller, no 1546, acabou de desvencellalo do mundo e entrou na Compañía de Xesús, na que chegou a ser superior xeral. Distinguiuse, sobre todo, pola súa fonda humildade. Deu un grande pulo ás misións. Morreu en Roma o 1 de outubro do 1572. Foi canonizado en 1671.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti mándasnos valora-los bens deste mundo
conforme á túa lei.
Ó celebrármo-la festa de san Francisco de Borxa,
ensínanos a comprender
que nada hai no mundo que se poida comparar
coa alegría de poñe-la vida ó teu servicio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 4 de outubro

# San Francisco de Asís

Memoria

Naceu en Asís o ano 1182. Despois de pasar unha mocidade disipada, converteuse, renunciou ós bens paternos e consagrouse enteiramente a Deus. Abrazou a pobreza e levou unha vida evanxélica, predicando a todos o amor de Deus. Os seus seguidores formounos con exemplares consellos, que foron aprobados pola Sé Apostólica. Deu comezo á Orde de Clarisas e á Terceira Orde Secular. Predicou tamén a fe entre os infieis. Morreu o ano 1226.

## Antífona de entrada

Francisco de Asís, home de Deus, deixou a súa casa e os seus bens. Fíxose pobre e necesitado, pero o Señor coidou del.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle a san Francisco de Asís
a gracia de imitar a Xesucristo
na pobreza e na humildade.
Concédenos andar polos seus mesmos camiños
e así segui-lo teu Fillo
e unirnos a ti con amor e alegría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estas ofrendas
na festa de san Francisco.
Rogámosche que nos axudes
a celebrar como cómpre o misterio da cruz,
que el viviu cun amor tan ardente.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión Mt 5, 3

Felices os que teñen espírito de pobres, porque deles é o reino do ceo.

## Oración despois da comunión

Señor, por esta Eucaristía que acabamos de recibir,
axúdanos a imita-la caridade e o celo apostólico de san Francisco.
Fai que disfrutemos do teu amor
e gastémo-la nosa vida pola salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.



# SAN FROILÁN

SAN FROILÁN.
PATRONO DA DIÓCESE DE LUGO
*Da sillería coral da Catedral de Lugo (s. XVII).*

O seu sartego está na Catedral de León, onde foi Bispo. As súas raíces están nas terras de Lugo que o ten por patrono.

Día 5 de outubro

# SAN FROILÁN, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE LUGO

Na diócese de Lugo: Solemnidade

Froilán viu a luz na cidade de Lugo no século IX. Moi cedo decidiuse pola vida monástica. Foi fundador de sinalados mosteiros, contribuíndo en grande medida á repoboación do reino de León. Elixido bispo no mesmo tempo que san Atilano, rexiu a diócese de León, cidade onde morreu despois de cinco anos de pontificado. As súas reliquias venéranse nas catedrais de León e Lugo. É o patrono principal da cidade e diócese de Lugo.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842)

## Oración

Deus, noso Pai,
ti fixéche-lo noso paisano san Froilán
sinalado pai de monxes e pastor do pobo cristán.
Concédenos imitalo
na contemplación dos teus santos misterios
e no amor polos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Venerámo-la memoria de san Froilán
no día solemne da súa festa.
Pedímosche, Señor,
que a ofrenda de este sacrificio nos aproveite
e así, pola celebración dos teus misterios,
animarase nos nosos corazóns
o desexo da contemplación da verdade.
Por Cristo, noso Señor.

## Oración despois da comunión

Pedímosche, Señor,
que os sacramentos que recibimos na festa de san Froilán
aumenten en nós a túa gracia,
para comunicar a nosos irmáns o misterio que contemplamos.
Por Cristo, noso Señor.

O mesmo día 5 de outubro

# TÉMPORAS DE SÚPLICA E DE ACCIÓN DE GRACIAS

Feria maior

Unha vez rematada a colleita dos froitos, e ás portas xa da nova sementeira, comeza un novo ano laboral. A actividade dos homes iníciase de novo.

Tamén son as «Témporas», en tanto que días de acción de gracias e de súplica, un tempo máis axeitado para que a comunidade cristiá examine de novo os seus compromisos, abra as súas portas a novos membros, comece o seu catecumenado e lance o seu programa de acción pastoral.

Celébranse o día 5 de outubro (ou o día 6, cando o 5 cae en domingo ou celébrase solemnidade), e extenderanse tamén, se é posible, a outros dous días da semana.

## Misa para cando as Témporas se celebran tan só no 5 de outubro

Cando a celebración das Témporas se fai un día só, escóllense de entre as misas propostas para os tres días os formularios que abranguen os tres aspectos desta celebración: acción de gracias, petición e conversión. Para a celebración dun día só, os textos máis apropiados son os seguintes:

### Antífona de entrada — Cf. Ef 5, 19-20

Cantémoslle himnos e salmos ó noso Deus, deámoslle gracias por tódolos seus beneficios, no nome do noso Señor Xesucristo.

### Oración

Señor Deus, Pai cheo de amor,
ti décheslles ós nosos pais de Israel
unha terra boa e productiva,
para que nela atopasen acougo e felicidade;
co mesmo amor dásnos tamén a nós forza
para domina-la creación
e encontrar nela progreso e mantenza.
Dámosche gracias por tódalas túas maravillas
e pedímosche que a túa luz nos faga ver que fuches ti,
e non o noso poder,
quen nos deu as forzas para creármo-las riquezas desta terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza
como acción de gracias polos dons que ti mesmo nos deches.
Axúdanos a recoñecer que é un regalo teu
o que recibimos sen o merecermos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio: o máis apropiado é o prefacio común IV, p. 500.

## Antífona da comunión

Cf. Sal 64, 12. 6

Énche-la anada cos teus bens, ti e-la esperanza da terra enteira.

## Oración despois da comunión

Señor, ti axuntáchesnos arredor desta mesa,
onde construíches no amor e na unidade a túa familia.
Axúdanos para que o noso esforzo
coopere á construcción da cidade terrea
e traballemos a cotío pola chegada do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

# Misas para cando as Témporas se celebran en tres días

## Día de acción de gracias

### Antífona de entrada — Cf. Ef 5, 19-20

Cantémoslle himnos e salmos ó noso Deus, deámoslle gracias por tódolos seus beneficios, no nome do noso Señor Xesucristo.

### Oración

Señor Deus, Pai cheo de amor,
ti déchesslles ós nosos pais de Israel unha terra boa e productiva,
para que nela atopasen acougo e felicidade;
co mesmo amor dásnos tamén a nós forza para domina-la creación
e encontrar nela progreso e mantenza.
Dámosche gracias por tódalas túas maravillas
e pedímosche que a túa luz nos faga ver que fuches ti,
e non o noso poder,
quen nos deu as forzas para creármo-las riquezas desta terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza
como acción de gracias polos dons que ti mesmo nos deches.
Axúdanos a recoñecer que é un regalo teu
o que recibimos sen o merecermos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio: o máis apropiado é o prefacio común IV, p. 500.

### Antífona da comunión — Sal 137, 1. 3

Glorifícote de todo corazón, Señor. Sempre que te invoquei, ti escoitáchesme.

### Oración despois da comunión

Señor, ti devólvesnos como mantenza espiritual
o sacramento do teu Fillo
que nós che presentamos como acción de gracias.
Fai que, fortalecidos polo don da Eucaristía,
te sirvamos cunha entrega maior cada día
e nos dispoñamos así para recibir novos favores.
Por Cristo, noso Señor.

## Outra Misa para o día de acción de gracias

### Antífona de entrada — Sal 66, 5

Que se alegren os pobres e aturusen de alegría: ti rita-lo mundo con justicia
e gobérna-las nacions con rectitude.

### Oración

Pai cheo de bondade, con amor e sabiduría
sometiche-la terra é dominio do home,
para que sacase dela o seu sustento
e descubrise a túa grandeza e a túa providencia.
Dámosche gracias pelos teus dons
e pedímosche que nos concedas
empregalos en louvarte e en atudarlles os nosos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe este sacrificio de acción de gracias
polos dons que recibimos da túa bondade.
Sigue mostrándome-lo teu amor de Pai
ós que protexiches tan xenerosamente.
Aí crecerémos sempre no teu amor
e permanecerémos máis fieis no teu servicio.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio: o máis apropiado é o prefacio común IV, p. 108.

### Antífona da comunión — Sal 66, 7

A terra deu o seu froito e bendíznos o Señor, noso Deus.

### Oración despois da comunión

Noso Pai, fonte de todo bon,
ti nunca defráuda-las esperanzas dos que acoden a ti,
sejaba que atendes sempre os nosos desexos e as nosas súplicas.
Dámosche gracias porque quixeches encher de bens os teus fillos
e pedímosche que pola celebración desta Eucaristía
nos libres de todo mal.
Por Cristo, noso Señor.

## Día penitencial

A celebración do día penitencial cumpriría tela, se é posible, o venres seguinte ó 5 de outubro, ou, se o 5 de outubro é venres, o día 6 ou un día da semana seguinte.

Estaría ben que neste día se teña, ademais da misa polo perdón dos pecados, unha celebración comunitaria do sacramento da penitencia, que se pode celebrar oportunamente despois da liturxia da palabra da misa penitencial.

### Antífona de entrada — Sab 11, 24-25. 27

Señor, ti tes piedade de todo e nada desprecias de canto creaches. Esquéce-los pecados do home para que se converta e o perdoes, porque ti e-lo noso Deus e Señor.

Se nesta misa se ten a celebración do sacramento da penitencia, omítese o acto penitencial do comezo da misa.

### Oración

Señor, recoñecemos que somos pecadores
e confesámosche as nosas culpas.
Ten misericordia de nós e dáno-lo agarimo da túa paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza,
porque perdoaches con amor os nosos pecados.
Gárdanos coa túa axuda,
porque o noso corazón fraquea e nada podemos facer sen ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Lc 15, 10

Asegúrovos que do mesmo xeito se alegran os anxos por un só pecador que se converta.

### Oración despois da comunión

Pai de misericordia,
ó convidarnos á mesa do teu Fillo,
déchesnos un sinal do teu amor e unha fianza do teu perdón.
Pedímosche agora que nos sigas axudando
para que en diante saibamos evitar todo pecado
e servirte cun corazón alegre.
Por Cristo, noso Señor.

## Día de petición polo traballo humano

### Antífona de entrada — Sal 89, 17. 14

Asegúranos, Señor, os traballos das nosas mans, para que a nosa vida teña gozo e ledicia.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que o home perfeccionase
co estudio e co traballo
o mundo que ti creaches.
Pedímosche que os nosos traballos e os nosos afáns
lle aproveiten sempre á familia humana
e sexan unha axuda
para o cumprimento dos teus designios sobre o mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche o pan e mailo viño
cos que ti mante-la nosa vida na terra
e asemade dás crecemento á nosa vida eterna.
Pedímosche que non deixes de nos dar este pan,
que é a nosa mantenza,
e este sacramento,
que é fonte de vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 7, 7

Pedide e recibiredes; buscade e atoparedes; chamade e abrirásevos.

### Oración despois da comunión

Señor, ti confortáchesnos
con este sacramento de vida eterna.
Non deixes de nos axudar coa túa gracia nos traballos desta vida.
Por Cristo, noso Señor.

## Outra Misa para o día de petición polo traballo humano

### Antífona de entrada — Sal 126, 1

Se o Señor non constrúe a casa, é inútil o afán dos constructores. Se o Señor non garda a cidade, é inútil que vixíen os gardas.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti ámasnos máis do que merecemos e esperamos.
Cumpre os desexos do noso corazón
e dános tamén aqueles bens
que superan todo coñecemento,
pero que ti tés preparados para os que te aman.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche as nosas ofrendas.
Pedímosche que por elas santifiques
os nosos proxectos e as nosas obras.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Cf. Sal 64, 12. 6

Énche-la anada cos teus bens, ti e-la esperanza da terra enteira.

### Oración despois da comunión

Señor, ti devólvesnos como mantenza espiritual
o sacramento do teu Fillo
que nós che presentamos como acción de gracias.
Fai que, fortalecidos polo don da Eucaristía,
te sirvamos cunha entrega maior cada día
e nos dispoñamos así para recibir novos favores.
Por Cristo, noso Señor.

Día 6 de outubro

## San Bruno, presbítero.

Naceu en Colonia (Alemania) polo ano 1035. Educado e ordenado sacerdote en Francia, foi mestre de teoloxía; pero sentíndose chamado a unha vida de soedade, fundou o mosteiro de Cartuxos. Reclamado por Urbano II, papa, axudouno nas necesidades da Igrexa. Morreu en Esquilache (Calabria) no 1101.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, ti chamaches a san Bruno para que te servise na soedade.
Concédenos, pola súa intercesión,
que nos saibamos entregar a ti
no medio dos trafegos deste mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 7 de outubro

## Nosa Señora do Rosario

Memoria

María vencéllase ó seu Fillo nos gozos, nas dores e na gloria de Xesús. Estes misterios meditámolos ó rezaren as avemarías do rosario. Esta devoción ven de tempos de san Domingos de Guzmán cando combateu a herexía dos albixenses. Na piedade cristiá, outubro é o mes do rosario.

### Antífona de entrada — Lc 1, 28. 42

Alégrate, María, chea de gracia; o Señor está contigo, ti es bendita entre tódalas mulleres, e bendito é o froito das túas entrañas.

### Oración

Señor, enche os nosos corazóns coa túa gracia.
Polo anuncio do anxo,
revelácheslo-la encarnación do teu Fillo;
pola súa paixón e a súa cruz
e pola intercesión da Virxe María,
lévanos á gloria da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, fai que nos dispoñamos debidamente
para che ofrecer estes dons
e que de tal xeito celebrémo-los misterios do teu Fillo
que nos fagamos merecentes das súas promesas.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe: na festa, p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión Lc 1, 31

Fíxate: vas concebir no teu ventre e darás a luz un fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús.

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
neste sacramento anunciámo-la morte e resurrección do teu Fillo.
Fai que nos unamos ós seus sufrimentos,
para que merezamos participar tamén
na felicidade da súa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Día 9 de outubro

## Santos Dionisio, bispo, e compañeiros, mártires

Di san Gregorio de Tours que Dionisio veu de Roma a Francia, que foi bispo de París e que rematou a súa vida co martirio no século III.

Do Común dos mártires (p. 828).

### Oración

Señor, ti enviaches a san Dionisio e os seus compañeiros
a predica-lo Evanxelio ós pobos que non te coñecían
e concedíchesslles forza para soportaren o martirio.
Fai que, seguindo o seu exemplo,
saibamos desprecia-la gloria deste mundo
e afronta-las súas probas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 9 de outubro

## San Xoán Leonardi, presbítero

Naceu en Luca (Toscana), no ano 1541. Estudiou farmacia, pero non exerceu. Preferiu o sacerdocio. Exerceu o ministerio da predicación, instruíndo especialmente os nenos na doctrina cristiá. E para iso fundou unha congregación, que lle fixo sufrir moitas tribulacións. Restaurou a disciplina en diversas congregacións con amor e habilidade. Estableceu un instituto para o espallamento da fe, que a Santa Sé transformou na Congregación «de propaganda fide». Morreu en Roma no ano 1609.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Deus, fonte de todo ben,
por mediación do santo presbítero Xoán Leonardi
ti fixeches que o Evanxelio chegase a moitos pobos.
Concédenos que medre sempre pola súa intercesión
a fe verdadeira no mundo enteiro.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 10 de outubro

## San Tomás de Villanueva, bispo

Tomás, aínda que os seus pais viviron en Villanueva de los Infantes, naceu en Fuenllana o ano 1486. Estudiou na universidade de Alcalá, na que co tempo chegou a ser mestre sonadísimo, dada a súa grande preparación nas ciencias humanas e sagradas. Nomeado arcebispo de Valencia, foi un verdadeiro modelo de bo pastor, sobresaíndo pola súa caridade, pobreza, prudencia e celo apostólico. Morreu o 8 de setembro de 1555 e foi canonizado o ano 1658.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches engadir a san Tomás de Villanueva,
sonado pola súa doctrina e caridade,
ó número dos santos pastores da túa Igrexa.
Concédenos, pola súa intercesión,
a gracia de sermos contados sempre entre os membros do teu pobo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que as ofrendas que che presentamos,
na festa de san Tomás de Villanueva,
nos acaden unha vida iluminada pola ciencia
e unha ciencia enriquecida pola vida.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, san Tomás de Villanueva
entregou constantemente a súa vida polo ben da túa Igrexa.
Pedímosche que os sacramentos que acabamos de recibir
desperten en nós o seu mesmo espírito de caridade.
Por Cristo, noso Señor.

Dia 11 de outubro

## Santa Soledade Torres Acosta, virxe

María Soledade Torres Acosta naceu en Madrid, o 2 de decembro do 1826, e morreu tamén en Madrid o 11 de outubro de 1887. Cando o párroco de Chamberí se propuxo fundar un instituto de relixiosas dedicadas á asistencia ós enfermos no seu domicilio, Soledade foi a peza clave dese instituto, que se chamou Congregación das Servas de María, Ministras dos enfermos. Foi beatificada por Pío XII o 5 de febreiro de 1950 e canonizada por Paulo VI o 25 de xaneiro de 1970.

Do Común das virxes (p. 855).

### Oración

Señor, ti concedícheslle a santa Soledade Torres Acosta
a gracia de te servir cun amor xeneroso
nos enfermos que asistía.
Concédeno-la túa luz e a túa gracia
para descubrírmo-la túa presencia nos que sofren
e merecermos así a túa compaña no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 12 de outubro

# NOSA SEÑORA DO PILAR

Festa

Segundo unha venerada tradición, a Virxe manifestouse en Zaragoza sobre unha columna ou Pilar, sinal visible da súa presencia. Esta tradición atopou a súa expresión cultual na misa e no oficio que para toda España decretou Clemenzo XII. Pío VII elevou a categoría litúrxica da festa. Pío XII concedeulles a tódalas nacións sudamericanas a posibilidade de celebraren a mesma misa que se celebraba en España.

Por razóns pastorais esta misa pódese celebrar tamén cando o 12 de outubro cae en domingo.

## Antífona de entrada — Cf. Sal 18, 3; Ex 13, 21-22

Ti manteste como a columna que guiaba e sostiña, noite e día, o pobo no deserto.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti ofréce-lo teu amparo
a cantos invocan a Nai do teu Fillo
baixo a advocación da Virxe do Pilar.
Concédenos, pola súa intercesión,
fortaleza na fe,
seguridade na esperanza
e constancia no amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso e eterno,
ti fixeches brillar sobre nós a luz da fe.
Fai que os dons que agora che presentamos
e as súplicas que che diriximos,
nos logren, pola intercesión de Nosa Señora do Pilar,
firmeza na fe e xenerosidade no amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A GLORIA DA VIRXE

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Polas grandes maravillas que realizaches
na Virxe, Nai do teu Fillo.
Ela, concebida sen pecado,
non sufriu a corrupción do sepulcro.
Virxe intacta na súa descendencia
e triunfante na súa asunción,
ela foi a Nai de Cristo, esposo da Igrexa,
luz das nacións, esperanza dos fieis
e gozo de todo o noso pobo.

Por iso, ó celebrarmos agora a festa do Pilar,
louvámoste cos anxos e cos santos,
cantando sen cesar o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Lc 1, 48

Tódalas xeracións me van felicitar. ¡Maravillas fixo en min o Poderoso!

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
de maneira maravillosa
ti multiplíca-la túa presencia no medio de nós.
Dámosche gracias por este sacramento co que nos alimentaches
e pedímosche que, pola intercesión da Nosa Señora do Pilar,
cheguemos a contemplarte no ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Día 14 de outubro

## San Calixto I, papa e mártir

Calixto, ó parecer, foi escravo, pero, cando se fixo libre, foi ordenado diácono polo papa Ceferino, a quen despois sucedeu na cátedra de Pedro. Loitou contra os herexes adopcionistas e modalistas. Foi coroado co martirio no ano 222 e sepultado na vía Aurelia.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Señor, escoita, con clemencia, as pregarias do teu pobo.
Fai, que cantos festexámo-lo martirio do papa san Calixto,
nos vexamos axudados tamén pola súa protección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 15 de outubro

# SANTA TERESA DE XESÚS, VIRXE E DOUTORA DA IGREXA

Festa

Teresa naceu en Ávila, o 28 de marzo de 1515. Ós 18 anos entrou no Carmelo. Ós 45 anos, para responder ás gracias extraordinarias do Señor, emprendeu unha vida con este lema «ou sufrir ou morrer». Daquela é cando fundou San Xosé de Ávila o primeiro dos quince Carmelos que estableceu en España. San Xoán da Cruz introduciu a reforma carmelitana. Os seus escritos son un modelo seguro nos camiños da pregaria e da perfección. Morreu en Alba de Tormes, pola noitiña do 4 de outubro de 1582. Paulo VI declarouna doutora da Igrexa o 17 de setembro de 1970.

## Antífona de entrada — Sal 41, 2-3

Como devece a cerva pola auga dos regatos, así devece por ti, meu Deus, a miña alma. A miña alma ten sede do Deus vivo.

## Oración

Señor, co teu Espírito
ti fixeches aparecer na Igrexa
a santa Teresa de Xesús,
para que lle manifestase o camiño da perfección.
Aliméntanos sempre co pan da súa doctrina
e fainos senti-lo seu mesmo desexo da verdadeira santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que estas nosas ofrendas sexan ben acollidas por ti,
o mesmo que acolliches con tanto agrado
a entrega xenerosa de santa Teresa.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio das santas virxes e dos santos relixiosos, p. 496.

## Antífona da comunión — Sal 88, 2

Quero cantar por sempre o amor do Señor, pregoar polas xeracións a súa fidelidade.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentaches co pan do ceo
esta familia consagrada a ti.
Fai que, coma santa Teresa,
cheguemos a cantar eternamente a túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

Día 16 de outubro

## Santa Eduvixe, relixiosa

Naceu en Baviera, polo ano 1174. Casou co príncipe de Silesia e tivo sete fillos. Levou unha vida devota e entregada a socorre-los pobres e enfermos, fundando hospitais. Cando morreu o seu home, ingresou no mosteiro Trebnicense e alí morreu o ano 1243.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus todopoderoso,
a vida admirable de santa Eduvixe
é para todos un exemplo de humildade.
Fai que a súa intercesión nos consiga a axuda do ceo
ós que celebramos hoxe a súa festa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 16 de outubro

## Santa Margarida María de Alacoque, virxe

Naceu o ano 1647 na diócese de Autún. Ingresou nas Irmás da Visitación de Paray-le-Monial. Adiantou extraordinariamente no camiño da perfección. Mereceu ter revelacións, particularmente sobre a devoción ó Sagrado Corazón de Xesús, e contribuíu moitísimo á introducción do seu culto na Igrexa. Morreu o 17 de outubro de 1690.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, verte sobre nós o Espírito
co que tan abondosamente enriqueciches
a santa Margarida María.
Fai que cheguemos a coñece-lo amor de Cristo,
que supera toda comprensión,
e a alcanza-la plenitude da túa vida divina.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 17 de outubro

## San Ignacio de Antioquía, bispo e mártir

Memoria

Ignacio gobernou como sucesor de Pedro a Igrexa de Antioquía. Foi condenado ás feras e trasladado a Roma onde, en tempo do emperador Traxano, acadou o triunfo glorioso do martirio o ano 107. Durante a súa viaxe escribiu sete cartas a distintas Igrexas, que son fondos e eruditos tratados de Cristo, da constitución da Igrexa e da vida cristiá. Venérase xa desde o século IV neste día en Antioquía.

### Antífona de entrada — Gál 2, 19-20

Estou crucificado con Cristo; e vivo, mais xa non vivo eu, é Cristo quen vive dentro de min. E aínda que agora vivo unha vida mortal, vivo na fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti ennobréce-lo corpo santo da túa Igrexa
co testemuño heroico dos teus mártires.
Concédenos que o martirio exemplar de san Ignacio de Antioquía,
que hoxe celebramos e que a el lle mereceu a gloria do ceo,
se converta para nós en protección constante.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti recibiches a san Ignacio de Antioquía
convertido en pan puro de ofrenda
cando se entregou ó martirio
coma trigo de Cristo moído polos dentes das feras.
Acolle igualmente con bos ollos
a ofrenda que nós che presentamos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión

Eu son trigo de Cristo: que me moian os dentes das feras para me converter en pan puro.

### Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Ignacio de Antioquía
recibímo-lo teu pan do ceo.
Que a súa comunión nos fortaleza
e nos axude a sermos cristiáns de nome e de obra.
Por Cristo, noso Señor.

Día 18 de outubro

# SAN LUCAS, EVANXELISTA

Festa

Naceu en Antioquía, de familia pagá. Converteuse á fe e foi compañeiro do apóstolo Paulo, e, segundo a predicación deste, redactou tamén un Evanxelio. Transmitiunos noutro libro, titulado Feitos dos Apóstolos, os primeiros pasos da vida da Igrexa, abranguendo todo o sucedido ata a primeira estadía de Paulo en Roma.

## Antífona de entrada — Is 52, 7

¡Fermosos sobre as montañas os pés do mensaxeiro que anuncia a paz, que leva a boa nova, que pregoa a salvación!

## Oración

Señor, noso Deus,
ti escolliches a san Lucas
para que revelase coa súa predicación e cos seus escritos
o misterio do teu amor ós pobres.
A cantos nos honramos xa co nome de cristiáns,
concédenos ter sempre un só corazón e unha soa alma.
E fai que tódolos homes coñezan a túa salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, por estes dons do ceo
concédenos servirte cun corazón libre.
Fai que a ofrenda que che presentamos na festa de san Lucas
nos consiga o perdón e maila gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II dos apóstolos, p. 491.

## Antífona da comunión — Cf. Lc 10, 1. 9

O Señor enviou os seus discípulos para que anunciasen por tódolos pobos: «Xa chega a vós o reino de Deus.»

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
que a Eucaristía que acabamos de recibir no teu altar
nos comunique o teu espírito de santidade
e nos fortaleza na fe do Evanxelio, que san Lucas predicou.
Por Cristo, noso Señor.

Día 19 de outubro

# ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE MONDOÑEDO

Na Basílica: Solemnidade
Na diócese de Mondoñedo - Ferrol: Festa

A primitiva sé de san Martiño de Dumio, do século VI, foi trasladada no primeiro tercio do século XII ó actual Mondoñedo. Tras algunha vacilación, asentouse definitivamente en Mondoñedo baixo a prelatura de Martiño (1233); tendo lugar baixo o seu pontificado a construcción e consagración do templo actual, hoxe bastante reformado. Nesta sé episcopal, de tan longa tradición, exerceu o seu maxisterio o santo bispo Rosendo.

Todo do Común da dedicación dunha igrexa, no cabodano da dedicación (p. 815).

O mesmo día 19 de outubro

## San Pedro de Alcántara, presbítero

Nado en Alcántara o ano 1499, entrou de moi novo nos franciscanos e chegou a ser provincial. Organizou definitivamente a reforma da Orde Franciscana en España, seguindo o mesmo espírito de santa Teresa, da que foi un acertado conselleiro, axudando a levar a cabo a perfecta reforma do Carmelo. Austero e duro consigo mesmo, era sumamente amable cos demais. Morreu o 18 de outubro de 1562.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti fixeches brillar a san Pedro de Alcántara
pola súa admirable penitencia e fondísima contemplación.
Concédenos, polos seus méritos,
camiñar pola vida con austeridade
e lograrmos así máis doadamente os bens do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 19 de outubro

## Santos Xoán de Brébeuf, Isaac Xogues, presbíteros, e compañeiros, mártires

Entre os anos 1642 e 1649 oito membros da Compañía de Xesús, que traballaban por atraeren á verdadeira fe os indios iroqueses en Canadá e América septentrional, foron martirizados despois de seren horriblemente atormentados. Isaac Xogues sucumbiu o 18 de outubro de 1647 e Xoán de Brébeuf o 16 de marzo de 1648.

Do Común dos mártires (p. 828) ou dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti consagráche-los comezos da fe na América do Norte
coa predicación e co sangue
dos santos Xoán, Isaac e compañeiros mártires.
Fai que, pola súa intercesión,
a Igrexa floreza e fructifique cada día máis en todo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 19 de outubro

## San Paulo da Cruz, presbítero

Naceu en Ovada, Castellazo (Liguria), no ano 1694. De mozo axudoulle a seu pai na profesión de mercador. Pero aspiraba a unha vida máis perfecta e así renunciou a todo e comezou a servir a pobres e enfermos, conseguindo colaboradores para a súa obra. Ordenouse de sacerdote e traballou moitísimo pola salvación das almas, fundando casas, facéndose notar pola súa actividade apostólica e flaxelándose con dura penitencia. Morreu o ano 1775.

### Antífona de entrada — 1 Cor 2, 2

Nada pretendín saber entre vós, fóra de Xesucristo; e mesmo a el, crucificado.

### Oración

Señor, o santo presbítero Paulo da Cruz
tivo como único amor a Cristo crucificado.
Que el nos consiga a túa gracia
e nos ilumine co seu exemplo,
para que tamén nós abracemos con valor a nosa cruz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso, mira con bos ollos
as ofrendas que che presentamos
na festa de san Paulo da Cruz.
Concédenos,
que, cantos celebrámo-los misterios da paixón do Señor,
os saibamos imitar na nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Cor 1, 23-24

Nós predicamos un Mesías crucificado, Cristo, maravilla do poder e da sabiduría de Deus.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
na vida de san Paulo
ti mostráchesnos un exemplo vivo do misterio da cruz.
Fai que este sacrificio nos fortaleza
para nos manter unidos a Cristo
e traballarmos na Igrexa pola salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

Día 22 de outubro

## Santa María Salomé, nai de Santiago Apóstolo

Na diócese de Santiago: Memoria

María Salomé, muller do Zebedeo, nai de Santiago e Xoán, apóstolos benqueridos de Xesús, tamén ela foi do grupo dos amigos do Mestre. Pediulle a Xesús os primeiros postos no reino para os seus fillos; aprendeu do propio Cristo leccións de humildade e servicio evanxélico ata a morte; estivo ó pé da cruz e afanouse con agarimo no enterro do Señor e no coidado do seu sepulcro; foi unha das mulleres testemuñas da resurrección de Cristo e atópase entre os que oran xuntos no cenáculo coa Virxe María e os apóstolos, no abrente da Igrexa.

Do Común dos santos: santas mulleres (p. 869)

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concediches a santa María Salomé
a ledicia de se-la nai de Santiago e Xoán,
apóstolos predilectos de Xesús,
e de acompañar a Cristo
ó pé da cruz e no sepulcro.
Fai que esteamos sempre dispostos
a bebe-lo cáliz do Señor
para sentármonos na súa mesa no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 23 de outubro

## San Xoán de Capestrano, presbítero

Naceu o ano 1386. Estudiou dereito en Perusa e durante algún tempo exerceu o cargo de xuíz. Ingresou na Orde dos Irmáns Menores e ordenouse sacerdote. Desenrolou a súa vida apostólica incansablemente por toda Europa, ben fortalecendo os costumes cristiáns, ben disputando contra os herexes. Morreu en Villackum (Austria) o ano 1456.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849).

Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches xurdir a san Xoán de Capestrano
para lle dar azos ó pobo fiel
no medio das angustias.
Concédenos ser amparados sempre pola túa protección
e gozar de paz constante na túa Igrexa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 24 de outubro

## San Antonio María Claret, bispo

Naceu en Sallent (España) o ano 1807. Ordenado sacerdote, recorreu durante anos Cataluña predicando ó pobo. Fundou unha congregación de misioneiros e, consagrado bispo da illa de Cuba, acadou singulares méritos traballando pola salvación das almas. Reintegrado a España, aínda fixo moitas cousas boas pola Igrexa. Morreu en Frontfroide (Francia) o ano 1870.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou bispos (p. 842).

Oración

Deus, noso Pai,
ti déchesIle ó santo bispo Antonio María
un amor e unha fortaleza admirable,
para evanxeliza-los pobos.
Concédenos, pola súa intercesión,
buscar sempre o teu reino
e adicarnos con entrega a gañar para Cristo novos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 28 de outubro

# SANTOS SIMÓN E XUDAS, APÓSTOLOS

Festa

O nome de Simón figura en undécimo lugar na lista dos apóstolos. Nada se sabe del, a non ser que naceu en Caná, e que se chamaba «Zelotes».

Xudas, de alcume «Tadeo», é o apóstolo que na derradeira cea lle preguntou ó Señor por qué se manifestaba soamente ós discípulos e non ó mundo (Xn 14, 22).

A liturxia romana, a diferencia da dos orientais, conmemora no mesmo día, xuntamente, a estes dous apóstolos.

## Antífona de entrada

Estes son os homes santos; o Señor escolleunos polo seu amor auténtico, e déulle-la gloria que non ten fin.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches que te coñezamos
pola predicación dos santos apóstolos.
Fai que a intercesión dos santos Simón e Xudas
axude a túa Igrexa a seguir medrando sempre
coa conversión de novos pobos á fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, nós venerámo-la memoria gloriosa
dos santos apóstolos Simón e Xudas.
Pedímosche que acólla-las nosas ofrendas
e nos fagas dignos de celebrar estes santos misterios.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión — Xn 14, 23

«Se alguén me ama, gardará a miña palabra, di o Señor. Meu Pai amarao e viremos onda el e faremos vida con el.»

## Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-los teus sacramentos
na festa do martirio dos santos Simón e Xudas.
Movidos polo Espírito Santo,
pedímosche que esta comunión
nos conserve no amparo do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

# NOVEMBRO

Día 1 de novembro

## FESTA DE TÓDOLOS SANTOS

Solemnidade

A festa de Tódolos Santos é festa grande na Igrexa. Son moitos os irmáns na fe que xa chegaron a contempla-lo rostro de Deus, porque seguiron na terra o camiño das benaventuranzas.

### Antífona de entrada

Alegrémonos todos no Señor ó celebrarmos esta festa en honra de tódolos Santos. Nesta solemnidade alégranse tamén os anxos e cantan louvanzas ó Fillo de Deus.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti concédesnos venera-los méritos de tódolos Santos nunha soa festa.
Fai que, pola intercesión de tantos valedores,
se cumpran os nosos desexos
de consegui-la abundancia do teu perdón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta con agrado as ofrendas que che presentamos
en honra de tódolos Santos.
Sabemos que eles gozan xa da inmortalidade.
Fai que tamén nós experimentémo-la súa axuda
no noso camiñar cara á salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A GLORIA DA NOSA NAI XERUSALÉN

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Porque hoxe celebrámo-la festa da túa cidade,
a Xerusalén celestial, que é a nosa nai.
Alí xa te louva por sempre
a asamblea gloriosa dos nosos irmáns.
Cara a ela tamén nós camiñamos alegres,
peregrinos na terra,
guiados pola fe e gozándonos coa gloria
dos mellores fillos da túa Igrexa,
que son axuda e exemplo nas nosas debilidades.

Por iso, unidos a eles
e tamén ós coros dos anxos,
glorificámoste e cantámosche, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Mt 5, 8-10

Felices os de corazón limpo, porque eles verán a Deus. Felices os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. Felices os perseguidos por causa da xusticia, porque deles é o reino do ceo.

### Oración despois da comunión

Señor, proclamámo-la túa gloria
e adorámo-la túa santidade única,
que brilla en tódolos Santos.
Santifícanos coa plenitude do teu amor
e fainos pasar desta mesa de peregrinos
ó banquete da patria celeste.
Por Cristo, noso Señor.

Para a misa votiva de Tódolos Santos, cf. p. 1016.

Día 2 de novembro

## CONMEMORACIÓN DE TÓDOLOS FIEIS DEFUNTOS

Celebramos hoxe a victoria de Cristo sobre a morte. Os vivos e os defuntos somos un só corpo. Eles e nós unímonos na oración con Cristo, cabeza do corpo que é a Igrexa. Pedimos para os defuntos a paz eterna e para nós a esperanza do ceo.

Cando o día 2 de novembro cae en domingo, celébrase a Conmemoración de tódolos fieís defuntos, empregando as misas que seguen:

### I

### Antífona de entrada — 1 Tes 4, 14; 1 Cor 15, 22

Así como Xesús morreu e resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con el os que xa morreron. Igual que todos morren por Adán, así tamén por Cristo todos revivirán. Aleluia.

### Oración

Señor, escoita con bondade as nosas pregarias.
Fai que, ó profesármo-la nosa fe no teu Fillo,
a quen ti resucitaches de entre os mortos,
aumente en nós a esperanza
de que tamén un día resucitarán os teus fillos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, celebramos este sacramento,
que nos une ó amor do teu Fillo.
Acepta as nosas ofrendas
e fai que os nosos irmáns defuntos
estean unidos con el na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Xn 11, 25-26

«Eu son a resurrección e a vida, di o Señor. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min non morrerá endexamais.»

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de celebrar este sacramento pascual
polos nosos irmáns defuntos.
Lévaos contigo á mansión da luz e da paz.
Por Cristo, noso Señor.

## II

### Antífona de entrada — Cf. 4 Esd 2, 34. 35

Dálles, Señor, o descanso eterno; brille sobre eles a luz perpetua.

### Oración

Deus, gloria dos fieis e vida dos xustos,
ti redimíchesnos coa morte e resurrección do teu Fillo.
Apiádate dos teus fillos defuntos
e concédelles participar agora
nos gozos da felicidade eterna
pois profesaron a fe no misterio da nosa resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus omnipotente e misericordioso,
pola celebración deste sacrificio,
fai que o sangue de Cristo
purifique dos seus pecados os nosos irmáns defuntos.
Ti, que os lavaches xa coa auga do bautismo,
acólleos para sempre purificados pola túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Cf. 4 Esd 2, 35. 34

Brille sobre eles, Señor, a luz eterna, cos teus santos para sempre, porque ti es compasivo. Dálles, Señor, o descanso eterno e brille sobre eles a luz perpetua, cos teus santos para sempre, porque ti es compasivo.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo sacramento do teu Fillo,
que foi crucificado por nós
e resucitou glorioso.
Pedímosche humildemente polos teus fillos defuntos,
para que, purificados polo misterio pascual,
alcancen a gloria da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

## III

### Antífona de entrada — Cf. Rm 8, 11

Deus, que resucitou a Xesús de entre os mortos, vivificará os nosos corpos mortais, polo seu espírito que habita en nós.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches que o teu Fillo triunfase sobre a morte
e leváchelo á gloria do teu reino.
Concédelles ós teus fillos defuntos
que, superada a condición desta vida mortal,
te poidan contemplar eternamente coma creador e redentor.
Polo noso Señor Xesuscristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bos ollos esta oblación
que che presentamos por tódolos teus fillos
que dormen en Cristo.
Fai que, liberados dos vencellos da morte
pola forza deste sacrificio,
poidan chegar á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

## Antífona da comunión

Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El ha transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

## Oración despois da comunión

Señor, por este sacramento que acabamos de recibir,
deita xenerosamente a túa misericordia
sobre os teus fillos defuntos.
A cantos lles concedíche-la gracia do bautismo,
dálles tamén a plenitude dos gozos eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Día 3 de novembro

## San Martiño de Porres, relixioso

Naceu de pai español e de nai negra en Lima (Perú) o ano 1579. Aprendeu de novo a arte da medicina, que exerceu despois amplamente en favor dos pobres ó ingresar na Orde dos Predicadores. Levou unha vida mortificada e humilde, e foi especialmente devoto da eucaristía. Morreu o ano 1639.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti conduciches a san Martiño de Porres
á gloria do ceo polo camiño da humildade.
Concédenos imitar nesta vida o seu exemplo,
para que merezamos ser enaltecidos con el na gloria do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 4 de novembro

## San Carlos Borromeo, bispo

Memoria

Naceu en Arona (Lombardía) o ano 1538. Despois de consegui-lo doutoramento en ambos dereitos, foi agregado ó colexio de cardeais polo seu tío Pío IV e nomeado bispo de Milán. Convertido en verdadeiro pastor do seu rabaño, recorreu moitas veces a diócese enteira, convocou sínodos, traballou arduamente pola salvación das almas, promovendo intensamente os costumes cristiáns. Morreu o 3 de novembro de 1584.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, mantén vivo no teu pobo
o espírito que animou o bispo san Carlos.
Fai que a túa Igrexa se renove sen cesar
e se faga máis conforme ó modelo de Xesucristo
e lle mostre así ó mundo o rostro do teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que presentamos no teu altar
ó celebrármo-la festa de san Carlos.
Ti fixeches del un modelo de traballo pastoral
e de virtudes cristiás.
Pola forza deste sacrificio,
fai que tamén nós practiquemos xenerosamente as boas obras.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que a participación neste santo sacrificio
nos dea a fortaleza de alma
que fixo de san Carlos
un pastor fiel e un modelo de caridade.
Por Cristo, noso Señor.

Día 9 de novembro

## DEDICACIÓN DA BASÍLICA DE LETRÁN

Festa

A basílica de San Xoán de Letrán remóntase ó tempo da paz constantiniana. É a sé do bispo de Roma e cabeza e nai de tódalas igrexas. Nela brilla especialmente a unidade da Igrexa católica.

Do Común da dedicación dunha igrexa (p. 815, ou p. 817).

Día 10 de novembro

## San León Magno, papa e doutor da Igrexa

Memoria

Elevado á cátedra de Pedro o ano 440, foi un verdadeiro pastor e pai das almas. Empeñouse en asentar de tódalas maneiras a pureza da fe e defendeu decididamente a unidade da Igrexa; rechazou ou contrarrestou no posible as incursións dos bárbaros. Fíxose merecente con toda xusticia de ser chamado Magno. Morreu o ano 461.

Do Común dos pastores: papas (p. 840) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti nunca permites que as forzas do mal
poidan máis cá túa Igrexa,
fundada como está nos alicerces da pedra apostólica.
Concédenos, pola protección do papa san León,
manternos firmes na verdade
e gozarmos sempre da paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ilumina con bondade a túa Igrexa
por estes dons que che presentamos.
Fai que medre o teu rabaño no mundo enteiro
e que os seus pastores, guiados por ti,
merezan sempre o teu beneplácito.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración depois da comunión

Señor, goberna con piedade a túa Igrexa,
que se sostén con esta mantenza santa.
Fai que, guiada pola túa man poderosa,
dispoña sempre de maior liberdade
e se manteña na fe verdadeira.
Por Cristo, noso Señor.



# SAN MARTIÑO

SAN MARTIÑO.
PATRONO DA DIÓCESE DE OURENSE
*Retábulo maior da Catedral de Ourense (s. XVI).*

No mesmo retábulo da Igrexa maior de Ourense, a onde chegaron de Tours algunhas das súas reliquias, san Martiño ten a súa esplendorosa sé, servido liturxicamente por catro diáconos.

Dia 11 de novembro

# SAN MARTIÑO DE TOURS, BISPO, PATRONO DA DIÓCESE DE OURENSE

Na diócese de Ourense: Solemnidade
Nas outras diócesis: Memoria

Nacer no Panonia acontor do ano 316, de pais sentio. Despois de recibir-lo bautismo deixou as armas e levou vida monástica baixo a dirección de san Hilario. Posteriormente ordenouse sacerdote e foi ofrecido bispo de Tours. Ora exemplo de ho pastor, fundou diversos monasterios, formou os crogos e evangelizou os pobres. Morreu o ano 397.

A veneración de san Martiño adquiriu unha en toda a cristiandade unha moi grande nova, que foi especialmente sinalada no reino suevo de Galicia, e vencella la conversión dos suevos á fe cristiá con milagreira protección do santo de Tours. Foi Martiño de Bastón, entre suevos, quen trouxo a Galicia desde a Igreja de Tours as reliquias de san Martiño e propagou nestas terras a devoción á santo do seu mesmo nome. Na súa honra, moi pronto, levantouse una Igreja na cidade de Ourense, que os tempo se la convertiu na actual catedral, única en España aficada a san Martiño de Tours.

## Antífona de entrada — I Sam 2, 35

«Farei recibir un sacerdote que me sera fiel e que actúe conforme la desenso do meu corazón», di o Señor.

## Oración

Deus, nosso Pai,
ti mostrácheste grande
tanto na vida como na morte do bispo san Martiño.
Renova as maravillas da túa gracia nos nosos corazóns,
para que nin a vida nin a morte
nos poidan arredar do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, nosso Deus,
santifica estas ofrendas que che presentamos con alegría
na festa de san Martiño.
Fai que esta Eucaristía guíe a nosa vida,
tanto na prosperidade como na desgracia.
Por Cristo, nosso Señor.

Prefacio dos santos pastores, p. 495.

### Antífona da comunión — Mt 25, 40

Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, comigo o fixestes.

### Oración despois da comunión

Señor, ti, que nos renovaches con este sacramento da unidade,
axúdanos a cumprir en todo a túa vontade.
Fai que, así como san Martiño se entregou totalmente ó teu servicio,
tamén nós sintámo-la alegría
de pertencermos por completo a ti.
Por Cristo, noso Señor.

Día 12 de novembro

## San Xosafat, bispo e mártir

Memoria

Naceu en Ucrania, polo ano 1580, de pais ortodoxos. Abrazou a fe católica e ingresou na Orde de san Basilio. Foi promovido ó sacerdocio e elixido bispo de Polock; traballou extraordinariamente pola unidade da Igrexa. Foi condenado a morte polos seus enemigos e conseguiu o martirio no ano 1623.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, aviva na túa Igrexa
o Espírito que lle deu a san Xosafat
o valor de entrega-la vida polo seu pobo.
Pola súa intercesión,
fai que ese mesmo Espírito nos fortaleza
para non termos medo a da-la vida polos nosos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Pai misericordioso,
bendice estas ofrendas e confírmanos na túa fe,
a fe que san Xosafat testemuñou vertendo o seu sangue.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que esta Eucaristía
nos encha co teu espírito de fortaleza e de paz.
Fai que, seguindo o exemplo de san Xosafat,
gastémo-la nosa vida
traballando pola honra e unidade da Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Día 13 de novembro

## San Leandre, bispo

Leandre, arcebispo de Sevilla, irmán dos santos Fulxencio, Florentina e Isidoro, presidiu o Concilio III de Toledo (ano 589), no que se acadou a conversión do rei visigodo Recaredo e a unidade católica da nación. Morreu polo ano 600 e o seu corpo foi trasladado á catedral hispalense.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos santos (p. 859).

### Oración

Señor, ti fixeches do teu santo bispo Leandre
un defensor insigne da fe íntegra da Igrexa.
Pola súa intercesión, concédelle ó teu pobo
permanecer sempre na verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 15 de novembro

## San Alberte Magno, bispo e doutor da Igrexa

Naceu en Lavingen, á beira do Danubio (Alemania), polo ano 1206. Fixo os seus estudios en Padua e París. Admitido na Orde dos Predicadores, desempeñou a docencia co moito xeito en moitos sitios. Foi consagrado bispo de Ratisbona e traballou constantemente en reafirma-la paz entre os pobos e cidades. Escribiu con singular mérito moitos traballos para proveito da cultura sagrada e profana. Morreu en Colonia o ano 1280.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti fixeches que o santo bispo Alberte
merecese o nome de Magno,
porque soubo concilia-la ciencia humana e a fe divina.
Concédenos seguir de tal xeito o seu maxisterio,
que co progreso da ciencia humana
te coñezamos e amemos cada vez máis.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 16 de novembro

## Santa Margarida de Escocia

Naceu en Hungría polo ano 1046, cando o seu pai vivía alí desterrado. Reintegrada a Inglaterra, casou con Malcom III, rei de Escocia, e tivo oito fillos. Foi exemplo admirable de nai e de raíña. Morreu en Edimburgo o ano 1093.

Do Común dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti fixeches brillar a santa Margarida
polo seu admirable amor ós pobres.
Fai que, polo seu exemplo e intercesión,
tamén nós sexamos un signo vivo da túa bondade entre os homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 16 de novembro

## Santa Xertrude, virxe

Naceu en Eisleben (Turinxia) o ano 1256; de moi nova, ó amparo das monxas cistercienses de Helfta, dedicouse con constancia ó estudio, chegando a domina-la literatura e a filosofía. Consagrouse ó Señor e recorreu maravillosamente o camiño da perfección, entregándose á oración e á contemplación. Morreu o 17 de novembro do 1301.

Do Común das virxes (p. 855) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti convertíche-lo corazón de santa Xertrude
en morada do teu amor.
Polo seu valemento, ilumina as tebras do noso corazón,
para que poidamos experimenta-la alegría da túa presencia
e a forza da túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 17 de novembro

## Santa Isabela de Hungría

Memoria

Naceu o ano 1207, filla do rei Andrés; cando aínda era nova, casou con Luís, landgrave de Turinxia, e foron tres os seus fillos. Dedicada á meditación das cousas celestiais e abrazando a pobreza despois de lle morre-lo home, fundou un hospital no que ela mesma servía os pobres. Morreu en Marburgo, o ano 1231.

Do Común dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Señor, noso Deus,
ti concedícheslle a santa Isabela
a gracia de recoñecer e honrar a Cristo nos pobres.
Pola súa intercesión, concédenos tamén a nós
servir con amor xeneroso os pobres e asoballados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 18 de novembro

# Dedicación das basílicas dos apóstolos San Pedro e San Paulo

A basílica de San Pedro do Vaticano elévase sobre o sartego do apóstolo Pedro e nela, entre outros acontecementos importantes da Igrexa, celebráronse os concilios: Vaticano I, no século XIX, e o Vaticano II, na segunda metade do XX.

A basílica de San Paulo, fora das murallas de Roma, na vía Ostiense, edificouse onde foi decapitado san Paulo.

Estas duas basílicas son testemuñas da fe que predicaron os apóstolos.

## Antífona de entrada — Cf. Sal 44, 17-18

Constituíchelos príncipes de toda a terra. Proclamaron a túa sona por tódalas xeracións; por iso tódolos pobos te louvarán por sempre xamais.

## Oración

Señor, defende a túa Igrexa coa protección dos apóstolos.
Por eles recibiu os comezos da fe,
fai que tamén por eles medre na gracia
deica a fin do mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas ofrendas coas que te honramos
e acolle as oracións
coas que invocámo-la túa clemencia.
Mantén viva nos nosos corazóns
a verdade que recibimos polo ministerio
dos apóstolos Pedro e Paulo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I dos apóstolos, p. 490.

## Antífona da comunión — Xn 6, 69-70

Señor, ti tes palabras de vida eterna e nós cremos que ti e-lo Cristo, o Fillo de Deus.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáche-lo teu pobo co pan da vida.
Concédenos celebrar con alegría
a festa dos apóstolos Pedro e Paulo,
que ti nos deches coma protectores.
Por Cristo, noso Señor.

Día 21 de novembro

## Presentación da Virxe María

Memoria

A Virxe María, sendo nena, segundo a tradición, foi presentada ó Señor no templo de Xerusalén. María é o verdadeiro templo do Señor, figura da Igrexa e dos corazóns dos cristiáns nos que habita o Espírito do Señor.

Do Común da Virxe santa María (p. 820).

### Oración

Señor, celebrámo-la festa gloriosa
da presentación da santa Virxe María.
Pola súa intercesión,
concédenos que tamén nós poidamos participar
da plenitude da túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 22 de novembro

## Santa Cecilia, virxe e mártir

Memoria

Aínda que son incertas as noticias sobre a súa persoa, a súa época e a súa morte, consta, non obstante, que xa no século V se lle daba culto en Roma. Hoxe está considerada en moitos países patrona da música.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Señor, atende con piedade as nosas pregarias
e dígnate escoitalas pola intercesión de santa Cecilia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 23 de novembro

## San Clemenzo I, papa e mártir

Clemenzo foi o terceiro sucesor de san Pedro ó frente da Sé romana. Escribiu unha insigne carta á comunidade de Corinto, para restaura-la paz e a concordia entre os fieis daquela comunidade.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
a túa gloria brilla na grandeza de tódolos santos.
Fai que nos alegremos nesta festa anual de san Clemenzo,
sacerdote e mártir do teu Fillo,
que deu fe co seu martirio dos misterios que celebraba
e confirmou co exemplo o que predicaba de palabra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

O mesmo día 23 de novembro

## San Columbano, abade

Naceu na primeira metade do século VI, en Irlanda, e educouse nas ciencias sagradas e profanas. Abrazou a vida monástica, pasou a Francia e fundou moitos mosteiros, que gobernou con austera disciplina. Foi desterrado e marchou a Italia, onde fundou o mosteiro Bobiense. Con grandes méritos na súa vida cristiá e monástica, morreu no ano 615.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849) ou dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti harmonizaches maravillosamente en san Columbano
o servicio da evanxelización coa dedicación á vida monástica.
Polo seu exemplo e intercesión,
concédenos que te busquemos por riba de todo
e nos esforcemos en facer medra-lo teu pobo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 30 de novembro

# SAN ANDRÉS, APÓSTOLO

Festa

Andrés naceu en Betsaida. Primeiro foi discípulo de Xoán Bautista e despois seguiu a Cristo, a quen presentou tamén a seu irmán Pedro. El e mais Filipe foron os que levaron cabo de Xesús uns gregos, e o mesmo Andrés foi o que presentou o neno que tiña uns pans e uns peixes. Segundo di a tradición, despois de Pentecostés predicou o Evanxelio en moitas rexións e foi crucificado en Acaia.

## Antífona de entrada — Cf. Mt 4, 18-19

O Señor viu na beira do mar de Galilea dous irmáns, Pedro e mais Andrés, e díxolles: «Vinde comigo; fareivos pescadores de homes.»

## Oración

Deus todopoderoso,
acolle as oracións que che presentamos
na festa do apóstolo san Andrés.
Ti chamáchelo para ser predicador e guía da túa Igrexa:
que el sexa sempre o noso valedor na túa presencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
concédenos que estas ofrendas presentadas na festa de san Andrés
che sexan agradables a ti e renoven a vida dos que as reciben.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

## Antífona da comunión — Xn 1, 41-42

Díxolle Andrés a seu irmán Simón: «Atopámo-lo Mesías (que quere dicir "Unxido").» E levouno onda Xesús.

## Oración despois da comunión

Señor, que a participación no teu sacramento nos dea forza
e nos axude a segui-lo exemplo de san Andrés.
Fai que, compartindo coma el a morte de Cristo,
merezamos vivir tamén na súa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

# DECEMBRO

Día 1 de decembro

## ANIVERSARIO DA DEDICACIÓN DA SANTA IGREXA CATEDRAL DE TUI

Na Basílica: Solemnidade
Na diócese de Tui-Vigo: Festa

Xa no século IV aparecen nomes de bispos desta sé episcopal de Tui. No 1071 consta a existencia dunha Igrexa Catedral adicada a santa María. Baixo o pontificado do bispo Pelaxio (1131-1155) faise o proxecto dun novo templo, que no ano 1180 se estaba a executar, sendo consagrado no 1232 durante o pontificado de Estevo Exea.

Todo do Común da dedicación dunha igrexa, no cabodano da dedicación (p. 815).

Día 3 de decembro

## San Francisco Xavier, presbítero

Memoria

Naceu no castelo de Xavier (Navarra) no ano 1506. Cando estudiaba en París xuntouse ó grupo de san Ignacio. Foi ordenado sacerdote en Roma no ano 1537 e dedicouse a obras de caridade. No ano 1541 foise para o Oriente. Evanxelizou incansablemente a India e o Xapón durante dez anos e converteu moitos á fe. Morreu o ano 1552 na illa de Sanchón, ou Sancián, preto xa de China.

Do Común dos pastores: misioneiros (p. 849).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti convertiches moitos pobos
coa predicación de san Francisco Xavier.
Dálles a tódolos bautizados
o mesmo entusiasmo por extende-la fe
e fai que a túa Igrexa se alegre
de ver nacer sempre novos fillos por toda a terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos
na festa de san Francisco Xavier,
que pola salvación dos homes
foi lonxe ata outros pobos.
Fai que tamén nós sexamos testemuñas eficaces do Evanxelio
e poñámo-lo noso interese en chegarmos a ti
xunto con moitos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que estes misterios acendan en nós
o amor afervoado que alentou a san Francisco Xavier
para entrega-la súa vida pola salvación dos homes.
Fai que, camiñando máis en conformidade coa nosa vocación cristiá,
recibamos, xunto con el,
o premio prometido ós bos traballadores.
Por Cristo, noso Señor.

Día 4 de decembro

## San Xoán Damasceno, presbítero e doutor da Igrexa

Naceu en Damasco na segunda metade do século VII, no seo dunha familia cristiá. Era moi bo coñecedor da filosofía. Ingresou no mosteiro de San Sabas, preto de Xerusalén, e foi ordenado sacerdote. Escribiu moitas obras teolóxicas, especialmente contra os iconoclastas. Morreu pola metade do século VIII.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Señor, en san Xoán Damasceno
déchesslle á Igrexa un mestre insigne da verdadeira fe.
Fai que, pola súa intercesión,
esa fe sexa sempre
a nosa luz e a nosa fortaleza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 6 de decembro

## San Nicolao, bispo

Foi bispo de Mira, en Licia (hoxe Turquía), e morreu pola metade do século IV. Foi venerado por toda a Igrexa, maiormente desde o século X.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Señor, implorámo-la túa misericordia
na festa do bispo san Nicolao.
Rogámosche que, pola súa intercesión,
nos libres de todo perigo
e nos guíes polo camiño da salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 7 de decembro

## San Ambrosio, bispo e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Tréveris polo ano 340, no seo dunha familia romana. Fixo os seus estudios en Roma e principiou unha brillante carreira en Sirmio. No ano 374, residindo el en Milán, foi elixido bispo daquela cidade dunha maneira inesperada e ordenárono o 7 de decembro. Cumpriu sempre moi ben co seu oficio e distinguiuse, sobre todo, pola súa caridade con todos, como verdadeiro pastor e doutor dos fieis. Defendeu valentemente os dereitos da Igrexa e cos seus escritos e a súa actividade ilustrou a doctrina verdadeira, combatida polos arrianos. Morreu un Sábado Santo, o 4 de abril do 397.

Do Común dos pastores: bispos (p. 842) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches do bispo san Ambrosio un doutor da fe católica
e un exemplo de fortaleza apostólica.
Fai xurdir na túa Igrexa homes conforme ó teu corazón,
que a gobernen con firmeza e sabiduría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, veña sobre nós o teu Santo Espírito
na celebración destes sagrados misterios.
Fai que nos encha coa mesma luz da fe
que fixo de san Ambrosio un ardente apóstolo da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, na festa de san Ambrosio
renováchesnos coa forza deste sacramento.
Axúdanos a segui-las súas ensinanzas,
para que sigámo-los teus camiños
e cheguemos á festa da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Día 8 de decembro

## INMACULADA CONCEPCIÓN DA VIRXE MARÍA

Solemnidade

No 1854 o papa Pío IX declarou dogma de fe a Inmaculada Concepción de santa María Virxe, que viña celebrándose de séculos na Igrexa. A gracia de Deus conservou a María limpa de todo pecado desde o instante da súa concepción para facer dela unha digna morada do seu Fillo unixénito. A Igrexa espera chegar ser, tamén ela, a esposa gloriosa de Deus, sen mancha nin enruga, santa e inmaculada.

### Antífona de entrada — Is 61, 10

Brinco de alegría no Señor, alégrase a miña alma no meu Deus, porque me cubriu cun vestido de salvación e me envolveu nun manto de santidade, coma unha esposa adornada cos seus adubíos.

## Oración

Señor, ti preparaches pola Concepción Inmaculada da Virxe María
unha morada digna para o teu Fillo
e fixéchela participar de antemán na salvación.
Pola súa intercesión,
concédenos tamén a nós vivir limpos de pecado
para alcanza-la túa presencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Dise o Credo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bos ollos
a ofrenda que che presentamos
na festa da Inmaculada Concepción da Virxe María.
Nós proclamamos que a túa gracia
a preservou sempre limpa de pecado.
Fai que pola súa intercesión
tamén nós sexamos liberados
de tódalas nosas culpas.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O MISTERIO DE MARÍA E DA IGREXA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti preserváche-la Virxe María
de toda mancha de pecado orixinal
e enriquecíchela coa plenitude da túa gracia,
para lle preparares ó teu Fillo unha nai digna
e para que fose o comezo dunha Igrexa
sen mancha nin enruga,
esposa radiante para el.
Porque purísima había se-la Virxe
que nos dese coma Fillo o Año inocente
que ía borra-los nosos pecados.
Elixíchela a ela por enriba de todos con especial amor,
como abogada da gracia
e modelo de santidade.

Por iso, en unión con tódolos coros dos anxos,
aclamámoste cheos de alegría, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión

Cousas gloriosas se teñen dito de ti, María, porque de ti naceu o sol da xusticia, Xesucristo, o noso Deus.

## Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
ti escollíche-la Virxe María
e preserváchela limpa do pecado orixinal.
Polo sacramento que acabamos de recibir
cúranos tamén a nós das feridas que nos deixou ese pecado.
Por Cristo, noso Señor.

Día 10 de decembro

## Santa Baia (Eulalia) de Mérida, virxe e mártir

Eulalia, nacida dunha familia de nobre liñaxe, fíxose máis famosa aínda pola súa morte extraordinaria. Naceu en Mérida a fins do século III. Prudencio ofrécenos unha descripción moi bonitiña do seu martirio, que coincide admirablemente coas Actas escritas por unha testemuña ocular. Despois de ser cruelmente torturada, morreu á idade de doce anos, un día 10 de decembro.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Deus, fonte de tódolos bens,
para nos levares á confesión do teu nome
recorres mesmo ó martirio dos nenos.
Fai que a túa Igrexa, alentada polo martirio de santa Baia,
non teña medo de sufrir por ti
e viva co desexo da gloria eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 11 de decembro

## San Dámaso I, papa

Foi español de orixe e naceu arredor do ano 305. Estaba incardinado en Roma cando foi elixido bispo daquela cidade o ano 366, nuns momentos de moitas calamidades. Tivo que organizar cada pouco sínodos contra os cismáticos e herexes e foi un grande promotor do culto dos mártires, ós que lles adubiou os sepulcros con fermosos versos. Morreu o ano 384.

Do Común dos pastores: papas (p. 840).

### Oración

Señor, o papa san Dámaso
distinguiuse polo seu amor ós mártires
e promoveu con entusiasmo o seu culto.
Concédenos que tamén nós, seguindo o seu exemplo,
honremos ós que deron a súa vida pola fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 12 de decembro

## Santa Xoana Francisca de Chantal, relixiosa

Naceu o ano 1572 en Dijon (Francia). Casou co barón de Chantal e tivo seis fillos, que educou esmeradamente. Desde que morreu o seu home, levou unha vida admirable de perfección, coa axuda de san Francisco de Sales; dedicouse sobre todo á caridade cos pobres e enfermos. Fundou o Instituto da Visitación e gobernouno sabiamente. Morreu o ano 1641.

Do Común dos santos: relixiosos (p. 864).

### Oración

Señor, ti adornaches con virtudes extraordinarias
a santa Xoana Francisca
na vida familiar e na monástica.
Polo seu valemento,
concédenos vivir fielmente a nosa vocación
e dar sempre exemplo de vida santa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 13 de decembro

## Santa Lucía, virxe e mártir

Memoria

Morreu, probablemente, en Siracusa durante a persecución de Diocleciano. O seu culto espallouse desde a antigüidade por case toda a Igrexa e o seu nome foi introducido no Canon romano.

Do Común dos mártires (p. 833) ou das virxes (p. 855).

### Oración

Señor, que nos protexa sempre
a gloriosa intercesión de santa Lucía, virxe e mártir.
Fai que os que aquí na terra celebrámo-lo seu martirio
contemplémo-la súa gloria no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 14 de decembro

## San Xoán da Cruz, presbítero e doutor da Igrexa

Memoria

Naceu en Fontiveros (provincia de Ávila) polo ano 1542. Despois de pasar algúns anos na Orde dos Carmelitas, foi o primeiro que, por influxo de santa Teresa de Xesús, a partir do 1568 se declarou a favor da reforma da Santa e por mor desa reforma pasou por moitísimos sufrimentos e traballos. Morreu en Úbeda o ano 1591 con grande sona de santidade e sabiduría, das que son unha testemuña preciosa os seus escritos espirituais.

### Antífona de entrada — Gál 6, 14

Pero a min Deus me libre de me gloriar de algo que non sexa a cruz do noso Señor Xesucristo, na que o mundo está crucificado para min como eu para o mundo.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle a san Xoán da Cruz
unha perfecta abnegación de si mesmo e un amor extraordinario á cruz.
Concédenos seguir de cerca os seus pasos
para podermos chegar á contemplación eterna da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
mira con bos ollos as ofrendas que che presentamos
na festa de san Xoán da Cruz.
Fai que, cantos celebrámo-los misterios da paixón do Señor,
imitemos na vida o que agora celebramos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 16, 24

«Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz e me siga», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti ilustraches maravillosamente o misterio da cruz
coa vida de san Xoán.
Concédenos que, fortalecidos por este sacrificio,
manteñámo-la nosa fidelidade a Cristo
e traballemos na Igrexa pola salvación de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

Día 21 de decembro

## San Pedro Canisio, presbítero e doutor da Igrexa

Naceu o ano 1521 en Nimega (Holanda). Estudiou en Colonia e entrou na Compañía de Xesús. Foi ordenado sacerdote o ano 1546. Destinárono a Alemania, onde desenrolou unha valente laboura a favor da fe católica cos seus escritos e predicación. Publicou numerosas obras, entre as que destaca o seu «Catecismo». Morreu en Friburgo, de Suíza, o ano 1597.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos doutores da Igrexa (p. 853).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixéche-lo santo presbítero Pedro Canisio
forte na virtude e na doctrina para defende-la fe católica.
Pola súa intercesión,
fai que cantos buscan a verdade teñan a alegría de te encontrar
e que os que cren en ti se manteñan firmes na profesión da fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 23 de decembro

## San Xoán de Kety, presbítero

Naceu en Kety, de Cracovia, o ano 1390. Ordenouse sacerdote e foi por moitos anos profesor na universidade de Cracovia. Despois rexentou a parroquia de Ilkus. Á fe que expoñía con acerto desde a súa cátedra, xuntou grandes virtudes, sobre todo a piedade e a caridade co próximo, ata se converter nun modelo para os seus colegas e discípulos. Morreu o ano 1473.

Do Común dos pastores (p. 844) ou dos santos: os que practicaron a misericordia (p. 866).

### Oración

Deus todopoderoso,
que o exemplo de san Xoán de Kety
nos axude a progresar na sabiduría dos santos:
que, practicando a caridade con todos, consigámo-lo teu perdón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 26 de decembro

# SANTO ESTEVO, PROTOMÁRTIR

Festa

É un dos sete diáconos elixidos polos apóstolos para o servicio da comunidade. Morreu apedreado pola confesión de fe que fixo ante os verdugos entre os que se encontraba Saulo, quen despois chegaría ser o apóstolo san Paulo.

## Antífona de entrada

Abríronselle as portas do ceo a santo Estevo, que foi o primeiro de tódolos mártires. Por iso triunfa xa coroado no ceo.

## Oración

Señor, celebrámo-lo martirio de santo Estevo,
que chegou a rezar polos mesmos que o perseguían.
Fai que imitémo-lo seu testemuño
e amémo-los nosos enemigos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe con agrado os dons que hoxe che presentamos
ó conmemorármo-lo glorioso martirio de santo Estevo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión — Feit 7, 58

Acantazaban a Estevo, mentres el rezaba así: «Señor Xesús, recibe o meu espírito.»

## Oración despois da comunión

Señor, dámosche gracias
pola xenerosidade da túa misericordia connosco.
Ti sálvasnos co nacemento do teu Fillo
e alégrasnos coa festa do mártir santo Estevo.
Por Cristo, noso Señor.

Día 27 de decembro

# SAN XOÁN, APÓSTOLO E EVANXELISTA

Festa

Xoán, irmán de Santiago, fillo do Zebedeo, foi dos tres que acompañaron ó Señor na transfiguración e no xardín de Getsemaní. Na derradeira cea reclinou a cabeza no peito de Xesús e fóronlle revelados os segredos divinos. Ó pé da cruz recibiu, coma nai, a Virxe María. Xoán é o autor do carto Evanxelio e de tres epístolas. Morreu xa vello, segundo a tradición, en Éfeso ensinando ós seus fieis o mandamento do amor.

## Antífona de entrada

Este é Xoán, que na última cea se recostou sobre o peito do Señor; benia ó apóstolo a quen se lle manifestaron os segredos celestes e que espallou polo mundo adiante as palabras da vida.

Ou: Sir 15, 5

No medio da asamblea púxolle o Señor a palabra na boca. Encheuno de espírito de sabiduría e intelixencia; cubriuno cun vestido de gloria.

## Oración

Deus, noso Pai,
ti reveláchesno-los misterios do teu Verbo
por medio do apóstolo san Xoán.
Fai que cheguemos a comprender
o que el tan maravillosamente nos predicou.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica estes dons que che presentamos.
Que esta santa cea,
que foi para o apóstolo san Xoán fonte de revelación,
nos axude tamén a nós
a penetrar no misterio do Verbo eterno.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

## Antífona da comunión Xn 1, 14. 16

E a Palabra fíxose carne e plantou entre nós a súa tenda e da súa abundancia recibimos todos nós.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
o apóstolo san Xoán predicou a boa nova
do teu Verbo feito home.
Por esta Eucaristía que acabamos de celebrar,
fai que habite sempre entre nós.
Por Cristo, noso Señor.

Día 28 de decembro

## OS SANTOS INOCENTES, MÁRTIRES

Festa

Os santos nenos inocentes de Belén pasaron do colo das nais ó regazo de Deus, noso Pai. Confesan a Deus coa morte, non de palabra. Morreron por Cristo e acompañan o Año de Deus onde queira que vaia.

### Antífona de entrada

Os nenos inocentes morreron por Cristo; van detrás do Año inmaculado e pregoan a cotío: «Gloria a ti, Señor.»

### Oración

Señor, os mártires Inocentes pregoan hoxe a túa gloria,
non falando, senón morrendo por ti.
Fai que tamén nós levemos á práctica coa vida
a fe que pregoamos coa palabra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle estes dons que che presentamos.
Ti queres que os teus misterios sexan fonte de salvación
mesmo para aqueles que aínda non te poden coñecer:
fai que nos purifiquen tamén a nós,
que os celebramos con devoción.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Nadal, pp. 445-447.

### Antífona da comunión

Ap 14, 4

Estes foron rescatados de entre os homes, como ofrenda de primicias para Deus e para o Año; estes acompañan o Año onde queira que vaia.

### Oración despois da comunión

Señor, mesmo antes de poderen confesar de palabra o teu Fillo,
os santos Inocentes foron coroados de gloria
pola gracia do seu nacemento.
A Eucaristía que recibimos nesta festa,
nos conceda tamén ós teus fieis a abundancia da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Día 29 de decembro

## San Tomás Becket, bispo e mártir

Naceu en Londres o ano 1118, foi crego de Canterbury e chanceler do reino. No ano 1162 foi elixido bispo. Defendeu valentemente os dereitos da Igrexa contra Henrique II, que o condenou ó desterro en Francia durante seis anos. De volta na súa terra, tivo que sufrir aínda moitísimas dificultades, ata que os do bando do rei o asasinaron o ano 1170.

Do Común dos mártires (p. 833) ou dos pastores: bispos (p. 842).

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslle ó mártir san Tomás Becket
a fortaleza de entrega-la vida
pola xusticia e pola liberdade da Igrexa.
Concédenos, pola súa intercesión,
que sacrifiquémo-la nosa vida por Cristo neste mundo,
para que así poidamos atopala no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Día 31 de decembro

# San Silvestre I, papa

Foi elixido bispo da Sé romana no ano 314 e gobernou a Igrexa baixo o imperio de Constantino o Grande. Durante ese tempo, o cisma donatista e o erro arriano ocasionaron graves tribulacións á Igrexa. Morreu o ano 355 e foi sepultado no cemiterio de Priscila, na vía Salaria.

Do Común dos pastores: papas (p. 840).

## Oración

Señor, axuda o teu pobo,
que confía na intercesión do papa san Silvestre.
Fai que, vivindo esta vida baixo a túa guía,
poida chegar á felicidade da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

# MISAS COMÚNS

1. Por comodidade, en cada un dos Comúns póñense unhas cantas misas con tódolos seus elementos, é dicir, coas antífonas e coas oracións.

Con todo, estalle permitido ó sacerdote, se o cre conveniente, cambiar entre si as antífonas e as oracións dun mesmo Común, escollendo de entre os mesmos textos os que parezan vir máis ó caso pastoralmente.

Ademais, nas misas de «memoria», as oracións sobre as ofrendas e as de despois da comunión pódense coller dos mesmos Comúns ou das ferias do tempo litúrxico respectivo.

2. No Común dos mártires e no Común dos santos e das santas, tódalas oracións referidas ós santos pódense usar tamén para as santas.

3. En cada un dos Comúns os textos presentados en forma singular pódense empregar sempre para varios, cambiando o número. Do mesmo xeito, uns textos que aparecen en plural pódense empregar para un, cambiando igualmente o número.

4. As misas que se sinalen para determinados tempos ou circunstancias, deben usarse tan só para eses tempos e circunstancias.

5. No tempo pascual, ó final das antífonas de entrada e da comunión, engádese un só Aleluia.

6. Nas solemnidades e nas festas, pódese dicir unha das antífonas de libre elección que se propoñen máis adiante (p. 871).

# COMÚN DA DEDICACIÓN DUNHA IGREXA

## NO DÍA DA DEDICACIÓN

Os textos das misas «No día da dedicación» e tamén «Na dedicación dun altar» están entre as misas rituais (pp. 921-928).

## NO CABODANO DA DEDICACIÓN

### A. Na mesma Igrexa dedicada

**Antífona de entrada** Sal 67, 36

Grande e admirable é Deus no seu santuario. O Deus de Israel é quen dá ó seu pobo forza e vigor. ¡Bendito sexa Deus!

**Oración**

Deus, noso Pai,
cada ano ti concédesnos celebra-lo día
da consagración desta santa igrexa.
Escoita as pregarias do teu pobo
e fai que o que aquí se che ofrece sexa sempre digno
e nos leve á plenitude da salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, hoxe conmemorámo-lo día
no que quixeches enche-la túa casa coa gloria da túa santidade.
Fai de nós mesmos unha ofrenda
que sexa sempre grata ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

**Prefacio**

O MISTERIO DO TEMPLO DE DEUS, QUE É A IGREXA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Porque nesta casa visible,
que ti nos concediches edificar
e onde decote axúda-la túa familia
que peregrina cara a ti,
manifestas e realizas admirablemente
o misterio da túa comunión connosco.
Aquí edifíca-lo templo vivo que nós somos
e fas medra-la túa Igrexa espallada polo mundo
para que sexa nel o corpo do Señor,
ata chegar á súa plenitude
na visión da paz, na Xerusalén celeste.

Por iso, Señor, te celebramos
no templo da túa gloria
e, con tódolos anxos e santos,
te louvamos e glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — 1 Cor 3, 16-17

Sóde-lo santuario de Deus e o Espírito de Deus habita dentro de vós. O santuario de Deus é santo; e ese santuario sódelo vós.

### Oración despois da comunión

Señor, que o pobo que che está consagrado
recolla os froitos e os gozos da túa bendición.
Concédenos recoñecer que xa se fixo realidade no noso espírito
o que visiblemente celebramos hoxe
no aniversario da consagración desta igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da Misa

Pódese dici-lo texto da bendición solemne n. 19, p. 571, coas palabras: Para celebra--lo cabodano da dedicación desta igrexa.

## B. Fóra da igrexa dedicada

### Antífona de entrada Ap 21, 2

Vin a cidade santa, a nova Xerusalén, que baixaba do ceo mandada por Deus; adornada coma unha esposa que se adubía para recibi-lo seu esposo.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti edifíca-la eterna morada da túa gloria
con pedras vivas e escollidas.
Multiplica na túa Igrexa
os dons espirituais que lle concediches,
para que o teu pobo fiel medre cada vez máis,
ata se transformar na Xerusalén celeste.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
que quixeches chamar Igrexa ó teu pobo,
fai que cantos nos axuntamos no teu nome
che teñamos respeto e amor,
camiñemos polos teus vieiros
e ademos deste xeito, guiados por ti, as promesas celestiais.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que che ofrecemos.
Concédenos, a cantos aquí xuntos estamos pregando,
a gracia deste sacramento
e os froitos das nosas preces e desexos.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O MISTERIO DA IGREXA, QUE É ESPOSA DE CRISTO E TEMPLO DO ESPÍRITO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti habitas en toda casa de oración
coa túa presencia xenerosa
e coa continua axuda da túa gracia
transfórmasnos a nós mesmos
en templos do Espírito Santo,
que brillan co esplendor dunha vida santa.

Coa túa acción constante
santifíca-la esposa de Cristo, a Igrexa,
da que son imaxe os edificios visibles,
para que, feliz co gozo de ser nai de tantos fillos,
sexa un día recibida no ceo para a túa gloria.

Por iso, con tódolos anxos e cos santos,
louvámoste e cantámosche sen cesar,
proclamando a túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión 1 Pe 2, 5

Vós, coma pedras vivas, sodes parte dun templo espiritual e formades un sacerdocio santo.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti fasnos entreve-la Xerusalén celeste
no signo temporal da túa Igrexa.
Pola participación neste sacramento,
convértenos en templos da túa gracia
e concédenos entrar na morada da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN DA VIRXE SANTA MARÍA

Estas misas empréganse tamén para celebra-la memoria da Virxe María nos sábados e nas misas votivas da Virxe.

## 1

### Antífona de entrada — Sedulio

Alégrate, Nai santa, Virxe Nai do Rei, que goberna ceo e terra polos séculos sen fin.

### Oración

Señor, noso Deus, concédenos ós teus fieis
gozar sempre de saúde na alma e no corpo.
Que, pola gloriosa intercesión de santa María sempre Virxe,
nos vexamos libres das tristezas desta vida
e gocemos das alegrías da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, nós non podemos agradarche coas nosas propias obras.
Perdóanos ti os nosos pecados
e concédeno-la salvación
pola intercesión da Nai do teu Fillo, noso Señor Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, a humanidade do teu Fillo unixénito,
que ó nacer da Virxe non diminuíu a virxinidade de súa Nai
senón que a consagrou,
nos libre dos nosos pecados
para que o noso sacrificio sexa agradable ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

## Antífona da comunión

Cf. Lc 11, 27

¡Feliz o ventre da Virxe María, que levou o Fillo do Pai eterno!

## Oración despois da comunión

Señor, ó recibirmos este sacramento,
implorámo-la túa clemencia.
Concédenos que, ó celebrármos con ledicia
a festividade da Virxe santa María,
imitémo-lo seu exemplo
e poidamos colaborar dignamente
no misterio da nosa redención.
Por Cristo, noso Señor.

## 2

### Antífona de entrada

Ditosa ti, Virxe María, que levaches no seo o creador do mundo; deches a luz ó que te creou e permaneces Virxe para sempre.

### Oración

Deus misericordioso,
concédenos axuda na nosa debilidade
ós que celebrámo-la memoria da Virxe santa María.
Fai que pola súa intercesión
poidamos librarnos das nosas maldades.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, que veña na nosa axuda
a intercesión gloriosa da Virxe santa María,
para que nos vexamos libres de tódolos perigos
e poidamos disfrutar así da túa paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó venerármo-la memoria da Nai do teu Fillo,
pedímosche que a ofrenda deste sacrificio
faga de nós, coa túa gracia, unha oblación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión — Lc 1, 49

¡Maravillas fixo en min o Poderoso! O seu nome é santo.

### Oración despois da comunión

Señor, despois de participar nos misterios da redención,
ó celebrármo-la memoria da Nai do teu Fillo,
fai que gocemos da abundancia da túa gracia
e vivamos sempre máis profundamente o misterio da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## 3

### Antífona de entrada — Cf. Xdt 13, 23. 25

Bendita es ti, Virxe María, polo Señor, Deus Altísimo, máis ca tódalas mulleres da terra. Tanto glorificou o teu nome que estará sempre na boca dos homes.

### Oración

Señor, venerámo-la memoria gloriosa
da santísima Virxe María;
concédenos, pola súa intercesión,
que poidamos participar da plenitude da túa gracia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor Xesucristo,
ti dignácheste escolle-lo seo virxinal de santa María
para faceres morada nela.
Concédenos que, defendidos de todo perigo pola súa protección,
poidamos celebra-la súa festa cheos de alegría.
Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estas ofrendas de louvanza
ó tempo que nos alegramos na festa da Nai do teu Fillo.
Concédenos, por este sacrosanto intercambio,
que medre en nós o don da redención eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión — Cf. Lc 1, 48

Tódalas xeracións me van felicitar, porque o Señor reparou na súa humilde escraviña.

### Oración despois da comunión

Señor, ó celebrármo-la memoria da santa Virxe María,
fortalecíchesnos co teu pan celestial.
Pedímosche humildemente
que poidamos participar tamén do banquete da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. Tempo do Advento

### Antífona de entrada — Is 45, 8

Manda ceo o teu orballo: que como chuvia baixe o xusto, que se abra a terra e xermole a salvación.

Ou: — Lc 1, 30-32

Díxolle o anxo a María: «Atopaches gracia diante de Deus. Vas concebir no teu ventre e darás a luz un fillo, e chamarase Fillo do Altísimo.»

### Oración

Deus, ti quixeches que, conforme ó anuncio do anxo,
o teu Fillo se encarnase no seo da Virxe María.
Concédelle ó teu pobo,
que a honra coma verdadeira Nai de Deus,
gozar sempre da súa materna intercesión.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que aquel mesmo Espírito
que fecundou co seu poder as entrañas da Virxe María
santifique tamén estes dons
que presentamos no teu altar.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

Tamén se pode dici-lo prefacio II do Advento, p. 443.

### Antífona da comunión — Is 7, 14

Mirade, a Virxe vai concebir e dará a luz un fillo e poñeranlle de nome Enmanuel: «Deus-connosco».

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
que estes misterios que acabamos de recibir
sexan para nós signo da túa misericordia.
Fai que a encarnación do teu Fillo
nos salve a tódolos que celebramos con devoción
a lembranza da Virxe María.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. Tempo do Nadal

### Antífona de entrada

María enxendrou o Rei que ten un nome eterno. Xuntou o gozo de ser nai coa gloria de ser virxe. Non tivo semellante nin endexamais a terá.

Ou:

Virxe, Nai de Deus, aquel que non colle no mundo pechouse no teu seo ó se facer home.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti entregáchesslles ós homes o don da salvación eterna
pola virxinidade fecunda de María.
Concédenos sentir sobre nós a garimosa intercesión
daquela por quen nos foi posible recibi-lo autor da vida,
o teu Fillo Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos.
Derrama nos nosos corazóns a luz do Espírito Santo,
para que, seguindo o exemplo da Virxe María,
busquemos e conservemos sempre os misterios do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión Xn 1, 14

E a Palabra fíxose carne, e morou entre nós e, chea de gracia e de verdade, plantou entre nós a súa tenda.

### Oración despois da comunión

Señor, na festividade da Virxe santa María
recibimos con gozo os divinos sacramentos
do Corpo e do Sangue do teu Fillo, feito home,
co que nos alimentas.
Pedímosche que eles nos fagan participar sempre
da súa divinidade.
Por Cristo, noso Señor.

## 6. Tempo da Pascua

### Antífona de entrada — Cf. Feit 1, 14

Os discípulos adicábanse conxuntamente á oración con María, a Nai de Xesús. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
pola resurrección do teu Fillo,
noso Señor Xesucristo,
enches de alegría o mundo enteiro.
Concédenos, pola intercesión de súa Nai María, a Virxe,
alcanza-los gozos da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti déche-lo Espírito Santo ós teus apóstolos,
cando estaban reunidos en oración con María, a Nai de Xesús.
Fai que nós, pola súa intercesión,
te sirvamos con fidelidade
e sexamos capaces de difundi-la gloria do teu nome
coas nosas palabras e co noso exemplo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebrármo-la festividade da Virxe María
presentámosche as nosas ofrendas e oracións.
Pedímosche que nos protexa a humanidade do teu Fillo,
que se che ofreceu a si mesmo na cruz
coma víctima inmaculada.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio I de santa María Virxe (nas misas votivas: na veneración), p. 483, ou II-V, pp. 484-487.

### Antífona da comunión

Alégrate, Virxe Nai: Cristo resucitou do sepulcro. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, que este sacramento
fortaleza nos nosos corazóns a verdadeira fe,
que nos fai proclamar Deus e home verdadeiro
o teu Fillo nacido da Virxe.
Concédenos que, polo poder da súa resurrección salvadora,
cheguemos á alegría da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## Outras oracións para as misas da Virxe santa María

### Oración

Deus todopoderoso,
os teus fieis alegrámonos
coa protección da santísima Virxe María.
Fai que pola súa intercesión
nos vexamos libres de tódolos males na terra
e poidamos chegar ós gozos eternos do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos
as pregarias e ofrendas que os teus fieis che presentamos
na conmemoración da Virxe María, Nai de Deus.
Que a ti che sexan agradables
e a nós nos consigan
o teu auxilio misericordioso.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos
con estes sacramentos de salvación.
Pedímosche humildemente que, cantos celebramos con devoción
a festa da Virxe santa María, Nai de Deus,
poidamos experimentar sempre o froito da túa redención.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN DOS MÁRTIRES

## 1. De varios mártires, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Alégranse no ceo os santos que seguiron os pasos de Cristo. Polo seu amor verteron o sangue e agora gozan para sempre con Cristo.

### Oración

Señor, atende as nosas pregarias
e dános devoción e alegría
na festa anual dos santos mártires N. e N.
Concédenos que, ó celebrármo-la memoria da súa paixón,
imitemos tamén a súa firmeza na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Pai santo, acolle os dons que che presentamos
na lembranza dos santos mártires.
Fai que nos manteñamos sempre fortes
na defensa do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Lc 22, 28-30

«Vós sóde-los que permanecestes comigo nas miñas probas. Agora dispoño o reino para vós, di o Señor; para que comades e bebades á miña mesa no meu reino.»

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
na morte dos teus mártires
iluminaches para nós o misterio da cruz.
Concédenos que este sacrificio nos dea forzas
para nos achegarmos con fidelidade a Cristo
e para traballarmos na Igrexa
polo ben de tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

## 2. De varios mártires, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada — Sal 33, 20-21

Moitas son as coitas dos xustos, pero de todas elas os libra o Señor. O Señor garda tódolos seus ósos, nin sequera un se lle crebará.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti concedíchesslles ós santos N. e N.
a forza de padeceren por Cristo.
Ven tamén en auxilio da nosa debilidade,
a fin de que, seguindo o exemplo destes santos
que non dubidaron en morrer por ti,
nos manteñamos firmes na confesión do teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta as ofrendas que che consagramos
na festividade dos teus gloriosos mártires.
Que elas nos purifiquen dos nosos pecados
e te movan a atende-los desexos do teu pobo.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 15, 13

«Non hai amor máis grande que o de da-la súa vida polos amigos», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, o pan celestial co que nos alimentaches
fixo de nós un só corpo en Cristo.
Concédenos que non nos arredemos nunca do seu amor
e que, seguindo o exemplo dos teus santos mártires N. e N.,
superemos con firmeza tódalas adversidades
por aquel que nos amou.
Por Cristo, noso Señor.

## 3. De varios mártires, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada — Sal 36, 39

A salvación ós xustos vénlles do Señor, el é o seu protector no tempo da desgracia.

### Oración

Señor, que o triunfo dos teus mártires, nosos irmáns,
nos encha de alegría.
Que o seu exemplo fortaleza a nosa fe
e que a súa eficaz intercesión nos sirva de consolo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, pedímosche
que a oración dos santos mártires N. e N.
nos recomende diante de ti e nos dea forzas
para darmos testemuño da túa verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que o teu pobo che presenta
para festexa-la paixón dos teus santos mártires N. e N.
Fai que estes misterios,
que deron forza ós santos N. e N. na persecución,
nos concedan tamén a nós constancia nas adversidades.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mc 8, 35

«Quen perda a súa vida por min e polo Evanxelio, salvaraa», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, mantén viva dentro de nós
a forza do teu sacramento.
Que o don que recibimos na festa dos santos mártires N. e N.
nos logre a salvación e maila paz.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. De varios mártires, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada — Sal 33, 18

Berraron os xustos, e o Señor escoitounos, e librounos de tódalas súas angustias.

### Oración

Deus, noso Pai,
cada ano dásno-la alegría
de celebrármo-la festa dos santos mártires N. e N.
Concédenos que os que celebrámo-lo seu nacemento para a vida eterna
imitemos tamén a súa fortaleza en sufrir por ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslles ós santos N. e N.
o don gratuíto de chegaren á gloria inmensa do martirio.
Fai que o teu pobo, pola súa intercesión,
consiga o perdón dos seus pecados
e se sinta protexido en tódalas adversidades.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche estes dons en lembranza dos santos N. e N.
Ti, que a eles lles concediches chegar á claridade da fe,
danos a nós o teu perdón e a túa paz.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 2 Cor 4, 11

Somos entregados á morte por causa de Xesús, para que a vida de Xesús tamén se manifeste na nosa carne mortal.

### Oración despois da comunión

Señor, concédenos por estes santos sacramentos
tódalas riquezas da túa gracia
na festa dos teus santos mártires N. e N.
Que do seu rexo combate
aprendamos a ser fortes na paciencia
e a alegrarnos pola victoria que nos agarda.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. De varios mártires, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Os santos mártires verteron o seu sangue por Cristo na terra; no ceo recibiron a recompensa.

### Oración

Señor, dános esa fe viva
que coroou de gloria os santos mártires N. e N.,
porque a defenderon ata verter por ela o seu sangue.
Que a manteñamos con fidelidade na nosa vida,
para que tamén a nós nos xustifique.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos
as ofrendas que che presentamos.
Concédenos que a paixón do teu Fillo,
que agora imos celebrar sacramentalmente,
se faga realidade en nós polo exemplo dos santos N. e N.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, presentámosche esta ofrenda
na celebración do triunfo dos santos N. e N.
Que ela acenda os nosos corazóns co lume do teu amor
e nos consiga os premios que lles foron prometidos
ós que perseveran deica a fin.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Cf. Rm 8, 38-39

Nin a morte nin a vida nin ningunha creatura nos poderá arredar do amor de Cristo.

### Oración despois da comunión

Señor, na conmemoración dos santos mártires N. e N.,
saciados co precioso Corpo e Sangue do teu Fillo,
concédenos permanecer en ti cun amor perseverante,
vivir tan só de ti e camiñar sempre cara a ti.
Por Cristo, noso Señor.

## 6. Dun mártir, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Este santo loitou ata a morte pola lei de Deus; non lles tivo medo ós ditos dos impíos, pois estaba ben cimentado sobre pedra firme.

### Oración

Deus do poder e da misericordia,
ti infundíchesIle ó teu mártir N.
forza para supera-los tormentos do martirio.
Concédenos ós que hoxe celebrámo-lo seu triunfo,
manternos, coa túa protección, invencibles
frente ós ataques do noso enemigo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica coa túa bendición
estas ofrendas que che presentamos.
Que elas acendan en nós, pola túa gracia, o lume do teu amor,
que lle deu forza ó mártir san N.
para soportar tódolos tormentos.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos
na festa do teu mártir san N.
Que sexan gratas ós teus ollos,
como foi o sangue que el verteu por ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Mt 16, 24

«Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz e me siga», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que este sacramento que vimos de recibir
nos dea aquela fortaleza de ánimo
que fixo do mártir san N. un home fiel no teu servicio
e un vencedor valeroso no martirio.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. Dun mártir, fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Este é o mártir verdadeiro; el verteu o seu sangue polo nome de Cristo; non lle tivo medo ás ameazas dos xuíces e así chegou ó reino do ceo.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti concedíchesIle a san N.
loitar ata a morte pola xusticia.
Concédenos, pola súa intercesión,
soportar tódalas adversidades
e correr con corazón decidido cara a ti,
que e-la vida verdadeira.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus de bondade,
bendice estas ofrendas que che presentamos.
Fortalécenos na fe
que o mártir san N. confesou co seu propio sangue.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, ofrecémosche estes dons sagrados
ó facermos lembranza do mártir san N.,
a quen ningunha tentación puido arredar
da unidade do teu corpo.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Xn 15, 1. 5

«Eu son a cepa verdadeira e vós sóde-las vides, di o Señor. Quen permanece en min e eu nel, ese dá froito abondo.»

### Oración despois da comunión

Señor, ti renováchesnos con estes misterios sagros.
Pedímosche que poidamos imita-la constancia admirable
do mártir san N.
e acadar así o premio eterno prometido ós que sofren por ti.
Por Cristo, noso Señor.

## 8. De varios mártires, no tempo pascual

### Antífona de entrada — Cf. Mt 25, 34

Vinde, benditos do meu Pai. Recibide a herdanza do reino preparado para vós desde a creación do mundo. Aleluia.

### Oración

Deus todopoderoso,
ti concedícheslles ós santos mártires N. e N.
da-la súa vida por amor a Xesús e ó Evanxelio.
Concédenos, pola forza do Espírito Santo,
ser dóciles para crer e fortes para defende-la nosa fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus omnipotente,
de ti recibe constancia a fe
e forza a debilidade.
Concédenos, polo exemplo e as pregarias dos mártires N. e N.,
participar na paixón e na resurrección do teu Fillo
para podermos disfrutar con eles, onda ti, dos gozos eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, conmemorámo-la morte fermosa dos xustos.
Ofrecémosche este sacrificio
de onde procede todo martirio.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Ap 2, 7

Ó vencedor dareille a comer da árbore da vida, que está no paraíso do meu Deus. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, neste divino banquete
celebrámo-la victoria dos mártires N. e N.
Pedímosche que, a cantos aquí comémo-lo pan da vida,
nos axudes tamén a vence-lo mal,
para que, coma vencedores, poidamos no paraíso
comer da árbore da vida.
Por Cristo, noso Señor.

## 9. De varios mártires, no tempo pascual

### Antífona de entrada — Cf. Ap 12, 11

Estes son os santos que venceron polo sangue do Año e non estimaron tanto a vida coma para teren medo á morte; por iso agora reinan para sempre con Cristo. Aleluia.

### Oración

Señor, que nos encha de alegría
a solemnidade dos teus mártires N. e N.,
pois eles morreron con morte gloriosa
e verteron o seu sangue precioso
pregoando con valentía a morte e resurrección do teu Fillo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos os dons que che presentamos.
Que o Espírito Santo os bendiga
e así fagan xurdir en nós aquel amor afervoado
polo que os santos mártires N. e N.
venceron tódolos tormentos do corpo.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 2 Tim 2, 11-12

Se morremos con Cristo, tamén con el viviremos. Se somos constantes, reinaremos con el. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos cun mesmo pan
na festa dos santos mártires N. e N.
Pedímosche humildemente
que nos afirmes sempre no teu amor
e nos fagas camiñar na nova vida de Cristo.
Por Cristo, noso Señor.

## 10. Dun mártir, no tempo pascual

### Antífona de entrada — Cf. 4 Esd 2, 35

Unha luz perpetua brillará sobre os teus santos, Señor, e vivirán por sempre. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti honráche-la túa Igrexa
ó coroar coa victoria do martirio a san N.
Concédenos piadoso
que, así como el foi un bo imitador da paixón do teu Fillo,
tamén nós, seguindo as súas pisadas,
cheguemos á felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle o sacrificio de reconciliación e de louvanza
que che ofrecemos na conmemoración do mártir san N.
Que nos obteña o teu perdón
e faga que nos manteñamos en constante acción de gracias.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 12, 24-25

Se o gran de trigo cae na terra e non morre, quedará infecundo; pero se morre, dará froito abondo. Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, cheos de alegría pola festa que celebramos,
recibímo-los teus dons celestes.
Concédenos a cantos anunciamos neste divino banquete
a morte do teu Fillo
participar tamén cos santos mártires
da súa gloriosa resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

## Outras oracións de mártires

### De mártires misioneiros

**Oración**

Deus omnipotente e misericordioso,
escoita con clemencia a nosa oración.
Ti, que pola predicación dos santos mártires N. e N.
infundiches no corazón dos pobos
o coñecemento do teu Fillo,
concédelles, pola súa intercesión, manterse firmes na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, nesta Eucaristía
venerámo-la paixón dos teus mártires N. e N.
Concédenos anunciar dignamente neste sacrificio
a morte do teu Fillo,
que non só exhortou os mártires coa súa palabra,
senón que os animou tamén co seu exemplo.
Por Cristo, noso Señor.

**Oración despois da comunión**

Señor, ó acabarmos de saborea-las delicias
deste alimento celestial,
pedímosche que, co exemplo dos santos N. e N.,
levemos gravados nos nosos corazóns
os sinais do amor e da paixón do teu Fillo,
para chegar a gozar con plenitude da paz que non ten fin.
Por Cristo, noso Señor.

### Dunha virxe mártir

**Oración**

Deus, noso Pai,
hoxe alégrasnos coa festa anual de santa N.
Concédeno-la axuda dos seus méritos,
ti, que nos iluminaches
co exemplo da súa fortaleza e da súa castidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que sexan agradables ós teus ollos
os dons que che presentamos na festa de santa N.,
do mesmo xeito que foi do teu agrado
o seu combate no martirio.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti coroaches a santa N.
polo dobre triunfo da virxinidade e do martirio.
Concédenos, pola gracia deste sacramento,
superar con valentía toda maldade
e conseguir así a gloria do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

## Dunha santa mártir

### Oración

Deus todopoderoso,
ti manifésta-lo teu poder na debilidade humana.
Concédenos a cantos venerámo-la memoria de santa N.,
pola súa intercesión, o don da fortaleza
co que ela saíu victoriosa no martirio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche hoxe con alegría estas ofrendas,
coas que facemos lembranza da victoria de santa N.
Con elas pregoámo-las túas maravillas
e alegrámonos de experimenta-la súa poderosa intercesión.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pola celebración deste sacramento,
na conmemoración de santa N.,
participamos nos gozos eternos.
Pedímosche a gracia de experimentar na vida
o que polo teu don celebramos nesta Eucaristía.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN DOS PASTORES

## 1. Papas ou bispos

### Antífona de entrada

O Señor escolleuno coma sumo sacerdote; abrindo os seus tesouros, encheuno de todo ben.

### Oración

Para papas:

Deus todopoderoso e eterno,
ti puxeches a san N. para presidir todo o teu pobo
e facelo progresar na santidade coa súa palabra e co seu exemplo.
Pola súa intercesión, protexe os pastores da túa Igrexa
e o pobo que lles está encomendado
e condúcenos polo camiño que leva á salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, para bispos:

Deus de bondade,
na persoa de san N. ofrecíchesslle á túa Igrexa
un modelo de bo pastor.
Concédenos piadoso que merezamos, pola súa intercesión,
ter un día sitio nos teus prados eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche estas ofrendas de louvanza
na festa dos teus santos.
Coa súa axuda confiamos vernos libres
dos males presentes e futuros.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión

Cf. Xn 10, 11

O bo pastor dá a vida polas súas ovellas.

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
que estes sacramentos acendan en nós o lume do teu amor;
aquel amor que abrasaba o corazón de san N.
e que o levou á constante entrega no servicio da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

## 2. Papas ou bispos

### Antífona de entrada — Cf. Sir 45, 30

O Señor fixo con el unha alianza de paz, nomeouno príncipe e concedeulle para sempre a dignidade sacerdotal.

### Oración

Para papas:

Señor, ti constituíches a san N. pastor da Igrexa universal
e fixéchelo brillar con admirable esplendor de doctrina e santidade.
A cantos venerámo-los méritos deste pastor,
concédenos brillar tamén coas nosas obras diante dos homes
e arder de amor na túa presencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, para bispos:

Deus todopoderoso,
concédenos venerar dignamente a memoria do bispo san N.
Así como quixeches que el fixese progresar en santidade
os que dirixía coa súa palabra e co seu exemplo,
así tamén fai que nós, coa súa intercesión,
nos vexamos protexidos diante de ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, neste sacrificio
quixeches perdoa-los pecados de todo o mundo.
Concédenos que nos aproveite esta oblación
presentada na festa de san N.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 21, 17

Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que che quero.

### Oración despois da comunión

Señor, que a forza dos dons recibidos nesta festividade de san N.
produza en nós os seus efectos.
Fai que ela nos consiga axuda nesta vida mortal
e nos leve ó gozo da felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 3. Bispos

### Antífona de entrada — Ez 34, 11. 23-24

«Buscarei as miñas ovellas, di o Señor. Dareilles un pastor que as leve a pacer. Eu, o Señor, serei o seu Deus.»

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti quixeches que o bispo san N.
presidise o teu pobo santo.
Concédenos, pola súa intercesión,
a abundancia do teu perdón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos
as ofrendas que presentamos no teu altar
nesta festa de san N.
Que elas dean gloria ó teu nome
e nos obteñan o teu perdón.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 15, 16

«Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós, di o Señor, para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza.»

### Oración despois da comunión

Señor, na festa de san N.,
ti aliméntasnos con estes misterios sagrados.
Fai que, seguindo o seu exemplo,
nos esforcemos por pregoa-la fe que el profesou
e por cumprir canto nos ensinou.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. Bispos

### Antífona de entrada — 1 Sam 2, 35

«Farei xurdir un sacerdote que me sexa fiel e que actúe conforme ós desexos do meu corazón», di o Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches contar no número dos santos pastores
a san N., cheo dunha caridade ardente
e desa fe que vence o mundo.
Concédenos, pola súa intercesión,
perseverar tamén nós na fe e no amor
para merecermos participar con el na gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as ofrendas
que o teu pobo che presenta na festa de san N.
Que elas nos fagan sentir, como o esperamos,
a túa axuda misericordiosa.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 10, 10

«Eu vin para que teñan vida e a teñan abondo», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co Corpo e co Sangue de Xesucristo.
Concédenos recolle-los froitos destes sacramentos
que con devoción celebramos.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. Pastores

### Antífona de entrada — Lc, 4, 18

O Espírito do Señor está sobre min, pois el foi quen me unxiu. Envioume para proclama-la Boa Nova ós pobres e sanda-los de corazón oprimido.

### Oración

Deus, luz dos teus fieis e pastor de tódolos homes,
ti escolliches a san N. (bispo)
para ilumina-la túa Igrexa coa palabra
e para a guiar co exemplo.
Dános, pola súa intercesión,
garda-la fe que nos transmitiu coa súa palabra
e segui-lo camiño que nos mostrou co seu exemplo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
os dons que che ofrecemos na conmemoración de san N.
dan testemuño da gloria do teu poder.
Que a celebración deste sacrificio nos consiga a túa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, o santo bispo N. mereceu os gozos eternos
pola fidelidade ó seu ministerio.
Que o sacramento que acabamos de recibir
nos leve tamén a nós a participar da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Deus todopoderoso,
mantidos con este alimento de salvación,
fai que, seguindo a cotío o exemplo de san N.,
te sirvamos a ti cunha devoción fiel
e ós homes con amor constante.
Por Cristo, noso Señor.

## 6. Pastores

### Antífona de entrada — Xer 3, 15

Dareivos uns pastores conforme ó meu corazón. Eles hanvos guiar con sabiduría e prudencia.

Ou: — Dn 3, 84. 87

Sacerdotes de Deus, bendicide o Señor; santos e humildes de corazón, louvade o Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti dotaches co espírito da verdade e do amor
os santos N. e N. (bispos),
para guiaren o teu pobo.
Concédenos ós que celebrámo-la súa conmemoración
adiantar na imitación da súa santidade
e experimenta-la axuda da súa intercesión.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este sacrificio da túa Igrexa
na festa dos santos N. e N.
Concédenos que a ti che dea gloria e honra
e a nós a salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 20, 28

O Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

### Oración despois da comunión

Señor, recibímo-los sacramentos celestes
ó tempo que celebrámo-la memoria dos teus santos N. e N.
Fai que disfrutemos na gloria
dos gozos que agora na terra celebramos.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. Pastores

### Antífona de entrada — Sal 131, 9

Os teus sacerdotes, Señor, se vistan de xusticia e os teus fieis relouquen de ledicia.

### Oración

Deus todopoderoso, pedímosche humildemente
que, polą intercesión dos santos N. e N.,
multiplíque-los dons que nos regalas
e poidamos vivir en paz neste mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle a ofrenda que poñemos no teu altar
na conmemoración dos santos N. e N.
Que estes misterios sagrados,
que a eles lles conseguiron o premio da gloria,
nos concedan a nós o teu perdón.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 24, 46-47

¡Feliz o criado a quen o Señor atope vixiando cando chegue! Asegúrovos que o poñerá ó frente da súa casa.

Ou: — Lc 12, 42

Velaquí o administrador fiel e prudente posto polo Señor ó frente da súa casa, para que lles dea o alimento ó seu tempo.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
rogámosche que esta mesa celeste
faga medra-las forzas espirituais
de cantos celebrámo-la festa dos santos N. e N.
Concédenos que gardemos íntegro o don da fe
e camiñemos polos vieiros da salvación que nos tes mostrado.
Por Cristo, noso Señor.

## 8. Fundadores de Igrexas

### Antífona de entrada — Is 59, 21; 56, 7

Di o Señor: «As miñas palabras que puxen na túa boca non se arredarán dos teus labios e acollerei enriba do meu altar os teus sacrificos e holocaustos.»

### Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
ti déchesslles ós nosos devanceiros a luz da fe
pola predicación de san N.
Concédenos a cantos nos gloriamos de ser cristiáns
mostrar a cotío con feitos a fe que profesamos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, mira esta familia
que san N., bispo, enxendrou coa palabra da verdade
e alimentou co sacramento da vida.
Que así como polo seu ministerio
a túa gracia nos fixo chegar á fe,
así tamén pola súa intercesión
nos faga vivir afervoados no amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso, na conmemoración de san N.
presentámosche estas ofrendas.
Acólleas con ollos propicios
e convérteas para nós en dons de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mc 1, 45

O Fillo do home veu entrega-la súa vida en rescate por todos.

### Oración despois da comunión

Señor, cheos de alegría,
participamos desta Eucaristía, fianza da eterna redención,
na festa de san N.
Que nos sirva de auxilio para a vida presente e para a futura.
Por Cristo, noso Señor.

## 9. Fundadores de Igrexas

### Antífona de entrada

Estes son os homes santos; o Señor escolleunos con verdadeiro amor e déulle-la gloria que non ten fin. Coa súa doctrina brilla a Igrexa.

### Oración

Señor, mira con bondade a Igrexa de N.
Ti que a chamaches á fe
valéndote do entusiasmo apostólico dos santos N. e N.,
concédelle, pola súa intercesión,
uns sentimentos cristiáns firmes e verdadeiros.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
pola predicación do santo bispo N.
ti chamáche-los nosos antecesores
á luz admirable do Evanxelio.
Fai que, pola súa intercesión,
medremos na gracia do coñecemento
do noso Señor Xesucristo, teu Fillo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que o teu pobo che presenta
na festa dos teus santos N. e N.
Dános un corazón sinxelo para sermos gratos ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 15, 15

«Xa non vos chamo criados; porque o criado non sabe que é o que fai o seu amo, di o Señor. A vós chámovos amigos, porque todo o que lle oín o meu Pai déivolo a coñecer.»

### Oración despois da comunión

Que nos encha de alegría, Señor,
o don da salvación recibido neste altar
na festa (solemnidade ou conmemoración) dos santos N. e N.

Movidos polos beneficios que nos concedes,
lembrámonos agradecidos dos comezos gloriosos da nosa fe
e pregoámo-las maravillas que a cotío fas nos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

## 10. Misioneiros

### Antífona de entrada

Estes son os homes santos, que chegaron a ser amigos de Deus, pregoeiros gloriosos da verdade divina.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedíchesslles ós pobos non crentes
pasar das tebras á luz da verdade
por medio de san N. (bispo).
Dános, pola súa intercesión,
manternos firmes na fe e na esperanza do Evanxelio
que el nos predicou.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou

Deus todopoderoso e eterno, ti consagraches este día
coa alegría da glorificación de san N.
Concédenos piadoso
que poidamos manter decote e confirmar con feitos
aquela fe que el testemuñou con incansable celo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
mira propicio os dons que che ofrecemos na festa de san N.
Concédenos a cantos celebrámo-los misterios da paixón do Señor
realizar na vida o que aquí conmemoramos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Ez 34, 15

«Eu apastarei as miñas ovellas e fareinas acougar», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia deste sacramento,
confirma o teu pobo na fe verdadeira.
Fai que a pregoemos por todas partes
coa palabra e cos feitos,
como fixo san N.,
que gastou a vida enteira en tan glorioso labor.
Por Cristo, noso Señor.

## 11. Misioneiros

### Antífona de entrada — Is 52, 7

¡Fermosos sobre as montañas os pés do mensaxeiro que anuncia a paz, que leva a boa nova, que pregoa a salvación!

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches medra-la túa Igrexa
co entusiasmo apostólico e co celo pola relixión de san N.
Concédenos, pola súa intercesión,
que reciba a cotío novas medras en fe e santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as nosas pregarias
nas que che pedimos que nos libres das culpas.
Concédenos que a túa gracia nos purifique
por medio destes mesmos misterios que agora celebramos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mc 16, 15; Mt 28, 20

«Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxelio a tódalas creaturas: eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor.

Ou: Xn 15, 4-5

«Permanecede en min e eu en vós, di o Señor. Quen permanece en min e eu nel, ese dá froito abondo.»

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
que os sacramentos recibidos
manteñan en nós a fe
que nos ensinaron os apóstolos coa súa predicación
e que san N. custodiou con entusiasmo.
Por Cristo, noso Señor.

## 12. Misioneiros

### Antífona de entrada Sal 95, 3-4

Contade entre as xentes a súa gloria, ante tódolos pobos as súas maravillas. Grande é o Señor e digno de louvanza.

### Oración

Deus, noso Pai,
gracias á túa inefable misericordia,
san N. anunciou as insondables riquezas de Cristo.
Concédenos, pola súa intercesión,
a gracia de medrar no teu coñecemento
e camiñar con fidelidade
conforme á verdade do Evanxelio,
dando os froitos das boas obras.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo

Ou, para os mártires:

Deus todopoderoso,
os santos N. e N. mereceron a coroa do martirio,
entregando as súas vidas polo espallamento do Evanxelio.
Axúdanos a imita-la súa fe coa mesma entrega ca eles.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, pedímosche que envíes desde o ceo
a túa bendición sobre estes dons que che presentamos.
Ó facermos lembranza de san N.
fai que tódolos que participamos deles
académo-lo perdón das nosas culpas
e a abundancia dos bens do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión

Cf. Lc 10, 1. 9

O Señor enviou os seus discípulos para que anunciasen por tódolos pobos: «Xa chega a vós o reino de Deus.»

## Oración despois da comunión

Señor, que nos santifiquen estes sacramentos recibidos
e fai que, cantos celebramos con alegría a festa de san N.,
nos sintamos alentados
polo exemplo da súa valentía apostólica.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN
# DOS DOUTORES DA IGREXA

## 1

### Antífona de entrada — Sir 15, 5

No medio da asamblea púxolle o Señor a palabra na boca. Encheuno de espírito de sabiduría e intelixencia, cubriuno cun vestido de gloria.

Ou: — Sal 36, 30-31

A boca do xusto expón a sabiduría e a súa lingua proclama a xusticia; leva no corazón a lei do seu Deus.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti déchesslle á túa Igrexa coma doutor a san N. (bispo).
Concédenos que se afirme nos nosos corazóns
canto el nos ensinou levado polo teu Espírito.
Pola túa gracia recibímolo coma protector;
concédenos que o teñamos tamén coma avogado diante de ti
para acadármo-la túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que che agrade o sacrificio que che presentamos con alegría na festa de san N.
Fai que, seguindo a súa doctrina,
te louvemos e nos entreguemos enteiramente a ti.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Lc 12, 42

Velaquí o administrador fiel e prudente posto polo Señor ó frente da súa casa, para que lles dea o alimento ó seu tempo.

### Oración despois da comunión

Señor, ti que nos alimentaches con Cristo, pan da vida,
ilumínanos tamén con Cristo palabra da vida.
Fai que, na festividade de san N.,
coñezámo-la túa verdade e a practiquemos con amor fraterno.
Por Cristo, noso Señor.

## 2

### Antífona de entrada — Dn 12, 3

Os sabios brillarán coma o resplandor do firmamento; os que lles ensinaron ós demais a practica-la xusticia, serán coma estrelas para sempre.

Ou: — Cf. Sir 44, 15. 14

Proclamen os pobos a sabiduría dos santos, a asamblea pregoe as súas louvanzas; a súa sona durará para sempre.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti concedícheslle ó teu santo N.
un coñecemento profundo dos misterios da fe.
Concédenos tamén a nós, pola súa intercesión,
conservar e practicar con fidelidade
canto el nos ensinou.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebrarmos con devoción
estes divinos misterios,
fai que o Espírito Santo
nos ilumine coa mesma luz da fe
coa que iluminou decote a san N.
para propaga-la gloria do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Cor 1, 23-24

Nós predicamos un Mesías crucificado, a Cristo, forza e sabiduría de Deus.

### Oración despois da comunión

Señor, ti mantesnos con este alimento do ceo.
Pedímosche humildemente
que nos axudes a segui-los consellos de san N.
e a permanecer sempre en acción de gracias
polos bens recibidos.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN DAS VIRXES

## 1

### Antífona de entrada

Esta é a virxe asisada, unha das prudentes que saíu ó encontro de Cristo coa lámpada acesa.

### Oración

Deus, Salvador noso, escóitanos.
Fai que, cantos nos alegramos
na lembranza da virxe santa N.,
aprendamos tamén a entregarnos a ti con amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, proclamámo-las grandezas
feitas por ti en santa N.
Suplicámosche humildemente
que así como acolliches con agrado
a súa vida santa,
así tamén acollas con benevolencia
as ofrendas da nosa servidume.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión

Mt 25, 6

Velaí vén o esposo; saídelle ó camiño a Cristo, o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus, ti alimentáchesnos
coa participación neste don divino.
Pedímosche segui-lo exemplo de santa N.
para levarmos no noso corpo a morte de Cristo
e para nos entregarmos tan só a ti.
Por Cristo, noso Señor.

## 2

### Antífona de entrada

Alegrémonos xubilosos, porque o Señor do universo amou a esta virxe santa e gloriosa.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches encher con gracias do ceo a virxe santa N.
Concédenos imita-la súa santidade neste mundo
para que poidamos disfrutar con ela dos gozos eternos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, para unha virxe fundadora:

Señor, noso Deus,
ti elixíche-la virxe santa N., fiel esposa túa,
a fin de xuntar unha familia de virxes consagradas a ti
para ben e gloria da túa Igrexa.
Prende nos nosos corazóns ese mesmo lume de caridade
co que ela foi inspirada.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, sintámo-la eficacia da ofrenda que che presentamos.
Fai que, co exemplo de santa N., superémo-lo vello apego ó mal
e que creza en nós a nova vida da gracia.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 25, 4. 6

As cinco virxes asisadas colleron aceite nas aceiteiras xunto coas lámpadas. Á media noite escoitouse un clamor: «Velaí vén o esposo, saídelle ó camiño a Cristo, o Señor.»

### Oración despois da comunión

Señor, que esta sagrada recepción
do Corpo e do Sangue do teu Fillo
nos arrede de tódalas cousas perecedeiras.
Fai que, seguindo o exemplo de santa N.,
poidamos servirte na terra cun amor verdadeiro
e gozar no ceo da visión perpetua do teu rostro.
Por Cristo, noso Señor.

## 3

### Antífona de entrada

Ven, esposa de Cristo, e recibe a coroa que o Señor che ten preparada para sempre.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti queres permanecer
nos corazóns limpos.
Concédenos, pola intercesión da virxe santa N.,
a gracia de vivirmos de tal xeito
que merezamos servirche de morada.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, escoita as nosas pregarias
e fai que, cantos celebramos con devoción
as virtudes da virxe santa N.,
merezamos permanecer no teu amor
e medrar nel de día en día.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que humildemente che presentamos
na festividade de santa N.
Fai que, por esta ofrenda inmaculada,
ardamos diante de ti no lume do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión

Cf. Lc 10, 42

A virxe asisada escolleu para si a mellor parte, que ninguén lle quitará.

### Oración despois da comunión

Señor, alimentáchesnos co pan da vida.
Pedímosche humildemente
que, cantos nos alegramos na festa de santa N.,
académo-lo perdón dos pecados,
a saúde do corpo, a gracia da alma e a gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 4

### Antífona de entrada — Sal 148, 12-14

Que louven as virxes o nome do Señor, porque só o seu nome é sublime; a súa maxestade domina o ceo e maila terra.

### Oración

Señor, veña con abundancia sobre nós a túa misericordia.
Que así como nos alegramos con piadosa ledicia
na festividade das santas virxes N. e N.,
así tamén disfrutemos, gracias a ti, da súa compaña no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche estes dons
ó tempo que pregoámo-la túa grandeza
na festa das santas virxes N. e N.
Concédenos que, así como acolliches
con agrado a súa vida santa,
así tamén acollas con benevolencia
as ofrendas do noso servicio.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 25, 10

Chegou o esposo e as virxes que estaban preparadas entraron con el ó banquete das vodas.

Ou: — Xn 14, 21. 23

A quen me ama, amarao meu Pai; viremos onda el e faremos vida nel.

### Oración despois da comunión

Señor, que os misterios recibidos
nesta festa das santas virxes N. e N.
nos alenten e iluminen decote.
Fai que agardemos dignamente a chegada do teu Fillo
e sexamos admitidos ó banquete das súas vodas eternas.
Por Cristo, noso Señor.

# COMÚN DOS SANTOS E DAS SANTAS

As misas que seguen, se se sinalan para unha categoría concreta de santos, empréganse para estes santos; as que non teñen ningunha especificación pódense empregar en tódalas categorías.

## 1

### Antífona de entrada — Sal 144, 10-11

Que te louven, Señor, tódalas túas obras. Que os teus santos te bendigan. Que pregoen a gloria do teu reino e falen do teu poderío.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti concédesno-la derradeira grande proba do teu amor
na glorificación dos santos.
Fai que a súa intercesión nos axude
e que o seu exemplo nos alente,
para que poidamos imitar con fidelidade o teu Fillo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con piedade as nosas pregarias.
Concédenos que, pola intercesión dos teus santos,
te poidamos servir dignamente no teu altar.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 67, 4

Fagan festa os xustos e brinquen xubilosos na presencia de Deus, cheos de alegría.

Ou: — Lc 12, 37

¡Felices os criados a quen o amo atope vixiando cando chegue! Asegúrovos que se cinguirá, se poñerá á mesa e os servirá un por un.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-lo Pai da paz e de todo consolo.
Concédelle a esta familia túa,
reunida para louva-lo teu nome na festa dos santos,
que, ó participarmos nos sacramentos do teu Fillo,
recibámo-la prenda da eterna salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## 2

### Antífona de entrada — Sal 63, 11

O xusto alegrarase no Señor, nel confiará; felicitaranse tódolos que teñen un corazón limpo.

### Oración

Deus, noso Pai,
unicamente ti es santo
e sen ti ninguén é bo.
Pola intercesión de san N.
concédenos vivir de tal xeito
que non nos vexamos privados da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso,
presentámosche esta humilde ofrenda
para lles darmos gloria ós teus santos.
Concédenos que ela sexa do teu agrado
e nos limpe o corpo e mailo espírito.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 12, 26

«Se alguén me quere servir, que me siga, di o Señor; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor.»

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir estes sacramentos
no día en que os teus santos nacen para o ceo.
Pedímosche que cheguemos a disfrutar dos bens eternos
cos que agora nos axuda xa a túa xenerosidade.
Por Cristo, noso Señor.

## 3

### Antífona de entrada — Sal 20, 2-3

Polo teu poderío, Señor, alégrase o xusto e brinca de alegría pola túa salvación. Concedíchesslle canto cobizaba o seu corazón.

### Oración

Deus, noso Pai,
nos teus santos
ti puxeches un exemplo e unha axuda á nosa fraqueza,
para nos facer máis doado o camiño da salvación.
Concédenos a cantos celebrámo-lo triunfo glorioso de san N.
poder chegar a ti, seguindo os seus luminosos exemplos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche esta ofrenda na festa de san N.
Fai que ela lles acade ós teus fieis
o don da paz e da unidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 16, 24

«Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz e me siga», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, recibimos estes sacramentos na festa de san N.
Que eles santifiquen todo o noso ser,
para que así poidamos tamén nós
participar da natureza divina.
Por Cristo, noso Señor.

## 4

### Antífona de entrada — Mal 2, 6

Levaba no seu peito a doctrina verdadeira, non se atopou ruindade nos seus labios: camiñou canda min na paz e na xusticia, arredou a moitos do pecado.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ve-la nosa fraqueza.
Pedímosche que, polo exemplo dos teus santos,
nos afirmes misericordiosamente no teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche estes sacrificios
na festa de san N.
Fai que eles nos acaden a salvación
e sexan agradables ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 5, 8-9

Felices os de corazón limpo, porque eles verán a Deus. Felices os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. Felices os perseguidos por causa da xusticia, porque deles é o reino do ceo.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos con estes dons sagrados;
os que témo-la obriga de te servir
pedímosche que estes misterios que celebramos
nos fagan progresar no camiño da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## 5

### Antífona de entrada — Sal 91, 13-14

O xusto florecerá coma unha palmeira, medrará coma un cedro do Líbano plantado na casa do Señor, no adro da casa do noso Deus.

### Oración

Señor, que a afervoada pregaria dos santos
lles acade protección ós teus fieis,
e xa que celebramos con devoción as súas festas,
que poidamos participar tamén da súa sorte gloriosa no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, a cantos presentamos esta ofrenda no teu altar
dános aquel sentimento de piedade
que lle infundiches a san N.
Fai que celebremos estes misterios
coa alma limpa e o corazón gozoso
e así este sacrificio sexa grato ós teus ollos
e a nós nos sirva de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 11, 28

«Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que a participación nos teus sacramentos
nos salve
e nos fortaleza na luz da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

## 6

### Antífona de entrada — Xer 17, 7-8

Bendito quen confía no Señor e nel pon a súa esperanza; será coma unha árbore, plantada ó pé da auga, que bota as raíces á beira do regato; cando chegue a seca, non ha ter medo.

### Oración

Deus todopoderoso,
concédenos que o exemplo do teus santos
nos axude a levar unha vida mellor
e fai que, ó celebrármo-la memoria de san N.,
imitemos tamén sempre as súas obras.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémo-los nosos dons no teu altar
para celebrármo-la festa dos teus santos.
Imploramos da túa clemencia
que sirvan para louvanza do teu nome glorioso
e nos acaden a nós a abundancia da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 15, 9

«Como me amou o Pai, así vos amei eu; permanecede no meu amor», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
pedímosche que os divinos misterios
que celebramos na conmemoración dos teus santos
realicen en nós a salvación e maila paz eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. Relixiosos

### Antífona de entrada — Sal 15, 5-6

O Señor é a miña parte na herdanza, é o meu lote; nas túas mans está a miña sorte. Tocáronme os mellores sitios, engaiólame a miña herdanza.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti outorgáchesslle a san N.
perseverar no seguimento de Cristo pobre e humilde.
Concédenos, pola súa intercesión,
vivir en conformidade coa nosa vocación,
para podermos chegar á perfección
que nos presentaches no teu Fillo, Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Ou, para un abade:

Señor, ti déchesnos na persoa do abade san N.
un exemplo de perfección evanxélica.
Concédenos manter firme o noso corazón nas cousas do ceo,
mentres camiñamos por medio das mudanzas deste mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus clementísimo,
en san N. dignácheste destruí-lo home vello
e crear un home novo.
Concédenos piadoso que nos renovemos nós tamén
para podermos ofrecer un sacrificio grato ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Mt 19, 27-29

Asegúrovos que os que deixastes todo e me seguistes recibiredes cen veces máis e a vida eterna coma herdanza.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
ti fortalécesnos con estes sacramentos.
Pedímosche que, a exemplo de san N.,
aprendamos a buscarte a ti por riba de todo
e a levarmos en nós, neste mundo, a imaxe do home novo.
Por Cristo, noso Señor.

## 8. Relixiosos

Antífona de entrada — Cf. Sal 23, 5-6

Estes son os santos que recibiron do Señor bendición e misericordia de Deus, seu Salvador. Estes son os que buscan o Señor.

Oración

Deus, noso Pai,
ti chamaches a san N.
para que buscase o teu reino neste mundo
coa práctica da caridade perfecta.
Concédenos ser fortalecidos pola súa intercesión,
de xeito que avancemos cheos de alegría
polo camiño do amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, sexan gratos ós teus ollos
estes dons do noso servicio,
que presentamos no teu altar en memoria de san N.
Concédenos que nos vexamos libres dos atrancos terreos
e que só ti séxa-la nosa riqueza.
Por Cristo, noso Señor.

Antífona da comunión — Sal 33, 9

Gustade e vede que bo é o Señor: feliz quen a el se acolle.

Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia deste sacramento,
pedímosche que, seguindo o exemplo de san N.,
nos manteñas a cotío no teu amor.
Que a obra que en nós iniciaches
alcance a perfección para o día en que volva Xesucristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## 9. Os que practicaron a misericordia

Antífona de entrada — Mt 25, 34. 36. 40

«Vinde, benditos do meu Pai, di o Señor. Estiven enfermo e fóstesme visitar. Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, comigo o fixestes.»

### Oración

Deus, noso Pai,
ti ensináchesslle á túa Igrexa
que toda a lei se resume
en te amar a ti e ó próximo.
Concédenos imita-los exemplos de caridade de san N.,
para que poidamos ser contados
entre os teus elixidos no reino do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que o teu pobo che ofrece
ó recordar nestes misterios
o grande amor que o teu Fillo nos tivo.
Concédenos que nos sintamos fortalecidos co exemplo dos santos
no amor a ti e a tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Xn 15, 13

«Non hai amor máis grande có de quen dá-la súa vida polos amigos», di o Señor.

Ou: Xn 13, 35

«Nisto coñecerán todos que sóde-los meus discípulos: se vos tendes amor uns ós outros», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos con estes misterios sagrados
na festa de san N.
Concédenos segui-lo exemplo
de quen fixo da súa vida un continuo acto de culto a ti
e unha entrega de amor ó teu pobo.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, ti aliméntasnos coas dozuras do sacramento da salvación.
Axúdanos, pola túa bondade, a imita-lo amor de san N.,
para que poidamos tamén participar con el na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## 10. Educadores

### Antífona de entrada — Mc 10, 14

«Deixade que os nenos se acheguen a min e non llelo impidades, pois dos que son coma eles é o reino de Deus», di o Señor.

Ou: — Mt 5, 19

«Quen practique os mandamentos e os ensine será tido por grande no reino do ceo», di o Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fixeches aparecer na túa Igrexa a san N.,
para que lle mostrase ó seu próximo o camiño da salvación.
Concédenos seguir coma el a Cristo mestre, de tal xeito
que poidamos chegar onda ti xunto cos nosos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bos ollos
a oblación que o teu pobo santo
che presenta na conmemoración dos teus santos.
Concédenos, pola participación neste misterio,
imita-los exemplos da túa caridade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 18, 3

Di o Señor: «Se non cambiades e non vos volvedes coma nenos, non entraredes no reino do ceo».

Ou: — Xn 8, 12

«Quen me siga, non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que este santo convite nos dea forzas
para seguírmo-lo exemplo dos teus santos.
Concédenos que levemos no corazón
e manifestemos nas obras o amor ós irmáns
e a luz da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

## 11. Santas mulleres

### Antífona de entrada — Cf. Pr 31, 30. 28

A muller que teme ó Señor merece ser louvada. Os seus fillos érguense e felicítana; o seu home dálle louvanzas.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti alégrasnos na festa anual de santa N.
Concédenos ós que hoxe veneramos esta santa
segui-los seus exemplos de vida cristiá.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, para varias mulleres:

Señor, a vida admirable das túas santas N. e N.
dános a todos un exemplo alentador.
Concédenos que a súa intercesión
nos alcance a túa axuda.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estas ofrendas
para conmemorar a santa N.
Pedímosche humildemente
que nos alcancen de ti o perdón e a salvación.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 13, 45-46

Aseméllase o reino do ceo a un negociante que buscaba pedras preciosas; ó atopar unha de moito valor, foi, vendeu canto tiña e comprouna.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
que a gracia deste sacramento ilumine a nosa fe
e acenda o noso amor
nesta festa de santa N.
Fai que ardamos en santos desexos e abundemos en boas obras.
Por Cristo, noso Señor.

## 12. Santas mulleres

### Antífona de entrada — Cf. Pr 14, 1-2

Velaquí a muller sabia que edificou a súa casa, foi polo bo camiño e temeu ó Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti, que eléva-los humildes,
fixeches brillar a santa N.
coa luz do amor e da paciencia.
Concédenos, polos seus méritos e intercesión,
que levemos con serenidade a nosa cruz
e te amemos sempre a ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, dáno-lo espírito de sabiduría e de amor
que infundiches na túa filla santa N.
Fai que a imitemos decote na súa entrega fiel a ti,
para que che agrademos coa nosa fe e coas nosas obras.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira a ofrenda do teu pobo.
Fai que nos aproveite para a nosa salvación
o que che ofrecemos con devoción
en honra dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 12, 50

«O que cumpre a vontade do meu Pai celestial, ese é meu irmán, miña irmá e mais miña nai», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, fortalécenos con estes teus dons
que recibimos na festa de santa N.
Concédenos agora que a súa eficacia nos purifique
e a súa forza nos defenda.
Por Cristo, noso Señor.

# ANTÍFONAS DE ENTRADA DE LIBRE ELECCIÓN

## Para as solemnidades e festas

1. Alegrémonos todos no Señor ó celebrarmos esta festa en honra de san (santa) N. (mártir, bispo, etc.); nesta solemnidade (festa, martirio) alégranse tamén os anxos e cantan louvanzas ó Fillo de Deus.

2. Alegrémonos todos no Señor na solemnidade do noso protector san N., que hoxe pasou deste mundo ó ceo co triunfo da fe, para reinar alí con Cristo para sempre.

3. Celebremos con xúbilo a victoria gloriosa do noso Patrono, que, por dar fe de Cristo diante dos homes, mereceu ser honrado no ceo por Cristo diante do Pai.

4. Celebremos con xúbilo a solemnidade do mártir san N., que loitou ata a morte en defensa da lei de Deus e no día de hoxe mereceu ser coroado na gloria por Cristo.

5. Louvade o noso Deus tódolos seus santos e cantos teméde-lo Señor, pequenos e grandes. Porque reina para sempre o noso Señor, Deus todopoderoso. Alegrémonos, brinquemos de alegría e deámoslle gloria.

6. Hoxe san N. recibiu o premio do seu traballo; hoxe, cheo de gloria, séntase á mesa do banquete do ceo na compaña de tódolos santos.

# MISAS RITUAIS

**N. B.** Os textos litúrxicos que se propoñen para un varón pódense adaptar para unha muller, cambiando o xénero; ou para varios, cambiando o número gramatical.

# I. NOS SACRAMENTOS DA INICIACIÓN CRISTIÁ

## 1. PARA A ELECCIÓN OU INSCRIPCIÓN DO NOME

### Antífona de entrada — Sal 104, 3-4

Que se alegre o corazón dos que buscan o Señor. Buscade o Señor e o seu poder, buscade sempre a súa presencia.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti sempre actúas para salvarnos
e agora alégra-lo teu pobo
cunha gracia aínda máis abundante.
Mira con bondade polos teus elixidos:
que a túa protección acompañe sempre
os catecúmenos e os bautizados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso e eterno,
polo sacramento do bautismo e pola confesión do teu nome,
rexenérasnos para a vida eterna.
Acolle as ofrendas e oracións dos teus fillos
que esperan en ti,
axúdalles a cumpri-los seus desexos
e límpaos dos seus pecados.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do tempo litúrxico correspondente.

### Antífona da comunión — Ef 1, 7

Polo sangue de Cristo alcanzámo-la liberación, o perdón dos pecados: proba da súa inmensa xenerosidade.

### Oración despois da comunión

Señor, que estes sacramentos que acabamos de recibir
nos purifiquen e nos libren de toda culpa.
Fai que os que nos afliximos pola conciencia do pecado,
nos alegremos polo auxilio da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

Tamén se pode toma-la misa do venres da IV semana da Coresma, p. 228.

## 2. NOS ESCRUTINIOS

Esta misa dise cando se celebran os escrutinios, tanto no seu tempo propio, é dicir, nos domingos III, IV e V da Coresma, coma noutros tempos.

### Antífona de entrada — Ez 36, 23-26

«Cando manifeste en vós a miña santidade, axuntareivos de tódolos países. Verterei sobre vós unha auga pura e quedaredes limpos de todo pecado: dareivos un espírito novo», di o Señor.

### Oración

No primeiro escrutinio:

Señor, que estes nosos elixidos
poidan chegar con rectitude e sabiduría
á profesión da túa gloria no bautismo.
Fai que, recuperando a santidade perdida
por culpa do pecado orixinal,
recuperen a dignidade de seren fillos teus.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

No segundo escrutinio:

Deus todopoderoso e eterno,
que a túa Igrexa se alegre co aumento de novos fillos.
Polo seu nacemento natural, eles son da terra;
fai ti que sexan do ceo, polo renacemento espiritual no bautismo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

No terceiro escrutinio:

Señor, renova na fonte do bautismo
a estes elixidos xa instruídos nos misterios santos da fe,
para que sexan membros vivos da túa Igrexa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

No primeiro escrutinio:

Deus, noso Pai,
que a túa misericordia prepare debidamente estes teus fillos
e os faga avanzar na santidade,
para que poidan chegar a recibir estes misterios.
Por Cristo, noso Señor.

No segundo escrutinio:

Señor, presentámosche con alegría
estas ofrendas de salvación.
Fai que nós celebremos debidamente este sacrificio
e o ofrezamos con devoción
polos que van recibi-lo bautismo.
Por Cristo, noso Señor.

No terceiro escrutinio:

Deus todopoderoso,
acolle a nosa oración por estes catecúmenos
que iniciaches na fe cristiá.
Purifícaos pola eficacia deste sacrificio
para recibiren o bautismo.
Por Cristo, noso Señor.

Dise o prefacio propio de cada un dos domingos da Coresma ou, noutros días, do tempo litúrxico correspondente.

Cando se usa o Canon romano, no Meménto de vivos faise memoria dos padriños e dise Acolle, Señor, propio:

Acórdate, Señor, dos teus fillos e fillas N. e N.
(e dise o nome dos padriños e das madriñas)
que van ser padriños no bautismo
destes teus escollidos.
Acórdate tamén de tódolos presentes...

Acolle, Señor, con bondade
esta ofrenda que che presentamos
polos teus fillos e fillas,
que quixeches escoller e chamar para a vida eterna
mediante o don do bautismo.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

## Antífona da comunión

Cando se le o evanxelio da Samaritana: Xn 4, 13-14

«O que beba da auga que eu lle darei, di o Señor, terá dentro del unha fonte que saltará ata a vida eterna.»

Cando se le o evanxelio do cego de nacemento: Cf. Xn 9, 11

O Señor fixo lama e untoume os ollos: Entón fun e, ó que me lavei, comencei a ver e crin en Deus.

Cando se le o evanxelio de Lázaro: Xn 11, 26

«Todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais», di o Señor.

## Oración despois da comunión

No primeiro escrutinio:

Señor, asiste cos dons da túa salvación
a estes fillos que chamaches
a recibi-los sacramentos da vida eterna.
Rogámosche que os prepares debidamente
protexéndoos co teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

No segundo escrutinio:

Señor, sostén sempre con bondade a túa familia.
Guíaa nos teus camiños,
faina dócil á túa ensinanza
e lévaa á salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

No terceiro escrutinio:

Señor, o teu pobo reúnese para orar
e quere servirte de todo corazón.
Líbrao de toda desgracia,
concédelle experimenta-la alegría da salvación,
e pedir xenerosamente polos que se van bautizar.
Por Cristo, noso Señor.

## 3. NA CELEBRACIÓN DO BAUTISMO

Esta misa dise, con ornamentos brancos, no bautismo dos adultos, principalmente se na mesma acción litúrxica se celebra a confirmación.

Se se considera oportuno, tamén se pode dicir no bautismo dos nenos.

Pódense usar estes formularios tódolos días, fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa.

### A

**Antífona de entrada** Ef 4, 24

Revestide o home novo, creado a imaxe de Deus, na xusticia e na santidade auténticas.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti fasnos participar no misterio
da morte e da resurrección do teu Fillo.
Fortalécenos co Espírito que nos fai fillos teus no bautismo,
para que vivamos de verdade a vida nova que ti nos dás.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, polo bautismo fixeches a estes fillos teus
semellantes ó teu Fillo
(na confirmación fortalecíche-la súa fe),
e uníchelos ó teu pobo sacerdotal.
Pedímosche que os aceptes coma ofrendas vivas
xunto con estas ofrendas da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do bautismo, p. 474.

Cando se usa o Canon romano, no Meménto de vivos faise memoria dos padriños:

Acórdate, Señor, dos teus fillos e fillas N. e N.
(e dise o nome dos padriños e das madriñas)
que foron padriños no bautismo
destes teus elixidos.
Acórdate tamén de tódolos presentes...

Nas Pregarias eucarísticas a memoria dos neófitos faise conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente por N. e N. (aqueles)
que fixeches renacer da auga e do Espírito Santo,
perdoándolles tódolos seus pecados,
para incorporalos a Cristo Xesús, noso Señor,
e inscribi-los seus nomes no libro da vida.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Na misa do bautismo de adultos:

Lémbrate, Señor, dos nosos irmáns N. e N.
que hoxe, polo bautismo (e pola confirmación),
entraron na túa Igrexa:
axúdalles a seguiren a Cristo, teu Fillo,
con xenerosidade.
Lémbrate tamén...

Na misa do bautismo de nenos:

Lémbrate tamén dos nosos irmáns N. e N.
(daqueles irmáns nosos)
que hoxe fixeches renacer
da auga e do Espírito Santo
liberándoos do pecado;
ti, que os incorporaches,
como membros vivos,
ó corpo de Cristo,
inscribe tamén os seus nomes no libro da vida.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Na misa do bautismo de adultos:

Confirma na fidelidade cristiá
os teus fillos (N. e N.)
que hoxe, polo bautismo (e polo don do Espírito),
chamaches a formar parte da túa Igrexa,
e concédelles andaren sempre nunha nova vida.
Atende con amor as súplicas desta familia...

Na misa do bautismo de nenos:

Axuda ós nosos irmáns (N. e N.)
que hoxe fixeches renacer da auga e do Espírito Santo
librándoos do pecado;
ti, que os incorporaches, como membros vivos,
ó corpo de Cristo,
inscribe tamén os seus nomes no libro da vida.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención dos neófitos insértase deste xeito:

...dos que presentan as súas ofrendas,
dos nosos irmáns (N. e N.)
que hoxe fixeches renacer da auga e do Espírito Santo,
dos aquí reunidos...

## Antífona da comunión 1 Xn 3, 1

Ollade canto nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade.

## Oración despois da comunión

Señor, neste sacramento
alimentáchesnos co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Fainos crecer na comunión co seu Espírito
e na caridade cos nosos irmáns,
de modo que, vivificados polo teu amor,
alcancémo-la plena madurez no Corpo de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## B

### Antífona de entrada — Tit 3, 5. 7

Deus salvounos pola auga do bautismo e polo poder renovador do Espírito Santo. Así, xustificados pola súa gracia, somos herdeiros en esperanza da vida eterna.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti fasnos renacer pola túa palabra de vida.
Fai que a recibamos con corazón sincero,
para que vivamos con alegría conforme á verdade
e medre en nós o amor ós irmans.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle na túa mesa
os que se achegan
para prepara-lo pan e mailo viño da santa cea.
Fai que, celebrando con gozo este santo banquete,
merezamos ser membros do teu pobo santo
e formemos parte da túa familia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do bautismo, p. 474.

Intercesións propias, coma na misa anterior, p. 879.

### Antífona da comunión — 1 Xn 3, 2

Xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos.

### Oración despois da comunión

Señor, con esta celebración,
acabamos de proclama-lo misterio
da morte e resurrección do teu Fillo.
Pola eficacia deste sacramento
fai que o proclamemos tamén coa nosa vida.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. NA CELEBRACIÓN DA CONFIRMACIÓN

Esta misa dise, con ornamentos brancos ou vermellos, cando a confirmación se celebra dentro dela ou inmediatamente antes ou despois.

Pódense usar estes formularios tódolos días, fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa.

### A

**Antífona de entrada** Ez 36, 25-26

Di o Señor: «Verterei sobre vós auga pura, dareivos un corazón novo e poñerei dentro de vós un espírito novo.»

**Oración**

Deus de poder e de misericordia,
rogámosche que envíe-lo Espírito Santo,
para que habite en nós
e nos transforme en templos da súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, cumpre a túa promesa
de enviárno-lo Espírito Santo:
que el nos faga ante o mundo
testemuñas do Evanxelio do noso Señor Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Outras oracións, pp. 886-888.

**Oración sobre as ofrendas**

Acolle, Señor, con bondade
as ofrendas dos teus fillos.
Nesta Eucaristía celebrámo-lo memorial da redención
pola que o teu Fillo conseguiu para nós
o don do Espírito Santo:
que el os faga máis semellantes a Cristo
e os converta en testemuñas cada vez máis fieis.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio da confirmación, p. 475.

Nas Pregarias eucarísticas a memoria dos novos confirmados faise conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente por N. e N. (aqueles)
que, renacidos no bautismo,
foron confirmados hoxe polo don do Espírito Santo;
acóllea na túa bondade
e conserva nos teus fillos o don que lles deches.
Dispón os nosos días na túa paz,
líbranos da condenación eterna
e cóntanos entre os teus elixidos.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Lémbrate tamén dos teus fillos N. e N.
que, rexenerados no bautismo,
hoxe confirmaches co selo do Espírito Santo:
garda neles o don do teu amor.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Axuda ós teus fillos (N. e N.)
que hoxe confirmaches
marcándoos co selo do Espírito Santo:
garda neles o don do teu amor.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención dos novos confirmados insértase deste xeito:

... dos que presentan as súas ofrendas,
dos teus fillos (N. e N.)
que hoxe confirmaches
marcándoos co selo do Espírito Santo,
dos aquí reunidos...

## Antífona da comunión — Cf. Heb 6, 4

Os que fostes iluminados, os que probáste-lo don celestial e participastes no Espírito Santo, alegrádevos todos no Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, axuda de aquí en diante, coa túa bendición,
os que consagraches coa unción do Espírito Santo
e alimentaches co sacramento do teu Fillo.
Que superen tódalas adversidades,
que alegren a Igrexa coa súa santidade
e que coa súa vida e caridade a fagan crecer no mundo.
Por Cristo, noso Señor.

## Bendición ó final da misa

En lugar da bendición habitual, na fin da misa úsase a bendición seguinte ou a oración sobre o pobo que veñen despois:

Deus, Pai todopoderoso,
que vos fixo renacer pola auga e polo Espírito Santo
e vos adoptou coma fillos,
vos bendiga
e vos manteña sempre dignos do seu amor.
R. Amén.

O Fillo unixénito de Deus,
que prometeu que o Espírito da verdade
permanecería sempre na súa Igrexa,
vos bendiga
e vos confirme co seu poder na profesión da fe verdadeira.
R. Amén.

O Espírito Santo,
que acendeu o lume do amor no corazón dos discípulos,
vos bendiga,
vos manteña unidos e vos leve ó gozo do reino de Deus.
R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

## Oración sobre o pobo

En lugar da bendición anterior, pódese dici-la oración sobre o pobo.

O diácono ou un ministro pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Despois o bispo, coas mans extendidas sobre o pobo, di:

Deus, noso Pai,
confirma a obra que realizaches en nós
e garda os dons do Espírito Santo
no corazón dos teus fieis.
Fai que non se avergoñen
de confesar ante o mundo
a Cristo crucificado
e cumpran con amor os seus mandados.

R. Amén

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## B

### Antífona de entrada — Cf. Rm 5, 5; 8, 11

O amor de Deus vértese nos nosos corazóns, mediante o seu Espírito que habita en nós.

### Oración

Señor, envía sobre nós o teu Espírito Santo.
Fai que vivamos na unidade da fe,
crezamos na forza do seu amor
e alcancemos na nosa vida a madurez de Cristo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Outras oracións, pp. 883 e 887.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con amor estes teus fillos
e vencéllaos ó teu Fillo unixénito.
Hoxe recibiron o sinal da cruz
e foron unxidos co crisma da salvación.
Fai que, ó se ofreceren con Cristo nesta Eucaristía,
reciban cada vez con máis abundancia
os dons do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da confirmación, p. 475.

Intercesións propias, coma na misa anterior, p. 884.

### Antífona da comunión — Sal 33, 6. 9

Mirade o Señor e encheravos de luz: gustade e vede o bo que é o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti enriquecíche-los teus fillos
cos dons do Espírito Santo
e alimentáchelos co Corpo de Cristo.
Axúdaos a comprende-la túa lei de amor,
para que manifesten ante o mundo
a súa liberdade de fillos de Deus
e que coa santidade da súa vida
exerzan a misión profética da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Bendición solemne ou oración sobre o pobo, coma na misa anterior, p. 885.

## C

## Outras oracións, para usar como conveña

### Oración

Señor, que o Espírito Santo, que procede de ti,
ilumine o noso espírito
e, conforme á promesa do teu Fillo,
nos faga comprender toda a verdade.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle a ofrenda que che presenta a túa familia.
Axuda os que recibiron o don do Espírito Santo,
para que o conserven sempre
e poidan logra-la felicidade prometida.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, énchenos co teu Espírito de amor.
Fai que vivamos cun mesmo corazón
os que acabamos de comer un mesmo pan.
Por Cristo, noso Señor.

## II. NA CELEBRACIÓN DAS ORDES SAGRADAS

Fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, e das solemnidades e festas dos apóstolos, a misa na que se administran as ordes sagradas pódese ter deste xeito:

*a)* as antífonas de entrada e da comunión son as que figuran máis abaixo;

*b)* as oracións escóllense as máis apropiadas entre as que se propoñen para un bispo (p. 938), para os sacerdotes (p. 942) e para outros ministros da Igrexa (p. 946);

*c)* as lecturas escóllense entre as indicadas para estas celebracións; pódense usar, polo menos en parte, mesmo os días nos que a misa ritual non está permitida.

### Antífona de entrada — Xn 12, 26

«Se alguén me quere servir, que me siga, di o Señor; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor.»

Ou, nas ordenacións de diáconos, presbíteros ou bispos: — Lc 4, 18

O Espírito do Señor está sobre min, pois el foi quen me unxiu. Envioume para proclama-la Boa Nova ós pobres e sandar os de corazón oprimido.

Prefacio das ordenacións, p. 479.

Na ordenación de sacerdotes, pode tomarse o prefacio da Misa crismal, p. 256.

Cando se usa o Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por estes teus fillos
que te dignaches promover
á orde do diaconado (ou presbiterado, ou espiscopado);
conserva neles e fai fructificar co teu poder
os dons que recibiron da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

### Antífona da comunión — Xn 17, 17-18

«Pai santo, conságraos na verdade, como ti me enviaches ó mundo, así os envío eu», di o Señor.

## III. NA ADMINISTRACIÓN DO VIÁTICO

Fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa, pódese dicir a misa ou ben da Santísima Eucaristía (p. 995) ou ben, se parece oportuno, a misa «Polos enfermos» (p. 978), coas oracións que seguen:

### Oración

Deus, noso Pai,
o teu Fillo é para nós o camiño, a verdade e a vida.
Mira con bondade o teu fillo N.
e fai que, confiando nas túas promesas
e fortalecido co Corpo de Cristo,
camiñe en paz cara ó teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Pai santo, olla con bondade o noso sacrificio
e recoñece nel o Año pascual
que coa súa paixón abriunos as portas do paraíso.
Fai que pola túa gracia
esta celebración introduza o teu fillo N. na gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio III da Santísima Eucaristía, p. 478.

### Oración despois da comunión

Señor, ti e-la salvación eterna dos que cren en ti.
Fai que o teu fillo N.,
reconfortado polo pan e o viño eucarísticos,
chegue seguro ó reino da luz e da vida.
Por Cristo, noso Señor.

# IV. MISA POLOS ESPOSOS

## 1. NA CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO

Cando o matrimonio se celebra na misa, dise a «Misa polos esposos» de branco. Se se celebra en domingo ou solemnidade, dise a misa do día conservando a bendición solemne sobre a esposa e o esposo, e, cando se considere oportuno, a fórmula propia para a bendición final.

A liturxia da palabra na celebración do matrimonio ten moita forza para a catequese sobre o sacramento e os deberes dos esposos. Por iso, cando non se pode dici-la «Misa polos esposos» (a non ser durante o Triduo Pascual, as solemnidades do Nadal, Epifanía, Pentecostés e o Santísimo Corpo e Sangue de Cristo, ou outras solemnidades de precepto), pódese escoller unha lectura dos textos para a celebración do matrimonio. Ademais, nos domingos do tempo de Nadal e do tempo ordinario «per annum», se na misa en que se celebra o matrimonio non participa a comunidade parroquial, pódese dicir todo o formulario da «Misa polos esposos».

Se o matrimonio se celebra no Advento ou Coresma, ou noutros días de carácter penitencial, o párroco advertirá ós esposos que teñan en conta a natureza especial destes tempos litúrxicos.

### A

**Antífona de entrada** Sal 19, 3. 5

Que o Señor vos mande socorro desde o santuario, que vos sosteña desde Sión.
Que vos outorgue canto quere o voso corazón e cumpra os vosos proxectos.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti consagráche-la alianza matrimonial
cun sacramento tan admirable
que a converteches en símbolo da unión de Cristo coa Igrexa.
Fai que estes fillos teus realicen na súa vida de casados
o ideal deste sacramento que hoxe reciben na fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
cando creáche-la humanidade,
determináche-la unión do home e a muller.
Mantén na fidelidade os que se van unir en alianza matrimonial.
Ti, que lles concéde-la fecundidade do amor,
fai que dean exemplo del ante o mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta a ofrenda que che presentamos
na celebración deste matrimonio.
Ti, que e-lo autor desta unión,
gárdaa coa túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A DIGNIDADE DA UNIÓN MATRIMONIAL

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti quixeches que a comunidade matrimonial
estivese rexida pola grata lei do amor e polo vínculo irrompible da paz,
para que a unión casta e fecunda dos esposos
aumente o número dos teus fillos.

Pois ti, Señor, coa túa providencia
e coa túa gracia realíza-la maravilla
de que os fillos, que nacen para o progreso do mundo,
renazan polo bautismo para o aumento da Igrexa,
por Cristo, Señor noso.

Por el, unidos ós anxos e ós santos,
cantámosche un himno de louvanza,
proclamando sen cesar a túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Nas Pregarias eucarísticas a memoria dos novos esposos faise conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio (a frase entre parénteses pode suprimirse se se xulga convenente):

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros,
dos novos esposos N. e N.
e de toda a túa familia, que hoxe pide por eles;
e xa que lles concediches
chegar ó día dos desposorios,
dálles tamén
(a ledicia dunha ansiada descendencia e d)
unha longa vida.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Lémbrate dos teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor:
concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Axuda ós teus fillos N. e N.
que hoxe, en Cristo, fundaron unha nova familia,
Igrexa doméstica e sacramento do teu amor,
e concédelles que a gracia deste día
se alongue durante toda a súa vida.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención dos novos esposos insértase deste xeito:

... dos que presentan as súas ofrendas,
dos teus fillos N. e N.
que, en Cristo, fundaron hoxe unha nova familia,
dos aquí reunidos...

## Oración sobre a esposa e o esposo

Despois do Noso Pai, omítese o Líbranos, Señor, e o sacerdote, de cara ós esposos, di sobre eles a seguinte bendición.

Na invitación, as palabras entre parénteses pódense omitir, cando non comulgan un dos esposos ou os dous.

Na oración Deus, noso Pai, co teu poder, pódense omitir, se parece oportuno, dous ou tres párrafos que comezan Deus, noso Pai, co teu poder; Deus, noso Pai, ti consagraches; Deus, noso Pai, ti quixeches, conservando unicamente o párrafo que corresponda á liturxia da palabra.

No último párrafo desta oración pódense omiti-las palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

O sacerdote, de pé, coas mans xuntas, di:

Queridos irmáns, roguemos ó Señor que bendiga con bondade e encha coa súa gracia a esta filla súa que en Cristo se uniu ó seu esposo. Que el (polo sacramento do Corpo e Sangue de Cristo) xunte nun só amor os que uniu en alianza matrimonial.

Todos oran en silencio por uns instantes. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

*Deus, noso Pai,
co teu poder creaches todo da nada
e, unha vez disposto o universo,
formáche-lo home á túa imaxe.
Ti quixeches que o varón e a muller
vivisen en compañía inseparable,
para que xa non fosen dous, senón un único ser.
Deste xeito ensiñáchesnos
que non se pode separar
o que ti determinaches que permanecese unido.

*Deus, noso Pai,
ti consagráche-la alianza matrimonial
cun sacramento tan admirable
que a convertiches en símbolo
da unión de Cristo coa Igrexa.

*Deus, noso Pai,
ti quixeches que o varón e a muller vivisen unidos
e a súa unión, establecida desde o comezo,

enriquecíchela coa única bendición
que non foi anulada,
nin pola pena do pecado orixinal,
nin polo castigo do diluvio.

Olla garimoso esta filla túa,
que acaba de casar e pide a túa protección.
Concédelle a gracia do amor e da paz
e fai que siga o exemplo das santas mulleres
que son louvadas na Sagrada Escritura.

Que sempre confíe nela o corazón do seu marido,
que a recoñeza coma súa igual
e coherdeira da mesma gracia na vida,
que a trate co debido respeto
e a ame co mesmo amor
co que Cristo amou a súa Igrexa.

E agora, Señor, pedímosche
que estes teus fillos permanezan firmes
na fe e na obediencia ós teus mandados.
Que se garden fidelidade
e se distingan pola boa conducta.
Que, fortalecidos polo Evanxelio,
sexan un espello de vida cristiá.
(Que a súa unión sexa fecunda,
se comporten coma pais exemplares
e teñan a alegría de ve-los fillos dos seus fillos.)
E que despois dunha longa vida
alcancen a felicidade dos santos no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

A misa continúa logo coma de costume.

## Antífona da comunión — Cf. Ef 5, 25. 27

Cristo amou a Igrexa e entregouse por ela para a converter nunha esposa santa e inmaculada.

### Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia deste sacrificio,
acompaña coa túa gracia o matrimonio que ti instituíches.
Ós que xuntaches cunha unión santa
(e alimentaches cun mesmo pan e un mesmo cáliz),
concédelles vivir sempre unidos no amor.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da misa

Deus, o Pai eterno,
vos manteña unidos no amor,
para que a paz de Cristo viva en vós
e permaneza sempre no voso lar.

R. Amén.

Que os vosos fillos sexan para vós unha bendición,
que disfrutedes da compaña dos amigos
e vivades en paz con todo o mundo.

R. Amén.

Que sexades no mundo un espello do amor de Deus
para que os pobres e aflixidos
vos acollan un día agradecidos
na casa eterna do Pai.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## B

### Antífona de entrada — Sal 89, 14. 17

Dános axiña fartura da túa misericordia, para que a nosa vida teña gozo e ledicia. Que a bondade do Señor nos acompañe e que el asegure os traballos das nosas mans.

### Oración

Señor, escoita as nosas súplicas
e infunde con bondade a túa gracia nestes fillos teus.
Eles únense ante o teu altar,
fainos ti sempre firmes no amor que se prometen.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
estes dons que che ofrecemos con alegría
e garda con amor de Pai
os que uniches en alianza matrimonial.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

#### O GRANDE MISTERIO DO MATRIMONIO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Ti estableciche-la nova alianza co teu pobo,
para que o home, redimido polo misterio
da morte e da resurrección de Cristo,
participe por el da natureza divina
e sexa con el herdeiro da gloria do ceo.
Na unión do home e da muller déchesnos un signo
do amor xeneroso de Cristo pola Igrexa,
para que o sacramento do matrimonio
nos recorde o misterio admirable do teu amor.

Por iso, cos anxos e cos santos,
te louvamos, proclamando sen cesar:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Intercesións propias, coma na misa A, p. 893.

## Oración sobre a esposa e o esposo

Despois do Noso Pai, omítese o Líbranos, Señor, e o sacerdote, de cara ós esposos, di sobre eles a seguinte bendición.

Na invitación, as palabras entre parénteses pódense omitir, cando non comulgan un dos esposos ou os dous.

Na oración Pai santo pódese omitir, se parece oportuno, un dos dous párrafos que comezan Pai santo; Deus, noso Pai, conservando unicamente o párrafo que corresponda á liturxia da palabra.

No párrafo terceiro desta oración pódense omiti-las palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

O sacerdote, de pé, coas mans xuntas, di:

Roguemos ó Señor por estes esposos que, ó comezo da súa vida matrimonial, se acercan ó altar, para que (pola comunión do Corpo e do Sangue de Cristo) vivan sempre unidos no amor.

Todos oran en silencio por uns instantes. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

*Pai santo,
ti creáche-lo home á túa imaxe
facéndoo varón e muller,
para que, unidos nun só espírito e nunha soa carne,
cumprisen a súa misión no mundo.

*Deus, noso Pai,
para reveláre-lo plan do teu amor,
quixeches que o amor dos esposos
fose un símbolo da alianza que estableciches co teu pobo.

E, cando ese símbolo chegou á plenitude,
quixeches que o matrimonio cristián
manifestase o misterio do amor de Cristo á Igrexa, súa esposa.
Rogámosche agora que exténda-la túa man
e bendigas con amor os teus fillos N. e N.

Señor, fai que así como agora van comparti-la súa vida
polo sacramento do matrimonio,
compartan tamén os dons do teu amor;
que sexan un para o outro signo da túa presencia
e cheguen a ser un só corazón e unha soa alma.
Concédelles tamén, Señor, que co seu traballo
edifiquen e sosteñan o seu fogar,
(que eduquen os seus fillos na doctrina do Evanxelio,
e os preparen así para ser membros da túa familia santa).

Enche de bendicións esta túa filla N.,
para que, coma (nai e) esposa exemplar,
anime a casa coa quentura do seu amor
e a alegre coa súa ternura e simpatía.
Bendice tamén o teu fillo N.,
para que sexa esposo fiel (e pai cariñoso).

Pai santo,
estes fillos teus, por primeira vez como esposos,
achéganse á túa mesa.
Concédelles participar tamén un día
no gozoso banquete do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

A misa continúa logo coma de costume.

## Antífona da comunión — Xn 13, 34

«Douvos un mandamento novo, amádevos uns ós outros», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, despois de participarmos na túa mesa,
pedímosche polos teus fillos N. e N.
que acaban de unirse no sacramento do matrimonio.
Fai que vivan sempre unidos a ti
e proclamen entre os homes a túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da misa

Deus, Pai todopoderoso,
vos dea a súa alegría
e vos bendiga (co don dos fillos).

R. Amén.

O Fillo único de Deus
teña piedade de vós
e vos axude na felicidade e na desgracia.

R. Amén.

O Espírito Santo de Deus
encha os vosos corazóns co seu amor.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## C

### Antífona de entrada — Sal 144, 2. 9

Bendicireite día tras día, Señor; louvarei por sempre o teu nome, porque ti es bo para todos, misericordioso con tódalas túas obras.

### Oración

Deus todopoderoso,
pedímosche por estes teus fillos
que uniches nunha alianza santa.
Fai que crezan sempre na fe que profesan
e aumenten a túa Igrexa (facendo cristiáns os seus fillos).
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, escoita as nosas súplicas
e acolle con bondade as ofrendas que che presentamos
por estes fillos teus que acaban de casar.
Por esta Eucaristía fai que se amen entre si
e perseveren no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### O MATRIMONIO COMO SIGNO DO AMOR DIVINO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Na túa bondade, ti creáche-lo home
elevándoo a unha dignidade tan alta
que na unión do home e da muller
déchesnos unha imaxe viva do teu amor.
Pois por amor o creaches,
ó amor o invitas sen cesar
e no teu amor eterno ten o seu destino.
Así, o sacramento do matrimonio,
que é signo do teu amor divino,
fai santo tamén o amor humano;
por Cristo, Señor noso.

Por el, cos anxos e cos santos,
cantámosche un himno de louvanza,
dicindo sen cesar:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Intercesións propias, coma na misa A, p. 893.

## Oración sobre a esposa e o esposo

Despois do Noso Pai, omítese o Líbranos, Señor, e o sacerdote, de cara ós esposos, di sobre eles a seguinte bendición.

No párrafo primeiro desta oración pódense omiti-las palabras entre parénteses, se as circunstancias o aconsellan, por exemplo, se os esposos son de idade avanzada.

O sacerdote, de pé, coas mans xuntas, di:

Queridos irmáns: Invoquémo-la bendición do Señor sobre estes esposos: para que enriqueza co auxilio da súa gracia os que santificou co sacramento do matrimonio.

Todos oran en silencio por uns instantes. Despois o sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Pai santo, creador do universo,
ti formáche-lo home e a muller á túa imaxe
e enriqueciches coa túa bendición
a súa unión matrimonial.
Rogámosche humildemente por esta esposa
que hoxe se une ó seu home polo sacramento do matrimonio:
que a túa bendición, Señor,
descenda abundante sobre ela e o seu marido,
para que atopen felicidade
na entrega mutua do seu amor;
(que os fillos adornen o seu fogar
e aumenten a túa Igrexa).

Señor, que te louven na alegría
e te busquen na tristeza.
Que sintan nos seus traballos o agarimo da túa axuda
e nos sufrimentos a presencia do teu consolo.
Que participen na oración da túa Igrexa
e sexan as túas testemuñas no mundo.
Que despois dunha longa vida
con tódolos amigos que hoxe lles acompañan,
cheguen un día ó reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

A misa continúa logo coma de costume.

## Antífona da comunión — Sal 33, 1. 9

Eu bendigo o Señor en todo instante, teño sempre na boca a súa louvanza. Gustade e vede o bo que é o Señor: feliz quen a el se acolle.

## Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
que aumente sempre nestes fillos teus
a gracia do sacramento que recibiron,
e que todos nós recibámo-lo froito
da Eucaristía que acabamos de ofrecer.
Por Cristo, noso Señor.

## Bendición ó final da misa

O Señor Xesús,
que quixo estar presente na voda de Caná,
vos bendiga a vós
e ós vosos parentes e amigos.

R. Amén.

El, que amou sen medida a súa Igrexa,
infunda sempre o seu amor nos vosos corazóns.

R. Amén.

O Señor resucitado
vos faga testemuñas da fe na resurrección
e vos conceda esperar con alegría a súa volta gloriosa.

R. Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.

R. Amén.

## 2. NOS ANIVERSARIOS DO MATRIMONIO

Nos aniversarios do matrimonio, principalmente no 25.° e no 50.°, pódese dici-la «Misa para dar gracias a Deus» (p. 984) cando se permiten as misas votivas e por algunhas necesidades. As oracións son as que seguen.

As mesmas oracións pódense usar, se parece oportuno, tamén nas misas de feria do tempo ordinario.

### A. No aniversario

#### Oración

Deus, creador do universo,
ó principio ti formaches o home e a muller,
para que vivisen unidos en matrimonio.
Bendice e confirma a unión dos teus fillos N. e N.
para que sexan imaxe cada vez máis perfecta
da unión de Cristo coa Igrexa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

#### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti fixeches saír auga e sangue do costado de Cristo,
como signos dos sacramentos da nosa redención.
Acepta as ofrendas que che presentamos
en acción de gracias polos teus fillos N. e N.,
enriquece o seu matrimonio coa abundancia dos teus dons.
Por Cristo, noso Señor.

#### Oración despois da comunión

Señor, ti que nos alimentas co pan e o viño da vida eterna,
enche de amor e alegría o corazón destes teus fillos.
Que a súa casa sexa un lugar de paz e honestidade,
coa porta sempre aberta
para lles ofrecer a todos o agarimo da caridade.
Por Cristo, noso Señor.

## B. No 25.º aniversario

### Oración

Señor, ti uniches os teus fillos N. e N.
co vínculo indisoluble do matrimonio
e durante estes vintecinco anos
mantivéchelos unidos polo amor
nas alegrías e nas tristezas.
Aumenta e purifica este amor
para que (xunto cos seus fillos) vivan en alegría e santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
acepta con bondade estes dons
que che ofrecemos en acción de gracias
polos teus fillos N. e N.
Que este sacrificio lles encha con abundancia de paz e alegría.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti admitiches na mesa da túa familia
a estes esposos N. e N. (xunto cos seus fillos e amigos).
Que con alegría e firmeza vivan cada vez máis unidos
e que, pola túa gracia,
poidan chegar xuntos ó banquete do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## C. No 50.º aniversario

### Oración

Deus, Pai todopoderoso,
mira con bondade os esposos N. e N.
(xunto cos fillos que eles enxendraron para a vida e para a fe),
e ten en conta as boas obras
dos seus cincuenta anos de matrimonio.
Ti, que confirmaches cun sacramento admirable
o comezo do seu amor,
bendíceos agora na madurez fecunda da súa vida.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
acepta con bondade estes dons que che ofrecemos
en acción de gracias polos teus fillos N. e N.
Eles, que tantos anos viviron unidos
por unha fidelidade auténtica,
esperan aínda da túa xenerosidade
a plenitude da unidade e da paz.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, alimentados gozosamente na túa mesa,
rogamos polos esposos N. e N.
Concédelles unha vellez santa
ata que a ambos, cheos de días,
os convides ó banquete do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## V. NA BENDICIÓN DUN ABADE OU DUNHA ABADESA

Esta misa pódese dicir, con ornamentos brancos, fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa.

### Antífona de entrada — Xn 15, 16

«Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós, para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza», di o Señor.

Ou: — Col 3, 14-15

Por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o vínculo que todo une e leva á perfección. Que a paz de Cristo goberne os vosos corazóns, xa que a ela fostes chamados nun só corpo.

### Oración

Señor, ti elixiches o teu servo N. (a túa serva N.)
como abade (abadesa) desta comunidade.
Concédelle que co seu exemplo e a súa ensinanza
edifique os seus irmáns (as súas irmás);
e fai que, xunto con eles (elas),
teña a alegría de recibir de ti, que e-lo bo Pastor,
a recompensa da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons dos teus fillos
que se entregan a si mesmos como ofrenda espiritual.
Éncheos coa abundancia
da humildade, da obediencia e da paz verdadeira.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 20, 28

O Fillo do home non veu ser servido, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

Ou:

Onde hai amor verdadeiro, alí está Deus. O amor de Cristo fixo de nós unha comunidade.

## Oración despois da comunión

Señor, mira con bondade esta túa familia,
que acaba de celebra-lo misterio da fe.
Fai que andemos sempre polos camiños do Evanxelio,
e que te glorifiquemos en todo.
Por Cristo, noso Señor.

## VI. NA CONSAGRACIÓN DAS VIRXES

Esta misa pódese dicir, con ornamentos brancos, fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa.

### Antífona de entrada — Sal 104, 4-5

Buscade o Señor e o seu poder, buscade sempre a súa presencia. Relembrade as maravillas que fixo.

### Oración

Señor, ti inspiráchesslles a estas fillas túas
o propósito de te serviren na vida de virxinidade.
Concédelles completa-lo que empezaron
e permaneceren ata a fin
fieis ó seu propósito
ofrecéndoche unha vida consumada na perfección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, por esta Eucaristía
concédelles a estas fillas túas
a perseverancia no compromiso que asumiron.
Que, cando veña Cristo na súa gloria,
lles abra as portas e poidan entrar na alegría do reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Nas Pregarias eucarísticas a consagración das virxes pódese conmemorar coas seguintes fórmulas:

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, con bondade
e santifica coa túa misericordia esta ofrenda,
que che presentamos nós, os teus ministros,
e tamén estas fillas túas no día da súa consagración.
Pola túa gracia,
elas uníronse hoxe máis intimamente ó teu Fillo.
Concédelles tamén que, cando volva glorioso na fin dos tempos,
poidan ir con alegría ó seu encontro.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Lémbrate tamén, Señor, destas nosas irmás,
que hoxe consagraches coa unción do Espírito.
Fai que leven sempre acesas as lámpadas do amor e da fe
e te sirvan sempre a ti e mais ó teu pobo,
mentres agardan a chegada de Cristo, o seu Esposo.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Señor, confirma no seu santo propósito
estas fillas túas, que desexan seguir a Cristo,
entregándose plenamente
e dando testemuño de vida evanxélica e de amor ós irmáns.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención das virxes consagradas pode facerse así:

...acórdate dos sacerdotes e diáconos;
acórdate tamén destas nosas irmás,
que hoxe consagraches para sempre
ó culto divino e ó servicio dos homes;
e dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos...

## Antífona da comunión — Sal 41, 2

Como devece a cerva pola auga dos regatos, así devece por ti, meu Deus, a miña alma.

## Oración despois da comunión

Señor, alimentados cos teus dons sagrados,
pedímosche polas túas fillas N. e N.
Fai que a súa vida axude ó progreso da sociedade
e ó crecemento da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da misa

Deus, Pai todopoderoso,
que infundiu nos vosos corazóns
o propósito da santa virxinidade,
volo custodie intacto coa súa protección.
R. Amén.

O Señor Xesucristo,
que uniu consigo en alianza esponsal
os corazóns consagrados pola virxinidade,
faga fecunda a vosa vida coa semente da súa palabra.
R. Amén.

O Espírito Santo,
que descendeu sobre a Virxe María
e que hoxe consagrou os vosos corazóns,
vos infunda un desexo ardente
de servir a Deus e á Igrexa.
R. Amén.

E a todos vós,
que participastes nesta santa liturxia,
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

## VII. NA PROFESIÓN RELIXIOSA

Estas misas pódense dicir, con ornamentos brancos, fóra dos domingos do Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades, do Mércores da Cinsa e de toda a Semana Santa.

### 1. NO DÍA DA PRIMEIRA PROFESIÓN RELIXIOSA

**Antífona de entrada** — Sal 39, 8-9

Señor, aquí veño para face-la túa vontade. Meu Deus, iso é o que eu quero: a túa lei está no fondo do meu corazón.

**Oración**

Señor, ti inspiraches a estes nosos irmáns (estas nosas irmás)
o propósito de seguiren máis de cerca a Cristo.
Concédelles acabar felizmente
o camiño que hoxe inician,
para que te poidan ofrece-lo don dunha entrega perfecta.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, recibe as ofrendas e oracións que che presentamos,
ó celebrármo-lo comezo da profesión relixiosa
destes teus fillos (destas túas fillas).
Concédelles a túa gracia e que estes froitos primeiros
cheguen a ser unha colleita abondosa.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio da misa seguinte, p. 913.

**Antífona da comunión** — Mc 3, 35

Quen cumpre a vontade de Deus, ese é meu irmán, miña irmá e miña nai.

**Oración despois da comunión**

Señor, que os misterios acabados de recibir
nos enchan de alegría.
Que pola súa eficacia estes fillos teus (estas fillas túas)
cumpran fielmente o compromiso de vida relixiosa hoxe adquirido
e se entreguen libremente ó teu servicio.
Por Cristo, noso Señor.

## 2. NO DÍA DA PROFESIÓN PERPETUA

### A

**Antífona de entrada** Sal 121, 1-2

Alegreime cando me dixeron: «Imos á casa do Señor.» Xa están os nosos pés ás túas portas, Xerusalén.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti fixeches que a gracia do bautismo
florecese tanto nestes teus fillos (nestas túas fillas),
que se decidiron seguir máis de cerca as pegadas do teu Fillo.
Concédelles que, manténdose xenerosamente
no camiño da perfección evanxélica,
aumenten a santidade da túa Igrexa
e a reforcen na súa actividade apostólica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, acepta con bondade
os dons e as pregarias dos teus fillos (das túas fillas)
e confirma co teu amor os (as) que hoxe profesan querer vivir
conforme ós consellos evanxélicos.
Por Cristo, noso Señor.

**Prefacio**

A VIDA RELIXIOSA COMO SERVICIO A DEUS
POLA IMITACIÓN DE CRISTO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, froito inmaculado da Virxe María,
proclamou benaventurados os limpos de corazón
e co exemplo da súa vida revelou o ideal da castidade.
El cumpriu sempre a túa vontade
e obedeceuna ata morrer por nós,
ofrecéndose a ti como víctima perfecta.
El consagrou máis intensamente ó teu servicio
a aqueles que o deixaron todo por ti,
prometéndolles un tesouro no ceo.

Por iso, unidos á asamblea dos anxos e dos santos,
cantámosche un himno de louvanza,
proclamando sen cesar a túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Nas Pregarias eucarísticas a intercesión polos profesos ou profesas pódese conmemorar coas seguintes fórmulas:

## I. Polos homes

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, con bondade
e santifica coa túa misericordia esta ofrenda,
que che presentamos nós, os teus ministros,
e tamén estes fillos teus no día da súa profesión.
Pola túa gracia, hoxe consagráronche a ti a súa vida.
Concédelles tamén que, cando o teu Fillo volva glorioso,
sexan admitidos na alegría da Pascua eterna.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Lémbrate tamén, Señor, destes nosos irmáns,
que hoxe se consagraron para sempre ó teu servicio.
Concédelles que teñan posto sempre en ti
o seu corazón e o seu pensamento
e glorifiquen o teu nome.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Señor, confirma no seu santo propósito
estes fillos teus, que hoxe se uniron para sempre a ti
cos vínculos sagrados da profesión relixiosa.
Fai que manifesten na túa Igrexa a vida nova e eterna
que logrou para nós a redención de Cristo.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención dos profesos pode facerse así:

...acórdate dos sacerdotes e diáconos;
acórdate tamén destes nosos irmáns,
que hoxe se consagraron a ti para sempre
coa profesión perpetua;
e dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos...

## II. Polas mulleres

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, con bondade
e santifica coa túa misericordia esta ofrenda,
que che presentamos nós, os teus ministros,
e tamén estas fillas túas no día da súa profesión.
Pola túa gracia,
elas uníronse hoxe máis intimamente ó teu Fillo.
Concédelles tamén que, cando volva glorioso na fin dos tempos,
poidan ir con alegría ó seu encontro.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras e con tódolos pastores do teu pobo, engádese:

Lémbrate tamén, Señor, destas nosas irmás,
que todo o deixaron por ti,
para te encontraren en todo,
e para atenderen as necesidades de todos,
esquencéndose de si mesmas.
Lémbrate tamén...

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, engádese:

Señor, confirma no seu santo propósito
estas fillas túas, que desexan seguir a Cristo,
entregándose plenamente
e dando testemuño de vida evanxélica e de amor ós irmáns.
Atende con amor as súplicas desta familia...

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, a mención das profesas pode facerse así:

... acórdate dos sacerdotes e diáconos;
acórdate tamén destas nosas irmás,
que hoxe se consagraron máis intimamente a ti para sempre
polos seus votos relixiosos;
e dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos...

## Antífona da comunión — Gál 2, 19-20

Estou crucificado con Cristo; e vivo, mais xa non vivo eu, é Cristo quen vive en min.

## Oración despois da comunión

Señor, despois de recibirmos con devoción estes santos misterios,
pedímosche por estes fillos teus (estas fillas túas),
que hoxe se consagraron a ti.
Acéndeos (acéndeas) co lume do Espírito Santo
e fai que vivan sempre unidos (unidas) ó teu Fillo.
El, que vive e reina par sempre eternamente.

### Bendición ó final da misa

Deus, que é a fonte dos bos propósitos,
ilumine o voso espírito e fortaleza o voso corazón,
para que gardedes fielmente o que prometestes.
R. Amén.

El vos conceda recorrer co gozo de Cristo
o camiño estreito que un día escollestes
e levar con alegría as cargas dos vosos irmáns.
R. Amén.

O amor de Deus faga de vós unha familia
que, congregada no nome do Señor,
sexa unha viva imaxe do amor de Cristo.
R. Amén.

E a todos vós,
que participastes nesta santa liturxia,
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

## B

### Antífona de entrada — Sal 65, 13-14

Irei á túa casa con ofrendas; cumprireiche os votos que pronunciaron os meus labios.

### Oración

Señor, Pai santo,
confirma o propósito dos teus fillos (das túas fillas) N. e N.
Fai que a gracia do bautismo,
que queren fortalecer cos novos lazos da profesión,
alcance neles (nelas) a súa plenitude.
Así, poderán darche gloria a ti
e traballarán polo reino de Cristo
con verdadeira entrega apostólica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
as ofrendas dos teus fillos (das túas fillas)
e transfórmaas no sacramento da redención.
Enche cos dons do teu Espírito
a aqueles (aquelas) que, na túa providencia de Pai,
chamaches a seguir máis de cerca ó teu Fillo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio e intercesións propios, coma na misa anterior, pp. 913ss.

### Antífona da comunión — Sal 33, 9

Gustade e vede que bo é o Señor, feliz quen a el se acolle.

### Oración despois da comunión

Señor, que a celebración desta profesión perpetua
e a participación nesta santa Eucaristía
sexa para nós motivo de gozo.
Fai que esta dobre servidume de devoción
estimule os corazóns dos teus fillos (das túas fillas)
para que se entreguen con amor e xenerosidade
ó servicio da Igrexa e dos homes.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da misa

Deus, que inspira e remata
todo santo propósito,
vos garde sempre coa súa gracia,
para que cumprades fielmente
os deberes da vosa vocación.

R. Amén.

El vos faga ante o mundo
signo e testemuño do amor divino.

R. Amén.

El perpetúe para sempre no ceo
os vínculos cos que vos uniu a Cristo na terra.

R. Amén.

E a todos vós,
que participastes nesta santa liturxia,
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

## 3. NO DÍA DA RENOVACIÓN DOS VOTOS

As antífonas de entrada e da comunión escóllense, segundo conveña, dunha das misas precedentes, pp. 912ss.

### Oración

Deus, noso Pai,
creador do mundo e guía dos homes,
mira para estes fillos teus (estas fillas túas)
que queren renova-lo seu compromiso.
Fai que cada día vivan máis unidos (unidas)
ó misterio da Igrexa
e se consagren con máis xenerosidade
ó ben e á felicidade dos homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade as ofrendas do teu pobo,
que estes irmáns nosos (estas irmás nosas)
enriquecen coa renovación dos seus votos
de castidade, pobreza e obediencia.
Converte estes dons temporais en sacramento de vida eterna
e modela conforme á imaxe do teu Fillo
o espírito dos que chos ofrecen.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, p. 913.

### Oración despois da comunión

Señor, despois de recibirmos este santo sacramento,
pedímosche por estes fillos teus (estas fillas túas)
que, confiados (confiadas) unicamente na túa gracia,
acaban de renova-los seus votos, que tanto lles esixen.

Fortaléceos (fortaléceas) co poder de Cristo
e protéxeos (protéxeas) coa axuda do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. NO 25.º OU 50.º ANIVERSARIO DA PROFESIÓN RELIXIOSA

As antífonas de entrada e da comunión escóllense, segundo conveña, dunha das misas precedentes, pp. 912ss.

### Oración

Señor, Deus da fidelidade,
permítenos darche gracias
pola túa bondade co noso irmán (coa nosa irmá) N.,
que hoxe renova o don que ti mesmo lle concediches.
Fortalece nel (nela) o espírito dun amor máis perfecto,
para que cada día se consagre con maior fervor
ó servicio da túa gloria e da salvación dos homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, xunto con estes dons,
recibe a ofrenda que de si mesmo (mesma)
desexa confirmar hoxe o noso irmán (a nosa irmá) N.
Pola forza do Espírito Santo,
faino (faina) aínda máis semellante ó teu Fillo benquerido.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio propio, p. 913.

### Oración despois da comunión

Señor, na alegre celebración deste aniversario,
recibímo-lo Corpo e o Sangue do teu Fillo.
Fai que o noso irmán (a nosa irmá) N.,
alimentado (alimentada) co pan e co viño da vida,
avance feliz cara a ti,
polo camiño que iniciou hai vintecinco (cincuenta) anos.
Por Cristo, noso Señor.

# VIII. NO DÍA DA DEDICACIÓN DUNHA IGREXA OU DUN ALTAR

## 1. NA DEDICACIÓN DUNHA IGREXA

### Antífona de entrada — Sal 67, 6-7. 36

Deus na súa morada santa dálle fogar ós solitarios, dálle ó seu pobo forza e vigor.

Ou: — Sal 121, 1

Cheos de alegría imos á casa do Señor. Aleluia.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
enche coa túa gracia este lugar de oración
e concédelle-la túa axuda a cantos nel invocan o teu nome.
Que o poder da túa palabra e dos teus sacramentos
fortaleza neste templo o corazón dos teus fieis.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta a ofrenda,
que a túa Igrexa che ofrece con alegría.
Fai que o pobo que se reúne neste lugar santo
para celebrar estes misterios
consiga a salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Con este prefacio, que é o propio do rito da dedicación dunha igrexa, dise a Pregaria eucarística I ou III:

### Prefacio

#### O MISTERIO DO TEMPLO DE DEUS

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Ti quixeches facer do universo enteiro
un templo da túa gloria,
para que o teu nome sexa glorificado
en tódalas partes,
pero non por iso renuncias
a que che consagremos lugares axeitados
nos que celebra-los teus misterios.
Por iso, che dedicamos con alegría
esta casa de oración, froito do traballo humano.

Aquí simbolízase o misterio do templo verdadeiro
e anticípase a imaxe da Xerusalén celeste;
porque do corpo do teu Fillo,
nacido da Virxe Nai,
quixeches facer un templo consagrado a ti,
onde habitase a plenitude da divinidade.

E a Igrexa constituíchela como cidade santa,
edificada sobre o fundamento dos apóstolos,
tendo o mesmo Cristo por pedra angular;
e continúas edificándoa con pedras escolleitas,
vivificadas polo Espírito e ben unidas pola caridade:
nela serás ti por sempre todo en todos
e brillará perenne a luz de Cristo.

Por el, Señor, en unión cos anxos e cos santos,
te louvamos cheos de alegría,
e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Cando xa teñan lugar na igrexa celebracións litúrxicas de modo habitual, coas Pregarias eucarísticas I, II ou III, dise o seguinte:

## Prefacio

### A IGREXA TERRESTRE E A IGREXA DE DEUS

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Porque nesta casa visible,
que ti nos concediches edificar
e onde decote axúda-la túa familia que peregrina cara a ti,
manifestas e realizas admirablemente
o misterio da túa comunión connosco.
Aquí edifíca-lo templo vivo que nós somos
e fas medra-la túa Igrexa espallada polo mundo
para que sexa nel o corpo do Señor,
ata chegar á súa plenitude
na visión da paz, na Xerusalén celeste.

Por iso, Señor, te celebramos
no templo da túa gloria
e, con tódolos anxos e santos,
te louvamos e glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Nas Pregarias eucarísticas faise a conmemoración da dedicación da igrexa conforme as siguientes fórmulas:

a) No Canon romano, dise Acolle, Señor, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda
dos teus ministros, de toda a túa familia
e tamén destes fillos teus
que con devoción che ofreceron esta igrexa (en honor de N.),
que edificaron con traballo incansable.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras e á todo o pobo que o teu Fillo redimiu, dise:

Atende con amor as súplicas desta familia
que hoxe che dedica esta igrexa.
Sexa para eles casa de salvación e lugar dos sacramentos divinos.
Resoe aquí o evanxelio da paz
e celébrense os misterios sagrados.
Fai que os teus fieis, instruídos pola palabra da vida
e iluminados pola gracia divina,
despois da súa peregrinación neste mundo,
cheguen á Xerusalén celestial.
Alí, Pai misericordioso, axuntarás contigo
a tódolos teus fillos que andan dispersos.
Acórdate dos nosos irmáns defuntos...

## Antífona da comunión — Mt 21, 13; Lc 11, 10

«A miña casa será casa de oración, di o Señor: nela quen pide, recibe; quen busca, atopa; e ó que peta, abriráselle.»

Ou: — Cf. Sal 127, 3

Coma gromos de oliveira, os fillos da Igrexa están arredor da mesa do Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, por estes sacramentos que acabamos de recibir,
fai que a túa verdade ilumine os nosos corazóns.
Que te adoremos decote neste templo santo
e xunto cos santos poidamos gozar da túa presencia.
Por Cristo, noso Señor.

### Bendición ó final da misa

Deus, noso Pai, Señor da terra e do ceo,
que hoxe vos congregou
para celebrárde-la dedicación desta igrexa,
vos encha coa súa bendición.
R. Amén.

El, que quixo congregar no seu Fillo
a tódolos seus fillos dispersos,
vos conceda convertírdesvos en templo seu
e en morada do Espírito Santo.
R. Amén.

Que, purificados de toda mancha,
habite Deus nos vosos corazóns
e alcancedes con tódolos santos
a herdanza da felicidade eterna.
R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

As misas no aniversario da dedicación dunha igrexa van nas Misas comúns, pp. 815-819.

## 2. NA DEDICACIÓN DUN ALTAR

### Antífona de entrada — Sal 83, 10-11

Atende, Deus, ó noso Rei; mira o rostro do teu Unxido. Un día nos teus adros vale por máis de mil.

Ou: — Sal 42, 4

Achegueime ó altar de Deus. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
para atraeres tódalas cousas ó teu Fillo,
quixeches que fose exaltado no altar da cruz.

Enche coa gracia divina os teus fieis,
que che consagran este altar,
arredor do cal se van reunir
para que nel os alimentes coa Eucaristía
e para que o teu Espírito faga deles
un pobo cada vez máis consagrado a ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, noso Deus,
que o teu Espírito Santo descenda sobre este altar.
Fai que santifique as ofrendas do teu pobo
e purifique os corazóns dos que as van recibir.
Por Cristo, noso Señor.

Con este prefacio, que é o propio do rito da dedicación dun altar, dise a Pregaria eucarística I ou III:

## Prefacio

### O ALTAR É CRISTO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, verdadeiro sacerdote e verdadeira víctima,
mandounos celebrar para sempre
o memorial do sacrificio
que el mesmo che ofreceu no altar da cruz.
Por iso, o teu pobo levantou este altar
que che dedicamos cheos de alegría.

Verdadeiramente, este é o lugar excelso
onde se celebra o misterio do sacrificio de Cristo,
onde se che ofrece a ti unha perfecta louvanza
e onde se manifesta a nosa redención.

Esta é a mesa do banquete eucarístico
no que os teus fillos se alimentan co Corpo de Cristo
e son congregados na unidade santa da Igrexa.

Aquí os fieis beben a auga do Espírito
que nace de Cristo, a roca espiritual;
e así tamén eles se converten
nun altar vivo e nunha ofrenda santa.

Por iso, cos anxos e cos santos,
te aclamamos, cheos de alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Sal 83, 4-5

Mesmo o paxaro atopa casa e a anduriña un niño onde pó-los seus filliños, preto dos teus altares, meu Rei e meu Deus. Felices os que habitan na túa casa e decote che cantan louvanzas.

Ou: — Cf. Sal 127, 3

Coma gromos de oliveira, os fillos da Igrexa están arredor da mesa do Señor. Aleluia.

## Oración despois da comunión

Señor, concédenos achegármonos sempre ó teu altar
onde se celebra o sacrificio eucarístico.
Fai que, unidos na fe e no amor,
nos alimentemos de Cristo
para que nos transformemos nel.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## Bendición ó final da misa

Deus, que vos enriqueceu co sacerdocio real,
vos conceda cumprir santamente o voso deber
e participar dignamente no sacrificio de Cristo.
R. Amén.

El, que vos xuntou nunha mesma mesa
e vos alimenta cun mesmo pan,
faga de vós un mesmo corazón e unha mesma alma.
R. Amén.

El vos conceda que, co exemplo do voso amor,
levedes a Cristo a todos aqueles
a quen llelo anunciastes coa vosa palabra.
R. Amén.

Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo ✠ e Espírito Santo.
R. Amén.

# MISAS E ORACIÓNS POR ALGUNHAS NECESIDADES

1. Nesta parte do Misal xúntanse algunhas misas e oracións que se poden dicir por algunhas necesidades ou en algunha ocasión, segundo lle conveña á comunidade.

Os formularios que van nas tres primeiras partes pódense dicir na misa na que participe o pobo ou sen el; pola contra, as que van na cuarta parte é mellor usalas para as misas que se teñen sen participación do pobo, a non ser que as razóns pastorais, algunha vez, aconsellen outra cousa.

2. As misas que teñen un formulario completo, é dicir, oracións e antífonas, teñen tamén lecturas propias no leccionario.

3. O sacerdote pode ou ben dicir tódalas oracións desta serie ou tan só a oración colecta nas misas de feria do tempo ordinario, tendo en conta o que se dixo no número 1.

4. Nalgunhas misas os textos litúrxicos que se poñen para homes pódense acomodar ás mulleres e os que van en singular pódense cambiar polo plural.

5. Estas misas pódense dicir con vestidura da cor propia do día ou do tempo litúrxico ou de cor morada, se teñen carácter penitencial, por exemplo, as dos números 23, 28 e 40 (cf. Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 310)

# I. POLA SANTA IGREXA

## 1. POLA IGREXA UNIVERSAL

### A

**Antífona de entrada** Cf. Ef 1, 9a. 10

Deus deunos a coñece-lo misterio da súa vontade: recapitular en Cristo todo canto hai no ceo e máis na terra.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti dispuxeches con admirable providencia
que o reino de Cristo se espallase por toda a terra
e que tódolos homes lograsen a redención salvadora.
Pedímosche que a túa Igrexa
sexa para todos sacramento universal da salvación
e manifeste e realice o misterio do teu amor ós homes.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Deus misericordioso,
olla con agarimo as ofrendas da túa Igrexa.
Pola eficacia deste sacramento,
fai que a moitedume dos crentes sexa sempre para ti
estirpe escolleita, sacerdocio real,
nación consagrada, pobo da túa alianza.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio VIII dominical do tempo ordinario, p. 471.

**Antífona da comunión** Ap 22, 17a. 20

O Espírito e a esposa din: ¡Ven! Amén. ¡Ven, Señor Xesús!

**Oración despois da comunión**

Deus, noso Pai,
ti alimentas e fortaléce-la túa Igrexa a cotío con estes sacramentos.
Fai que cantos temos participado na Eucaristía
practiquémo-la doctrina do teu amor e vivamos entre os homes
como fermento de vida e instrumento de salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Ap 7, 9

Eu vin un mundo de xente que ninguén podería contar, que proviña de tódolos pobos, linguas e nacións. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
na nova alianza de Cristo
ti segues xuntanto un pobo novo
sen distinción de razas e fronteiras,
na unidade dun só Espírito.
Fai que a túa Igrexa, fiel á súa misión,
camiñe sempre no medio da familia humana
coma fermento e alma da sociedade,
que ten que ser renovada en Xesucristo
e transformada en familia de Deus.
Por noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con agarimo as nosas ofrendas
e fai que a Igrexa, nacida do corazón de Cristo morto na cruz,
atope na participación deste misterio
a santidade que a faga vivir
e a axude a ser digna do seu fundador.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio VIII dominical do tempo ordinario, p. 471.

### Antífona da comunión — Xn 19, 34

Un dos soldados atravesoulle o costado cunha lanza, e de seguida saíu sangue e auga.

Ou: — Ap 7, 12

A bendición, a gloria, a sabiduría, a acción de gracias, a honra, o poder e maila forza son do noso Deus por sempre eternamente.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de ser renovados polo sacramento do teu Fillo.
Pedímosche que fagas fecunda a acción da túa Igrexa,
pois por ela amóstraslles ós pobres

a plenitude do teu misterio salvador
e chámalos a gozaren da parte mellor do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Antífona de entrada — Mt 18, 19-20

«Asegúrovos que onde están dous ou tres xuntos no meu nome, alí estou eu no medio deles», di o Señor.

Ou: — Rm 12, 5

Nós, con sermos moitos, somos un só corpo en Cristo e cada un está ó servicio dos outros.

### Oración

Deus todopoderoso,
fai que a túa Igrexa sexa sempre unha familia santa,
congregada na unidade do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.
Que ela lle amostre ó mundo
o misterio da túa unidade e santidade
e o conduza á plenitude do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, nós celebrámo-lo memorial do amor infinito do teu Fillo.
Pedímosche que o froito da súa obra salvadora,
á través do servicio da túa Igrexa,
leve a tódolos homes á salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da unidade, p. 952.

### Antífona da comunión — Cf. 1 Cor 10, 17

Como hai un só pan, tamén nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos participamos do mesmo pan e do mesmo cáliz.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
con este admirable sacramento
ti dáslle forza e consolo á túa Igrexa.

Fai que o teu pobo se una ó noso Señor Cristo,
para que, mediante o seu traballo neste mundo,
edifique en liberdade o teu reino eterno.
Por Cristo, noso Señor.

## D

### Antífona de entrada — Cf. Xn 17, 20-21

Rógoche, Pai, polos que cren en min: que todos sexan un en nós para que o mundo crea que ti me enviaches.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
en Cristo, teu Fillo, mostráchesslle ó mundo a túa gloria.
Mira pola obra da túa misericordia
e fai que a Igrexa santa, extendida por todo o mundo,
se manteña con fe firme na confesión do teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti, que santificas de cote á túa Igrexa
polo mesmo sacrificio co que a libraches do pecado,
fai que unida a Cristo, que é a súa cabeza,
se ofreza con el a ti e cumpra a túa vontade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio VIII dominical do tempo ordinario, p. 471.

### Antífona da comunión — Xn 15, 5

«Quen permanece en min e eu nel, ese dá froito abondo, pois sen min nada podedes facer», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, neste santo sacramento ti aliménta-la túa Igrexa.
Gobérnaa con amor para que, dirixida polo teu poder,
medre na liberdade e persevere na integridade da túa fe.
Por Cristo, noso Señor.

# E

## Pola Igrexa local

### Antífona de entrada — Ap 1, 5-6

A Xesucristo, que nos amou e nos lavou dos nosos pecados co seu sangue, nos converteu nun reino, en sacerdotes para o seu Deus e Pai, a el a gloria e mailo poder polos séculos dos séculos. Amén.

### Oración

Deus, noso Pai,
en cada unha das Igrexas espalladas ó longo do mundo,
manifésta-lo misterio da Igrexa
unha, santa, católica e apostólica.
Fai que o teu pobo viva unido ó seu pastor
e sexa congregado no Espírito Santo polo Evanxelio e a Eucaristía,
para que se manifeste a universalidade do teu pobo
e se volva instrumento da presencia de Cristo no mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebra-lo memorial do infinito amor do teu Fillo,
pregámosche que os froitos da súa salvación
cheguen polo ministerio da Igrexa a tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio VIII dominical do tempo ordinario, p. 471.

### Antífona da comunión — Ap 3, 20

«Velaquí que hai tempo que estou a túa porta e chamo, di o Señor. Se algún escoita a miña voz e me abre, eu entrarei a xunto del e cearei con el e el comigo.»

### Oración despois da comunión

Señor, vivan na túa Igrexa N. e permanezan para sempre nela
a integridade da fe, a santidade dos costumes,
o amor de irmandade e a relixión verdadeira.
Ti, que non deixas de alimenta-lo teu pobo
coa túa palabra e co corpo de Cristo,
non deixes tampouco de o guiares coa túa protección.
Por Cristo, noso Señor.

Poden tamén empregarse como oracións sobre as ofrendas e como oracións despois da comunión, as que se propuxeron nos formularios das misas precedentes.

## 2. POLO PAPA

### Maiormente no cabodano da súa elección

### A

Esta misa dise con vestidura de cor branca no aniversario da elección do Papa, onde se fagan celebracións especiais, con tal que non cadre nos domingos do Advento, da Coresma e da Pascua, nas solemnidades, no Mércores da Cinsa e na Semana Santa.

#### Antífona de entrada — Mt 16, 18-19

Ti es Pedro, é dicir, pedra e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa, e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela. Dareiche as chaves do Reino do ceo.

#### Oración

Deus, noso Pai,
pola túa providencia quixeches edifica-la túa Igrexa
sobre a pedra de Pedro, príncipe dos teus apóstolos.
Olla con agarimo o noso Papa N.
e, xa que o fixeches sucesor de san Pedro,
faino alicerce visible da unidade da fe
e da unión do teu pobo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, Pastor e guía de tódolos fieis,
olla con bondade o teu servo N.
a quen tes elixido para presidir como pastor a túa Igrexa.
Sosteno co teu amor,
para que a súa palabra e o seu exemplo
lle aproveiten ó pobo que lle tes confiado,
a fin de que xuntos alcancen a vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

#### Oración sobre as ofrendas

Señor, que os nosos dons che sexan agradables.
Garda sempre coa túa protección á santa Igrexa,
xunto co noso Papa N.
que lle deches por pastor.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 21, 15. 17

Preguntoulle Xesús a Pedro: «Simón, fillo de Xoán, ¿quéresme máis ca estes?»
«Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.»

### Oración despois da comunión

Señor, noso Pai,
acabamos de participar na túa mesa santa.
Rogámosche que, pola eficacia deste sacramento,
fortalezas a túa Igrexa na unidade e no amor,
e gardes e protexas sempre o teu servidor N.,
xunto co pobo que encomendaches ó seu coidado pastoral.
Por Cristo, noso Señor.

## B
## Outra oración polo Papa

### Oración

Deus, noso Pai,
para suceder ó apóstolo Pedro,
elixiches o teu servo N.
como pastor do teu rabaño universal.
Escoita a oración do teu pobo
e fai que o noso Papa, vicario de Cristo na terra,
confirme na fe a tódolos irmáns.
Fai que toda a Igrexa se manteña en comunión con el
polos vencellos da unidade, do amor e mais da paz,
para que todos atopen en ti, Pastor dos homes,
a verdade e a vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 3. POLO BISPO

### Maiormente no cabodano da súa ordenación

### A

Esta misa dise con vestidura de cor branca no aniversario da elección do Bispo, onde se fagan celebracións especiais, con tal que non cadre nos domingos do Advento, da Coresma, da Pascua, nas solemnidades, no Mércores da Cinsa e na Semana Santa.

#### Antífona de entrada — Ez 34, 11. 23. 24

«Buscarei as miñas ovellas, di o Señor. Dareilles un Pastor que as leve a pacer. Eu, o Señor, serei o seu Deus.»

#### Oración

Deus, Pastor eterno do teu pobo,
ti dirixes e gobérna-la túa Igrexa con providencia e amor.
Rogámosche lle concedas ó teu servo N.,
a quen puxeches como pastor ó frente do teu pobo,
a gracia de o presidir no nome de Cristo,
de ser mestre fiel da verdade,
sacerdote dos misterios sagros
e guieiro da comunidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, Pastor e guía de tódolos fieis,
olla con bondade o teu servo N.,
a quen chamaches para presidir como pastor a túa Igrexa.
Sosteno co teu amor,
para que a súa palabra e o seu exemplo
lle aproveiten ó pobo que lle tes confiado,
a fin de que xunto co seu rabaño alcance a vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

#### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle agarimoso as ofrendas
que che facemos polo teu servo N.,
a quen puxeches como Bispo do teu pobo.
Éncheo de virtudes apostólicas para ben da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Antífona da comunión Mt 20, 28

O Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia deste sacramento que acabamos de celebrar,
aumenta no teu servo N., noso Bispo,
os dons da túa gracia.
Concédelle exercer con dignidade o ministerio pastoral
e, pola súa fidelidade no teu servicio,
acada-los premios eternos.
Por Cristo, noso Señor.

## B

## Outra oración polo Bispo

Oración

Señor, pedímosche lle concedas ó teu servo N.,
a quen puxeches ó frente do teu pobo
como sucesor dos apóstolos,
espírito de consello e fortaleza,
de ciencia e piedade.
Axúdao a gobernar fielmente o pobo que lle confiaches
e a edifica-la túa Igrexa no mundo,
como sacramento universal de salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 4. PARA A ELECCIÓN DO PAPA OU DUN BISPO

### Antífona de entrada — 1 Sam 2, 35

Farei xurdir un sacerdote que me sexa fiel, e que actúe conforme ós desexos do meu corazón. Edificareille unha casa estable e camiñará sempre na miña presencia.

### Oración

Deus, Pastor eterno,
ti gobérna-lo teu rabaño con coidado incansable.
Pola túa infinita bondade,
concédelle á Igrexa un pastor,
que a ti che agrade pola súa santidade
e a nós nos aproveite pola súa atenta solicitude.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche con reverencia estes dons sagrados.
Acóllenos na xenerosidade da túa misericordia
e concédeno-la alegría de termos por pastor da túa Igrexa
un papa (bispo) conforme ó teu corazón.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 15, 16

«Eu escollinvos para que vaiades e deades froito, e que o voso froito permaneza», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, neste sacramento de salvación
ti aliméntasnos co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Concédeno-la alegría de recibirmos un pastor
que coa súa virtude sirva de exemplo ó teu pobo,
e o ilumine coa verdade do Evanxelio.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. POLO CONCILIO OU POLO SÍNODO

### Antífona de entrada — Col 3, 14-15

Por riba de todo isto, cinguídevos co amor que é o vínculo que todo une e leva á perfección. Que a paz de Cristo goberne os vosos corazóns.

## Oración

Señor, mestre e garda da túa Igrexa,
infunde nos teus servos reunidos no concilio (sínodo)
espírito de intelixencia, de verdade e de paz.
Fai que coñezan, de todo corazón, a túa vontade
e poñan todo o seu esforzo en levala á práctica.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti gárda-lo teu pobo con agarimo
e gobérnalo con amor.
Concédelles ós que o presiden espírito de sabiduría,
para que o conduzan á plenitude da verdade
e o axuden a levar unha vida máis santa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade as ofrendas dos teus fieis
reunidos no concilio (sínodo).
Dálle-la luz da túa gracia,
para que comprendan a verdade do que é grato ós teus ollos
e o practiquen con fidelidade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Espírito Santo, p. 1004.

## Antífona da comunión

Onde hai caridade e amor, alí está Deus. O amor de Cristo xúntanos na unidade.

## Oración despois da comunión

Deus de bondade,
acabamos de celebra-los sagrados misterios.
Que eles confirmen na verdade
os pastores reunidos en concilio (sínodo),
para que busquen unicamente a honra do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

Nunha xuntanza pastoral ou espiritual, misa n. 16, p. 959.

## 6. POLOS SACERDOTES

### Antífona de entrada — Lc 4, 18. 19

O Espírito do Señor está sobre min, pois el foi quen me unxiu para proclama-la boa nova ós pobres, para lles anuncia-la liberación ós cativos e para lles dar liberdade ós asoballados.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti constituíches o teu Fillo unixénito sumo e eterno sacerdote.
Pedímosche que a aqueles que elixiches
para administraren e distribuíren os teus misterios,
os atopes fieis no cumprimento do ministerio que recibiron.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, noso Deus,
para gobernares o teu pobo,
váleste do ministerio dos sacerdotes.
Concédelles servirte con perseverancia conforme á túa vontade,
a fin de que coa súa vida e o seu ministerio pastoral
poidan glorificarte en Cristo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti quixeches que os teus sacerdotes servisen o altar e o teu pobo,
rogámosche que pola virtude deste sacrificio
che agrade o seu servicio
e o seu froito permaneza sempre na túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 17, 17-18

«Pai santo, conságraos na verdade: a túa palabra é verdade. Coma ti me enviaches ó mundo, así os envío eu», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pedímosche que o sacrificio que vimos de ofrecerche
e a víctima santa que comulgamos
enchan de vida os teus sacerdotes e os teus fieis.

Fai que, unidos a ti por un amor constante,
poidan servirte dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. POLO PROPIO SACERDOTE CELEBRANTE

### A

### Maiormente polo sacerdote que ten cura de almas

**Antífona de entrada** Cf. Col 1, 25. 28

Deus fíxome servidor da Igrexa, cando me enviou a anunciárvo-lo seu Evanxelio. Predicámosvos a Cristo, para que todos cheguedes á plenitude da vida cristiá.

**Oración**

Señor, ti puxéchesme ó frente da túa familia,
non polos meus méritos, senón pola xenerosidade da túa gracia.
Concédeme realizar dignamente o ministerio sacerdotal
e guiar coa túa axuda o pobo que me tes confiado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Deus, noso Pai,
que guía-la historia con poder e amor,
acepta os dons que recibín da túa bondade.
Pola eficacia deste sacramento,
une no mesmo amor os corazóns do sacerdote e dos fieis,
de xeito que ó pastor non lle falte a obediencia dos fieis
e ós fieis non lles falte a axuda do pastor.
Por Cristo, noso Señor.

**Antífona da comunión** Xn 15, 9

«Coma me amou o Pai, así vos amei eu. Permanecede no meu amor», di o Señor.

**Oración despois da comunión**

Deus todopoderoso e eterno,
toda virtude ten en ti a súa fonte e ti es quen a leva á perfección.
Concédeme, pola participación neste misterio,
a gracia de obrar con rectitude e de predica-la verdade,

para que tanto de palabra coma de obra
lles manifeste ós teus fieis as maravillas da túa gracia.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Sal 15, 2. 5

Eu dígolle ó Señor: «Ti e-lo meu ben.» O Señor é a miña herdanza. A miña sorte está nas túas mans.

### Oración

Señor de bondade, escoita as miñas súplicas
e ilumina o meu corazón coa gracia do Espírito Santo,
para que poida celebra-los teus misterios con dignidade,
servir a túa Igrexa con fidelidade e amarte con amor eterno.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe estas ofrendas que che presentamos
e mira ó teu Cristo,
que é, ó mesmo tempo, sacerdote e víctima.
Xa que me fixeches participar do seu sacerdocio,
concédeme tamén ser sempre unha ofrenda espiritual
que che sexa agradable.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Cf. Lc 22, 28-30

Díxolles Xesús ós que aguantaron con el nas probas: «Dispoño para vós o Reino, a fin de que comades e bebades á miña mesa.»

### Oración despois da comunión

Deus, Pai santo,
ti fortalecéchesme co pan do ceo
e convidáchesme co cáliz da nova alianza.
Fai que che sirva con fidelidade
e que gaste a miña vida con fortaleza e amor,
pola salvación da humanidade.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### No cabodano da propia ordenación

**Antífona de entrada** Xn 15, 16

«Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza», di o Señor.

**Oración**

Deus, Pai santo,
sen mérito ningún da miña parte,
ti escollíchesme para comparti-lo sacerdocio eterno de Cristo
e para me adicar ó servicio da túa Igrexa.
Fai que predique con valentía e bondade o Evanxelio
e administre con fidelidade os teus misterios.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza.
Aumenta en min o espírito de servicio
e axúdame a cumpri-lo ministerio
que, sen eu o merecer, ti me encomendaches.
Por Cristo, noso Señor.

**Antífona da comunión** Cf. 1 Cor 10, 16

O vaso de bendición que bendicimos é a comunión co Sangue de Cristo; o pan que partimos é a comunión co Corpo de Cristo.

**Oración despois da comunión**

Señor, no aniversario da miña ordenación sacerdotal
celebrei cheo de alegría este misterio de fe,
para louvanza do teu nome.
Fai que eu viva de verdade na miña vida
o que acabo de realizar sacramentalmente neste sacrificio.
Por Cristo, noso Señor.

## 8. POLOS MINISTROS DA IGREXA

### Antífona de entrada — 1 Cor 12, 4-6

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus que é o que realiza todo en todos.

### Oración

Deus noso Pai,
ti ensináchesslles ós ministros da túa Igrexa
a serviren os irmáns e non a seren servidos.
Rogámosche que lles concedas disponibilidade na acción,
mansedumé no servicio e perseverancia na oración.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, Pai santo,
o teu Fillo quixo lava-los pés dos apóstolos
para nos dar exemplo.
Recibe os dons que che presentamos
e, ó nos ofrecermos a nós mesmos como oblación espiritual,
fai que nos enchamos de espírito de servicio e humildade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Lc 12, 37

Felices os criados a quenes o amo atope vixiando cando chega. Poñerase á mesa e serviraos un por un.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáche-los teus fillos
co pan e co viño eucarístico.
Concédelles ós teus ministros
seren fieis servidores do Evanxelio,
dos sacramentos e da caridade,
para a túa gloria e para a salvación do teu pobo.
Por Cristo, noso Señor.

## 9. POLAS VOCACIÓNS SACERDOTAIS

### Antífona de entrada — Mt 9, 38

«Rogádelle ó dono da seara que mande xornaleiros á súa més», díxolles Xesús ós seus discípulos.

### Oración

Señor, ti dispuxeches, na túa providencia,
que houbese pastores para o teu pobo.
Verte sobre a túa Igrexa o espírito de piedade e fortaleza,
que faga xurdir nela ministros que sirvan dignamente o teu altar
e que anuncien con valentía e bondade o teu Evanxelio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as oracións e a ofrenda do teu pobo.
Fai que os ministros dos teus misterios
sexan cada vez máis numerosos
e se manteñan sempre no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Xn 3, 16

Soubémo-lo que é o amor de Deus desde que el deu a súa vida por nós; e entón démonos conta de que nós temos que da-la vida polos irmáns.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co pan da vida.
Que, por este sacramento de amor,
xermolen as sementes
que abundosamente espallaches no campo da túa Igrexa.
Fai que sexan cada vez máis
os que acepten a vocación de te serviren nos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

## 10. POLOS RELIXIOSOS

### Antífona de entrada — Sal 36, 3-4

Confía no Señor e fai o ben, habita a túa terra e practica a lealtade. Que o Señor sexa o teu agarimo e che cumpra os anceios do teu corazón.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti, que pos no corazón dos homes a súa vocación
e lles dá-la forza de a realizaren,
dirixe os teus fieis polo camiño da salvación.
Fai que, cantos se consagraron a ti deixándoo todo,
sigan fielmente a Cristo
e, renunciando ó poder e ós bens deste mundo,
te sirvan a ti e a seus irmáns,
con espírito de pobreza e humildade de corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, pola eficacia deste sacrificio que che ofrecemos
santifica os que chamaches á vida relixiosa.
Fai que permanezan fieis ós seus votos e te sirvan de todo corazón.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Re 19, 7

Díxolle o anxo a Elías: «Érguete e come que o camiño é moi longo.»

Ou: — Ap 22, 17a. 20

O Espírito e a esposa din: ¡Ven! Amén ¡Ven, Señor Xesús!

### Oración despois da comunión

Señor, ti congregas os teus fillos no teu amor
e falos compartir un mesmo pan.
Axúdaos a se amaren coma irmáns
e a se animaren uns ós outros
na práctica da caridade e das boas obras.
Que pola santidade da súa vida
poidan presentarse ante o mundo
coma verdadeiras testemuñas de Cristo.
Por Cristo, noso Señor.

## 11. POLAS VOCACIÓNS RELIXIOSAS

### Antífona de entrada — Mt 19, 21

«Se queres ser perfecto, vai, vende canto tes e dállo ós pobres; despois ven e sígueme», di o Señor.

### Oración

Pai santo, ti invitas a tódolos fieis a seren santos,
e a algúns chámalos a seguiren dun xeito especial ó teu Fillo.
A aqueles que escolliches para a vocación relixiosa,
concédelles que pola súa vida
sexan un signo convincente do teu reino,
para a Igrexa e para o mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, cando é dita polos mesmos relixiosos:

Señor, olla con amor a túa familia
e aumenta nela as vocacións.
Que poida encamiñar os seus fillos cara á perfecta caridade
e traballar eficazmente pola salvación do mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Pai santo, acolle con agarimo os dons que che presentamos.
Concédelles vivir en comunión fraterna
e en liberdade de Espírito,
a cantos se propoñen seguir con alegría ó teu Fillo
polo arriscado camiño da perfección.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Cf. Mt 19, 27. 28. 29

«Asegúrovos que vós, os que deixastes todo e me seguistes, recibiredes cen veces máis e a vida eterna como herdanza», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pregámosche que fortaléza-los teus fillos
con estes alimentos espirituais.
Fai que, manténdose fieis á súa vocación evanxélica,
sexan en tódalas partes imaxe viva de teu Fillo.
Por Cristo, noso Señor.

Ou, cando é dita polos mesmos relixiosos:

Señor, concédenos pola forza deste sacramento
perseverar no teu servicio fieis á túa vontade.
Fai que sexamos testemuñas de teu amor
e busquemos con decisión os únicos bens que non se perden.
Por Cristo, noso Señor.

## 12. POLOS LEIGOS

### Antífona de entrada — Mt 13, 33

O Reino do ceo aseméllase ó fermento que unha muller misturou con tres medidas de fariña, e foi abondo para levedar toda a masa.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti puxeches o Evanxelio,
coma fermento que levedase o mundo para unha vida nova.
Enche co espírito de Cristo
os que chamaches a viviren cristianamente no medio do mundo.
Axúdaos a que polo seu traballo na terra
contribúan á edificación de teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti salváche-lo mundo enteiro polo sacrificio de teu Fillo.
Fai que pola forza desta ofrenda
tódolos que, mesmo sendo leigos, chamas ó apostolado,
enchan o mundo co espírito de Cristo
e sexan nel un fermento de santidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 99, 2

Aclama ó Señor terra enteira, servide ó Señor con alegría; victoreádeo con entusiasmo. Aleluia.

Ou: — Xn 15, 8

«Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondo e vos mostredes coma discípulos meus», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti fasnos participar na plenitude da túa gracia
e fortalécesnos con esta Eucaristía.
Pedímosche que, ós que chamaches
a traballaren nas cousas deste mundo,
sexan bariles testemuñas da verdade evanxélica
e fagan que a túa Igrexa colabore eficazmente no progreso do mundo.
Por Cristo, noso Señor.

## 13. POLA UNIDADE DOS CRISTIÁNS

Esta misa pódese ter mesmo nos domingos do tempo ordinario, cando se fai alguna celebración pola unidade dos cristiáns.

### A

### Antífona de entrada — Xn 10, 14-15

«Eu son o bo Pastor, di o Señor, coñezo miñas ovellas e elas coñécenme a min, igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai. Eu dou a miña vida polas ovellas.»

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti xúnta-lo que está espallado e consérva-lo que xuntaches.
Olla con amor o pobo do teu Fillo,
de xeito que cantos recibiron un mesmo bautismo,
vivan unidos na mesma fe e no mesmo amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, noso Deus,
ti quéreslles ben a todos.
Verte con abundancia o teu Espírito sobre nós
e fai que, camiñando dignamente na vocación á que nos chamas,
deamos testemuño da verdade ante os homes
e busquémo-la unidade de tódolos crentes no vínculo da paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, cun único e perfecto sacrificio
adquiriches para ti un pobo de fillos.
Que a túa bondade lle conceda á Igrexa
os dons da paz e da unidade.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### A UNIDADE DA IGREXA, CORPO DE CRISTO

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvacion
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

Por el quixeches levarnos
ó coñecemento da verdade,
para que, unidos polo vínculo dunha mesma fe
e dun mesmo bautismo,
nos transformásemos en membros do seu Corpo.
Por el enviácheslles a tódolos pobos
o teu Espírito Santo,
admirable constructor da unidade na diversidade dos seus dons.
O mesmo Espírito que habita nos teus fillos adoptivos
e enche e dirixe a túa Igrexa.

Por iso, con tódolos anxos,
louvámoste, proclamando con alegría:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor, Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.

¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión — Cf. 1 Cor 10, 17

Como hai un só pan, tamén nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos participamos do mesmo pan e do mesmo cáliz.

### Oración despois da comunión

Señor, esta comunión que acabamos de recibir
é o signo visible da unión dos fieis en ti,
que ela realice tamén a unidade da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Sal 105, 47

Sálvanos, Señor, noso Deus, e recóllenos de tódalas nacións. Darémoslle gracias ó teu nome santo e gloriarémonos na túa louvanza.

### Oración

Señor, noso Pai,
ti xúnta-los pobos máis diversos na confesión do teu nome.
Concédeno-la vontade e a forza de cumprirmos canto nos mandes,
para que o pobo cristián,
chamado ó teu reino,
viva na unidade da fe e do amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, escoita as súplicas do teu pobo
e fai que os corazóns dos teus fieis vivan xuntos
louvándote e facendo penitencia.
Fai que desaparezan as divisións entre os cristiáns
para que, xuntos na comunión perfecta da Igrexa,
camiñemos alegres cara á gloria do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, celebrámo-lo memorial da nosa salvación.
Pedímosche que este sacramento sexa para todos nós
un sinal de unidade e un vencello de caridade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, p. 952.

### Antífona da comunión — Col 3, 14-15

Por riba de todo isto cinguídevos co amor, que é o vínculo que todo une e leva á perfección. Que a paz de Cristo goberne os vosos corazóns, xa que a ela fostes chamados nun só corpo.

### Oración despois da comunión

Señor, énchenos co teu Espírito de caridade
e fai que cantos cremos en ti, pola eficacia deste sacrificio,
vivamos unidos nun mesmo amor.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Antífona de entrada — Ef 4, 4-6

Hai un só corpo e un só Espírito, coma única tamén é a esperanza que tendes pola vosa vocación. Un só Señor, unha soa fe, un só bautismo e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos e en todos.

### Oración

Señor, olla propicio o teu pobo
e verte sobre el os dons do teu Espírito.
Fai que medre a cotío no amor da verdade
e busque coa oración e co traballo a unidade perfecta dos cristiáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, móstrano-la xenerosidade da túa misericordia
e, pola forza do teu Espírito,
fai que desaparezan as divisións dos cristiáns,

para que a túa Igrexa se erga
coma un signo máis claro entre os pobos
e o mundo, iluminado polo Espírito,
crea en Cristo, o teu enviado.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, que este sacrificio que che ofrecemos
nos libre dos nosos pecados
para que poidamos participar da mesma Eucaristía
os que xa estamos unidos por un mesmo bautismo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio propio, p. 952.

## Antífona da comunión — Xn 18, 21. 23

Que todos sexan un, coma ti, Pai, en min e eu en ti: que tamén eles sexan un en nós. Eu neles e ti en min, para que cheguen á perfecta unidade.

## Oración despois da comunión

Señor, a ti que nos alimentaches do teu Cristo,
pedímosche que santifiques e renóve-la túa Igrexa.
Fai que cantos teñen a honra de se chamaren cristiáns
te sirvan na unidade dunha mesma fe.
Por Cristo, noso Señor.

## 14. POLA EVANXELIZACIÓN DOS POBOS

Esta misa pódese ter mesmo nos domingos do tempo ordinario, cando se fai algunha celebración especial polas misións, con tal que non sexa nos domingos do Advento, Coresma, Pascua ou nunha solemnidade.

### A

**Antífona de entrada** Sal 66, 2-3

Que Deus se apiade de nós e nos bendiga, que nos mostre a luz da súa presencia. Que se coñezan na terra os seus camiños, e nos pobos todos a súa salvación.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti queres que tódolos homes se salven
e acaden o coñecemento da verdade,
olla o grande que é a colleita
e envía xornaleiros que prediquen o Evanxelio a toda creatura.
Fai que o teu pobo,
congregado pola palabra da vida
e fortalecido co poder dos sacramentos,
avance polo camiño da salvación e do amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, ti mandáche-lo teu Fillo ó mundo,
para que fose a súa luz verdadeira.
Verte o Espírito que nos prometiches,
para que semente a verdade no corazón dos homes
e os dispoña á obediencia da fe,
e así tódolos homes nazan á nova vida polo bautismo
e merezan ser membros do teu único pobo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, olla o rostro do teu Cristo,
que se entregou á morte para nos redimir a todos.
Fai que pola súa mediación
sexa louvado o teu nome entre as nacións
desde o abrente ata a posta do sol

e se ofreza en todo o mundo
un mesmo sacrificio á túa divina maxestade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 28, 20

«Ide e facede discípulos meus a tódalas nacións, ensinándolles gardar canto vos mandei, di o Señor. Eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo.»

### Oración despois da comunión

Señor, fortalecidos co alimento da nosa redención,
pedímosche que, por este auxilio de salvación eterna,
medre a cotío en todo o mundo a fe verdadeira.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Sal 95, 3-4

Cantade entre as xentes a súa gloria, ante tódolos pobos as súas maravillas: pois grande é o Señor, e digno de louvanza.

### Oración

Señor, ti quixeches que a túa Igrexa
fose sacramento de salvación para tódalas nacións
e que a obra salvadora de Cristo chegase ata o final dos tempos.
Desperta os corazóns dos teus fieis
e fai que sintan a chamada urxente
de salvar a tódolos homes,
para que de tódolos pobos da terra
naza e medre unha única familia
e un único pobo consagrado a ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti aceptáche-la paixón gloriosa do teu Fillo
para a salvación de todo o mundo.
Acepta tamén estas ofrendas
que che presenta a túa Igrexa en oración.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 116, 1-2

Louvade o Señor tódalas xentes, aclamádeo tódolos pobos; porque a súa misericordia connosco é firme, a súa fidelidade dura por sempre.

Ou: — Mc 16, 15

«Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxelio a tódalas creaturas», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que a participación na túa mesa nos santifique,
e que polo sacramento da túa Igrexa
tódolos pobos reciban agradecidos a salvación
que o teu Fillo unixénito logrou coa súa morte na cruz.
Por Cristo, noso Señor.

## 15. POLOS CRISTIÁNS PERSEGUIDOS

### Antífona de entrada — Cf. Sal 73, 19-22

Acórdate, Señor, da túa alianza, non esquénza-la vida dos teus pobres. Érguete, Deus, defende a túa causa, non esquénza-las voces dos que che suplican.

Ou: — Feit 12, 5

Mentres Pedro estaba na cadea, a Igrexa rezaba por el sen parar.

### Oración

Deus, noso Pai,
na túa providencia misteriosa
quixeches asocia-la túa Igrexa ós sufrimentos do teu Fillo.
Fortalece a aqueles teus fieis que padecen persecución polo teu nome.
Concédelles espírito de paciencia e caridade,
para que sexan testemuñas fieis e auténticas das túas promesas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as nosas humildes oracións e as nosas ofrendas.
Fai que, os que sofren persecución por te serviren fielmente,
se alegren de asociarse ó sacrificio de Cristo, o teu Fillo,
e teñan a íntima certeza de que os seus nomes
están escritos no ceo entre os teus escolleitos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 5, 11-12

«Benaventurados seredes cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa, di o Señor: alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa no ceo.»

Ou: — Mt 10, 32

«Todo o que declare por min diante dos homes, tamén eu declararei por el diante do meu Pai», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, pola eficacia destes sacramentos
confirma os teus fillos na verdade.
Ós que sofren persecución,
concédelles que leven a cruz seguindo as pisadas do teu Fillo
e se poidan así gloriar de sufrir polo nome de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## 16. POR UNHA XUNTANZA PASTORAL OU ESPIRITUAL

### Antífona de entrada — Mt 18, 19-20

Di o Señor: «Onde estean dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu.»

Ou: — Col 3, 14-15

Por riba de todo isto cinguídevos co amor, que é o vínculo que todo une e leva á perfección. Que a paz de Cristo goberne os vosos corazóns, xa que a ela fostes chamados nun só corpo.

### Oración

Señor, infunde en nós
o espírito da intelixencia, da verdade e da paz.
Fai que de corazón coñezámo-lo que verdadeiramente che agrada a ti
e que despois o poñamos en práctica
na unidade e na concordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, noso Deus,
o teu Fillo prometeu estar presente

no medio dos que se xuntan no seu nome.
Fai que sintámo-la súa presencia entre nós
e que, penetrados do espírito de verdade e amor,
experimentemos nos nosos corazóns
a abundancia da gracia, da misericordia e da paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con clemencia
as ofrendas dos teus servos.
Axúdanos a comprender de verdade e proclamar con confianza
o que é xusto e bo ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II do Espírito Santo, p. 1004.

## Antífona da comunión

Onde hai caridade e amor, alí está Deus. O amor de Cristo xúntanos na unidade.

## Oración despois da comunión

Señor de misericordia,
que os sacramentos que acabamos de recibir
nos dean a forza de cumpri-la túa vontade
e nos fagan diante de todos testemuñas da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

## II. POLAS NECESIDADES PÚBLICAS

### 17. POLA PATRIA OU POLA CIDADE

Oración

Deus, noso Pai,
ti gobérna-lo mundo con providencia admirable.
Escoita as súplicas que che diriximos pola nosa patria (cidade).
Que a sabiduría dos que gobernan
e a honradez dos cidadáns
fortalezan a concordia e a xusticia,
para que poidamos vivir sempre na paz e no progreso.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 18. POLOS QUE GOBERNAN

Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti tes nas mans os corazóns dos homes
e os dereitos dos pobos.
Olla con piedade os que nos gobernan
para que, coa túa axuda,
a prosperidade, a paz e maila liberdade relixiosa
reinen nos pobos do mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 19. POLAS ASAMBLEAS SUPRANACIONAIS

Oración

Deus, noso Pai,
que con providencia admirable
gobernas e dirixes tódalas cousas,
olla con bondade a asamblea dos gobernantes das nacións.
Infúndelle-lo espírito de sabiduría
para actuar sempre conforme á túa vontade
e para que tódalas súas decisións sirvan á paz e ó ben común.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 20. POLO REI OU POLO PRESIDENTE DA NACIÓN

### Oración

Señor, noso Deus,
a quen todo poder está sometido,
axuda o teu servo (o noso Rei) N.
a cumprir con responsabilidade a súa misión.
Fai que, tratando sempre de te servir e respetar,
consiga para o noso pobo orde, liberdade e paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 21. POLO PROGRESO DOS POBOS

### Antífona de entrada 1 Xn 3, 17

¿Como pode esta-lo amor de Deus naquel que, tendo moitos bens neste mundo e vendo pasar necesidade ó irmán, lle cerra as entrañas?

### Oración

Deus, noso Pai,
ti déchesIle unha mesma orixe a tódolos pobos
e de todos eles quixeches facer unha soa familia.
Acende co teu amor o corazón de tódolos homes
e fai que se interesen polo xusto progreso dos irmáns.
Que os bens que ti repartes xenerosamente entre todos
contribúan á realización de todas e cada unha das persoas,
e que, eliminada toda discriminación,
reinen no mundo a igualdade e a xusticia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor misericordioso,
escoita as oracións dos que te invocamos
e acepta a ofrenda da túa Igrexa.
Fai que tódolos homes se sintan fillos teus
para que toda inxusticia sexa superada polo amor
e tódolos pobos cheguen a formar unha soa familia na túa paz.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Cf. Sal 103, 13. 14-15

Do froito das túas obras, Señor, fártase a terra, para que o home saque dela o pan co que repón as súas forzas e o viño que alegra o seu corazón.

Ou: — Lc 11, 9

«Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade e abrirásevos», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos
co único pan capaz de restaura-la familia humana.
Que a participación no sacramento da unidade
nos encha con amor limpo e xeneroso
para axudarmos os pobos en vías de desenrolo
e traballarmos con caridade por unha xusticia plena.
Por Cristo, noso Señor.

## 22. POLA PAZ E A XUSTICIA

### A

### Antífona de entrada — Cf. Sir 36, 18-19

Dálles, Señor, a túa paz ós que esperan en ti; escoita as súplicas dos teus servos e lévanos polo camiño da xusticia.

### Oración

Señor, ti dixeches que tódolos que traballan pola paz
serán chamados fillos de Deus.
Axúdanos a traballar sen acougo para construír un mundo xusto,
que lles garantice ós homes unha paz firme e verdadeira.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, noso Deus,
ti coidas de todos con amor de Pai.
Así como lles deches a tódolos homes unha mesma orixe,
fai que formen en paz unha soa familia
e vivan sempre unidos con amor de irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, baixo os signos do pan e do viño,
ofrecémosche o sacrificio salvador do teu Fillo, Rei da paz.
Que a paz e a unidade que eles simbolizan
sirvan para reforza-la concordia entre tódolos teus fillos.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 5, 9

Felices os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus.

Ou: — Xn 14, 27

«Déixovo-la paz, dóuvo-la miña paz», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Énchenos co teu espírito de amor e fai que traballemos con eficacia
para promover entre tódolos homes a paz que el nos deixou.
Por Cristo, noso Señor.

## B
## Outras oracións pola paz

### Oración

Deus, creador do mundo,
ti diríxe-la marcha da historia.
Acolle con bondade as nosas oracións e concédelle a paz ó noso tempo
para que vivamos sempre felices louvando a túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, ti es Deus da paz; é máis, ti e-la mesma paz.
Quen sementa a discordia non te pode comprender,
nin te pode acolle-lo que ama a violencia.
Fai que os que viven na concordia perseveren nese ben,
e que os que viven na discordia,
esquecendo o seu odio, sanden dese mal.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Cf. tamén a misa n. 42: Para fomenta-la concordia, p. 988.

## 22 bis. POLA RECONCILIACIÓN

O que vai no paréntese dise no tempo especial adicado á penitencia.

### Antífona de entrada

«Eu son a salvación do pobo, di o Señor. De calquera perigo que me chamen escoitareinos e serei para sempre o seu Señor.»

### Oración

Deus de clemencia e reconciliación,
ti concédeslles ós homes días especiais de salvación,
para que te recoñezan coma o creador e Pai de todos.
Axúdanos (neste tempo que che é agradable,)
para que acollamos de corazón a túa mensaxe de paz
e poidamos cumpri-la túa vontade
de instaurar tódalas cousas en Cristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Ou, sobre todo no tempo pascual:

Deus, orixe da verdadeira liberdade,
ti queres que tódolos homes se xunten nun só pobo
libre de todo asoballamento.
(Neste tempo de gracia e bendición,)
pregámosche que a túa Igrexa medre na liberdade
e apareza máis claramente ante o mundo
coma símbolo universal de salvación,
manifestando e realizando entre os homes o misterio do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, lémbrate de que o teu Fillo,
que é a nosa paz e reconciliación,
arrincou o pecado do mundo mediante o seu sangue.
Olla propicio os dons da túa Igrexa
e concédenos (na celebración gozosa deste tempo de gracia)
que traballemos por lles levar a tódolos homes a liberdade de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio I dominical do tempo ordinario, p. 464, ou prefacio común I, p. 497.

### Antífona da comunión — Mt 11, 28

«Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei», di o Señor.

Ou: — Xn 16, 24

«Pedide e recibiredes de xeito que a vosa alegría sexa plena», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que a comunión do Corpo e do Sangue do teu Fillo
aumente as nosas forzas.
Fai que este sacramento de unidade
nos encha do teu amor
e nos axude a sermos sempre instrumentos da túa paz.
Por Cristo, noso Señor.

## 23. NO TEMPO DE GUERRA OU DESORDE

### Antífona de entrada — Xer 29, 11. 12. 14

Di o Señor: «Eu quero a paz e non a guerra. Chamaredes por min e eu escoitareivos: xuntareivos traéndovos de tódolos lugares onde estabades cativos.»

Ou: — Sal 17, 5-7

Envolvéronme as ondas da morte e as correntes do averno. No apreto chamo ó Señor e el escoita a miña voz, desde o seu templo santo.

### Oración

Deus forte e misericordioso,
ti condéna-las guerras e abates os soberbios.
Arreda axiña de nós a crueldade e a violencia
e fai que merezamos chamarnos fillos teus
con enteira verdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, autor e amigo da paz,
coñecerte é vivir,
servirte é reinar.
Libera de toda agresión os que confían en ti
e fai que, baixo a túa protección, non temamos ningunha ameaza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ten presente que o teu Fillo é a nosa paz
e que co seu sangue destruíu os nosos odios.
Ti, que ollas con amor as nosas desgracias,
fai que esta ofrenda
lles devolva a paz e a tranquilidade
ós homes que ti amas.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión Xn 14, 27

«Déixovo-la paz, dóuvo-la miña paz, di o Señor; non é unha paz coma a que dá o mundo. Non se turbe o voso corazón, nin se acobarde.»

### Oración despois da comunión

Señor, ti convidáchesnos co único pan
que fortalece o corazón do home.
Axúdanos a supera-las violencias da guerra
e gardar con firmeza a túa lei de amor e de xusticia.
Por Cristo, noso Señor.

## III. EN DIVERSAS CIRCUNSTANCIAS PÚBLICAS

### 24. NO COMEZO DO ANO CIVIL

Esta misa non se pode celebrar na solemnidade de Santa María, Nai de Deus, o día 1 de xaneiro.

**Antífona de entrada** Sal 64, 12

Énche-la anada cos teus bens e os teus campos encheranse de abundancia.

Ou: Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor. Aleluia.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti que non tes principio nin fin,
e-la orixe de toda creatura.
Concédenos prosperidade neste novo ano que che consagramos
e fainos medrar en santidade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, acepta con agrado
este sacrificio que che ofrecemos.
Fai que cantos celebramos con alegría o comezo deste ano
o vivamos enteiro no teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

**Antífona da comunión** Heb 13, 8

Xesucristo é o mesmo onte e hoxe e será o mesmo para sempre.

**Oración despois da comunión**

Señor, protexe o teu pobo
que acaba de celebrar estes misterios sagrados
e confía na túa protección.
Fai que durante este novo ano se vexa libre de todo perigo.
Por Cristo, noso Señor.

## 25. POLA SANTIFICACIÓN DO TRABALLO HUMANO

### A

Antífona de entrada — Sal 89, 17

Que a túa bondade nos acompañe e favoreza os traballos das nosas mans.

Ou: — Xén 1, 1. 27. 31

No principio creou Deus o ceo e maila terra. E creou o home á súa imaxe. E viu Deus que todo o que fixera era moi bo.

Oración

Deus, creador de tódalas cousas,
ti quixeches que o home aceptase o deber do traballo.
Pola túa misericordia,
fai que este traballo que empezamos
sirva para o progreso humano
e para difundi-lo reino de Cristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Ou:

Señor, polo traballo dos homes,
dirixes e perfeccionas a cotío
a grande obra da creación.
Escoita as nosas súplicas
e fai que tódolos homes encontren un traballo digno,
que ennobreza a súa humanidade
e lles permita vivir máis unidos
servindo os seus irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, nestes bens que che presentamos
ti dáslle ó home o alimento que o sostén
e o sacramento que o renova.
Concédenos que non nos falte nunca este auxilio
para o noso corpo e para a nosa alma.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio V dominical do tempo ordinario, p. 468.

### Antífona da comunión — Col 3, 17

Todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo no nome de Xesús, o Señor, dándolle gracias a Deus Pai por medio del.

### Oración despois da comunión

Señor de misericordia, ti fixéchesnos participar
na túa mesa de amor e unidade.
Rogámosche que, polo cumprimento
do traballo que nos encomendaches,
poidamos soste-la nosa vida na terra
e edificar na fe o teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## B
## Outras oracións

### Oración

Señor, ti quixeches somete-las forzas da natureza
ó traballo do home.
Fai que nos entreguemos a nosa tarefa
con espírito cristián,
para que exerzámo-lo amor auténtico cos nosos irmáns
e poidamos colaborar no perfeccionamento da túa creación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe os dons da túa Igrexa
reunida en oración.
Fai que, polo traballo humano que che ofrecemos,
merezamos incorporarnos á obra redentora de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

### Oración despois da comunión

Señor, ti renóva-la nosa vida espiritual
con estes misterios eternos.
Rogámosche que protexas tamén coa túa axuda
a nosa vida terrena.
Por Cristo, noso Señor.

## 26. NO TEMPO DA SEMENTEIRA

### A

**Antífona de entrada** Sal 89, 17

Que a túa bondade nos acompañe, Señor, e favoreza os traballos das nosas mans.

**Oración**

Señor, contando coa túa axuda,
botámo-la semente na terra,
para que ti a multipliques.
Ti e-lo único que podes facerla medrar:
fai con xenerosidade o que nós somos conscientes
de non podermos lograr co noso traballo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Deus, noso Pai,
ti e-lo verdadeiro productor dos bens do corpo
e o supremo labrador dos bens do espírito.
Bendice o noso traballo e dános unha colleita abundante.
Fai que os bens que recibimos da túa providencia
cooperen sempre á túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio V dominical do tempo ordinario, p. 468.

**Antífona da comunión** Sal 84, 13

O Señor dará o bo tempo, a nosa terra dará o seu froito.

**Oración despois da comunión**

Señor, ti que nos alimentas cos teus sacramentos,
guía o traballo das nosas mans.
Nós vivimos, movémonos e existimos en ti:
bendice as nosas sementeiras
para que nos alimenten cunha abundante colleita.
Por Cristo, noso Señor.

## B
## Outras oracións

Oración

Señor, noso Deus,
bendice con amor o teu pobo
e fai que coa túa axuda
a terra dea os seus froitos.
Concédenos que os disfrutemos con corazón agradecido
e nos axuden a glorifica-lo teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta o noso don.
Nós ofrecémosche o pan feito cos grans de trigo
que se vai converter no Corpo do teu Fillo:
bendice as nosas sementes,
para que teñámo-la alegría dunha boa colleita.
Por Cristo, noso Señor.

Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
concédenos ós teus fieis collermos en abundancia
os froitos que precisamos para alimento corporal
para así ter máis proveito na vida espiritual.
Fai que consigámo-los bens eternos
dos que este sacramento é un anticipo.
Por Cristo, noso Señor.

## 27. PARA DESPOIS DA COLLEITA

Antífona de entrada — Sal 66, 7-8

A terra deu o seu froito, e bendícenos o Señor, noso Deus.

Oración

Señor, Pai bo,
na túa providencia confiáchesslle ó home o dominio da terra.

Fai que os froitos que dela recollemos
poidan mante-la nosa vida,
e axúdanos a usalos sempre
de modo que sirvan para a túa louvanza
e para a utilidade de todos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, dámosche gracias polos froitos
que a terra produciu para mantenza dos homes.
Que a túa providencia suprema,
que os fixo xurdir da terra,
faga tamén nacer nos nosos corazóns
a semente da xusticia e os froitos do amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica estes dons
que son froito da terra
e que che ofrecemos agradecidos.
Ti, que nos dá-la abundancia dos froitos da terra,
fai que as nosas almas sexan fecundas nos bens do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio V dominical do tempo ordinario, p. 468.

## Antífona da comunión — Sal 103, 13. 14-15

Do froito das túas obras, Señor, fártase a terra para que o home saque dela o pan co que repón as súas forzas e o viño que alegra o seu corazón.

## Oración despois da comunión

Señor, coa celebración deste sacramento salvador
dámosche gracias polos froitos que recibimos da terra.
Fai que este mesmo misterio
nos consiga os froitos, aínda mellores, do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## 28. NO TEMPO DE FAME

### A

**Antífona de entrada** Sal 73, 20. 19

Acórdate, Señor, da túa alianza; non esquéza-la vida dos teus pobres para sempre.

**Oración**

Deus de bondade e poder,
ti coidas con amor de tódalas creaturas.
Fainos amar de verdade
os nosos irmáns que teñen necesidade de comida,
para que, superada a fame,
te poidan servir cun corazón libre e seguro.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, acolle a ofrenda
dos mesmos dons que recibimos da túa xenerosidade,
que agora che ofrecemos
e que simboliza a abundancia da túa vida divina
e a nosa unidade no amor.
Fai que nos impulse a repartir con xusticia os bens da terra
e a nos axudarmos uns a outros coma irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

**Antífona da comunión** Mt 11, 28

«Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei», di o Señor.

**Oración despois da comunión**

Señor, Pai todopoderoso,
ti aliméntasnos co pan vivo que baixou do ceo.
Rogámosche que nos enforteza
para axudarmos aqueles nosos irmáns que pasan fame.
Por Cristo, noso Señor.

## B

## Outras oracións para seren ditas polos mesmos que sofren necesidade

### Oración

Deus, noso Pai,
ti non quére-la morte, senón a vida,
por iso creáche-lo alimento para todos.
Compadécete de nós
e alonxa a fame das nosas casas,
para que te poidamos servir con alegría e liberdade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, na nosa pobreza,
ofrecémosche de corazón estes dons.
Pedímosche humildemente
que eles sexan o primeiro sinal
da axuda que esperamos da túa bondade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, nesta Eucaristía alimentáchesnos coa túa man xenerosa.
Fai que nos dea forza e esperanza
para remedia-las nosas necesidades
e mailas dos nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

## 29. POLOS FUXIDOS E EXILIADOS

### Antífona de entrada — Sal 90, 11

Deus mandou os seus anxos para que te garden nos teus camiños.

Ou: — Xer 29, 11. 12. 14

Di o Señor: «Eu quero a paz e non a guerra. Chamaredes por min e eu escoitareivos: xuntareivos traéndovos de tódolos lugares onde estabades cativos.»

### Oración

Señor, para ti ninguén é extranxeiro
e a todos chega a túa axuda.
Olla con amor os fuxidos e exiliados,
os discriminados e os nenos apartados da súa familia.
Concédelles a eles retornar á súa patria
e dános a nós un corazón bondadoso
para axudarmos ós necesitados e ós extranxeiros.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti quixeches que o teu Fillo entregase a vida
para axunta-los teus fillos dispersos.
Fai que esta ofrenda de paz
reconcilie os espíritos
e aumente entre tódolos homes o amor e a fraternidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 90, 2

Meu refuxio, miña forza, meu Deus, en ti confío.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos
cun mesmo pan e cun mesmo cáliz.
Dános sentimentos humanitarios cos extranxeiros e abandonados,
para que merezamos atopármonos xuntos
na patria da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 30. POLOS QUE ESTÁN CATIVOS

### Antífona de entrada — Sal 87, 2-3

Señor, Deus, meu salvador, cara a ti clamo día e noite: chegue a ti a miña súplica, escoita o meu clamor.

### Oración

Señor, o teu Fillo tomou a condición de escravo
para redimi-los homes da cativídade do pecado.
Concédelles ós prisioneiros gozar da liberdade
que ti lles quixeches dar a tódolos teus fillos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio salvador
polo que redimíche-la humanidade.
Libera os nosos irmáns prisioneiros
e concédelles gozar da liberdade dos fillos de Deus.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Sal 68, 31. 34

Louvarei a Deus con cantos, gabareino con acción de gracias. O Señor escoita os humildes, non desprecia os seus cativos.

### Oración despois da comunión

Señor, a Eucaristía que acabamos de celebrar
lémbranos que a morte de Cristo
foi o precio da nosa liberdade.
Suplicámosche polos nosos irmáns prisioneiros:
fai que, libres das cadeas que os oprimen,
se convertan en servidores da túa xusticia.
Por Cristo, noso Señor.

## 31. POLOS ENCARCERADOS

### Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
só ti penétra-lo segredo dos corazóns,
só ti sabes quen é inocente
e só ti podes xustificar o culpable.
Atende as oracións que che presentamos
polos nosos irmáns presos:
dálles paciencia e esperanza na súa desgracia
e devólveos canto antes sen mal ás súas casas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Polos encarcerados a causa do Evanxelio, tómanse as oracións da misa n. 15, p. 958.

## 32. POLOS ENFERMOS

### Antífona de entrada — Sal 6, 3-4

Compadécete, Señor, que estou desfalecido; sándame, que me treman os ósos e a miña alma está conturbada.

Ou: — Cf. Is 53, 4

O Señor cargou cos nosos males e aturou as nosas dores.

### Oración

Señor, ti quixeches que o teu Fillo
soportase as nosas fraquezas,
para reveláre-lo valor da enfermidade e da paciencia.
Atende con bondade as nosas oracións
polos nosos irmáns enfermos.
Fai que os anguriados
polas dores, quebrantos ou enfermidades
se sintan elixidos a seren dos que Cristo chamou ditosos
e se saiban unidos ó teu Fillo
no seu sufrimento pola salvación do mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-la salvación eterna dos que cren en ti.
Escoita as oracións que che diriximos
polos nosos irmáns enfermos
e concédelle-la axuda da túa misericordia.
Fai, que recobrada a saúde,
poidan darche gracias na túa Igrexa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
nas túas mans están tódolos instantes da nosa vida.
Acolle as ofrendas e oracións
que che ofrecemos polos nosos irmáns enfermos.
Fai que o noso temor polo seu mal
se torne en alegría pola súa saúde.
Por Cristo, noso Señor.

## Antífona da comunión — Col 1, 24

Completo na miña carne o que lle falta á paixón de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa.

## Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti e-lo único refuxio para a nosa debilidade.
Mostra nos nosos irmáns enfermos
a túa forza salvadora,
para que, axudados pola túa misericordia,
volvan sans e salvos a túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

## 33. POLOS MORIBUNDOS

### Antífona de entrada — Rm 14, 7-8

Ningún de nós vive para si e ningún de nós morre para si. Se vivimos, para o Señor vivimos; e se morremos, somos do Señor.

Ou: — Cf. Is 53, 4

O Señor cargou cos nosos males e aturou as nosas dores.

### Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
na morte de Cristo ti abríchesslles ós homes
a porta da vida eterna.
Olla con piedade este teu fillo que está na agonía:
fai que, unido á paixón de Cristo
e sinalado co seu sangue,
poida presentarse diante de ti limpo de todo pecado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, polos que vaian morrer hoxe:

Deus omnipotente e misericordioso,
ti móstraslles sempre o teu amor a tódalas creaturas.
Escoita as oracións que che diriximos
por aqueles que van morrer hoxe.
Fai que, redimidos polo sangue do teu Fillo,
saian deste mundo limpos de todo pecado
e descansen para sempre no seo da túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe a ofrenda que che presentamos
polo teu fillo N., que está na agonía.
Concédelle que esta Eucaristía o limpe de toda culpa
e que, soportando con fe os seus sufrimentos nesta vida,
consiga o descanso eterno na futura.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Col 1, 24

Completo na miña carne o que lle falta á paixón de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa.

Ou: Xn 6, 54

«Quen come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día», dio o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que pola forza deste sacramento
a túa gracia sosteña e console o teu fillo,
para que na hora da morte non sexa derrotado polo enemigo
e mereza entrar na vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 34. EN TEMPO DE TERREMOTOS

### Oración

Deus todopoderoso,
ti rexes coa túa sabiduría e o teu poder
a harmonía do universo.
Perdoa os nosos temores e atende as nosas súplicas.
Fai que, libres dos perigos do terremoto,
experimentémo-la túa misericordia
e, seguros coa túa protección,
te poidamos servir con corazón agradecido.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 35. PARA PEDI-LA CHUVIA

### Oración

Deus, noso Pai,
en ti vivimos, movémonos e existimos.
Dáno-la chuvia que tanto necesitamos,
para que, seguros do noso pan,
busquemos con confianza os bens da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 36. PARA PEDI-LO BO TEMPO

Oración

Deus todopoderoso e eterno,
en toda circunstancia atopamos seguridade
na túa misericordia e no teu perdón.
Escoita as nosa súplicas
e fai que se compoña o tempo como desexamos.
Dáno-la gracia de emprega-los teus dons
para a túa gloria e para a nosa salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 37. PARA ARREDA-LAS TEMPESTADES

Oración

Deus, noso Pai,
a ti obedécente tódolos elementos da natureza.
Arreda de nós a tempestade que nos ameaza
e fai que o noso temor
se converta en motivo de louvanza ó teu nome.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 38. EN CALQUERA NECESIDADE

### A

Antífona de entrada

«Eu son a salvación do pobo, di o Señor. Cando me chamen desde o perigo, escoitareinos e serei sempre para eles o Señor.»

Oración

Señor, noso Deus,
ti es refuxio nas dificultades,
forza na enfermidade e consolo na tristura.
Dálle o perdón ó teu pobo,
para que, purificado polo sufrimento,
sinta o alivio da túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as nosas oracións
e recibe as nosas ofrendas.
Fai que os que sufrímo-las consecuencias dos nosos pecados
sexamos liberados pola gracia do teu perdón.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 11, 28

«Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, olla con bondade o noso sufrimento.
Pola paixón do teu Fillo,
aparta de nós o castigo que merecemos polos nosos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Sal 43, 24-27

Desperta, ¿por qué estás, Señor, dormido? Érguete: non nos rexeites para sempre. ¿Por qué escónde-la túa cara, esquénce-la nosa miseria e opresión? O noso alento está postrado no pó, o noso ventre polo chan. Érguete na nosa axuda, redímenos pola túa misericordia.

### Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
olla compasivo a aflicción dos teus fillos.
Alivia a nosa pena e confirma a nosa fe,
para que non desconfiemos nunca da túa providencia de Pai.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle os dons que confiadamente che ofrecemos.
Axúdanos a levar con paciencia os nosos sufrimentos,
para que se convertan nun sacrificio que che sexa agradable.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Xn 16, 23-24

«Canto lle pidades ó Pai no meu nome, el hávolo dar. Pedide e recibiredes, de xeito que a vosa alegría sexa plena», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, con esta santa Eucaristía
dásno-la túa forza e renóva-la nosa vida.
Rogámosche que nos axudes
a afrontarmos con valentía
as dificultades que nos esperan
e a confortarmos con xenerosidade
os nosos irmáns nos seus apuros.
Por Cristo, noso Señor.

## 39. PARA DAR GRACIAS A DEUS

## A

### Antífona de entrada — Ef 5, 19-20

Entoade de corazón cantos e salmos ó Señor; dádelle gracias sen cesar por todo a Deus Pai, por medio do noso Señor Xesucristo.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti escoitas sempre os teus fillos
cando os aflixe a desgracia.
Dámosche gracias pola túa bondade
e pedímosche que, libres de todo mal,
te sirvamos sempre con alegría.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti déchesno-lo teu Fillo
para que nos librase da morte e de todo mal.
Rogámosche que acollas con bondade
este sacrificio de acción de gracias
que che ofrecemos por nos teres librados da desgracia.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio común IV, p. 500.

Antífona da comunión — Sal 137, 1

Douche gracias, Señor, de todo corazón, porque me escoitaches cando te chamei.

Ou: — Sal 115, 12-13

¿Con qué lle pagarei eu ó Señor todo o ben que me fai? Alzarei a copa da salvación, invocando o nome do Señor.

Oración despois da comunión

Deus todopoderoso, por este pan da vida
ti libras do pecado os teus fillos e renovas con amor as súas forzas.
Axúdanos a crecer continuamente na esperanza da gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## B
## Outras oracións

Oración

Deus, noso Pai, fonte de todo ben,
de ti procede canto somos e canto temos.
Ensínanos a recoñece-los beneficios da túa bondade infinita
e a te amarmos con tódalas forzas do noso corazón.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza
en acción de gracias polos dons que nos deches.
Xa que os recibimos sen merecelos
fai que llos atribuamos á gloria do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti devólvesnos como alimento espiritual
o sacramento salvador do teu Fillo,
que che acabamos de ofrecer en acción de gracias.
Fai que estes dons nos dean forza e alegría,
para que merezamos servirte con máis entrega
e recibir de ti novos beneficios.
Por Cristo, noso Señor.

## IV. POR ALGUNHAS NECESIDADES PARTICULARES

### 40. POLO PERDÓN DOS PECADOS

Antífona de entrada — Cf. Sab 11, 24. 25. 27

Señor, ti tes piedade de todo e nada desprecias de canto creaches. Esquénce-los pecados do home, para que se converta e o perdoes, porque ti e-lo noso Deus e Señor.

Oración

Señor, escoita con bondade
as peticións dos que acoden a ti
e perdoa os que se recoñecen pecadores,
para que o teu amor nos conceda o perdón e maila paz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, ten misericordia do teu pobo
e perdóalle tódolos pecados.
Que o teu perdón amoroso
nos libre do castigo que merecen as nosas ofensas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio
de reconciliación e de louvanza.
Líbranos, pola túa misericordia, dos nosos pecados,
e guía os nosos inconstantes corazóns.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio IV dominical do tempo ordinario, p. 467.

Antífona da comunión — Lc 15, 10

Asegúrovos que se alegran os anxos por un só pecador que se converta.

Oración despois da comunión

Deus de misericordia,
ó recibirmos este sacramento
ti perdóa-los nosos pecados.
Que a túa gracia nos axude a evitalos no futuro
e a te servirmos de todo corazón.
Por Cristo, noso Señor.

## 41. PARA PEDI-LA CARIDADE

### Antífona de entrada — Ez 36, 26. 27. 28

Di o Señor: «Arrincarei do voso corpo o corazón de pedra, e dareivos un corazón de carne. Meterei dentro de vós o meu espírito: seréde-lo meu pobo e eu serei o voso Deus.»

### Oración

Señor, acende os nosos corazóns
co teu Espírito de amor.
Fai que as nosas intencións se acomoden sempre ós teus desexos
e te amemos de verdade nos nosos irmáns.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica na túa bondade
estes dons que che presentamos.
Acepta o noso sacrificio espiritual
e axúdanos a leva-lo teu amor a tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — 1 Cor 13, 13

Hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, o amor, estas tres: pero delas a meirande é o amor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos cun mesmo pan de vida.
Énchenos co don do Espírito Santo
e renóvanos coa dozura do teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

## 42. PARA FOMENTA-LA CONCORDIA

### Antífona de entrada — Feit 4, 32. 33

A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma. Os apóstolos daban, con valor, testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eran moi ben vistos. Aleluia.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti e-la unidade perfecta e o amor verdadeiro.
Dálles ós teus fillos un só corazón e unha soa alma,
para que a túa Igrexa viva en harmonía
e permaneza firme na unidade pola confesión da fe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, cos teus sacramentos e coa túa palabra
fas de nós uns homes novos, semellantes a ti.
Dirixe os nosos pasos polos teus camiños
e, por este sacrificio que che ofrecemos,
concédenos recibir aquel don de amor
que ti nos prometiches.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da unidade, p. 952.

### Antífona da comunión — Xn 17, 20. 21

«Pai, rógoche polos que cren en min, para que todos sexan un en nós, e para que o mundo crea que ti me enviaches», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo sacramento da unidade.
Axúdanos a vivir unidos na túa Igrexa,
tendo en nós a paz que damos
e conservando a paz que recibimos.
Por Cristo, noso Señor.

## 43. POLA FAMILIA

### Antífona de entrada — Ef 6, 2-3

«Honra teu pai e túa nai»: este é o primeiro mandamento. Leva consigo unha promesa: «Irache ben e vivirás moitos anos.»

### Oración

Deus creador do universo,
en ti ten a familia o seu fundamento.
Acolle con bondade a oración dos teus fillos
e axúdanos a segui-lo exemplo de virtude e amor
que nos deu a Sagrada Familia,
para que un día nos xuntemos na túa casa
a gozar da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche esta ofrenda que nos reconcilia contigo.
Suplicámosche humildemente que asegúre-las nosas familias
na túa gracia e na túa paz.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Is 49, 15

«¿Pode unha nai esquence-lo seu fillo? Pois anque ela o poida esquencer, eu a ti non te esquenzo», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti que nos alimentas con esta Eucaristía,
axúdanos a segui-lo exemplo da Sagrada Familia.
Fai que, despois dos traballos desta vida,
disfrutemos para sempre da súa compañía.
Por Cristo, noso Señor.

## 44. POLOS PARENTES E AMIGOS

### Antífona de entrada — Cf. Sal 121, 6. 8

Pedide a paz para Xerusalén; vivan seguros os que a aman. Polos meus irmáns e compañeiros, vou pedi-la paz para ti.

### Oración

Deus, noso Pai,
pola gracia do Espírito Santo
énche-lo corazón dos teus fieis
co don do amor ó próximo.
Escoita as oracións que che ofrecemos
polos nosos parentes e amigos.
Dálles saúde de corpo e alma,
para que te amen de corazón
e cumpran con amor a túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ten piedade dos parentes e amigos
por quen che ofrecemos este sacrificio de louvanza.
Que esta Eucaristía lles consiga a gracia da túa bendición
e lles logre a gloria da eterna felicidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 12, 50

«O que cumpre a vontade do meu Pai celestial, ese é o meu irmán, a miña irmá e maila miña nai», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ó recibirmos estes santos sacramentos,
pedímosche polos parentes e amigos
que uniches a nós no amor.
Concédelle-lo perdón dos pecados,
dálle-la alegría de vivir
e guíaos coa túa protección constante.
Fai que todos nós te sirvamos unidos na túa Igrexa
e poidamos chegar un día ó gozo da túa presencia.
Por Cristo, noso Señor.

## 45. POLOS QUE NOS CAUSAN DANO

### Antífona de entrada — Lc 6, 27-28

Amade os vosos enemigos, facede ben ós que vos odian, bendicide os que vos maldicen e rogade polos que vos calumnian.

### Oración

Deus, noso Pai,
o mandamento do teu amor
é que amemos tamén os que nos fan mal.
Concédenos segui-los mandamentos da nova alianza,
esforzándonos en devolver ben por mal
e levando con paciencia os sufrimentos
que nos causamos uns ós outros.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Ofrecémosche, Señor, este sacrificio polos que nos fan mal,
xa que desexamos vivir en paz con todos.
Nel celebrámo-la memoria da morte do teu Fillo,
que nos reconciliou contigo
cando aínda eramos enemigos teus.
Por Cristo, noso Señor.

### Antífona da comunión — Mt 5, 9-10

Felices os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus.
Felices os perseguidos por causa da xusticia, porque deles é o reino do ceo.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
por este misterio que nos trouxo a paz contigo,
danos estar tamén en paz con todos.
Fai que aqueles que nos oprimen volvan a teu perdón
e se poñan a ben connosco.
Por Cristo, noso Señor.

## 46. PARA QUE DEUS NOS DEA UNHA BOA MORTE

### Antífona de entrada — Sal 22, 4

Se tivese que pasar por vagoadas sombrías, non temería ningún mal, pois ti estás comigo: a túa vara e o teu caxato asoséganme.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti creáchesnos á túa imaxe
e por nós entregáche-lo teu Fillo á morte.
Concédenos permanecermos sempre vixiantes na oración
e que, cando chegue a hora de deixarmos este mundo,
esteamos libres de pecado
e poidamos descansar con alegría no colo da túa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, coa morte do teu Fillo matáche-la nosa morte.
Pola eficacia deste sacramento
fai que obedezámo-la túa vontade ata a morte,
para que saiamos deste mundo con paz e confianza
e, polo teu favor, teñamos parte na súa resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio común V, p. 501, ou VI, p. 502.

### Antífona da comunión — Rm 14, 7-8

Ningún de nós vive para si e ningún de nós morre para si. Se vivimos, para o Señor vivimos; e se morremos, somos do Señor.

Ou: — Lc 21, 36

Vós vixiade sempre e pregade para comparecer seguros ante o Fillo do home.

### Oración despois da comunión

Señor, por este sacramento
dásnos un anticipo da nosa inmortalidade.
Que a túa piedade de Pai nos axude na hora da morte,
para que venzámo-las tentacións do enemigo
e cheguemos ó acougo da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

# MISAS VOTIVAS

## 1. SANTÍSIMA TRINIDADE

Dise, de cor branca, a misa da solemnidade (p. 407).

## 2. MISTERIO DA SANTA CRUZ

Dise, de cor vermella, a misa da festa da Exaltación da Santa Cruz, día 14 de setembro (p. 731).

## 3. SANTÍSIMA EUCARISTÍA

Dise, de cor branca, a misa da solemnidade do Santísimo Corpo e Sangue de Cristo (p. 409), ou as seguintes:

### A

**Antífona de entrada** — Sal 77, 23-25

O Señor abriu as comportas do ceo e fixo chover sobre eles maná para que comesen, deulles pan do ceo: o home comeu pan dos anxos.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti rematáche-la obra da redención humana
polo misterio pascual do teu Fillo.
Concédenos piadoso que, cantos pregoamos con fe
a morte e resurrección de Cristo nestes signos sacramentais,
experimentemos en nós un crecemento da túa salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, celebramos agora o memorial da nosa salvación.
Que pola túa misericordia este sacramento de piedade
se converta para nós
en sinal de unidade e en vínculo de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Santísima Eucaristía, pp. 476-477.

**Antífona da comunión** — Xn 6, 51-52

«Eu son o pan vivo que baixou do ceo, di o Señor. Se alguén come deste pan, vivirá para sempre; o pan que eu darei é a miña carne para a vida do mundo.»

### Oración despois da comunión

Señor, fai que a participación nesta sagrada Eucaristía nos santifique
e que no Corpo e no Sangue de Cristo
se amen como irmáns tódolos homes.
Por Cristo, noso Señor.

## B

Esta misa emprégase tamén como misa votiva do noso Señor Xesucristo, sumo e eterno Sacerdote.

### Antífona de entrada — Sal 109, 4

Xurouno o Señor, e non se arrepentirá: Ti es sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisedec.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti quixeches constituír a Cristo
como sumo e eterno Sacerdote
para gloria túa e para salvación de tódolos homes.
Concédenos que o pobo, que el che adquiriu co seu sangue,
reciba o froito da súa morte e resurrección,
ó participar no seu memorial.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, concédenos celebrar con dignidade estes misterios,
pois sempre que neles facemos lembranza
da morte e resurrección do teu Fillo,
realízase a obra da nosa redención.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio da Santísima Eucaristía, p. 476-477.

### Antífona da comunión — 1 Cor 11, 24-25

«Este é o meu Corpo, que se entrega por vós; este cáliz é a nova alianza no meu Sangue, di o Señor. Facede isto, sempre que o bebades, en memoria de min.»

### Oración despois da comunión

Señor, o teu Fillo mandounos celebrar
este sacrificio en conmemoración súa.
Rogámosche que, ó participarmos nel,
nos convertamos con Cristo nunha ofrenda permanente a ti.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. SANTÍSIMO NOME DE XESÚS

Nesta misa úsase a cor branca.

### Antífona de entrada — Flp 2, 10-11

Ante o nome de Xesús dóbrese todo xionllo, no ceo, na terra e mais no abismo, e toda lingua proclame, para gloria de Deus Pai, que Xesucristo é o Señor.

### Oración

Señor, nós venerámo-lo santo nome de Xesús.
Concédenos gozar da súa amistade nesta vida
e alcanza-la plenitude do seu gozo no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Pai todopoderoso,
dígnate acolle-los nosos dons no nome de Xesús.
Apoiados nel, confiamos conseguir canto che pedimos,
conforme ó que nos prometeu misericordiosamente
o teu mesmo Fillo Xesucristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

### Antífona da comunión — Feit 4, 12

Non lles foi dado ós homes outro nome debaixo do ceo, polo que nos poidamos salvar.

### Oración despois da comunión

Señor, ti quixeches que ó nome de Xesús
toda creatura se axionlle
e que nel tódolos homes atopen a salvación.
Concédenos, pola túa misericordia,
que o veneremos dignamente nestes misterios.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. PRECIOSÍSIMO SANGUE DO NOSO SEÑOR XESUCRISTO

Nesta misa úsase a cor vermella.

### Antífona de entrada — Ap 5, 9-10

Adquiriches para Deus co teu sangue xentes de toda raza, lingua, pobo e nación, e fixeches deles un reino e sacerdotes para o noso Deus.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti redimiches tódolos homes
co precioso Sangue do teu Fillo único.
Mantén viva en nós a obra da túa misericordia,
para que, ó celebrármo-lo misterio da nosa salvación,
merezamos consegui-los seus froitos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentamos ante ti
a ofrenda do noso sacrificio.
Fai que por esta Eucaristía nos acheguemos a Xesús,
o Mediador da nova alianza,
e renovémo-la acción salvadora do seu Sangue.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

Prefacio I da Paixón do Señor, p. 454.

### Antífona da comunión — Cf. 1 Cor 10, 16

O vaso de bendición que bendicimos é a comunión co Sangue de Cristo; o pan que partimos é a comunión co Corpo de Cristo.

### Oración despois da comunión

Señor, ti aliméntasnos
coa comida e coa bebida da salvación.
Que o Sangue do noso Salvador nos inunde
e se converta para nós en fonte de auga viva
que salta ata a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Deus todopoderoso,
ti aliméntasnos coa comida e coa bebida do ceo.
Defende da ameaza dos enemigos
os que redimiches co Sangue precioso do teu Fillo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## 6. SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS

Dise, de cor branca, a misa da solemnidade (p. 410), ou a seguinte:

### Antífona de entrada — Sal 32, 11. 19

Os pensamentos do seu corazón permanecen por tódalas xeracións, para librarnos da morte e alimentarnos no tempo da miseria.

### Oración

Señor, noso Deus,
revístenos das virtudes do corazón do teu Fillo
e acendenos nos seus sentimentos.
Fai que sexamos semellantes a el
e merezamos así participar na salvación eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, Pai de misericordia,
ti amáchesnos cun amor tan excesivo,
que nos entregáche-lo teu único Fillo.
Fai que nos unamos intimamente a el,
para que poidamos presentar unha ofrenda digna de ti.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Sagrado Corazón de Xesús, p. 410.

### Antífona da comunión — Xn 7, 37-38

Di o Señor: «Se algún ten sede, que veña onda min e beba. A quen cre en min, naceranlle no seu seo ríos de auga viva.»

Ou: — Xn 19, 34

Un dos soldados atravesoulle o costado cunha lanza, e de seguida saíu sangue e auga.

### Oración despois da comunión

Señor, despois de participarmos no sacramento do teu amor,
implorámo-la túa misericordia.
Fai que sexamos semellantes a Cristo na terra,
para que merezamos participar da súa gloria no ceo.
Por Cristo, noso Señor.

## 6 bis. XESUCRISTO, SUMO E ETERNO SACERDOTE

### Antífona de entrada — Heb 7, 24

Cristo, mediador da nova alianza, ten un sacerdocio imperecedeiro, xa que dura para sempre.

### Oración

Deus, noso Pai,
para a túa gloria e para a salvación do xénero humano,
ti constituíches a Cristo, o teu Fillo único,
sumo e eterno Sacerdote.
Ós que el escolleu para ministros e dispensadores dos seus misterios
concédelle-la gracia de seren fieis
no cumprimento do ministerio que lles foi encomendado.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, o teu Fillo Xesucristo,
que é o noso Mediador,
che faga agradables estes dons,
e nós, unidos a el,
sexamos ofrenda agradable ós teus ollos.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio

#### O SACERDOCIO DE CRISTO E O MINISTERIO DOS SACERDOTES

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo
constituíche-lo teu Fillo unixénito
Pontífice da alianza nova e eterna,
e na túa providencia misteriosa
dispuxeches que o seu único sacerdocio
se perpetuase na túa Igrexa.

El non só enriquece o teu pobo santo
co seu sacerdocio real,
senón que co seu amor de irmán
escolleu tamén homes,
que, mediante a imposición de mans,
participen do seu ministerio sagrado.

Eles renovan no seu nome
o sacrificio da redención humana,
preparándolles ós teus fillos o banquete pascual,
guían con amor o teu pobo santo,
aliméntano coa palabra
e confórtano cos sacramentos.

Eles, consagrando a súa vida a ti e ós seus irmáns,
esfórzanse en se faceren semellantes a Cristo
e en che ofreceren sempre a ti
un testemuño de fe e de amor.

Por iso nós, Señor,
unidos ós anxos e ós santos,
te glorificamos e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión — Mt 28, 20

«Asegúrovos que eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que esta Eucaristía
que acabamos de ofrecer e de recibir
nos dea a túa gracia.
Fai que, unidos sempre a ti polo amor,
deamos froitos de vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. ESPÍRITO SANTO

Nesta misa úsase a cor vermella.

### A

### Antífona de entrada — Rm 5, 5

O amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo que habita en nós.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti instruíche-lo corazón dos teus fieis
coa luz do Espírito Santo.
Por este mesmo Espírito
concédenos aprecia-lo que é xusto
e gozar sempre do seu consolo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica estas ofrendas que che presentamos
e purifica os nosos corazóns
coa luz do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio I do Espírito Santo

### O Señor envía o Espírito Santo á Igrexa

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.
V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
por Cristo, Señor noso.

El, subindo ó ceo e sentándose á dereita do Pai,
enviou sobre os teus fillos adoptivos
o Espírito Santo que lles tiña prometido.

Por iso, Señor, con tódolos anxos,
te aclamamos agora e por sempre,
e te glorificamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión — Sal 67, 29

Confirma, Deus, o que obraches en nós desde o teu templo santo, que está en Xerusalén.

## Oración despois da comunión

Señor, que o Espírito Santo
encha os nosos corazóns e os purifique;
e que, impregnándoos coma un orballo, os faga fecundos.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Antífona de entrada — Xn 16, 13

«Cando veña o Espírito da Verdade havos encamiñar á verdade plena», di o Señor.

### Oración

Señor, o Espírito Santo que procede de ti
ilumine os nosos corazóns;
e, conforme prometeu o teu Fillo,
nos faga comprende-la verdade plena.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ningún corazón se che esconde,
ningún desexo se che oculta:
non hai segredos para ti.
Que o Espírito Santo
entre nos nosos corazóns e os purifique,
para que o noso amor sexa total
e a nosa louvanza digna de ti.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle esta ofrenda espiritual
que de todo corazón presentamos no teu altar.
Dános un espírito de rectitude,
para que a nosa fe te mova a aceptar estes dons
e a nosa humildade chos faga agradables.
Por Cristo, noso Señor.

### Prefacio II do Espírito Santo

#### A acción do Espírito Santo na Igrexa

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

En cada momento ti concédesnos
o que máis nos convén,
e gobérna-la túa Igrexa
dun xeito admirable.
Porque coa forza do Espírito Santo
asegúraslle a túa axuda,
e ela, sempre obediente ó teu amor,
non se cansa de te invocar na desgracia
nin deixa de che dar gracias na alegría,
por Cristo, Señor noso.

Por iso, cos anxos e cos santos,
louvámoste, proclamando con gozo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

## Antífona da comunión

Xn 15, 26; 16, 14

«O Espírito que procede do Pai é quen me ha glorificar», di o Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
ti alimentáchesnos co pan da vida.
Enche o noso corazón coa ternura do teu Espírito,
para que alcancemos na eternidade
o que agora recibimos con fe.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Antífona de entrada — Lc 4, 18

«O Espírito do Señor está sobre min, envioume para proclama-la Boa Nova ós pobres», di o Señor.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti santifica-la túa Igrexa en todo o mundo
sen distinción de raza nin nación.
Extende por toda a terra os dons do teu Espírito
e continúa tamén agora no corazón dos teus fieis
o que a túa bondade obrou no comezo da predicación do Evanxelio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti guíasnos co teu Espírito
e gárdasnos coa túa protección.
Móstrano-la túa misericordia e atende as nosas súplicas,
para que a fe dos que cren en ti
sexa sempre fortalecida pola túa axuda.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, o lume do Espírito Santo,
que acendeu o corazón dos discípulos do teu Fillo,
santifique tamén as ofrendas que che presentamos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio do Espírito Santo I, p. 1003, ou II, p. 1004.

### Antífona da comunión — Sal 103, 30

Mánda-lo teu Espírito, e son creados, e renóva-la face da terra.

### Oración despois da comunión

Señor, que por esta Eucaristía
nos encha o fervor do Espírito
que de modo misterioso acendeu o corazón dos apóstolos.
Por Cristo, noso Señor.

# 8. SANTA MARÍA VIRXE

## A

Tómase unha misa do Común da Virxe santa María (p. 820), conforme ós diversos tempos do ano.

## B

### Santa María, Nai da Igrexa

Antífona de entrada — Cf. Feit 1, 14

Os discípulos adicábanse conxuntamente á oración con María, a Nai de Xesús.

Oración

Deus, Pai de misericordia,
o teu Fillo cravado na cruz
proclamou tamén coma nai nosa
a súa nai, a Virxe María.
Concede que, coa súa axuda amorosa,
a túa Igrexa sexa cada vez máis fecunda,
sinta alegría ó ve-la santidade dos seus fillos
e congregue dentro de si a tódolos pobos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle as nosas ofrendas
e convérteas en sacramento de salvación.
Que a forza da súa gracia
acenda en nós o amor á Virxe María, Nai da Igrexa,
e nos asocie máis intimamente a ela
na obra da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## Prefacio

### MARÍA, MODELO E NAI DA IGREXA

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.
E tributarche a nosa humilde louvanza
nesta celebración en honor da Virxe María.

Ela recibiu o teu Fillo
cun corazón inmaculado,
levouno no seu seo virxinal
e deuno a luz, a el que era o seu creador,
preparando o comezo da túa Igrexa.

Ó pé da cruz recibiu o testamento do teu amor
e adoptou coma fillos a tódolos homes,
que Cristo redimiu coa súa morte.

Cando en Pentecostés os apóstolos
esperaban a túa promesa,
uniu á deles a súa pregaria
e converteuse así en modelo
da Igrexa en oración.

E despois da súa asunción ó ceo
coida con amor de nai
a Igrexa peregrina pola terra,
guiando os seus pasos cara á patria celeste
ata que chegue o día glorioso do Señor.

Por iso, cos anxos e cos santos,
louvámoste, dicindo sen cesar:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.

Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

### Antífona da comunión

Cf. Xn 2, 1. 11

Houbo un casamento en Caná de Galilea e estaba alí a Nai de Xesús. Entón fixo Xesús o primeiro dos seus signos e manifestou a súa gloria e creron nel os seus discípulos.

Ou:

Cf. Xn 19, 26-27

Desde a cruz, Xesús díxolle ó discípulo amado: «Velaí a túa nai.»

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibir
este sacramento que é anticipo de redención e de vida.
Pedímosche que, pola mediación materna da Virxe,
a túa Igrexa anuncie o Evanxelio a tódolos pobos
e encha a terra coa presencia do teu Espírito.
Por Cristo, noso Señor.

## C

## O Santísimo nome de María

Tómase unha misa do Común da Virxe santa María (p. 820), conforme ós diversos tempos do ano, coa seguinte oración:

### Oración

Deus, noso Pai,
cando expiraba no altar da cruz,
o teu Fillo quixo que a súa nai
fose tamén a nosa nai.
Fai que a invocación do seu santo nome
axude ós que nos acollemos
á súa protección maternal.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 9. SANTOS ANXOS

Nesta misa úsase a cor branca.

### Antífona de entrada — Sal 102, 20

Bendicide ó Señor, os seus anxos, poderosos cumpridores das súas ordes, obedecendo a súa palabra.

### Oración

Deus, noso Pai,
ti distribúes dun modo admirable
as funcións dos anxos e dos homes.
Pedímosche que os que te serven sempre a ti no ceo
protexan tamén a nosa vida na terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio de louvanza.
Que os anxos o leven á túa presencia,
acólleo con bondade
e fai que sirva para a nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos anxos, p. 488.

### Antífona da comunión — Sal 137, 1

Douche gracias, Señor, de todo corazón, na presencia dos teus anxos cantarei salmos para ti.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos co pan do ceo.
Fai que, fortalecidos polo seu poder
e coa fiel protección dos teus anxos,
avancemos con paso firme
polo camiño da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Pódese dicir tamén a misa dos santos Anxos da Garda, coma no día 2 de outubro (p. 745).

# 10. SAN XOSÉ

Nesta misa úsase a cor branca.

## Antífona de entrada — Lc 12, 42

Velaquí o administrador fiel e prudente, posto polo Señor ó frente da súa casa.

## Oración

Deus, noso Pai,
con providencia admirable ti escolliches a san Xosé
coma esposo da santísima Nai do teu Fillo.
Nós venerámolo coma protector na terra,
fai que o teñamos tamén coma intercesor no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Pai santo,
ti confiáchesllle a san Xosé
a misión de coidar como pai, na terra, o teu Fillo único.
Rogámosche que a súa pregaria nos axude no noso ministerio
agora que che imos presentar este sacrificio de louvanza.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de san Xosé: na veneración, p. 489.

## Antífona da comunión — Mt 25, 21

Moi ben, criado fiel e cumpridor: pasa a disfrutar da festa do teu Señor.

## Oración despois da comunión

Señor, ti que nos renovaches cos sacramentos da vida,
fai que vivamos sempre na xusticia e na santidade.
Que nos sirvan de axuda
o exemplo e a intercesión de san Xosé,
el que foi o home fiel e xusto
que colaborou nos grandes misterios da nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Pódese tamén dicir, se parece conveniente, a misa da solemnidade, coma no día 19 de marzo (p. 619); ou de san Xosé, Obreiro, coma no día 1 de maio (p 639).

## 11. TÓDOLOS SANTOS APÓSTOLOS

Nesta misa úsase a cor vermella.

### Antífona de entrada — Xn 15, 16

«Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós, para que vaiades e deades froito e o voso froito permaneza», di o Señor.

### Oración

Señor, que a túa Igrexa teña sempre a alegría
de celebra-la festa dos santos Apóstolos.
Eles, que a iluminaron coa súa doctrina
e a enriqueceron cos seus méritos,
a guíen tamén coa súa protección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, envía sobre nós o Espírito Santo
que con tanta abundancia baixou sobre os Apóstolos.
Fai que comprendamos mellor o que eles nos transmitiron
e che ofrezamos este sacrificio de louvanza
dun xeito digno da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos apóstolos, pp. 490-491.

### Antífona da comunión — Mt 19, 28

«Vós, os que me seguistes, sentarédesvos en doce tronos para xulgardes as doce tribus de Israel», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
fai que con alegría e limpo corazón
sexamos perseverantes en escoita-la ensinanza dos Apóstolos,
en celebrar xuntos a fracción do pan e na oración.
Por Cristo, noso Señor.

## 12. SANTOS PEDRO E PAULO, APÓSTOLOS

Nesta misa úsase a cor vermella.

Dise a misa da vixilia da solemnidade dos mesmos Apóstolos, (p. 671).

## 13. SAN PEDRO, APÓSTOLO

Nesta misa úsase a cor vermella.

### Antífona de entrada — Lc 22, 32

Díxolle o Señor a Simón Pedro: «Eu roguei por ti, para que a túa fe non falle; e ti, unha vez arrepentido, debes confirmar os teus irmáns.»

### Oración

Señor, ti entregácheslle ó apóstolo san Pedro
as chaves do reino do ceo,
e con elas o poder supremo de atar e desatar.
Pola súa intercesión, concédenos
vernos libres das ataduras dos nosos pecados.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ti iluminaches o apóstolo san Pedro
para que te proclamase a ti coma Deus vivo
e a Cristo coma teu Fillo;
concedícheslle a gracia do martirio
para dar testemuño do seu Mestre.
Recibe agora con bondade a ofrenda
que o teu pobo che presenta o día da súa festa.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I dos apóstolos, p. 490.

### Antífona da comunión — Mt 16, 16. 18

Díxolle Pedro a Xesús: «Ti e-lo Mesías, o Fillo de Deus vivo.» E Xesús contestoulle: «Ti es Pedro, é dicir, pedra; e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa.»

### Oración despois da comunión

Señor, escoita as oracións
dos que invitaches a este banquete de salvación
na festa do apóstolo san Pedro.
Pedímosche vivir sempre unidos ó teu Fillo,
o único que ten palabras de vida eterna,
para que, seguindo a Cristo, o bo Pastor,
sexamos conducidos á felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## 14. SAN PAULO, APÓSTOLO

Nesta misa úsase a cor vermella.

### Antífona de entrada — 2 Tim 1, 12; 4, 8

Sei de quen me fiei e estou certo de que o Señor, xuíz xusto, é poderoso para custodiar deica aquel día o depósito que me confiou.

### Oración

Señor, noso Deus,
ti escolliches o apóstolo san Paulo
para predica-la Boa Nova da salvación.
Enche todo o mundo coa fe
que el anunciou ante os reis e as nacións,
para que a túa Igrexa siga a medrar na terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ó celebrarmos estes santos misterios,
fai que o teu Espírito nos encha con aquela luz da fe
que iluminou o apóstolo san Paulo
para que proclamase entre os homes a gloria do teu nome.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I dos apóstolos, p. 490.

### Antífona da comunión — Gál 2, 20

Vivo na fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos
co Corpo e co Sangue do teu Fillo.
Fai que Cristo sexa a nosa vida
e que nada nos separe do seu amor.
Concédenos que, seguindo as ensinanzas de san Paulo,
vivamos sempre en amor cos nosos irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

## 15. UN SANTO APÓSTOLO

Nesta misa úsase a cor vermella. Dise normalmente a misa da súa festa. Pero se se celebra xunto con outro apóstolo e os textos da misa non cadran ben con este, dise a misa seguinte, tamén de cor vermella.

### Antífona de entrada — Sal 95, 2-3

Pregoade tódolos días a salvacion do Señor, cantade entre as xentes a súa gloria.

### Oración

Señor, fortalece en nós a fe
coa que o apóstolo san N. se uniu sinceramente ó teu Fillo.
Fai que, pola súa intercesión,
a túa Igrexa sexa sacramento de salvación
para tódolos pobos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estas ofrendas
na festa do apóstolo san N.
Fai que, seguindo o seu exemplo,
vivamos conforme ó Evanxelio de Cristo
e colaboremos na súa propagación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio II dos apóstolos, p. 491.

### Antífona da comunión — Lc 22, 29-30

«Como meu Pai o dispuxo para min, así eu teño disposto para vós un reino, para que, cando eu sexa rei, comades e bebades na miña mesa», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, na festa do apóstolo san N.
recibimos un anticipo da salvación eterna.
Que esta comunión nos sirva de auxilio
para a vida presente e para a futura.
Por Cristo, noso Señor.

## 16. TÓDOLOS SANTOS

Nesta misa úsase a cor branca.

### Antífona de entrada

Alégranse no ceo os santos que seguiron as pegadas de Cristo: por iso disfrutan con el eternamente.

### Oración

Deus, noso Pai, fonte de toda santidade,
ti déchesslles ós teus Santos
diversas gracias e carismas na terra
pero unha mesma recompensa no ceo.
Pola súa intercesión, fai que cada un de nós
viva santamente conforme á súa vocación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta compracido as ofrendas que che presentamos
en honra de tódolos Santos.
Nós cremos que gozan contigo xa da inmortalidade,
fainos sentir que se preocupan tamén pola nosa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio dos santos, pp. 492-493.

### Antífona da comunión — Mt 5, 8-10

Felices os de corazón limpo, porque eles verán a Deus. Felices os que traballan pola paz, porque serán chamados fillos de Deus. Felices os perseguidos por causa da xusticia, porque deles é o reino do ceo.

### Oración despois da comunión

Deus, noso Pai,
ti aliméntasnos cun mesmo pan
e susténtasnos cunha mesma esperanza.
Fortalécenos tamén coa túa gracia,
para que todos nós
formemos un mesmo corpo e un mesmo espírito en Cristo
xunto cos teus Santos
e resucitemos con el para a gloria.
Por Cristo, noso Señor.



# MISAS DE DEFUNTOS

1. Por comodidade, propoñemos aquí misas completas, coas súas antífonas e oracións. Pero tódolos textos son intercambiables, maiormente as oracións. Nese caso haberá que face-los cambios oportunos de xénero e número. Igualmente, se as oracións das exequias ou cabodanos son usadas noutras circunstancias, deben omitirse as palabras inapropiadas.

2. O Aleluia previsto á fin das antífonas no tempo pascual pódese omitir, se se considera oportuno.

IGREXA PURGANTE

*Retábulo das ánimas de Astariz, Ourense (s. XVIII).*

Galicia enteira está salferida de representacións das ánimas benditas. A representación popular —sinxela case sempre— é unha lección de arraigo e transcendencia que mantén a fe, a esperanza e a caridade.

# I. MISAS DE ENTERRO

## A. Fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Cf. 4 Esd 2, 34. 35

Dálles, Señor, o descanso eterno; brille sobre eles a luz perpetua.

### Oración

Deus, Pai todopoderoso,
pola fe confesámo-la morte e resurrección do teu Fillo.
Concédelle ó noso irmán N.,
que durmiu en Cristo o sono da morte,
pola celebración deste sacramento da Eucaristía,
participar tamén con el na alegría da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche estas ofrendas e oracións
pola salvación do noso irmán N.
El creu que o teu Fillo era o seu Salvador:
suplicámosche que agora atope nel
un xuíz misericordioso.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión

Cf. 4 Esd 2, 34-35

Brille sobre eles, Señor, a luz eterna cos teus santos para sempre, porque ti es compasivo. Dálles, Señor, o descanso eterno e brille sobre eles a luz perpetua cos teus santos para sempre, porque ti es compasivo.

### Oración despois da comunión

Señor, noso Deus,
o teu Fillo deixóuno-lo sacramento do seu Corpo
coma pan para o noso camiño.
Fai que por el o noso irmán N.
chegue á mesa da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## B. Fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Que o Señor lle abra a porta do paraíso, para que poida volver á patria onde a morte non existe e a alegría non acaba.

### Oración

Señor, ti e-lo perdón dos pecadores
e a benaventuranza dos teus santos.
Rogámosche polo noso irmán N.
a quen (hoxe) damos piadosa sepultura:
concédelle comparti-la felicidade dos teus escolleitos
e fai que o día da resurrección,
libre da corrupción da morte,
poida disfrutar da túa presencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta este sacrificio de reconciliación
que che ofrecemos polo noso irmán N.
no día do seu enterro.
Que o teu perdón xeneroso
o purifique de todo rastro de pecado
e dos vicios da humana debilidade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El ha transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
pedímosche polo noso irmán N.
quen (hoxe) deixou este mundo.
Que esta Eucaristía o purifique
e o libre dos seus pecados,
para que alcance a alegría eterna da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

## C. En tempo pascual

### Antífona de entrada — 1 Tes 4, 14; 1 Cor 15, 22

Así como Xesús morreu e resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con el os que xa morreron. Igual que todos morren por Adán, así tamén por Cristo todos revivirán. Aleluia.

### Oración

Señor, escoita as nosas oracións,
para que, conforme crece
a nosa fe en Xesucristo resucitado,
tamén se fortaleza a nosa esperanza
de que o noso irmán N.
participará na resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle con bondade
os dons que che presentamos
polo noso irmán N.
Recíbeo na gloria co teu Fillo Xesucristo
a quen nos unimos pola celebración deste sacramento de amor.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Xn 11, 25-26

«Eu son a resurrección e a vida, di o Señor. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais.» Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de celebra-lo misterio pascual
polo noso irmán N.
Rogámosche que o acollas
na túa morada de luz e de paz.
Por Cristo, noso Señor.

## D. Outras oracións nas misas de enterro

### Oración

Deus, noso Pai,
ti e-lo único que pode da-la vida
máis alá da morte.
O noso irmán N.
tiña fe na resurrección de Cristo, teu Fillo:
libérao ti de tódolos seus pecados,
para que poida participar da túa gloria
no día da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus omnipotente e misericordioso,
pola auga do bautismo
ti lavaches o noso irmán N.
Pedímosche que por este sacrificio
o acollas na túa piedade
e que o sangue de Cristo
o purifique plenamente dos seus pecados.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor,
acabamos de recibi-lo sacramento do teu Fillo,
que morreu e resucitou por nós.
Rogámosche que o noso irmán N.,
purificado por este misterio pascual,
participe na gloria da resurrección futura.
Por Cristo, noso Señor.

## II. NO CABODANO

### A. Fóra do tempo pascual

**Antífona de entrada** Ap 21, 4

Enxugará Deus tódalas bágoas dos seus ollos e a morte xa non existirá máis, nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque o que era de antes xa pasou.

**Oración**

Deus, noso Pai,
ti e-la gloria dos fieis e a vida dos xustos,
ti redimíchesnos coa morte e resurrección do teu Fillo.
Mira con bondade o noso irmán N.:
el creu no misterio da nosa resurrección,
concédelle participar agora na alegría da felicidade eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Señor, acolle as ofrendas que che presentamos
polo noso irmán N.
Fai que, purificado por esta Eucaristía,
viva sempre feliz na túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

**Antífona da comunión** Xn 11, 25; 3, 36; 5, 24

«Eu son a resurrección e a vida, di o Señor. Quen cre en min, ten a vida eterna e non será condenado en xuício, senón que pasará da morte á vida.»

**Oración despois da comunión**

Señor, ti renóva-la nosa vida
por esta Eucaristía.
Rogámosche polo noso irmán N.,
para que o purifiques dos seus pecados
e logre o tesouro da eterna resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

## B. Fóra do tempo pascual

### Antífona de entrada

Señor Xesús, concédelle-lo descanso eterno a aqueles polos que vertíche-lo teu sangue precioso.

### Oración

Señor, celebramos hoxe
o cabodano da morte do noso irmán N.
Concédelle a abundancia
da túa misericordia que sempre perdoa
e faino participar da compaña dos teus santos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, atende as súplicas
que che diriximos polo noso irmán N.
no seu cabodano.
Por este sacrificio de reconciliación e louvanza,
faino participar da gloria
na compaña dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión

Señor, ti e-lo descanso despois do traballo e a vida despois da morte: dálles a eles o descanso eterno.

### Oración despois da comunión

Señor, xa que quixeches acepta-las oracións e os sacrificios
que che acabamos de ofrecer
polo noso irmán N.,
rogámosche que a túa misericordia
o purifique de tódalas consecuencias dos seus pecados.
Por Cristo, noso Señor.

## C. No tempo pascual

### Antífona de entrada — Cf. Rm 8, 11

Deus, que resucitou a Xesús de entre os mortos, vivificará os nosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en nós. Aleluia.

### Oración

Deus omnipotente e misericordioso,
o teu Fillo quixo sufri-la morte por nós.
Concédelle o noso irmán N.
participar na admirable victoria
da resurrección de Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus omnipotente e misericordioso,
pola auga do bautismo
ti lavaches a noso irmán N.
Pedímosche que por este sacrificio
o acollas na túa piedade
e que o sangue de Cristo
o purifique plenamente dos seus pecados.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Xn 6, 51-52

«Eu son o pan vivo que baixou do ceo, di o Señor. Se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei é a miña carne para a vida do mundo.» Aleluia.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo sacramento do teu Fillo,
que morreu e resucitou por nós.
Rogámosche que o noso irmán N.,
purificado por este misterio pascual,
participe na gloria da resurrección.
Por Cristo, noso Señor.

## D. Outras oracións no cabodano

Oración

Señor, pola santa paixón do teu Fillo
concédelle o noso irmán N.
o perdón que el sempre esperou dos seus pecados.
E así, coñecéndote tal como ti es,
poida gozar da túa contemplación para sempre.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche este sacrificio
polo noso irmán N.
e, xa que te recoñeceu co don da fe do bautismo,
dálle agora a alegría de estar sempre contigo.
Por Cristo, noso Señor.

Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos
con este pan de vida que repara as nosas forzas.
Que el purifique o noso irmán N. de tódolos seus pecados,
para que poida pasar á asamblea dos santos no ceo.
Por Cristo, noso Señor.

## E. Outras oracións no cabodano

Oración

Señor, hoxe celebrámo-lo cabodano
da morte de noso irmán N.
Ti, que e-lo Deus do perdón,
dálle o lugar do descanso,
a felicidade da paz
e a claridade da luz.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta as ofrendas e as oracións
que che presentamos pola salvación de noso irmán N.
Fai que por esta Eucaristía
acade a plenitude da redención.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
acabamos de che ofrecer este sacrificio
pola salvación de noso irmán N.
Fai que a forza deste sacramento
o purifique dos seus pecados
e que pola túa misericordia
acade a benaventuranza da luz perpetua.
Por Cristo, noso Señor.

## III. EN DIVERSAS CONMEMORACIÓNS

### A. Por un defunto

#### Antífona de entrada

Que o Señor lle abra a porta do paraíso, para que poida volver á patria onde a morte non existe e a alegría non acaba.

#### Oración

Deus, Pai todopoderoso,
polo bautismo e a confirmación
afirmaches en nós a forza da túa gracia
e marcáchesnos para sempre co sinal do misterio da cruz
e da resurrección do teu Fillo;
fai que noso irmán N., libre das ataduras da morte,
comparta a felicidade dos teus santos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Señor, escoita as oracións
que che diriximos para implora-la túa misericordia
en favor de noso irmán N.
Ti, que nesta vida o agregaches ó teu pobo,
lévao agora ó lugar da luz e da paz
e a participar da compaña dos teus santos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

#### Oración sobre as ofrendas

Señor, ten misericordia de noso irmán N.,
por quen che ofrecemos
este sacrificio de louvanza.
Que por esta ofrenda de reconciliación e de paz
resucite para a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

#### Antífona da comunión — Xn 6, 37

«Todo aquel que o Pai me dá, virá onda min e, a quen vén onda min, non o botarei fóra», di o Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, confortados por este sacramento de vida,
pedímosche polo noso irmán N.,
a quen admitiches no pobo da túa alianza.
Fai que, purificado pola forza destes sacramentos,
poida gozar para sempre da paz de Cristo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

## B. Por un defunto

### Antífona de entrada — Xob 19, 25-26

Sei que o meu Redentor vive e que no derradeiro día resucitarei da terra; na miña carne verei o meu Deus.

### Oración

Señor, libra o noso irmán N.
de tódolos seus pecados.
El, na terra, procurou asemellarse a Cristo;
faino vivir cos teus santos
na gloria da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ofrecémosche esta ofrenda
na que conmemorámo-lo sacrificio de Xesucristo,
que borra os pecados do mundo.
Fai que lle sexa tamén de proveito
a noso irmán N.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Cf. Xn 6, 50

«Este é o pan que baixa do ceo, di o Señor. Se alguén come del, non morrerá para sempre.»

### Oración despois da comunión

Señor, que o sacrificio da túa Igrexa
lle sexa de proveito a noso irmán N.
Concédelle gozar da compaña de Cristo,
da que xa en vida tivo un anticipo
ó participar deste sacramento de misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

## C. Por varios ou por tódolos defuntos

### Antífona de entrada

Dálles, Señor, o descanso eterno e que o teu resplandor encha as súas almas.

### Oración

Deus, noso Pai,
polo seu poder o teu Fillo venceu a morte
e retornou á túa gloria.
Fai que tamén nosos irmáns (N. e N.)
compartan a súa victoria sobre a morte
e poidan contemplarte eternamente a ti,
o seu creador e redentor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso creador e redentor,
concédelles ós nosos irmáns defuntos
o perdón de tódolos pecados.
Fai que as nosas oracións lles consigan o perdón
que eles sempre esperaron.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, olla con bondade
as ofrendas que che presentamos
polos nosos irmáns defuntos.
Ti, que lles concedíche-lo don da fe cristiá,
dálles tamén a recompensa da vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — 1 Xn 4, 9

Deus mandou ó mundo o seu Fillo unixénito, para que nos dea da súa vida.

### Oración despois da comunión

Señor, por este sacrificio que che acabamos de ofrecer
fai abunda-la túa misericordia
sobre os nosos irmáns defuntos.
Ti, que lles concedíche-la gracia do bautismo,
dálles tamén a plenitude da felicidade eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, que a nosa oración
lles sexa de proveito ós nosos irmáns defuntos.
Por esta Eucaristía purifícaos de tódolos pecados
e failles participar da salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

## D. Por varios ou por tódolos defuntos

### Antífona de entrada — Xn 3, 16

De tal xeito amou Deus o mundo que lle deu o seu Fillo unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña a vida eterna.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-la vida dos homes e a alegría dos santos.
Rogámosche que os nosos irmáns (N. e N.),
libres da corrupción do pecado e da morte,
vivan eternamente na gloria do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus todopoderoso e eterno,
ti e-lo Señor dos vivos e dos mortos
e acolles a todos na túa misericordia.

Rogámosche polos nosos irmáns defuntos:
que pola túa bondade consigan o perdón dos seus pecados,
para que poidan gozar da túa felicidade
e cantar por sempre a túa louvanza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe a ofrenda que che ofrecemos
polos nosos irmáns N. e N.
e por tódolos que descansan en Cristo.
Fai que este sacrificio perfecto
os libre do poder da morte
e os leve á vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Flp 3, 20-21

Agardamos un Salvador, Xesucristo, o Señor. El ha transforma-lo noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
acabamos de celebrar esta Eucaristía,
invocando a túa misericordia
sobre os nosos irmáns defuntos.
Fai que a nós nos aproveite para a salvación
e a eles lles alcance o perdón e maila paz.
Por Cristo, noso Señor.

## E. Por varios ou por tódolos defuntos

### Antífona de entrada — Ap 14, 13

Felices os mortos que morren no Señor: que descansen dos seus traballos, pois as súas obras van con eles.

## Oración

Deus, noso Pai,
a túa misericordia é o descanso dos fieis.
Concédelle-lo perdón dos seus pecados
ós teus fillos N. e N.
e a tódolos que descansan en Cristo.
Fai que, libres de todo castigo,
teñan parte na resurrección do teu Fillo Xesucristo.
Por el, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

Ou:

Señor, pola gracia da túa misericordia eterna,
concédelles ós teus fillos N. e N.,
que creron e esperaron en ti,
seren felices para sempre.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle estas ofrendas
que che presentamos
polo eterno descanso dos teus fillos.
Por este sacramento de salvación
concédelles ser contados para sempre
no número dos teus redimidos.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

## Antífona da comunión

Dálles, Señor, o descanso eterno a aqueles que hoxe recordamos ó recibírmo-lo Corpo e o Sangue de Cristo.

## Oración despois da comunión

Señor, despois de recibírmo-lo sacramento da salvación,
implorámo-la túa misericordia:
que el consiga a túa protección
para os que vivimos na terra
e ós nosos defuntos lles alcance o perdón eterno.
Por Cristo, noso Señor.

Ou:

Señor, que os nosos irmáns defuntos
e tódolos que descansan en Cristo
participen na luz do teu reino;
ese reino do que xa en vida tiveron un anticipo
ó participaren deste sacramento.
Por Cristo, noso Señor.

## IV. ORACIÓNS POLOS DEFUNTOS

### 1. POLO PAPA

### A

#### Oración

Deus, noso Pai,
ti recompensas con fidelidade ós que cren en ti.
Ó teu servidor, o noso Papa N.,
a quen escolliches coma vicario de Pedro e pastor da túa Igrexa,
concédelle a alegría de gozar contigo no ceo
dos misterios da túa gracia e do teu perdón,
dos que foi aquí na terra un fiel administrador.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

#### Oración sobre as ofrendas

Señor, presentámosche esta ofrenda de reconciliación
polo teu servidor, o noso Papa N.
Fai que a el lle alcance o premio da felicidade eterna
e a nós, pola túa misericordia,
nos consiga o teu perdón e o teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

#### Oración despois da comunión

Señor, ti renóvasnos con este sacramento,
signo da nosa comunión contigo.
Pedímosche que o teu servidor, o noso Papa N.,
a quen puxeches coma pedra
que fundamenta a unidade da Igrexa na terra,
participe no ceo da comunidade dos teus elixidos.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Oración

Deus, noso Pai,
na túa providencia misteriosa
quixeches que o teu servidor, o noso Papa N.,
presidise a túa Igrexa.
Pedímosche que o teu Fillo reciba na gloria eterna do ceo
a quen, na terra, foi o seu vicario.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta con bondade
os dons da túa Igrexa,
que che suplica polo teu servidor, o noso Papa N.,
a quen escolliches para presidi-lo teu pobo.
Polo poder deste sacrificio
acólleo agora na asamblea sacerdotal dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ti alimentáchesnos
co sacramento do teu amor.
Concédelle ó teu servidor, o noso Papa N.,
que na terra foi fiel administrador
dos teus misterios,
cantar eternamente a túa misericordia
na gloria dos santos.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Oración

Deus, Pastor eterno,
atende as súplicas que o teu pobo che dirixe
polo teu servidor, o noso Papa N.
El presidiu na caridade a túa Igrexa:
concédelle conseguir,

xunto co pobo a el confiado,
a recompensa que lles tes prometida
ós servidores fieis do Evanxelio.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, mira con bos ollos
a ofrenda de reconciliación que o teu pobo che ofrece
para confiar á túa misericordia o teu servidor, o noso Papa N.
Concédelle ó que traballou pola paz e o amor entre os homes
gozar dos seus froitos na eterna compaña dos santos.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ó participarmos nesta mesa da vida eterna,
implorámo-la túa misericordia
sobre o teu servidor, o noso Papa N.
Concédelle chegar ó pleno disfrute da verdade,
na que el confirmou, con fidelidade, o teu pobo.
Por Cristo, noso Señor.

## 2. POR UN BISPO

## A. Polo Bispo da diócese

### Oración

Deus todopoderoso,
ti escollíche-lo teu servidor, o noso Bispo N.,
para coida-la túa familia diocesana.
Concédelle recibi-la recompensa do seu traballo apostólico
entrando a participar para sempre no gozo do seu Señor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta este sacrificio
que o teu servidor, o noso Bispo N.,
celebraba pola salvación dos seus fieis mentres vivía entre nós.
Que pola túa misericordia infinita lle consiga agora a el o perdón.
Por Cristo, noso Señor.

Oración despois da comunión

Señor, que a nosa oración
consiga a axuda da túa misericordia
en favor do teu servidor, o noso Bispo N.
El puxo a súa esperanza en Cristo e anunciouno ós demais:
por esta Eucaristía, concédelle agora
unirse para sempre con el no teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## B. Por outro bispo ou cardeal

Oración

Deus, noso Pai,
ti escolliches coma bispo (ou cardeal)
o teu servidor N.
e foi contado así entre os sucesores dos apóstolos.
Concédelle tamén particiar con eles
na gloria eterna do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta estas ofrendas
que che presentamos polo teu servidor N., bispo (ou cardeal).
Ti, que nesta vida lle encomendáche-lo servicio episcopal,
concédelle agora participar da sorte dos teus santos no reino do ceo.
Por Cristo, noso Señor.

Oración despois da comunión

Deus omnipotente e misericordioso,
pedímosche polo teu servidor N., bispo (ou cardeal).
Ti quixeches que nesta vida
participase na misión de Cristo.
Por este sacrificio purifícao de toda culpa
e faino sentar con el á mesa do teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

## 3. POR UN SACERDOTE

### A

**Oración**

Señor, cando vivía neste mundo,
ti confiáchesIle ó teu servidor N., sacerdote,
o ministerio sagrado.
Concédelle agora gozar para sempre da túa gloria no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

**Oración sobre as ofrendas**

Deus todopoderoso, cando vivía entre nós,
o teu servidor N., sacerdote,
administrou na fe este misterio de salvación.
Concédelle agora contemplalo na clara visión da túa luz.
Por Cristo, noso Señor.

**Oración despois da comunión**

Deus, noso Pai,
despois de recibir este sacramento de salvación,
implorámo-la túa misericordia
sobre o teu servidor N., sacerdote.
Ti fixéchelo na terra administrador dos misterios da fe:
concédelle agora disfrutar deles no ceo
á luz plena da túa verdade.
Por Cristo, noso Señor.

### B

**Oración**

Señor, escoita con bondade
as oracións que che ofrecemos
pola salvación do teu servidor N., sacerdote.
El consagrou a súa vida ó teu servicio:
concédelle agora alegrarse para sempre
na compaña dos teus santos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta o sacrificio
que che ofrecemos con humildade
polo teu servidor N., sacerdote.
O mesmo sacrificio que el celebraba con devoción,
mentres te servía na Igrexa,
lle consiga agora a el o teu perdón.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, alimentados co pan da vida,
pedímosche humildemente
polo teu servidor N., sacerdote.
El consagrou a vida ó servicio da túa Igrexa.
Concédelle, polo poder desta Eucaristía,
gozar da túa presencia para sempre.
Por Cristo, noso Señor.

## 4. POR UN DIÁCONO

### Oración

Deus de misericordia,
ti quixeches que o teu servidor N.
servise coma diácono na túa Igrexa.
Rogámosche lle concedas agora
participar na felicidade do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ten misericordia co teu servidor N., diácono,
por quen che ofrecemos este sacrificio.
Durante a súa vida serviu a Cristo, teu Fillo,
concédelle tamén resucitar cos teus fieis servidores
para a gloria eterna.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, alimentados con estes dons sagrados,
pedímosche humildemente
polo teu servidor N., diácono.
Ti escollíchelo para o servicio da túa Igrexa.
Fai que por este sacrificio
se libre do poder da morte
e entre a tomar parte no teu gozo
con aqueles que te serviron fielmente.
Por Cristo, noso Señor.

## 5. POR UN RELIXIOSO

### Oración

Deus todopoderoso,
por amor a Cristo, o teu servidor N.
escolleu o camiño da perfección
na vida relixiosa.
Concédelle poderse alegrar
no retorno glorioso do teu Fillo
e disfrutar, xunto cos seus irmáns,
da eterna felicidade do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 6. POR UN DEFUNTO

### A

### Oración

Deus, noso Pai,
en ti viven os mortos
e os santos son plenamente felices.
Escoita as nosas oracións en favor do noso irmán N.,
que xa deixou de ve-la luz deste mundo:
concédelle agora a alegría da túa luz eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, que che sexa agradable
este sacrificio que che ofrecemos
polo noso irmán N.
Que a túa misericordia lle conceda o perdón
que sempre desexou,
para que poida así canta-la túa gloria eternamente
na alegre compaña dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, dámosche gracias
polos dons que acabamos de recibir
e pedímosche humildemente polo noso irmán N.
Fai que, liberado dos lazos do pecado pola paixón do teu Fillo,
poida chegar a ti e gozar da túa felicidade.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Oración

Señor, cheguen a ti as nosas oracións
e o teu gozo eterno acolla a noso irmán N.
Ti, que o creaches conforme á túa imaxe
e o adoptaches coma fillo,
concédelle agora participar na herdanza do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, recibe con amor
a ofrenda que che presentamos confiadamente
polo noso irmán N.
Ti quixeches que este sacrificio
fose para todos un santo remedio:
que a el lle conceda a salvación eterna.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, renovados por este pan de vida,
pedímosche polo noso irmán N.
Fai que, liberado do poder da morte,
teña a alegría de participar na resurrección do teu Fillo.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Oración

Señor, escoita con bondade as nosas oracións
e concédelle a noso irmán N.
o perdón dos seus pecados.
Que o día da resurrección alcance a vida
e descanse feliz na luz do teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus todopoderoso e eterno,
o teu Fillo ofrecéusenos coma pan de vida
e verteu por nós o seu sangue
coma bebida de salvación.
Compadécete do noso irmán N.
e fai que esta Eucaristía
lle alcance a vida eterna.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, ó recibirmos este sacramento,
que é sinal da vida eterna,
pedímosche humildemente polo noso irmán N.
Fai que, libre do poder da morte,
poida ter parte na compaña dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

## 7. POR UNHA PERSOA NOVA

Oración

Deus, noso Pai,
na túa man está o tempo da nosa vida.
Cheos de tristeza,
encomendámosche a noso irmán N.,
morto no mellor da súa vida.
Concédelle vivir unha xuventude perenne
na felicidade da túa casa.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 8. POR UN QUE TRABALLOU Ó SERVICIO DO EVANXELIO

Oración

Señor, pedímosche humildemente
polo noso irmán N.,
que traballou xenerosamente
para extender no mundo o Evanxelio.
Que a túa misericordia
lle conceda disfruta-lo premio do teu reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 9. POR UN QUE PADECEU UNHA LONGA ENFERMIDADE

Oración

Deus, noso Pai,
na súa longa e penosa enfermidade
concedícheslle a noso irmán N.
imita-la paciencia do teu Fillo.
Rogámosche que o leves tamén
a participar no premio da súa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 10. POR UN QUE MORREU DE REPENTE (OU EN ACCIDENTE)

### Oración

Señor, na nosa tristeza
pola morte repentina (en accidente) do noso irmán N.,
acollémonos á forza infinita do teu amor.
Confórtanos coa esperanza
de que está gozando xa da túa presencia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 11. POR MÁIS DUN DEFUNTO

### A

### Oración

Señor, ten misericordia
de nosos irmáns N. e N.
Ti, que no bautismo os purificaches
e lles deches unha vida nova,
fainos chegar á felicidade da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acepta este sacrificio
que che ofrecemos polos nosos irmáns N. e N.
Rogámosche que por el
as nosas oracións lles consigan para sempre a túa misericordia.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, alimentados por este sacramento,
rogámosche con humildade polos nosos irmáns defuntos.
Que, por esta Eucaristía,
a túa misericordia lles conceda o perdón dos seus pecados
e os leve ó teu reino,
onde te poidan louvar para sempre.
Por Cristo, noso Señor.

## B

### Oración

Señor, encomendámosche os nosos irmáns N. e N.;
eles non viven xa para o mundo,
fai que vivan para ti
e que a túa entrañable misericordia de Pai
os purifique dos pecados
que, pola súa humana fraqueza,
cometeron neste mundo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, ten misericordia dos nosos irmáns N. e N.,
por quen che ofrecemos este sacrificio de reconciliación.
Eles fóronche fieis nesta vida,
concédelles na outra a recompensa
de viviren sempre contigo.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus todopoderoso,
polo poder deste sacramento
fai que os nosos irmáns defuntos
sexan eternamente felices
na compaña dos teus santos.
Por Cristo, noso Señor.

## C

### Oración

Deus todopoderoso e eterno,
a túa misericordia nunca defrauda
ós que che suplican con esperanza.
Ten compaixón dos nosos irmáns N. e N.,
que deixaron esta vida confesando o teu nome;
acólleos e concédelle-la compaña dos teus santos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, noso Deus,
o teu Fillo entregouse a ti mesmo coma ofrenda viva.
Recibe o sacrificio
que a túa Igrexa che ofrece
polos nosos irmáns N. e N.;
fai que, libres dos seus pecados,
poidan alcanza-lo premio da inmortalidade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus omnipotente e misericordioso,
que o sacramento que acabamos de recibir nos purifique.
Que este sacrificio sexa para nós
fonte de perdón, forza na fraqueza e seguranza na vida.
Que para vivos e defuntos
sexa remisión dos pecados e garantía da salvación.
Por Cristo, noso Señor.

## 12. POR UN OU POLOS DOUS ESPOSOS

### Oración

Polos dous:

Señor, perdoa os pecados
de nosos irmáns N. e N.
O seu amor de esposos
mantívoos unidos nesta vida;
que o teu amor infinito os una agora na vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou, por un:

Señor, perdoa os pecados
de noso irmán (de nosa irmá) N.
e acolle baixo a túa protección a súa esposa (o seu esposo) N.
O seu amor de esposos
mantívoos fielmente unidos nesta vida;
que o teu amor infinito os volva a xuntar na vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 13. POLOS PAIS

### Oración

Deus, noso Pai,
ti mandaches honrar pai e nai.
Ten misericordia de meu pai e de miña nai (de nosos pais),
perdóalle-los seus pecados
e concédeme (concédenos) o gozo de volverlos ver
no esplendor da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, acolle este sacrificio
que che ofrecemos
por meu pai e por miña nai (por nosos pais).
Dálle-la felicidade eterna no reino da vida
e fai que un día me reúna (nos reunamos) con eles
na felicidade dos santos.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, que a participación neste santo sacramento
lles alcance a luz e o descanso eterno
a meu pai e a miña nai (a nosos pais)
e fai que un día poida eu (poidamos nós)
participar con eles para sempre da túa gloria.
Por Cristo, noso Señor.

## 14. POLOS IRMÁNS, PARENTES E BENFEITORES

### Oración

Deus, noso Pai,
fonte de perdón e salvación,
implorámo-la túa misericordia
para os nosos irmáns, parentes e benfeitores
que pasaron desta vida a onda ti.
Pola intercesión da santa Virxe María
e de tódolos santos,
concédelles participar na felicidade da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
a túa misericordia non ten medida;
acolle con bondade as nosas oracións
polos nosos irmáns, parentes e benfeitores.
Por este sacramento de salvación
concédelle-lo perdón de tódolos pecados.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Deus omnipotente e misericordioso,
acabamos de che ofrecer este sacrificio de louvanza
por nosos irmáns, parentes e benfeitores defuntos.
Que o poder deste sacramento
os libre de tódolos pecados
e lles conceda, pola túa misericordia,
a dita da luz eterna.
Por Cristo, noso Señor.

# V. EXEQUIAS POR NENOS

## A. Por un neno bautizado

### Antífona de entrada — Mt 25, 34

«Vinde, benditos de meu Pai, di o Señor. Recibide a herdanza do reino preparado para vós desde a creación do mundo.» (T.P. Aleluia.)

### Oración

Deus de misericordia,
na túa providencia amorosa
quixeches acoller onda ti
este neno no comezo mesmo da súa vida.
Polo bautismo fixéchelo fillo teu
e cremos que está xa contigo no teu reino.
Escoita a nosa oración
e concédenos tamén a nós participar un día na vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Señor, santifica estas ofrendas
que che presentamos.
Estes pais devólvenche o neno
que ti mesmo lles deras.
Concédelle-la alegría
de o poderen abrazar un día no teu reino.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

### Antífona da comunión — Cf. Rm 6, 4. 8

Polo bautismo fomos sepultados con Cristo na morte, cremos que tamén viviremos con el. (T.P. Aleluia.)

### Oración despois da comunión

Señor, coa comunión do Corpo e do Sangue do teu Fillo
alimentaches en nós a esperanza da vida eterna.
Cheos de confianza,
rogámosche que nos consoles tamén nas tristezas desta vida.
Por Cristo, noso Señor.

## Outras oracións

### Oración

Deus, noso Pai,
ti coñéce-la nosa pena
pola morte deste neno.
A nós, que estamos tristes
porque el abandonou tan cedo esta vida,
consólanos ti coa certeza
de que conseguiu xa a vida eterna no ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
acepta esta ofrenda
coma un signo confiado do noso amor.
A nós, que acatamos con fe os teus designios,
concédenos tamén o consolo da túa bondade.
Por Cristo, noso Señor.

### Oración despois da comunión

Señor, acabamos de recibi-lo pan da vida.
Ti, que acolliches este neno
na mesa do teu reino,
concédenos tamén a nós
compartila un día con el.
Por Cristo, noso Señor.

## B. Nas exequias dun neno non bautizado

Se un neno a quen os pais querían bautizar morre antes do bautismo, o Ordinario do lugar, tendo en conta as circunstancias pastorais, pode permitir que se celebren as exequias, ou ben na mesma casa do defunto, ou ben conforme ó tipo de exequias que se usan de ordinario na rexión para os outros defuntos.

Nestas exequias debe terse, de ordinario, a liturxia da palabra tal como está prevista no Ritual. Se algunha vez se considera conveniente a celebración da misa, úsanse os textos seguintes.

Na catequese hase coidar que quede clara na mente dos fieis a doctrina da necesidade do bautismo.

## Antífona de entrada — Ap 21, 4

Enxugará Deus tódalas bágoas dos seus ollos e a morte xa non existirá máis, nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa.

## Oración

Señor, acolle as oracións
desta familia que cre en ti.
A ela, que se entristece pola saudade
deste neno que lle foi arrebatado,
concédelle ser consolada pola esperanza
da túa amorosa misericordia.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou:

Deus, noso Pai,
ti, que nos amas e les no fondo dos corazóns,
coñéce-la fe destes pais.
Eles choran a morte do seu neno;
concédelle-lo consolo de sentiren
que está encomendado ó teu amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
acepta esta ofrenda coma un signo confiado do noso amor.
A nós, que acatamos con fe os teus designios,
concédenos tamén o consolo da túa bondade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio de defuntos, pp. 506-510.

## Antífona da comunión — Is 25, 8

O Señor destruirá a morte para sempre, Deus limpará as bágoas de tódalas caras.

## Oración despois da comunión

Señor, coa comunión do Corpo e do Sangue do teu Fillo
alimentaches en nós a esperanza da vida eterna.
Cheos de confianza, rogámosche
que nos consoles tamén nas tristezas desta vida.
Por Cristo, noso Señor.

# APÉNDICES

# APÉNDICE I

## PREGARIAS EUCARÍSTICAS

### * PREGARIA EUCARÍSTICA V (A)

#### DEUS VAI GUIANDO A SÚA IGREXA

Esta Pregaria eucarística fai un conxunto inseparable co seu prefacio, de xeito que este nunca poderá trocarse por outro. Polo mesmo, esta Pregaria eucarística non poderá dicirse cando estiver mandado un prefacio propio. Nos outros casos pódese dicir, pero sempre co seu prefacio, tamén cando as rúbricas prescriban un prefacio propio do tempo.

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Señor, noso Pai,
bendicímoste e glorificámoste,
porque creaches tódalas cousas
e nos chamaches á vida.

Ti nunca nos deixas desamparados,
e maniféstaste vivo e presente entre nós.

Xa noutros tempos guiaches
con man poderosa e brazo extendido
o teu pobo, Israel,
por un inmenso deserto.

Hoxe camiñas coa túa Igrexa peregrina,
comunicándolle a forza do teu Espírito.
Por mediación do teu Fillo
vasnos abrindo o camiño da vida,
para que, a través deste mundo,
cheguemos ó gozo cumprido do teu reino.

Por iso, cos anxos e cos santos,
proclamámo-la túa gloria
dicindo todos xuntos:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

Glorificámoste, Pai santo,
porque sempre estás connosco
no camiño da vida,
e dun xeito especial cando Cristo,
o teu Fillo,
nos congrega para o banquete pascual do seu amor.
Como fixera noutrora cos discípulos de Emaús,
el explícano-las Escrituras e párteno-lo pan.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Rogámosche, polo tanto,
Pai todopoderoso,
que mánde-lo teu Espírito
sobre este pan e este viño,

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

para que Xesucristo, o teu Fillo,
faga realidade nō medio de nós
a presencia do seu Corpo ✠ e do seu Sangue.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El mesmo, a véspera da súa paixón,
estando a cear cos seus discípulos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan, deuche gracias,
partiuno e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

De igual modo,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou nas súas mans o cáliz con viño,
deuche gracias coa pregaria de bendición
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Por iso, Pai de bondade,
celebramos agora o memorial
da nosa reconciliación
e proclamámo-la obra do teu amor:
Cristo, o teu Fillo,
pasando polo sufrimento e a morte de cruz,
resucitou a unha vida nova
e agora vive glorioso onda ti.

Volve os teus ollos garimosos sobre esta ofrenda,
Pai santo:
pois é Xesucristo,
que se ofrece no seu Corpo e no seu Sangue,
e que nos abre,
por este sacrificio,
o camiño que leva a ti.

Señor,
Pai de misericordia,
manda sobre nós o Espírito de amor e unidade,
o Espírito do teu Fillo.

*Concelebrante da dereita:*

Enfortécenos con este mesmo Espírito
ós que fomos convidados á túa mesa,
para que todos nós,
que sómo-lo pobo de Deus,
xunto cos nosos pastores,
co Papa N., co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

cos presbíteros e os diáconos,
camiñemos alegres na esperanza
e firmes na fe,
e lle comuniquemos ó mundo
o gozo do Evanxelio.

*Concelebrante da esquerda:*

Lémbrate tamén, noso Pai,
dos irmáns que morreron na paz de Cristo
e de tódolos demais defuntos,
dos que só ti coñecíche-la fe;
admíteos a contempla-la luz do teu rostro
e lévaos á plenitude da vida na resurrección.

E, cando remate a nosa peregrinación
por este mundo,
acóllenos tamén a nós no teu reino,
onde esperamos disfrutar todos xuntos
da túa gloria eterna.

En comunión coa Virxe María, Nai de Deus,
cos apóstolos e mártires
(con san N.: santo do día ou patrono)
e con tódolos santos,
invocámoste, noso Pai, e dámosche gloria,

Xunta as mans.

por Cristo, noso Señor.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# * PREGARIA EUCARÍSTICA V (B)

## XESÚS É O NOSO CAMIÑO

Esta Pregaria eucarística fai un conxunto inseparable co seu prefacio, de xeito que este nunca poderá trocarse por outro. Polo mesmo, esta Pregaria eucarística non poderá dicirse cando estiver mandado un prefacio propio. Nos outros casos pódese dicir, pero sempre co seu prefacio, tamén cando as rúbricas prescriban un prefacio propio do tempo.

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias e bendicímoste,
Deus santo e poderoso,
pois gobérna-lo mundo con sabiduría
e coidas con amor de cada home.

Invítasnos a escoita-la túa palabra,
que nos congrega nun só corpo,
e a manternos constantes
tralas pisadas do teu Fillo.

Porque só el é o camiño
que nos leva a ti, Deus invisible,
a verdade que nos fai libres,
a vida que nos enche de ledicia.

Por iso, Pai,
por ser tan grande o amor que nos tés,
dámosche gracias
por medio de Xesús, o teu Fillo benquerido,
unindo as nosas voces ás dos anxos
para cantar e proclama-la túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

Glorificámoste, Pai santo,
porque sempre estás connosco
no camiño da vida,
e dun xeito especial cando Cristo,
o teu Fillo,
nos congrega para o banquete pascual
do seu amor.
Como fixera noutrora cos discípulos de Emaús,
el explícano-las Escrituras
e párteno-lo pan.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Rogámosche, polo tanto,
Pai todopoderoso,
que mánde-lo teu Espírito
sobre este pan e este viño,

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

para que Xesucristo, o teu Fillo,
faga realidade no medio de nós
a presencia do seu Corpo ✠ e do seu Sangue.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El mesmo, a véspera da súa paixón,
estando a cear cos seus discípulos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan, deuche gracias,
partiuno e déullelo, mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

De igual modo,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou nas súas mans o cáliz con viño,
deuche gracias coa pregaria de bendición
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Por iso, Pai de bondade,
celebramos agora o memorial
da nosa reconciliación
e proclamámo-la obra do teu amor:
Cristo, o teu Fillo,
pasando polo sufrimento e a morte de cruz,
resucitou a unha vida nova
e agora vive glorioso onda ti.

Volve os teus ollos garimosos sobre esta ofrenda,
Pai santo:
pois é Xesucristo,
que se ofrece no seu Corpo e no seu Sangue,
e que nos abre,
por este sacrificio,
o camiño que leva a ti.

Señor,
Pai de misericordia,
manda sobre nós o Espírito de amor e unidade,
o Espírito do teu Fillo.

*Concelebrante da dereita:*

Enfortece ós que imos recibir
o Corpo e o Sangue do teu Fillo,
e fai que, unidos ó Papa N. e ó noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

a min, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

ó meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
a min, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

sexamos todos un,
na fe e no amor.

Danos sentimentos de misericordia
ante as miserias da humanidade;
inspíranos palabras e feitos axeitados
a prol do irmán
que vive en soidade e sen amparo;
axúdanos a servir e a acoller
ós que se sintan asoballados e cansos da vida.
Que a túa Igrexa, Señor,
sexa o fogar da verdade e do amor,
da liberdade, da xusticia e da paz,
e todos atopen nela
apoio para seguir mantendo a esperanza.

*Concelebrante da esquerda:*

Lémbrate tamén, noso Pai,
dos irmáns que morreron na paz de Cristo
e de tódolos demais defuntos,
dos que só ti coñecíche-la fe;
admíteos a contempla-la luz do teu rostro
e lévaos á plenitude da vida na resurrección.

E, cando remate a nosa peregrinación
por este mundo,
acóllenos tamén a nós no teu reino,
onde esperamos disfrutar todos xuntos
da túa gloria eterna.

En comunión coa Virxe María, Nai de Deus,
cos apóstolos e mártires
(con san N.: santo do día ou patrono)
e con tódolos santos,
invocámoste, noso Pai, e dámosche gloria,

Xunta as mans.

por Cristo, noso Señor.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# * PREGARIA EUCARÍSTICA V (C)

## XESÚS, MODELO DE CARIDADE

Esta Pregaria eucarística fai un conxunto inseparable co seu prefacio, de xeito que este nunca poderá trocarse por outro. Polo mesmo, esta Pregaria eucarística non poderá dicirse cando estiver mandado un prefacio propio. Nos outros casos pódese dicir, pero sempre co seu prefacio, tamén cando as rúbricas prescriban un prefacio propio do tempo.

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Pai fiel e bondadoso,
pois quixéchesIle tanto ó mundo
que lle entregáche-lo teu Fillo,
para que fose o noso Señor e o noso irmán.

El manifestou a súa predilección
ós pobres e ós enfermos,
ós pequenos e ós pecadores.

El sempre estivo preto dos homes que sofren;
a súa vida e a súa palabra son para nós
a proba do teu amor:
como un pai sente tenrura polos seus fillos,
así sentes tenrura ti polos teus fieis.

Por iso te louvamos e glorificamos,
e proclamamos, cos anxos e santos,
a túa bondade e fidelidade,
cantando o himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

Glorificámoste, Pai santo,
porque sempre estás connosco
no camiño da vida,
e dun xeito especial cando Cristo,
o teu Fillo,
nos congrega para o banquete pascual
do seu amor.
Como fixera noutrora cos discípulos de Emaús,
el explícano-las Escrituras
e párteno-lo pan.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Rogámosche, polo tanto,
Pai todopoderoso,
que mánde-lo teu Espírito
sobre este pan e este viño,

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

para que Xesucristo, o teu Fillo,
faga realidade no medio de nós
a presencia do seu Corpo ✠ e do seu Sangue.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El mesmo, a véspera da súa paixón,
estando a cear cos seus discípulos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan, deuche gracias,
partiuno e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

De igual modo,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou nas súas mans o cáliz con viño,
deuche gracias coa pregaria de bendición
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Por iso, Pai de bondade,
celebramos agora o memorial da nosa reconciliación

e proclamámo-la obra do teu amor:
Cristo, o teu Fillo,
pasando polo sufrimento e a morte de cruz,
resucitou a unha vida nova e agora vive glorioso onda ti.

Volve os teus ollos garimosos sobre esta ofrenda,
Pai santo:
pois é Xesucristo,
que se ofrece no seu Corpo e no seu Sangue,
e que nos abre,
por este sacrificio,
o camiño que leva a ti.

Señor,
Pai de misericordia,
manda sobre nós o Espírito de amor e unidade,
o Espírito do teu Fillo.

*Concelebrante da dereita:*

Alimenta o teu pobo
co Corpo e co Sangue do teu Fillo,
e fainos a todos semellantes a el.
Bendice ó Papa N.,
e ó noso Bispo N.;

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

e a min, indigno servo teu;

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

ó meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
e a min, indigno servo teu;

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

que tódolos membros da Igrexa
saibamos discerni-los sinais dos tempos
e medremos en fidelidade ó Evanxelio;
que compartamos no amor
as angurias e as tristuras,
as esperanzas e as ledicias dos homes
para amostrarlles así o camiño da salvación.

*Concelebrante da esquerda:*

Lémbrate tamén, noso Pai,
dos irmáns que morreron na paz de Cristo
e de tódolos demais defuntos,
dos que só ti coñecíche-la fe;
admíteos a contempla-la luz do teu rostro
e lévaos á plenitude da vida na resurrección.

E, cando remate a nosa peregrinación
por este mundo,
acóllenos tamén a nós no teu reino,
onde esperamos disfrutar todos xuntos
da túa gloria eterna.

En comunión coa Virxe María, Nai de Deus,
cos apóstolos e mártires
(con san N.: santo do día ou patrono)
e con tódolos santos,
invocámoste, noso Pai, e dámosche gloria,

Xunta as mans.

por Cristo, noso Señor.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,

na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

## * PREGARIA EUCARÍSTICA V (D)

### A IGREXA CAMIÑA CARA Á UNIDADE

Esta Pregaria eucarística fai un conxunto inseparable co seu prefacio, de xeito que este nunca poderá trocarse por outro. Polo mesmo, esta Pregaria eucarística non poderá dicirse cando estiver mandado un prefacio propio. Nos outros casos pódese dicir, pero sempre co seu prefacio, tamén cando as rúbricas prescriban un prefacio propio do tempo.

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Dámosche gracias,
Pai de bondade,
e glorificámoste, Señor, Deus do universo,
pois non cesas de convocar
ós homes de toda raza e cultura,
por medio do Evanxelio do teu Fillo,
e reúnelos a todos nun só corpo,
que é a Igrexa.

Esta Igrexa, vivificada polo teu Espírito,
brilla como signo da unidade de tódolos homes,
testimonia no mundo o teu amor
e abre para todos as portas da esperanza.

Convértese así
nun sinal de fidelidade á Alianza,
que ti selaches connosco para sempre.

Por iso te louvan, Señor,
os ceos e maila terra;

e nós tamén, unidos coa Igrexa enteira,
proclamámo-la túa gloria, dicindo:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

Glorificámoste, Pai santo,
porque sempre estás connosco
no camiño da vida,
e dun xeito especial cando Cristo,
o teu Fillo,
nos congrega para o banquete pascual
do seu amor.
Como fixera noutrora cos discípulos de Emaús,
el explícano-las Escrituras
e párteno-lo pan.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Rogámosche, polo tanto,
Pai todopoderoso,
que mánde-lo teu Espírito
sobre este pan e este viño,

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

para que Xesucristo, o teu Fillo,
faga realidade no medio de nós
a presencia do seu Corpo ✠ e do seu Sangue.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El mesmo, a véspera da súa paixón,
estando a cear cos seus discípulos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o pan, deuche gracias,
partiuno e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

De igual modo,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

tomou nas súas mans o cáliz con viño,
deuche gracias coa pregaria de bendición
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Por iso, Pai de bondade,
celebramos agora o memorial
da nosa reconciliación

e proclamámo-la obra do teu amor:
Cristo, o teu Fillo,
pasando polo sufrimento e a morte de cruz,
resucitou a unha vida nova
e agora vive glorioso onda ti.

Volve os teus ollos garimosos sobre esta ofrenda,
Pai santo:
pois é Xesucristo,
que se ofrece no seu Corpo e no seu Sangue,
e que nos abre,
por este sacrificio,
o camiño que leva a ti.

Señor,
Pai de misericordia,
manda sobre nós o Espírito de amor e unidade,
o Espírito do teu Fillo.

*Concelebrante da dereita:*

Fai que a nosa Igrexa de N.
se renove a cotío coa luz do Evanxelio
e agromen nela novos xermolos de vida;
robustece a unidade dos fieis
cos pastores da túa Igrexa,
co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

cos seus presbíteros e diáconos,
de tódolos bispos co Papa N.
Que a Igrexa,
no medio deste mundo dividido
polas guerras e as discordias,
sexa instrumento de unidade,
de concordia e de paz.

*Concelebrante da esquerda:*

Lémbrate tamén, noso Pai,
dos irmáns que morreron na paz de Cristo
e de tódolos demais defuntos,
dos que só ti coñecíche-la fe;
admíteos a contempla-la luz do teu rostro
e lévaos á plenitude da vida na resurrección.

E, cando remate a nosa peregrinación
por este mundo,
acóllenos tamén a nós no teu reino,
onde esperamos disfrutar todos xuntos
da túa gloria eterna.

En comunión coa Virxe María, Nai de Deus,
cos apóstolos e mártires
(con san N.: santo do día ou patrono)
e con tódolos santos,
invocámoste, noso Pai, e dámosche gloria,

Xunta as mans.

por Cristo, noso Señor.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,

todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# * PREGARIA EUCARÍSTICA PARA A RECONCILIACIÓN I

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Verdadeiramente é digno e de xusticia
que che deámo-las gracias,
Señor, Pai santo,
porque non cesas de nos chamar a unha vida plenamente ditosa.
Ti, Deus de bondade e de misericordia,
non deixas de ofrece-lo teu perdón
e invitas ós pecadores para que, só con confianza,
se acollan á túa clemencia.

En vez de nos rexeitar
polas moitas veces que rompémo-la túa alianza,
vencellácheste de novo
de tal xeito á humanidade
polo teu Fillo Xesucristo, noso Señor,
que xa nada a pode quebrantar.

Pois agora, mentres ofreces ó teu pobo
un tempo de gracia e de reconciliación,
aléntalo en Cristo para que volva a ti
e se entregue ó servicio de tódolos homes,
obedecendo máis plenamente ó Espírito Santo.

Por iso, cheos de admiración e agradecemento,
unímo-las nosas voces ás dos coros celestiais
para cantármo-la forza do teu amor
e proclamármo-la alegría da nosa salvación:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

Deus, que desde o comezo do mundo
fas aquilo que lle convén ó home
para que sexa santo coma ti mesmo.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Olla o teu pobo aquí reunido
e manda a forza do teu Espírito Santo
de xeito que esta ofrenda sexa para nós
o Corpo e o Sangue

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

do teu Fillo benquerido, ✠ Xesucristo,
por quen nós somos teus fillos.

O sacerdote, coas mans xuntas, prosegue:

*Celebrante principal:*

Cando estabamos perdidos
e non podiamos achegarnos a ti,
amáchesnos ata o extremo.
O teu Fillo, que é o único Xusto,
entregouse a si mesmo nas nosas mans
e foi cravado na cruz.

*Concelebrantes:*

Pero, antes de que os seus brazos
extendidos entre o ceo e a terra
trazasen o sinal indeleble da túa alianza,
quixo celebra-la Pascua cos seus discípulos.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

Sentado con eles na mesa,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu pan,
dándoche as gracias,
bendiciute,
partiuno
e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

Dun xeito semellante, despois de cear,
decatándose de que tódalas cousas
haberían de se reconciliar nel
polo seu Sangue derramado na cruz,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o cáliz, cheo do froito da vide,
deuche as gracias outra vez,
e pasóullelo ós seus amigos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Asi pois, ó celebrármo-lo memorial de Xesucristo,
a nosa Pascua e a nosa paz definitiva,
e ó celebrármo-la súa morte e resurrección,
coa esperanza do día da súa volta,
ofrecémosche a ti, Deus verdadeiramente fiel,
a hostia que reconcilia os homes na túa gracia.

Olla con amor, Pai de bondade,
os que xuntas contigo;
e concédelles participar do único sacrificio de Cristo;
que, pola forza do Espírito Santo,
formen un só corpo do que desapareza toda división.

*Concelebrante da dereita:*

Gárdanos a todos en enteira comunión
co Papa N. e co noso Bispo N.

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

e comigo, indigno servo teu.

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
e comigo, indigno servo teu.

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

Axúdanos a prepara-la vinda do teu reino
ata que esteamos onda ti,
santos entre os santos do ceo,
con santa María, a Virxe, e cos apóstolos,
e cos nosos irmáns defuntos
que confiamos á túa misericordia.
Entón nós, novas creaturas,
libres, á fin, de toda corrupción,
poderemos canta-la acción de gracias a Cristo,
que vive eternamente.

Xunta as mans.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# * PREGARIA EUCARÍSTICA PARA A RECONCILIACIÓN II

*Celebrante principal:*

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

A ti, Deus Pai todopoderoso,
dámosche as gracias e louvámoste
por medio do noso Señor Xesucristo
polo que obras neste mundo.
Porque, cando está a familia humana dividida
pola disensión e pola discordia,
sabemos que ti doméa-los ánimos
para dispoñelos á reconciliación.

Indudablemente o teu Espírito move os corazóns
para que os enemigos volvan ó diálogo,
os enfrentados se dean a man e os pobos camiñen xuntos.

Tamén por obra do teu poder
se consegue que as liortas amainen,
que o odio sexa vencido pola comprensión
e que a vinganza ceda o seu posto ó perdón.

Por isto convén que por sempre che deámo-las gracias
e todos xuntos te louvemos cos coros celestiais,
que por sempre aclaman a túa maxestade:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Celebrante principal:*

A ti, pois, que e-lo dono de todo poder,
bendicímoste polo teu Fillo Xesucristo,
que vén no teu nome.
El é a Palabra que salva os homes,
a man que tendes ós pecadores,
o camiño polo que vén ata nós a túa paz.

Deus, Pai de todos nós,
aínda que nós mesmos nos arredáramos de ti,
volvíchesnos xuntar
polo Fillo,
a quen entregaches á morte
para que nos convertésemos
e nos amásemos uns ós outros.

*Concelebrantes:*

Por iso, ó celebrármo-la reconciliación
que Cristo nos conseguiu,
pedímosche que

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

santifiques esta ofrenda coa bendición do teu Espírito,

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

mentres cumprímo-lo mandado ✠ do teu Fillo.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

Porque el,
cando ía da-la vida para nos liberar,
sentouse á mesa,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu pan nas súas mans,
e, dándoche gracias,
bendiciuno,
partiuno
e déullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

Dun xeito semellante,
aquela tarde,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o cáliz,
manifestando a túa misericordia,
pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois di:

*Celebrante principal:*

Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:

Anunciámo-la túa morte,
proclamámo-la túa resurrección:
¡Ven, Señor Xesús!

---

Ou:

Sacerdote:

Proclamade o misterio da nosa redención.

Pobo:

Cada vez que comemos deste pan
e bebemos deste cáliz,
anunciámo-la túa morte, Señor,
esperando ata que volvas.

Ou:

Sacerdote:

Cristo entregouse por nós.

Pobo:

Sálvanos, Señor, Salvador do mundo,
ti que nos liberaches
pola túa morte e resurrección.

---

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

*Concelebrantes co mesmo xesto:*

Señor, noso Deus,
o teu Fillo deixounos esta prenda do teu amor,

por iso ó celebrármo-la memoria
da súa morte e resurrección,
ofrecémosche o que ti nos deches:
o sacrificio dunha reconciliación perfecta.

Pai santo,
pedímosche que nos aceptes co teu Fillo
e nos concéda-lo seu mesmo Espírito,
neste convite
para que arrede toda división.

*Concelebrante da dereita:*

Que el nos manteña en comunión
co noso Papa N. e co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

co colexio dos bispos e con todo o teu pobo.
Fai que a túa Igrexa, entre os homes,
sexa signo de unidade e instrumento da túa paz.

*Concelebrante da esquerda:*

Do mesmo xeito que nos congregaches aquí,
na mesa do teu Fillo,
en unión coa santísima Nai de Deus, a Virxe María,
e cos santos todos,

así tamén
xunta os homes de calquera clase ou tendencia,
de calquera raza ou lingua
para que vivan a festa da unidade perfecta
no mundo novo
onde reloce a paz verdadeira.

Xunta as mans.

Por Cristo, noso Señor.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

*Celebrante principal e concelebrantes:*

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

O pobo aclama:

Amén.

Despois segue o rito da comunión. p. 547.

# PREGARIAS EUCARÍSTICAS PARA MISAS CON NENOS

1. O emprego destas Pregarias ha ter sempre coma fin ensinar, pouco a pouco, ós nenos a participaren activa e conscientemente nas misas habituais de tódala comunidade cristiá.

2. Polo tanto, o uso destas Pregarias cínguese ás misas con nenos. Con todo, o bispo pode sempre autoriza-lo seu uso nas misas onde a presencia de nenos, sen ser exclusiva, teña relevancia (cf. Directorio para as misas con nenos, n. 19). Aconséllase moi especialmente o emprego destas Pregarias nas misas da catequese, naquelas celebradas nos colexios e, sobre todo, nas primeiras comunións.

3. Ó se-lo obxetivo destas Pregarias educa-los nenos a participaren nas misas de tódala familia cristiá, non convén cambia-las expresións máis comúns, coma: o diálogo do prefacio, o canto do Santo (agás na primeira Pregaria, segundo se indica no n. 6) e, sobre todo, as palabras da consagración.

4. Nalgunhas ocasións pódese aumenta-lo número de aclamacións no interior da Pregaria para conseguir unha participación máis activa dos nenos. Nembargante hase coidar sempre non esmorece-lo carácter presidencial da oración eucarística.

5. Nestas misas non é pedagóxico nin aconsexable a concelebración, para que os nenos descubran máis facilmente que o sacerdote que preside a celebración representa a Xesucristo. Así e todo, se nalgunha ocasión convén concelebrar, os concelebrantes cumprirán con escrupulosidade a obriga de dici-la Pregaria eucarística caladamente, sobre todo as palabras da consagración. Pola mesma razón, non se ha facer uso da posibilidade, sempre facultativa, de distribuí-las intercesións entre os concelebrantes (cf. Ordenamento xeral do Misal Romano, nn. 172, 181, 185 e 189).

6. Na primeira Pregaria o Santo ven distribuído en tres partes que sempre acaban coa aclamación Hosanna no ceo. Para facilita-lo canto destas aclamacións, pódelo iniciar un cantor ou un neno e, de seguida, repetilas a asamblea. Nesta primeira Pregaria, como aclamación despois da anámnese pódese emprega-la indicada na mesma Pregaria ou unha das sinaladas nas Pregarias eucarísticas ordinarias.

7. Na segunda Pregaria as aclamacións non son obrigatorias, a non se-las do Santo e as de despois da anámnese.

8. A terceira Pregaria é especialmente indicada para inculcar ós nenos o espírito dos diversos tempos litúrxicos; e, por iso, algunhas partes desta Pregaria acomódanse ós tempos litúrxicos.

9. Na terceira Pregaria repítese tres veces, despois da consagración, a mesma aclamación para ensinar ós nenos a aprecia-la actitude de louvanza de toda a Pregaria eucarística.

## * PREGARIA EUCARÍSTICA PARA MISAS CON NENOS I

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

Deus, noso Pai, que nos irmandaches,
estamos diante de ti,
para celebrarmos unha festa contigo,
para aclamarte e para manifestarche a nosa admiración.

Gloria a ti por tódalas cousas fermosas
que hai no mundo enteiro
e pola ledicia que lles dás ós nosos corazóns.
Gloria a ti pola luz do día
e pola túa palabra que nos ilumina.
Gloria a ti pola terra e polos homes que viven nela
e tamén pola vida que nos deches.

Verdadeiramente ti es bo.
Ti quéresnos e fas maravillas por nós.
Por iso, todos xuntos, cantámosche:

Todos aclaman:

Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Ti, Señor, pensas sempre nos homes
e non queres estar lonxe deles.

Ti mandáchesno-lo teu Fillo benquerido.
El veu para salvarnos:
curou os enfermos, perdoou os pecadores;
mostrou a todos o teu amor.
Acolleu os pequenos e bendiciunos.
Por iso, cheos de gratitude, aclamámoste:

Todos aclaman:

Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Non somos só nós, Señor, en louvarte,
glorifícate tamén a Igrexa, que é o teu pobo,
extendida polo mundo enteiro.
Nós unímonos ás súas oracións
co noso Papa N. e co noso Bispo N.

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

e comigo, indigno servo teu.

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
e comigo, indigno servo teu.

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

No ceo a benaventurada Virxe María,
os apóstolos e tódolos santos
lóuvante por sempre.
Con eles e con tódolos anxos,
adorámoste dicindo:

Todos aclaman:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Pai santo,
porque queremos amostrarche o noso agradecemento
trouxemos pan e viño,

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

fai que se convertan

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

no Corpo ✠ e no Sangue de Xesucristo,
o teu Fillo benquerido.

Xunta as mans.

Entón poderemos ofrecerche
o que ti nos dás como agasallo teu.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

Pois el, ó escurecer, antes da súa morte,
ceando cos seus apóstolos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu pan da mesa e dándoche as gracias,
rezando a bendición,
partiuno e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

Dun xeito semellante,
ó remate da cea,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o cáliz cheo de viño,
volvendo a darche as gracias,
déullelo ós seus amigos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

Despois díxolles:

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Así pois, o que Xesucristo nos mandou facer
cumprímolo agora nesta Eucaristía:
e proclamando a súa morte e maila súa resurrección,
ofrecémosche o pan da vida e o cáliz da salvación.
El condúcenos onda ti, Pai noso.
Acóllenos con el.

Todos aclaman:

Cristo morreu por nós,
Cristo resucitou.
Agardámoste, Señor Xesús.

Pódense empregar tamén as aclamacións das outras Pregarias eucarísticas.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Pai que nos queres tanto,
déixanos achegarnos a esta mesa,
para que, unidos no gozo do Espírito Santo,
recibámo-lo Corpo e Sangue do teu Fillo.

A ti, que nunca te esqueces de ninguén,
pedímosche, Señor,
por aqueles que queremos, N. e N.,
e por tódolos que finaron en paz.

---

Na misa da PRIMEIRA COMUNIÓN:

Pedímosche hoxe especialmente
polos teus fillos (N. e N.),
que por primeira vez
convidas neste día
a participaren do pan da vida e do cáliz da salvación
na mesa da túa familia,
concédelles medrar sempre na túa amistade.

---

Lémbrate de tódolos que sofren e viven con tristura,
da familia dos cristiáns, extendida polo mundo,
e de tódolos homes que hai nel.
Vendo todo o que fas por medio do teu Fillo,
quedamos admirados e louvámoste outra vez:

Xunta as mans.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

Todos aclaman:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

## * PREGARIA EUCARÍSTICA PARA MISAS CON NENOS II

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. E digno e de xusticia.

Verdadeiramente, Pai bo,
hoxe é dia de festa para nós.
O noso corazón está cheo de gratitude
e con Xesús mostrámosche a nosa alegría
cantando:

Todos aclaman:

Gloria a ti, Señor, porque nos queres.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Tanto nos querías,
que nos creaches este mundo, inmenso e maravilloso.

Todos aclaman:

Gloria a ti, Señor, porque nos queres.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Tanto nos queres,
que nos dá-lo teu Fillo Xesús
para que el nos leve onda ti.

Todos aclaman:

Gloria a ti, Señor, porque nos queres.

O sacerdote, coas mans extendias, prosegue:

Tanto nos queres,
que nos xuntas con el
coma ós fillos dunha mesma familia.

Todos aclaman:

Gloria a ti, Señor, porque nos queres.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Por ese amor tan grande
queremos darche as gracias,
cantando cos anxos e cos santos
que te adoran no ceo:

Todos aclaman:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e maila terra
coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Bendito de verdade sexa Xesús, o teu enviado,
o amigo dos pequenos e dos pobres.

El veu ensinárno-la maneira de te querermos
e de querermos uns ós outros.

El veu para arrincar do corazón dos homes
o mal que tolle a amistade
e o odio que non nos deixa ser felices.

El prometeu que o Espírito Santo
estará sempre connosco
para que vivámo-la túa mesma vida.

Todos aclaman:

Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

Deus, noso Pai,
pedímosche que nos mande-lo teu Espírito

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

para que esta ofrenda de pan e viño
sexan o Corpo ✠ e o Sangue de Xesús, noso Señor.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

A véspera da súa morte,
el manifestou o teu infinito amor:
pois estando sentado á mesa cos seus discípulos,

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu pan, deuche gracias,
partiuno e déullelo ós discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, e todos aclaman:

Señor Xesús, ti entregácheste por nós.

Deixa logo o pan consagrado na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois colle o cáliz e, téndoo o pouco elevado sobre o altar, prosegue:

Colleu tamén o cáliz cheo de viño,
rezou dándoche gracias
e pasóullelo a cada un deles,
mentres dicía:

Inclínase un pouco

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

Móstralle ó pobo o cáliz, e todos aclaman:

Señor Xesús, ti entregácheste por nós.

O sacerdote prosegue:

E tamén lles dixo:

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Deixa logo o cáliz no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Lembramos agora, Pai bo,
a morte e a resurrección de Xesús,
o Salvador do mundo.
El entregouse nas nosas mans
para se-la víctima que agora che ofrecemos
e que nos leva onda ti.

Todos aclaman:

Gloria e louvanza ó noso Deus.

Ou ben:

Louvámoste, bendicímoste, dámosche as gracias.

O sacerdote, coas mans extendidas, di:

Escóitanos, Señor, noso Deus,
dáno-lo Espírito do teu amor
ós que participamos nesta comida;
que cada vez esteamos máis unidos na túa Igrexa,
co Papa N., co noso Bispo N.,

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

comigo, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

co meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
comigo, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

cos outros bispos
e con tódolos que traballan polo teu pobo.

Todos aclaman:

Que sexamos todos un só corpo para a túa gloria.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Non te esquezas dos que queremos, N. e N.,
e daqueles que deberiamos querer máis.
Lémbrate dos que se foron en paz desta vida, N. e N.,
e acólleos con amor na túa casa.

Todos aclaman:

Que sexamos todos un só corpo para a túa gloria.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Xúntanos un día onda ti,
coa Virxe María, Nai de Xesús e Nai nosa,
para celebrarmos no teu reino o día eterno.
Daquela tódolos amigos de Xesús
che han cantar un canto sen remate.

Todos, se procede, aclaman:

Que sexamos todos un só corpo para a túa gloria.

O sacerdote xunta as mans, colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

Todos aclaman:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

## * PREGARIA EUCARÍSTICA PARA MISAS CON NENOS III

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

V. Erguede os corazóns.
R. Témolos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xusticia.

No TEMPO ORDINARIO:

Dámosche as gracias, Señor,
porque nos creaches,
para que, amándonos uns ós outros,
a nosa vida sexa para ti.

Ti déchesno-lo don de pensar e falar cos outros,
para que saibamos
compartir con eles
o bo e o malo.

---

No tempo do ADVENTO:

Dámosche as gracias, Señor.
Ti creáchesnos
para que poidamos coñecerte,
amarte e vivir sempre contigo.
Moitas veces ofrecíche-la túa amistade ós homes
e, polos profetas,
ensináchesnos a esperar nas túas promesas.

Cando chegou o tempo,
que o teu pobo desexara tanto,
enviáchesno-lo teu único Fillo
coma irmán maior da nosa familia,
para que todos poidésemos vivir como amigos teus.
Cando el volva, á fin do mundo,
convidaranos á festa da vida
na felicidade da súa casa.

No tempo do NADAL:

Dámosche as gracias, Señor,
porque no teu amor creáche-lo mundo
e non abandonáche-los homes, que pecaran, no mal,
senón que viñeches ó seu encontro.

Agora enviáchesno-lo teu querido Fillo Xesús
como luz que resplandece nas tebras.
El era rico e, por nós, fíxose pobre,
para que nós fósemos ricos co seu amor.

No tempo da CORESMA:

Dámosche as gracias, Señor,
porque fas cousas fermosas
para darnos a coñece-lo bo que ti es.

Non só ós bos, senón tamén ós malos,
dáslles días cheos de flores, de froitos
e de moitas cousas boas,
para que as admiremos
e xuntos gocemos delas.
Tes paciencia, coma Pai bo,
cos que pecan
e esperas que se convertan
e sexan mellores.

No TEMPO PASCUAL:

Dámosche as gracias, Señor,
porque ti e-lo Deus dos vivos
que nos chamas á vida
e queres que gocemos dunha felicidade eterna.

Ti resucitaches a Xesucristo
de entre os mortos,
o primeiro entre todos,
e déchesIle unha vida nova.
A nós prometíchesno-lo mesmo:
unha vida sen fin, sen mágoas, sen dores.

Por iso nos alegramos
e damos gracias, Pai noso,
unidos a tódolos que cren en ti,
e cos anxos e cos santos,
cantámosche o noso canto de louvanza:

Todos aclaman:

Santo, Santo, Santo es ti, Señor,
Deus do universo.
Énche-lo ceo e máila terra coa túa gloria.
¡Hosanna no ceo!
Bendito o que vén no nome do Señor.
¡Hosanna no ceo!

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Verdadeiramente, ti es santo e bo con todos nós
e móstraslles a todos a túa misericordia.
Dámosche as gracias,
porque nos déche-lo teu Fillo Xesucristo.

No TEMPO ORDINARIO:

El veu ó mundo, porque os homes se arredaran de ti
e non se entendían entre eles.

El abríuno-los ollos e os oídos,
para que saibamos que ti e-lo noso Pai
e que todos somos irmáns.

---

No tempo do ADVENTO:

El é a túa Palabra,
que nos mantén espertos
e nos axuda a descubrir,
nas cousas pequenas e nas grandes,
as probas do teu amor
e a alegría que vén de ti.

No tempo do NADAL:

El é a verdadeira luz do mundo
que veu iluminar
a tódolos que o buscan con sinceridade.

El é o Príncipe da paz,
que nos fai renacer coma fillos de Deus,
portadores de paz entre os homes.

El é Deus connosco,
que quere que experimentemos xa neste mundo
o que vai se-la alegría eterna do ceo.

No tempo da CORESMA:

El chama a tódolos homes
para que se convertan e crean no Evanxelio.

Ofrecendo a súa vida na cruz
librounos do pecado e da morte
e deunos un corazón novo
para que vivamos coma el.

No TEMPO PASCUAL:

El anuncióuno-la vida
que viviremos onda ti
na luz e na eternidade;
ensinounos tamén o camiño desa vida,
camiño que hai que percorrer no amor
e que el percorreu primeiro.

---

El xúntanos hoxe ó redor dunha mesma mesa,
porque quere que fagámo-lo mesmo
que el fixo na derradeira cea.

Xunta as mans e, extendéndoas logo sobre as ofrendas, di:

Pai bo, santifica este pan e este viño
que puxemos no teu altar.

Xunta as mans e traza un único sinal da cruz sobre o pan e sobre o cáliz conxuntamente, dicindo:

E fai que se convertan para nós
no Corpo ✠ e no Sangue do teu Fillo Xesucristo.

Xunta as mans.

Nas fórmulas seguintes, as palabras do Señor deberanse pronunciar distinta e claramente, como o pide a súa importancia.

El, a tarde antes de morrer por nós,
xuntouse cos seus discípulos
para celebrar con eles a derradeira cea.

Colle o pan e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

Colleu pan,
dándoche as gracias,
partiuno e déullelo,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E COMEDE TODOS DEL,
POIS ISTO É O MEU CORPO
QUE SE VAI ENTREGAR POR VÓS.

Móstralle ó pobo o pan consagrado, déixao logo na patena e adórao, facendo xenuflexión.

Despois prosegue:

Dun xeito semellante,

Colle o cáliz e, téndoo un pouco elevado sobre o altar, prosegue:

colleu o cáliz cheo de viño,
deuche gracias,
e pasóullelo ós seus discípulos,
mentres dicía:

Inclínase un pouco.

TOMADE E BEBEDE TODOS DEL,
POIS ESTE É O CÁLIZ DO MEU SANGUE,
O SANGUE DA ALIANZA NOVA E ETERNA,
QUE SE VAI VERTER POR VÓS
E POR TÓDOLOS HOMES,
PARA O PERDÓN DOS PECADOS.

Despois díxolles:

FACEDE ISTO EN MEMORIA DE MIN.

Móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión.

Despois o sacerdote, coas mans extendidas, di:

Por iso estamos reunidos diante de ti, Pai santo,
e lembramos con ledicia
o que Xesús fixo e segue a facer por nós.

Neste sacrificio da Eucaristía
que el mesmo encomendou á sua Igrexa,
celebrámo-la memoria da súa morte e da súa resurrección.

Noso Pai, que estás no ceo,
acepta a nosa ofrenda
xunto coa do teu Fillo benquerido.

El ofreceu voluntariamente a súa vida por nós
e ti resucitáchelo de entre os mortos.

Todos aclaman:

Señor, ti es bo,
louvámoste, dámosche gracias.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

El vive hoxe contigo na túa gloria
e está tamén connosco.

Todos aclaman:

Señor, ti es bo,
louvámoste, dámosche gracias.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Á fin do mundo ha vir na súa gloria
e no seu reino xa non haberá
ninguén que sufra, chore e estea triste.

Todos aclaman:

Señor, ti es bo,
louvámoste, dámosche gracias.

O sacerdote, coas mans extendidas, prosegue:

Pai santo, ti chamáchesnos
para celebrarmos esta Eucaristía
e recibírmo-lo Corpo e o Sangue de Cristo Xesús,
cheos do gozo do Espírito Santo.

Coa forza desta comida, axúdanos a vivir de tal xeito
que cada vez che agrademos máis a ti.

Lémbrate, Señor, do Papa N., do noso Bispo N.

---

O bispo, cando celebra na súa diócese, di:

de min, indigno servo teu,

Cando celebra un bispo que non é o Ordinario da diócese, di:

do meu irmán N., Bispo desta Igrexa de N.,
de min, indigno servo teu,

---

Aquí pódese facer mención dos bispos coadxutores ou auxiliares, segundo se indica no Ordenamento xeral do Misal Romano, n. 109.

e dos outros bispos.

No TEMPO ORDINARIO:

Axuda ós discípulos do teu Fillo
a trae-la paz a este mundo
e a comunicar ós máis a alegría que vén de ti.

---

No tempo do ADVENTO:

Dá ós teus fillos a gracia de facelo todo ben,
mesmo as cousas pequenas de cada día,
e de dispoñernos así para recibir a Xesús que vén.

No tempo do NADAL:

Fai que os teus fillos che dean gloria no ceo
e traballen para que haxa paz na terra
entre os homes que ti amas.

No tempo da CORESMA:

Concede ós teus fillos a gracia
de facermos a cotío as cousas que che agradan,
para que así sexamos luz do mundo
e exemplo de bondade diante tódolos irmáns nosos.

No TEMPO PASCUAL:

Enche os corazóns dos teus fillos
coa alegría da Pascua,
para que a anuncien a tódolos homes que viven tristes.

---

Pedímosche polos que finaron,
admíteos a contempla-la luz do teu rostro.

E a todos nós
admítenos onda Cristo
na festa eterna,
xunto coa Virxe María, Nai de Deus,
e con tódolos santos.

Xunta as mans.

Colle a patena co pan consagrado e o cáliz e, téndoos en alto, di:

Por El, con El e Nel,
a ti, Deus Pai omnipotente,
na unidade do Espírito Santo,
todo honor e toda gloria,
por sempre eternamente.

Todos aclaman:

Amén.

Despois segue o rito da comunión, p. 547.

# APÉNDICE II

## ORACIÓNS PARA O COMÚN DA VIRXE SANTA MARÍA

### 1. A Virxe da escoita

Señor, noso Deus,
ti fixeches da Virxe María
modelo de quen escoita a túa palabra
e a pon en práctica.
Fai que o noso corazón,
polo teu Espírito,
se alegre na escoita da túa Palabra de salvación
e nos mova ó seu cumprimento.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 2. O trono da Sabiduría

Deus, Pai eterno,
que puxeches en María, a Virxe,
o trono real da túa sabiduría,
ilumina a Igrexa coa luz da Palabra de vida
e, co esplendor da verdade,
diríxenos polo camiño
que leva ó pleno coñecemento
do teu misterio de amor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 3. De María xermola o gromo

Deus, noso Pai,
coma raíz en terra fértil,
ti fixeches xermolar da Virxe María
o gromo santo, Cristo, teu Fillo.
Concede ós enxertados en Cristo polo bautismo,
renova-la nosa xuventude no Espírito
e dar froitos de gracia
para louvanza da túa gloria.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 4. A humilde escrava do Señor

Deus, Pai santo e misericordioso,
que te compraces nos humildes
e realizas neles, polo teu Espírito,
as maravillas da salvación,
olla a inmaculada Virxe María
e dános un corazón sinxelo e humilde
que responda ós acenos da túa vontade.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 5. María, signo de gratitude e de recoñecemento

Deus, Pai de noso Señor Xesucristo,
a Virxe María resplandeceu,
na súa existencia terrea,
pola gratitude e o recoñecemento.
Mira a nosa Señora
e concédenos tamén a nós
o don da pregaria incesante e do silencio,
para que de cote
a nosa vida se transfigure
coa presencia do teu Santo Espírito.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### 6. Signo de esperanza no camiño da Igrexa

Pai santo,
ti puxéche-la Virxe María
como guía luminosa da túa Igrexa,
peregrina na terra.
Por intercesión dela,
fortalece a nosa fe
e reaviva a nosa esperanza,
para que nada nos desvíe
do camiño da salvación.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

## 7. María, primoxénita da redención

Deus, Pai Ito,
ti nos dechen unha nai de gran tenrura
en María, primoxénita da redención.
Abre os nosos corazóns
á Ledicia do Espírito
e fai que, imitando a María, saibamos louvarte
polas maravillas feitas en Cristo, teu Filho.
Por él, noso Señor e Deus, que vive e reina contigo.

## 8. Con María, orante no Cenáculo

Deus, noso Pai,
ti quitechen que a Nai do teu Filho
tomase parte na oración
da primeira comunidade cristiá.
Concédenos perseverar con ela
na espera do Espírito,
para ter un só corazón e un só sentir
e así gusta-los frutos suaves e duradeiros
da nova redención.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Filho.

## 9. Causa da nova ledicia

Deus de eterna gloria,
ti dechen ó mundo a verdadeira ledicia
por Cristo, sol de xustiza,
teu Filho, nado da Virxe María.
Libranos do peso do pecado,
que apaga o teu Espírito en nós,
e rechenos na mesa do teu reino,
para saciarnos co pan que contén en sí todo deleite.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Filho.

## 10. María, imaxe de Igrexa

Deus, Pai de Xesucristo, o noso Salvador,
que nos déche-la imaxe da Igrexa
en María, Virxe santa e Nai.
Enviáno-lo teu Espírito
en axuda da nosa fraqueza
e concédenos medrar no amor
e camiñar xuntos cara a felicidade que agardamos.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

# APÉNDICE III

## RITO PARA A ASPERSIÓN DA AUGA BENDITA NO DOMINGO

1. O rito da bendición e aspersión da auga bendita pódese facer en tódalas misas de domingo, mesmo nas anticipadas ó sábado, en tódalas igrexas e oratorios.

### *Formulario I:*

2. Despois do saúdo, o sacerdote, de pé ante a cadeira e de cara ó pobo, tendo diante o caldeiro da auga que se vai bendicir, invita os fieis a orar con estas palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns, pidámoslle humildemente a Deus, noso Señor, que bendiga esta auga que vai ser asperxida sobre nós en memoria do noso bautismo. Que el nos renove interiormente, para permanecermos fieis ó Espírito que nos foi dado.

Despois dunha breve pausa en silencio, prosegue coas mans xuntas:

Deus todopoderoso e eterno,
ti quixeches que pola auga,
fonte de vida e medio de purificación,
tamén as almas quedasen limpas
e recibisen o don da vida eterna.
Dígnate bendicir ✠ esta auga
que, coma signo da túa protección,
queremos recibir neste día consagrado a ti.
Renova en nós a fonte viva da túa gracia
e defende de todo mal o noso corpo e o noso espírito,
para podermos chegar onda ti con corazón limpo
e sermos dignos de recibi-la túa salvación.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou:

Señor, Deus todopoderoso,
ti es fonte e orixe de toda vida,
tanto da alma coma do corpo.

Rogámosche que bendigas ✠ esta auga,
que recibimos con fe,
para implora-lo perdón dos nosos pecados
e para pedi-la axuda da túa gracia
contra toda enfermidade do corpo
e contra as tentacións do enemigo.
Señor, pola túa misericordia,
naza sempre en nós
a auga viva da salvación
para podermos chegar onda ti con corazón limpo
e vencer tódolos perigos da alma e do corpo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou, no tempo pascual:

Señor, noso Deus,
atende con bondade as peticións do teu pobo
agora que conmemorámo-la obra admirable da creación
e a máis admirable aínda da redención.
Dígnate bendicir ✠ esta auga
que ti creaches para fecunda-la terra
e para alivio e limpeza dos nosos corpos.
Dela fixeches tamén un instrumento da túa misericordia:
por ela liberáche-lo teu pobo da escravitude
cando atravesou o mar
e con ela apagáche-la súa sede no deserto.
A auga foi o símbolo que usaron os profetas
para anuncia-la nova alianza
que ías establecer cos homes.
Por ela, finalmente, cando Cristo a santificou no Xordán,
renováche-la nosa natureza caída
instituíndo o sacramento da nova vida.
Que esta auga renove en nós a memoria do noso bautismo
e nos axude a participar no gozo dos irmáns
que foron bautizados nesta Pascua.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

3. Cando as circunstancias locais ou a tradición popular aconsellen conserva-lo rito da mistura da auga co sal, o sacerdote bendíceo, dicindo:

Deus todopoderoso,
rogámosche que bendigas ✠ este sal,
ti, que lle mandaras ó profeta Eliseo
botalo na auga para a volver saudable.
Señor, fai que onde queira que se asperxa
esta auga con sal sexa arredado o poder do enemigo
e nos garde a presencia do teu Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Despois bota o sal na auga, sen dicir nada.

4. A continuación, tomando o hisopo, o sacerdote aspérxese a si mesmo o ós ministros; despois ó clero e ó pobo; pódese mover pola igrexa para o facer.

Mentres, cántase un destes cantos ou outro apropiado:

## Fóra do tempo pascual

### Antífona 1 — Sal 50, 9

Purifícame, Señor, co hisopo e serei limpo; lávame ti e quedarei branco coma a neve.

### Antífona 2 — Ez 36, 25-26

«Verterei sobre vós auga pura e quedaredes limpos de todo pecado, dareivos un corazón novo», di o Señor.

### Himno — Cf. 1 Pe 1, 3-5

Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo,
que na súa grande misericordia,
pola resurrección de Xesucristo de entre os mortos,
nos fixo nacer a unha esperanza viva,
a unha herdanza que non se corrompe,
predestinada por Deus para nós
en vista á salvación que se ha manifestar
na fin dos tempos.

## Tempo pascual

### Antífona 1 — Cf. Ez 47, 1-2. 9

Vin a auga saíndo do templo no lado dereito, aleluia; e a cantos chegou aquela auga, foron salvos e dirán: Aleluia, aleluia.

### Antífona 2 — Cf. Dn 3, 77. 79

Vós, fontes, e canto se move nas augas, dicídelle un himno ó Señor. Aleluia.

### Antífona 3 — 1 Pe 2, 9

Vós, raza escollida, sacerdocio de reis, nación santa, pregoade as maravillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable. Aleluia.

### Antífona 4

Señor Xesús, do teu costado naceu unha fonte de auga, que limpa o mundo do pecado e renova toda vida. Aleluia.

5. Volvendo á cadeira e rematado o canto, o sacerdote, de pé cara ó pobo, coas mans xuntas, di:

Deus todopoderoso nos purifique dos pecados
e pola celebración desta Eucaristía
nos faga participar na mesa do seu reino.

R. Amén.

6. Despois, cando está prescrito, cántase ou recítase o himno Gloria a Deus no ceo.

### *Formulario II:*

7. Despois do saúdo, o sacerdote, de pé ante a cadeira e de cara ó pobo, tendo diante o caldeiro da auga que se vai bendicir, invita os fieis a orar con estas palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns, neste domingo (do tempo pascual), xunto con tódolos cristiáns do mundo, facemos memoria, cheos de alegría, da resurrección do Señor. Ó comeza-la nosa celebración, lembrámo--lo noso bautismo, no que Deus, pola morte e a resurrección do seu Fillo, otorgóuno-lo perdón de tódolos nosos pecados. Pidámoslle, pois, ó Señor, que a auga que imos bendicir e verter sobre nós reavive o noso bautismo e o perdón que naquel día se nos concedeu.

Despois dunha breve oración en silencio, o sacerdote prosegue, dicindo:

Deus, creador de tódalas cousas,
que pola auga e o Espírito
deches forma e figura ó home e ó universo.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Cristo, que fixeches mana-los sacramentos da salvación
do teu costado aberto na cruz.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Espírito Santo, que, do seo bautismal da Igrexa,
nos fas renacer coma creaturas novas.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Deus, noso Pai,
ti xúnta-la túa Igrexa,
esposa e corpo de Cristo,
no domingo, día memorial da resurrección.
Bendice o teu pobo
e, por medio desta auga,
reaviva en nós
a lembranza e a gracia do bautismo,
a nosa primeira Pascua.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

8. A continuacion, tomando o hisopo, o sacerdote aspérxese a si mesmo e ós ministros; despois ó clero e ó pobo; pódese mover pola igrexa para o facer.

Mentres, cántase un canto apropiado.

9. Volvendo á cadeira e rematado o canto, o sacerdote, de pé cara ó pobo, coas mans xuntas, di:

Deus todopoderoso nos purifique dos pecados
e pola celebración desta Eucaristía
nos faga participar na mesa do seu reino.

R. Amén.

10. Despois, cando está prescrito, cántase ou recítase o himno Gloria a Deus no ceo.

## *Formulario III:*

11. Este formulario emprégase, dun xeito especial, no tempo pascual.

Despois do saúdo, o sacerdote, de pé ante a cadeira e de cara ó pobo, tendo diante o caldeiro da auga que se vai bendicir, invita os fieis a orar con estas palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns, invoquémo-la bendición de Deus, noso Pai, e pidámoslle que a aspersión desta auga reavive en nós a gracia do bautismo polo que fomos mergullados na morte redentora do Señor para resucitar con el a unha vida nova.

Despois dunha breve oración en silencio, o sacerdote di:

Pai, que do Año inmolado na cruz
fas abrollar unha fonte de auga viva.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Cristo, que renóva-la xuventude da Igrexa
no baño da auga coa palabra da vida.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Espírito, que nos fas renacer das augas do bautismo
como primicia da humanidade nova.

R. Bendice e purifica a túa Igrexa.

Ou:

R. Bendito sexas, Señor, eternamente.

Deus todopoderoso,
ti renóva-las maravillas da creación e da redención
polos sacramentos da fe.
Bendice ✠ esta auga
e concede ós renacidos no bautismo
seren mensaxeiros e testemuñas da Pascua
que sen cesar se renova na túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

12. A continuación, tomando o hisopo, o sacerdote aspérxese a si mesmo e ós ministros; despois ó clero e ó pobo; pódese mover pola igrexa para o facer.

Mentres, cántase un canto apropiado.

13. Volvendo á cadeira e rematado o canto, o sacerdote, de pé cara ó pobo, coas mans xuntas, di:

Deus todopoderoso nos purifique dos pecados
e pola celebración desta Eucaristía
nos faga participar na mesa do seu reino.

R. Amén.

14. Despois, cando está prescrito, cántase ou recítase o himno Gloria a Deus no ceo.

# APÉNDICE IV

## FORMULARIOS PARA A ORACIÓN DOS FIEIS

### 1. FÓRMULA XERAL, I

A. Exhortación previa

Benqueridos irmáns, oremos de todo corazón a Deus Pai todopoderoso, que quere salvar a tódolos homes e levalos ó coñecemento da verdade.

B. 1.ª serie de intencións

Pola santa Igrexa de Deus; para que a garde e protexa, roguémoslle ó Señor.

Participación do pobo:

R. Señor, escoita a nosa oración.

C. 2.ª serie de intencións

Por tódolos pobos da terra; para que os manteña en paz e harmonía, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, escoita a nosa oración.

D. 3.ª serie de intencións

Por tódolos que pasan algunha necesidade; para que os socorra e conforte, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, escoita a nosa oración.

E. 4.ª serie de intencións

Por nós e pola nosa comunidade; para que nos acepte coma unha ofrenda agradable, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, escoita a nosa oración.

F. Oración sacerdotal conclusiva

Deus, noso Pai,
ti e-lo noso refuxio e fortaleza,
escoita a oración da túa Igrexa,

ti, que es fonte de piedade,
e fai que logremos con plenitude
o que pedimos con fe.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

## 2. FÓRMULA XERAL, II

A.

Irmáns, nesta oración pública e comunitaria que agora empezamos, non pida cada un só por si ou polos seus; pidamos todos pola humanidade enteira a Cristo, o Señor.

B.

1. Por todo o pobo cristián, pidamos para el a abundancia da bondade divina.
   R. Cristo, escóitanos.
2. Por tódolos que aínda non cren, pidamos para eles os dons do espírito.
   R. Cristo, escóitanos.

C.

1. Polos gobernantes das nacións, pidamos para eles a axuda do Señor.
   R. Cristo, escóitanos.
2. Polo bo tempo e polas boas colleitas, supliquemos ó Señor do universo.
   R. Cristo, escóitanos.

D.

1. Polos nosos irmáns que non puideron asistir a esta liturxia, supliquemos ó que todo o sabe.
   R. Cristo, escóitanos.
2. Polo descanso eterno dos fieis defuntos, supliquemos ó xuíz de vivos e mortos.
   R. Cristo, escóitanos.

E.

1. Por todos nós, que oramos con fe e implorámo-la misericordia do Señor, supliquémo-la clemencia do Salvador.

   R. Cristo, escóitanos.

2. Por nós e polos nosos, que confiamos na bondade do Señor, supliquémo-la misericordia de Cristo, o Señor.

   R. Cristo, escóitanos.

F.

Señor, atende as nosas pregarias
e escoita con bondade as nosas oracións.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## 3. TEMPO DO ADVENTO

A.

Benqueridos irmáns, mentres nos preparamos con devoción para a vinda do noso Señor Xesucristo, imploremos fervorosamente a súa misericordia. El vén anunciarlles ós pobres a Boa Nova e cura-los de corazón arrepentido. Pidámoslle que tamén hoxe lles traia a salvación a cantos a necesitan.

B.

1. Para que visite e garde sempre a súa Igrexa santa, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

2. Para que encha coa súa gracia e os seus dons o Romano Pontífice, o noso Bispo, e tódolos demais bispos, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

C.

1. Para que, coa súa protección, o noso tempo goce de paz e seguridade, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

2. Para que guíe o pensamento dos nosos gobernantes, conforme á súa vontade, para promove-lo ben común, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

D.

1. Para que aparte a enfermidade, arrede a fame e nos libre de toda desgracia, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

2. Para que coa súa misericordia libre os que sofren persecución, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

E.

1. Para que sexamos sempre auténticas testemuñas do seu amor ante tódolos homes, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

2. Para que cando volva nos atope velando en oración, roguémoslle ó Señor.

   R. Señor, ten piedade.

F.

Deus todopoderoso e eterno,
ti salvas a todos e non queres que ninguén se perda.
Escoita as oracións do teu pobo:
guía o mundo polos camiños da paz
e fai que a Igrexa te poida servir
con tranquilidade e alegría.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## 4. TEMPO DO NADAL

A.

Benqueridos irmáns, neste día (nesta noite, neste tempo), no que se manifestou a bondade e humanidade de Deus, noso Salvador, poñamos diante del as nosas súplicas, confiando na súa misericordia e non nos nosos méritos.

B.

Pola Igrexa de Deus; para que espere con fe e acolla con alegría a Xesús, concebido e nacido da Virxe Inmaculada por obra do Espírito Santo, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, ten piedade.

C.

Pola paz e a prosperidade do mundo; para que os bens desta vida nos leven á salvación eterna, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, ten piedade.

D.

Polos que padecen fame, enfermidade ou abandono; para que o misterio do Nadal (da manifestación) do Señor os alivie na súa desgracia, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, ten piedade.

E.

Polas familias da nosa comunidade, que acollen a Cristo no misterio do Nadal; para que aprendan a acollelo tamén nos pobres, roguémoslle ó Señor.

R. Señor, ten piedade.

F.

Señor, noso Deus,
a Virxe María levou no seu seo
a Cristo, Deus e home verdadeiro.
Pola súa intercesión,
acolle con bondade as nosas súplicas.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## 5. TEMPO DA CORESMA, I

A.

Benqueridos irmáns, debemos rezar en todo tempo, pero nestes días da Coresma convén que velemos con Cristo e roguemos a Deus con máis constancia.

B.

Por todo o pobo cristián; para que neste santo tempo da Coresma se alimente con máis abundancia de toda palabra que sae da boca de Deus, roguémoslle ó Señor.

C.

Por todo o mundo; para que viva na paz e na tranquilidade e para que estes días da Coresma sexan para nós un tempo de gracia e salvación, roguémoslle ó Señor.

D.

Polos pecadores e polos que teñen descoidada a súa fe; para que neste tempo de reconciliación volvan de novo a el, roguémoslle ó Señor.

E.

Por nós mesmos; para que desperte en nós o arrepentimento dos nosos pecados, roguémoslle ó Señor.

F.

Señor, fai que o teu pobo
se converta a ti de todo corazón,
que a túa misericordia lle conceda
o que humildemente che pida nas súas oracións.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## 6. TEMPO DA COREIMA, II

A.

Benqueridos irmãos, é acercarse a solemnidade pascual, imploremos con máis insistencia é Señor, para que nós, os bautizados, e o mundo entero participemos máis plenamente na gracia deste misterio.

B.

Polos catecúmenos que van recibi-lo bautismo na próxima solemnidade da Pascua; para que lles aumente a fe e o coñecemento da verdade, roguémoslle é Señor.

C.

Polos pobres en vías de desenrolo, para que coa ayuda das outras nacións poidan vivir na paz e na seguridade, roguémoslle é Señor.

D.

Por todolos que están tristes ou sometidos a tentación; para que lles dea consolo e fortaleza, roguémoslle é Señor.

E.

Por todos nós, para que aprendamos a dar ós pobres o que aforramos coas novas privacións voluntarias, roguémoslle é Señor.

F.

Señor, ten piedade da Igreja que che suplica
e atende con bondade os que se humillan ante ti.
Que nunca carezan da tua ayuda
aqueles ós que chamaches
a participar dos teus misterios.
Por Cristo, nosa Señor.

R. Amén.

## 7. FERIAS DA SEMANA SANTA

A.

Neste tempo da Paixón, cando Cristo lle presentou ó Pai súplicas e oracións, con fortes gritos e con bágoas, oremos con humildade a Deus, para que, pola sumisión do seu Fillo, escoite bondadoso as nosas súplicas.

B.

Para que a Igrexa, Esposa de Cristo, neste tempo da Paixón, se purifique máis plenamente polo seu sangue, roguémoslle ó Señor.

C.

Para que, polo sangue de Cristo crucificado, tódalas creaturas do mundo consigan a paz e a salvación, roguémoslle ó Señor.

D.

Para que todos aqueles que pola enfermidade e os traballos participan da Paixón de Cristo consigan fortaleza e paciencia, roguémoslle ó Señor.

E.

Para que todos nós, pola Paixón e a Cruz de Cristo, cheguemos á gloria da Resurrección, roguémoslle ó Señor.

F.

Señor, acolle as súplicas do teu pobo.
Que logre, pola Paixón do teu Fillo,
o que non se atreve a esperar polos seus propios méritos.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

## 8. TEMPO PASCUAL

A.

Benqueridos irmáns, nesta alegría da Pascua oremos con máis insistencia a Deus. El, que escoitou as súplicas e oracións do seu Fillo amado, acolla tamén as nosas humildes peticións.

B.

Polos pastores da nosa comunidade; para que saiban guiar con sabiduría o rabaño que lles confiou o bo Pastor, roguémoslle ó Señor.

C.

Por todo o mundo; para que disfrute da verdadeira paz que dá Cristo, roguémoslle ó Señor.

D.

Polos nosos irmáns que sofren; para que a súa tristeza se volva naquela alegría que ninguén lles pode quitar, roguémoslle ó Señor.

E.

Pola nosa comunidade; para que con grande fe e confianza dea testemuño da Resurrección de Cristo, roguémoslle ó Señor.

F.

Deus, noso Pai,
ti sabes que a vida dos aquí presentes
está sometida a moitas necesidades e sufrimentos.
Escoita as peticións dos que che suplican
e atende os desexos dos que cren en ti.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

## 9. TEMPO ORDINARIO, I

A.

Benqueridos irmáns, reunidos para celebrármo-los beneficios do noso Deus, roguémoslle que sexa el mesmo quen inspire os nosos desexos e os atenda con bondade.

B.

Polo noso Papa N., polo noso Bispo N. e por tódolos sacerdotes e diáconos, xunto co pobo a eles encomendado, roguémoslle ó Señor.

C.

Polos gobernantes e polos que os axudan na procura do ben común, roguémoslle ó Señor.

D.

Polos navegantes e os que están de camiño, polos prisioneiros e detidos, roguémoslle ó Señor.

E.

Por todos nós, que estamos reunidos neste lugar santo, movidos pola fe, a devoción, o amor e o santo temor de Deus, roguémoslle ó Señor.

F.

Señor, acolle con bondade
as súplicas da túa Igrexa.
Que a túa misericordia nos conceda
o que polos nosos méritos non ousamos esperar.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén

## 10. TEMPO ORDINARIO, II

A.

Benqueridos irmáns, estamos reunidos aquí para celebra-los misterios da nosa Redención. Oremos, logo, a Deus todopoderoso para que o mundo enteiro sexa fecundado por esta fonte da que mana toda vida e bendición.

B.

Por tódolos que se consagraron a Deus; para que, coa súa axuda, garden fielmente o seu propósito, roguémoslle ó Señor.

C.

Por tódolos pobos do mundo; para que, libres de toda violencia, poidan vivir en paz e liberdade, roguémoslle ó Señor.

D.

Polos vellos que padecen enfermidade ou abandono; para que os axudemos con amor fraterno, roguémoslle ó Señor.

E.

Por todos nós, aquí reunidos; para que saibamos usar dos bens que Deus nos dá sempre nesta vida, de xeito que alcancémo-los da vida eterna, roguémoslle ó Señor.

F.

Señor, móstralle a túa bondade ó pobo que che suplica.
Que a túa xenerosidade nos conceda pronto
os bens que a túa inspiración nos animou a pedir.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

No tempo ordinario tamén se poden usa-los formularios xerais arriba propostos, nn. 1-2, pp. 1128-1130.

## 11. NAS MISAS DE DEFUNTOS

A.

Imploremos con fe a Deus, Pai todopoderoso, que resucitou a Cristo, o seu Fillo, de entre os mortos, e pidámoslle a salvación dos vivos e dos mortos.

B.

Para que manteña na fe e na unidade o pobo cristián, roguémoslle ó Señor.

C.

Para que libre a todo o mundo dos horrores da guerra, roguémoslle ó Señor.

D.

Para que manifeste o seu amor de Pai ós nosos irmáns que carecen de traballo, casa ou comida, roguémoslle ó Señor.

E.

1. Polo noso irmán defunto N., que no bautismo recibiu a semente da vida eterna; para que lle conceda a compaña eterna dos santos, roguémoslle ó Señor.
2. Por el, que comeu o Corpo de Cristo, pan da vida eterna; para que o resucite no derradeiro día, roguémoslle ó Señor.

Se é un crego:

Por el, que exerceu na Igrexa o ministerio sacerdotal; para que o faga participar na liturxia celestial, roguémoslle ó Señor.

3. Polos nosos irmáns, parentes e benfeitores; para que lles conceda o premio dos seus traballos, roguémoslle ó Señor.
4. Por tódolos que durmiron coa esperanza da resurrección; para que os acolla na luz da súa presencia, roguémoslle ó Señor.
5. Por estes nosos irmáns que están tristes; para que os axude e console, roguémoslle ó Señor.
6. Por tódolos que viñemos aquí con fe e devoción; para que nos reúna na gloria do seu reino, roguémoslle ó Señor.

F.

Señor, que as nosas oracións
lles axuden ós teus fillos e fillas defuntos.
Perdóalles tódolos seus pecados
e fainos partícipes da túa salvación.
Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

# APÉNDICE V

## RITO PARA FACULTAR UN FIEL PARA DISTRIBUÍR OCASIONALMENTE A COMUNIÓN

1. Os Ordinarios do lugar gozan da facultade de lles permitir a cada un dos sacerdotes en exercicio que poidan designar unha persoa idónea que, en caso de verdadeira necesidade e ocasionalmente («ad actum»), distribúa a comunión.

2. A persoa que nestes casos é designada para distribuír ocasionalmente a sagrada comunión debe recibi-lo mandado conforme ó rito que segue.

3. Mentres ten lugar a fracción do pan e a inmixtión, o que vai distribuí-la sagrada comunión achégase ó altar e ponse diante do celebrante. Acabada a invocación Año de Deus, o sacerdote bendíceo con estas palabras:

Que o Señor te bendiga ✠
para lles distribuíres agora
o Corpo de Cristo a teus irmáns.

E el responde:

Amén.

4. Despois de o sacerdote ter recibido o sacramento, conforme é habitual, se o designado vai comulgar, recibe a comunión. Despois entrégalle a patena ou o copón coas hostias e, xuntos, vanlles reparti-la comunión ós fieis.

# APÉNDICE VI

## ORACIÓNS PARA ANTES E DESPOIS DA MISA

### PREPARACIÓN PARA A MISA

#### Oración de san Ambrosio

Señor Xesucristo,
eu, que son un pecador
e que non presumo nada dos meus merecementos,
teño o atrevemento de me achegar
á mesa do teu santo convite.

Teño o corpo e o espírito luxados con moitas faltas
e non tiven coidado abondo
cos meus pensamentos e coa miña lingua.

Así é que eu, pobre pecador,
envolto en moitas vacilacións,
achégome a ti, fonte de misericordia,
para que me cures axiña dos meus males;
refúxiome baixo a túa protección
e desexo ardentemente terte coma Salvador,
pois, ¡pobre de min, se ti foses xuíz comigo!

Móstroche, meu Señor, as miñas feridas,
póñoche ó descuberto as causas da miña vergoña.
Sei que os meus pecados son moitos e grandes
e por iso teño medo,
pero tamén sei que o agarimo que me tes
é algo que non admite comparanza.

Mírame con ollos de misericordia,
Señor Xesucristo, Rei eterno, Deus e home,
ti, que fuches crucificado polo home.
Escóitame, pois en ti teño posta a miña esperanza.
Ti, que nunca deixarás seca-la fonte da misericordia,
apiádate de min, que estou cheo de miserias e pecados.

Saúdote, víctima de salvación,
ofrecida no patíbulo da cruz
polo meu ben e polo ben de toda a xente do mundo.
Saúdote, Sangue nobre e precioso,
que saes das feridas do meu Señor Xesucristo, crucificado,
e límpa-los pecados de todo o mundo.

Acórdate, Señor, das túas creaturas
que ti redimiches co teu Sangue.
Pésame moito ter pecado
e desexo corrixirme do mal que teño feito.
Arreda de min, Pai de clemencia,
tódalas ruindades e pecados meus,
para que, limpo no corpo e no espírito,
poida saborear dignamente o sacramento máis santo do mundo.

E fai que esta ofrenda anticipada do teu Corpo e do teu Sangue,
que vou tomar sen o merecer,
sexa a remisión dos meus pecados,
a purificación completa dos meus delitos,
a defensa contra os malos pensamentos,
o alento para os bos sentimentos
e o empuxe eficaz para as boas obras;
que sexa unha firme protección do meu corpo e do meu espírito
contra os ataques dos meus enemigos.
Amén.

## Oración de san Tomás de Aquino

Deus todopoderoso e eterno,
achégome ó sacramento do teu Fillo unixénito,
o noso Señor Xesucristo:
coma un enfermo ó médico da vida,
coma un impuro á fonte da misericordia,
coma un cego á luz da claridade eterna,
coma un pobre e necesitado ó Señor do ceo e mais da terra.

Pídoche a abundancia da túa grande xenerosidade,
para que cure a miña enfermidade,
lave a miña fealdade,
ilumine a miña cegueira,
enriqueza a miña pobreza
e vista a miña nudeza;
que reciba o pan dos Anxos,
o Rei dos reis e o Señor dos que dominan,
con tanta reverencia e humildade,
con tanta contrición e devoción,
con tanta limpeza e tanta fe,
con tanto propósito e intención
como lle convén á saúde da miña alma.

Concédeme recibir,
non soamente o sacramento do Corpo e do Sangue do Señor,
senón tamén a sustancia e a forza do sacramento.

Deus cheo de bondade,
fai que reciba de tal xeito o Corpo do teu Fillo unixénito,
o noso Señor Xesucristo,
nacido da Virxe María,
que sexa merecente de me incorporar ó seu corpo místico
e ser contado entre os seus membros.

Pai cheo de amor,
concédeme contemplar un día e para sempre,
co rostro descuberto,
o teu Fillo amado,
a quen agora, aínda camiñante,
vou recibir encuberto no sacramento.
Ese teu Fillo,
el, que vive e reina contigo por sempre eternamente.
Amén.

## Oración á Virxe María

Nai de piedade e misericordia,
benaventurada Virxe María,
eu, pobre e indigno pecador,
acóllome a ti con todo o afecto do meu corazón
e pídoche que teñas piedade de min.

Ti, que asistíche-lo teu Fillo queridiño,
cando estaba cravado na cruz,
asísteme tamén coa túa clemencia a min, pobre pecador,
e a tódolos sacerdotes que hoxe ofrecen o sacrificio da misa
aquí e en toda a Igrexa santa.

Que, axudados pola túa gracia,
poidamos ofrecer na presencia da Trinidade santa
unha ofrenda digna e aceptable.
Amén.

## Fórmula de intención

Eu quero celebra-la santa misa
e realiza-lo sacramento do Corpo e do Sangue
do noso Señor Xesucristo
de acordo co rito da santa Igrexa Romana,
para louvanza de Deus todopoderoso
e de tódolos benaventurados do ceo,
para utilidade miña
e de tódolos cristiáns que loitan na terra,
por tódolos que se encomendaron ás miñas oracións,
en xeral e por cada un en particular,
e pola feliz permanencia da santa Igrexa Romana.
Amén.

Que o Señor omnipotente e misericordioso
nos conceda o gozo da paz,
a conversión da vida,
o tempo para unha verdadeira penitencia,
o don e a consolación do Espírito Santo
e a perseverancia nas boas obras.
Amén.

# ACCIÓN DE GRACIAS PARA DESPOIS DA MISA

## Oración de san Tomás de Aquino

Douche gracias,
Señor, Pai santo, Deus todopoderoso e eterno,
que, non polos meus merecementos, senón pola túa misericordia,
tiveches a ben alimentarme co precioso Corpo e Sangue
do teu Fillo, o noso Señor Xesucristo,
a min, que son un pecador, un indigno servidor teu.

Pídoche que esta comunión santa
non sexa para min motivo de condena,
senón causa de perdón;
que sexa unha defensa da miña fe
un escudo para a miña vontade;
que sexa unha liberación dos meus vicios,
un aniquilamento da miña concupiscencia;
que sexa un aumento da caridade e da paciencia,
da humildade e da obediencia
e de tódalas virtudes;
que sexa unha firme defensa
contra os ataques de tódolos enemigos,
tanto visibles coma invisibles;
que sexa un perfecto acougo das miñas paixóns,
tanto corporais coma espirituais;
que sexa un firme achegamento a ti, único e verdadeiro Deus,
e un feliz coroamento da miña vida.

Pídoche tamén que, aínda que sexa un pecador,
teñas a ben levarme a aquel maravilloso banquete
onde ti, co teu Fillo e o Espírito Santo,
es para os teus santos a luz verdadeira,
a fartura completa, o gozo sempiterno,
a ledicia total e a felicidade perfecta.
Por Cristo, noso Señor.
Amén.

## Aspiracións dirixidas ó Santísimo Redentor

Alma de Cristo, santifícame.
Corpo de Cristo, sálvame.
Sangue de Cristo, embebédame.
Auga do costado de Cristo, lávame.
Paixón de Cristo, confórtame.
Bo Xesús, escóitame.
Dentro das túas feridas, escóndeme.
Non permitas que eu me arrede de ti.
Do enemigo malo, deféndeme.
Na hora da miña morte, chámame.
E mándame ir onda ti
para te louvar cos teus santos
por sempre eternamente.
Amén.

## Ofrecemento dun mesmo

Recibe, Señor, toda a miña liberdade.
Acolle a miña memoria, o meu entendemento, a miña vontade toda.
Todo canto teño, ti mo concediches;
todo cho devolvo
e póñoo por enteiro á túa disposición.
Dáme o teu amor e a túa gracia,
con iso son rico abondo,
non che pido máis nada.

## Oración a noso Señor Xesucristo crucificado

Velaquí, doce e bo Xesús,
que me axionllo na túa presencia
e de todo corazón che pido
que imprimas no meu corazón
fortes sentimentos de fe, esperanza e caridade,
unha verdadeira penitencia polos meus pecados
e unha vontade firme de me corrixir deles;
considero e contemplo as túas cinco chagas
coa máis grande dor e cariño.

Medito o que o profeta David poñía nos teus labios,
sobre ti mesmo, bo Xesús:
«Traspasaron as miñas mans e os meus pés,
foron contando os meus ósos» (Sal 21, 17).

## Oración universal atribuída ó Papa Clemenzo XI

Creo, Señor, pero fai máis firme a miña fe.
Espero, pero fai máis forte a miña esperanza.
Amo, pero fai máis ardente o meu amor.
Dóiome, pero fai máis aguda a miña dor.

Adórote coma primeiro principio.
Deséxote coma fin última.
Lóuvote coma benfeitor perpetuo.
Invócote coma defensor benévolo.

Diríxeme coa túa sabiduría.
Terma de min coa túa xusticia.
Consólame coa túa clemencia.
Protéxeme co teu poder.

Ofrézoche, Señor, canto hei de pensar,
que se dirixa a ti.
Canto hei de dicir,
que se refira a ti.
Canto hei de facer,
que sexa conforme a ti.
Canto hei de emprender,
que sexa por amor a ti.

Quero o que ti queres.
Quéroo porque ti o queres.
Quéroo como ti o queres.
Quéroo mentres ti o queres.

Pídoche, Señor,
que ilumíne-lo meu entendemento,
que acénda-la miña vontade,
que límpe-lo meu corazón,
que santifíque-la miña alma.

Que chore os meus pecados pasados,
que desbote as tentacións futuras,
que corrixa as inclinacións viciosas,
que seleccione as virtudes máis axeitadas.

Concédeme, Deus de bondade,
ama-lo teu moito máis có meu,
ter celo do próximo e desprecio do mundo.

Que me esforce en obedece-los superiores,
en axuda-los inferiores,
en servi-los amigos,
en perdoa-los enemigos.

Que venza o pracer coa austeridade,
a avaricia coa xenerosidade,
a ira coa mansedume,
a frieza co fervor.

Faime prudente nos consellos,
constante nos perigos,
paciente nas adversidades,
humilde na prosperidade.

Faime, Señor, atento na oración,
sobrio nas comidas,
dilixente no traballo,
firme nos propósitos.

Dáme limpeza de corazón,
modestia na conducta,
un trato exemplar
e unha vida ordenada.

Que poña todo o meu coidado
en educa-la miña natureza,
en arrequece-la gracia,
en observa-la lei,
en traballar pola salvación.

Que aprenda de ti
a fraxilidade do terreal,
a grandeza do celeste,
a brevidade do temporal,
a permanencia do eterno.

Concédeme
prepararme para a morte,
teme-lo xuício,
e acada-lo paraíso.
Por Cristo, noso Señor.
Amén.

## Oración a benaventurada Virxe María

María, Virxe e Nai santísima,
velaquí que veño de recibir
o teu Fillo benquerido,
ti o concebiches no teu seo inmaculado,
de ti naceu, ti o criaches,
leváchelo con agarimo nos teus brazos.
Aquí está o que coa súa presencia te alegraba
e te enchía de gozo incomparable.

Preséntocho e ofrézocho con toda a humildade e cariño,
para que o apretes nos teus brazos,
para que o acariñes no teu corazón,
para que o ofrezas á santísima Trinidade
coma culto supremo de adoración,
polo teu mesmo honor e gloria,
e polas miñas necesidades e as do mundo enteiro.

Pídoche pois, Nai piadosísima,
que me acáde-lo perdón de tódolos pecados,
unha axuda abundante para servi-lo teu Fillo
e, por último, a gracia final,
para que o poida louvar contigo
por sempre eternamente.
Amén.

# APÉNDICE VII

## TEXTOS CON MÚSICA

## I. CANTOS DO ORDINARIO DA MISA

### 1. Ritos iniciais

#### FÓRMULAS DE SAUDO

*Segunda fórmula:*



V. A gracia e maila paz de Deus, noso Pai, e de Xesucristo,



noso Señor, sexan con todos vós. R. Bendito sexa Deus,



Pai do noso Señor Xesucristo. Ou: R. E contigo tamén.

*Terceira fórmula:*



V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.

O bispo di:



V. A paz sexa convosco. R. E contigo tamén.

## 2. Oracións



O-re-mos.



A. Cadencia Mediante B. Punto

## CONCLUSIÓN

### Oración colecta

Se vai dirixida soamente ó Pai:



Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina contigo



na unidade do Espírito Santo por sempre eternamen- te.



R. A-mén.

Se vai dirixida ó Pai, facéndose nela, ó final, mención do Fillo:



Por el, noso Señor e Deus, que vive a reina contigo na unidade



do Espírito Santo por sempre eternamen- te. R. A-mén.

Se vai dirixida soamente ó Fillo:



Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai na unidade do



Espírito Santo por sempre eternamen- te. R. A-mén.

## Oracións sobre as ofrendas e de despois da comunión

Se van dirixidas soamente ó Pai:



Por Cristo, noso Señor. R. A-mén.

Se van dirixidas ó Pai, facéndose nela, ó final, mención do Fillo:



El, que vive e reina por sempre eternamen- te. R. A-mén.

Se van dirixidas soamente ó Fillo:



Ti, que vives e reinas por sempre eternamen- te. R. A-mén.

## 3. Prefacios

### Diálogo introductorio dos prefacios



V. O Señor sexa convósco. R. E contigo tamén.



V. Erguede os corazóns. R. Témolos postos no Señor.



V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. R. É digno e



de xusticia.

### PREFACIO I DO ADVENTO



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e sal-



vación darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai



santo, Deus todopoderoso e eterno, por Cristo, Señor noso.



El, cando veu por vez primeira, asumindo con humildade a



nosa condición de homes cumpriu o teu plan de salvación



e abríuno-lo camiño da vida eterna. E cando veña de novo



no esplendor da sú-a gloria recibiremos, por fin, visiblemente



os dons que agora esperamos, confiando na túa promesa.



Por iso, cos anxos e cos santos e con tódolos coros celestiais,



cantamos sen cesar o himno da tú-a gloria:

# PREFACIO I DO NADAL



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e sal-



vación darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai



santo, Deus todopoderoso e eterno. Porque gracias ó misterio



da encarnación do teu Fillo, a túa gloria iluminou cunha nova



luz os ollos da nosa fe. A-sí, coñecendo a Deus visiblemente,



somos atraídos ó amor dos bens invisibles. Por iso, cos anxos



e cos santos e con tódolos coros celestiais, cantamos sen cesar



o himno da tú-a gloria:

## PREFACIO I DA CORESMA





e con tódolos coros celestiais, cantamos sen cesar o himno da



tú-a gloria:

## PREFACIO PASCUAL I



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e salva-



ción glorificarte sempre, Señor, pero máis ca nunca nesta noite (neste día) (neste tempo)



en que Cristo foi inmolado como o noso sacrificio pascual.



El é o Año verdadeiro que arrincou o pecado do mundo.



El é o que morrendo destruíu a nosa morte. El é o que resuci-



tando restaurou a nosa vida. Por iso, cheo de gozo pascual,



o mundo enteiro reborda de alegrí-a, e tamén os coros celestiais



cantan sen cesar o himno da tú-a gloria:

## PREFACIO I DOMINICAL DO TEMPO ORDINARIO



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e sal-



vación darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai san-



to, Deus todopoderoso e eterno, por Cristo, Señor noso. Pola



obra admirable do misterio pascual librounos do pecado e do



xugo da morte, chamounos á gloria de sermos unha familia es-



colleita, un sacerdocio re-al, unha nación santa, un pobo da tú-a



propiedade. A-sí anunciaremos ó mundo as maravillas que



fixeches ti, Pai, que nos sacaches da escuridade para nos levar



ó esplendor da tú-a luz. Por iso, cos anxos e cos arcanxos e con



tódolos coros celestiais, cantamos sen cesar o himno da tú-a gloria:

## PREFACIO I DE SANTA MARÍA VIRXE



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e salva-



ción darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai santo,



Deus todopoderoso e eterno. Louvámoste, bendicímoste e glo-



rificámoste na *** da benaventurada sempre Virxe Marí- a.



Por obra do Espírito Santo ela concebiu o teu único Fillo e, sen



perde-la gloria da virxinidade, trouxo ó mundo a luz eterna:



Xesucristo, Señor noso. Por el, os anxos e os santos e tódolos



coros celestiais celebran xuntos a túa gloria, con unánime



alegrí-a. Permítenos asociarnos ás sú-as voces, cantando



humildemente a tú-a louvanza:

## PREFACIO I DOS SANTOS



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e salva-



ción darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai santo,



Deus todopoderoso e eterno. A asamblea dos santos celebra a



tú-a gloria. Coroando os seus méritos, coroáche-los teus pro-



pios dons. Nas sú-as vidas, ofrécesnos un exemplo; na súa co-



munión, unha familia; na súa intercesión, unha axuda.



O seu testemuño fortalécenos para afrontármo-lo combate da fe,



e recibir con eles a coro-a da gloria. Por Cristo, Señor noso.



Por iso, cos anxos e cos arcanxos e con tódolos santos do ceo,



cantámosche sen cesar o himno de louvanza:

## PREFACIO I DE DEFUNTOS



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e sal-



vación darche gracias sempre e en todo lugar, Señor, Pai san-



to, Deus todopoderoso e eterno, por Cristo, Señor noso. Nel



resplandece a esperanza da nosa feliz resurrección. Así, se nos



angustia a certeza da nosa morte, consólano-la promesa da futu-



ra inmortalidade. Porque a morte, Señor, non destrúe a vida dos



que cren en ti, senón que a transforma. E ó desfacérno-la morada



da nosa vida na terra, xa nos agarda unha mansión eterna no



ce-o. Por iso, cos anxos e cos santos e con tódolos coros celes-



tiais, cantamos sen cesar o himno da tú-a gloria:

## 4. Pregarias eucarísticas

### PREGARIA EUCARÍSTICA I (Canon romano)

Consagración



Bendice e acepta, Pai, esta ofrenda, faina perfecta e digna de ti,



para que se nos converta no Corpo e no Sangue do teu Fillo ben-



querido, Xesucristo, noso Señor. El, na noite antes da súa pai-



xón, colleu o pan nas súas santas e venerables mans, ergueu os



ollos ó ce-o, cara a ti, Deus, o seu Pai todopoderoso, deuche



gracias, rezou a bendición, partiuno e déullelo ós seus discípu-



los, mentres dicí-a: Tomade e comede to-dos del, pois isto é o



meu Corpo que se vai entregar por vós. De igual modo, ó final da



ce-a, tomou tamén este cáliz glorioso nas súas santas e venerables



mans, deuche gracias de novo, rezou a bendición, e pasóullelo ós



seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e bebede to- dos del,



pois este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e e-



terna, que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o



perdón dos pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote eclesiástico o pobre o cálix, difícil logo no corporal e adórno, facendo satisfacción. Despois canta:



Notaqui o misterio da nova fe.

Ei o pobre prosigue, aclamando:



Anunciámo-la tá-a morte, proclamámo-la tá-a resurrección:



¡Fea, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cálix,



anunciámo-la tá-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Salvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos libertaches



pela tá-a morte e resurrección.



Por iso, Señor, nós os teus ministros, e o teu pobo santo,



celebrámo-lo memorial de Cristo, teu Fillo e Señor noso:



recordámo-la súa santa paixón, a súa resurrección da morte



e a súa gloriosa ascensión ó ce-o. Dos mesmos dons que nos deches



ofrecémosche a ti, Deus de gloria e maxestade, o sacrificio puro,



santo e inmaculado: o pan da vida eterna e o cáliz da salvación



perpetua. Mira con agrado esta ofrenda e acéptaa con be-



nevolencia, como aceptáche-los presentes de Abel, o xusto,



o sacrificio de Abrahán, o noso pai na fe, e a oblación santa e



pura que che ofreceu o teu sumo sacerdote Melquisedec. Pe-



dímosche humildemente, Deus todopoderoso, que o teu santo



anxo leve esta ofrenda ó teu altar do ce-o, á presencia da túa



maxestade divina. Fai que cantos recibimos neste altar o sacro-



santo Corpo e Sangue do teu Fillo recibamos tamén e plenitude



da túa gracia e bendición. (Por Cristo, noso Señor. Amén.)

## PREGARIA EUCARÍSTICA II

### Prefacio



V. O Señor sexa convósco. R. E contigo tamén.



V. Erguede os corazóns. R. Témolos postos no Señor.



V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. R. É digno e



de xusticia.



Verdadeiramente é digno e de xusticia, é o noso deber e sal-



vación darche gracias sempre e en todo lugar, a ti, Pai santo,



Deus todopoderoso e eterno, por Xesucristo, o teu Fillo ben-



querido. El é a túa Palabra, por ela creaches tódalas cousas.



El é quen ti nos mandaches como Salvador e Redentor noso.



Por obra do Espíritu Santo, fíxose home e naceu da Virxe Marí-a.



Para cumpri-la túa vontade e adquirir para ti un pobo santo,



extendeu os brazos e morreu na cruz. Así destruíu o poder da



morte e manifestou a victoria da resurreción. Por iso, cos anxos e



cos santos, proclamámo-la túa gloria, dicindo todos xuntos:

## Consagración



El, ó irse entregar voluntariamente á paixón, colleu o pan e deu



gracias, partiuno e déullelo ós seus discípulos, mentres dicí-a:



Tomade e comede to- dos del, pois isto é o meu Corpo que se



vai entregar por vós.



De igual modo, ó final da ce-a, tomou o cáliz, deu gracias e pa-



sóullelo ós seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e bebede



to- dos del, pois este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alian-



za nova e eterna, que se vai verter por vós e por tódolos homes,



para o perdón dos pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Celebrando agora, Señor, o memorial da morte e resurrección do



teu Fillo, ofrecémosche o pan da vida e o cáliz da salvación.



Dámosche gracias, poque nos fixeches merecentes de estar na



túa presencia e de servirte.

# PREGARIA EUCARÍSTICA III

## Consagración



El, na noite en que foi entregado, colleu o pan, e dándoche gracias,



rezou a bendición, partiuno e déullelo ós seus discípulos, mentres



dicí-a: Tomade e comede to- dos del, pois isto é o meu Corpo



que se vai entregar por vós. De igual modo, ó final da ce-a,



tomou o cáliz, e dándoche gracias, rezou a bendición, e pasóullelo



ós seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e bebede to- dos del,



pois este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e



eterna, que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o per-



dón dos pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Por iso, Señor, celebrámo-lo memorial de paixón salvadora do



teu Fillo, da súa resurrección gloriosa e da súa ascensión ó ce-o,



e agardamos tamén o seu advenimento glorioso. Por iso che ofre-



cemos, en acción de gracias, este sacrificio de vida e santidade.

## PREGARIA EUCARÍSTICA IV

### Prefacio



V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.



V. Erguede os corazóns. R. Témolos postos no Señor.



V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. R. É digno e



de xusticia.



Verdadeiramente é digno darche gracias, Pai santo, verdadei-



ramente é de xusticia glorificarte. Porque ti e-lo único Deus



vivo e verdadeiro. Ti existes desde sempre e vives para sempre.



Ti moras nunha luz inalcanzable. Deus único da bondade e fonte



da vida, ti creaches tódalas cousas para enchelas de bendicións



e alegralas co esplendor da tú-a luz. Ante ti están os coros innu-



merables dos anxos que te serven noite e dí-a, contemplan a



gloria do teu rostro e te glorifican sen cesar. Con eles tamén



nós, e pola nosa voz a creación enteira, aclamámo-lo teu nome,



cantando con alegrí-a:

## Consagración (ton A)



Pois el, que amou sempre ós seus que estaban no mundo,



cando lle chegou a hora de ser glorificado por ti, Pai santo,



demostroulles que o seu amor non tiña límites. Cando ceaba



con eles colleu o pan e rezou a bendición, partiuno e déullelo



ós seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e comede to- dos del,



pois isto é o meu Corpo que se vai entregar por vós. De igual



modo, tomou o cáliz con viño, deu gracias e pasóullelo ós seus



discípulos, mentres dicí-a: Tomade e bebede to-dos del, pois este



é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e eterna,



que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o perdón



dos pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Por iso, Señor, celebramos agora o memorial de nosa reden-



ción. Lembrámo-la morte de Cristo e o seu descenso ó mundo



dos mortos. Proclamámo-la súa resurrección e ascensión á túa de-



reita. E mentres esperámo-la súa volta gloriosa, ofrecémos-



che o seu Corpo e o seu Sangue, o sacrificio que che agrada a ti



e que salva a todo o mundo.

## Consagración (ton B)



Pois el, que amou sempre ós seus que estaban no mundo, can-



do lle chegou a hora de ser glorificado por ti, Pai santo,



demostroulles que o seu amor non tiña límites. Cando ceaba con



eles colleu o pan e rezou a bendición, partiuno e déullelo ós



seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e comede todos del,



pois isto é o meu Cor- po que se vai entregar por vós. De igual



modo, tomou o cáliz con viño, deu gra- cias e pasóullelo ós



seus discípulos, mentres dicí- a: Tomade e bebede todos del, pois



este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e eterna,



que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o perdón dos



pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo ó cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Por iso, Señor, celebramos agora o memorial de nosa reden-



ción. Lembrámo-la morte de Cristo e o seu descenso ó mundo



dos mortos. Proclamámo-la súa resurrección e ascensión á tú-a



dereita. E mentres esperámo-la súa volta gloriosa, ofrecémos-



che o seu Corpo e o seu Sangue, o sacrificio que che agrada a ti



e que salva a todo o mundo.

## PREGARIA EUCARÍSTICA PARA A RECONCILIACIÓN I

### Consagración



Pero, antes de que os seus brazos extendidos entre o ceo e a



terra trazasen o sinal indeleble de túa alianza, quixo celebra-la



Pascua cos seus discípulos. Sentado con eles na mesa, colleu



pan, dándoche as gracias, bendiciute, partiuno e déullelo, mentres



dicí-a: Tomade e comede to- dos del, pois isto é o meu Corpo



que se vai entregar por vós. Dun xeito semellante, despois de cear,



decatándose de que tódalas cousas haberían de se reconciliar



nel polo seu Sangue derramado na cruz, colleu o cáliz, cheo do



froito da vide, deuche as grácias outra vez, e pasóullelo ós seus



amigos, mentres dicí-a: Tomade e bebede to- dos del, pois



este é o cáliz do meu Sangue, o Sangue da alianza nova e eterna,



que se vai verter por vós e por tódolos homes, para o perdón



dos pecados. Facede isto en memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Asi pois, ó celebrármo-lo memorial de Xesucrito, a nosa Pascua



e a nosa paz definitiva, e ó celebrármo-la súa morte e resurrección,



coa esperanza do día da súa volta, ofrecémosche a ti, Deus verda-



deiramente fiel, a hostia que reconcilia os homes na tú- a gracia.

## PREGARIA EUCARÍSTICA PARA A RECONCILIACIÓN II

### Consagración



Porque el, cando ía da-la vida para nos liberar, sentouse á mesa,



colleu pan nas súas mans, e, dándoche gracias, bendiciuno, partiu-



no e déullelo ós seus discípulos, mentres dicí-a: Tomade e comede



to- dos del, pois isto é o meu Corpo que se vai entregar por vós.



Dun xeito semellante, aquela tarde, colleu o cáliz, manifestando



a túa misericordia, pasóullelo ós seus discípulos, mentres dicí-a:



Tomade e bebede to- dos del, pois este é o cáliz do meu Sangue,



o Sangue da alianza nova e eterna, que se vai verter por vós e por



tódolos homes, para o perdón dos pecados. Facede isto en



memoria de min.

O sacerdote móstralle ó pobo o cáliz, déixao logo no corporal e adórao, facendo xenuflexión. Despois canta:



Velaquí o misterio da nosa fe.

E o pobo prosegue, aclamando:



Anunciámo-la tú-a morte, proclamámo-la tú-a resurrección:



¡Ven, Señor Xesús!

Ou:



Cada vez que comemos deste pan e bebemos deste cáliz,



anunciámo-la tú-a morte, Señor, esperando ata que volvas.

Ou:



Sálvanos, Señor, Salvador do mun- do, ti que nos liberaches



pola tú-a morte e resurrección.



Señor, noso Deus, o teu Fillo deixounos esta prenda do teu amor,



por iso ó celebrármo-la memoria da súa morte e resurrección,



ofrecémosche o que ti nos deches: o sacrificio dunha reconcilia-



ción perfecta.

# II. CANTOS DAS CELEBRACIÓNS DO TRIDUO PASCUAL

## 1. Venres santo

### PREGARIA UNIVERSAL

Exhortación ou monición na que se expresa a intención de cada unha das oracións:

I. Pola santa Igrexa



Oremos, irmáns benqueridos, pola santa Igrexa de Deus: que



Deus, noso Señor, lle dea a paz e a unidade, e a protexa en toda



a terra; e que nos conceda a nós unha vida serena e tranquila,



para que lle deamos gloria a el, noso Deus e Pai omnipotente.

II. Polo Papa



Oremos tamén polo noso santo Pai, o Papa N. : que Deus,



noso Señor, que o elevou á orde episcopal, o conserve san e salvo



na súa Igrexa, para goberna-lo pobo santo de Deus.

## III. Polo clero e polos fieis



Oremos tamén polo noso Bispo N. , por tódolos bispos,



sacerdotes e diáconos da Igrexa, por tódolos que exercen algún



ministerio e por todo o pobo de Deus.

## IV. Polos catecúmenos



Oremos tamén polos (nosos) catecúmenos: que o noso Deus e



Señor ilumine os seus corazóns e os acolla na súa miseri-



cordia. Que pola auga do bautismo reciban o perdón dos seus



pecados e sexan incorporados a Cristo, noso Señor.

## V. Pola unidade dos cristiáns



Oremos tamén por tódolos irmáns que cren en Cristo: que o noso



Deus e Señor faga que vivan na verdade, os garde sempre e os



reúna na sú-a única Igrexa.

## VI. Polos xudeus



Oremos tamén polos xudeus, os primeiros a quen falou o noso



Deus e Señor: que os a-xude a avanzar no amor do seu nome e



na fidelidade á sú-a alianza.

## VII. Polos que non cren en Cristo



Oremos tamén polos que non cren en Cristo: que, iluminados



pola luz do Espírito Santo, tamén eles poidan entrar no camiño



da salvación.

## VIII. Polos que non cren en Deus



Oremos tamén polos que non recoñecen a Deus: que, vivindo



con rectitude e sinceridade, logren encontra-lo Deus verdadeiro.

## IX. Polos gobernantes



Oremos tamén por tódolos gobernantes: que o noso Deus e Se-



ñor lles guíe o pensamento e o corazón na busca da paz e da liber-



dade verdadeira.

## X. Polos que padecen necesidade



Oremos, benqueridos irmáns, polos que padecen necesidade: que



Deus todopoderoso libre o mundo de toda falsidade, aparte a



enfermidade, arrede a fame, abra os cárceres, rompa as cadeas,



protexa os camiñantes, devolva a súa terra os que están fóra, lles



conceda a saúde ós enfermos e lles dea a salvación ós moribundos.

## 2. Vixilia pascual

### PREGÓN PASCUAL (FORMA LONGA)





invocade xuntos comi- go a bondade de Deus omnipo-



ten- te: El, que a min sen méritos propios me chamou



ó ministerio dos diá- conos, e-le- ve a miña voz para canta-la



louvanza deste resplandecente ci- rio).



(V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.)



V. Erguede os corazóns. R. Témolos postos no Señor.



V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. R. É digno e



de xusticia.



Verdadeiramente é digno e de xusticia cantarlles a ple- na



voz e de todo corazón ó Deus invisible, ó Pai omnipoten- te,



e ó seu Fillo unixénito, Xesucristo, Se- ñor no- so. El



sal-dou as débedas de Adán e borrou co seu sangue a no-



sa cul- pa. Porque es- ta é a festa da Pas- cua na



que se inmola o Año ver- dadei- ro que co seu sangue



consagrou as casas dos fieis. Es- ta é a noi- te



na que sacaches de Exipto os nosos pais a pé enxoi- to



po- lo mar. Es- ta é a noi- te na que a columna de



lu- me venceu as tebras do peca- do. Es- ta é a noi- te


na que en todo o mundo os que cren en Cris- to son
liberados dos vicios e da escuridade dos peca- dos, volven
á gracia e renacen á santida- de. Es- ta é a noi- te
na que, rotas as cadeas da mor- te, Cristo ascende vic-
torio- so do abis- mo. ¿De que nos valerí-a na- cer,
se non viñese o Re- dentor? ¡Que admira- ble
a tú-a pie- dade connos- co! ¡Que inmenso o agarimo do
teu amor! ¡Para salva-lo escravo, entregá- che- lo Fi- llo!
Compría de certo o pecado de Adán que nos habí-a traer



tal re- dención. ¡Oh culpa dito- sa, que tal Re-dentor



nos me- receu! ¡Oh noite bendi- ta, que ela sola



mereceu coñece-lo intre glorio- so en que o Señor resucitou



do sepul- cro! Esta é a noite da que está escri- to: «A noite



brillará coma o dí- a, e-la será luz para o meu go- zo.»



A forza desta noite san- ta esco- rren- ta o cri-me e lava



a cul- pa, devolve a inocencia ós pecado- res e ós tris-



tes a a- legrí- a, a- rreda o o- dio e tra-e a con- cor- dia:



e-la humi- lla a tiraní- a. A- sí pois, nesta noite de gracia,


recibe, Pai santo, o sacrificio da no- sa louvan- za, o cirio
solemne, o-bra das a-bellas, que por man dos seus minis-
tros alegre che ofre- ce a tú- a Igre- xa. Agradecémo-lo
misterio deste ci- rio, clara columna en hon- ra do Altí-
simo: lume que, repartido en- tre to- dos, se conserva entei-
ro no seu res- plandor, e arde pola cera que a nai abe-
lla formou para alimento precioso des- ta lám- pada.
¡Oh noite bendita, na que se xunta o ceo co-a te- rra,
na que Deus sa-e ó encon- tro do ho- me! Por iso, Señor,


che rogamos que este cirio consagrado en honra do teu no-
me arda sen parar para destruí-la escuridade da noi- te.
Acéptao coma ofrenda agradable; pono entre as estre- las do
ce- o. Que o atope arden- do o luceiro da mañá,
aquel luceiro que non coñece o-caso, Cris- to Xesús,
teu Fillo, que, resucitando da morte, i- luminou o xé-
ne- ro huma- no. El, que vi- ve e rei- na por sempre
e - ter- namen- te. R. A-mén.

## PREGÓN PASCUAL (FORMA REDUCIDA)



Exul- ten os coros dos an-xos, relouquen os poderes do ce-



o: reso- en trompetas de victo- ria po- lo triunfo de tan gran-



de Rei. Goce tamén a terra, ba- ñada de tan- to esplendor;



que o mundo enteiro se ilumi- ne venci- das as te-



bras po- la luz do Rei eter- no. Alé- grese tamén a Igre-



xa, nosa nai, radiante polo fulgor desta luz: reso-e o no- so



tem- plo co aturuxo de tódolos po- bos.



(V. O Señor sexa convosco. R. E contigo tamén.)



V. Erguede os corazóns. R. Témolos postos no Señor.



V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus. R. É digno e



de xusticia.



Verdadeiramente é digno e de xusticia cantarlles a plena voz



e de todo corazón ó Deus invisible, o Pai omnipotente, e ó seu



Fillo unixénito, Xesucristo, Señor noso. El saldou as débe-



das de Adán e borrou co seu sangue a nosa culpa. Porque



esta é a festa Pascua na que se inmola o Año verdadeiro



que co seu sangue consagrou as casas dos fieis. Esta é a noite



na que sacaches de Exipto os nosos pais a pé enxoito polo mar.



Esta é a noite na que a columna de lume venceu as tebras



do pecado. Esta é a noite na que en todo o mundo os que cren



en Cristo son liberados dos vicios e da escuridade dos



pecados, volven á gracia e renacen á santidade. Esta é a noi-



te na que, rotas as cadeas da morte, Cristo ascende victo-



rioso do abismo. ¡Que admirable a túa piedade connosco!



¡Que inmenso o agarimo do teu amor! ¡Para salva-lo escravo,



entregáche-lo Fillo! Compría de certo o pecado de Adán



que nos había traer tal redención. ¡Oh culpa ditosa, que



tal Redentor nos mereceu! A forza desta noite santa escorrenta



o crime e lava a culpa, devolve a inocencia ós pecadores



e ós tristes a alegrí-a. ¡Oh noite bendita, na que se xunta



o ceo co-a terra, na que Deus sa-e ó encontro do home! A-sí



pois, nesta noite de gracia, recibe, Pai santo, o sacrificio da nosa



louvanza, o cirio solemne, obra das abellas, que por man dos



seus ministros alegre che ofrece a tú-a Igrexa. Por iso, Señor,



che rogamos que este cirio consagrado en honra do teu nome



arda sen parar para destru-í-la escuridade da noite. Acéptao



coma ofrenda agradable; pono entre as estrelas do ce-o. Que o a-



tope ardendo o luceiro da mañá, aquel luceiro que non coñece



ocaso, Cristo Xesús, teu Fillo, que, resucitando da morte,



iluminou o xénero humano. El, que vive e reina por sempre



eternamente. R. Amén.

## BENDICIÓN DA AUGA



Deus, noso Pai, co teu amor invisible ti realizas por medio dos



signos sacramentais a obra admirable da salvación, é ó longo da



historia fuches facendo da au-ga un rico símbolo que mostrase a



gracia do bautismo. Desde o comezo do mundo o teu Espírito



pairaba sobre as augas, para que xa entón recibisen como en



xerme o poder de santificar. Nas propias augas do diluvio deches



unha imaxe do bautismo, para que no seu simbolismo miste-



rioso unha mesma auga aparecese como fin do pecado e orixe da



nova vida. No mar Vermello fixeches pasar os fillos de Abrahán



a pé enxoito, para que aquel pobo liberado da escravitude



do Faraón fose unha imaxe profética da comunidade dos



bautizados. O teu Fillo, bautizado no Xordán polo Bautista,



foi unxido polo Espírito Santo. Cravado na Cruz, deitou do seu



costado auga e sangue. Despois da súa resurrección, mandou-



lles ós seus discípulos: «I-de e anunciade o evanxelio a tódolos



homes, e bautizádeos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito



Santo.» Así pois, noso Pai, mira agora con amor a túa Igrexa



e fai nacer dela a fonte do bautismo. Que o Espírito Santo



infunda nesta auga a gracia do teu Fillo único, para que o



home, creado á túa imaxe e lavado de toda mancha de pecado,



poida renacer coma unha nova creatura pola auga e polo Espí-



rito Santo.

Metendo, se parece oportuno, o cirio pascual na auga por unha ou tres veces, continúa:



Señor, que por medio do teu Fillo descenda sobre as augas desta



fonte a forza do Espírito Santo.

E mantendo o cirio na auga, continúa:



Fai que, cantos polo bautismo sexan sepultados na morte con



Cristo, resuciten tamén con el á vida eterna. Por Cristo, noso



Señor. R. Amén.

Despois tírase o cirio da auga, mentres o pobo fai esta aclamación:



Fontes de auga, bendicide o Señor, louvádeo e exaltádeo por



sempre.

# APÉNDICE VII

## APPENDIX MISSALIS ROMANI

### MISSAE PRO SACERDOTIBUS QUI ALIAM MISSAM ELIGERE NON POSSUNT

1. Missae quae in hac Appendice inveniuntur sumi possunt quoties sacerdos non habet textum Missae diei sive in lingua latina, sive in alia lingua qua commode celebrare possit.

2. Ex his Missis sacerdos, quantum fieri potest, illam eligat quae diei vel tempori liturgico magis respondeat.

Missa tamen defunctorum adhibeatur iuxta normas de Missis defunctorum celebrandis.

SACRA CONGREGATIO
PRO CULTU DIVINO

Prot. n. 1560/69 E Civitate Vaticana, die 10-XI-1969.

Excellentissime Domine,

Cum nonnullae Conferentiae Episcopales, de novis editionibus Missalis Romani cum textu lingua vernacula exarato curantes, quaesierint num interpretationi populari textus latinus esset praeceptive addendus, Sacra haec Congregatio, re attente perpensa, ea quae sequuntur, approbante Summo Pontifice, statuit:

1. In editionibus Missalis Romani usui liturgico destinatis, quae textum popularem exhibent, textus latinus non erit necessario imprimendus.

2. Ad faciliorem autem reddendam celebrationem sacerdotibus qui linguam loci ignorant, loco aptiore (ex. gr. in Appendice) omnia Missalia cum textu populari *exhibeant oportet lingua latina:*

*a)* Integrum Ordinem Missae cum nonnullis praefationibus et quattuor Precibus Eucharisticis.

b) Quaedam formularia Missarum, quae iuxta diversitatem dierum aut temporum liturgicorum adhiberi valeant.

Textus hac ratione addendi in adnexo fasciculo continentur.

3. Curent tamen Episcopi ut in omnibus ecclesiis praesto sit exemplar Missalis Romani lingua latina; item ut in Sanctuariis facile haberi possit textus Missae propriae. [...]

Dum haec, E.me Domine, Tecum communico, gratum mihi est me profiteri

Tibi in Domino add.mum

BENNO Card. GUT
Praefectus

A. BUGNINI
a Secretis

Ad Praesides Conferentiarum Episcopalium.

# ORDO MISSAE CUM POPULO

## Ritus initiales

1. Populo congregato, sacerdos cum ministris ad altare accedit, dum cantus ad introitum peragitur.

2. Cum ad altare pervenerit, facta cum ministris debita reverentia, osculo altare veneratur et, pro opportunitate, illud incensat. Postea cum ministris sedem petit.

Cantu ad introitum absoluto, sacerdos et fideles, stantes, signant se, dum sacerdos, ad populum conversus, dicit:

In nómine Patris, et Fílii, et Spíritus Sancti.

Populus respondet:

Amen.

Deinde sacerdos, manus extendens, populum salutat, dicens:

Grátia Dómini nostri Iesu Christi,
et cáritas Dei,
et communicátio Sancti Spíritus
sit cum ómnibus vobis.

Vel:

Dóminus vobíscum.

Populus respondet:

Et cum spíritu tuo.

Episcopus, loco Dóminus vobíscum, in hac prima salutatione dicit:

Pax vobis.

3. Sacerdos, vel diaconus vel alius minister idoneus, potest brevissimis verbis introducere fideles in Missam illius diei.

Deinde sequitur actus paenitentialis. Sacerdos fideles invitat ad paenitentiam:

Fratres, agnoscámus peccáta nostra,
ut apti simus ad sacra mystéria celebránda.

Fit brevis pausa silentii. Postea omnes simul faciunt confessionem:

Confíteor Deo omnipoténti et vobis, fratres,
quia peccávi nimis
cogitatióne, verbo, ópere et omissióne:

Et, percutientes sibi pectus, dicunt:

mea culpa, mea culpa, mea máxima culpa.

Deinde prosequuntur:

Ídeo precor beátam Maríam semper Vírginem,
omnes Ángelos et Sanctos,
et vos, fratres, oráre pro me
ad Dóminum Deum nostrum.

Sequitur absolutio sacerdotis:

Misereátur nostri omnípotens Deus
et, dimíssis peccátis nostris,
perdúcat nos ad vitam aetérnam.

Populus respondet:

Amen.

Aliae formulae salutationis et actus paenitentialis ad libitum inveniuntur in fine huius Ordinarii (pp. 1246-1248).

4. Sequuntur invocationes Kýrie, eléison, nisi iam praecesserint in aliqua formula actus paenitentialis.

V. Kýrie, eléison.
R. Kýrie, eléison.

V. Christe, eléison.
R. Christe, eléison.

V. Kýrie, eléison.
R. Kýrie eléison.

5. Deinde, quando praescribitur, cantatur vel dicitur hymnus:

Glória in excélsis Deo
et in terra pax homínibus bonae voluntátis.

Laudámus te,
benedícimus te,
adorámus te,
glorificámus te,
grátias ágimus tibi propter magnam glóriam tuam,
Dómine Deus, Rex caeléstis,
Deus Pater omnípotens.
Dómine Fili unigénite, Iesu Christe,
Dómine Deus, Agnus Dei, Fílius Patris,
qui tollis peccáta mundi, miserére nobis;
qui tollis peccáta mundi, súscipe deprecatiónem nostram.
Qui sedes ad déxteram Patris, miserére nobis.
Quóniam tu solus Sanctus,
tu solus Dóminus,
tu solus Altíssimus,
Iesu Christe, cum Sancto Spíritu: in glória Dei Patris. Amen.

6. Quo hymno finito, sacerdos, manibus iunctis, dicit:

Orémus.

Et omnes una cum sacerdote per aliquod temporis spatium in silentio orant.

Tunc sacerdos, manibus extensis, dicit orationem; qua finita, populus acclamat:

Amén.

## Liturgia verbi

7. Deinde lector ad ambonem pergit, et legit primam lectionem, quam omnes sedentes auscultant.
Ad finem lectionis significandam, lector subdit:

Verbum Dómini.

Omnes acclamant:

Deo grátias.

8. Psalmista, seu cantor, psalmum dicit, populo responsum proferente.

9. Postea, si habenda sit secunda lectio, lector eam in ambone legit, ut supra.

Ad finem lectionis significandam, lector subdit:

Verbum Dómini.

Omnes acclamant:

Deo grátias.

10. Sequitur Allelúia, vel alter cantus.

11. Interim sacerdos incensum, si adhibetur, imponit. Postea diaconus, Evangelium prolaturus, ante sacerdotem inclinatus, benedictionem petit, submissa voce dicens:

Iube, domne, benedícere.

Sacerdos submissa voce dicit:

Dóminus sit in corde tuo et in lábiis tuis:
ut digne et competénter annúnties Evangélium suum:
in nómine Patris, et Fílii, ✠ et Spíritus Sancti.

Diaconus respondet:

Amen.

Si vero non adest diaconus, sacerdos ante altare inclinatus secreto dicit:

Munda cor meum ac lábia mea, omnípotens Deus,
ut sanctum Evangélium tuum digne váleam nuntiáre.

12. Postea diaconus, vel sacerdos, ad ambonem pergit, ministris pro opportunitate cum incenso et cereis eum comitantibus, et dicit:

Dóminus vobíscum.

Populus respondet:

Et cum spíritu tuo.

Diaconus, vel sacerdos:

Léctio sancti Evangélii secúndum N.

Et interim signat librum et seipsum in fronte, ore et pectore.

Populus acclamat:

Glória tibi, Dómine.

Deinde diaconus, vel sacerdos, librum, si incensum adhibetur, thurificat, et Evangelium proclamat.

13. Finito Evangelio, diaconus, vel sacerdos dicit:

Verbum Dómini.

Omnibus acclamantibus:

Laus tibi, Christe.

Deinde librum osculatur dicens secreto:

Per evangélica dicta deleántur nostra delícta.

14. Deinde fit homilia, quae habenda est omnibus diebus dominicis et festis de praecepto; aliis diebus commendatur.

15. Homilia expleta, fit, quando praescribitur, professio fidei:

Credo in unum Deum,
Patrem omnipoténtem, factórem caeli et terrae,
visibílium ómnium et invisibílium.

Et in unum Dóminum Iesum Christum,
Fílium Dei unigénitum,
et ex Patre natum ante ómnia saecula.
Deum de Deo, lumen de lúmine, Deum verum de Deo vero,
génitum, non factum, consubstantiálem Patri:
per quem ómnia facta sunt.
Qui propter nos hómines et propter nostram salútem
descéndit de caelis.

Ad verba quae sequuntur, usque ad factus est, omnes se inclinant.

Et incarnátus est de Spíritu Sancto
ex María Vírgine, et homo factus est.
Crucifíxus étiam pro nobis sub Póntio Piláto;
passus et sepúltus est,
et resurréxit tértia die, secúndum Scriptúras,
et ascéndit in caelum, sedet ad déxteram Patris.
Et íterum ventúrus est cum glória, iudicáre vivos et mórtuos,
cuius regni non erit finis.

Et in Spíritum Sanctum, Dóminum et vivificántem:
qui ex Patre Filióque procédit.
Qui cum Patre et Fílio simul adorátur et conglorificátur:
qui locútus est per prophétas.

Et unam, sanctam, cathólicam et apostólicam Ecclésiam.
Confíteor unum baptísma in remissiónem peccatórum.
Et exspécto resurrectiónem mortuórum,
et vitam ventúri saeculi. Amen.

16. Deinde fit oratio universalis, seu oratio fidelium. (cf. p. 1281).

## Liturgia eucharistica

17. His absolutis, incipit cantus ad offertorium. Interim ministri corporale, purificatorium, calicem et missale in altari collocant.

18. Expedit ut fideles participationem suam oblatione manifestent, afferendo sive panem et vinum ad Eucharistiae celebrationem, sive alia dona, quibus necessitatibus Ecclesiae et pauperum subveniatur.

19. Sacerdos, stans ad altare, accipit patenam cum pane, eamque aliquantulum elevatam super altare tenet, secreto dicens:

Benedíctus es, Dómine, Deus univérsi,
quia de tua largitáte accépimus panem,
quem tibi offérimus,
fructum terrae et óperis mánuum hóminum:
ex quo nobis fiet panis vitae.

Deinde deponit patenam cum pane super corporale.

Si vero cantus ad offertorium non peragitur, sacerdoti licet haec verba elata voce proferre; in fine populus acclamare potest:

Benedíctus Deus in saecula.

20. Diaconus, vel sacerdos, infundit vinum et parum aquae in calicem, dicens secreto:

Per huius aquae et vini mystérium
eius efficiámur divinitátis consórtes,
qui humanitátis nostrae fíeri dignátus est párticeps.

21. Postea sacerdos accipit calicem, eumque aliquantulum elevatum super altare tenet, secreto dicens:

Benedíctus es, Dómine, Deus univérsi,
quia de tua largitáte accépimus vinum,
quod tibi offérimus,
fructum vitis et óperis mánuum hóminum,
ex quo nobis fiet potus spiritális.

Deinde calicem super corporale deponit.

Si vero cantus ad offertorium non peragitur, sacerdoti licet haec verba elata voce proferre; in fine populus acclamare potest:

Benedíctus Deus in sæcula.

22. Postea sacerdos, inclinatus, dicit secreto:

In spíritu humilitátis et in ánimo contríto
suscipiámur a te, Dómine;
et sic fiat sacrifícium nostrum in conspéctu tuo hódie,
ut pláceat tibi, Dómine Deus.

23. Et, pro opportunitate, incensat oblata et altare. Postea vero diaconus vel minister incensat sacerdotem et populum.

24. Deinde sacerdos, stans ad latus altaris, lavat manus, dicens secreto:

Lava me, Dómine, ab iniquitáte mea,
et a peccáto meo munda me.

25. Stans postea in medio altaris, versus ad populum, extendens et iungens manus, dicit:

Oráte, fratres:
ut meum ac vestrum sacrifícium
acceptábile fiat apud Deum Patrem omnipoténtem.

Populus respondet:

Suscípiat Dóminus sacrifícium de mánibus tuis
ad laudem et glóriam nóminis sui,
ad utilitátem quoque nostram
totiúsque Ecclésiae suae sanctae.

26. Deinde, manibus extensis, sacerdos dicit orationem super oblata; qua finita, populus acclamat:

Amen.

## PREX EUCHARISTICA

27. Tunc sacerdos incipit Precem eucharisticam. Manus extendens, dicit:

Dóminus vobíscum.

Populus respondet:

Et cum spíritu tuo.

Sacerdos, manus elevans, prosequitur:

Sursum corda.

Populus:

Habémus ad Dóminum.

Sacerdos, manibus extensis, subdit:

Grátias agámus Dómino Deo nostro.

Populus:

Dignum et iustum est.

Sacerdos prosequitur praefationem manibus extensis.

In fine autem praefationis iungit manus et, una cum populo, ipsam praefationem concludit, cantans vel clara voce dicens:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

28. In omnibus Missis licet sacerdoti celebranti illas partes Precis eucharisticae cantare, quae in Missis concelebratis cantari possunt.

In Prece eucharistica prima, seu Canone Romano, ea quae inter uncos includuntur omitti possunt.

# PRAEFATIONES

## I

### 29. DE MYSTERIO PASCHALI ET DE POPULO DEI

V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.

V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum et iustum est, aequum et salutáre,
nos tibi semper et ubíque grátias ágere:
Dómine, sancte Pater, omnípotens aetérne Deus:
per Christum Dóminum nostrum.

Cuius hoc miríficum fuit opus per paschále mystérium,
ut de peccáto et mortis iugo ad hanc glóriam vocarémur,
qua nunc genus eléctum, regále sacerdótium,
gens sancta et acquisitiónis pópulus dicerémur,
et tuas annuntiarémus ubíque virtútes,
qui nos de ténebris ad tuum admirábile lumen vocásti.

Et ídeo cum Ángelis et Archángelis,
cum Thronis et Dominatiónibus,
cumque omni milítia caeléstis exércitus,
hymnum glóriae tuae cánimus,
sine fine dicéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

## II

### 30. DE MYSTERIO SALUTIS

V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.

V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum et iustum est, aequum et salutáre,
nos tibi semper et ubíque grátias ágere:
Dómine, sancte Pater, omnípotens aetérne Deus:
per Christum Dóminum nostrum.

Qui, humánis miserátus erróribus,
de Vírgine nasci dignátus est.
Qui, crucem passus, a perpétua morte nos liberávit
et, a mórtuis resúrgens, vitam nobis donávit aetérnam.

Et ídeo cum Ángelis et Archángelis,
cum Thronis et Dominatiónibus,
cumque omni milítia caeléstis exércitus,
hymnum glóriae tuae cánimus,
sine fine dicéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

## III

### 31. De universali restauratione in Christo

V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.

V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum et iustum est, aequum et salutáre,
nos tibi semper et ubíque grátias ágere:
Dómine, sancte Pater, omnípotens aetérne Deus:
per Christum Dóminum nostrum.

In quo ómnia instauráre tibi complácuit,
et de plenitúdine eius nos omnes accípere tribuísti.
Cum enim in forma Dei esset, exinanívit semetípsum,
ac per sánguinem crucis suae pacificávit univérsa;
unde exaltátus est super ómnia
et ómnibus obtemperántibus sibi
factus est causa salútis aetérnae.

Et ídeo com Ángelis et Archángelis,
cum Thronis et Dominatiónibus,
cumque omni milítia caeléstis exércitus,
hymnum glóriae tuae cánimus,
sine fine dicéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

## IV

32. DE SALUTE PER CHRISTUM

V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.

V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum et iustum est, aequum et salutáre,
nos tibi semper et ubíque grátias ágere:
Dómine, sancte Pater, omnípotens aetérne Deus:

Qui bonitáte hóminem condidísti,
ac iustítia damnátum misericórdia redemísti:
per Christum Dóminum nostrum.

Per quem maiestátem tuam laudant Ángeli,
adórant Dominatiónes, tremunt Potestátes.
Caeli caelorúmque Virtútes, ac beáta Séraphim,
sócia exsultatióne concélebrant.

Cum quibus et nostras voces ut admítti iúbeas, deprecámur,
súpplici confessióne dicéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

## PREX EUCHARISTICA I

### SEU CANON ROMANUS

33. Sacerdos, manibus extensis, dicit:

Te ígitur, clementíssime Pater,
per Iesum Christum, Fílium tuum, Dóminum nostrum,
súpplices rogámus ac pétimus,

Iungit manus et dicit:

uti accépta hábeas

Signat semel super panem et calicem simul, dicens:

et benedícas ✠ haec dona, haec múnera,
haec sancta sacrifícia illibáta,

Extensis manibus prosequitur:

in primis, quae tibi offérimus
pro Ecclésia tua sancta cathólica:
quam pacificáre, custodíre, adunáre
et régere dignéris toto orbe terrárum:
una cum fámulo tuo Papa nostro N.
et Antístite nostro N.

Hic fieri potest mentio de Episcopis Coadiutoribus vel Auxiliariis, ut in Institutione generali Missalis Romani, n. 109, notatur.

et ómnibus orthodóxis atque cathólicae
et apostólicae fídei cultóribus.

34. Commemoratio pro vivis.

Meménto, Dómine, famulórum famularúmque tuárum N. et N.

Iungit manus et orat aliquantulum pro quibus orare intendit.

Deinde, manibus extensis, prosequitur:

et ómnium circumstántium,
quorum tibi fides cógnita est et nota devótio,
pro quibus tibi offérimus:
vel qui tibi ófferunt hoc sacrifícium laudis,
pro se suísque ómnibus:
pro redemptióne animárum suárum,
pro spe salútis et incolumitátis suae:
tibíque reddunt vota sua
aetérno Deo, vivo et vero.

35. Infra Actionem.

Communicántes,
et memóriam venerántes,
in primis gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis Dei et Dómini nostri Iesu Christi:
† sed et beáti Ioseph, eiúsdem Vírginis Sponsi,
et beatórum Apostolórum ac Mártyrum tuórum,
Petri et Pauli, Andréae,
(Iacóbi, Ioánnis,
Thomae, Iacóbi, Philíppi,
Bartholomaei, Matthaei,
Simónis et Thaddaei:
Lini, Cleti, Cleméntis, Xysti,
Cornélii, Cypriáni,
Lauréntii, Chrysógoni,
Ioánnis et Pauli,
Cosmae et Damiáni)
et ómnium Sanctórum tuórum;
quorum méritis precibúsque concédas,
ut in ómnibus protectiónis tuae muniámur auxílio.
(Per Christum Dóminum nostrum. Amen.)

## COMMUNICANTES PROPRIA

36. In Nativitate Domini et per octavam:

Communicántes,
et (noctem sacratíssiman) diem sacratíssimun celebrántes,
(qua) quo beátae Maríae intemeráta virgínitas
huic mundo édidit Salvatórem:
sed et memóriam veneránte,
in primis eiúsdem gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis eiúsdem Dei et Dómini nostri Iesu Christi: †

37. In Epiphania Domini:

Communicántes,
et diem sacratíssimum celebrántes,
quo Unigénitus tuus,
in tua tecum glória coaetérnus,
in veritáte carnis nostrae visibíliter corporális appáruit:
sed et memóriam veneránte,
in primis gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis eiúsdem Dei et Dómini nostri Iesu Chisti: †

38. A Missa Vigiliae paschalis usque ad dominicam II Paschae:

Communicántes,
et (noctem sacratíssimam) diem sacratíssimum celebrántes
Resurrectiónis Dómini nostri Iesu Christi secúndum carnem:
sed et memóriam veneránte,
in primis gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis eiúsdem Dei et Dómini nostri Iesu Christi: †

39. In Ascensione Domini:

Communicántes,
et diem sacratíssimum celebrántes,
quo Dóminus noster,
unigénitus Fílius tuus,
unítam sibi fragilitátis nostrae substántiam
in glóriae tuae déxtera collocávit:
sed et memóriam veneránte,
in primis gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis eiúsdem Dei et Dómini nostri Iesu Christi: †

40. In dominica Pentecostes:

Communicántes,
et diem sacratíssimum Pentecóstes celebrántes,
quo Spíritus Sanctus
Apóstolis in ígneis linguis appáruit:
sed et memóriam venerántes,
in primis gloriósae semper Vírginis Maríae,
Genetrícis Dei et Dómini nostri Iesu Christi: †

---

41. Manibus extensis, prosequitur:

Hanc ígitur oblatiónem servitútis nostrae,
sed et cunctae famíliae tuae,
quaésumus, Dómine, ut placátus accípias:
diésque nostros in tua pace dispónas,
atque ab aetérna damnatióne nos éripi
et in electórum tuórum iúbeas grege numerári.

Iungit manus.

(Per Christum Dóminum nostrum. Amen.)

---

42. A Missa Vigiliae paschalis usque ad dominicam II Paschae:

Hanc ígitur oblatiónem servitútis nostrae,
sed et cunctae famíliae tuae,
quam tibi offérimus
pro his quoque, quos regeneráre dignátus es ex aqua et Spíritu Sancto,
tríbuens eis remissiónem ómnium peccatórum,
quaésumus, Dómine, ut placátus accípias:
diésque nostros in tua pace dispónas,
atque ab aetérna damnatióne nos éripi
et in electórum tuórum iúbeas grege numerári.

Iungit manus.

(Per Christum Dóminum nostrum. Amen.)

---

43. Tenens manus expansas super oblata, dicit:

Quam oblatiónem tu, Deus, in ómnibus, quaésumus,
benedíctam, adscríptam, ratam,
rationábilem, acceptabilémque fácere dignéris:
ut nobis Corpus et Sanguis fiat dilectíssimi Fílii tui,
Dómini nostri Iesu Christi.

Iungit manus.

44. In formulis quae sequuntur, verba Domini proferantur distincte et aperte, prouti natura eorundem verborum requirit.

Qui, prídie quam paterétur,

Accipit panem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accépit panem in sanctas ac venerábiles manus suas,

Elevat oculos.

et elevátis óculis in caelum
ad te Deum Patrem suum omnipoténtem,
tibi grátias agens benedíxit,
fregit,
dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET MANDUCÁTE EX HOC OMNES:
HOC EST ENIM CORPUS MEUM,
QUOD PRO VOBIS TRADÉTUR.

Hostiam consecratam ostendit populo, reponit super patenam, et genuflexus adorat.

45. Postea prosequitur:

Símili modo, postquam cenátum est,

Accipit calicem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accípiens et hunc praeclárum cálicem
in sanctas ac venerábiles manus suas,
item tibi grátias agens benedíxit,
dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET BÍBITE EX EO OMNES:
HIC EST ENIM CALIX SÁNGUINIS MEI
NOVI ET AETÉRNI TESTAMÉNTI,
QUI PRO VOBIS ET PRO MULTIS EFFUNDÉTUR
IN REMISSIÓNEM PECCATÓRUM.

HOC FÁCITE IN MEAM COMMEMORATIÓNEM.

Calicem ostendit populo, deponit super corporale, et genuflexus adorat.

46. Deinde dicit:

Mystérium fídei.

Et populus prosequitur, acclamans:

Mortem tuam annuntiámus, Dómine,
et tuam resurrectiónem confitémur, donec vénias.

Aliae acclamationes, p. 1248.

47. Postea, extensis manibus, sacerdos dicit:

Unde et mémores, Dómine,
nos servi tui,
sed et plebs tua sancta,
eiúsdem Christi, Fílii tui, Dómini nostri,
tam beátae passiónis,
necnon et ab ínferis resurrectiónis,
sed et in caelos gloriósae ascensiónis:
offérimus praeclárae maiestáti tuae
de tuis donis ac datis
hóstiam puram,
hóstiam sanctam,
hóstiam immaculátam,
Panem sanctum vitae aetérnae
et Cálicem salútis perpétuae.

48. Supra quae propítio ac seréno vultu
respícere dignéris:
et accépta habére,

sícuti accépta habére dignátus es
múnera púeri tui iusti Abel,
et sacrifícium Patriárchae nostri Ábrahae,
et quod tibi óbtulit summus sacérdos tuus Melchísedech,
sanctum sacrifícium, immaculátam hóstiam.

49. Inclinatus, iunctis manibus, prosequitur:

Súpplices te rogámus, omnípotens Deus:
iube haec perférri per manus sancti Ángeli tui
in sublíme altáre tuum,
in conspéctu divínae maiestátis tuae;
ut, quotquot ex hac altáris participatióne
sacrosánctum Fílii tui Corpus et Sánguinem sumpsérimus,

Erigit se atque seipsum signat, dicens:

omni benedictióne caelésti et grátia repleámur.

Iungit manus.

(Per Christum Dóminum nostrum. Amen.)

50. Commemoratio pro defunctis.

Manibus extensis, dicit:

Meménto étiam, Dómine,
famulórum famularúmque tuárum N. et N.,
qui nos praecessérunt cum signo fídei,
et dórmiunt in somno pacis.

Iungit manus et orat aliquantulum pro iis defunctis, pro quibus orare intendit.

Deinde, extensis manibus, prosequitur:

Ipsis, Dómine, et ómnibus in Christo quiescéntibus,
locum refrigérii, lucis et pacis,
ut indúlgeas, deprecámur.

Iungit manus.

(Per Christum Dóminum nostrum. Amen.)

51. Manu dextera percutit sibi pectus, dicens:

Nobis quoque peccatóribus fámulis tuis,

Et extensis manibus prosequitur:

de multitúdine miseratiónum tuárum sperántibus,
partem áliquam et societátem donáre dignéris
cum tuis sanctis Apóstolis et Martýribus:
cum Ioánne, Stéphano,
Matthía, Bárnaba,
(Ignátio, Alexándro,
Marcellíno, Petro,
Felicitáte, Perpétua,
Ágatha, Lúcia,
Agnéte, Caecília, Anastásia)
et ómnibus Sanctis tuis:
intra quorum nos consórtium,
non aestimátor mériti, sed véniae,
quaésumus, largítor admítte.

Iungit manus.

Per Christum Dóminum nostrum.

52. Et prosequitur:

Per quem haec ómnia, Dómine,
semper bona creas, sanctíficas, vivíficas, benedícis,
et praestas nobis.

53. Accipit patenam cum hostia et calicem, et utrumque elevans, dicit:

Per ipsum, et cum ipso, et in ipso,
est tibi Deo Patri omnipoténti,
in unitáte Spíritus Sancti,
omnis honor et glória
per ómnia saécula saeculórum.

Populus acclamat:

Amen.

Deinde sequitur ritus communionis, p. 1241.

## PREX EUCHARISTICA II

54. V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.

V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum et iustum est, aequum et salutáre,
nos tibi, sancte Pater, semper et ubíque grátias ágere
per Fílium dilectiónis tuae Iesum Christum,
Verbum tuum per quod cuncta fecísti;
quem misísti nobis Salvatórem et Redemptórem,
incarnátum de Spíritu Sancto et ex Vírgine natum.

Qui voluntátem tuam adímplens
et pópulum tibi sanctum acquírens
exténdit manus cum paterétur,
ut mortem sólveret et resurrectiónem manifestáret.

Et ídeo cum Ángelis et ómnibus Sanctis
glóriam tuam praedicámus, una voce dicéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

55. Sacerdos, manibus extensis, dicit:

Vere Sanctus es, Dómine, fons omnis sanctitátis.

56. Iungit manus, easque expansas super oblata tenens, dicit:

Haec ergo dona, quaésumus, Spíritus tui rore sanctífica,

Iungit manus et signat semel super panem et calicem simul, dicens:

ut nobis Corpus et ✠ Sanguis fiant
Dómini nostri Iesu Christi.

57. In formulis quae sequuntur, verba Domini proferantur distincte et aperte, prouti natura eorundem verborum requirit.

Qui cum Passióni voluntárie traderétur,

Accipit panem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accépit panem et grátias agens fregit,
dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET MANDUCÁTE EX HOC OMNES:
HOC EST ENIM CORPUS MEUM,
QUOD PRO VOBIS TRADÉTUR.

Hostiam consecratam ostendit populo, reponit super patenam, et genuflexus adorat.

58. Postea prosequitur:

Símili modo, postquam cenátum est,

Accipit calicem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accípiens et cálicem,
íterum grátias agens dedit discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET BÍBITE EX EO OMNES:
HIC EST ENIM CALIX SÁNGUINIS MEI
NOVI ET AETÉRNI TESTAMÉNTI,
QUI PRO VOBIS ET PRO MULTIS EFFUNDÉTUR
IN REMISSIÓNEM PECCATÓRUM.

HOC FÁCITE IN MEAM COMMEMORATIÓNEM.

Calicem ostendit populo, deponit super corporale, et genuflexus adorat.

59. Deinde dicit:

Mystérium fídei.

Et populus prosequitur, acclamans:

Mortem tuam annuntiámus, Dómine,
et tuam resurrectiónem confitémur, donec vénias.

Aliae acclamationes, p. 1248.

60. Deinde sacerdos, extensis manibus, dicit:

Mémores ígitur mortis et resurrectiónis eius,
tibi, Dómine, panem vitae
et cálicem salútis offérimus,
grátias agéntes quia nos dignos habuísti
astáre coram te et tibi ministráre.

Et súpplices deprecámur
ut Córporis et Sánguinis Christi partícipes
a Spíritu Sancto congregémur in unum.

Recordáre, Dómine, Ecclésiae tuae toto orbe diffúsae,
ut eam in caritáte perfícias
una cum Papa nostro N. et Episcopo nostro N.

Hic fieri potest mentio de Episcopis Coadiutoribus vel Auxiliariis, ut in Institutione generali Missalis Romani, n. 109, notatur.

et univérso clero.

---

In Missis pro defunctis addi potest:

Meménto fámuli tui (fámulae tuae) N.,
quem (quam) [hódie] ad te ex hoc mundo vocásti.
Concéde, ut, qui (quae) complantátus (complantáta)
fuit similitúdini mortis Fílii tui,
simul fiat et resurrectiónis ipsíus.

---

Meménto étiam fratrum nostrórum,
qui in spe resurrectiónis dormiérunt,
omniúmque in tua miseratióne defunctórum,
et eos in lumen vultus tui admítte.

Ómnium nostrum, quaésumus, miserére,
ut cum beáta Dei Genetríce Vírgine María,
beátis Apóstolis et ómnibus Sanctis,
qui tibi a saéculo placuérunt,
aetérnae vitae mereámur esse consórtes,
et te laudémus et glorificémus

Iungit manus.

per Fílium tuum Iesum Christum.

61. Accipit patenam cum hostia et calicem, et utrumque elevans, dicit:

Per ipsum, et cum ipso, et in ipso,
est tibi Deo Patri omnipoténti,
in unitáte Spíritus Sancti,
omnis honor et glória
per ómnia saécula saeculórum.

Populus acclamat:

Amen.

Deinde sequitur ritus communionis, p. 1241.

## PREX EUCHARISTICA III

62. Sacerdos, manibus extensis, dicit:

Vere Sanctus es, Dómine,
et mérito te laudat omnis a te cóndita creatúra,
quia per Fílium tuum,
Dóminum nostrum Iesum Christum,
Spíritus Sancti operánte virtúte,
vivíficas et sanctíficas univérsa,
et pópulum tibi congregáre non désinis,
ut a solis ortu usque ad occásum
oblátio munda offerátur nómini tuo.

63. Iungit manus, easque expansas super oblata tenens, dicit:

Súpplices ergo te, Dómine, deprecámur,
ut haec múnera, quae tibi sacránda detúlimus,
eódem Spíritu sanctificáre dignéris,

Iungit manus et signat semel super panem et calicem simul, dicens:

ut Corpus et ✠ Sanguis fiant
Fílii tui Dómini nostri Iesu Christi,

Iungit manus.

cuius mandáto haec mystéria celebrámus.

64. In formulis quae sequuntur, verba Domini proferantur distincte et aperte, prouti natura eorundem verborum requirit:

Ipse enim in qua nocte tradebátur

Accipit panem eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accépit panem
et tibi grátias agens benedíxit,
fregit, dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET MANDUCÁTE EX HOC OMNES:
HOC EST ENIM CORPUS MEUM,
QUOD PRO VOBIS TRADÉTUR.

Hostiam consecratam ostendit populo, deponit super patenam et genuflexus adorat.

65. Postea prosequitur:

Símili modo, postquam cenátum est,

Accipit calicem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accípiens cálicem,
et tibi grátias agens benedíxit,
dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET BÍBITE EX EO OMNES:
HIC EST ENIM CALIX SÁNGUINIS MEI
NOVI ET AETÉRNI TESTAMÉNTI,
QUI PRO VOBIS ET PRO MULTIS EFFUNDÉTUR
IN REMISSIÓNEM PECCATÓRUM.

HOC FÁCITE IN MEAM COMMEMORATIÓNEM.

Calicem ostendit populo, deponit super corporale, et genuflexus adorat.

66. Deinde dicit:

Mystérium fídei.

Et populus prosequitur, acclamans:

Mortem tuam annuntiámus, Dómine,
et tuam resurrectiónem confitémur, donec vénias.

Aliae acclamationes, p. 1248.

67. Deinde sacerdos, extensis manibus, dicit:

Mémores ígitur, Dómine,
eiúsdem Fílii tui salutíferae passiónis
necnon mirábilis resurrectiónis
et ascensiónis in caelum,
sed et praestolántes álterum eius advéntum,
offérimus tibi, grátias referéntes,
hoc sacrifícium vivum et sanctum.

Réspice, quaesumus, in oblatiónem Ecclésiae tuae
et, agnóscens Hóstiam,
cuius voluísti immolatióne placári,
concéde, ut qui Córpore et Sánguine Fílii tui refícimur,
Spíritu eius Sancto repléti,
unum corpus et unus spíritus inveniámur in Christo.

Ipse nos tibi perfíciat munus aetérnum,
ut cum eléctis tuis hereditátem cónsequi valeámus,
in primis cum beatíssima Vírgine, Dei Genetríce, María,
cum beátis Apóstolis tuis et gloriósis Martýribus
(cum Sancto N.: Sancto diei vel patrono)

et ómnibus Sanctis,
quorum intercessióne
perpétuo apud te confídimus adiuvári.

Haec Hóstia nostrae reconciliatiónis proficiat,
quaesumus, Dómine,
ad totíus mundi pacem atque salútem.
Ecclésiam tuam, peregrinántem in terra,
in fide et caritáte firmáre dignéris
cum fámulo tuo Papa nostro N. et Epíscopo nostro N.,

Hic fieri potest mentio de Episcopis Coadiutoribus vel Auxiliariis, ut in Institutione generali Missalis Romani, n. 109, notatur.

cum episcopáli órdine et univérso clero
et omni pópulo acquisitiónis tuae.
Votis huius famíliae, quam tibi astáre voluísti,
adésto propítius.
Omnes fílios tuos ubíque dispérsos
tibi, clemens Pater, miserátus coniúnge.

† Fratres nostros defúnctos
et omnes qui, tibi placéntes, ex hoc saeculo transiérunt,
in regnum tuum benígnus admítte,
ubi fore sperámus,
ut simul glória tua perénniter satiémur,

Iungit manus.

per Christum Dóminum nostrum,
per quem mundo bona cuncta largíris. †

---

68. Quando haec prex eucharistica in Missis pro defunctis adhibetur, dici potest:

† Meménto fámuli tui (fámulae tuae) N.,
quem (quam) [hódie] ad te ex hoc mundo vocásti.
Concéde, ut, qui (quae) complantátus (complantáta)
fuit similitúdini mortis Fílii tui,
simul fiat et resurrectiónis ipsíus,
quando mórtuos suscitábit in carne de terra

et corpus humilitátis nostrae
configurábit córpori claritátis suae.
Sed et fratres nostros defúnctos,
et omnes qui, tibi placéntes, ex hoc saeculo transiérunt,
in regnum tuum benígnus admítte,
ubi fore sperámus,
ut simul glória tua perénniter satiémur,
quando omnem lácrimam abstérges ab óculis nostris,
quia te, sícuti es, Deum nostrum vidéntes,
tibi símiles érimus cuncta per saecula,
et te sine fine laudábimus,

Iungit manus.

per Christum Dóminum nostrum,
per quem mundo bona cuncta largíris. †

---

69. Accipit patenam cum hostia et calicem, et utrumque elevans, dicit:

Per ipsum, et cum ipso, et in ipso,
est tibi Deo Patri omnipoténti,
in unitáte Spíritus Sancti,
omnis honor et glória
per ómnia saecula saeculórum.

Populus acclamat:

Amen.

Deinde sequitur ritus communionis, p. 1241.

## PREX EUCHARISTICA IV

70. V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.
V. Sursum corda.
R. Habémus ad Dóminum.
V. Grátias agámus Dómino Deo nostro.
R. Dignum et iustum est.

Vere dignum est tibi grátias ágere,
vere iustum est te glorificáre, Pater sancte,
quia unus es Deus vivus et verus,
qui es ante saecula et pérmanes in aetérnum,
inaccessíbilem lucem inhábitans;
sed et qui unus bonus atque fons vitae cuncta fecísti,
ut creatúras tuas benedictiónibus adimpléres
multásque laetificáres tui lúminis claritáte.

Et ídeo coram te innúmerae astant turbae angelórum,
qui die ac nocte sérviunt tibi
et, vultus tui glóriam contemplántes,
te incessánter glorífícant.

Cum quibus et nos et, per nostram vocem,
omnis quae sub caelo est creatúra
nomen tuum in exsultatióne confitémur, canéntes:

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dóminus Deus Sábaoth.
Pleni sunt caeli et terra glória tua.
Hosánna in excélsis.
Benedíctus qui venit in nómine Dómini.
Hosánna in excélsis.

71. Sacerdos, manibus extensis, dicit:

Confitémur tibi, Pater sancte,
quia magnus es et ómnia ópera tua
in sapiéntia et caritáte fecísti.

Hóminem ad tuam imáginem condidísti,
eíque commisísti mundi curam univérsi,
ut, tibi soli Creatóri sérviens,
creatúris ómnibus imperáret.

Et cum amicítiam tuam, non oboediens, amisísset,
non eum dereliquísti in mortis império.
Ómnibus enim misericórditer subvenísti,
ut te quaeréntes invenírent.

Sed et foedera plúries homínibus obtulísti
eósque per prophétas erudísti in exspectatióne salútis.

Et sic, Pater sancte, mundum dilexísti,
ut, compléta plenitúdine témporum,
Unigénitum tuum nobis mítteres Salvatórem.

Qui, incarnátus de Spíritu Sancto
et natus ex María Vírgine,
in nostra condiciónis forma est conversátus
per ómnia absque peccáto;
salútem evangelizávit paupéribus,
redemptiónem captívis,
maestis corde laetítiam.

Ut tuam vero dispensatiónem impléret,
in mortem trádidit semetípsum
ac, resúrgens a mórtuis,
morten destrúxit vitámque renovávit.
Et, ut non ámplius nobismetípsis viverémus,
sed sibi qui pro nobis mórtuus est atque surréxit,
a te, Pater, misit Spíritum Sanctum
primítias credéntibus,
qui, opus suum in mundo perfíciens,
omnem sanctificatiónem compléret.

72. Iungit manus, easque expansas super oblata tenens, dicit:

Quaesumus ígitur, Dómine,
ut idem Spíritus Sanctus
haec múnera sanctificáre dignétur,

Iungit manus et signat semel super panem et calicem simul, dicens:

ut Corpus et ✠ Sanguis fiant
Dómini nostri Iesu Christi

Iungit manus.

ad hoc magnum mystérium celebrándum,
quod ipse nobis relíquit in foedus aetérnum.

73. In formulis quae sequuntur, verba Domini proferantur distincte et aperte, prouti natura eorundem verborum requirit.

Ipse enim, cum hora venísset
ut glorificarétur a te, Pater sancte,

ac dilexísset suos qui erant in mundo,
in finem diléxit eos:
et cenántibus illis

Accipit panem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accépit panem, benedíxit ac fregit,
dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET MANDUCÁTE EX HOC OMNES:
HOC EST ENIM CORPUS MEUM,
QUOD PRO VOBIS TRADÉTUR.

Hostiam consecratam ostendit populo, deponit super patenam, et genuflexus adorat.

74. Postea prosequitur:

Símili modo

Accipit calicem, eumque parum elevatum super altare tenens, prosequitur:

accípiens cálicem, ex genímine vitis replétum,
grátias egit, dedítque discípulis suis, dicens:

Parum se inclinat.

ACCÍPITE ET BÍBITE EX EO OMNES:
HIC EST ENIM CALIX SÁNGUINIS MEI
NOVI ET AETÉRNI TESTAMÉNTI,
QUI PRO VOBIS ET PRO MULTIS EFFUNDÉTUR
IN REMISSIÓNEM PECCATÓRUM.

HOC FÁCITE IN MEAM COMMEMORATIÓNEM.

Calicem ostendit populo, deponit super corporale, et genuflexus adorat.

75. Deinde dicit:

Mystérium fídei.

Et populus prosequitur, acclamans:

Mortem tuam annuntiámus, Dómine,
et tuam resurrectiónem confitémur, donec vénias.

Aliae acclamationes, p. 1248.

76. Deinde sacerdos, extensis manibus, dicit:

Unde et nos, Dómine,
redemptiónis nostrae memoriále nunc celebrántes,
mortem Christi
eiúsque descénsum ad ínferos recólimus,
eius resurrectiónem
et ascensiónem ad tuam déxteram profitémur,
et, exspectántes ipsíus advéntum in glória,
offérimus tibi eius Corpus et Sánguinem,
sacrifícium tibi acceptábile et toti mundo salutáre.

Réspice, Dómine, in Hóstiam,
quam Ecclésiae tuae ipse parásti,
et concéde benígnus ómnibus
qui ex hoc uno pane participábunt et cálice,
ut, in unum corpus a Sancto Spíritu congregáti,
in Christo hóstia viva perficiántur,
ad laudem glóriae tuae.

Nunc ergo, Dómine, ómnium recordáre,
pro quibus tibi hanc oblatiónem offérimus:
in primis fámuli tui, Papae nostri N.,
Epíscopi nostri N.,

Hic fieri potest mentio de Episcopis Coadiutoribus vel Auxiliariis, ut in Institutione generali Missalis Romani, n. 109, notatur.

et Episcopórum órdinis univérsi,
sed et totíus cleri, et offeréntium,
et circumstántium,
et cuncti pópuli tui,
et ómnium, qui te quaerunt corde sincéro.

Meménto etiam illórum,
qui obiérunt in pace Christi tui,
et ómnium defunctórum,
quorum fidem tu solus cognovísti.

Nobis ómnibus, fíliis tuis, clemens Pater, concéde,
ut caeléstem hereditátem cónsequi valeámus
cum beáta Vírgine, Dei Genetríce, María,

cum Apóstolis et Sanctis tuis
in regno tuo, ubi cum univérsa creatúra,
a corruptióne peccáti et mortis liberáta,
te glorificémus per Christum Dóminum nostrum,

Iungit manus.

per quem mundo bona cuncta largíris.

77. Accipit patenam cum hostia et calicem, et utrumque elevans, dicit:

Per ipsum, et cum ipso, et in ipso,
est tibi Deo Patri omnipoténti,
in unitáte Spíritus Sancti,
omnis honor et glória
per ómnia saecula saeculórum.

Populus acclamat:

Amen.

## RITUS COMMUNIONIS

78. Calice et patena depositis, sacerdos, iunctis manibus, dicit:

Praecéptis salutáribus móniti,
et divína institutióne formáti,
audémus dícere:

Extendit manus et, una cum populo, pergit:

Pater noster, qui es in caelis:
sanctificétur nomen tuum;
advéniat regnum tuum;
fiat volúntas tua, sicut in caelo, et in terra.
Panem nostrum cotidiánum da nobis hódie;
et dimítte nobis débita nostra,
sicut et nos dimíttimus debitóribus nostris;
et ne nos indúcas in tentatiónem;
sed líbera nos a malo.

79. Manibus extensis, sacerdos solus prosequitur, dicens:

Líbera nos, quaésumus, Dómine, ab ómnibus malis,
da propítius pacem in diébus nostris,
ut, ope misericórdiae tuae adiúti,
et a peccáto simus semper líberi
et ab omni perturbatióne secúri:
exspectántes beátam spem
et advéntum Salvatóris nostri Iesu Christi.

Iungit manus.

Populus orationem concludit, acclamans:

Quia tuum est regnum,
et potéstas, et glória
in saécula.

80. Deinde sacerdos, manibus extensis, clara voce dicit:

Dómine Iesu Christe, qui dixísti Apóstolis tuis:
Pacem relínquo vobis, pacem meam do vobis:
ne respícias peccáta nostra,
sed fidem Ecclésiae tuae;
eámque secúndum voluntátem tuam
pacificáre et coadunáre dignéris.

Iungit manus.

Qui vivis et regnas in saécula saeculórum.

Populus respondet:

Amen.

81. Sacerdos, ad populum conversus, extendens et iungens manus, subdit:

Pax Dómini sit semper vobíscum.

Populus respondet:

Et cum spíritu tuo.

82. Deinde, pro opportunitate, diaconus, vel sacerdos, subiungit:

Offérte vobis pacem.

Et omnes, iuxta locorum consuetudines, pacem et caritatem sibi invicem significant; sacerdos pacem dat diacono vel ministro.

83. Deinde accipit hostiam eamque super patenam frangit, et particulam immittit in calicem, dicens secreto:

Haec commíxtio Córporis et Sánguinis
Dómini nostri Iesu Christi
fiat accipiéntibus nobis in vitam aetérnam.

84. Interim cantatur vel dicitur:

Agnus Dei, qui tollis peccáta mundi: miserére nobis.
Agnus Dei, qui tollis peccáta mundi: miserére nobis.
Agnus Dei, qui tollis peccáta mundi: dona nobis pacem.

Quod etiam pluries repeti potest, si fractio panis protrahitur. Ultima tamen vice dicitur: dona nobis pacem.

85. Sacerdos deinde, manibus iunctis, dicit secreto:

Dómine Iesu Christe, Fili Dei vivi,
qui ex voluntáte Patris,
cooperánte Spíritu Sancto,
per morten tuam mundum vivificásti:
líbera me per hoc sacrosánctum Corpus et Sánguinem tuum
ab ómnibus iniquitátibus meis et univérsis malis:
et fac me tuis semper inhaerére mandátis,
et a te numquam separári permíttas.

Vel:

Percéptio Córporis et Sánguinis tui, Dómine Iesu Christe,
non mihi provéniat in iudícium et condemnatiónem:
sed pro tua pietáte prosit mihi
ad tutaméntum mentis et córporis,
et ad medélam percipiéndam.

86. Sacerdos genuflectit, accipit hostiam, eamque aliquantulum elevatam super patenam tenens, ad populum versus, clara voce dicit:

Ecce Agnus Dei, ecce qui tollit peccáta mundi.
Beáti qui ad cenam Agni vocáti sunt.

Et una cum populo semel subdit:

Dómine, non sum dignus ut intres sub tectum meum:
sed tantum dic verbo, et sanábitur ánima mea.

87. Et sacerdos, ad altare versus, secreto dicit:

Corpus Christi custódiat me in vitam aetérnam.

Et reverenter sumit Corpus Christi.

Deinde accipit calicem et secreto dicit:

Sanguis Christi custódiat me in vitam aetérnam.

Et reverenter sumit Sanguinem Christi.

88. Postea accipit patenam vel pyxidem, accedit ad communicandos, et hostiam parum elevatam unicuique eorum ostendit, dicens:

Corpus Christi.

Communicandus respondet:

Amen.

Et communicatur.

Eo modo agit et diaconus, si sacram Communionem distribuit.

89. Si adsint sub utraque specie communicandi, servetur ritus suo loco descriptus.

90. Dum sacerdos sumit Corpus Christi, incipit cantus ad Communionem.

91. Distributione Communionis expleta, sacerdos vel diaconus vel acolythus purificat patenam super calicem et ipsum calicem.

Dum purificationem peragit, sacerdos dicit secreto:

Quod ore súmpsimus, Dómine, pura mente capiámus,
et de múnere temporáli fiat nobis remédium sempitérnum.

92. Tunc sacerdos ad sedem redire potest. Pro opportunitate sacrum silentium, per aliquod temporis spatium, servari, vel psalmus aut canticum laudis proferri potest.

93. Deinde, stans ad sedem vel ad altare, sacerdos dicit:

Orémus.

Et omnes una cum sacerdote per aliquod temporis spatium in silentio orant, nisi silentium iam praecesserit. Deinde sacerdos, manibus extensis, dicit orationem post Communionem. Populus in fine acclamat:

Amen.

## Ritus conclusionis

94. Sequuntur, si habendae sint, breves annuntiationes ad populum.

95. Deinde fit dimissio. Sacerdos, versus ad populum, extendens manus, dicit:

Dóminus vobíscum.

Populus respondet:

Et cum spíritu tuo.

Sacerdos benedicit populum, dicens:

Benedícat vos omnípotens Deus,
Pater, et Fílius, ✠ et Spíritus Sanctus.

Populus respondet:

Amen.

96. Deinde diaconus, vel ipse sacerdos, manibus iunctis, ad populum versus dicit:

Ite, missa est.

Populus respondet:

Deo grátias.

97. Deinde sacerdos altare osculo de more veneratur, ut initio. Facta denique debita reverentia cum ministris, recedit.

98. Si qua actio liturgica immediate sequatur, ritus dimissionis omittuntur.

# Appendix

## Formulae salutationis initio Missae

1. V. Grátia Dómini nostri Iesu Christi,
et cáritas Dei,
et communicátio Sancti Spíritus
sit cum ómnibus vobis.
R. Et cum spíritu tuo.

2. V. Grátia vobis et pax a Deo Patre nostro
et Dómino Iesu Christo.
R. Benedíctus Deus
et Pater Dómini nostri Iesu Christi.

Vel:

R. Et cum spíritu tuo.

3. V. Dóminus vobíscum.
R. Et cum spíritu tuo.

## Formulae actus paenitentialis

Loco actus paenitentialis, qui in Ordine Missae invenitur, unus e sequentibus adhiberi potest:

1. Sacerdos fideles invitat ad paenitentiam:

Fratres, agnoscámus peccáta nostra,
ut apti simus ad sacra mystéria celebránda.

Fit brevis pausa silentii.

Postea sacerdos dicit:

Miserére nostri, Dómine.

Populus respondet:

Quia peccávimus tibi.

Sacerdos:

Osténde nobis, Dómine, misericórdiam tuam.

Populus:

Et salutáre tuum da nobis.

Sequitur absolutio sacerdotis:

Misereátur nostri omnípotens Deus
et, dimíssis peccátis nostris,
perdúcat nos ad vitam aetérnam.

Populus respondet:

Amen.

2. Sacerdos fideles invitat ad paenitentiam:

Fratres, agnoscámus peccáta nostra,
ut apti simus ad sacra mystéria celebránda.

Fit brevis pausa silentii.

Deinde sacerdos, vel alius minister idoneus, sequentes, vel alias invocationes cum Kýrie, eléison profert:

Qui missus es sanáre contrítos corde:

Kýrie, eléison.

Populus respondet:

Kýrie, eléison.

Sacerdos:

Qui peccatóres vocáre venísti:

Christe, eléison.

Populus:

Christe, eléison.

Sacerdos:

Qui ad déxteram Patris sedes, ad interpellándum pro nobis:

Kýrie, eléison.

Populus:

Kýrie, eléison.

Sequitur absolutio sacerdotis:

Misereátur nostri omnípotens Deus
et, dimíssis peccátis nostris,
perdúcat nos ad vitam aetérnam.

Populus respondet:

Amen.

## Acclamationes post Consecrationem
ad libitum seligendae

1. Mortem tuam annuntiámus, Dómine,
et tuam resurrectiónem confitémur, donec vénias.
2. Quotiescúmque manducámus panem hunc
et cálicem bíbimus,
mortem tuam annuntiámus, Dómine, donec vénias.
3. Salvátor mundi, salva nos,
qui per crucem et resurrectiónem tuam liberásti nos.

# FORMULARIA MISSARUM

## 1

## IN ADVENTU

### Ant. ad introitum — Cf. Zac 14, 5. 7

Ecce Dóminus véniet, et omnes sancti eius cum eo; et erit in die illa lux magna.

### Collecta

Deus, qui salutáre tuum cunctis terrae fínibus declarásti,
tríbue, quaésumus,
ut nativitátis eius glóriam laetánter praestolémur.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Deus ipse veniet et salvabit vos*

Léctio libri Isaíae — 35, 1-10

Laeténtur desérta et ínvia
et exsúltet solitúdo et flóreat quasi lílium.
Gérminet et exsúltet
laetabúnda et laudans.
Glória Líbani data est ei,
decor Carméli et Saron;
ipsi vidébunt glóriam Dómini,
maiestátem Dei nostri.
Confortáte manus dissolútas
et génua debília roboráte.
Dícite pusillánimis:
«Confortámini, nolíte timére,
ecce Deus vester, últio véniet, retribútio Dei;
ipse véniet et salvábit vos.»
Tunc aperiéntur óculi caecórum,
et aures surdórum patébunt.
Tunc sáliet sicut cervus claudus,
et exsultábit lingua mutórum;
quia erúmpent in desérto aquae
et torréntes in solitúdine.
Et terra árida erit in stagnum
et sítiens in fontes aquárum;

in cubílibus in quibus dracónes habitábant
erit locus cálami et iunci.
Et erit ibi sémita et via;
et via sancta vocábitur:
non transíbit per eam pollútus;
et erit eis dirécta via,
ita ut stulti non errent per eam.
Non erit ibi leo
et rapax béstia non ascéndet per eam,
nec inveniétur ibi;
et ambulábunt qui liberáti fúerint,
et redémpti a Dómino reverténtur.
Et vénient in Sion cum laude,
et laetítia sempitérna super caput eórum:
gáudium et laetítiam obtinébunt,
et fúgiet maeror et gémitus.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 84, 9ab-10. 11-12. 13-14 (R.: Is 35, 4d)

R. Ecce Deus noster véniet et salvábit nos.

Áudiam quid loquátur Dóminus Deus,
quóniam loquétur pacem ad plebem suam et sanctos suos.
Verúmtamen prope timéntes eum salutáre ipsíus,
ut inhábitet glória in terra nostra. R.

Misericórdia et véritas obviavérunt sibi,
iustítia et pax osculátae sunt.
Véritas de terra orta est,
et iustítia de caelo prospéxit. R.

Étenim Dóminus dabit benignitátem,
et terra nostra dabit fructum suum.
Iustítia ante eum ambulábit,
et ponet in via gressus suos. R.

Alleluia

R. Allelúia.

Ecce véniet Dóminus, ut salvet pópulum suum;
beáti qui paráti sunt ocúrrere illi.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Rectas facite semitas Domini*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Marcum 1, 1-8

Inítium Evangélii Iesu Christi Dei.

Sicut scriptum est in Isaía prophéta: «Ecce mitto Ángelum meum ante fáciem tuam, qui praeparábit viam tuam: Vox clamántis in desérto: "Paráte viam Dómini, rectas fácite sémitas eius."»

Fuit Ioánnes in desérto baptízans et praedicans baptísmum paeniténtiae in remissiónem peccatórum. Et egrediebátur ad illum omnis Iudaéae régio et Hierosolymítae univérsi et baptizabántur ab illo in Iordáne flúmine confiténtes peccáta sua.

Et erat Ioánnes vestítus pilis caméli, et zona pellícea circa lumbos eius, et locústas et mel silvéstre edébat. Et praedicábat dicens:

«Venit fórtior me post me, cuius non sum dignus procúmbens sólvere corrígiam calceamentórum eius; ego baptizávi vos aqua, ille vero baptizábit vos in Spíritu Sancto.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Placáre, Dómine, quaésumus,
nostrae précibus humilitátis et hóstiis,
et, ubi nulla súppetunt suffrágia meritórum,
tuae nobis indulgéntiae succúrre praesídiis.
Per Christum.

## Ant. ad communionem Cf. 2 Tim 4, 8

Corónam iustítiae reddet iustus Iudex iis qui díligunt advéntum eius.

## Post communionem

Repléti cibo spiritális alimóniae,
súpplices te, Dómine, deprecámur,
ut, huius participatióne mystérii,
dóceas nos terréna sapiénter perpéndere,
et caeléstibus inhaerére.
Per Christum.

## 2

## TEMPORE NATIVITATIS

### Ant. ad introitum — Cf. Io 1, 1

In principio et ante saecula Deus erat Verbum, et ipse nasci dignátus est Salvátor mundi.

### Collecta

Ante sollemnitatem Epiphaniae:

Deus, qui pópulo tuo, Unigéniti tui nativitáte,
redemptiónis efféctum mirabíliter inchoásti,
ita, quaesumus, fídei fámulis tuis tríbue firmitátem,
ut usque ad promíssum glóriae praemium,
ipso gubernánte, pervéniant.
Per Dóminum.

Post sollemnitatem Epiphaniae:

Deus, qui per Fílium tuum
aeternitátis tuae lumen cunctis géntibus suscitásti,
da plebi tuae fulgórem plenum sui Redemptóris agnóscere,
ut ad perpétuam claritátem per eius increménta pervéniat.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Secundum suam misericordiam salvos nos fecit*

Léctio Epístolae beáti Pauli apóstoli ad Titum — 3, 4-7

Cum benígnitas et humánitas appáruit Salvatóris nostri Dei, non ex opéribus iustítiae, quae fécimus nos, sed secúndum suam misericórdiam salvos nos fecit per lavácrum regeneratiónis et renovatiónis Spíritus Sancti, quem effúdit super nos abúnde per Iesum Christum Salvatórem nostrum, ut iustificáti grátia ipsíus herédes simus secúndum spem vitae aetérnae.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 97, 1. 2-3ab. 3cd-4. 5-6 (R.: 3c)

R. Vidérunt omnes términi terrae salutáre Dei nostri.

Cantáte Dómino cánticum novum,
quia mirabília fecit.
Salvávit sibi déxtera eius,
et brácchium sanctum eius. R.

Notum fecit Dóminus salutáre suum,
in conspéctu géntium revelávit iustítiam suam.
Recordátus est misericórdiae suae
et veritátis suae dómui Ísrael. R.

Vidérunt omnes términi terrae
salutáre Dei nostri.
Iubiláte Deo, omnis terra,
erúmpite, exsultáte et psállite. R.

Psállite Dómino in cíthara,
in cíthara et voce psalmi;
in tubis ductílibus et voce tubae córneae,
iubiláte in conspéctu regis Dómini. R.

Alleluia Cf. Hebr 1, 1-2

R. Allelúia.

Multifárie olim Deus loquens pátribus in prophétis,
novíssime diébus istis locútus est nobis in Filio.

R. Allelúia.

Evangelium

*Invenerunt pastores Mariam et Ioseph et infantem*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Lucam 2, 15-20

Factum est ut discessérunt ab eis ángeli in caelum, pastóres loquebántur ad ínvicem:

«Transeámus usque Béthleem, et videámus hoc verbum quod factum est, quod Dóminus osténdit nobis.»

Et venérunt festinántes et invenérunt Maríam et Ioseph et infántem pósitum in praesépio. Vidéntes autem notum fecérunt verbum quod dictum erat illis de púero hoc.

Et omnes qui audiérunt miráti sunt de his quae dicta erant a pastóribus ad ipsos: María autem conservábat ómnia verba haec cónferens in corde suo.

Et revérsi sunt pastóres glorificántes et laudántes Deum in ómnibus quae audíerant et víderant sicut dictum est ad illos.

Verbum Dómini.

### Super oblata

Súscipe, Dómine, múnera nostra,
quibus exercéntur commércia gloriósa,
ut, offeréntes quae dedísti,
teípsum mereámur accípere.
Per Christum.

### Ant. ad communionem — Io 3, 16

Sic Deus diléxit mundum, ut Fílium suum unigénitum daret, ut omnis, qui credit in eum, non péreat, sed hábeat vitam aetérnam.

### Post communionem

Deus, qui nos sacraménti tui participatióne contíngis,
virtútis eius efféctus in nostris córdibus operáre,
ut suscipiéndo múneri tuo per ipsum munus aptémur.
Per Christum.

## 3

## IN QUADRAGESIMA

### Ant. ad introitum — Cf. Ps 68, 17

Exáudi nos, Dómine, quóniam benígna est misericórdia tua; secúndum multitúdinem miseratiónum tuárum réspice nos, Dómine.

### Collecta

Concéde nobis, omnípotens Deus,
ut, per ánnua quadragesimális exercítia sacraménti,
et ad intellegéndum Christi proficiámus arcánum,
et efféctus eius digna conversatióne sectémur.
Per Dóminum.

## Lectio prima

*Numquid voluntatis meae est mors impii,*
*et non ut convertatur a viis suis et vivat?*

Léctio Prophetíae Ezechiélis 18, 21-28

Haec dicit Dóminus Deus:

«Si ímpius égerit paeniténtiam ab ómnibus peccátis suis, quae operátus est, et custodíerit univérsa praecépta mea et fécerit iudícium et iustítiam, vita vivet, non moriétur. Omnes iniquitátes eius, quas operátus est, non recordabúntur ei; in iustítia sua, quam operátus est, vivet. Numquid voluntátis meae est mors ímpii, dicit Dóminus Deus, et non ut convertátur a viis suis et vivat?

Si autem avérterit se iustus a iustítia sua et fécerit iniquitátem secúndum omnes abominatiónes, quas operári solet ímpius, numquid vivet? Omnes iustítiae eius, quas fécerat, non recordabúntur; in praevaricatióne, qua praevaricátus est, et in peccáto suo, quod peccávit, in ipsis moriétur.

Et dixístis: "Non est aequa via Dómini." Audíte ergo, domus Ísrael: Numquid via mea non est aequa, et non magis viae vestrae pravae sunt?

Cum enim avérterit se iustus a iustítia sua et fécerit iniquitátem, moriétur: in iniustítia, quam operátus est, moriétur.

Et, cum avérterit se ímpius ab impietáte sua, quam operátus est, et fécerit iudícium et iustítiam, ipse ánimam suam vivificábit; considerans enim et avértens se ab ómnibus iniquitátibus suis, quas operátus est, vita vivet, non moriétur.»

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 129, 1-2. 3-4. 5-7a. 7bc-8 (R.: 7bc)

R. Apud Dóminum misericórdia, et copiósa apud eum redémptio.

De profúndis clamávi ad te, Dómine;
Dómine, exáudi vocem meam.
Fiant aures tuae intendéntes
in vocem deprecatiónis meae. R.

Si iniquitátes observáveris, Dómine,
Dómine, quis sustinébit?
Quia apud te propitiátio est,
et timébimus te. R.

Sustínui te, Dómine;
sustínuit ánima mea in verbo eius,
sperávit ánima mea in Dómino.
Magis quam custódes auróram,
speret Ísrael in Dómino. R.

Quia apud Dóminum misericórdia,
et copiósa apud eum redémptio.
Et ipse rédimet Ísrael
ex ómnibus iniquitátibus eius. R.

## Versus ante Evangelium — 2 Cor 6, 2b

Ecce nunc tempus acceptábile,
ecce nunc dies salútis.

## Evangelium

*Estote perfecti sicut Pater vester caelestis*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Mathaeum — 5, 43-48

In illo témpore: Dixit Iesus discípulis suis:
«Audístis quia dictum est: "Díliges próximum tuum", et ódio habébis inimícum tuum.
Ego autem dico vobis: Dilígete inimícos vestros, et oráte pro persequéntibus vos, ut sitis fílii Patris vestri qui in caelis est, quia solem suum oríri facit super malos et bonos et pluit super iustos et iniústos.
Si enim dilexéritis eos qui vos díligunt, quam mercédem habétis? Nonne et publicáni hoc fáciunt? Et si salutavéritis fratres vestros tantum, quid ámplius fácitis? Nonne et éthnici hoc fáciunt?
Estóte ergo vos perfécti, sicut et Pater vester caeléstis perféctus est.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Haec hóstia, Dómine, quaesumus, emúndet nostra delícta,
et ad celebránda festa paschália
fidélium tuórum córpora mentésque sanctíficet.
Per Christum.

## Ant. ad communionem — Ps 50, 12

Cor mundum crea in me, Deus, et spíritum rectum ínnova in viscéribus meis.

### Post communionem

Accépto, Dómine, pígnore salútis aetérnae,
fac nos, quaésumus, sic téndere congruénter,
ut ad eam perveníre possímus.
Per Christum.

## 4

## TEMPORE PASCHALI

### Ant. ad introitum — Ap 19, 7. 6

Gaudeámus et exsultémus et demus glóriam Deo, quóniam regnávit Dóminus Deus noster omnípotens, allelúia.

### Collecta

Ante sollemnitatem Ascensionis:

Semper exsúltet pópulus tuus, Deus,
renováta ánimae iuventúte,
ut, qui nunc laetátur in adoptiónis se glóriam restitútum,
resurrectiónis diem spe certae gratulatiónis exspéctet.
Per Dóminum.

Post sollemnitatem Ascensionis:

Supplicatiónibus nostris, Dómine, adésto propítius,
ut, sicut humáni géneris Salvatórem
tecum in tua crédimus maiestáte,
ita eum usque ad consummatiónem saéculi manére nobíscum,
sicut ipse promísit, sentiámus.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Promissionem adimplevit Deus, resuscitans Iesum*

Léctio Áctuum Apostolórum — 13, 26-33

In diébus illis: Cum venísset Paulus Antiochíam Pisídiae, dicébat in synagóga:

«Viri fratres, fílii géneris Ábraham et qui in vobis timent Deum, nobis verbum salútis huius missum est.

Qui enim habitábant Ierúsalem et príncipes eórum hunc ignorántes et voces Prophetárum, quae per omne sábbatum legúntur, iudicántes implevérunt, et nullam causam mortis inveniéntes petiérunt a Piláto, ut interficerétur; cumque consummássent ómnia quae de eo scripta erant, deponéntes eum de ligno posuérunt in monuménto.

Deus vero suscitávit eum a mórtuis; qui visus est per dies multos his qui simul ascénderant cum eo de Galilaea in Ierúsalem, qui nunc sunt testes eius ad plebem.

Et nos vobis evangelizámus eam quae ad patres promíssio facta est, quóniam hanc Deus adimplévit fíliis eórum, nobis, resúscitans Iesum, sicut et in Psalmo secúndo scriptum est: "Fílius meus es tu, ego hódie génui te."»

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 2, 6-7. 8-9. 10-11 (R.: 7)

R. Fílius meus es tu; ego hódie génui te.

Vel:

Allelúia.

«Ego autem constítui regem meum
super Sion, montem sanctum meum!»
Praedicábo decrétum eius:
Dóminus dixit ad me: «Fílius meus es tu;
ego hódie génui te. R.

Póstula a me, et dabo tibi gentes hereditátem tuam,
et possessiónem tuam términos terrae.
Reges eos in virga férrea,
et tamquam vas fíguli confrínges eos.» R.

Et nunc, reges, intellégite,
erudímini qui iudicátis terram.
Servíte Dómino in timóre,
et exsultáte ei cum tremóre. R.

Alleluia Cf. Ap 1, 5ab

R. Allelúia.

Iesu Christe, testis es fidélis, primogénitus mortuórum;
dilexísti nos et lavásti peccáta nostra in sánguine tuo.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Sic scriptum est, Christum pati,*
*et resurgere a mortuis die tertia*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Lucam 24, 35-48

In illo témpore:

Narrábant discípuli quae gesta erant in via et quómodo cognovérunt Iesum in fractióne panis.

Dum haec autem loquúntur, ipse stetit in médio eórum, et dicit eis: «Pax vobis.» Conturbáti vero et contérriti, existimábant se spíritum vidére.

Et dixit eis: «Quid turbáti estis, et quare cogitatiónes ascéndunt in corda vestra? Vidéte manus meas et pedes meos quia ipse ego sum: palpáte me et vidéte, quia spíritus carnem et ossa non habet sicut me vidétis habére.» Et cum hoc dixísset, osténdit eis manus et pedes.

Adhuc autem illis non credéntibus prae gáudio et mirántibus, dixit eis: «Habétis hic áliquid quod manducétur?» At illi obtulérunt ei partem piscis assi. Et sumens coram eis manducávit.

Et dixit ad eos: «Haec sunt verba quae locútus sum ad vos cum adhuc essem vobíscum, quóniam necésse est impléri ómnia quae scripta sunt in lege Móysis et Prophétis et Psalmis de me.» Tunc apéruit illis sensum ut intellégerent Scriptúras.

Et dixit eis: «Sic scriptum est, Christum pati, et resúrgere a mórtuis die tértia, et praedicári in nómine eius paeniténtiam in remissiónem peccatórum in omnes gentes, incipiéntibus ab Ierúsalem: vos estis testes horum.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Concéde, quaésumus, Dómine,
semper nos per haec mystéria paschália gratulári,
ut contínua nostrae reparatiónis operátio
perpétuae nobis fiat causa laetítiae.
Per Christum.

## Ant. ad communionem Cf. Lc 24, 46. 26

Opórtuit pati Christum, et resúrgere a mórtuis, et ita intráre in glóriam suam, allelúia.

### Post communionem

Exáudi, Dómine, preces nostras,
ut redemptiónis nostrae sacrosáncta commércia
et vitae nobis cónferant praeséntis auxílium
et gáudia sempitérna concílient.
Per Christum.

Dominica Pentecostes dicitur Missa de Spiritu Sancto, p. 1267.

## 5

## PER ANNUM, I

### Ant. ad introitum — Ps 94, 6-7

Veníte, adorémus Deum, et procidámus ante Dóminum, qui fecit nos; quia ipse est Dóminus Deus noster.

### Collecta

Omnípotens sempitérne Deus,
quem patérno nómine invocáre praesúmimus,
pérfice in córdibus nostris spíritum adoptiónis filiórum,
ut promíssam hereditátem íngredi mereámur.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Unum corpus, unus Dominus, una fides, unum baptisma*

Léctio Epístolae beáti Pauli apóstoli ed Ephésios — 4, 1-6

Fratres:
Óbsecro vos ego, vinctus in Dómino, ut digne ambulétis vocatióne qua vocáti estis, cum omni humilitáte et mansuetúdine, cum longanimitáte, supportántes ínvicem in caritáte, sollíciti serváre unitátem spíritus in vínculo pacis; unum corpus et unus Spíritus, sicut et vocáti estis in una spe vocatiónis vestrae; unus Dóminus, una fides, unum baptísma; unus Deus et Pater ómnium qui super omnes et per ómnia et in ómnibus.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Cf. Dan 3, 52-53. 58-59

Benedíctus es, Dómine, Deus patrum nostrórum.
R. Et laudábilis et gloriósus in sa'ecula.

Et benedíctum nomen glóriae tuae quod est sanctum.
R. Et laudábile et gloriósum in sa'ecula.

Benedíctus es in templo sancto glóriae tuae.
R. Et laudábilis et gloriósus in sa'ecula.

Benedícant te omnes Ángeli et Sancti tui.
R. Et laudent te, et glorífícent in sa'ecula.

Benedícant te caeli, terra, mare, et ómnia quae in eis sunt.
R. Et laudent te, et glorífícent in sa'ecula.

Alleluia

R. Allelúia.

Tu Rex glóriae, Christe.
Tu Patris sempitérnus est Fílius.

R. Allelúia.

Evangelium

*Gaudete et exsultate, quoniam merces vestra copiosa est in caelis*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Matthaeum 5, 1-12a

In illo témpore:

Videns Iesus turbas, ascéndit in montem; et cum sedísset, accessérunt ad eum discípuli eius. Et apériens os suum, docébat eos dicens:

«Beáti páuperes spíritu, quóniam ipsórum est Regnum caelórum.

Beáti qui lugent, quóniam ipsi consolabúntur.

Beáti mites, quóniam ipsi possidébunt terram.

Beáti qui esúriunt et sítiunt iustítiam, quóniam ipsi saturabúntur.

Beáti misericórdes, quia ipsi misericórdiam consequéntur.

Beáti mundo corde, quóniam ipsi Deum vidébunt.

Beáti pacífici, quóniam fílii Dei vocabúntur.

Beáti qui persecutiónem patiúntur propter iustítiam, quóniam ipsórum est Regnum caelórum.

Beáti estis, cum maledíxerint vobis, et persecúti vos fúerint, et díxerint omne malum advérsum vos, mentiéntes, propter me: gaudéte et exsultáte, quóniam merces vestra copiósa est in caelis.»

Verbum Dómini.

### Super oblata

Concéde nobis, quaésumus, Dómine,
haec digne frequentáre mystéria,
quia, quóties huius hóstiae commemorátio celebrátur,
opus nostrae redemptiónis exercétur.
Per Christum.

### Ant. ad communionem — Ps 33, 9

Gustáte et vidéte, quóniam suávis est Dóminus; beátus vir, qui sperat in eo.

### Post communionem

Spíritum nobis, Dómine, tuae caritátis infúnde,
ut, quos uno caelésti pane satiásti,
una fácias pietáte concórdes.
Per Christum.

## 6

## PER ANNUM, II

### Ant. ad introitum — Ps 65, 4

Omnis terra adóret te, Deus, et psallat tibi; psalmum dicat nómini tuo, Altíssime.

### Collecta

Sancti nóminis tui, Dómine,
timórem páriter et amórem fac nos habére perpétuum,
quia numquam tua gubernatióne destítuis,
quos in soliditáte tuae dilectiónis instítuis.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Audi, Israel: Diliges Dominum ex toto corde tuo*

Léctio libri Deuteronómii — 6, 2-6

Locútus est Móyses pópulo dicens:
«Time Dóminum Deum tuum et custódi ómnia praecépta et mandáta eius, quae ego praecípio tibi et fíliis ac nepótibus tuis, cunctis diébus vitae tuae, ut prolongéntur dies tui.

Audi, Ísrael, et obsérva, ut fácias, et bene sit tibi, et multiplicéris ámplius, sicut pollícitus est Dóminus Deus patrum tuórum tibi terram lacte et melle manántem.

Audi, Ísrael: Dóminus Deus noster Dóminus unus est. Díliges Dóminum Deum tuum ex toto corde tuo et ex tota ánima tua et ex tota fortitúdine tua. Erúntque verba haec, quae ego praecípio tibi hódie, in corde tuo.»

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 17, 2-3a. 3bc-4. 47 et 51ab (R.: 2)

R. Díligam te, Dómine, fortitúdo mea.

Díligam te, Dómine, fortitúdo mea.
Domine, firmaméntum meum et refúgium meum
et liberátor meus; R.

Deus meus, adiútor meus, et sperábo in eum:
protéctor meus, et cornu salútis meae, et suscéptor meus.
Laudábilem invocábo Dóminum,
et ab inimícis meis salvus ero. R.

Vivat Dóminus, et benedíctus Adiútor meus,
et exaltétur Deus salútis meae.
Magníficans salútes regis sui,
et fáciens misericórdiam Christo suo. R.

Alleluia 1 Io 2, 5

R. Allelúia.

Qui servat verbum Christi,
vere in hoc cáritas Dei perfécta est.

R. Allelúia.

Evangelium

*Hodie impleta est haec Scriptura*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Lucam 4, 14-21

In illo témpore:

Regréssus est Iesus in virtúte Spíritus in Galilaeam. Et fama éxiit per univérsam regiónem de illo. Et ipse docébat in synagógis eórum, et magnificabátur ab ómnibus.

Et venit Názareth, ubi erat nutrítus, et intrávit secúndum consuetúdinem suam die sábbati in synagógam, et surréxit légere. Et tráditus est illi liber prophétae Isaíae, et ut revólvit librum invénit locum ubi scriptum erat:

«Spíritus Dómini super me, propter quod unxit me evangelizáre paupéribus, misit me praedicáre captívis remissiónem et caecis visum, dimíttere confráctos in remissióne, praedicáre annum Dómini accéptum.»

Et cum plicuísset librum, réddidit minístro et sedit; et ómnium in synagóga óculi erant intendéntes in eum.

Coepit autem dícere ad illos: «Hódie impléta est haec Scriptúra in áuribus vestris.»

Verbum Dómini.

### Super oblata

Concéde nobis, miséricors Deus,
ut haec nostra tibi oblátio sit accépta,
et per eam nobis fons omnis benedictiónis aperiátur.
Per Christum.

### Ant. ad communionem — Io 6, 51

Panis, quem ego dédero, caro mea est pro saéculi vita, dicit Dóminus.

### Post communionem

Pane mensae caeléstis refécti, te, Dómine, deprecámur,
ut hoc nutriméntum caritátis corda nostra confírmet,
quátenus ad tibi ministrándum in frátribus excitémur.
Per Christum.

## 7

## DE SANCTISSIMA EUCHARISTIA

### Ant. ad introitum — Ps 80, 17

Cibávit eos ex ádipe fruménti, et de petra melle saturávit eos.

### Collecta

Deus, qui nobis sub sacraménto mirábili
passiónis tuae memóriam reliquísti,

tríbue, quaésumus,
ita nos Córporis et Sánguinis tui sacra mystéria venerári,
ut redemptiónis tuae fructum in nobis iúgiter sentiámus.
Qui vivis.

## Lectio prima

*Unus panis, unum corpus multi sumus*

Léctio Epístolae primae beáti Pauli apóstoli
ad Corínthios 10, 16-17

Fratres:

Calix benedictiónis cui benedícimus, nonne communicátio sánguinis Christi est? Et panis quem frángimus, nonne communicátio córporis Christi est?

Quóniam unus panis, unum corpus multi sumus, omnes enim de uno pane participámur.

Verbum Dómini.

## Psalmus responsorius Ps 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6 (R.: 1)

R. Dóminus pascit me, et nihil mihi déerit.

Dóminus pascit me, et nihil mihi déerit:
in páscuis virénibus me collocávit,
super aquas quiétis edúxit me,
ánimam meam refécit. R.

Dedúxit me super sémitas iustítiae
propter nomen suum.
Nam et si ambulávero in valle umbrae mortis,
nom timébo mala, quóniam tu mecum es.
Virga tua et báculus tuus
ipsa me consoláta sunt. R.

Parásti in conspéctu meo mensam
advérsus eos qui tríbulant me;
impinguásti in óleo caput meum,
et calix meus redúndat. R.

Étenim benígnitas et misericórdia subsequéntur me
ómnibus diébus vitae meae,
et inhabitábo in domo Dómini
in longitúdinem diérum. R.

## Alleluia

Io 6, 51

R. Allelúia.

Ego sum Panis vivus, qui de caelo descéndi,
dicit Dóminus;
si quis manducáverit ex hoc pane,
vivet in aetérnum.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Caro mea verus est cibus, et sanguis meus verus est potus*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Ioánnem 6, 51-59

In illo témpore:
Dixit Iesus turbis Iudaeórum:
«Ego sum panis vivus, qui de caelo descéndi. Si quis manducáverit ex hoc pane vivet in aetérnum; panis autem quem ego dabo, caro mea est pro mundi vita.»
Litigábant ergo Iudaei ad ínvicem dicéntes: «Quómodo potest hic nobis carnem suam dare ad manducándum?»
Dixit ergo eis Iesus: «Amen, amen dico vobis, nisi manducavéritis carnem Fílii hóminis et bibéritis eius sánguinem, non habébitis vitam in vobismetípsis. Qui mandúcat meam carnem et bibit meum sánguinem habet vitam aetérnam, et ego resuscitábo eum in novíssimo die.
Caro enim mea verus est cibus, et sanguis meus verus est potus.
Qui mandúcat meam carnem et bibit meum sánguinem in me manet, et ego in illo.
Sicut misit me vivens Pater, et ego vivo propter Patrem, et qui mandúcat me, et ipse vivet propter me. Hic est panis qui de caelo descéndit. Non sicut manducavérunt patres et mórtui sunt. Qui mandúcat hunc panem vivet in aetérnum.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Ecclésiae tuae, quaesumus, Dómine,
unitátis et pacis propítius dona concéde,
quae sub oblátis munéribus mýstice designántur.
Per Christum.

### Ant. ad communionem — Io 6, 56

Qui mandúcat meam carnem et bibit meum sánguinem, in me manet et ego in eo, dicit Dóminus.

### Post communionem

Fac nos, qua'esumus, Dómine,
divinitátis tuae sempitérna fruitióne repléri,
quam pretiósi Córporis et Sánguinis tui
temporális percéptio praefigúrat.
Qui vivis.

## 8

## DE SPIRITU SANCTO

### Ant. ad introitum — Cf. Rom 5, 5

Cáritas Dei diffúsa est in córdibus nostris, per inhabitántem Spíritum eius in nobis.

### Collecta

Mentes nostras, qua'esumus, Dómine,
Paráclitus qui a te procédit illúminet,
et indúcat in omnem, sicut tuus promísit Fílius, veritátem.
Qui tecum.

### Lectio prima

*Caritas Dei diffusa est in cordibus nostris*
*per Spiritum Sanctum, qui datus est nobis*

Léctio Epístolae beáti Pauli apóstoli ad Romános — 5, 1-2. 5-9a

Fratres:

Iustificáti ex fide, pacem habémus ad Deum per Dóminum nostrum Iesum Christum, per quem et accéssum habémus fide in grátiam istam, in qua stamus et gloriámur in spe glóriae Dei.

Spes autem non confúndit, quia cáritas Dei diffúsa est in córdibus nostris per Spíritum Sanctum, qui datus est nobis. Adhuc enim Christus, cum adhuc infírmi essémus, secúndum tempus pro ímpiis mórtuus est. Vix enim pro iusto quis móritur; nam pro bono fórsitan quis et áudeat mori.

Comméndat autem suam caritátem Deus in nos, quóniam, cum adhuc peccatóres essémus, Christus pro nobis mórtuus est.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 95, 1-2a. 2b-3. 9-10a. 11-12 (R.: cf. 3)

R. Annuntiáte in ómnibus pópulis mirabília Dei.

Cantáte Dómino cánticum novum,
cantáte Dómino, omnis terra.
Cantáte Dómino, benedícite nómini eius, R.

annuntiáte de die in diem salutáre eius.
Annuntiáte inter gentes glóriam eius,
in ómnibus pópulis mirabília eius. R.

Adoráte Dóminum in splendóre sancto.
Contremíscite a fácie eius, univérsa terra,
dícite in géntibus: «Dóminus regnávit.» R.

Laeténtur caeli et exsúltet terra,
sonet mare et plenitúdo eius;
gaudébunt campi et ómnia quae in eis sunt.
Tunc exsultábunt ómnia ligna silvárum. R.

Alleluia

R. Allelúia.

Veni, Sancte Spíritus, reple tuórum corda fidélium;
et tui amóris in eis ignem accénde.

R. Allelúia.

Evangelium

*Spiritus Sanctus docebit vos omnia*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Ioánnem 14, 23-26

In illo témpore:
Dixit Iesus discípulis suis: «Si quis díligit me, sermónem meum servábit, et Pater meus díliget eum, et ad eum veniémus et mansiónem apud eum faciémus. Qui non díligit me, sermónes meos non servat. Et sermo quem audítis non est meus, sed eius, qui misit me, Patris.

Haec locútus sum vobis apud vos manens. Paráclitus autem Spíritus Sanctus, quem mittet Pater in Nómine meo, ille vos docébit ómnia, et súggeret vobis ómnia quae dixi vobis.»

Verbum Dómini.

### Super oblata

Haec oblátio, quaesumus, Dómine,
cordis nostri máculas emúndet,
ut Sancti Spíritus digna efficiátur habitátio.
Per Christum.

### Ant. ad communionem — Io 15, 26; 16, 14

Spíritus qui a Patre procédit, ille me clarificábit, dicit Dóminus.

### Post communionem

Dómine Deus noster,
qui nos vegetáre dignátus es caeléstibus aliméntis,
suavitátem Spíritus tui penetrálibus nostri cordis infúnde,
ut, quae temporáli devotióne percépimus,
sempitérno múnere capiámus.
Per Christum.

## 9

## DE BEATA MARIA VIRGINE

### Ant. ad introitum — Sedulius

Salve, sancta parens, enixa puérpera Regem, qui caelum terrámque regit in saecula saeculórum.

### Collecta

Famulórum tuórum, quaesumus, Dómine, delíctis ignósce,
ut, qui tibi placére de áctibus nostris non valémus,
Genetrícis Fílii tui Dómini nostri intercessióne salvémur.
Per Dóminum.

## Lectio prima

*Misit Deus Filium suum, factum ex muliere*

Léctio Epístolae beáti Pauli apóstoli ad Gálatas 4, 4-7

Fratres:
Ubi venit plenitúdo témporis, misit Deus Fílium suum, factum ex mulíere, factum sub Lege, ut eos qui sub Lege erant redímeret, ut adoptiónem filiórum reciperémus.
Quóniam autem estis fílii, misit Deus Spíritum Fílii sui in corda nostra clamántem: «Abba, Pater.» Ítaque iam non es servus, sed fílius. Quod si fílius, et heres per Deum.

Verbum Dómini.

## Psalmus responsorius Lc 1, 46-47. 48-49. 50-51. 52-53. 54-55 (R.: 49)

R. Fecit mihi magna qui potens est, et sanctum Nomen eius.

Magníficat ánima mea Dóminum,
et exsultávit spíritus meus
in Deo Salvatóri meo, R.

quia respéxit humilitátem ancíllae suae.
Ecce enim ex hoc beátam me dicent
omnes generatiónes:
quia fecit mihi magna qui potens est,
et sanctum Nomen eius, R.

et misericórdia eius in progénies et progénies
timéntibus eum.
Fecit poténtiam in brácchio suo,
dispérsit supérbos mente cordis sui; R.

depósuit poténtes de sede
et exaltávit húmiles,
esuriéntes implévit bonis
et dívites dimísit inánes. R.

Suscépit Ísrael púerum suum,
memorári misericórdiae,
sicut locútus est ad patres nostros,
Ábraham et sémini eius in saecula. R.

## Alleluia

R. Allelúia.

Felix es, sacra Virgo María, et omni laude digníssima,
quia ex te ortus est sol iustítiae, Christus Deus noster.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Beatus venter qui te portavit*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Lucam 11, 27-28

In illo témpore:

Loquénte Iesu ad turbas, extóllens vocem quaedam múlier de turba dixit illi: «Beátus venter qui te portávit, et úbera quae suxísti.»

At ille dixit: «Quinímmo beáti qui áudiunt verbum Dei et custódiunt.»

Verbum Dómini

## Super oblata

Unigéniti tui, Dómine, nobis succúrrat humánitas,
ut, qui natus de Vírgine
Matris integritátem non mínuit sed sacrávit,
a nostris nos piáculis éxuens,
oblatiónem nostram tibi reddat accéptam.
Per Christum.

## Ant. ad communionem Cf. Lc 11, 27

Beáta víscera Maríae Vírginis, quae portavérunt aetérni Patris Fílium.

## Post communionem

Quos caelésti, Dómine, mystério recreásti,
poténti semper virtúte defénde,
et ad aetérnam pátriam,
beáta Vírgine María adiuvánte, pervenire concéde.
Per Christum.

## 10

# DE SANCTIS APOSTOLIS ET MARTYRIBUS

### Ant. ad introitum

Gaudent in caelis ánimae Sanctórum, qui Christi vestígia sunt secúti; et quia pro eius amóre sánguinem suum fudérunt, ídeo cum Christo exsúltant sine fine.

### Collecta

Pro Apostolis:

Deus, qui nos per beátos Apóstolos
ad agnitiónem tui nóminis veníre tribuísti,
intercedéntibus sanctis N. et N., concéde propítius,
ut semper augeátur Ecclésia increméntis
in te credéntium populórum.
Per Dóminum.

Pro martyribus:

Praesta, Dómine, précibus nostris cum exsultatióne provéntum,
ut sancti mártyris N.,
cuius diem passiónis ánnua devotióne recólimus,
étiam fídei constántiam subsequámur.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Quasi holocausti hostiam accepit illos*

Léctio libri Sapiéntiae 3, 1-9

Iustórum ánimae in manu Dei sunt,
et non tanget illos torméntum mortis.
Visi sunt óculis insipiéntium mori,
et aestimáta est afflíctio éxitus illórum,
et, quod a nobis est iter, extermínium;
illi autem sunt in pace.
Étenim, si coram homínibus torménta passi sunt,
spes illórum immortalitáte plena est:
et in paucis corrépti, in multis bene disponéntur,
quóniam Deus tentávit eos
et invénit illos dignos se.

Tamquam aurum in fornáce probávit illos
et quasi holocáusti hóstiam accépit illos,
et in témpore visitatiónis illórum fulgébunt
et tamquam scintíllae in arundinéto discúrrent;
iudicábunt natiónes et dominabúntur pópulis,
et regnábit Dóminus illórum in perpétuum.
Qui confídunt in illo, intéllegent veritátem,
et fidéles in dilectióne acquiéscent illi,
quóniam grátia et misericórdia est sanctis eius
et visitátio eléctis eius.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6 (R.: 5)

R. Qui séminant in lácrimis, in exsultatióne metent.

In converténdo Dóminus captivitátem Sion,
facti sumus quasi somniántes.
Tunc replétum est gáudio os nostrum,
et lingua nostra exsultatióne. R.

Tunc dicébant inter gentes:
«Magnificávit Dóminus fácere cum eis.»
Magnificávit Dóminus fácere nobíscum;
facti sumus laetántes. R.

Convérte, Dómine, captivitátem nostram,
sicut torréntes in austro.
Qui séminant in lácrimis,
in exsultatióne metent. R.

Eúntes ibant et flebant,
semen spargéndum portántes;
veniéntes autem vénient in exsultatióne,
portántes manípulos suos. R.

Alleluia

R. Allelúia.

Te Deum laudámus: te Dóminum confitémur;
te mártyrum candidátus laudat exércitus.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Si me persecuti sunt, et vos persequentur*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Ioánnem 15, 18-21

In illo témpore:

Dixit Iesus discípulis suis: «Si mundus vos odit, scitóte quia me prióre vobis ódio hábuit. Si de mundo essétis, mundus quod suum est dilígeret; quia vero de mundo non estis, sed ego elégi vos de mundo, proptérea odit vos mundus.

Mementóte sermónis quem ego dixi vobis: "Non est servus maior dómino suo."

Si me persecúti sunt, et vos persequéntur; si sermónem meum servavérunt, et vestrum servábunt. Sed haec ómnia fácient vobis propter Nomen meum, quia nésciunt eum qui misit me.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Pro Apostolis:

Glóriam, Dómine, sanctórum apostolórum N. et N.
perpétuam venerántes,
quaesumus, ut vota nostra suscípias
et ad sacra mystéria celebránda nos digne perdúcas.
Per Christum.

Pro martyribus:

Súscipe, sancte Pater, múnera
quae in sanctórum mártyrum
commemoratióne deférimus,
et nobis fámulis tuis concéde,
ut in confessióne tui nóminis inveníri stábiles mereámur.
Per Christum.

## Ant. ad communionem Lc 22, 28-30

Vos estis qui permansístis mecum in tentatiónibus meis, et ego dispóno vobis regnum, dicit Dóminus, ut edátis et bibátis super mensam meam in regno meo.

## Post communionem

Pro Apostolis:

Percéptis, Dómine, sacraméntis,
súpplices in Spíritu Sancto deprecámur,
ut, quae pro apostolórum N. et N.
veneránda gérimus passióne, nos in tua dilectióne consérvent.
Per Christum.

Pro martyribus:

Deus, qui crucis mystérium
in sanctis martýribus tuis mirabíliter illustrásti,
concéde propítius, ut, ex hoc sacrifício roboráti,
Christo fidéliter haereámus,
et in Ecclésia ad salútem ómnium operémur.
Per Christum.

## 11

## DE SANCTIS

### Ant. ad introitum — Ps 144, 10-11

Confiteántur tibi, Dómine, ómnia ópera tua, et Sancti tui benedícant tibi: glóriam regni tui dicent, et poténtiam tuam loquéntur.

### Collecta

Omnípotents aetérne Deus,
qui per glorificatiónem Sanctórum
novíssima dilectiónis tuae nobis arguménta largíris,
concéde propítius,
ut, ad Unigénitum tuum fidéliter imitándum,
et ipsórum intercessióne commendémur,
et incitémur exémplo.
Per Dóminum.

## Lectio prima

*Scire supereminenten scientiae caritatem Christi*

Léctio Epístolae beáti Pauli apóstoli ed Ephésios 3, 14-19

Fratres:
Flecto génua mea ad Patrem, ex quo omnis patérnitas in caelis et in terra nominátur; ut det vobis secúndum divítias glóriae suae virtúte corroborári per Spíritum eius in interiórem hóminem; habitáre Christum per fidem in córdibus vestris; in caritáte radicáti et fundáti, ut valeátis comprehéndere cum ómnibus sanctis quae sit latitúdo et longitúdo et sublímitas et profúndum; scire étiam supereminéntem sciéntiae caritátem Christi, ut impleámini in omnem plenitúdinem Dei.

Verbum Dómini.

## Psalmus responsorius Ps 1, 1-2. 3. 4 et 6 (R.: Ps 39, 5a)

R. Beátus vir qui pósuit Dóminum spem suam.

Beátus vir qui non ábiit in consílio impiórum,
et in via peccatórum non stetit,
et in convéntu derisórum non sedit;
sed in lege Dómini volúntas eius,
et in lege eius meditátur die ac nocte. R.

Et erit tamquam lignum
plantátum secus decúrsus aquárum,
quod fructum suum dabit in témpore suo;
et fólium eius non défluet,
et ómnia quaecúmque fáciet prosperabúntur. R.

Non sic ímpii, non sic,
sed tamquam pulvis quem próicit ventus.
Quóniam novit Dóminus viam iustórum,
et iter impiórum períbit. R.

## Alleluia Io 15, 4a et 5b

R. Allelúia.

Manéte in me, et ego in vobis, dicit Dóminus;
qui manet in me, fert fructum multum.

R. Allelúia.

## Evangelium

*Qui manet in me, et ego in eo, hic fert fructum multum*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Ioánnem 15, 1-8

In illo témpore:

Dixit Iesus discípulis suis: «Ego sum vitis vera, et Pater meus agrícola est. Omnem pálmitem in me non feréntem fructum tollit eum, et omnem qui fert fructum purgat eum, ut fructum plus áfferat. Iam vos mundi estis propter sermónem, quem locútus sum vobis.

Manéte in me, et ego in vobis. Sicut palmes non potest ferre fructum a semetípso, nisi mánserit in vite, sic nec vos, nisi in me manséritis.

Ego sum vitis, vos pálmites; qui manet in me, et ego in eo, hic fert fructum multum, quia sine me nihil potéstis fácere. Si quis in me non mánserit, missus est foras sicut palmes et áruit, et cólligunt eos et in ignem mittunt, et ardent.

Si manséritis in me, et verba mea in vobis mánserint, quodcúmque voluéritis pétite, et fiet vobis.

In hoc glorificátus est Pater meus, ut fructum multum afferátis, et efficiámini mei discípuli.»

Verbum Dómini.

## Super oblata

Preces nostras, Dómine, quaesumus, propitiátus admítte,
et, ut digne tuis famulémur altáribus,
Sanctórum tuórum nos intercessióne custódi.
Per Christum.

## Ant. ad communionem Ps 67, 4

Iusti epuléntur, et exsúltent in conspéctu Dei, et delecténtur in laetítia.

## Post communionem

Omnípotens sempitérne Deus,
Pater totíus consolatiónis et pacis,
praesta famíliae tuae celebritáte Sanctórum
ad laudem tui nóminis congregátae,
ut, per Unigéniti tui sumpta mystéria,
pignus accípiat redemptiónis aetérnae.
Per Christum.

## 12

# PRO DEFUNCTIS

### Ant. ad introitum

Dona eis, Dómine, réquiem sempitérnam et imple splendóribus ánimas eórum.

### Collecta

Deus, qui Unigénitum tuum, devícta morte,
ad caeléstia transíre fecísti,
concéde fámulis tuis N. et N.,
ut, huius vitae mortalitáte devícta,
te conditórem et redemptórem possint perpétuo contemplári.
Per Dóminum.

### Lectio prima

*Habemus domum aeternam in caelis*

Léctio Epístolae secúndae beáti Pauli apóstoli
ad Corínthios 5, 1. 6-10

Fratres:

Scimus quóniam, si terréstris domus nostra huius tabernáculi dissolvátur, aedificatiónem ex Deo habémus, domum non manufáctam, aetérnam in caelis.

Audéntes ígitur semper et sciéntes quóniam, dum praeséntes sumus in córpore, peregrinámur a Dómino (per fidem enim ambulámus et non per spéciem), audémus autem et bonam voluntátem habémus magis peregrinári a córpore et praeséntes esse ad Dóminum. El ídeo conténdimus, sive praeséntes sive abséntes, placére illi.

Omnes enim nos manifestári opórtet ante tribúnal Christi, ut réferat unusquísque pro eis quae per corpus gessit, sive bonum sive malum.

Verbum Dómini.

Psalmus responsorius Ps 26, 1. 4. 7 et 8b et 9a. 13-14 (R.: 13)

R. Credo vidére bona Dómini in terra vivéntium.

Dóminus illumínátio mea et salus mea, quem timébo?
Dóminus protéctor vitae meae, a quo trepidábo? R.

Unum pétii a Dómino, hoc requíram:
ut inhábitem in domo Dómini
ómnibus diébus vitae meae,
ut vídeam voluptátem Dómini,
et vísitem templum eius. R.

Exáudi, Dómine, vocem meam qua clamávi,
miserére mei et exáudi me.
Fáciem tuam, Dómine, requíram.
Ne avértas fáciem tuam a me. R.

Credo vidére bona Dómini in terra vivéntium.
Exspécta Dóminum, viríliter age,
et confortétur cor tuum, et sústine Dóminum. R.

Alleluia, vel Versus ante Evangelium Ap 14, 13

Beáti mórtui qui in Dómino moriúntur:
requiéscant a labóribus suis;
ópera enim illórum sequúntur illos.

Evangelium

*Qui credit in Filium habet vitam aeternam, et resuscitabo ego eum in novissimo die*

✠ Léctio sancti Evangélii secúndum Ioánnem 6, 37-40

In illo témpore:

Dixit Iesus turbis: «Omne, quod dat mihi Pater, ad me véniet; et eum, qui venit ad me, non eíciam foras. Quia descéndi de caelo, non ut fáciam voluntátem meam, sed voluntáten eius qui misit me. Haec est autem volúntas eius, qui misit me, ut omne quod dedit mihi non perdam ex eo, sed resúscitem illud in novíssimo die.

Haec est enim volúntas Patris mei, ut omnis qui videt Fílium et crédit in eum, hábeat vitam aetérnam; et resuscitábo ego eum in novíssimo die».

Verbum Dómini.

## Super oblata

Hóstias, quaésumus, Dómine,
quas tibi pro fámulis tuis offérimus,
propitiátus inténde,
ut, quibus fídei christiánae méritum contulísti,
dones et praémium.
Per Christum.

## Ant. ad communionem

Pro quorum memória Corpus et Sanguis Christi súmitur, dona eis, Dómine, réquiem sempitérnam.

## Post communionem

Multíplica, Dómine, his sacrifíciis suscéptis,
super fámulos tuos defúnctos misericórdiam tuam,
et, quibus donásti baptísmi grátiam,
da eis aeternórum plenitúdinem gaudiórum.
Per Christum.

# FORMULA GENERALIS ORATIONIS FIDELIUM

Ad Deum Patrem omnipoténtem, qui vult omnes hómines salvos fieri et ad agnitiónem veritátis veníre, tota mentis nostrae, fratres caríssimi, dirigátur orátio.

1. Pro Ecclésia sancta Dei: ut eam Dóminus custodíre et fovére dignétur, Dóminum deprecémur.

R. Praesta, aetérne omnípotens Deus.

2. Pro totíus orbis pópulis: ut inter eos Dóminus concórdiam serváre dignétur, Dóminum deprecémur.

R. Praesta, aetérne omnípotens Deus.

3. Pro ómnibus qui váriis premúntur necessitátibus: ut omnes Dóminus subleváre dignétur, Dóminum deprecémur.

R. Praesta, aetérne omnípotens Deus.

4. Pro nobismetípsis ac pro nostra communitáte: ut nos omnes Dóminus hóstiam sibi acceptábilem admíttere dignétur, Dóminum deprecémur.

R. Praesta, aetérne omnípotens Deus.

Omnípotens sempitérne Deus,
qui salvas omnes et néminem vis períre,
exáudi preces pópuli tui, et praesta;
ut et mundi cursus pacífico nobis tuo órdine dirigátur,
et Ecclésia tua tranquílla devotióne laetétur.
Per Christum Dóminum nostrum.

R. Amen.

# PRAEPARATIO AD MISSAM

## Oratio S. Ambrosii

Ad mensam dulcíssimi convívii tui, pie Dómine Iesu Christe,
ego peccátor de própriis meis méritis nihil praesúmens,
sed de tua confídens misericórdia et bonitáte,
accédere véreor et contremísco.
Nam cor et corpus hábeo multis crimínibus maculátum,
mentem et linguam non caute custodítam.
Ergo, o pia Déitas, o treménda maiéstas,
ego miser, inter angústias deprehénsus,
ad te fontem misericórdiae recúrro,
ad te festíno sanándus,
sub tuam protectiónem fúgio;
et, quem Iúdicem sustinére néqueo,
Salvatórem habére suspíro.

Tibi, Dómine, plagas meas osténdo,
tibi verecúndiam meam détego.
Scio peccáta mea multa et magna, pro quibus tímeo:
spero in misericórdias tuas, quarum non est número.

Réspice ergo in me óculis misericórdiae tuae,
Dómine Iesu Christe, Rex aetérne, Deus et homo,
crucifíxus propter hóminen.
Exáudi me sperántem in te:
miserére mei pleni miséria et peccátis,
tu qui fontem miseratiónis numquam manáre cessábis.

Salve, salutáris víctima,
pro me et omni humáno génere in patíbulo Crucis obláta.
Salve, nóbilis et pretióse Sanguis,
de vulnéribus crucifíxi Dómini mei Iesu Christi prófluens,
et peccáta totíus mundi ábluens.

Recordáre, Dómine, creatúrae tuae,
quam tuo Sánguine redemísti.
Paenitet me peccásse,
cúpio emendáre quod feci.
Aufer ergo a me, clementíssime Pater,
omnes iniquitátes et peccáta mea,

ut, purificátus mente et córpore,
digne degustáre mérear Sancta sanctórum.
Et concéde, ut haec sancta praelibátio Córporis et Sánguinis tui,
quam ego indígnus súmere inténdo,
sit peccatórum meórum remíssio,
sit delictórum perfécta purgátio,
sit túrpium cogitatiónum effugátio
ac bonórum sénsuum regenerátio,
operúmque tibi placéntium salúbris efficácia,
ánimae quoque et córporis
contra inimicórum meórum insídias firmíssima tuítio.

Amen.

## Oratio S. Thomae de Aquino

Omnípotens sempitérne Deus,
ecce accédo ad sacraméntum unigéniti Fílii tui,
Dómini nostri Iesu Christi:
accédo tamquam infírmus ad médicum vitae,
immúndus ad fontem misericórdiae,
caecus ad lumen claritátis aetérnae,
pauper et egénus ad Dóminum caeli et terrae.

Rogo ergo imménsae largitátis tuae abundántiam,
quátenus meam curáre dignéris infirmitátem,
laváre foeditátem, illumináre caecitátem,
ditáre paupertátem, vestíre nuditátem,
ut panem Angelórum, Regem regum et Dóminum dominántium,
tanta suscípiam reveréntia et humilitáte,
tanta contritióne et devotióne, tanta puritáte et fide,
tali propósito et intentióne, sicut éxpedit salúti ánimae meae.

Da mihi, quaeso, domínici Córporis et Sánguinis
non solum suscípere sacraméntum,
sed étiam rem et virtútem sacraménti.

O mitíssime Deus,
da mihi Corpus unigéniti Fílii tui, Dómini nostri Iesu Christi,
quod traxit de Vírgine María, sic suscípere,
ut córpori suo mýstico mérear incorporári
et inter eius membra connumerári.

O amantíssime Pater,
concéde mihi diléctum Fílium tuum,
quem nunc velátum in via suscípere propóno,
reveláta tandem fácie perpétuo contemplári:
Qui tecum vivit et regnat
in saecula saeculórum.

Amen.

## Oratio ad beatam Mariam Virginem

O Mater pietátis et misericórdiae, beatíssima Virgo María,
ego miser et indígnus peccátor
ad te confúgio toto corde et afféctu,
et precor pietátem tuam,
ut, sicut dulcíssimo Fílio tuo in Cruce pendénti astitísti,
ita et mihi, mísero peccatóri, et sacerdótibus ómnibus,
hic et in tota sancta Ecclésia hódie offeréntibus,
cleménter assístere dignéris,
ut, tua grátia adiúti,
dignam et acceptábilem hóstiam
in conspéctu summae et indivíduae Trinitátis offérre valeámus.

Amen.

## Formula intentionis

Ego volo celebráre Missam,
et confícere Corpus et Sánguinem Dómini nostri Iesu Christi,
iuxta ritum sanctae Románae Ecclésiae,
ad laudem omnipoténtis Dei totiúsque Cúriae triumphántis,
ad utilitátem meam totiúsque Cúriae militántis,
pro ómnibus qui se commendavérunt oratiónibus meis
in génere et in spécie,
et pro felíci statu sanctae Románae Ecclésiae.

Amen.

Gáudium cum pace,
emendatiónem vitae, spátium verae paeniténtiae,
grátiam et consolatiónem Sancti Spíritus,
perseveránt iam in bonis opéribus,
tríbuat nobis omnípotens et miséricors Dóminus.
Amen.

## GRATIARUM ACTIO POST MISSAM

### Oratio S. Thomae de Aquino

Grátias tibi ago,
Dómine, sancte Pater, omnípotens aetérne Deus,
qui me peccatórem, indígnum fámulum tuum,
nullis meis méritis, sed sola dignatióne misericórdiae tuae
satiáre dignátus es pretióso Córpore et Sánguine Fílii tui,
Dómini nostri Iesu Christi.

Et precor, ut haec sancta commúnio
non sit mihi reátus ad poenam,
sed intercéssio salutáris ad véniam.
Sit mihi armatúra fídei, et scutum bonae voluntátis.
Sit vitiórum meórum evacuátio,
concupiscéntiae et libídinis exterminátio,
caritátis et patiéntiae, humilitátis et oboediéntiae,
omniúmque virtútum augmentátio:
contra insídias inimicórum ómnium,
tam visibílium quam invisibílium, firma defénsio:
mótuum meórum, tam carnálium quam spiritálium,
perfécta quietátio:
in te uno ac vero Deo firma adhaesio,
atque finis mei felix consummátio.

Et precor te, ut ad illud ineffábile convívium
me peccatórem perdúcere dignéris,
ubi tu, cum Fílio tuo et Spíritu Sancto,
Sanctis tuis es lux vera, satíetas plena,
gáudium sempitérnum, iucúnditas consummáta et felícitas perfécta.
Per Christum Dóminum nostrum.

Amen.

## Aspirationes ad Ss.mum Redemptorem

Ánima Christi, sanctífica me.
Corpus Christi, salva me.
Sanguis Christi, inébria me.
Aqua láteris Christi, lava me.
Pássio Christi, confórta me.
O bone Iesu, exáudi me.
Intra tua vúlnera abscónde me.
Ne permíttas me separári a te.
Ab hoste malígno defénde me.
In hora mortis meae voca me.
Et iube me veníre ad te,
ut cum Sanctis tuis laudem te
in saecula saeculórum.

Amen.

## Oblatio sui

Súscipe, Dómine, univérsam meam libertátem.
Áccipe memóriam, intelléctum atque voluntátem omnem.
Quidquid hábeo vel possídeo, mihi largítus es:
id tibi totum restítuo, ac tuae prorsus voluntáti trado gubernándum.
Amórem tui solum cum grátia tua mihi dones,
et dives sum satis, nec áliud quidquam ultra posco.

## Oratio ad D. N. Iesum Christum crucifixum

En ego, o bone et dulcíssime Iesu,
ante conspéctum tuum génibus me provólvo,
ac máximo ánimi ardóre te oro atque obtéstor,
ut meum in cor vívidos fídei, spei et caritátis sensus,
atque veram peccatórum meórum paeniténtiam,
éaque emendándi firmíssimam voluntátem velis imprímere;

dum magno ánimi afféctu et dolóre
tua quinque vúlnera mecum ipse consídero ac mente contémplor,
illud prae óculis habens,
quod iam in ore ponébat tuo David prophéta de te, o bone Iesu:
«Fodérunt manus meas et pedes meos:
dinumeravérunt ómnia ossa mea» (Ps 21, 17).

## Oratio universalis
## sub nomine Clementis Pp. XI vulgata

Credo, Dómine, sed credam fírmius;
spero, sed sperem secúrius;
amo, sed amem ardéntius;
dóleo, sed dóleam veheméntius.

Adóro te ut primum princípium;
desídero ut finem últimum;
laudo ut benefactórem perpétuum;
ínvoco ut defensórem propítium.

Tua me sapiéntia dírige,
iustítia cóntine, cleméntia soláre,
poténtia prótege.

Óffero tibi, Dómine, cogitánda, ut sint ad te;
dicénda, ut sint de te;
faciénda, ut sint secúndum te;
ferénda, ut sint propter te.

Volo quidquid vis, volo quia vis,
volo quómodo vis,
volo quámdiu vis.

Oro, Dómine: intelléctum illúmines,
voluntátem inflámmes,
cor emúndes, ániman sanctífices.

Défleam praetéritas iniquitátes,
repéllam futúras tentatiónes,
córrigam vitiósas propensiónes,
éxcolam idóneas virtútes.
Tríbue mihi, bone Deus, amórem tui, ódium mei,
zelum próximi, contémptum mundi.

Stúdeam superióribus oboedíre,
inferióribus subveníre,
amícis consúlere, inimícis párcere.

Vincam voluptátem austeritáte,
avarítiam largitáte, iracúndiam lenitáte,
tepiditátem fervóre.
Redde me prudéntem in consíliis,
constántem in periculis, patiéntem in advérsis,
húmilem in prósperis.

Fac, Dómine, ut sim in oratióne atténtus,
in épulis sóbrius,
in múnere sédulus, in propósito firmus.

Curem habére innocéntiam interiórem,
modéstiam exteriórem,
conversatiónem exemplárem,
vitam regulárem.

Assídue unvígilem natúrae domándae,
grátiae fovéndae, legi servándae,
salúti promeréndae.

Discam a te quam ténue quod terrénum,
quam grande quod divínum,
quam breve quod temporáneum,
quam durábile quod aetérnum.

Da, ut morten praevéniam,
iudícium pertímeam,
inférnum effúgiam, paradísum obtíneam.
Per Christum Dóminun nostrum.

Amen.

## Oratio ad beatam Mariam Virginem

O María, Virgo et Mater sanctíssima,
ecce suscépi dilectíssimum Fílium tuum,
quem immaculáto útero tuo concepísti,
genuísti, lactásti atque suavíssimis ampléxibus strinxísti.

Ecce, cuius aspéctu laetabáris et ómnibus delíciis replebáris,
illim ipsum tibi humíliter et amánter repraesénto et óffero,
tuis brácchiis constringéndum, tuo corde amándum,
sanctissimaeque Trinitáti in suprémum latríae cultum,
pro tui ipsíus honóre et glória
et pro meis totiúsque mundi necessitátibus, offeréndum.

Rogo ergo te, piíssima Mater,
ímpetra mihi véniam ómnium peccatórum meórum,
uberémque grátiam ipsi deínceps fidélius serviéndi,
ac dénique grátiam finálem,
ut eum tecum laudáre possim per ómnia saecula saeculórun.

Amen.

# ÍNDICES

# ÍNDICE ALFABÉTICO DAS CELEBRACIÓNS


Afonso María de Ligorio, bp. e dr.Ig. (1 ag.) ..... 696
Agostiño, bp. e dr. Ig. (28 ag.) ... 722
Agostiño de Canterbury, bp. (27 mai.) 653
Águeda, vx. e mr. (5 feb.) ..... 601
Alberte Magno, bp. e dr. Ig. (15 nov.) 792
Ambrosio, bp. e dr. Ig. (7 dec.) ... 800
Ana, nai da Virxe María (26 xull.) 692
Andrés, ap. (30 nov.) ..... 797
Andrés Kim Taegon, pbr. e mr. (20 set.) ..... 736
Anselmo, bp. e dr. Ig. (21 abr.) ... 627
Antón, ab. (17 xan.) ..... 584
Antonio María Claret, bp. (24 out.) 775
Antonio María Zaccaría, pbr. (5 xull.) 678
Antonio de Padua, pbr. e dr. Ig. (13 xuñ.) ..... 661
Ánxela de Mérici, vx. (27 xan.) ... 592
Anxos da Garda (2 out.) ..... 745
Aquileo, mr. (12 mai.) ..... 642
Atanasio, bp. e dr. Ig. (2 mai.) ... 640
Augurio, dcn. e mr. (20 xan.) .... 585

Baia (Eulalia) de Mérida, vx. e mr. (10 dec.) ..... 804
Bartolomeu, ap. (24 ag.) ..... 717
Basilio Magno, bp. e dr. Ig. (2 xan.) 581
Beda o Venerable, pbr. e dr. Ig. (25 mai.) ..... 650
Bernabé, ap. (11 xuñ.) ..... 660
Bernaldo, ab. e dr. Ig. (20 ag.) ... 713
Bernardino de Siena, pbr. (20 mai.) 648
Bieito, ab. (11 xull.) ..... 680
Boaventura, bp. e dr. Ig. (15 xull.) 682
Bonifacio, bp. e mr. (5 xuñ.) ..... 658
Brais, bp. e mr. (3 feb.) ..... 600
Bríxida, rlxa. (23 xull.) ..... 686
Bruno, pbr. (6 out.) ..... 759

Caetano, pbr. (7 ag.) ..... 701
Calixto I, pp. e mr. (14 out.) ..... 765
Camilo de Lelis, pbr. (14 xull.) ... 682
Capitón, bp. e mr. (4 mar.) ..... 612
Carlos Borromeo, bp. (4 nov.) .... 784
Carlos Lwanga, mr. (3 xuñ.) ..... 657
Casimiro (4 mar.) ..... 613
Catarina de Siena, vx. e dra. Ig. (29 abr.) ..... 632
Cecilia, vx. e mr. (22 nov.) ..... 795
Cibrán, bp. e mr. (16 set.) ..... 734
Cirilo, mx. (14 feb.) ..... 603
Cirilo de Alexandría, bp. e dr. Ig. (27 xuñ.) ..... 670
Cirilo de Xerusalén, bp. e dr. Ig. (18 mar.) ..... 615
Clara, vx. (11 ag.) ..... 704
Clemenzo I, pp. e mr. (23 nov.) ... 796
Columbano, ab. (23 nov.) ..... 796
Cornelio, pp. e mr. (16 set.) ..... 734
Cosme, mr. (26 set.) ..... 738

Dámaso I, pp. (10 dec.) ..... 804
Damián, mr. (26 set.) ..... 738
Dionisio, bp. e mr. (9 out.) ..... 760
Domingos de Guzmán, pbr. (8 ag.) 702

Eduvixe, rlxa. (16 out.) ..... 767
Efrén, dcn. e dr. Ig. (9 xuñ.) ..... 659
Escolástica, vx. (10 feb.) ..... 602
Estanislao, bp. e mr. (11 abr.) .... 625
Estevo, protomártir (26 dec.) ..... 808
Estevo de Hungría (16 ag.) ..... 712
Eufrasio, bp. e mr. (16 mai.) ..... 646
Eulalia, véxase: Baia de Mérida
Euloxio, dcn. e mr. (20 xan.) ..... 585
Euloxio de Córdoba, pbr. e mr. (9 xan.) ..... 582
Eusebio de Vercelli, bp. (2 ag.) ... 697

Fabián, pp. e mr. (20 xan.) ..... 586
Felicidade, mr. (7 mar.) ..... 613
Fernando (30 mai.) ..... 653
Fidel de Sigmaringa, pbr. e mr. (24 abr.) ..... 628
Filipe, ap. (3 mai.) ..... 641
Filipe Neri, pbr. (26 mai.) ..... 652
Francisca Romana, rlxa. (9 mar.) . 614
Francisco de Asís (4 out.) ..... 747
Francisco Blanco, mr. (3 feb.) .... 599

Francisco de Borxa, pbr. (3 out.) . 746
Francisco de Paula, erm. (2 abr.) . 624
Francisco de Sales, bp. e dr. Ig. (24 xan.) ..... 589
Francisco Xavier, pbr. (3 dec.) .... 798
Froilán, bp. (5 out.) ..... 751
Froitoso, bp. e mr. (20 xan.) ..... 585
Fundadores Orde Servos sma. Virxe María (17 feb.) ..... 605

Gabriel, arcanxo (29 set.) ..... 741
Gregorio VII, pp. (25 mai.) ..... 651
Gregorio Magno, pp. e dr. Ig. (3 set.) 726
Gregorio Nacianceno, bp. e dr. Ig. (2 xan.) ..... 581

Henrique (13 xull.) ..... 681
Hermenexildo, mr. (13 abr.) ..... 626
Hilario, bp. e dr. Ig. (13 xan.) .... 583
Hipólito, pbr. e mr. (13 ag.) ..... 704

Ignacio de Antioquía, bp. e mr. (17 out.) ..... 768
Ignacio de Loiola, pbr. (31 xull.) .. 694
Ildefonso, bp. (23 xan.) ..... 589
Inés, vx. e mr. (21 xan.) ..... 587
Inocentes, mrs. (28 dec.) ..... 810
Ireneo, bp. e mr. (28 xuñ.) ..... 670
Isaac Xogues, pbr. e mr. (19 out.) 772
Isabela de Hungría (17 nov.) ..... 793
Isabela de Portugal (4 xull.) ..... 677
Isidoro, bp. e dr. Ig. (26 abr.) .... 630
Isidro, labrador (15 mai.) ..... 645

Leandre, bp. (13 nov.) ..... 791
León Magno, pp. e dr. Ig. (10 nov.) 786
Lourenzo, dcn. e mr. (10 ag.) .... 703
Lourenzo de Bríndisi, pbr. e dr. Ig. (21 xull.) ..... 684
Lucas, evx. (18 out.) ..... 770
Lucía, vx. e mr. (13 dec.) ..... 805
Lugo, dedicación da catedral (30 ag.) 725
Luís (25 ag.) ..... 718
Luís Gonzaga, rlx. (21 xuñ.) ..... 663

Marcelino, mr. (2 xuñ.) ..... 657
Marcos, evx. (25 abr.) ..... 629
Margarida de Escocia (16 nov.) ... 792
Margarida María de Alacoque, vx. (16 out.) ..... 768
María, Sma. Virxe:
Asunción (15 ag.) ..... 709
do Carme (16 xull.) ..... 683
Dedicación da basílica de Sta. María (5 ag.) ..... 698
das Dores (15 set.) ..... 733
Inmaculada Concepción (8 dec.) 801
Inmaculado Corazón ..... 655
de Lurdes (11 feb.) ..... 603
Nai de Deus (1 xan.) ..... 170
Natividade (8 set.) ..... 727
do Pilar (12 out.) ..... 763
Presentación (21 nov.) ..... 795
Raíña (22 ag.) ..... 715
dos Remedios (9 set.) ..... 728
do Rosario (7 out.) ..... 759
Visitación (31 mai.) ..... 654
María Goretti, vx. e mr. (6 xull.) .. 678
María Madalena (22 xull.) ..... 685
María Madalena de Pazzi, vx. (25 mai.) ..... 651
María Micaela do Smo. Sacramento, vx. (15 xuñ.) ..... 662
Maria Salomé, nai de Santiago, ap. (22 out.) ..... 774
Marta (29 xull.) ..... 693
Martiño I, pp. e mr. (13 abr.) .... 626
Martiño Dumiense, bp. (20 mar.) . 620
Martiño de Porres, rlx. (3 nov.) ... 784
Martiño de Tours, bp. (11 nov.) .. 789
Mateo, ap. e evx. (21 set.) ..... 737
Matías, ap. (14 mai.) ..... 644
Maximiliano María Kolbe, pbr. e mr. (14 ag.) ..... 705
Metodio, bp. (14 feb.) ..... 603
Miguel, arcanxo (29 set.) ..... 741
Mondoñedo, dedicación da catedral (19 out.) ..... 771
Mónica (27 ag.) ..... 721

Nereo, mr. (12 mai.) ..... 642
Nicolao, bp. (6 dec.) ..... 800
Norberto, bp. (6 xuñ.) ..... 659

Óscar, bp. (3 feb.) ..... 600
Ourense, dedicación da catedral (23 xuñ.) ..... 665

Paio, mr. (26 xuñ.) ..... 669
Pancracio, mr. (12 mai.) ..... 643

Pascual Bailón, rlx. (17 mai.) ..... 646
Patricio, bp. (17 mar.) ..... 615
Paulino de Nola, bp. (22 xuñ.) ... 664
Paulo, ap.:
Conversión (25 xan.) ..... 590
Dedicación da basílica ostiense (18 nov.) ..... 794
Solemnidade (29 xuñ.) ..... 671
Paulo da Cruz, pbr. (19 out.) ..... 772
Paulo Chong Hasang, mr. (20 set.) 736
Paulo Miki, mr. (6 feb.) ..... 601
Pedro, ap.:
Cátedra (22 feb.) ..... 606
Dedicación da basílica vaticana (18 nov.) ..... 794
Solemnidade (29 xuñ.) ..... 671
Pedro, mr. (2 xuñ.) ..... 657
Pedro de Alcántara, pbr. (19 out.) 771
Pedro Canisio, pbr. e dr. Ig. (21 dec.) 807
Pedro Crisólogo, bp. e dr. Ig. (30 xull.) ..... 694
Pedro Chanel, pbr. e mr. (28 abr.) 632
Pedro Damián, bp. e dr. Ig. (21 feb.) 605
Pedro González (S. Telmo), pbr. .. 637
Pedro de Mezonzo, bp. (10 set.) .. 729
Pedro Vázquez, pbr. e mr. (25 ag.) 718
Perpetua, mr. (7 mar.) ..... 613
Pío V, pp. (30 abr.) ..... 634
Pío X, pp. (21 ag.) ..... 714
Policarpo, bp. e mr. (23 feb.) .... 607
Ponciano, pp. e mar. (13 ag.) .... 704
Protomártires Igrexa Romana (30 xuñ.) ..... 675

Rafael, arcanxo (29 set.) ..... 741
Raimundo de Penyafort, pbr. (7 xan.) 582
Roberto Belarmino, bp. e dr. Ig. (17 set.) ..... 735
Romualdo, ab. (19 xuñ.) ..... 662
Rosa de Lima, vx. (23 ag.) ..... 716
Rosendo, bp. (1 mar.) ..... 611

Santiago (fillo de Alfeo), ap. (3 mai.) 641
Santiago (fillo de Zebedeo), ap. (25 xull.) ..... 689
Santiago, dedicación da catedral (22 abr.) ..... 627
Sebastián, mr. (20 xan.) ..... 587
Sebastián Aparicio (25 feb.) ..... 608
Silvestre I, pp. (31 dec.) ..... 812
Simón, ap. (28 out.) ..... 776
Sixto II, pp. e mr. (7 ag.) ..... 701
Soledade Torres Acosta, vx. (10 out.) 762

Telmo, véxase: Pedro González
Témporas de súplica e acción de gracias (5 out.) ..... 752
Teresa do Neno Xesús, vx. (1 out.) 744
Teresa de Xesús, vx. e dra. Ig. (15 out.) ..... 766
Teresa de Xesús Jornet e Ibars, vx. (26 ag.) ..... 720
Timoteo, bp. (26 xan.) ..... 592
Tito, bp. (26 xan.) ..... 592
Tódolos fieis defuntos (2 nov.) .... 780
Tódolos Santos (1 nov.) ..... 778
Tomás de Aquino, pbr. e dr. Ig. (28 xan.) ..... 593
Tomás Becket, bp. e mr. (29 dec.) 811
Tomás More, mr. (22 xuñ.) ..... 664
Tomás de Villanueva, bp. (10 out.) 761
Tomé, ap. (3 xull.) ..... 676
Toribio de Astorga, bp. e cnf. .... 638
Toribio de Mogrovexo, bp. (23 mar.) 621
Torcuato (Trocado), bp. (21 mai.) . 648
Trocado, véxase: Torcuato
Trinidade, Santísima ..... 407
Tui, dedicación da catedral (1 dec.) 798

Vicenzo, dcn. e mr. (22 xan.) ..... 588
Vicenzo Ferrer, pbr. (5 abr.) ..... 624
Vicenzo de Paúl, pbr. (27 set.) .... 739

Wenceslao, mr. (28 set.) ..... 740

Xenaro, bp. e mr. (19 set.) ..... 735
Xerónimo, pbr. e dr. Ig. (30 set.) . 742
Xerónimo Emiliano (8 feb.) ..... 602
Xertrude, vx. (16 nov.)..... 793
Xesucristo, noso Señor:
Anunciación (25 mar.) ..... 621
Ascensión ..... 355
Bautismo ..... 174
Dedicación da basílica de Letrán (9 nov.) ..... 785
Epifanía (6 xan.) ..... 173
Exaltación da Sta. Cruz (14 set.) 731
Nadal (25 dec.) ..... 159

Presentación (2 feb.) ..... 595
Rei do universo ..... 413
Resurrección ..... 309
Sagrada Familia:
Xesús, María e Xosé ..... 164
Sagrado Corazón ..... 410
Santísimo Corpo e Sangue ..... 409
Sumo e eterno Sacerdote .. 369, 1000
Transfiguración (6 ag.) ..... 699
Xil de Casaio, mx. e erm. (1 set.) . 726
Xoán, ap. e evx. (27 dec.) ..... 809
Xoán I, pp. e mr. (18 mai .) ..... 647
Xoán de Ávila, pbr. (10 mai.) .... 642
Xoán Bautista:
Martirio (29 ag.) ..... 723
Nacemento (24 xuñ.) ..... 666
Xoán Bautista de La Salle, pbr.
(7 abr.) ..... 625
Xoán Bosco, pbr. (31 xan.) ..... 593
Xoán de Brébeuf, pbr. e mr. (19 out.) 772
Xoán de Capestrano, pbr. (23 out.) 774
Xoán Crisóstomo, bp. e dr. Ig.
(13 set.) ..... 730
Xoán da Cruz, pbr. e dr. Ig. (14 dec.) 806
Xoán Damasceno, pbr. e dr. Ig.
(4 dec.) ..... 799
Xoán de Deus, rlx. (8 mar.) ..... 614
Xoán Eudes, pbr. (19 ag.) ..... 712
Xoán Fisher, bp. e mr. (22 xuñ.) .. 664
Xoán de Kety, pbr. (23 dec.) ..... 807
Xoán Leonardi, pbr. (9 out.) ..... 761
Xoán María Vianney, pbr. (4 ag.) . 698
Xoán Xacobo Fernández, mr.
(10 xull.) ..... 679
Xoana Francisca de Chantal, rlxa.
(12 dec.) ..... 805
Xoaquín, pai da Virxe María (26 xull.) 692
Xoaquina Vedruna, rlxa. (20 mai.) 649
Xosafat, bp. e mr. (12 nov.) ..... 790
Xosé, esposo da Virxe María:
Obreiro (1 mai.) ..... 639
Solemnidade (19 mar.) ..... 619
Xosé de Calasanz, pbr. (25 ag.) ... 719
Xosé María Díaz Sanxurxo, bp. e mr.
(20 xull.) ..... 683
Xudas, ap. (28 out.) ..... 776
Xurxo, mr. (23 abr.) ..... 628
Xustino, mr. (1 xuñ.) ..... 656

# ÍNDICE DE PREFACIOS

## A. Do Tempo


1. Advento:

I. Os dous adventos de Cristo ..... 441
I (A). Cristo, Señor e Xuíz da historia ..... 442
II. Esperando as dúas vindas de Cristo ..... 443
II (A). María, nova Eva ..... 444

2. Nadal:

I. Cristo, luz do mundo ..... 445
II. A restauración do universo na Encarnación ..... 446
III. O intercambio divino e humano na Encarnación do Verbo .... 447

3. Epifanía do Señor: Cristo, luz dos pobos ..... 448

4. Coresma:

I. Significación espiritual da Coresma ..... 449
II. O espírito da penitencia ..... 450
III. Os froitos das privacións voluntarias ..... 451
IV. Os froitos do xexún ..... 452
V. O camiño do éxodo no deserto coresmal ..... 453
VI. As tentacións do Señor (domingo I) ..... 197
VII. A transfiguración do Señor (domingo II) ..... 205
VIII. A Samaritana (domingo III) ..... 213
IX. O cego de nacemento (domingo IV) ..... 221
X. A resurrección de Lázaro (domingo V) ..... 230

5. Paixón do Señor:

I. A forza da Cruz ..... 454
II. A victoria da Paixón ..... 455
III. A paixón do Señor (domingo de Ramos) ..... 249

6. Pascual:

I. O misterio pascual ..... 456
II. A nova vida en Cristo ..... 457
III. Cristo vive e intercede sempre por nós ..... 458
IV. A restauración do universo polo misterio pascual ..... 459
V. Cristo, sacerdote e víctima ..... 460

7. Ascensión do Señor:

I. O misterio da Ascensión ..... 461
II. O misterio da Ascensión ..... 462
III. Na espera da chegada do Espírito Santo ..... 463

8. Domingo de Pentecostés: O misterio de Pentecostés ..... 367

9. Dominicales do tempo ordinario:

I. O misterio pascual fixo de nós o pobo de Deus ..... 464
II. O plan divino da salvación ..... 465
III. O home salvado por un home ..... 466
IV. As etapas da historia da salvación en Cristo ..... 467
V. As maravillas da creación ..... 468
VI. O peñor da nosa Pascua eterna ..... 469
VII. A salvación, froito da obediencia de Cristo ..... 470
VIII. A Igrexa unida no misterio da Trinidade ..... 471
IX. A acción do Espírito Santo na Igrexa ..... 472
X. O día do Señor ..... 473

10. Prefacios comúns:

I. O universo, restaurado en Cristo ..... 497
II. A salvación por Cristo ..... 498
III. Louvanzas a Deus pola creación e renovación do home ..... 499
IV. A nosa louvanza, como don de Deus ..... 500
V. Proclamación do misterio de Cristo ..... 501
VI. O misterio da salvación en Cristo (Pregaria eucarística II) 502, 522
VII. Cristo, hóspede e peregrino entre nós ..... 503
VIII. Xesús, bo samaritano ..... 504
IX. A gloria de Deus é o home que vive ..... 505
X. Bendición a Deus creador (Pregaria eucarística IV) ..... 539
XI. Deus vai guiando a súa Igrexa (Pregaria eucarística V-A) ..... 1055
XII. Xesús é o noso camiño (Pregaria eucarística V-B) ..... 1062
XIII. Xesús, modelo de caridade (Pregaria eucarística V-C) ..... 1069
XIV. A Igrexa camiña cara a unidade (Pregaria eucarística V-D) ... 1076
XV. Prefacio da Pregaria eucarística para a reconciliación I ..... 1083
XVI. Prefacio da Pregaria eucarística para a reconciliación II ..... 1089
XVII. Prefacio da Pregaria eucarística para misas con nenos I ..... 1096
XVIII. Prefacio da Pregaria eucarística para misas con nenos II ..... 1102
XIX. Prefacio da Pregaria eucarística para misas con nenos III ..... 1108

B. FESTAS E MISTERIOS DO SEÑOR

1. O misterio da Santísima Trinidade ..... 407
2. O misterio da Encarnación (25 mar.) ..... 622
3. O Bautismo do Señor ..... 174
4. Sagrado Corazón de Xesús: O inmenso amor de Cristo ..... 410
5. A victoria da cruz gloriosa (14 set.) ..... 731
6. Santísima Eucaristía:

I. O sacrificio e o sacramento de Cristo ..... 476
II. Os froitos da Santísima Eucaristía ..... 477
III. A Eucaristía, viático para a Pascua eterna ..... 478

7. O misterio da Presentación do Señor (2 feb.) ..... 598

8. Xesucristo, Rei do universo ..... 413
9. O misterio da Transfiguración (6 ag.) ..... 699
10. O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos sacerdotes ..... 1000
11. Dedicación dunha igrexa:
I. O misterio do templo de Deus, que é a Igrexa ..... 815
II. O misterio da Igrexa que é esposa de Cristo e templo do Espírito 818
12. Espírito Santo:
I. O Señor envía o Espírito Santo a Igrexa ..... 1003
II. A acción do Espírito Santo na Igrexa ..... 1004

## C. Festas dos Santos

1. Santa María Virxe:
I. A maternidade de María (común) ..... 483
II. A Igrexa louva a Deus, inspirándose nas palabras de María (común) ..... 484
III. María, modelo e nai da Igrexa (común e votiva) ..... 485, 1008
IV. María, signo de consolo e de esperanza (común) ..... 486
V. María, imaxe da humanidade nova (común) ..... 487
VI. O misterio de María e da Igrexa (8 dec.) ..... 802
VII. A gloria da Asunción de María (15 ag.) ..... 710
VIII. A gloria da Virxe (12 out.) ..... 764
2. Anxos: A gloria de Deus manifestada nos anxos ..... 488
3. A misión do Precursor (24 xuñ. e 29 ag.) ..... 668, 723
4. A misión de san Xosé ..... 489
5. A dobre misión de Pedro e Paulo na Igrexa (29 xuñ.) ..... 673
6. Apóstolos:
I. Os apóstolos, pastores do pobo de Deus ..... 490
II. Os apóstolos, fundamento e testemuño ..... 491
III. O padroado do Apóstolo (25 xull.) ..... 690
7. Santos:
I. A gloria dos santos ..... 492
II. Eficacia da acción dos santos ..... 493
III. A gloria da nosa nai Xerusalén (1 nov.) ..... 779
8. Santos Mártires: O martirio, testemuño e exemplo ..... 494
9. Santos Pastores:
I. A presencia dos pastores santos na Igrexa ..... 495
II. O maxisterio de san Isidoro (26 abr.) ..... 630
10. Santas Virxes e santos Relixiosos: Significado da vida consagrada a Deus ..... 496

## D. Misas rituais

1. Dedicación dun altar: O altar é Cristo ..... 926

2. Dedicación dunha igrexa:
I. O misterio do templo de Deus ..... 921
II. A igrexa terrestre e a Igrexa de Deus ..... 923
3. Bautismo: O bautismo, comezo da nova vida ..... 474
4. Confirmación: Marcados co selo do Espírito ..... 475
5. Penitencia: O sacramento da reconciliación no Espírito ..... 481
6. Ordenacións: Cristo, orixe de todo ministerio eclesial ..... 479
7. Profesión relixiosa: A vida relixiosa como servicio a Deus pola imitación de Cristo ..... 913
8. Polos esposos:
I. A dignidade da unión matrimonial ..... 480, 892
II. O grande misterio do matrimonio ..... 897
III. O matrimonio como signo do amor divino ..... 901
9. Unción dos enfermos: O sufrimento, participación na Pascua de Cristo ..... 482

E. DIVERSAS CELEBRACIÓNS

1. Misa crismal: O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos sacerdotes .. 256
2. Defuntos:
I. A esperanza da resurrección en Cristo ..... 506
II. Cristo morreu para nos dar vida ..... 507
III. Cristo, salvación e vida ..... 508
IV. A vida terrea e a gloria celeste ..... 509
V. A nosa resurrección pola victoria de Cristo ..... 510
3. Unidade dos cristiáns: A unidade da Igrexa, Corpo de Cristo ..... 952

# ÍNDICE XERAL


Presentación do Misal galego ..... 7
Constitución apostólica «Missale Romanum» ..... 17
Ordenamento xeral do Misal romano ..... 22
Carta apostólica «Mysterii paschalis» ..... 93
Normas universais acerca do ano litúrxico e do Calendario ..... 97
Calendario romano xeral, propio de España e das dióceses de Galicia ..... 109

PROPIO DO TEMPO ..... 123

Tempo do Advento ..... 125
Tempo do Nadal ..... 157
Tempo da Coresma ..... 189
Semana santa ..... 239
Santo Triduo Pascual ..... 259
Tempo pascual (Cincuentena pascual) ..... 283
Tempo ordinario ..... 371
Domingos e ferias ..... 373
Solemnidades do Señor durante o tempo ordinario ..... 407

ORDINARIO DA MISA ..... 415

Ritos iniciais ..... 417
Liturxia da palabra ..... 429
Liturxia eucarística ..... 435
Prefacios ..... 441
Pregaria eucarística I ..... 511
Pregaria eucarística II ..... 522
Pregaria eucarística III ..... 530
Pregaria eucarística IV ..... 539
Rito da comunión ..... 547
Rito de despedida ..... 555
Bendicións solemnes e oracións sobre o pobo ..... 558

PROPIO DOS SANTOS ..... 579

Xaneiro ..... 581
Febreiro ..... 595
Marzo ..... 611
Abril ..... 624
Maio ..... 639
Xuño ..... 656
Xullo ..... 676
Agosto ..... 696
Setembro ..... 726
Outubro ..... 744
Novembro .....
Decembro ..... 798

MISAS COMÚNS ..... 813

Común da dedicación dunha igrexa ..... 815
Común da Virxe santa María ..... 820
Común dos mártires ..... 828
Común dos pastores ..... 840

Común dos doutores da Igrexa ..... 853
Común das virxes ..... 855
Común dos santos e das santas ..... 859

MISAS RITUAIS ..... 873

I. Nos sacramentos da iniciación cristiá ..... 875
1. Para a elección ou inscripción do nome ..... 875
2. Nos escrutinios ..... 876
3. Na celebración do bautismo ..... 879
4. Na celebración da confirmación ..... 883

II. Na celebración das ordes sagradas ..... 889

III. Na administración do viático ..... 890

IV. Misa polos esposos ..... 891
1. Na celebración do matrimonio ..... 891
2. Nos aniversarios do matrimonio ..... 904

V. Na bendición dun abade ou dunha abadesa ..... 907

VI. Na consagración das virxes ..... 909

VII. Na profesión relixiosa ..... 912
1. No día da primeira profesión relixiosa ..... 912
2. No día da profesión perpetua ..... 913
3. No día da renovación dos votos ..... 919
4. No 25.º ou 50.º aniversario da profesión relixiosa ..... 920

VIII. No día da dedicación dunha igrexa ou dun altar ..... 921
1. Na dedicación dunha igrexa ..... 921
2. Na dedicación dun altar ..... 925

MISAS E ORACIÓNS POR ALGUNHAS NECESIDADES ..... 929

I. Pola santa Igrexa ..... 931
1. Pola Igrexa universal ..... 931
2. Polo Papa ..... 936
3. Polo Bispo ..... 938
4. Para a elección do Papa ou dun Bispo ..... 940
5. Polo concilio ou polo sínodo ..... 940
6. Polos sacerdotes ..... 942
7. Polo propio sacerdote celebrante ..... 943
8. Polos ministros da Igrexa ..... 946
9. Polas vocacións sacerdotais ..... 947
10. Polos relixiosos ..... 948
11. Polas vocacións relixiosas ..... 949
12. Polos leigos ..... 950
13. Pola unidade dos cristiáns ..... 951
14. Pola evanxelización dos pobos ..... 956
15. Polos cristiáns perseguidos ..... 958
16. Por unha xuntanza pastoral ou espiritual ..... 959

II. Polas necesidades públicas ..... 961
17. Pola patria ou pola cidade ..... 961
18. Polos que gobernan ..... 961
19. Polas asambleas supranacionais ..... 961
20. Polo rei ou polo presidente da nación ..... 962
21. Polo progreso dos pobos ..... 962
22. Pola paz e a xusticia ..... 963
22 bis. Pola reconciliación ..... 965
23. No tempo de guerra ou desorde ..... 966

III. En diversas circunstancias públicas ..... 968
24. No comezo do ano civil ..... 968
25. Pola santificación do traballo humano ..... 969
26. No tempo da sementeira ..... 971
27. Para despois da colleita ..... 972
28. No tempo de fame ..... 974
29. Polos fuxidos e exiliados ..... 976
30. Polos que están cativos ..... 977
31. Polos encarcerados ..... 978
32. Polos enfermos ..... 978
33. Polos moribundos ..... 980
34. En tempo de terremotos ..... 981
35. Para pedi-la chuvia ..... 981
36. Para pedi-lo bo tempo ..... 982
37. Para arreda-las tempestades ..... 982
38. En calquera necesidade ..... 982
39. Para dar gracias a Deus ..... 984

IV. Por algunhas necesidades particulares ..... 986
40. Polo perdón dos pecados ..... 986
41. Para pedi-la caridade ..... 987
42. Para fomenta-la concordia ..... 988
43. Pola familia ..... 989
44. Polos parentes e amigos ..... 990
45. Polos que nos causan dano ..... 991
46. Para que Deus nos dea unha boa morte ..... 992

MISAS VOTIVAS ..... 993

1. Santísima Trinidade ..... 995
2. Misterio da santa Cruz ..... 995
3. Santísima Eucaristía ..... 995
4. Santísimo nome de Xesús ..... 997
5. Preciosísimo Sangue do noso Señor Xesucristo ..... 998
6. Sagrado Corazón de Xesús ..... 999
6 bis. Xesucristo, sumo e eterno Sacerdote ..... 1000
7. Espírito Santo ..... 1002
8. Santa María Virxe ..... 1007
9. Santos Anxos ..... 1010
10. San Xosé ..... 1011

11. Tódolos santos Apóstolos ..... 1012
12. Santos Pedro e Paulo, apóstolos ..... 1012
13. San Pedro, apóstolo ..... 1013
14. San Paulo, apóstolo ..... 1014
15. Un santo apóstolo ..... 1015
16. Tódolos santos ..... 1016

MISAS DE DEFUNTOS ..... 1017

I. Misas de enterro ..... 1019

II. No cabodano ..... 1023

III. En diversas conmemoracións ..... 1028

IV. Oracións polos defuntos ..... 1034
1. Polo Papa ..... 1034
2. Por un Bispo ..... 1036
3. Por un sacerdote ..... 1038
4. Por un diácono ..... 1039
5. Por un relixioso ..... 1040
6. Por un defunto ..... 1040
7. Por unha persoa nova ..... 1043
8. Por un que traballou ó servicio do Evanxelio ..... 1043
9. Por un que padeceu unha longa enfermidade ..... 1043
10. Por un que morreu de repente (ou en accidente) ..... 1044
11. Por máis dun defunto ..... 1044
12. Por un ou polos dous esposos ..... 1046
13. Polos pais ..... 1047
14. Polos irmáns, parentes e benfeitores ..... 1048

V. Exequias por nenos ..... 1049

APÉNDICES ..... 1053

Apéndice I: Pregarias eucarísticas ..... 1055
Pregaria eucarística V (A) ..... 1055
Pregaria eucarística V (B) ..... 1062
Pregaria eucarística V (C) ..... 1069
Pregaria eucarística V (D) ..... 1076
Pregaria eucarística para a reconciliación I ..... 1083
Pregaria eucarística para a reconciliación II ..... 1089
Pregaria eucarística para misas con nenos I ..... 1096
Pregaria eucarística para misas con nenos II ..... 1102
Pregaria eucarística para misas con nenos III ..... 1108

Apéndice II: Oracións para o Común da Virxe santa María ..... 1117

Apéndice III: Rito para a aspersión da auga bendita no domingo ..... 1121

Apéndice IV: Formularios para a oración dos fieis ..... 1128

Apéndice V: Rito para facultar un fiel para distribuír ocasionalmente a comunión ..... 1140

Apéndice VI: Oracións para antes e despois da misa ..... 1141

Apéndice VII: Textos con música ..... 1150
I. Cantos do Ordinario da Misa ..... 1150
II. Cantos das celebracións do Triduo Pascual ..... 1188

Apéndice VIII: Appendix Missalis Romani ..... 1208

ÍNDICES ..... 1291

NA FESTA DA CONVERSIÓN DO APÓSTOLO SAN PAULO DO ANO 1997 DÉUSELLE REMATE A ESTA EDICIÓN DO «MISSALE ROMANUM» EN LINGUA GALEGA.

---

Dispuxeron a edición do MISAL en galego os BISPOS DE GALICIA.

A traducción levouse a cabo pola COMISIÓN DA LITURXIA EN GALEGO.

Revisou a versión a REAL ACADEMIA GALEGA e o INSTITUTO DA LINGUA GALEGA.

Os novos textos para o santoral das dióceses de Galicia e a selección das ilustracións, débense á DELEGACIÓN DE LITURXIA DE SANTIAGO.

Corrixiron a primeira proba de imprenta as monxas bieitas de San Paio de Antealtares, de Santiago.

Coa coordenación xeral da SECRETARÍA DOS BISPOS DE GALICIA.

---

Realizouse a edición coa colaboración económica da DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA, das catro DIPUTACIÓNS de Galicia e da FEDERACIÓN DE CAIXAS DE AFORROS GALEGAS.

Esta edición do Misal Romano en lingua galega levouna a cabo o Departamento técnico da Editorial Regina, S.A., Mallorca, 87-89, 08029 Barcelona.

I.S.B.N.: 84-7129-465-6
Depósito legal: B. 44.039-96
Impreso en España - Printed in Spain
IMPREPAG-3, S.L. - Ripollet (Barcelona)